

REAL DECRETO DO 24 DE XULLO DE 1889, QUE
MANDA INSERIR NA «GACETA» O TEXTO DA NOVA
EDICIÓN DO CÓDIGO CIVIL COAS EMENDAS E ADI-
CIÓNS PROPOSTAS POLA SECCIÓN DO CIVIL DA
COMISIÓN DE CODIFICACIÓN

(«Gaceta» núms. 206 ao 208, do 25, 26 e 27 de xuño de 1889)

Tendo presente o disposto na Lei do 26 de maio último, conformándome co proposto polo ministro de Graza e Xustiza, e de acordo co parecer do meu Consello de Ministros;

En nome de meu Augusto Fillo El Rei Don Afonso XIII, e como Raíña Rexente do Reino,

Decreto que se publique e insira na «Gaceta de Madrid» o texto adxunto da nova edición do Código civil, feita coas adicións e emendas propostas pola Sección do Civil da Comisión Xeral de Codificación, segundo o resultado da discusión habida en ambos os corpos colexisladores, e en cumprimento do preceptuado pola mencionada lei do 26 de maio último.

Dado en San Ildefonso o 24 de xullo de 1889.—MARÍA CRISTINA.—O ministro de Graza e Xustiza, José Canalejas y Méndez.

CÓDIGO CIVIL

TÍTULO PRELIMINAR

Das normas xurídicas, da súa aplicación e da súa eficacia

Título redactado, coas particularidades que se indican, conforme a Lei 3/1973, do 17 de marzo, e o Decreto 1836/1974, do 31 de maio.

CAPÍTULO PRIMEIRO

FONTES DO DEREITO

1. 1. As fontes do ordenamento xurídico español son a lei, o costume e os principios xerais do dereito.

2. Carecerán de validez as disposicións que contradigan outra de categoría superior.

3. O costume só rexerá na falta de lei aplicable, sempre que non sexa contraria á moral ou á orde pública e que resulte probado.

Os usos xurídicos que non sexan meramente interpretativos dunha declaración de vontade terán a consideración de costume.

4. Os principios xerais do dereito aplicaranse na falta de lei ou costume, sen prexuízo do seu carácter informador do ordenamento xurídico.

5. As normas xurídicas contidas nos tratados internacionais non serán de aplicación directa en España en canto non pasen a formar parte do ordenamento interno mediante a súa publicación íntegra no «Boletín Oficial del Estado».

2 6. A xurisprudencia complementará o ordenamento xurídico coa doutrina que, de modo reiterado, estableza o Tribunal Supremo ao interpretar e aplicar a lei, o costume e os principios xerais do dereito.

7. Os xuíces e tribunais teñen o deber inescusable de resolver en todo caso os asuntos de que coñezan, aténdose ao sistema de fontes establecido.

2. 1. As leis entrarán en vigor aos vinte días da súa completa publicación no «Boletín Oficial del Estado» se nelas non se dispuxer outra cousa.

2. As leis só se derrogan por outras posteriores. A derogación terá o alcance que expresamente se dispoña e estenderase sempre a todo aquilo que na lei nova, sobre a mesma materia, sexa incompatible coa anterior. Pola simple derogación dunha lei non recobran vixencia as que esta tiver derogado.

3. As leis non terán efecto retroactivo se non dispuxeren o contrario.

CAPÍTULO II

APLICACIÓN DAS NORMAS XURÍDICAS

3. 1. As normas interpretaranse segundo o sentido propio das súas palabras, en relación co contexto, os antecedentes históricos e lexislativos, e a realidade social do tempo en que deben ser aplicadas, atendendo fundamentalmente ao espírito e finalidade daquelas.

2. A equidade deberase ponderar na aplicación das normas, ben que as resolucións dos tribunais só poderán descansar de maneira exclusiva nela cando a lei expresamente o permita.

4. 1. Procederá a aplicación analóxica das normas cando estas non prevexan un suposto específico mais regulen outro semellante entre os cales se aprecie identidade de razón.

2. As leis penais, as excepcionais e as de ámbito temporal non se aplicarán a supostos nin en momentos distintos dos comprendidos expresamente nelas.

3. As disposicións deste código aplicaranse como suple- **7**
torias nas materias rexidas por outras leis.

5. 1. Sempre que non se estableza outra cousa, nos prazos sinalados por días, contando desde un determinado, este ficará excluído do cómputo, o cal deberá comezar no día seguinte; e se os prazos estiveren fixados por meses ou anos computaranse de data a data. Cando no mes do vencemento non houber día equivalente ao inicial do cómputo, enténdese que o prazo expira o derradeiro do mes.

2. No cómputo civil dos prazos non se exclúen os días inhábiles.

CAPÍTULO III

EFICACIA XERAL DAS NORMAS XURÍDICAS

6. 1. A ignorancia das leis non escusa do seu cumprimento. O erro de dereito producirá unicamente aqueles efectos que as leis determinen.

2. A exclusión voluntaria da lei aplicable e a renuncia aos dereitos recoñecidos nela soamente serán válidas cando non contraríen o interese ou a orde pública nin prexudiquen terceiros.

3. Os actos contrarios ás normas imperativas e ás prohibitivas son nulos de pleno dereito, salvo que nelas se estableza un efecto distinto para o caso de contravención.

4. Os actos realizados ao abeiro do texto dunha norma que persigan un resultado prohibido polo ordenamento xurídico, ou contrario a el, consideraranse executados en fraude de lei e non impedirán a debida aplicación da norma que se tentou eludir.

7. 1. Os dereitos deberanse exercer conforme as exixencias da boa fe.

2. A lei non ampara o abuso do dereito ou o seu exercicio antisocial. Todo acto ou omisión que pola intención do seu autor, polo seu obxecto ou polas circunstancias en que se realice exceda manifestamente os límites normais do exercicio dun dereito, con dano para terceiro, dará lugar á corres-

- 8** pondente indemnización e á adopción das medidas xudiciais ou administrativas que impidan a persistencia no abuso.

CAPÍTULO IV

NORMAS DE DEREITO INTERNACIONAL PRIVADO

8. 1. As leis penais, as de policía e as de seguranza pública obrigan a todos os que se encontren en territorio español.

2. *As leis procesuais españolas serán as únicas aplicables ás actuacións que se substancien en territorio español, sen prexuízo das remisións que poidan facer ás leis estranxeiras, a respecto dos actos procesuais que deban realizarse fóra de España.*

Número derogado pola Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil, no momento da súa entrada en vigor o 8 de xaneiro de 2001.

9. 1. A lei persoal correspondente ás persoas físicas é a determinada pola súa nacionalidade. Esta lei rexerá a capacidade e o estado civil, os dereitos e deberes de familia e a sucesión por causa de morte.

O cambio de lei persoal non afectará a maioría de idade adquirida de conformidade coa lei persoal anterior.

2. Os efectos do casamento rexeranse pola lei persoal común dos cónxuxes no momento de contraelo; na falta desta lei, pola lei persoal ou da residencia habitual de calquera deles, escollida por ambos en documento auténtico outorgado antes da celebración do casamento; na falta desta escolla, pola lei da residencia habitual común inmediatamente posterior á celebración, e, na falta da dita residencia, pola do lugar de celebración do casamento.

A nulidade, a separación e o divorcio rexeranse pola lei que determina o artigo 107.

Parágrafo redactado conforme a Lei orgánica 11/2003, do 29 de setembro.

3. Os pactos ou capitulacións por que se estipule, modifique ou substitúa o réxime económico do matrimonio serán

válidos cando sexan conformes ben coa lei que rexa os efectos do matrimonio, ben coa lei da nacionalidade ou da residencia habitual de calquera das partes no momento do outorgamento.

4. O carácter e contido da filiación, incluída a adoptiva e as relacións paterno-filiais, rexeranse pola lei persoal do fillo e se non se puider determinar esta terase en conta a da residencia habitual do fillo.

5. A adopción internacional rexerase polas normas contidas na Lei de adopción internacional. Igualmente, as adopcións constituídas por autoridades estranxeiras terán efectos en España conforme as disposicións da citada lei de adopción internacional.

Número redactado pola Lei 54/2007, do 28 de decembro, de adopción internacional.

6. A tutela e as demais institucións de protección do incapaz regularanse pola lei nacional deste. No entanto, as medidas provisorias ou urxentes de protección rexeranse pola lei da súa residencia habitual.

As formalidades de constitución da tutela e demais institucións de protección en que interveñan autoridades xudiciais ou administrativas españolas substanciaranse, en todo caso, consonte a lei española.

Será aplicable a lei española para tomar as medidas de carácter protector e educativo a respecto dos menores ou incapaces abandonados que se encontren en territorio español.

7. O dereito á prestación de alimentos entre parentes deberase regular pola lei nacional común do alimentista e do alimentante. Non obstante, aplicarase a lei da residencia habitual da persoa que os reclame cando esta non os poida obter de acordo coa lei nacional común. Na falta de ambas as leis, ou cando ningunha delas permita a obtención de alimentos, aplicarase a lei interna da autoridade que coñece da reclamación.

En caso de cambio da nacionalidade común ou da residencia habitual do alimentista, a nova lei aplicarase a partir do momento do cambio.

9 8. A sucesión por causa de morte rexeráse pola lei nacional do causante no momento do seu falecemento, calquera que sexa a natureza dos bens e o país onde se encontren. No entanto, as disposicións feitas en testamento e os pactos sucesorios ordenados conforme a lei nacional do testador ou do dispoñente no momento do seu outorgamento conservarán a súa validez, aínda que sexa outra a lei que rexa a sucesión, ben que as lexítimas se axustarán, se for o caso, a esta última. Os dereitos que por ministerio da lei se atribúan ao cónxuxe supérstite rexeranse pola mesma lei que regule os efectos do matrimonio, salvando sempre as lexítimas dos descendentes.

9. Para os efectos deste capítulo, a respecto das situacións de dobre nacionalidade previstas nas leis españolas, aplicárase o que determinen os tratados internacionais, e, se nada estableceren, será preferida a nacionalidade coincidente coa última residencia habitual e, na súa falta, a última adquirida.

Prevalecerá en todo caso a nacionalidade española do que teña, ademais, outra non prevista nas nosas leis ou nos tratados internacionais. Se tiver dúas ou máis nacionalidades e ningunha delas for a española, observarase o que establece o número seguinte.

10. Considerarase como lei persoal dos que careceren de nacionalidade ou a tiveren indeterminada a lei do lugar da súa residencia habitual.

11. A lei persoal correspondente ás persoas xurídicas é a determinada pola súa nacionalidade e rexerá en todo o relativo a capacidade, constitución, representación, funcionamento, transformación, disolución e extinción.

Na fusión de sociedades de distinta nacionalidade teranse en conta as respectivas leis persoais.

Redactado conforme a Lei 1/1996, do 15 de xaneiro.

REDACCIÓN CONFORME O DECRETO 1836/1974, DO 31 DE MAIO. «1. A lei persoal correspondente ás persoas físicas é a determinada pola súa nacionalidade. Esta lei rexerá a capacidade e o estado civil, os dereitos e deberes de familia e a sucesión por causa de morte.

O cambio de lei persoal non afectará a maioría de idade adquirida de conformidade coa lei persoal anterior.

2. As relacións persoais entre os cónxuxes rexeranse pola súa última lei nacional común durante o matrimonio e, na súa falta, pola *lei nacio-*

nal do marido no momento da celebración. [Inciso declarado inconstitucional e derogado por Sentenza do Tribunal Constitucional 40/2002, do 14 de febreiro (suplemento ao «BOE» núm. 63, do 14 de marzo).]

3. As relacións patrimoniais entre os cónxuxes, na falta ou por insuficiencia de capitulacións permitidas pola lei de calquera deles, rexeranse pola mesma lei que as relacións persoais. O cambio de nacionalidade non alterará o réxime económico matrimonial, salvo que así o acorden os cónxuxes e non o impida a súa nova lei nacional.

4. As relacións paterno-filiais rexeranse pola lei nacional do pai e, na falta deste, ou se só tiver sido recoñecida ou declarada a maternidade, pola da nai.

5. A adopción, canto aos seus efectos e á capacidade para adoptar, regularase pola lei do adoptante.

Na adopción por marido e muller, na falta de lei nacional común aplícarase a do marido no momento da adopción.

A lei persoal do adoptado deberá observarse no que respecta á súa capacidade, consentimento e modo de suplilo ou contemplalo.

Para a constitución da adopción serán competentes as autoridades do Estado da nacionalidade do adoptante ou, cando se trate dunha adopción feita por marido e muller, as autoridades do Estado da súa nacionalidade común, e, na súa falta, as do Estado en que o adoptante teña a súa residencia habitual ou os cónxuxes adoptantes a súa residencia habitual común.

As formalidades do acto deberanse ater á lei do lugar en que se constitúa a adopción, sen prexuízo do disposto no artigo 11, número 3.

6. A tutela e as demais institucións de protección do incapaz regularanse pola lei nacional deste. No entanto, as medidas provisorias ou urxentes de protección rexeranse pola lei da súa residencia habitual.

As formalidades de constitución da tutela e demais institucións de protección en que interveñan autoridades xudiciais ou administrativas españolas substanciáranse, en todo caso, consonte a lei española.

Será aplicable a lei española para tomar as medidas de carácter protector e educativo respecto dos menores ou incapaces abandonados que se encontren en territorio español.

7. O dereito á prestación de alimentos entre parentes deberase regular pola lei nacional común do alimentista e do alimentante. Non obstante, aplícarase a lei da residencia habitual da persoa que os reclame cando esta non poida obtelos de acordo coa lei nacional común. Na falta de ambas as leis, ou cando ningunha delas permita a obtención de alimentos, aplícarase a lei interna da autoridade que coñece da reclamación.

En caso de cambio da nacionalidade común ou da residencia habitual do alimentista, a nova lei aplícarase a partir do momento do cambio.

8. A sucesión por causa de morte rexerase pola lei nacional do causante no momento do seu falecemento, calquera que sexa a natureza dos bens e o país onde se encontren. No entanto, as disposicións feitas en testamento e os pactos sucesorios ordenados conforme a lei nacional do testador ou do dispoñente no momento do seu outorgamento conserva-

rán a súa validez, aínda que sexa outra a lei que rexa a sucesión, ben que as lexítimas se axustarán, se for o caso, a esta última.

9. Para os efectos deste capítulo, respecto das situacións de dobre nacionalidade previstas nas leis españolas, observárase o que determinen os tratados internacionais e, se nada estableceren, será preferida a nacionalidade coincidente coa última residencia habitual e, na súa falta, a última adquirida.

Prevalecerá en todo caso a nacionalidade española do que teña ademais outra non prevista nas nosas leis ou nos tratados internacionais. Se tiver dúas ou máis nacionalidades e ningunha delas for a española, aplicárase o que establece o número seguinte.

10. Considerárase como lei persoal dos que careceren de nacionalidade ou a tiveren indeterminada a lei do lugar da súa residencia habitual.

11. A lei persoal correspondente ás persoas xurídicas é a determinada pola súa nacionalidade e rexerá en todo o relativo a capacidade, constitución, representación, funcionamento, transformación, disolución e extinción.

Na fusión de sociedades de distinta nacionalidade teranse en conta as respectivas leis persoais.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI 21/1987, DO 11 DE NOVIEMBRE. «1. A lei persoal correspondente ás persoas físicas é a determinada pola súa nacionalidade. Esta lei rexerá a capacidade e o estado civil, os dereitos e deberes de familia e a sucesión por causa de morte.

O cambio de lei persoal non afectará a maioría de idade adquirida de conformidade coa lei persoal anterior.

2. As relacións persoais entre os cónxuxes rexeranse pola súa última lei nacional común durante o matrimonio e, na súa falta, pola lei nacional do marido no momento da celebración.

3. As relacións patrimoniais entre os cónxuxes, na falta ou por insuficiencia de capitulacións permitidas pola lei de calquera deles, rexeranse pola mesma lei que as relacións persoais. O cambio de nacionalidade non alterará o réxime económico matrimonial, salvo que así o acorden os cónxuxes e non o impida a súa nova lei nacional.

4. O carácter e contido da filiación, incluída a adoptiva, e as relacións paterno-filiais, rexeranse pola lei persoal do fillo.

5. A adopción constituída por xuíz español rexeráse, canto aos requisitos, polo disposto na lei española. Non obstante, deberase observar a lei nacional do adoptando no que se refire á súa capacidade e consentimentos necesarios: 1.º Se tiver a súa residencia habitual fóra de España. 2.º Aínda que resida en España, se non adquire, en virtude da adopción, a nacionalidade española.

Por petición do adoptante ou do Ministerio Fiscal, o xuíz, en interese do adoptando, poderá exixir, ademais, os consentimentos, audiencias ou autorizacións requiridas pola lei nacional ou pola lei da residencia habitual do adoptante ou do adoptando.

Para a constitución da adopción, os cónsules españois terán as mesmas atribucións que o xuíz, sempre que o adoptante sexa español e o adoptando estea domiciliado na demarcación consular. A proposta previa será formulada pola entidade pública correspondente ao último lugar da residencia do adoptante en España. Se o adoptante nunca tivo residencia en España non será necesaria proposta previa, mais o cónsul solicitará das autoridades do lugar de residencia daquel informes suficientes para valorar a súa idoneidade.

Na adopción constituída pola autoridade estranxeira competente, a lei do adoptante rexerá canto a capacidade e consentimentos necesarios. Os consentimentos exixidos por tal lei poderanse prestar ante unha autoridade do país en que se iniciou a constitución ou, posteriormente, ante calquera outra autoridade competente. Se for o caso, para a adopción dun español, será necesario o consentimento da entidade pública correspondente á última residencia do adoptando en España.

6. A tutela e as demais institucións de protección do incapaz regularanse pola lei nacional deste. No entanto, as medidas provisorias ou urxentes de protección rexeranse pola lei da súa residencia habitual.

As formalidades de constitución da tutela e demais institucións de protección en que interveñan autoridades xudiciais ou administrativas españolas substanciáranse, en todo caso, consonte a lei española.

Será aplicable a lei española para tomar as medidas de carácter protector e educativo respecto dos menores ou incapaces abandonados que se encontren en territorio español.

7. O dereito á prestación de alimentos entre parentes deberase regular pola lei nacional común do alimentista e do alimentante. Non obstante, aplicarase a lei da residencia habitual da persoa que os reclame cando esta non poida obtelos de acordo coa lei nacional común. Na falta de ambas as leis, ou cando ningunha delas permita a obtención de alimentos, aplicarase a lei interna da autoridade que coñece da reclamación.

En caso de cambio da nacionalidade común ou da residencia habitual do alimentista, a nova lei aplicarase a partir do momento do cambio.

8. A sucesión por causa de morte rexerase pola lei nacional do causante no momento do seu falecemento, calquera que sexa a natureza dos bens e o país onde se encontren. No entanto, as disposicións feitas en testamento e os pactos sucesorios ordenados conforme a lei nacional do testador ou do dispoñente no momento do seu outorgamento conservarán a súa validez, aínda que sexa outra a lei que rexa a sucesión, ben que as lexítimas se axustarán, se for o caso, a esta última.

9. Para os efectos deste capítulo, respecto das situacións de dobre nacionalidade previstas nas leis españolas, aplicarase o que determinen os tratados internacionais e, se nada estableceren, será preferida a nacionalidade coincidente coa última residencia habitual e, na súa falta, a última adquirida.

Prevalecerá, en todo caso, a nacionalidade española do que teña ademais outra non prevista nas nosas leis ou nos tratados internacionais. Se

tiver dúas ou máis nacionalidades e ningunha delas for a española, aplicarase o que establece o número seguinte.

10. Considerarase como lei persoal dos que careceren de nacionalidade ou a tiveren indeterminada a lei do lugar da súa residencia habitual.

11. A lei persoal correspondente ás persoas xurídicas é a determinada pola súa nacionalidade e rexerá en todo o relativo a capacidade, constitución, representación, funcionamento, transformación, disolución e extinción.

Na fusión de sociedades de distinta nacionalidade teranse en conta as respectivas leis persoais.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI 11/1990, DO 15 DE OUTUBRO. «1. A lei persoal correspondente ás persoas físicas é a determinada pola súa nacionalidade. Esta lei rexerá a capacidade e o estado civil, os dereitos e deberes de familia e a sucesión por causa de morte.

O cambio de lei persoal non afectará a maioría de idade adquirida de conformidade coa lei persoal anterior.

2. Os efectos do casamento rexeranse pola lei persoal común dos cónxuxes no momento de contraelo; na falta desta lei, pola lei persoal ou da residencia habitual de calquera deles, escollida por ambos en documento auténtico outorgado antes da celebración do casamento; na falta desta escolla, pola lei da residencia habitual común inmediatamente posterior á celebración, e, na falta da dita residencia, pola do lugar de celebración do casamento.

A separación e o divorcio rexeranse pola lei que determina o artigo 107.

3. Os pactos ou capitulacións por que se estipule, modifique ou substitúa o réxime económico do matrimonio serán válidos cando sexan conformes ben coa lei que rexa os efectos do matrimonio, ben coa lei da nacionalidade ou da residencia habitual de calquera das partes no momento do outorgamento.

4. O carácter e contido da filiación, incluída a adoptiva, e as relacións paterno-filiais, rexeranse pola lei persoal do fillo.

5. A adopción constituída por xuíz español rexeráse, canto aos requisitos, polo disposto na lei española. Non obstante, deberá observarse a lei nacional do adoptando no que se refire á súa capacidade e consentimento necesarios:

1.º Se tiver a súa residencia habitual fóra de España.

2.º Aínda que resida en España, se non adquire, en virtude da adopción, a nacionalidade española.

Por petición do adoptante ou do Ministerio Fiscal, o xuíz, en interese do adoptando, poderá exixir, ademais, os consentimentos, audiencias ou autorizacións requiridas pola lei nacional ou pola lei da residencia habitual do adoptante ou do adoptando.

Para a constitución da adopción, os cónsules españois terán as mesmas atribucións que o xuíz, sempre que o adoptante for español e o adoptando estiver domiciliado na demarcación consular. A proposta pre-

via será formulada pola entidade pública correspondente ao último lugar de residencia do adoptante en España. Se o adoptante nunca tivo residencia en España non será necesaria proposta previa, mais o cónsul solicitará das autoridades do lugar de residencia daquel informes suficientes para valorar a súa idoneidade.

Na adopción constituída pola autoridade estranxeira competente, a lei do adoptando rexerá canto a capacidade e consentimentos necesarios. Os consentimentos exixidos por tal lei poderán prestarse ante unha autoridade do país en que se iniciou a constitución ou, posteriormente, ante calquera outra autoridade competente. Se for o caso, para a adopción dun español, será necesario o consentimento da entidade pública correspondente á última residencia do adoptando en España.

6. A tutela e as demais institucións de protección do incapaz regularanse pola lei nacional deste. No entanto, as medidas provisionais ou urxentes de protección rexeranse pola lei da súa residencia habitual.

As formalidades de constitución da tutela e demais institucións de protección en que interveñan autoridades xudiciais ou administrativas españolas substanciáranse, en todo caso, consonte a lei española.

Será aplicable a lei española para tomar as medidas de carácter protector e educativo respecto dos menores ou incapaces abandonados que se encontren en territorio español.

7. O dereito á prestación de alimentos entre parentes deberase regular pola lei nacional común do alimentista e do alimentante. Non obstante, aplicarase a lei da residencia habitual da persoa que os reclame cando esta non poida obtelos de acordo coa lei nacional común. Na falta de ambas as leis, ou cando ningunha delas permita a obtención de alimentos, aplicarase a lei interna da autoridade que coñece da reclamación.

En caso de cambio da nacionalidade común ou da residencia habitual do alimentista, a nova lei aplicarase a partir do momento do cambio.

8. A sucesión por causa de morte rexerase pola lei nacional do causante no momento do seu falecemento, calquera que sexa a natureza dos bens e o país onde se encontren. No entanto, as disposicións feitas en testamento e os pactos sucesorios ordenados conforme a lei nacional do testador ou do dispoñente no momento do seu outorgamento conservarán a súa validez, aínda que sexa outra a lei que rexa a sucesión, ben que as lexítimas se axustarán, se for o caso, a esta última. Os dereitos que por ministerio da lei se atribúan ao cónxuxe supérstite rexeranse pola mesma lei que regule os efectos do matrimonio, salvando sempre as lexítimas dos descendentes.

9. Para os efectos deste capítulo, respecto das situacións de dobre nacionalidade previstas nas leis españolas, observarase o que determinen os tratados internacionais e, se nada estableceren, será preferida a nacionalidade coincidente coa última residencia habitual e, na súa falta, a última adquirida.

Prevalecerá, en todo caso, a nacionalidade española do que teña ademais outra non prevista nas nosas leis ou nos tratados internacionais. Se

tiver dúas ou máis nacionalidades e ningunha delas for a española, aplicarase o que establece o número seguinte.

10. Considerarase como lei persoal dos que careceren de nacionalidade ou a tiveren indeterminada a lei do lugar da súa residencia habitual.

11. A lei persoal correspondente ás persoas xurídicas é a determinada pola súa nacionalidade e rexerá en todo o relativo a capacidade, constitución, representación, funcionamento, transformación, disolución e extinción.

Na fusión de sociedades de distinta nacionalidade teranse en conta as respectivas leis persoais.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI ORGÁNICA 1/1996, DO 15 DE XANEIRO.—«2. Os efectos do casamento rexeranse pola lei persoal común dos cónxuxes no momento de contraelo; na falta desta lei, pola lei persoal ou da residencia habitual de calquera deles, escollida por ambos en documento auténtico outorgado antes da celebración do casamento; na falta desta escolla, pola lei da residencia habitual común inmediatamente posterior á celebración, e, na falta da dita residencia, pola do lugar de celebración do casamento.

A separación e o divorcio rexeranse pola lei que determina o artigo 107.»

«5. Para a constitución da adopción, os cónsules españois terán as mesmas atribucións que o xuíz, sempre que o adoptante for español e o adoptando estiver domiciliado na demarcación consular. A proposta previa será formulada pola entidade pública correspondente ao último lugar de residencia do adoptante en España. Se o adoptante non tivo residencia en España nos dous últimos anos, non será necesaria proposta previa, mais o cónsul solicitará das autoridades do lugar de residencia daquel informes suficientes para valorar a súa idoneidade.

Na adopción constituída pola autoridade estranxeira competente, a lei do adoptando rexerá canto a capacidade e consentimentos necesarios. Os consentimentos exixidos por tal lei poderán prestarse ante unha autoridade do país en que se iniciou a constitución ou, posteriormente, ante calquera outra autoridade competente. Se for o caso, para a adopción dun español, será necesario o consentimento da entidade pública correspondente á última residencia do adoptando en España.

Non será recoñecida en España como adopción a constituída no estranxeiro por adoptante español se os efectos daquela non se corresponden cos previstos pola lexislación española. Tampouco o será, mentres a entidade pública competente non declarase a idoneidade do adoptante, se este for español e estiver domiciliado en España no momento da adopción.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI 18/1999, DO 18 DE XANEIRO.—«5. Para a constitución da adopción, os cónsules españois terán as mesmas atribucións que o xuíz, sempre que o adoptante for español e o adoptando estiver domiciliado na demarcación consular. A proposta previa será formulada pola entidade pública correspondente ao último lugar de residencia do adoptante en España. Se o adoptante non tivo residencia en

España nos dous últimos anos, non será necesaria proposta previa, mais o cónsul solicitará das autoridades do lugar de residencia daquel informes suficientes para valorar a súa idoneidade.

Na adopción constituída pola autoridade estranxeira competente, a lei do adoptando rexerá canto a capacidade e consentimentos necesarios. Os consentimentos exixidos por tal lei poderán prestarse ante unha autoridade do país en que se iniciou a constitución ou, posteriormente, ante calquera outra autoridade competente. Se for o caso, para a adopción dun español, será necesario o consentimento da entidade pública correspondente á última residencia do adoptando en España.

Non será recoñecida en España como adopción a constituída no estranxeiro por adoptante español se os efectos daquela non se corresponden cos previstos pola lexislación española. Tampouco o será, mentres a entidade pública competente non declarase a idoneidade do adoptante, se este for español e estiver domiciliado en España no momento da adopción.

A atribución pola lei estranxeira dun dereito de revogación da adopción non impedirá o recoñecemento desta se se renuncia a tal dereito en documento público ou por comparecencia ante o encargado do rexistro civil.»

10. 1. A posesión, a propiedade e os demais dereitos sobre bens inmoables, ben como a súa publicidade, rexeranse pola lei do lugar onde se encontren.

A mesma lei será aplicable aos bens móbiles.

Para os efectos da constitución ou cesión de dereitos sobre bens en tránsito, estes consideraranse situados no lugar da súa expedición, salvo que o remitente e o destinatario conviñesen, expresa ou tacitamente, que se consideren situados no lugar do seu destino.

2. Os buques, as aeronaves e os medios de transporte por ferrocarril, ben como todos os dereitos que se constituán sobre eles, ficarán sometidos á lei do lugar do seu abandeiramento, matrícula ou rexistro. Os automóviles e outros medios de transporte por estrada ficarán sometidos á lei do lugar onde se encontren.

3. A emisión dos títulos valores aterase á lei do lugar en que se produza.

4. Os dereitos de propiedade intelectual e industrial protexeranse dentro do territorio español de acordo coa lei española, sen prexuízo do establecido polos convenios e tratados internacionais en que España sexa parte.

5. Aplicarase ás obrigacións contractuais a lei a que as partes se sometesen expresamente, sempre que teña algunha

11 conexión co negocio de que se trate; na súa falta, a lei nacional común ás partes; na falta dela, a da residencia habitual común, e, en último termo, a lei do lugar de celebración do contrato.

Non obstante o disposto no parágrafo anterior, na falta de sometemento expreso, aplicarase aos contratos relativos a bens inmobles a lei do lugar onde estean situados, e ás compravendas de mobles corporais realizadas en establecementos mercantís, a lei do lugar en que estes radiquen.

6. Ás obrigacións derivadas do contrato de traballo, na falta de sometemento expreso das partes e sen prexuízo do disposto no número 1 do artigo 8.º, seralles de aplicación a lei do lugar onde se presten os servizos.

7. As doazóns rexeranse, en todo caso, pola lei nacional do doador.

8. Serán válidos, para efectos do ordenamento xurídico español, os contratos onerosos celebrados en España por estranxeiro incapaz segundo a súa lei nacional, se a causa da incapacidade non estiver recoñecida na lexislación española. Esta regra non se aplicará aos contratos relativos a inmobles situados no estranxeiro.

9. As obrigacións non contractuais rexeranse pola lei do lugar onde tiver ocorrido o feito de que deriven.

A xestión de negocios regularase pola lei do lugar onde o xestor realice a principal actividade.

No enriquecemento sen causa aplicarase a lei en virtude da cal se produciu a transferencia do valor patrimonial en favor do enriquecido.

10. A lei reguladora dunha obrigación esténdese aos requisitos do cumprimento e ás consecuencias do incumprimento, ben como á súa extinción. No entanto, aplicarase a lei do lugar de cumprimento ás modalidades da execución que requiran intervención xudicial ou administrativa.

11. Á representación legal seralle de aplicación a lei reguladora da relación xurídica de que nacen as facultades do representante, e á voluntaria, de non mediar sometemento expreso, a lei do país onde se exerzan as facultades conferidas.

11. 1. As formas e solemnidades dos contratos, testamentos e demais actos xurídicos rexeranse pola lei do país

en que se outorguen. Non obstante, serán tamén válidos os celebrados coas formas e solemnidades exixidas pola lei aplicable ao seu contido, ben como os celebrados conforme a lei persoal do dispoñente ou a común dos outorgantes. Igualmente serán válidos os actos e contratos relativos a bens inmobles outorgados consonte as formas e solemnidades do lugar en que estes radiquen.

Se tales actos foren outorgados a bordo de buques ou aeronaves durante a súa navegación, entenderanse celebrados no país do seu abandeiramento, matrícula ou rexistro. Os navíos e as aeronaves militares considéranse como parte do territorio do Estado a que pertencen.

2. De a lei reguladora do contido dos actos e contratos exixir para a súa validez unha determinada forma ou solemnidade, será sempre aplicada, mesmo no caso de se outorgaren aqueles no estranxeiro.

3. Será de aplicación a lei española aos contratos, testamentos e demais actos xurídicos autorizados por funcionarios diplomáticos ou consulares de España no estranxeiro.

12. 1. A cualificación para determinar a norma de conflito aplicable farase sempre consonte a lei española.

2. A remisión ao dereito estranxeiro entenderase feita á súa lei material, sen ter en conta o reenvío que as súas normas de conflito poidan facer a outra lei que non sexa a española.

3. En ningún caso terá aplicación a lei estranxeira cando resulte contraria á orde pública.

4. Considerarase como fraude de lei a utilización dunha norma de conflito co fin de eludir unha lei imperativa española.

5. Cando unha norma de conflito remita á lexislación dun Estado en que coexistan diferentes sistemas lexislativos, a determinación do que sexa aplicable entre eles farase conforme a lexislación do dito Estado.

6. Os tribunais e autoridades aplicarán de oficio as normas de conflito do dereito español.

A persoa que invoque o dereito estranxeiro deberá acreditar o seu contido e vixencia polos medios de proba admitidos na lei española. No entanto, para a súa aplicación, o xulgador poderase valer ademais de cantos instrumentos de

13 *pescuda considere necesarios, ditando para o efecto as providencias oportunas.*

Parágrafo derogado pola Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuizamento civil, no momento da súa entrada en vigor o 8 de xaneiro de 2001.

CAPÍTULO V

ÁMBITO DE APLICACIÓN DOS RÉXIMES XURÍDICOS CIVÍS COEXISTENTES NO TERRITORIO NACIONAL

13. 1. As disposicións deste título preliminar, en canto determinan os efectos das leis e as regras xerais para a súa aplicación, ben como as do título IV do libro I, con excepción das normas deste último relativas ao réxime económico matrimonial, terán aplicación xeral e directa en toda España.

2. No demais, e con pleno respecto dos dereitos especiais ou forais das provincias ou territorios en que están vixentes, rexerá o Código civil como dereito supletorio, en defecto daquel que o sexa en cada unha daquelas, segundo as súas normas especiais.

14. 1. A suxeición ao dereito civil común ou ao especial ou foral determínase pola veciñanza civil.

2. Teñen veciñanza civil en territorio de dereito común, ou nun dos de dereito especial ou foral, os nados de pais que teñan tal veciñanza.

Pola adopción, o adoptado non emancipado adquire a veciñanza civil dos adoptantes.

3. Se ao nacer o fillo, ou ao ser adoptado, os pais tiveren distinta veciñanza civil, o fillo terá a que corresponda a aquel dos dous respecto do cal a filiación fose determinada antes; na súa falta, terá a do lugar do nacemento e, en último termo, a veciñanza de dereito común.

No entanto, os pais, ou o que deles exerza ou ao cal lle fose atribuída a patria potestade, poderán atribuír ao fillo a veciñanza civil de calquera deles mentres non transcorran os seis meses seguintes ao nacemento ou á adopción.

A privación ou suspensión no exercicio da patria potestade, ou o cambio de veciñanza dos pais, non afectarán a veciñanza civil dos fillos.

En todo caso, o fillo, desde que cumpra catorce anos e até que transcorra un ano despois da súa emancipación, poderá optar ben pola veciñanza civil do lugar do seu nacemento ben pola última veciñanza de calquera dos seus pais. Se non estiver emancipado, deberá ser asistido na adopción polo representante legal.

4. O casamento non altera a veciñanza civil. Non obstante, calquera dos cónxuxes non separados, xa sexa legalmente ou de feito, poderá, en todo momento, optar pola veciñanza civil do outro.

5. A veciñanza civil adquirese:

1.º Por residencia continuada durante dous anos, sempre que o interesado manifeste ser esa a súa vontade.

2.º Por residencia continuada de dez anos, sen declaración en contrario durante este prazo.

Ambas as declaracións se farán constar no rexistro civil e non necesitan ser reiteradas.

6. En caso de dúbida prevalecerá a veciñanza civil que corresponda ao lugar de nacemento.

Redactado conforme a Lei 11/1990, do 15 de outubro.

REDACCIÓN CONFORME O DECRETO 1836/1974, DO 31 DE MAIO. «1. A suxeición ao dereito civil común ou ao especial ou foral determínase pola veciñanza civil.

2. Teñen veciñanza civil en territorio de dereito común, ou nun dos de dereito especial ou foral, os nados de pais que teñan tal veciñanza; no entanto, se a veciñanza civil así adquirida non for a do lugar de nacemento, poderán optar por esta, ante o encargado do rexistro civil, dentro do ano seguinte á maioría de idade ou emancipación.

3. A veciñanza civil adquirese:

1.º Por residencia continuada durante dous anos, sempre que o interesado manifeste ser esa a súa vontade.

2.º Por residencia continuada de dez anos, sen declaración en contrario durante este prazo.

Ambas as declaracións se farán constar no rexistro civil e non necesitan ser reiteradas.

4. A muller casada seguirá a condición do marido, e os fillos non emancipados, a do seu pai e, na falta deste, a da súa nai.

5. En caso de dúbida prevalecerá a veciñanza civil que corresponda ao lugar do nacemento.»

15. 1. O estranxeiro que adquira a nacionalidade española deberá optar, ao inscribir a adquisición da nacionalidade, por calquera das veciñanzas seguintes:

- a) A correspondente ao lugar de residencia.
- b) A do lugar do nacemento.
- c) A última veciñanza de calquera dos seus proxenitores ou adoptantes.
- d) A do cónxuxe.

Esta declaración de opción será formulada, atendendo á capacidade do interesado para adquirir a nacionalidade, polo propio optante, por si ou asistido do seu representante legal, ou por este último. Cando a adquisición da nacionalidade se faga por declaración ou por petición do representante legal, a autorización necesaria deberá determinar a veciñanza civil por que se optará.

2. O estranxeiro que adquira a nacionalidade por carta de natureza terá a veciñanza civil que o real decreto de concesión determine, tendo en conta a opción daquel, de acordo co que dispón o número anterior ou outras circunstancias que concorran no peticionario.

3. A recuperación da nacionalidade española leva consigo a daquela veciñanza civil que tiver o interesado no momento da súa perda.

4. A dependencia persoal respecto a unha comarca ou localidade con especialidade civil propia ou distinta, dentro da lexislación especial ou foral do territorio correspondente, rexerá polas disposicións deste artigo e as do anterior.

Redactado conforme a Lei 18/1990, do 17 de decembro.

REDACCIÓN CONFORME O DECRETO 1836/1974, DO 31 DE MAIO. «1. A adquisición da nacionalidade española comporta a veciñanza civil común, a menos que o estranxeiro resida nun territorio de dereito especial ou foral durante o tempo necesario para gañala, segundo o artigo anterior, e no expediente de nacionalidade tiver optado pola veciñanza foral ou especial.

2. A recuperación da nacionalidade española leva consigo a daquela veciñanza civil que tiver o interesado no momento da súa perda.

3. A dependencia persoal respecto a unha comarca ou localidade con especialidade civil propia ou distinta, dentro da lexislación especial ou foral do territorio correspondente, rexerá polas disposicións deste artigo e as do anterior.»

16. 1. Os conflitos de leis que poidan xurdir pola coexistencia de distintas lexislacións civís no territorio nacional resolveranse segundo as normas contidas no capítulo IV, coas seguintes particularidades:

- 1.^a Será lei persoal a determinada pola veciñanza civil.
- 2.^a Non será aplicable o disposto nos números 1, 2 e 3 do artigo 12 sobre cualificación, remisión e orde pública.

2. O dereito de viuvez regulado na compilación aragonesa corresponde aos cónxuxes sometidos ao réxime económico matrimonial desa compilación, aínda que despois cambie a súa veciñanza civil, con exclusión neste caso da lexítima que estableza a lei sucesoria.

O dereito expectante de viuvez non se poderá opor ao adquirente a título oneroso e de boa fe dos bens que non radiquen en territorio onde se recoñeza tal dereito, se o contrato se tiver celebrado fóra do dito territorio sen ter feito constar o réxime económico matrimonial do transmitente.

O usufruto de viuvez corresponde tamén ao cónxuxe supérstite cando o premorto tiver veciñanza civil aragonesa no momento da súa morte.

3. Os efectos do casamento entre españois regularanse pola lei española que resulte aplicable segundo os criterios do artigo 9.º e, na súa falta, polo Código civil.

Neste último caso aplicarase o réxime de separación de bens do Código civil se conforme unha e outra lei persoal dos contraentes tiver que rexer un sistema de separación.

Redactado conforme a Lei 11/1990, do 15 de outubro.

REDACCIÓN CONFORME O DECRETO 1836/1974, DO 31 DE MAIO. «1. Os conflitos de leis que poidan xurdir pola coexistencia de distintas lexislacións civís no territorio nacional resolveranse segundo as normas contidas no capítulo IV, coas seguintes particularidades:

- 1.^a Será lei persoal a determinada pola veciñanza civil.
- 2.^a Non será aplicable o disposto nos números 1, 2 e 3 do artigo 12, sobre cualificación, remisión e orde pública.

2. O dereito de viuvez regulado na Compilación aragonesa corresponde aos cónxuxes sometidos ao réxime económico matrimonial desa compilación, aínda que despois cambie a súa veciñanza civil, con exclusión, neste caso, da lexítima que estableza a lei sucesoria.

O dereito expectante de viuvez non poderá oporse ao adquirente a título oneroso e de boa fe dos bens que non radiquen en territorio onde se recoñeza tal dereito, se o contrato se tiver celebrado fóra do dito territorio sen ter feito constar o réxime económico matrimonial do transmitente.

O usufruto de viuvez corresponde tamén ao cónxuxe supérstite cando o premorto tiver veciñanza civil aragonesa no momento da súa morte.»

REDACCIÓN ORIXINARIA.—«*Título preliminar*: Das leis, dos seus efectos e das regras xerais para a súa aplicación.

Artigo 1.º As leis obrigarán na península, illas adxacentes, Canarias e territorios de África suxeitos á lexislación peninsular, aos vinte días da súa promulgación, se nelas non se dispuxer outra cousa.

Enténdese feita a promulgación o día en que termine a inserción da lei na *Gaceta*.

Art. 2.º A ignorancia das leis non escusa do seu cumprimento.

Art. 3.º As leis non terán efecto retroactivo, se non dispuxeren o contrario.

Art. 4.º Son nulos os actos executados contra o disposto na lei, salvo os casos en que a mesma lei ordene a súa validez.

Os dereitos concedidos polas leis son renunciabes, a non ser esta renuncia contra o interese ou a orde pública, ou en prexuízo de terceiro.

Art. 5.º As leis só se derrogan por outras leis posteriores, e non prevalecerá contra a súa observancia o desuso, nin o costume ou a práctica en contrario.

Art. 6.º O tribunal que se negue a resolver so pretexto de silencio, escuridade ou insuficiencia das leis, incorrerá en responsabilidade.

Cando non haxa lei exactamente aplicable ao punto controvertido, aplicarase o costume do lugar e, na súa falta, os principios xerais do dereito.

Art. 7.º Se nas leis se fala de meses, días ou noites, entenderase que os meses son de trinta días, os días de vinte e catro horas e as noites desde que se pon até que sae o sol.

Se os meses se determinan polos seus nomes, computaranse polos días que, respectivamente, teñan.

Art. 8.º As leis penais, as de policía e as de seguranza pública obrigan a todos os que habiten en territorio español.

Art. 9.º As leis relativas aos dereitos e deberes de familia, ou ao estado, condición e capacidade das persoas, obrigan os españois, aínda que residan en país estranxeiro.

Art. 10. Os bens mobles están suxeitos á lei da nación do propietario; os bens inmoables, ás leis do país en que están situados.

No entanto, as sucesións lexítimas e as testamentarias, así respecto á orde de suceder como á contía dos dereitos sucesorios e á validez intrínseca das súas disposicións, regularanse pola lei nacional da persoa de cuxa sucesión se trate, calquera que sexa a natureza dos bens e o país en que se encontren.

Os biscañños, aínda que residan nas vilas, seguirán sometidos, canto aos bens que posúan na *tierra llana*, á lei 15, título XX do Foro de Biscaia.

Art. 11. As formas e solemnidades dos contratos, testamentos e demais instrumentos públicos réxense polas leis do país en que se outorguen.

Cando os actos referidos sexan autorizados por funcionarios diplomáticos ou consulares de España no estranxeiro, observaranse no seu outorgamento as solemnidades establecidas polas leis españolas.

Non obstante o disposto neste artigo e no anterior, as leis prohibitivas concernentes ás persoas, aos seus actos ou aos seus bens, e as que teñen por obxecto a orde pública e os bos costumes, non ficarán sen efecto polas leis ou sentenzas ditadas, nin por disposicións ou convencións acordadas en país estranxeiro.

Art. 12. As disposicións deste título, na medida en que determinan os efectos das leis e dos estatutos e as regras xerais para a súa aplicación, son obrigatorias en todas as provincias do Reino. Tamén o serán as disposicións do título 4.º, libro primeiro.

No demais, as provincias e territorios en que subsiste dereito foral, conservarano polo de agora en toda a súa integridade, sen que sufra alteración o seu actual réxime xurídico, escrito ou consuetudinario, pola publicación deste código, que rexerá só como dereito supletorio en defecto do que o sexa en cada unha daquelas polas súas leis especiais.

Art. 13. Non obstante o disposto no artigo anterior, este código comezará a rexer en Aragón e nas illas Baleares ao mesmo tempo que nas provincias non aforadas, en canto non se opuxer a aquelas das súas disposicións forais ou consuetudinarias que actualmente vixentes.

Art. 14. Conforme o disposto no artigo 12, o establecido nos artigos 9.º, 10 e 11, respecto ás persoas, os actos e os bens dos españois no estranxeiro, e dos estranxeiros en España, é aplicable ás persoas, actos e bens dos españois en territorios ou provincias de diferente lexislación civil.

Art. 15. Os dereitos e deberes de familia, os relativos ao estado, condición e capacidade legal das persoas, e os de sucesión testada e intestada declarados neste código, son aplicables:

1.º Ás persoas nadas en provincias ou territorios de dereito común, de pais suxeitos ao dereito foral, se estes durante a menor idade dos fillos, ou os mesmos fillos dentro do ano seguinte á súa maior idade ou emancipación, declararen que é a súa vontade someterse ao Código civil.

2.º Aos fillos de pai, e, non existindo este ou sendo descoñecido, de nai, pertencente a provincias ou territorios de dereito común, aínda que tiveren nacido en provincias ou territorios onde subsista o dereito foral.

3.º Aos que, procedendo de provincias ou territorios forais, tiveren gañado veciñanza noutros suxeitos ao dereito común.

Para os efectos deste artigo gañárase veciñanza pola residencia de dez anos en provincias ou territorios de dereito común, a non ser que, antes de terminar este prazo, o interesado manifeste a súa vontade en contrario; ou pola residencia de dous anos, sempre que o interesado manifeste ser esta a súa vontade. Unha e outra manifestación deberanse facer perante o xuíz municipal, para a correspondente inscrición no rexistro civil.

En todo caso, a muller seguirá a condición do marido, e os fillos non emancipados a do seu pai e, na falta deste, a da súa nai.

As disposicións deste artigo son de recíproca aplicación ás provincias e territorios españois de diferente lexislación civil.

Art. 16. Nas materias que se rexan por leis especiais, a deficiencia destas suplirase polas disposicións deste código.»

LIBRO PRIMEIRO

Das persoas

TÍTULO PRIMEIRO

Dos españois e dos estranxeiros

17. 1. Son españois de orixe:

- a) Os nados de pai ou nai españois.
- b) Os nados en España de pais estranxeiros se, polo menos, un deles naceu tamén en España. Exceptúanse os fillos de funcionario diplomático ou consular acreditado en España.
- c) Os nados en España de pais estranxeiros, de ambos careceren de nacionalidade ou de a lexislación de ningún deles atribuír ao fillo unha nacionalidade.
- d) Os nados en España cuxa filiación non resulte determinada. Para estes efectos, presúmense nados en territorio español os menores de idade cuxo primeiro lugar coñecido de estadía sexa territorio español.

2. A filiación ou o nacemento en España cuxa determinación se produza despois dos dezoito anos de idade non son por si sós causa de adquisición da nacionalidade española. O interesado ten entón dereito a optar pola nacionalidade española de orixe no prazo de dous anos contados desde aquela determinación.

Redactado conforme a Lei 18/1990, do 17 de decembro.

O artigo 11 da Constitución española establece:

1. A nacionalidade española adquírese, consérvase e pérdese de acordo co establecido pola lei.

2. *Ningún español de orixe poderá ser privado da súa nacionalidade.*

3. *O Estado poderá concertar tratados de dobre nacionalidade cos países iberoamericanos ou con aqueles que tivesen ou teñan unha particular vinculación con España. Nestes mesmos países, mesmo que non recoñezan aos seus cidadáns un dereito recíproco, poderán naturalizarse os españois sen perderen a súa nacionalidade de orixe.*

Véxase a Instrución do 20 de marzo de 1991 («BOE» núm. 73, do 26 de marzo), sobre nacionalidade.

Os tratados de dobre nacionalidade concertados por España son os seguintes:

Con Chile, Convenio do 24 de maio de 1958. Ratificado por Instrumento do 28 de outubro de 1958 («BOE» núm. 273, do 14 de novembro).

Con Perú, Convenio do 16 de maio de 1959. Ratificado por Instrumento do 15 de decembro de 1959 («BOE» núm. 94, do 19 de abril de 1960) e Protocolo adicional do 8 de novembro de 2000 («BOE» núm. 282, do 24 de novembro de 2001).

Con Paraguai, Convenio do 25 de xuño de 1959. Ratificado por Instrumento do 25 de xaneiro de 1962 («BOE» núm. 90, do 14 de abril de 1964) e Protocolo adicional do 26 de xuño de 1999 («BOE» núm. 89, do 13 de abril de 2001).

Con Nicaragua, Convenio do 25 de xullo de 1961. Ratificado por Instrumento do 25 de xaneiro de 1962 («BOE» núm. 105, do 2 de maio) e Protocolo adicional do 12 de novembro de 1997 («BOE» núm. 24, do 28 de xaneiro de 1999).

Con Guatemala, Convenio do 28 de xullo de 1961. Ratificado por Instrumento do 25 de xaneiro de 1962 («BOE» núm. 60, do 10 de marzo), modificado por Protocolo adicional do 10 de febreiro de 1995 e Protocolo adicional do 19 de novembro de 1999 («BOE» núm. 88, do 12 de abril de 2001).

Con Bolivia, Convenio do 12 de outubro de 1961. Ratificado por Instrumento do 25 de xaneiro de 1962 («BOE» núm. 90, do 14 de abril de 1964), modificado polo Protocolo adicional do 18 de outubro de 2000 («BOE» núm. 46, do 22 de febreiro de 2002; corrección de erratas no «BOE» núm. 70, do 22 de marzo).

Con Ecuador, Convenio do 4 de marzo de 1964. Ratificado por Instrumento do 22 de decembro de 1964 («BOE» núm. 11, do 13 de xaneiro de 1965) e Protocolo do 25 de agosto de 1995 («BOE» núm. 196, do 16 de agosto de 2000).

Con Costa Rica, Convenio do 8 de xullo de 1964. Ratificado por Instrumento do 21 de xaneiro de 1965 («BOE» núm. 151, do 25 de xuño) e Protocolo adicional do 23 de outubro de 1997 («BOE» núm. 271, do 12 de novembro de 1998).

Con Honduras, Tratado do 15 de xuño de 1966. Ratificado por Instrumento do 23 de febreiro de 1967 («BOE» núm. 118, do 18 de maio), modificado por Protocolo adicional do 13 de novembro de 1999

(«BOE» núm. 289, do 3 de decembro de 2002) e por *Troca de Notas do 10 de novembro e do 8 de decembro de 1993* («BOE» núm. 289, do 3 de decembro de 2002; corrección de erros no «BOE» núm. 140, do 12 de xuño).

Coa República Dominicana, Convenio do 15 de marzo de 1968. Ratificado por Instrumento do 16 de decembro de 1968 («BOE» núm. 34, do 8 de febreiro de 1969), *modificado por Protocolo adicional do 2 de outubro de 2002* («BOE» núm. 272, do 13 de novembro de 2007).

Coa Arxentina, Convenio do 14 de abril de 1969. Ratificado por Instrumento do 2 de febreiro de 1970 («BOE» núm. 236, do 2 de outubro de 1971) e *Protocolo adicional do 6 de marzo de 2001* («BOE» núm. 88, do 12 de abril de 2001), cuxa entrada en vigor tivo lugar o 1 de outubro de 2002, segundo se publicou no «BOE» núm. 248, do 16 de outubro de 2002.

Con Colombia, Convenio do 27 de xuño de 1979. Ratificado por Instrumento do 7 de maio de 1980 («BOE» núm. 287, do 29 de novembro de 1980; corrección de erratas no «BOE» núm. 32, do 6 de febreiro de 1981), *modificado por Protocolo adicional do 14 de setembro de 1998* («BOE» núm. 264, do 4 de novembro de 2002).

REDACCIÓN ORIXINARIA.—«Son españois:

- 1.º As persoas nadas en territorio español.
- 2.º Os fillos de pai ou nai españois, aínda que nacesen fóra de España.
- 3.º Os estranxeiros que obtiveron carta de natureza.
- 4.º Os que, sen ela, gañaron veciñanza en calquera poboación da Monarquía.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI DO 15 DE XULLO DE 1954.—«Son españois:

- 1.º Os fillos de pai español.
- 2.º Os fillos de nai española, aínda que o pai sexa estranxeiro, cando non sigan a nacionalidade do pai.
- 3.º Os nados en España de pais estranxeiros, se estes naceron en España e nela estiveren domiciliados no momento do nacemento. Exceptúanse os fillos dos estranxeiros adscritos ao servizo diplomático.
- 4.º Os nados en España de pais descoñecidos, sen prexuízo de que, coñecida a súa verdadeira filiación, esta produza os efectos que procedan.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI 51/1982, DO 13 DE XULLO.—«Son españois de orixe:

- 1.º Os fillos de pai ou nai españois.
- 2.º Os nados en España de pais estranxeiros se, polo menos un deles, naceu tamén en España. Exceptúanse os fillos de pai ou nai estranxeiros adscritos ao servizo diplomático ou consular.
- 3.º Os nados en España de pais estranxeiros de ambos careceren de nacionalidade ou de a lexislación de ningún deles atribuír ao fillo unha nacionalidade.
- 4.º Os nados en España cuxa filiación sexa descoñecida ou, aínda que coñecida respecto dun dos pais, a lexislación deste non atribúa ao

fillo a súa nacionalidade, e os menores achados en territorio español se non se coñecer o lugar do seu nacemento nin a súa filiación.

19

A determinación legal da filiación respecto do pai ou nai españois producirá automaticamente a adquisición da nacionalidade española de orixe.»

18. A posesión e utilización continuada da nacionalidade española durante dez anos, con boa fe e baseada nun título inscrito no rexistro civil, é causa de consolidación da nacionalidade, aínda que se anule o título que a orixinou.

Redactado conforme a Lei 18/1990, do 17 de decembro.

REDACCIÓN ORIXINARIA...—«Os fillos, mentres permanezan baixo a patria potestade, teñen a nacionalidade dos seus pais.

Para que os nados de pais estranxeiros en territorio español poidan gozar do beneficio que lles outorga o número 1.º do artigo 17, será requisito indispensable que os pais manifesten, na maneira e perante os funcionarios expresados no artigo 19, que optan, no nome dos seus fillos, pola nacionalidade española, renunciando a toda outra.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI DO 15 DE XULLO DE 1954.—«Poden adquirir a nacionalidade española en virtude de opción:

1.º Os nados en territorio español de pais estranxeiros que non estean comprendidos no número 3.º do artigo 17.

2.º Os nados fóra de España de pai ou nai que orixinariamente foron españois.

Os interesados poderán facer a declaración de opción dentro do ano seguinte á súa maior idade ou emancipación, perante o encargado do rexistro do estado civil da poboación en que residan para os que se encontren no Reino, ou perante un dos axentes consulares ou diplomáticos do Goberno español, de residiren no estranxeiro.

Para que a declaración de opción produza efectos será preciso que se cumpran os requisitos expresados no derradeiro parágrafo do artigo 19.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI 51/1982, DO 13 DE XULLO.—«O estranxeiro menor de dezoito anos adoptado en forma plena adquirirá por este feito a nacionalidade española cando calquera dos adoptantes for español.

Se algún dos adoptantes era español no momento do nacemento do adoptado, este terá, desde a adopción, a condición de español de orixe.»

19. 1. O estranxeiro menor de dezoito anos adoptado por un español adquiere, desde a adopción, a nacionalidade española de orixe.

19 2. Se o adoptado for maior de dezaioito anos, poderá optar pola nacionalidade española de orixe no prazo de dous anos a partir da constitución da adopción.

Redactado conforme a Lei 18/1990, do 17 de decembro.

REDACCIÓN ORIXINARIA...—«Os fillos dun estranxeiro nados nos dominios españois deberán manifestar, dentro do ano seguinte á súa maior idade ou emancipación, se queren gozar da calidade de españois que lles concede o artigo 17.

Os que se encontren no Reino farán esta manifestación ante o encargado do rexistro civil da poboación en que residiren; os que residan no estranxeiro, ante un dos axentes consulares ou diplomáticos do Goberno español; e os que se encontren nun país en que o Goberno non teña ningún axente, dirixíndose ao ministro de Estado en España.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI DO 15 DE XULLO DE 1954.—«Tamén poderá adquirirse a nacionalidade española mediante a obtención de carta de natureza, outorgable discrecionalmente polo xefe do Estado, cando no peticionario concorran circunstancias excepcionais, ou pola residencia en territorio español durante o tempo establecido no artigo seguinte.

Nun e noutro caso, o que pretenda adquirir a nacionalidade española deberá ter vinte e un anos cumpridos ou dezaioito e encontrarse emancipado.

A nacionalidade así obtida polo marido esténdese á muller non separada legalmente e aos fillos que se encontren baixo a patria potestade.

Son requisitos comúns a ambas as formas de adquirir a nacionalidade:

- 1.º A renuncia previa á nacionalidade anterior.
- 2.º Prestar xuramento de fidelidade ao xefe do Estado e de obediencia ás leis.
- 3.º Inscribirse como español no rexistro do estado civil.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI 14/1975, DO 2 DE MAIO.—«Tamén poderá adquirirse a nacionalidade española mediante a obtención de carta de natureza, outorgable discrecionalmente polo xefe do Estado, cando no peticionario concorran circunstancias excepcionais, ou pola residencia en territorio español durante o tempo establecido no artigo seguinte.

Nun e noutro caso, o que pretenda adquirir a nacionalidade española deberá ter vinte e un anos cumpridos ou dezaioito e encontrarse emancipado.

A nacionalidade así obtida esténdese aos fillos que se encontren baixo a patria potestade.

Son requisitos comúns a ambas as formas de adquirir a nacionalidade:

- 1.º A renuncia previa á nacionalidade anterior.
- 2.º Prestar xuramento de fidelidade ao xefe do Estado e de obediencia ás leis.

3.º Inscribirse como español no rexistro do estado civil.»

REDACCIÓN CONFORME O REAL DECRETO LEI 33/1978, DO 16 DE NOVIEMBRE.—«Tamén poderá adquirirse a nacionalidade española mediante a obtención de carta de natureza, outorgable discrecionalmente polo xefe do Estado, cando no peticionario concorran circunstancias excepcionais, ou pola residencia en territorio español durante o tempo establecido no artigo seguinte.

Nun e noutro caso, o que pretenda adquirir a nacionalidade española deberá ter dezaioito anos cumpridos ou dezaseis e encontrarse emancipado.

A nacionalidade así obtida esténdese aos fillos que se encontren baixo a patria potestade.

Son requisitos comúns a ambas as formas de adquirir a nacionalidade:

1.º A renuncia previa á nacionalidade anterior.

2.º Prestar xuramento de fidelidade ao xefe do Estado e de obediencia ás leis.

3.º Inscribirse como español no rexistro do estado civil.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI 51/1982, DO 13 DE XULLO.—«Os estranxeiros que, en supostos distintos dos previstos nos artigos anteriores, fiquen suxeitos á patria potestade ou á tutela dun español poden optar pola nacionalidade española:

1.º Desde que cumbran os catorce anos, asistidos polo seu representante legal.

2.º Por si sós, dentro dos dous anos seguintes á emancipación, a teren cumprido dezaioito anos ou á recuperación da plena capacidade.»

20. 1. Teñen dereito a optar pola nacionalidade española:

a) As persoas que estean ou estivesen suxeitas á patria potestade dun español.

b) Aquelas cuxo pai ou nai fose orixinariamente español e naceuse en España.

c) As que estean comprendidas no segundo punto dos artigos 17 e 19.

2. A declaración de opción será formulada:

a) Polo representante legal do optante, menor de catorce anos ou incapacitado. Neste caso, a opción require autorización do encargado do rexistro civil do domicilio do declarante, logo de ditame do Ministerio Fiscal. A autorización concederase en interese do menor ou incapaz.

20 *b)* Polo propio interesado, asistido polo seu representante legal, cando aquel sexa maior de catorce anos ou cando, mesmo estando incapacitado, así o permita a sentenza de incapacitación.

c) Polo interesado, por si só, se está emancipado ou é maior de dezaioito anos. A opción caducará aos vinte anos de idade, mais se o optante non estiver emancipado segundo a súa lei persoal ao chegar aos dezaioito anos, o prazo para optar prolongarase até que transcorran dous anos desde a emancipación.

d) Polo interesado, por si só, dentro dos dous anos seguintes á recuperación da plena capacidade. Exceptúase o caso en que caducase o dereito de opción conforme a alínea *c*).

3. Malia o disposto no número anterior, o exercicio do dereito de opción previsto no número 1.*b*) deste artigo non estará suxeito a ningún límite de idade.

Redactado conforme a Lei 36/2002, do 8 de outubro.

REDACCIÓN ORIXINARIA...—«A calidade de español pérdese por adquirir natureza en país estranxeiro, ou por admitir emprego doutro Goberno, ou entrar ao servizo das armas dunha potencia estranxeira sen licenza do Rei.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI DO 15 DE XULLO DE 1954.—«O tempo de residencia en España que confire dereito a solicitar a nacionalidade española é o de dez anos.

No entanto, bastarán cinco anos de residencia cando concorra algunha das circunstancias seguintes: 1.^a Ter introducido en territorio español unha industria ou invento de importancia. 2.^a Ser dono ou director dalgunha explotación agrícola, industrial ou mercantil, igualmente importantes. 3.^a Ter prestado sinalados servizos á arte, á cultura ou á economía nacionais, ou ter favorecido de modo notable os intereses españois.

Excepcionalmente, só se exixirá a residencia durante dous anos, sen necesidade de que concorra ningunha das circunstancias establecidas no parágrafo anterior, cando se trate de persoas comprendidas nalgún dos casos sinalados no artigo 18, non tendo exercido oportunamente a facultade de optar; de estranxeiros adoptados durante a súa menor idade por españois; de nacionais, por orixe, de países iberoamericanos ou das Filipinas, e de estranxeiros que casaron con españolas.

En todos os casos, o tempo de residencia deberá ser continuado e inmediatamente anterior á petición.

A concesión da nacionalidade poderase denegar por motivos de orde pública.» **20**

REDACCIÓN CONFORME A LEI 14/1975, DO 2 DE MAIO.—«O tempo de residencia en España que confire dereito a solicitar a nacionalidade española é o de dez anos.

No entanto, bastarán cinco anos de residencia cando o solicitante preste sinalados servizos, mediante calquera actividade ou traballo, que tiveren favorecido de modo notable os intereses españois.

Excepcionalmente, só se exixirá a residencia durante dous anos, sen necesidade de que concorra ningunha das circunstancias establecidas no parágrafo anterior, cando se trate de persoas comprendidas nalgún dos casos sinalados no artigo 18, non tendo exercido oportunamente a facultade de optar; de estranxeiros adoptados durante a súa menor idade por españois e de nacionais, por orixe, de países iberoamericanos ou das Filipinas.

En todos os casos, o tempo de residencia deberá ser continuado e inmediatamente anterior á petición.

A concesión da nacionalidade poderase denegar por motivos de orde pública.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI 51/1982, DO 13 DE XULLO.—«A declaración de opción farase ante o encargado do rexistro civil do domicilio do interesado. De residir fóra de España, poderá facer a declaración perante o rexistro consular correspondente ou mediante documento debidamente autenticado e dirixido ao Ministerio de Asuntos Exteriores.

Son requisitos desta adquisición por opción a declaración de renuncia á nacionalidade anterior, o xuramento ou promesa de fidelidade ao Rei e de obediencia á Constitución e ás leis, e a inscrición como español no rexistro civil.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI 18/1990, DO 17 DE DECEMBRO. «1. Teñen dereito a optar pola nacionalidade española as persoas que estean ou estivesen suxeitas á patria potestade dun español, ben como as que estean comprendidas no último número dos artigos 17 e 19.

2. A declaración de opción será formulada:

a) Polo representante legal do optante, menor de catorce anos ou incapacitado. Neste caso, a opción require autorización do encargado do rexistro civil do domicilio do declarante, precedendo ditame do Ministerio Fiscal. A devandita autorización concederase en interese do menor ou incapaz.

b) Polo propio interesado, asistido polo seu representante legal, cando aquel sexa maior de catorce anos ou cando, aínda estando incapacitado, así o permita a sentenza de incapacitación.

c) Polo interesado, por si só, se está emancipado ou é maior de dezaioito anos. A opción caducará aos vinte anos de idade, mais se o optante non estiver emancipado segundo a súa lei persoal ao chegar aos dezaioito anos, o prazo para optar prolongarase até que transcorran dous anos desde a emancipación.

d) Polo interesado, por si só, dentro dos dous anos seguintes á recuperación da plena capacidade. Exceptúase o caso en que caducase o dereito de opción conforme a alínea c).»

21. 1. A nacionalidade española adquirese por carta de natureza, outorgada discrecionalmente mediante real decreto, cando no interesado concorran circunstancias excepcionais.

2. A nacionalidade española adquirese por residencia en España, nas condicións que sinala o artigo seguinte e mediante a concesión outorgada polo ministro de Xustiza, que poderá denegala por motivos razoados de orde pública ou interese nacional.

3. Nun e noutro caso a solicitude poderá formularla:

a) O interesado emancipado ou maior de dezaioito anos.

b) O maior de catorce anos asistido polo seu representante legal.

c) O representante legal do menor de catorce anos.

d) O representante legal do incapacitado ou o incapacitado, por si só ou debidamente asistido, segundo resulte da sentenza de incapacitación.

Neste caso e no anterior, o representante legal só poderá formular a solicitude se previamente obtivo autorización conforme o previsto na alínea a) do número 2 do artigo anterior.

4. As concesións por carta de natureza ou por residencia caducan aos cento oitenta días seguintes ao da súa notificación, se neste prazo non comparecer o interesado ante funcionario competente para cumprir os requisitos do artigo 23.

Redactado conforme a Lei 18/1990, do 17 de decembro.

REDACCIÓN ORIXINARIA...—«O español que perda esta calidade por adquirir natureza en país estranxeiro, poderá recobrala volvendo ao Reino, declarando que tal é a súa vontade ante o encargado do rexistro civil do domicilio que escolla para que faga a inscrición correspondente, e renunciando á protección do pavillón daquel país.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI DO 15 DE XULLO DE 1954.—«A 22
estranxeira que case con español adquire a nacionalidade do seu
marido.

Para os efectos da nacionalidade, a declaración de nulidade do casamento fica suxeita ao réxime do artigo 69.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI 14/1975, DO 2 DE MAIO.—«O casamento por si só non modifica a nacionalidade dos cónxuxes nin limita ou condiciona a súa adquisición, perda ou recuperación por calquera deles con independencia do outro.

O cónxuxe español só perderá a súa nacionalidade por razóns de casamento con persoa estranxeira se adquire voluntariamente a desta.

O cónxuxe estranxeiro poderá adquirir a nacionalidade española por razón de casamento se expresamente optar por ela, con aplicación do disposto no parágrafo final do artigo 19 e no derradeiro parágrafo do artigo 20.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI 51/1982, DO 13 DE XULLO.—«A nacionalidade española adquirese por carta de natureza, outorgada discrecionalmente mediante real decreto, cando no interesado concorran circunstancias excepcionais.

Poderán solicitar a adquisición o interesado emancipado ou maior de dezaioito anos, e os menores, desde que cumpran os catorce anos, asistidos polo seu representante legal, debendo cumprirse os requisitos establecidos no derradeiro parágrafo do artigo anterior.»

22. 1. Para a concesión da nacionalidade por residencia requírese que esta durase dez anos. Serán suficientes cinco anos para os que obtivesen a condición de refuxiado e dous anos cando se trate de nacionais de orixe de países iberoamericanos, Andorra, Filipinas, Guinea Ecuatorial ou Portugal ou de sefardís.

2. Bastará o tempo de residencia dun ano para:

- a) O que nacese en territorio español.
- b) O que non exercese oportunamente a facultade de optar.
- c) O que estivese suxeito legalmente á tutela, garda ou acollemento dun cidadán ou institución españois durante dous anos consecutivos, mesmo se continuar nesta situación no momento da solicitude.
- d) O que no momento da solicitude levase un ano casado con español ou española e non estivese separado legalmente ou de feito.
- e) O viúvo ou viúva de española ou español, se á morte do cónxuxe non existía separación legal ou de feito.

22 f) O nacido fóra de España de pai ou nai, avó ou avoa, que orixinariamente fosen españois.

3. En todos os casos, a residencia deberá ser legal, continuada e inmediatamente anterior á petición.

Para os efectos do previsto na alínea d) do número anterior, entenderase que ten residencia legal en España o cónxuxe que conviva con funcionario diplomático ou consular español acreditado no estranxeiro.

4. O interesado deberá xustificar, no expediente regulado pola lexislación do rexistro civil, boa conduta cívica e suficiente grao de integración na sociedade española.

5. A concesión ou denegación da nacionalidade por residencia deixa a salvo a vía xudicial contencioso-administrativa.

Redactado conforme a Lei 36/2002, do 8 de outubro.

REDACCIÓN ORIXINARIA...—«A muller casada segue a condición e nacionalidade do seu marido.

A española que casar con estranxeiro, poderá, disolto o matrimonio, recobrar a nacionalidade española, cumprindo os requisitos expresados no artigo anterior.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI DO 15 DE XULLO DE 1954.—«Perderán a nacionalidade española os que tiveren adquirido voluntariamente outra nacionalidade.

Para que a perda produza efectos requírese ter vinte e un anos cumpridos ou dezaioito e encontrarse emancipado; ter residido fóra de España, cando menos durante os tres anos inmediatamente anteriores, e, canto aos homes, non estaren suxeitos ao servizo militar en período activo, salvo que medie dispensa do Goberno. A muller casada non poderá por si soa adquirir voluntariamente outra nacionalidade, a menos que estea separada legalmente.

Non poderá perderse a nacionalidade española por adquisición voluntaria doutra se España se achar en guerra.

Non obstante o disposto no parágrafo primeiro, a adquisición da nacionalidade dun país iberoamericano ou das Filipinas non producirá perda da nacionalidade española cando así se conviñese expresamente co Estado cuxa nacionalidade se adquira.

Correlativamente, e sempre que mediar convenio que de modo expreso así o estableza, a adquisición da nacionalidade española non implicará a perda da de orixe, cando esta última for dun país iberoamericano ou das Filipinas.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI 14/1975, DO 2 DE MAIO.—«Perderán a nacionalidade española os que tiveren adquirido voluntariamente outra nacionalidade.

Para que a perda produza efectos requírese ter vinte e un anos cumpridos ou dezaioito e encontrarse emancipado; ter residido fóra de España, cando menos durante os tres anos inmediatamente anteriores, e, canto aos homes, non estaren suxeitos ao servizo militar en período activo, salvo que medie dispensa do Goberno.

Non poderá perderse a nacionalidade española por adquisición voluntaria doutra, mesmo por razón de casamento, se España se achar en guerra.

Non obstante o disposto no parágrafo primeiro, a adquisición da nacionalidade dun país iberoamericano ou das Filipinas non producirá perda da nacionalidade española cando así se conviñese expresamente co Estado cuxa nacionalidade se adquire.

Correlativamente, e sempre que mediar convenio que de modo expreso así o estableza, a adquisición da nacionalidade española non implicará a perda da de orixe, cando esta última for a dun país iberoamericano ou das Filipinas.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI 51/1982, DO 13 DE XULLO.—«A nacionalidade española adquirirase por residencia en España por tempo de dez anos, precedendo solicitude do interesado, e mediante concesión outorgada polo Ministro de Xustiza, que poderá denegala por motivos de orde pública ou interese nacional.

Serán suficientes dous anos, cando se trate de nacionais de orixe dos países iberoamericanos, Andorra, Filipinas, Guinea Ecuatorial ou Portugal ou de sefardís, que acrediten a súa respectiva condición.

Bastará, non obstante, o tempo de residencia dun ano para:

- 1.º O que naceuse en territorio español.
- 2.º O nacido fóra de España de pai ou nai que orixinariamente foron españois.
- 3.º O que non exerceuse oportunamente a facultade de optar.
- 4.º Quen casase con español ou española, aínda que o matrimonio se disolvese.

En todos os casos a residencia deberá ser legal, continuada e inmediatamente anterior á petición.

O solicitante deberá ser maior de dezaioito anos ou estar emancipado.

Para que a concesión teña eficacia será necesario cumprir os requisitos establecidos no derradeiro parágrafo do artigo 20.

A concesión ou denegación da nacionalidade deixa a salvo a vía xudicial civil.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI 18/1990, DO 17 DE DECEMBRO.—«1. Para a concesión da nacionalidade por residencia requírese que esta durase dez anos. Serán suficientes cinco anos para os que obtivesen asilo ou refuxio, e dous anos cando se trate de nacionais de orixe de países iberoamericanos, Andorra, Filipinas, Guinea Ecuatorial ou Portugal ou de sefardís.

2. Bastará o tempo de residencia dun ano para:

- a) O que nacesse en territorio español.
- b) O que non exercese oportunamente a facultade de optar.
- c) O que estivese suxeito legalmente á tutela, garda ou acollemento dun cidadán ou institución españois durante dous anos consecutivos, mesmo se continuar nesta situación no momento da solicitude.
- d) O que no momento da solicitude leve un ano casado con español ou española e non estea separado legalmente ou de feito.
- e) O viúvo ou viúva de española ou español, se á morte do cónxuxe non existía separación legal ou de feito.
- f) O nacido fóra de España de pai ou nai que orixinariamente foron españois.

3. En todos os casos a residencia deberá ser legal, continuada e inmediatamente anterior á petición.

Para os efectos do previsto na alínea d) do número anterior, enténdese que ten residencia legal en España o cónxuxe que conviva con funcionario diplomático ou consular español acreditado no estranxeiro.

4. O interesado deberá xustificar, no expediente regulado pola lexislación do rexistro civil, boa conduta cívica e suficiente grao de integración na sociedade española.

5. A concesión ou denegación da nacionalidade por residencia deixa a salvo a vía xudicial contencioso-administrativa.»

23. Son requisitos comúns para a validez da adquisición da nacionalidade española por opción, carta de natureza ou residencia:

a) Que o maior de catorce anos e capaz para prestar unha declaración por si xure ou prometa fidelidade ao Rei e obediencia á Constitución e ás leis.

b) Que a mesma persoa declare que renuncia á súa anterior nacionalidade. Quedan a salvo deste requisito os naturais de países mencionados no número 1 do artigo 24.

c) Que a adquisición se inscriba no rexistro civil español.

Redactado conforme a Lei 36/2002, do 8 de outubro.

REDACCIÓN ORIXINARIA...—«O español que perda esta calidade por admitir emprego doutro Goberno, ou entrar ao servizo das armas dunha potencia estranxeira sen licenza de el-Rei, non poderá recobrar a nacionalidade española sen obter previamente a real habilitación.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI DO 15 DE XULLO DE 1954.—«Tamén perderán a nacionalidade española:

1.º Os que entren ao servizo das armas ou exerzan cargo público nun Estado estranxeiro contra a prohibición expresa do xefe do Estado español.

2.º Os que por sentenza firme sexan condenados á perda da nacionalidade española, conforme o establecido nas leis penais.

3.º A española que case con estranxeiro, se adquire a nacionalidade do seu marido.

4.º A muller non separada legalmente, cando o marido perda a nacionalidade española e a ela lle corresponda adquirir a do marido.

5.º Os fillos que se encontren baixo a patria postestade, se o pai perde a nacionalidade española, sempre que lles corresponda adquirir a nacionalidade do pai.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI 14/1975, DO 2 DE MAIO.—«Tamén perderán a nacionalidade española:

1.º Os que entren ao servizo das armas ou exerzan cargo público nun Estado estranxeiro contra a prohibición expresa do xefe do Estado español.

2.º Os que por sentenza firme sexan condenados á perda da nacionalidade española, conforme o establecido nas leis penais.

3.º Os fillos que se encontren baixo a patria potestade, se o que a exerce perde a nacionalidade española, sempre que lles corresponda a que adquira este.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI 51/1982, DO 13 DE XULLO.—«Perderán a nacionalidade española os que, encontrándose emancipados e residindo fóra de España con tres anos de anterioridade, adquiran voluntariamente outra nacionalidade. Non a perderán cando xustifiquen ante os rexistros consular ou central que a adquisición da nacionalidade estranxeira se produciu por razón de emigración.

Cando se trate de españois que teñan desde a súa menor idade, ademais, unha nacionalidade estranxeira, só perderán a nacionalidade española se, unha vez emancipados, renunciaren expresamente a ela en calquera momento.

Non se perderá a nacionalidade española, en virtude do disposto neste artigo, se España se achar en guerra.

A adquisición da nacionalidade de países iberoamericanos, Andorra, Filipinas, Guinea Ecuatorial e Portugal ou daqueles con que se concerte un tratado de dobre nacionalidade, só producirá perda da nacionalidade española de orixe cando o interesado así o declare expresamente no rexistro civil unha vez emancipado.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI 18/1990, DO 17 DE DECEMBRO.—«Son requisitos comúns para a validez da adquisición da nacionalidade española por opción, carta de natureza ou residencia:

a) Que o maior de catorce anos, e capaz para prestar unha declaración por si, xure ou prometa fidelidade ao Rei e obediencia á Constitución e ás leis.

b) Que a mesma persoa declare que renuncia á súa anterior nacionalidade. Quedan a salvo deste requisito os naturais de países mencionados no número 2 do artigo 24.

c) Que a adquisición se inscriba no rexistro civil español.»

24. 1. Perden a nacionalidade española os emancipados que, residindo habitualmente no estranxeiro, adquiran voluntariamente outra nacionalidade ou utilicen exclusivamente a nacionalidade estranxeira que tivesen atribuída antes da emancipación. A perda producirase unha vez que transcorran tres anos, contando, respectivamente, desde a adquisición da nacionalidade estranxeira ou desde a emancipación. Non obstante, os interesados poderán evitar a perda se dentro do prazo indicado declararen a súa vontade de conservar a nacionalidade española ao encargado do rexistro civil.

A adquisición da nacionalidade de países iberoamericanos, Andorra, Filipinas, Guinea Ecuatorial ou Portugal non é bastante para producir, conforme este número, a perda da nacionalidade española de orixe.

2. En todo caso, perden a nacionalidade española os españois emancipados que renunciaren expresamente a ela, se teñen outra nacionalidade e residen habitualmente no estranxeiro.

3. Os que, tendo nacido e residindo no estranxeiro, teñan a nacionalidade española por seren fillos de pai ou nai españois, tamén nados no estranxeiro, cando as leis do país onde residan lles atribúan a nacionalidade deste, perderán, en todo caso, a nacionalidade española se non declaren a súa vontade de a conservaren ante o encargado do rexistro civil no prazo de tres anos, contando desde a súa maioría de idade ou emancipación.

4. Non se perde a nacionalidade española, en virtude do disposto neste precepto, se España se atopa en guerra.

Redactado conforme a Lei 36/2002, do 8 de outubro.

REDACCIÓN ORIXINARIA...—«O nacido en país estranxeiro de pai ou nai españois, que perdese a nacionalidade de España por térenla perdido os seus pais, poderá recuperala tamén cumprindo as condicións que exige o artigo 19.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI DO 15 DE XULLO DE 1954.—«O español que perda esta calidade do modo previsto no artigo 22, poderá recobrala volvendo a territorio español, declarando que tal é a súa vontade ante o encargado do rexistro do estado civil do domicilio que escolla, para que faga a inscrición correspondente, e renunciando á nacionalidade estranxeira que tiver.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI 14/1975, DO 2 DE MAIO.—«O español que perde a súa nacionalidade, por ter adquirido voluntariamente outra, poderá recobrala se declara que tal é a súa vontade ante o encargado do rexistro civil do lugar da súa residencia, para que se faga a inscrición correspondente, e renuncia á nacionalidade estranxeira que tiver.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI 51/1982, DO 13 DE XULLO.—«Os españois que non o sexan de orixe perderán a nacionalidade:

1.º Cando por sentenza firme foren condenados á súa perda conforme o establecido nas leis penais ou declarados incurso en falsidade, ocultación ou fraude na súa adquisición.

2.º Cando entren voluntariamente ao servizo das armas ou exerzan cargo público nun Estado estranxeiro contra a prohibición expresa do Goberno.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI 18/1990, DO 17 DE DECEMBRO. «1. Perden a nacionalidade española os emancipados que, residindo habitualmente no estranxeiro, adquiran voluntariamente outra nacionalidade ou utilicen exclusivamente a nacionalidade estranxeira que tiveren atribuída antes da emancipación.

2. A perda producirase unha vez que transcorran tres anos, contando, respectivamente, desde a adquisición da nacionalidade estranxeira ou desde a emancipación.

A adquisición da nacionalidade de países iberoamericanos, Andorra, Filipinas, Guinea Ecuatorial ou Portugal non é bastante para producir, conforme este número, a perda da nacionalidade española de orixe.

3. En todo caso, perden a nacionalidade española os españois emancipados que renuncien expresamente a ela, se teñen outra nacionalidade e residen habitualmente no estranxeiro.

4. Non se perde a nacionalidade española, en virtude do disposto neste precepto, se España se achar en guerra.»

25. 1. Os españois que non o sexan de orixe perderán a nacionalidade:

a) Cando durante un período de tres anos utilicen exclusivamente a nacionalidade á cal declarasen renunciar ao adquiriren a nacionalidade española.

b) Cando entren voluntariamente ao servizo das armas ou exerzan cargo político nun Estado estranxeiro contra a prohibición expresa do Goberno.

2. A sentenza firme que declare que o interesado incoreu en falsidade, ocultación ou fraude na adquisición da nacionalidade española produce a nulidade de tal adquisición, ben que non se derivarán dela efectos prexudiciais para

25 terceiros de boa fe. A acción de nulidade deberá ser exercida polo Ministerio Fiscal de oficio ou en virtude de denuncia, dentro do prazo de quince anos.

Redactado conforme a Lei 36/2002, do 8 de outubro.

REDACCIÓN ORIXINARIA...—«Para que os estranxeiros que obtivesen carta de natureza ou gañasen veciñanza en calquera poboación da Monarquía gocen da nacionalidade española deben renunciar previamente á súa nacionalidade anterior, xurar a Constitución da Monarquía e inscribirse como españois no rexistro civil.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI DO 15 DE XULLO DE 1954.—«A muller española que perdesa a súa nacionalidade por razón de casamento, poderá recobrala, unha vez disolto ou declarada a separación xudicial a perpetuidade, cumprindo os requisitos expresados no artigo anterior.

Os fillos que perdesen a nacionalidade española por razón da patria potestade, unha vez extinguida esta, teñen dereito a recuperala mediante o exercicio da opción regulada no artigo 18.

Os que fosen condenados á perda da nacionalidade española ou fosen privados dela por teren entrado ao servizo das armas ou exerceren cargo en Estado estranxeiro, só poderán recobrala por concesión graciosa do xefe do Estado.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI 14/1975, DO 2 DE MAIO.—«Os fillos que perdesen a nacionalidade española por razón da patria potestade, unha vez extinguida esta, teñen dereito a recuperala mediante o exercicio da opción regulada no artigo 18.

Os que fosen condenados á perda da nacionalidade española ou fosen privados dela por teren entrado ao servizo das armas ou exerceren cargo en Estado estranxeiro, só poderán recobrala por concesión graciosa do xefe do Estado.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI 51/1982, DO 13 DE XULLO. «Non perderá o fillo a nacionalidade española por ficar suxeito á patria potestade dun estranxeiro ou porque os que a exerzan perdan a devandita nacionalidade.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI 18/1990, DO 17 DE DECEMBRO. «1. Os españois que non o sexan de orixe perderán a nacionalidade:

a) Cando por sentenza firme foren condenados á súa perda, conforme o establecido nas leis penais.

b) Cando entren voluntariamente ao servizo das armas ou exerzan cargo político nun Estado estranxeiro contra a prohibición expresa do Goberno.

2. A sentenza firme que declare que o interesado incorreu en falsidade, ocultación ou fraude na adquisición da nacionalidade española produce a nulidade de tal adquisición, ben que non se derivarán dela efectos prexudiciais para terceiros de boa fe. A acción de nulidade

deberá ser exercida polo Ministerio Fiscal de oficio ou en virtude de denuncia, dentro do prazo de quince anos.»

26

26. 1. Quen perdese a nacionalidade española poderá recuperala cumprindo os seguintes requisitos:

a) Ser residente legal en España. Este requisito non será de aplicación aos emigrantes nin aos fillos de emigrantes. Nos demais casos poderá ser dispensado polo ministro de Xustiza cando concorran circunstancias excepcionais.

b) Declarar ante o encargado do rexistro civil a súa vontade de recuperar a nacionalidade española.

c) Inscribir a recuperación no rexistro civil.

2. Non poderán recuperar ou adquirir, se é o caso, a nacionalidade española sen previa habilitación concedida discrecionalmente polo Goberno os que se encontren incurso en calquera dos supostos previstos no artigo anterior.

Redactado conforme a Lei 36/2002, do 8 de outubro.

REDACCIÓN ORIXINARIA...—«Os españois que trasladen o seu domicilio a un país estranxeiro, onde sen máis circunstancia que a da súa residencia no sexan considerados como naturais, necesitarán, para conservar a nacionalidade de España, manifestar que esta é a súa vontade ao axente diplomático ou consular español, quen deberá inscribilo no rexistro de españois residentes, ben como aos seus cónxuxes, se foren casados, e aos fillos que tiveren.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI DO 15 DE XULLO DE 1954.—«Os que, tendo nacido e residindo no estranxeiro, teñan a nacionalidade española por seren fillos de pai ou nai españois, tamén nacidos no estranxeiro, aínda que as leis do país onde residan lles atribúan a nacionalidade deste, non perderán a española se declararen expresamente a súa vontade de conservala ante o axente diplomático ou consular español, ou, na súa falta, en documento debidamente autenticado dirixido ao Ministerio de Asuntos Exteriores de España.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI 51/1982, DO 13 DE XULLO.—«O español que perdese esta condición poderá recuperala cumprindo cos requisitos seguintes:

1.º Residencia legal e continuada en España durante un ano inmediatamente anterior á petición.

2.º Declaración ante o encargado do rexistro civil da súa vontade de recuperar a nacionalidade española.

3.º Renuncia ante o encargado do rexistro civil á súa nacionalidade estranxeira, e

4.º Inscripción da recuperación no rexistro civil.

O requisito da residencia será dispensado polo ministro de Xustiza aos españois emigrantes que xustifiquen tal condición. Tamén se dispensará aos españois que adquirisen voluntariamente a nacionalidade do seu cónxuxe. Nos demais casos a dispensa terá carácter discrecional.

Non poderán recuperar a nacionalidade sen habilitación previa concedida discrecionalmente polo Goberno:

1.º Os que a perdesen sendo maiores de catorce anos sen teren cumprido en España o servizo militar ou a prestación social substitutoria.

2.º Os que fosen privados da nacionalidade conforme o establecido no artigo 24.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI 18/1990, DO 17 DE DECEMBRO. «1. O español que perdesa esta condición poderá recuperala cumprindo cos requisitos seguintes:

a) Ser residente legal en España.

Cando se trate de emigrantes ou fillos de emigrantes, este requisito poderá ser dispensado polo Goberno. Nos demais casos, a dispensa só será posible se concorreren circunstancias especiais.

b) Declarar ante o encargado do rexistro civil a súa vontade de recuperar a nacionalidade española e a súa renuncia, salvo que se trate de naturais dos países mencionados no artigo 24, á nacionalidade anterior, e

c) Inscribir a recuperación no rexistro civil.

2. Non poderán recuperar a nacionalidade española, sen habilitación previa concedida discrecionalmente polo Goberno:

a) Os que se encontren incurso en calquera dos supostos previstos no artigo anterior.

b) Os que perdesen a nacionalidade sen teren cumprido o servizo militar español ou a prestación social substitutoria. Non obstante, a habilitación non será precisa cando a declaración de recuperación sexa formulada por home maior de cincuenta anos.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI 29/1995, DO 2 DE NOVIEMBRE. «1. Quen perdesa a nacionalidade española poderá recuperala cumprindo os seguintes requisitos:

a) Ser residente legal en España. Este requisito non será de aplicación aos emigrantes nin aos fillos de emigrantes. Nos demais casos poderá ser dispensado polo ministro de Xustiza e Interior cando concorreren circunstancias excepcionais.

b) Declarar ante o encargado do rexistro civil a súa vontade de recuperar a nacionalidade española e a súa renuncia, salvo que se trate de naturais dos países mencionados no artigo 24, á nacionalidade anterior, e

c) Inscribir a recuperación no rexistro civil.

2. Non poderán recuperar ou adquirir, se for o caso, a nacionalidade española, sen habilitación previa concedida discrecionalmente polo Goberno:

a) Os que se encontren incurso en calquera dos supostos previstos no artigo anterior.

b) Os que perdesen a nacionalidade sen teren cumprido o servizo militar español ou a prestación social substitutoria, estando obrigados a isto. Non obstante, a habilitación non será precisa cando a declaración de recuperación sexa formulada por home maior de corenta anos.»

27. Os estranxeiros gozan en España dos mesmos dereitos civís que os españois, salvo o disposto nas leis especiais e nos tratados.

Redactado conforme a Lei do 15 de xullo de 1954.

REDACCIÓN ORIXINARIA... «Os estranxeiros gozan en España dos dereitos que as leis civís conceden aos españois, salvo o disposto no artigo 2.º da Constitución do Estado ou en tratados internacionais.»

28. As corporacións, fundacións e asociacións, recoñecidas pola lei e domiciliadas en España, gozarán da nacionalidade española, sempre que teñan o concepto de persoas xurídicas consonte as disposicións deste código.

As asociacións domiciliadas no estranxeiro terán en España a consideración e os dereitos que determinen os tratados ou leis especiais.

TÍTULO II

Do nacemento e da extinción da personalidade civil

CAPÍTULO PRIMEIRO

DAS PERSOAS NATURAIS

29. O nacemento determina a personalidade; mais o concibido tense por nacido para todos os efectos que lle sexan favorables, sempre que naza coas condicións que expresa o artigo seguinte.

30. Para os efectos civís, só se reputará nacido o feto que tiver figura humana e vivir vinte e catro horas enteiramente desprendido do seo materno.

31. A prioridade do nacemento, no caso de partos dobres, dá ao nacido primeiro os dereitos que a lei recoñeza ao primoxénito.

32. A personalidade extínguese pola morte das persoas.

Redactado conforme a Lei 13/1983, do 24 de outubro.

REDACCIÓN ORIXINARIA... «A personalidade civil extínguese pola morte das persoas.

A menor idade, a demencia ou imbecilidade, a xordomudez, a prodi-galidade e a interdicción civil non son máis que restricións da personali-dade xurídica. Os que se encontraren nalgún deses estados son suscepti-bles de dereitos e aínda de obrigacións cando estas nacen dos feitos ou de relacións entre os bens do incapacitado e un terceiro.»

33. Se se dubida, entre dúas ou máis persoas chamadas a se sucederen, quen delas morreu primeiro, o que sosteña a morte anterior dunha ou doutra debe probala; na falta de proba, presúmense mortas ao mesmo tempo e non ten lugar a transmisión de dereitos dun a outro.

34. Respecto á presunción de morte do ausente e os seus efectos observárase o disposto no título VIII deste libro.

CAPÍTULO II

DAS PERSOAS XURÍDICAS

35. Son persoas xurídicas:

1.º As corporacións, asociacións e fundacións de inte-rese público recoñecidas pola lei.

A súa personalidade comeza desde o instante mesmo en que, consonte dereito, ficasen validamente constituídas.

2.º As asociacións de interese particular, sexan civís, mercantís ou industriais, ás cales a lei conceda personalidade propia, independente da de cada un dos asociados.

36. As asociacións a que se refire o número 2.º do arti-go anterior rexeranse polas disposicións relativas ao contrato de sociedade, segundo a natureza deste.

37. A capacidade civil das corporacións regularase polas leis que as creasen ou recoñecesen; a das asociacións polos seus estatutos, e as das fundacións polas regras da súa

institución, debidamente aprobadas por disposición administrativa, cando este requisito for necesario. **41**

38. As persoas xurídicas poden adquirir e posuír bens de todas as clases, ben como contraer obrigacións e exercer accións civís ou criminais, conforme as leis e regras da súa constitución.

A Igrexa rexeráse neste punto polo concordado entre ambas as potestades; e os establecementos de instrución e beneficencia, polo que dispoñan as leis especiais.

39. Se por ter expirado o prazo durante o cal funcionaban legalmente ou por teren realizado o fin para o cal se constituíron, ou por ser xa imposible aplicar a este a actividade e os medios de que dispoñan, deixaren de funcionar as corporacións, asociacións e fundacións, darase aos seus bens a aplicación que as leis, ou os estatutos, ou as cláusulas fundacionais, lles tivesen asignado nesta previsión. Se nada se tiver establecido previamente, aplicaranse eses bens á realización de fins análogos, en interese da rexión, provincia ou municipio que principalmente deban recoller os beneficios das institucións extinguidas.

TÍTULO III

Do domicilio

40. Para o exercicio dos dereitos e o cumprimento das obrigacións civís, o domicilio das persoas naturais é o lugar da súa residencia habitual, e, se for o caso, o que determine a Lei de axuízamento civil.

O domicilio dos diplomáticos residentes por razón do seu cargo no estranxeiro, que gocen do dereito de extraterritorialidade, será o último que tivesen en territorio español.

41. Cando nin a lei que as creou ou recoñeceu nin os estatutos ou as regras de fundación fixaren o domicilio das persoas xurídicas, entenderase que o teñen no lugar en que estea establecida a súa representación legal, ou onde exerzan as principais funcións do seu instituto.

TÍTULO IV

Do matrimonio

Título redactado, coas particularidades que se indican, conforme a Lei 30/1981, do 7 de xullo.

CAPÍTULO PRIMEIRO

DA PROMESA DE CASAMENTO

42. A promesa de casamento non produce obrigación de contraelo nin de cumprir o que se estipulase para o suposto da súa non celebración.

Non se admitirá a trámite a demanda en que se pretenda o seu cumprimento.

43. O incumprimento sen causa da promesa certa de casamento feita por persoa maior de idade ou por menor emancipado só producirá a obrigación de resarcir a outra parte dos gastos feitos e as obrigacións contraídas en consideración ao casamento prometido.

Esta acción caducará ao ano contado desde o día da negativa á celebración do casamento.

CAPÍTULO II

DOS REQUISITOS DO MATRIMONIO

44. O home e a muller teñen dereito a contraer matrimonio conforme as disposicións deste código.

O matrimonio terá os mesmos requisitos e efectos cando ambos os contraentes sexan do mesmo ou diferente sexo.

Parágrafo engadido pola Lei 13/2005, do 1 de xullo.

45. Non hai matrimonio sen consentimento matrimonial. A condición, termo ou modo de consentimento terase por non posta.

46. Non poden contraer matrimonio:

- 1.º Os menores de idade non emancipados.
- 2.º Os que estean ligados con vínculo matrimonial.

47. Tampouco poden contraer matrimonio entre si: **50**

1.º Os parentes en liña recta por consanguinidade ou adopción.

2.º Os colaterais por consanguinidade até terceiro grao.

3.º Os condenados como autores ou cómplices da morte dolosa do cónxuxe de calquera deles.

48. O ministro de Xustiza pode dispensar, por instancia de parte, o impedimento de morte dolosa do cónxuxe anterior.

O xuíz de primeira instancia poderá dispensar, con xusta causa e por instancia de parte, os impedimentos do grao terceiro entre colaterais, e de idade a partir dos catorce anos. Nos expedientes de dispensa de idade deberán ser oídos o menor e os seus pais ou gardadores.

A dispensa ulterior valida, desde a súa celebración, o casamento cuxa nulidade non fose instada xudicialmente por algunha das partes.

CAPÍTULO III

DA FORMA DE CELEBRACIÓN DO CASAMENTO

Sección 1.ª Disposicións xerais

49. Calquera español poderá casar dentro ou fóra de España:

1.º Ante o xuíz, alcalde ou funcionario sinalado por este código.

2.º Na forma relixiosa legalmente prevista.

Tamén poderá casar fóra de España consonte a forma establecida pola lei do lugar de celebración.

Artigo redactado conforme a Lei 35/1994, do 23 de decembro.

50. Se ambos os contraentes son estranxeiros, poderá celebrarse o casamento en España consonte a forma prescrita para os españois ou cumprindo a establecida pola lei persoal de calquera deles.

51 *Sección 2.ª Da celebración ante o xuíz, alcalde ou funcionario que faga as súas veces*

51. Será competente para autorizar o casamento:

1.º O xuíz encargado do rexistro civil e o alcalde do municipio onde se celebre o casamento ou concelleiro en quen este delegue.

2.º Nos municipios en que non resida o devandito xuíz, o delegado designado regulamentariamente.

3.º O funcionario diplomático ou consular encargado do rexistro civil no estranxeiro.

Epígrafe da sección e artigo redactados conforme a Lei 35/1994, do 23 de decembro.

52. Poderá autorizar o casamento de quen se achar en perigo de morte:

1. O xuíz encargado do rexistro civil, o delegado ou o alcalde, aínda que os contraentes non residan na circunscrición respectiva.

2. En defecto do xuíz, e a respecto dos militares en campaña, o oficial ou xefe superior inmediato.

3. Respecto dos casamentos que se celebren a bordo de nave ou aeronave, o capitán ou comandante dela.

Este casamento non requirirá para a súa autorización a formación previa de expediente, mais si a presenza, na súa celebración, de dúas testemuñas maiores de idade, salvo imposibilidade acreditada.

Artigo redactado conforme a Lei 35/1994, do 23 de decembro.

53. A validez do casamento non ficará afectada pola incompetencia ou falta de nomeamento lexítimo do xuíz, alcalde ou funcionario que o autorice, sempre que polo menos un dos cónxuxes procedese de boa fe e aqueles exercesen as súas funcións publicamente.

Artigo redactado conforme a Lei 35/1994, do 23 de decembro.

54. Cando concorra causa grave suficientemente probada, o ministro de Xustiza poderá autorizar o casamento

secreto. Neste caso, o expediente tramitarase reservadamente, sen a publicación de edictos ou proclamas. **58**

55. Poderá autorizarse no expediente matrimonial que o contraente que non resida no distrito ou demarcación do xuíz, alcalde ou funcionario autorizante celebre o casamento por apoderado a quen concedese poder especial en forma auténtica, mais sempre será necesaria a asistencia persoal do outro contraente.

No poder determinárase a persoa con quen debe celebrarse o casamento, con expresión das circunstancias persoais precisas para establecer a súa identidade.

O poder extinguirase pola revogación do poderdante, pola renuncia do apoderado ou pola morte de calquera deles. En caso de revogación polo poderdante bastará a súa manifestación en forma auténtica antes da celebración do casamento. A revogación notificarase de inmediato ao xuíz, alcalde ou funcionario autorizante.

Artigo redactado conforme a Lei 35/1994, do 23 de decembro.

56. Os que desexen contraer matrimonio acreditarán previamente, en expediente tramitado conforme a lexislación do rexistro civil, que reúnen os requisitos de capacidade establecidos neste código.

Se algún dos contraentes estiver afectado por deficiencias ou anomalías psíquicas, exixirase ditame médico sobre a súa aptitude para prestar o consentimento.

57. O casamento deberá celebrarse ante o xuíz, alcalde ou funcionario correspondente ao domicilio de calquera dos contraentes e dúas testemuñas maiores de idade.

A prestación do consentimento poderá tamén realizarse, por delegación do instrutor do expediente, quer por petición dos contraentes quer de oficio, ante xuíz, alcalde ou funcionario doutra poboación distinta.

Artigo redactado conforme a Lei 35/1994, do 23 de decembro.

58. O xuíz, alcalde ou funcionario, despois de lidos os artigos 66, 67 e 68, preguntará a cada un dos contraentes se consenten en contraer matrimonio co outro e se efectiva-

59 mente o contraen no dito acto e, respondendo ambos afirmativamente, declarará que fican unidos en matrimonio e redactará a inscrición ou a acta correspondente.

Artigo redactado conforme a Lei 35/1994, do 23 de decembro.

Sección 3.^a Da celebración en forma relixiosa

59. O consentimento matrimonial poderá prestarse na forma prevista por unha confesión relixiosa inscrita, nos termos acordados co Estado ou, na súa falta, autorizados pola lexislación deste.

60. O casamento celebrado segundo as normas do dereito canónico ou en calquera das formas relixiosas previstas no artigo anterior produce efectos civís. Para o pleno recoñecemento destes efectos observárase o disposto no capítulo seguinte.

CAPÍTULO IV

DA INSCRICIÓN DO CASAMENTO NO REXISTRO CIVIL

61. O casamento produce efectos civís desde a súa celebración.

Para o pleno recoñecemento destes efectos será necesaria a súa inscrición no rexistro civil.

O casamento non inscrito non prexudicará os dereitos adquiridos de boa fe por terceiras persoas.

62. O xuíz, alcalde ou funcionario ante quen se celebre o casamento redactará, inmediatamente despois de celebrado, a inscrición ou a acta correspondente coa súa sinatura e a dos contraentes e testemuñas.

Así mesmo, practicada a inscrición ou redactada a acta, o xuíz, alcalde ou funcionario entregará a cada un dos contraentes documento acreditativo da celebración do casamento.

Artigo redactado conforme a Lei 35/1994, do 23 de decembro.

63. A inscrición do casamento celebrado en España en forma relixiosa practícase coa simple presentación da cer-

tificación da Igrexa ou confesión respectiva, que deberá **69**
expresar as circunstancias exixidas pola lexislación do rexistro civil.

Denegarase a práctica do asento cando dos documentos presentados ou dos asentos do rexistro conste que o casamento non reúne os requisitos que para a súa validez se exixen neste título.

64. Para o recoñecemento do casamento secreto basta a súa inscrición no libro especial do Rexistro Civil Central, mais non prexudicará os dereitos adquiridos de boa fe por terceiras persoas senón desde a súa publicación no rexistro civil ordinario.

65. Salvo o disposto no artigo 63, en todos os demais casos en que o casamento se celebre sen terse tramitado o correspondente expediente, o xuíz ou funcionario encargado do rexistro, antes de practicar a inscrición, deberá comprobar se concorren os requisitos legais para a súa celebración.

CAPÍTULO V

DOS DEREITOS E DEBERES DOS CÓNXUXES

66. Os cónxuxes son iguais en dereitos e deberes.

Redactado conforme a Lei 13/2005, do 1 de xullo.

67. Os cónxuxes débense respectar e axudar mutuamente e actuar en interese da familia.

Redactado conforme a Lei 13/2005, do 1 de xullo.

68. Os cónxuxes están obrigados a vivir xuntos, gardarse fidelidade e socorrerse mutuamente. Deberán, ademais, compartir as responsabilidades domésticas e o coidado e atención de ascendentes e descendentes e doutras persoas dependentes ao seu cargo.

Redactado conforme a Lei 15/2005, do 8 de xullo.

69. Presúmese, salvo proba en contrario, que os cónxuxes viven xuntos.

70. Os cónxuxes fixarán de común acordo o domicilio conxugal e, en caso de discrepancia, resolverá o xuíz, tendo en conta o interese da familia.

71. Ningún dos cónxuxes pode atribuírse a representación do outro sen que lle fose conferida.

72. *Suprimido pola Lei 30/1981, do 7 de xullo.*

CAPÍTULO VI

DA NULIDADE DO CASAMENTO

73. É nulo, calquera que for a forma da súa celebración:

1.º O casamento celebrado sen consentimento matrimonial.

2.º O casamento celebrado entre as persoas a que se refiren os artigos 46 e 47, salvo os casos de dispensa conforme o artigo 48.

3.º O que se contraía sen a intervención do xuíz, alcalde ou funcionario ante quen deba celebrarse, ou sen a das testemuñas.

4.º O celebrado por erro na identidade da persoa do outro contraente ou naquelas calidades persoais que, pola súa entidade, foron determinantes da prestación do consentimento.

5.º O contraído por coacción ou medo grave.

Artigo redactado conforme a Lei 35/1994, do 23 de decembro.

74. A acción para pedir a nulidade do casamento corresponde aos cónxuxes, ao Ministerio Fiscal e a calquera persoa que teña interese directo e lexítimo nela, salvo o disposto nos artigos seguintes.

75. Se a causa de nulidade for a falta de idade, mentres o contraente sexa menor só poderá exercer a acción calquera dos seus pais, titores ou gardadores e, en todo caso, o Ministerio Fiscal.

Ao chegar á maioría de idade soamente poderá exercer a acción o contraente menor, salvo que os cónxuxes vivisen xuntos durante un ano despois de atinxida aquela. **81**

76. Nos casos de erro, coacción ou medo grave só poderá exercer a acción de nulidade o cónxuxe que sufriu o vicio.

Caduca a acción e válidase o casamento se os cónxuxes viviron xuntos durante un ano despois de disipado o erro ou de ter cesado a forza ou a causa do medo.

77. *Suprimido pola Lei 30/1981, do 7 de xullo.*

78. O xuíz non acordará a nulidade dun casamento por defecto de forma se ao menos un dos cónxuxes o contraeu de boa fe, salvo o disposto no número 3 do artigo 73.

79. A declaración de nulidade do casamento non invalidará os efectos xa producidos a respecto dos fillos e do contraente ou contraentes de boa fe.

A boa fe presúmese.

80. As resolucións ditadas polos tribunais eclesiásticos sobre nulidade de casamento canónico ou as decisións pontificias sobre casamento rato e non consumado terán eficacia na orde civil, por solicitude de calquera das partes, se se declararen axustados ao dereito do Estado en resolución ditada polo xuíz civil competente conforme as condicións a que se refire o artigo 954 da Lei de axuizamento civil.

CAPÍTULO VII

DA SEPARACIÓN

81. Decretarase xudicialmente a separación, calquera que for a forma de celebración do casamento:

1.º Por petición de ambos os cónxuxes ou dun co consentimento do outro, unha vez transcorridos tres meses desde a celebración do casamento. Á demanda xuntaráse unha proposta do convenio regulador redactada conforme o artigo 90 deste código.

82 2.º Por petición dun só dos cónxuxes, unha vez transcorridos tres meses desde a celebración do casamento. Non será preciso o transcurso deste prazo para a interposición da demanda cando se acredite a existencia dun risco para a vida, a integridade física, a liberdade, a integridade moral ou liberdade e indemnidade sexual do cónxuxe demandante ou dos fillos de ambos ou de calquera dos membros do matrimonio.

Á demanda xuntaráselle proposta fundada das medidas que deban regular os efectos derivados da separación.

Redactado conforme a Lei 15/2005, do 8 de xullo.

82. *Sen contido pola Lei 15/2005, do 8 de xullo.*

83. A sentenza de separación produce a suspensión da vida común dos casados, e cesa a posibilidade de vincular bens do outro cónxuxe no exercicio da potestade doméstica.

84. A reconciliación pon termo ao procedemento de separación e deixa sen efecto ulterior o resolto nel, mais ambos os cónxuxes separadamente o deberán pór en coñecemento do xuíz que entenda ou entendese no litixio.

Isto non obstante, mediante resolución xudicial serán mantidas ou modificadas as medidas adoptadas en relación cos fillos, cando exista causa que o xustifique.

Parágrafo primeiro redactado conforme a Lei 15/2005, do 8 de xullo.

CAPÍTULO VIII

DA DISOLUCIÓN DO MATRIMONIO

85. O matrimonio disólvese, sexa cal for a forma e o tempo da súa celebración, pola morte ou a declaración de falecemento dun dos cónxuxes e polo divorcio.

86. Decretarase xudicialmente o divorcio, calquera que for a forma de celebración do casamento, por petición dun só dos cónxuxes, de ambos ou dun co consentimento do outro, cando concorran os requisitos e circunstancias exixidos no artigo 81.

Redactado conforme a Lei 15/2005, do 8 de xullo.

87. *Sen contido pola Lei 15/2005, do 8 de xullo.*

88. A acción de divorcio extínguese pola morte de calquera dos cónxuxes e pola súa reconciliación, que deberá ser expresa cando se produza despois de interposta a demanda. **90**

A reconciliación posterior ao divorcio non produce efectos legais, ben que os divorciados poderán contraer entre si novo matrimonio.

89. A disolución do matrimonio por divorcio só poderá ter lugar por sentenza que así o declare e producirá efectos a partir da súa firmeza. Non prexudicará terceiros de boa fe senón a partir da súa inscrición no rexistro civil.

CAPÍTULO IX

DOS EFECTOS COMÚNS Á NULIDADE, SEPARACIÓN E DIVORCIO

90. O convenio regulador a que se refiren os artigos 81 e 86 deste código deberá conter, ao menos, os seguintes extremos:

A) O coidado dos fillos suxeitos á patria potestade de ambos, o exercicio desta e, se é o caso, o réxime de comunicación e estancia dos fillos co proxenitor que non viva habitualmente con eles.

Párrafo e alínea a) redactados pola Lei 15/2005, do 8 de xullo.

B) Se se considera necesario, o réxime de visitas e comunicación dos netos cos seus avós, tendo en conta, sempre, o interese daqueles.

C) A atribución do uso da vivenda e enxoval familiar.

D) A contribución ás cargas do matrimonio e alimentos, ben como as súas bases de actualización e garantías, se for o caso.

E) A liquidación, cando proceda, do réxime económico do matrimonio.

F) A pensión que, conforme o artigo 97, corresponda satisfacer, se for o caso, a un dos cónxuxes.

Os acordos dos cónxuxes, adoptados para regular las consecuencias da nulidade, separación ou divorcio serán aprobados polo xuíz, salvo se son danosos para os fillos ou gravemente prexudiciais para un dos cónxuxes. Se as partes propoñen un réxime de visitas e comunicación dos netos cos avós, o xuíz poderao aprobar logo de audiencia dos avós en que estes presten o seu consentimento. A denegación dos

91 acordos deberase facer mediante resolución motivada e neste caso os cónxuxes deben someter á consideración do xuíz nova proposta para a súa aprobación, se procede. Desde a aprobación xudicial, poderanse facer efectivos pola vía de constringimento.

As medidas que o xuíz adopte na falta de acordo ou as convidas polos cónxuxes poderán ser modificadas xudicialmente ou por novo convenio cando se alteren substancialmente as circunstancias.

O xuíz poderá establecer as garantías reais ou persoais que requira o cumprimento do convenio.

Redactado conforme a Lei 42/2003, do 21 de novembro.

91. Nas sentenzas de nulidade, separación ou divorcio, ou en execución delas, o xuíz, na falta de acordo dos cónxuxes ou en caso de non se aprobar este, determinará, conforme o establecido nos artigos seguintes, as medidas que deban substituír as xa adoptadas con anterioridade en relación cos fillos, a vivenda familiar, as cargas do matrimonio, a liquidación do réxime económico e as cautelas ou garantías respectivas, establecendo as que procedan se para algún destes conceptos non se tiver adoptado ningunha. Estas medidas poderán ser modificadas cando se alteren substancialmente as circunstancias.

92. 1. A separación, a nulidade e o divorcio non eximen os pais das súas obrigacións para cos fillos.

2. O xuíz, cando deba adoptar calquera medida sobre a custodia, o coidado e a educación dos fillos menores, velará polo cumprimento do seu dereito a ser oídos.

3. Na sentenza acordarase a privación da patria potestade cando no proceso se revele causa para isto.

4. Os pais poderán acordar no convenio regulador ou o xuíz poderá decidir, en beneficio dos fillos, que a patria potestade sexa exercida total ou parcialmente por un dos cónxuxes.

5. Acordarase o exercicio compartido da garda e custodia dos fillos cando así o soliciten os pais na proposta de convenio regulador ou cando ambos cheguen a este acordo no transcurso do procedemento. O xuíz, ao acordar a garda

conxunta e despois de fundamentar a súa resolución, adoptará as cautelas procedentes para o eficaz cumprimento do réxime de garda establecido, procurando non separar os irmáns.

6. En todo caso, antes de acordar o réxime de garda e custodia, o xuíz deberá pedir informe do Ministerio Fiscal e oír os menores que teñan suficiente xuízo cando se considere necesario de oficio ou por petición do fiscal, partes ou membros do equipo técnico xudicial, ou do propio menor, valorar as alegacións das partes vertidas na comparecencia e a proba practicada nela, e a relación que os pais manteñan entre si e cos seus fillos para determinar a súa idoneidade co réxime de garda.

7. Non procederá a garda conxunta cando calquera dos pais estea incurso nun proceso penal iniciado por atentar contra a vida, a integridade física, a liberdade, a integridade moral ou a liberdade e indemnidade sexual do outro cónxuxe ou dos fillos que convivan con ambos. Tampouco procederá cando o xuíz advirta, das alegacións das partes e as probas practicadas, a existencia de indicios fundados de violencia doméstica.

8. Excepcionalmente, mesmo cando non se dean os supostos do número cinco deste artigo, o xuíz, por instancia dunha das partes, con informe favorable do Ministerio Fiscal, poderá acordar a garda e custodia compartida fundamentándoa en que só desta forma se protexe adecuadamente o interese superior do menor.

9. O xuíz, antes de adoptar algunha das decisións a que se refiren os números anteriores, de oficio ou por instancia de parte, poderá pedir ditame de especialistas debidamente cualificados, relativo á idoneidade do modo de exercicio da patria potestade e do réxime de custodia dos menores.

Redactado conforme a Lei 15/2005, do 8 de xullo.

93. O xuíz, en todo caso, determinará a contribución de cada proxenitor para satisfacer os alimentos e adoptará as medidas convenientes para asegurar a efectividade e acomodación das prestacións ás circunstancias económicas e necesidades dos fillos en cada momento.

94 De conviviren no domicilio familiar fillos maiores de idade ou emancipados que careceren de ingresos propios, o xuíz, na mesma resolución, fixará os alimentos que sexan debidos conforme os artigos 142 e seguintes deste código.

Redactado conforme a Lei 11/1990, do 15 de outubro.

94. O proxenitor que non teña consigo os fillos menores ou incapacitados gozará do dereito de visitalos, comunicar con eles e telos na súa compañía. O xuíz determinará o tempo, modo e lugar do exercicio deste dereito, que poderá limitar ou suspender se se deren graves circunstancias que así o aconsellen ou se incumpriren grave ou reiteradamente os deberes impostos pola resolución xudicial.

Igualmente poderá determinar, logo de audiencia dos pais e dos avós, que deberán prestar o seu consentimento, o dereito de comunicación e visita dos netos cos avós, conforme o artigo 160 deste código, tendo sempre presente o interese do menor

Redactado conforme a Lei 42/2003, do 21 de novembro.

95. A sentenza firme producirá, a respecto dos bens do matrimonio, a disolución do réxime económico matrimonial.

Se a sentenza de nulidade declara a má fe dun só dos cónxuxes, o que obrou de boa fe poderá optar por aplicar na liquidación do réxime económico matrimonial as disposicións relativas ao réxime de participación e o de má fe non terá dereito a participar nas ganancias obtidas polo seu consorte.

96. Na falta de acordo dos cónxuxes aprobado polo xuíz, o uso da vivenda familiar e dos obxectos de uso ordinario nela corresponden aos fillos e ao cónxuxe en cuxa compañía fiquen.

Cando algúns dos fillos fiquen na compañía dun e os restantes na do outro, o xuíz resolverá o procedente.

Non habendo fillos, poderá acordarse que o uso de tales bens, polo tempo que prudencialmente se fixe, corresponde ao cónxuxe non titular, sempre que, atendidas as circunstan-

cias, o fixeren aconsellable e o seu interese for o máis necesario de protección. **98**

Para dispor da vivenda e bens indicados cuxo uso corresponda ao cónxuxe non titular requirirase o consentimento de ambas as partes ou, se for o caso, autorización xudicial.

97. O cónxuxe ao cal a separación ou divorcio lle produzan un desequilibrio económico en relación coa posición do outro que implique un empeoramento na súa situación anterior no matrimonio, terá dereito a unha compensación que poderá consistir nunha pensión temporal ou por tempo indefinido, ou nunha prestación única, segundo se determine no convenio regulador ou na sentenza.

Na falta de acordo dos cónxuxes, o xuíz, en sentenza, determinará o seu importe tendo en conta as seguintes circunstancias:

- 1.^a Os acordos a que chegasen os cónxuxes.
- 2.^a A idade e estado de saúde.
- 3.^a A cualificación profesional e as probabilidades de acceso a un emprego.
- 4.^a A dedicación pasada e futura á familia.
- 5.^a A colaboración co seu traballo nas actividades mercantís, industriais ou profesionais do outro cónxuxe.
- 6.^a A duración do matrimonio e da convivencia conxugal.
- 7.^a A perda eventual dun dereito de pensión.
- 8.^a O capital e medios económicos e as necesidades dun e outro cónxuxe.
- 9.^a Calquera outra circunstancia relevante.

Na resolución xudicial fixaranse as bases para actualizar a pensión e as garantías para a súa efectividade.

Redactado conforme a Lei 15/2005, do 8 de xullo.

98. O cónxuxe de boa fe cuxo casamento fose declarado nulo terá dereito a unha indemnización se existiu convivencia conxugal, atendidas as circunstancias previstas no artigo 97.

99. En calquera momento poderá converterse a substitución da pensión fixada xudicialmente conforme o artigo 97 pola constitución dunha renda vitalicia, o usufruto de determinados bens ou a entrega dun capital en bens ou en diñeiro.

100. Fixada a pensión e as bases da súa actualización na sentenza de separación ou de divorcio, só poderá ser modificada por alteracións substanciais na fortuna dun ou outro cónxuxe.

101. O dereito á pensión extingúese polo cesamento da causa que o motivou, por contraer o acredor novo matrimonio ou por vivir maritalmente con outra persoa.

O dereito á pensión non se extingue polo único feito da morte do debedor. Non obstante, os herdeiros deste poderán solicitar do xuíz a redución ou supresión daquela, se os bens hereditarios non puideren satisfacer as necesidades da débeda ou afectar os seus dereitos na lexítima.

CAPÍTULO X

DAS MEDIDAS PROVISORIAS POR DEMANDA DE NULIDADE, SEPARACIÓN E DIVORCIO

102. Admitida a demanda de nulidade, separación ou divorcio, prodúcense, por ministerio da lei, os efectos seguintes:

1.º Os cónxuxes poderán vivir separados e cesa a presunción de convivencia conxugal.

2.º Fican revogados os consentimentos e poderes que calquera dos cónxuxes tiver outorgado ao outro.

Así mesmo, salvo pacto en contrario, cesa a posibilidade de vincular os bens privativos do outro cónxuxe no exercicio da potestade doméstica.

Para estes efectos, calquera das partes poderá instar a oportuna anotación no rexistro civil e, se for o caso, nos da propiedade e mercantil.

103. Admitida a demanda, o xuíz, na falta de acordo de ambos os cónxuxes aprobado xudicialmente, adoptará, con audiencia destes, as medidas seguintes:

1.^a Determinar, en interese dos fillos, con cal dos cónxuxes deben ficar os suxeitos á patria potestade de ambos e tomar as disposicións apropiadas de acordo co establecido neste código e, en particular, a forma en que o cónxuxe que non exerza a garda e custodia dos fillos poderá cumprir o deber de velar por estes e o tempo, modo e lugar en que poderá comunicar con eles e telos na súa compañía.

Parágrafo redactado conforme a Lei 15/2005, do 8 de xullo.

Excepcionalmente, os fillos poderán ser encomendados aos avós, parentes ou outras persoas que así o consentiren e, de non os haber, a unha institución idónea, conferíndoselles as funcións tutelares que exercerán baixo a autoridade do xuíz.

Cando exista risco de subtracción do menor por algún dos cónxuxes ou por terceiras persoas, poderanse adoptar as medidas necesarias e, en particular, as seguintes:

- a) Prohibición de saída do territorio nacional, salvo autorización xudicial previa.
- b) Prohibición de expedición do pasaporte ao menor ou retirada del se xa se tiver expedido.
- c) Sometemento a autorización xudicial previa de calquera cambio de domicilio do menor.

2.^a Determinar, tendo en conta o interese familiar máis necesitado de protección, cal dos cónxuxes debe continuar no uso da vivenda familiar e, así mesmo, precedendo inventario, os bens e obxectos do enxoval que continúan nesta e os que debe levar consigo o outro cónxuxe, ben como tamén as medidas cautelares convenientes para conservar o dereito de cada un.

3.^a Fixar a contribución de cada cónxuxe ás cargas do matrimonio, incluídas, se proceder, as litis expensas, establecer as bases para a actualización de cantidades e dispor as garantías, depósitos, retencións ou outras medidas cautelares convenientes, a fin de asegurar a efectividade do que por estes conceptos un cónxuxe deba aboar ao outro.

104 Considerarase contribución ás ditas cargas o traballo que un dos cónxuxes dedicará á atención dos fillos comúns suxeitos a patria potestade.

4.^a Sinalar, atendidas as circunstancias, os bens gananciais ou comúns que, precedendo inventario, se deban entregar a un ou outro cónxuxe e as regras que deban observar na administración e disposición, ben como na obrigatoria rendición de contas sobre os bens comúns ou parte deles que reciban e os que adquiran no sucesivo.

5.^a Determinar, se for o caso, o réxime de administración e disposición daqueles bens privativos que por capitulacións ou escritura pública estiveren especialmente afectados ás cargas do matrimonio.

Redactado conforme a Lei 42/2003, do 21 de novembro.

104. O cónxuxe que se propoña demandar a nulidade, separación ou divorcio do seu matrimonio pode solicitar os efectos e medidas a que se refiren os dous artigos anteriores.

Estes efectos e medidas só subsistirán se, dentro dos trinta días seguintes contando desde que foron inicialmente adoptados, se presentar a demanda ante o xuíz ou tribunal competente.

105. Non incumpre o deber de convivencia o cónxuxe que sae do domicilio conxugal por unha causa razoable e no prazo de trinta días presenta a demanda ou solicitude a que se refiren os artigos anteriores.

106. Os efectos e medidas previstos neste capítulo terminan, en todo caso, cando sexan substituídos polos da sentenza estimatoria ou se poña fin ao procedemento doutro modo.

A revogación de consentimentos e poderes enténdese definitiva.

CAPÍTULO XI

LEI APLICABLE Á NULIDADE, Á SEPARACIÓN E AO DIVORCIO

Rúbrica redactada de conformidade coa Lei orgánica 11/2003, do 29 de setembro.

107. 1. A nulidade do casamento e os seus efectos determinaranse de conformidade coa lei aplicable á súa celebración.

2. A separación e o divorcio rexeranse pola lei nacional común dos cónxuxes no momento da presentación da demanda; na falta de nacionalidade común, pola lei da residencia habitual común do matrimonio no dito momento e, en defecto desta, pola lei da última residencia habitual común do matrimonio se un dos cónxuxes aínda reside habitualmente no dito Estado.

En todo caso, aplicarase a lei española cando un dos cónxuxes sexa español ou resida habitualmente en España:

a) Se non resultar aplicable ningunha das leis anteriormente mencionadas.

b) Se na demanda presentada ante tribunal español, a separación ou o divorcio o piden ambos os cónxuxes ou un co consentimento do outro.

c) Se as leis indicadas no parágrafo primeiro deste número non recoñeceren a separación ou o divorcio ou o fixeren de forma discriminatoria ou contraria á orde pública.

Redactado conforme a Lei orgánica 11/2003, do 29 de setembro.

CAPÍTULO PRIMEIRO

DISPOSICIÓNS XERAIS

REDACCIÓN ORIXINARIA:

«Sección primeira.—Das formas do matrimonio»

42. A lei recoñece dúas formas de matrimonio: o canónico, que deben contraer todos os que profesen a relixión católica, e o civil, que se celebrará do modo que determina este código.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI DO 24 DE ABRIL DE 1958:

«Sección primeira.—Das clases de matrimonio»

42. A lei recoñece dúas clases de matrimonio: o canónico e o civil. O matrimonio deberá contraerse canonicamente cando un, polo menos, dos contraentes profese a relixión católica.

Autorízase o matrimonio civil cando se probe que ningún dos contraentes profesa a relixión católica.»

REDACCIÓN ORIXINARIA..:

«Sección segunda.—Disposicións comúns ás dúas formas de matrimonio»

REDACCIÓN CONFORME A LEI DO 24 DE ABRIL DE 1958:

«Sección segunda.—Disposicións comúns ás dúas clases de matrimonio»

43. Os esponsais de futuro non producen obrigación de contraer matrimonio. Ningún tribunal admitirá demanda en que se pretenda o seu cumprimento.

44. Se a promesa foi feita en documento público ou privado por un maior de idade, ou por un menor asistido da persoa cuxo consentimento sexa necesario para a celebración do casamento, ou se se publicaron as proclamas, o que se negue a casar, sen xusta causa, estará obrigado a resarcir a outra parte dos gastos que fixese por razón do casamento prometido.

A acción para pedir o resarcimento de xestión, a que se refire o parágrafo anterior, só poderá exercerse dentro dun ano, contado desde o día da negativa á celebración do casamento.»

45. REDACCIÓN ORIXINARIA... «Está prohibido o matrimonio:

1.º Ao menor de idade que non obtivese a licenza, e ao maior que non solicitase o consello das persoas ás cales corresponde outorgar unha e outro nos casos determinados pola lei.

2.º Á viúva durante os trescentos un días seguintes ao da morte do seu marido, ou antes do seu parto se ficase encinta, e á muller cuxo casamento fose declarado nulo, nos mesmos casos e termos, contando desde a súa separación legal.

3.º Ao titor e os seus descendentes coas persoas que teña ou tivese en garda até que, finda a tutela, se aproben as contas do seu cargo, salvo o caso de que o pai da persoa suxeita a tutela autorizase o casamento en testamento ou escritura pública.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI DO 24 DE ABRIL DE 1958.—«Está prohibido o matrimonio:

1.º Ao menor de idade non emancipado por anteriores nupcias que non obtivese a licenza das persoas a que corresponda outorgala.

2.º Á viúva durante os trescentos un días seguintes ao da morte do seu marido, ou antes do seu parto se ficase encinta, e á muller cuxo casamento fose declarado nulo, nos mesmos casos e termos, contando desde a súa separación legal.

3.º Ao titor coas persoas que teña ou tivese en garda até que, cesado no seu cargo, se aproben as contas del, salvo o caso de que o pai da persoa suxeita a tutela autorizase o casamento en testamento ou escritura pública.»

46. REDACCIÓN ORIXINARIA... «A licenza de que fala o número 1.º do artigo anterior debe ser concedida aos fillos lexítimos polo pai; faltando este, ou encontrándose impedido, corresponde outorgala, pola súa orde, á nai, aos avós paterno e materno e, na falta de todos, ao consello de familia.

Se se tratar de fillos naturais recoñecidos ou lexitimados por concesión real, o consentimento deberá ser pedido aos que os recoñeceron e lexitimaron, aos seus ascendentes e ao consello de familia, pola orde establecida no parágrafo anterior.

Se se tratar de fillos adoptivos, pedirase o consentimento ao pai adoptante e, na súa falta, ás persoas da familia natural a que corresponda.

Os demais fillos ilexítimos obterán o consentimento da súa nai cando for legalmente coñecida, o dos avós maternos no mesmo caso e, na falta duns e outros, o do consello de familia.

Aos xefes das casas de expósitos correspóndelles prestar o consentimento para o casamento dos educados nelas.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI DO 24 DE ABRIL DE 1958.—«Correspóndelle outorgar a licenza para o casamento dos fillos lexítimos ao pai; faltando este ou encontrándose impedido, en orde sucesiva, á nai, ao avó paterno, ao materno, ás avoas paterna ou materna e, na súa falta, ao consello de familia.»

47. REDACCIÓN ORIXINARIA... «Os fillos maiores de idade están obrigados a pedir consello ao pai e, na súa falta, á nai. Se non o obtiveren ou for desfavorable, non poderá celebrarse o casamento até tres meses despois de feita a petición.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI DO 24 DE ABRIL DE 1958.—«De se tratar de fillos naturais recoñecidos ou lexitimados por concesión real, a licenza deberá ser pedida aos que os recoñeceron e lexitimaron, aos seus ascendentes e ao consello de familia, pola orde establecida no artigo anterior.

De se tratar de fillos adoptivos, pedirase a licenza ao adoptante. Na súa falta, se a adopción for plena, solicitarase ao consello de familia; se for menos plena, antes que a este pedirase ás persoas da mesma familia natural a que corresponda.

Os demais fillos ilexítimos obterán a licenza da súa nai cando for legalmente coñecida; a dos avós maternos no mesmo caso e, na falta duns e outros, a do consello de familia.

Aos xefes das casas de expósitos correspóndelles prestar a licenza para o casamento dos educados nelas.»

48. REDACCIÓN ORIXINARIA... «A licenza e o consello favorable á celebración do casamento deberán acreditarse, ao solicitar este, por medio de documento autorizado por un notario civil ou eclesiástico, ou polo xuíz municipal do domicilio do solicitante. Do propio modo se acreditará o transcurso do tempo a que alude o artigo anterior, cando inutilmente se tiver pedido o consello.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI DO 24 DE ABRIL DE 1958. «Antes da celebración do casamento, os contraentes deberán acreditar que obtiveron a licenza.

En ambas as clases de matrimonio, bastará para isto documento autorizado por un notario ou polo encargado do rexistro civil do domicilio do solicitante.

Cando se trate do matrimonio canónico, poderá ser tamén autorizado o documento polo párroco ou por un notario eclesiástico.»

49. REDACCIÓN ORIXINARIA... «Ningún dos chamados a prestar o seu consentimento ou consello está obrigado a manifestar as razóns en que se funda para concedelo ou negalo, nin contra o seu disenso se dá recurso ningún.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI DO 24 DE ABRIL DE 1958. «Ningún dos chamados a outorgar a licenza está obrigado a manifestar as razóns en que se funda para concedela ou negala.

Non obstante, se a licenza for negada, o casamento poderá celebrarse se o autorizar o ordinario do lugar ou o presidente da Audiencia Territorial, segundo for canónico ou civil. Para todos os efectos, a autorización equivalerá á licenza.

O presidente da Audiencia, oído o Ministerio Fiscal, adoptará a súa resolución en expediente que instruírá o xuíz encargado do rexistro civil do domicilio do solicitante, polo que se oírán os pais e as persoas que xulgue conveniente.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI 30/1981, DO 7 DE XULLO. «Calquera español poderá casar dentro ou fóra de España:

1.º Ante o xuíz ou funcionario sinalado por este código.

2.º Na forma relixiosa legalmente prevista.

Tamén poderá casar fóra de España consonte a forma establecida pola lei do lugar de celebración.»

50. REDACCIÓN ORIXINARIA... «Se, a pesar da prohibición do artigo 45, casaren as persoas comprendidas nel, o seu casamento será válido; mais os contraentes, sen prexuízo do disposto no Código penal, ficarán sometidos ás seguintes regras:

1.^a Entenderase contraído o matrimonio con absoluta separación de bens, e cada cónxuxe reterá o dominio e administración dos que lle pertencen, facendo seus todos os froitos, ben que coa obrigaón de contribuír proporcionalmente ao sostemento das cargas do matrimonio.

2.^a Ningún dos cónxuxes poderá recibir do outro cousa ningunha por doazón nin testamento.

O disposto nas dúas regras anteriores non se aplicará nos casos do número segundo do artigo 45, se se obtivese dispensa.

3.^a Se un dos cónxuxes for menor non emancipado, non recibirá a administración dos seus bens até chegar á maior idade. Entrementes só terá dereito a alimentos, que non poderán exceder a renda líquida dos seus bens.

4.^a Nos casos do número terceiro do artigo 45, o titor perderá, ademais, a administración dos bens da pupila durante a menor idade desta.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI DO 24 DE ABRIL DE 1958. «Se a pesar da prohibición do artigo 45 casaren as persoas comprendidas nel, o seu casamento será válido, mais os cónxuxes ficarán sometidos ás seguintes regras:

1.^a Entenderase contraído o casamento con absoluta separación de bens, e cada cónxuxe reterá o dominio e administración dos que lle pertencen, facendo seus todos os froitos, ben que coa obrigaón de contribuír proporcionalmente ao sostemento das cargas do matrimonio.

2.^a Se un dos cónxuxes for menor non emancipado, non recibirá a administración dos seus bens até chegar á maior idade. Entrementres só terá sobre os ditos bens dereito a alimentos.

3.^a Nos casos do número 3.º do artigo 45, o titor cesará no seu cargo, perdendo a administración dos bens da persoa suxeita a tutela desde que se celebre o casamento.»

51. REDACCIÓN ORIXINARIA... «Non producirá efectos civís o matrimonio canónico ou civil cando calquera dos cónxuxes estiver xa casado lexitimamente.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI 30/1981, DO 7 DE XULLO:

«Sección II. Da celebración ante o xuíz ou funcionario que faga as súas veces

51. Será competente para autorizar o casamento:

1.º O xuíz encargado do rexistro civil.

2.º Nos municipios en que non resida o dito xuíz, o alcalde ou o delegado designado regulamentariamente.

3.º O funcionario diplomático ou consular encargado do rexistro civil no estranxeiro.»

52. REDACCIÓN ORIXINARIA...—«O matrimonio disólvese pola morte dun dos cónxuxes.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI 30/1981, DO 7 DE XULLO.—«Poderá autorizar o casamento do que se ache en perigo de morte:

1.º O xuíz encargado do rexistro civil ou o delegado, aínda que os contraentes non residan na súa circunscrición e, na falta de ambos, o alcalde.

2.º Na falta do xuíz, e a respecto dos militares en campaña, o oficial ou xefe superior inmediato.

3.º Respecto dos casamentos que se celebren a bordo de nave ou aeronave, o capitán ou comandante destas.

Este casamento non requirirá para a súa autorización a formación previa de expediente, mais si a presenza, na súa celebración, de dúas testemuñas maiores de idade, salvo imposibilidade acreditada.»

REDACCIÓN ORIXINARIA...:

«Sección terceira.—Da proba do casamento

53. Os casamentos celebrados antes de rexer este código probaranse polos medios establecidos nas leis anteriores.

Os contraídos despois probaranse só por certificación da acta do rexistro civil, a non ser que os libros deste non existisen ou desaparecesen, ou se suscite contenda ante os tribunais, casos en que será admisible toda especie de proba.»

53. REDACCIÓN CONFORME A LEI 30/1981, DO 7 DE XULLO.—«A validez do casamento non ficará afectada pola incompetencia ou falta de nomeamento lexítimo do xuíz ou funcionario que o autorice, sempre

que polo menos un dos cónxuxes procedese de boa fe e aqueles exercen as súas funcións publicamente.

54. Nos casos a que se refire o parágrafo segundo do artigo anterior, a posesión constante de estado dos pais, unida ás actas de nacemento dos seus fillos en concepto de lexítimos, será un dos medios de proba do casamento daqueles, se non constar que algún dos dous estaba ligado por outro casamento anterior.

55. O matrimonio contraído en país estranxeiro onde estes actos non estiveren suxeitos a un rexistro regular ou auténtico pode acreditarse por calquera dos medios de proba admitidos en dereito.»

55. REDACCIÓN CONFORME A LEI 30/1981, DO 7 DE XULLO.—«Poderá autorizarse no expediente matrimonial que o contraente que non resida no distrito ou demarcación do xuíz ou funcionario autorizante celebre o casamento por apoderado a quen concedese poder especial en forma auténtica, mais sempre será necesaria a asistencia persoal do outro contraente.

No poder determinárase a persoa con quen debe celebrarse o casamento, con expresión das circunstancias persoais precisas para establecer a súa identidade.

O poder extinguírase pola revogación do poderdante, pola renuncia de apoderado ou pola morte de calquera deles. En caso de revogación polo poderdante bastará a súa manifestación en forma auténtica antes da celebración do casamento. A revogación notificaráselle de inmediato ao xuíz ou funcionario autorizante.»

Sección cuarta.—Dos dereitos e obrigacións entre marido e muller

56. Os cónxuxes están obrigados a vivir xuntos, gardarse fidelidade e socorrerse mutuamente.»

57. REDACCIÓN ORIXINARIA...—«O marido debe protexer a muller, e esta obedecer o marido.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI DO 24 DE ABRIL DE 1958.—«O marido e a muller débense respecto e protección recíprocos, e actuarán sempre en interese da familia.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI 30/1981, DO 7 DE XULLO.—«O casamento deberá celebrarse ante o xuíz ou funcionario correspondente ao domicilio de calquera dos contraentes e dúas testemuñas maiores de idade.

A prestación do consentimento poderá tamén realizarse, por delegación do xuíz ou funcionario encargado do rexistro civil competente, quer por petición dos contraentes quer de oficio ante un xuíz ou encargado doutro rexistro civil.»

58. REDACCIÓN ORIXINARIA...—«A muller está obrigada a seguir o seu marido onde queira que fixe a súa residencia. Os tribunais, no entanto, poderán con xusta causa eximila desta obrigación cando o marido traslade a súa residencia a ultramar ou a país estranxeiro.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI 14/1975, DO 2 DE MAIO.—«Os cónxuxes fixarán de mutuo acordo o lugar da súa residencia. Na súa falta, se houber fillos comúns, prevalecerá a decisión de quen exerza a patria potestade, sen prexuízo de que por instancia do outro cónxuxe poida o xuíz determinar o procedente en interese da familia. Nos demais casos, resolverán os tribunais.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI 30/1981, DO 7 DE XULLO.—«O xuíz ou funcionario, despois de lidos os artigos 66, 67 e 68, preguntará a cada un dos contraentes se consenten en contraer matrimonio co outro e se efectivamente o contraen no dito acto e, respondendo ambos afirmativamente, declarará que fican unidos en matrimonio e redactará a inscrición ou a acta correspondente.»

59. REDACCIÓN ORIXINARIA...—«O marido é o administrador dos bens da sociedade conxugal, salvo estipulación en contrario e o disposto no artigo 1.384.

Se for menor de dezaioito anos, non poderá administrar sen o consentimento do seu pai; na falta deste, sen o da súa nai, e na falta de ambos, sen o do seu titor.

Tampouco poderá comparecer en xuízo sen a asistencia das ditas persoas.

En ningún caso, mentres non chegue á maior idade, poderá o marido, sen o consentimento das persoas mencionadas no parágrafo anterior, tomar diñeiro a préstamo, gravar nin allear os bens raíces.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI 14/1975, DO 2 DE MAIO.—«O marido é o administrador dos bens da sociedade conxugal, salvo estipulación en contrario.»

60. REDACCIÓN ORIXINARIA...—«O marido é o representante da súa muller. Esta non pode, sen a súa licenza, comparecer en xuízo por si ou por medio de procurador.

Non necesita, porén, desta licenza para defenderse en xuízo criminal, nin para demandar ou defenderse nos preitos co seu marido, ou cando obtivese habilitación conforme o que dispoña a Lei de axuizamento civil.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI 14/1975, DO 2 DE MAIO.—«O marido e a muller menores de dezaioito anos non poderán administrar os bens comúns, cando lles corresponda, sen o consentimento do outro cónxuxe se for maior de idade. Se este for menor de idade e, en todo caso, se se tratar de bens privativos, o menor de dezaioito anos non poderá administrar sen o consentimento do seu pai; na falta deste, sen o da súa nai, e, na falta de ambos, sen o do seu titor.»

61. REDACCIÓN ORIXINARIA...—«Tampouco pode a muller, sen licenza ou poder do seu marido, adquirir por título oneroso nin lucrativo, allear os seus bens, nin obrigarse, senón nos casos e coas limitacións establecidas pola lei.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI 14/1975, DO 2 DE MAIO.—«En ningún caso, mentres non cheguen á maior idade, poderán o marido ou a muller,

sen o consentimento das persoas mencionadas no artigo anterior, tomar diñeiro a préstamo, gravar nin allear os bens raíces.»

62. REDACCIÓN ORIXINARIA...—«Son nulos os actos executados pola muller contra o disposto nos anteriores artigos, salvo cando se trate de cousas que pola súa natureza estean destinadas ao consumo ordinario da familia, caso en que as compras feitas pola muller serán válidas. As compras de xoias, mobles e obxectos preciosos, feitas sen licenza do marido, só se validarán cando este lle consentise á súa muller o uso e desfrute de tales obxectos.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI 14/1975, DO 2 DE MAIO.—«O casamento non restrinxe a capacidade de obrar de ningún dos cónxuxes.

O casado menor de idade necesitará para comparecer en xuízo, segundo os casos, o consentimento das persoas mencionadas nos artigos 60 e 61.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI 30/1981, DO 30 DE XULLO.—«O xuíz ou funcionario ante quen se celebre o casamento redactará, inmediatamente despois de celebrado, a inscrición ou a acta correspondente coa súa sinatura e a dos contraentes e testemuñas.

Así mesmo, practicada a inscrición ou redactada a acta, o xuíz ou funcionario entregará a cada un dos contraentes documento acreditativo da celebración do casamento.»

63. REDACCIÓN ORIXINARIA...—«Poderá a muller sen licenza do seu marido:

1.º Outorgar testamento.

2.º Exercer os dereitos e cumprir os deberes que lle correspondan a respecto dos fillos lexítimos ou naturais recoñecidos que tivese doutro, e a respecto dos bens deles.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI 14/1975, DO 2 DE MAIO.—«Ningún dos cónxuxes pode atribuírse a representación do outro sen que lle fose conferida voluntariamente.»

64. REDACCIÓN ORIXINARIA...—«A muller gozará das honras do seu marido, excepto as que foren estrita e exclusivamente persoais, e conservaraas mentres non contraia novo matrimonio.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI 14/1975, DO 2 DE MAIO.—«O marido e a muller gozarán das honras do seu consorte, excepto as que foren estrita e exclusivamente persoais, e conservaranas mentres non contraían novo matrimonio. En caso de separación legal non as perderá o cónxuxe inocente.»

65. REDACCIÓN ORIXINARIA...—«Só o marido e os seus herdeiros poderán reclamar a nulidade dos actos outorgados pola muller sen licenza ou autorización competente.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI 14/1975, DO 2 DE MAIO.—«Cando a lei requira para actos determinados que un dos cónxuxes actúe co consentimento do outro, os realizados sen el e que non fosen expresa ou tacita-

mente confirmados, poderán ser anulados por instancia do cónxuxe cuxo consentimento se omitise ou dos seus herdeiros.»

107

66. REDACCIÓN ORIXINARIA...—«O establecido nesta sección enténdese sen prexuízo do disposto no presente código sobre ausencia, incapacidade, prodigalidade e interdicción do marido.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI 14/1975, DO 2 DE MAIO.—«Calquera dos cónxuxes poderá realizar os actos relativos a cousas ou servizos para atender as necesidades ordinarias da familia, encomendadas ao seu coidado, conforme o uso do lugar e as circunstancias e posición daquela.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI 30/1981, DO 7 DE XULLO.—«O marido e a muller son iguais en dereitos e deberes.»

REDACCIÓN ORIXINARIA.. :

«Sección quinta.—Dos efectos da nulidade do casamento e dos do divorcio

67. Os efectos civís das demandas e sentenzas sobre nulidade de casamento e sobre divorcio só poden obterse ante os tribunais ordinarios.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI DO 24 DE ABRIL DE 1958:

«Sección quinta.—Dos efectos da nulidade do matrimonio e os de separación dos cónxuxes

67. A muller que se propoña demandar a separación ou nulidade do seu matrimonio pode pedir ser separada provisoriamente do seu marido e que se lle confíen, con igual carácter, os fillos menores de sete anos, se lle sinale un domicilio e, se for menor de idade, a persoa baixo a custodia da cal teña que ficar, ben como os auxilios económicos necesarios a cargo do seu cónxuxe, medidas que ficarán sen efecto se nos trinta días seguintes non se acreditar a interposición da demanda ou logo que se xustificar a inadmisión desta».

REDACCIÓN CONFORME A LEI 30/1981, DO 7 DE XULLO.- «O marido e a muller deben respectarse e axudarse mutuamente e actuar en interese da familia.»

68. REDACCIÓN ORIXINARIA...—«Interpostas e admitidas as demandas de que fala o artigo anterior, adoptaranse, mentres durar o xuízo, as disposicións seguintes:

- 1.^a Separar os cónxuxes en todo caso.
- 2.^a Depositar a muller nos casos e forma previstos na Lei de axuíamento civil.
- 3.^a Pór os fillos ao coidado dun dos cónxuxes ou dos dous, segundo proceda.
- 4.^a Sinalar alimentos á muller e aos fillos que non fiquen en poder do pai.
- 5.^a Ditar as medidas necesarias para evitar que o marido que tiver dado causa ao divorcio, ou contra quen se deducir a demanda de nuli-

dade do matrimonio, prexudique a muller na administración dos seus bens.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI DO 24 DE ABRIL DE 1958.—«Admitidas as demandas de nulidade ou de separación de matrimonio, o xuíz adoptará, durante a substanciación do proceso, as medidas seguintes:

1.^a Separar os cónxuxes en todo caso.

2.^a Determinar cal dos cónxuxes debe continuar no uso da vivenda común, tendo en conta, ante todo, o interese familiar máis urxentemente necesitado de protección, ben como as roupas, obxectos e mobles que poderá levar consigo o cónxuxe que teña que saír daquela.

3.^a Fixar discrecionalmente en poder de cal dos cónxuxes deben ficar todos ou algún dos fillos, e quen daqueles exercerá a patria potestade.

En casos excepcionais poderanse encomendar os fillos a outra persoa ou institución adecuada, que asumirá as funcións tutelares; as de protitor e consello de familia corresponderán á autoridade xudicial.

O xuíz determinará o tempo, modo e lugar en que o cónxuxe apartado dos fillos os poderá visitar e comunicarse con eles.

4.^a Canto ao réxime económico matrimonial seguiranse as seguintes regras:

O marido conservará a administración e disposición dos seus bens.

Transferirase á muller a administración dos parafernais que tiver entregado ao marido, mais necesitará autorización xudicial para os actos que excedan a administración ordinaria.

Manterase, canto aos bens dotais, o réxime anterior á presentación da demanda, salvo que o xuíz considere conveniente transferir á muller a administración dos bens do dote inestimado.

O xuíz, atendidas as circunstancias do caso, poderá, excepcionalmente, conferir á muller a administración dos bens gananciais ou dalgún deles.

Será necesaria licenza xudicial para os actos que excedan a mera administración dos gananciais, calquera que sexa o cónxuxe que os administre.

Procederase con criterio análogo ao sinalado nesta regra cuarta cando o réxime económico matrimonial sexa distinto do de gananciais.

5.^a Sinalar alimentos á muller, e, se for o caso, ao marido, ben como aos fillos que non fiquen en poder do obrigado a dar alimentos, sen que este poida optar por prestalos na propia casa.

6.^a Acordar, se proceder, o aboamento de litis expensas, determinando a contía e a persoa obrigada ao pagamento.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI 14/1975, DO 2 DE MAIO.—«Admitidas as demandas de nulidade ou de separación de matrimonio, o xuíz adoptará durante a substanciación do proceso as medidas seguintes:

1.^a Separar os cónxuxes en todo caso.

2.^a Determinar cal dos cónxuxes debe continuar no uso da vivenda común, tendo en conta, ante todo, o interese familiar máis urxentemente

necesitado de protección, ben como as roupas, obxectos e mobles que poderá levar consigo o cónxuxe que deba saír daquela.

3.^a Fixar discrecionalmente en poder de cal dos cónxuxes deben ficar todos ou algún dos fillos e quen daqueles exercerá a patria potestade.

En casos excepcionais poderanse encomendar os fillos a outra persoa ou institución adecuada, que asumirá as funcións tutelares; as do protitor e consello de familia corresponderán á autoridade xudicial.

O xuíz, discrecionalmente, determinará o tempo, modo e lugar en que o cónxuxe apartado dos fillos os poderá visitar e comunicarse con eles e telos na súa compañía.

4.^a Canto ao réxime económico matrimonial, seguiranse as seguintes regras:

Cada un dos cónxuxes terá a administración e disposición dos seus bens privativos e entenderanse revogadas as facultades que un deles tiver outorgado ao outro.

Manterase, canto aos bens dotais, o réxime anterior á presentación da demanda, salvo que o xuíz considere conveniente transferir á muller a administración dos bens do dote inestimado.

O xuíz, atendidas as circunstancias do caso, determinará a cal dos cónxuxes se atribúe a administración dos bens gananciais ou de parte deles.

Será necesaria licenza xudicial para os actos que excedan a mera administración dos gananciais, calquera que sexa o cónxuxe que os administre.

Procederase con criterio análogo ao sinalado nesta regra cuarta cando o réxime económico matrimonial sexa distinto do de gananciais.

5.^a Sinalar alimentos á muller, e, se for o caso, ao marido, ben como aos fillos que non fiquen en poder do obrigado a dar alimentos, sen que este poida optar por prestalos na propia casa.

6.^a Acordar, se procede, o aboamento de litis expensas, determinando a contía e a persoa obrigada ao pagamento.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI 30/1981, DO 7 DE XULLO.- «Os cónxuxes están obrigados a vivir xuntos, gardarse fidelidade e socorrerse mutuamente.»

69. REDACCIÓN ORIXINARIA...—«O matrimonio contraído de boa fe produce efectos civís, aínda que sexa declarado nulo.

Se interveu boa fe de parte dun só dos cónxuxes, produce unicamente efectos civís a respecto del e dos fillos.

A boa fe presúmese, se non constar o contrario.

Se interveu má fe por parte de ambos os cónxuxes, o casamento só producirá efectos civís respecto dos fillos.»

70. REDACCIÓN ORIXINARIA...—«Executoriada a nulidade do matrimonio, ficarán os fillos homes maiores de tres anos ao coidado do pai, e as fillas ao coidado da nai, se de parte de ambos os cónxuxes houbo boa fe.

Se a boa fe estivese de parte dun só dos cónxuxes, ficarán baixo o seu poder e coidado os fillos de ambos os sexos.

Se a má fe for de ambos, o tribunal resolverá sobre a sorte dos fillos na forma que dispón o parágrafo segundo do número 2 do artigo 73.

Os fillos e fillas menores de tres anos estarán en todo caso, até cumpriren esta idade, ao coidado da nai, a non ser que, por motivos especiais, dispuxer outra cousa a sentenza.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI DO 24 DE ABRIL DE 1958.—«A executoria de nulidade do casamento producirá os seguintes efectos:

Os fillos maiores de sete anos ficarán ao coidado do pai, e as fillas ao coidado da nai, se de parte de ambos os cónxuxes houbo boa fe.

Se a boa fe estivese de parte dun só dos cónxuxes, ficarán baixo o seu poder e coidado os fillos de ambos os sexos.

Se a má fe for de ambos, o tribunal resolverá sobre a sorte dos fillos na forma que dispón o parágrafo segundo do número 2.º do artigo 73.

Os fillos e fillas menores de sete anos estarán, até cumpriren esta idade, ao coidado da nai.

No entanto, do establecido nestas normas, se o tribunal que coñeceu sobre a nulidade do matrimonio proveuse, por motivos especiais, na súa sentenza acerca do coidado dos fillos, deberá observarse en todo caso o decretado por el.

Por análogos motivos, e no que non dispuxese a sentenza de nulidade, o xuíz que teña que executala poderá tamén aplicar o seu criterio discrecional, segundo as particularidades do caso.»

71. REDACCIÓN ORIXINARIA...—«O disposto nos parágrafos primeiro e segundo do artigo anterior non terá lugar se os pais, de común acordo, proveesen doutro modo ao coidado dos fillos.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI DO 24 DE ABRIL DE 1958.—«O disposto nos parágrafos primeiro e segundo do artigo anterior non terá lugar se os pais, de común acordo, proveesen doutro modo ao coidado dos fillos, deixando sempre a salvo o establecido nos dous últimos parágrafos do mesmo artigo.»

72. REDACCIÓN ORIXINARIA...—«A executoria de nulidade producirá, a respecto dos bens do matrimonio, os mesmos efectos que a disolución por morte, mais o cónxuxe que obrase de má fe non terá dereito aos gananciais.

Se a má fe se estender a ambos, ficará compensada.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI DO 24 DE ABRIL DE 1958.—«A sentenza firme de nulidade producirá, respecto dos bens do matrimonio, os mesmos efectos que a disolución por morte, mais o cónxuxe que obrase de má fe non terá dereito aos gananciais.

Se a má fe se estender a ambos, ficará compensada.»

73. REDACCIÓN ORIXINARIA...—«A sentenza de divorcio producirá os seguintes efectos:

1.º A separación dos cónxuxes.

2.º Ficareu ou seren postos os fillos baixo a potestade e protección do cónxuxe inocente.

Se ambos foren culpables, proveranse de titor os fillos, conforme as disposicións deste código. Isto non obstante, se a sentenza non dispuxese outra cousa, a nai terá ao seu coidado en todo caso os fillos menores de tres anos.

Á morte do cónxuxe inocente volverá o culpable a recobrar a patria potestade e os seus dereitos, se a causa que deu orixe ao divorcio foi o adulterio, os maos tratamentos de obra ou as inxurias graves. Se foi distinta nomearáselles titor aos fillos. A privación da patria potestade e dos seus dereitos non exime o cónxuxe culpable do cumprimento das obrigacións que este código lle impón a respecto dos seus fillos.

3.º Perder o cónxuxe culpable todo o que fose dado ou prometido polo inocente ou por outra persoa en consideración a este, e conservar o inocente todo canto tivese recibido do culpable, podendo, ademais, reclamar inmediatamente o que este lle tivese prometido.

4.º A separación dos bens da sociedade conxugal e a perda da administración dos da muller, se a tiver o marido, e se for quen tivese dado causa ao divorcio.

5.º A conservación, por parte do marido inocente, da administración, se a tiver, dos bens da muller, a cal só terá dereito a alimentos.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI DO 24 DE ABRIL DE 1958.—«A execución de separación producirá os seguintes efectos:

1.º A separación dos cónxuxes.

2.º Ficareu ou seren postos os fillos baixo a potestade e protección do cónxuxe inocente.

Se ambos foren culpables, o xuíz, discrecionalmente, poderá prover os fillos de titor conforme as disposicións deste código. Isto non obstante, se ao xulgarse sobre a separación non se dispuxo outra cousa, a nai terá ao seu coidado, en todo caso, os fillos menores de sete anos.

Á morte do cónxuxe inocente volverá o culpable a recobrar a patria potestade e os seus dereitos, se a causa que deu orixe á separación non afectar a formación moral dos fillos. Noutro caso serán provistos de titor. A privación da patria potestade e dos seus dereitos non exime o cónxuxe culpable do cumprimento das obrigacións que este código lle impón a respecto dos seus fillos.

No entanto, do anteriormente establecido, se ao xulgarse sobre a separación se proveuse, por motivos especiais, acerca do coidado dos fillos, deberá observarse en todo caso o decretado.

Por análogos motivos, no que non se proveuse, o xuíz encargado da execución poderá tamén aplicar o seu criterio discrecional, segundo as particularidades do caso.

3.º Perder o cónxuxe culpable todo o que fose dado ou prometido polo inocente ou por outra persoa en consideración a este, e conservar o inocente todo canto tivese recibido do culpable, podendo, ademais, reclamar inmediatamente o que este lle tivese prometido.

4.º A separación dos bens da sociedade conxugal, tendo cada un o dominio e administración dos que lle correspondan.

5.º A conservación por parte do cónxuxe inocente e perda polo culpable do dereito aos alimentos.

6.º O cónxuxe inocente, o titor dos fillos ou o Ministerio Fiscal poderán pedir hipoteca suficiente sobre os bens do culpable, retención de soldos e salarios, depósito de valores e cantas medidas cautelares sexan necesarias para que poida cumprirse o estatuído no parágrafo segundo do artigo 1.434.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI 14/1975, DO 2 DE MAIO.—«A executoria de separación producirá os seguintes efectos:

1.º A separación dos cónxuxes.

2.º Ficarem ou seren postos os fillos baixo a potestade e protección do cónxuxe inocente.

Se ambos foren culpables, o xuíz, discrecionalmente, poderá prover os fillos de titor, conforme as disposicións deste código. Isto non obstante, se ao xulgarse sobre a separación non se dispuxo outra cousa, a nai terá ao seu coidado, en todo caso, os fillos menores de sete anos.

Á morte do cónxuxe inocente, volverá o culpable a recobrar a patria potestade e os seus dereitos, se a causa que deu orixe á separación non afectar a formación moral dos fillos. Noutro caso serán provistos de titor. A privación da patria potestade e dos seus dereitos non exime o cónxuxe culpable do cumprimento das obrigacións que este código lle impón a respecto dos seus fillos.

No entanto, do anteriormente establecido, se ao xulgarse sobre a separación se tiver provido, por motivos especiais, acerca do coidado dos fillos, deberá observarse en todo caso o decretado.

Por análogos motivos, no que non se provea, o xuíz encargado da execución poderá tamén aplicar o seu criterio discrecional, segundo as particularidades do caso.

3.º Perder o cónxuxe culpable todo o que fose dado ou prometido polo inocente ou por outra persoa en consideración a este, e conservar o inocente todo canto tivese recibido do culpable, podendo, ademais, reclamar inmediatamente o que este lle tivese prometido.

4.º A separación dos bens da sociedade conxugal, tendo cada un o dominio e administración dos que lle correspondan.

5.º A conservación por parte do cónxuxe inocente e perda polo culpable do dereito aos alimentos.

6.º O cónxuxe inocente, o titor dos fillos ou o Ministerio Fiscal poderán pedir hipoteca legal suficiente sobre os bens do culpable, retención de soldos e salarios, depósito de valores e cantas medidas cautelares sexan necesarias para que poida cumprirse o estatuído no artigo 1.435.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI 30/1981, DO 30 DE XULLO.—«É nulo, calquera que sexa a forma da súa celebración:

1.º O casamento celebrado sen consentimento matrimonial.

2.º O casamento celebrado entre as persoas a que se refiren os artigos 46 e 47, salvo os casos de dispensa conforme o artigo 48.

3.º O que se contraia sen a intervención do xuíz ou funcionario ante quen deba celebrarse, ou sen a das testemuñas.

4.º O celebrado por erro na identidade da persoa do outro contraente ou naquelas calidades persoais que, pola súa entidade, foron determinantes da prestación do consentimento.

5.º O contraído por coacción ou medo grave.»

74. REDACCIÓN ORIXINARIA...—«A reconciliación pon termo ao xuízo de divorcio e deixa sen efecto ulterior a sentenza ditada nel; mais os cónxuxes deberán pór aquela en coñecemento do tribunal que entenda ou entendese no litixio.

Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, subsistirán, canto aos fillos, os efectos da sentenza cando esta se funde no conato ou a convivencia do marido ou da muller para corromper os seus fillos ou prostituír as súas fillas; neste caso, se aínda continúan os uns ou as outras baixo a patria potestade dos tribunais, adoptarán as medidas convenientes para preservalos da corrupción ou prostitución.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI DO 24 DE ABRIL DE 1958.—«A reconciliación pon termo ao procedemento de separación e deixa sen efecto ulterior o resolto nel, mais os cónxuxes deberán pór aquela en coñecemento do tribunal que entenda ou entendese no litixio.

Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, subsistirán canto aos fillos os efectos da separación cando esta se funde no conato ou a convivencia do marido, ou da muller, para corromper os seus fillos ou prostituír as súas fillas; neste caso, se aínda os uns e as outras están baixo a patria potestade, os tribunais adoptarán as medidas convenientes para preservalos da corrupción ou prostitución.»

CAPÍTULO II

DO MATRIMONIO CANÓNICO

75. REDACCIÓN ORIXINARIA...—«Os requisitos, forma e solemnidades para a celebración do matrimonio canónico réxense polas disposicións da Igrexa Católica e do Santo Concilio de Trento, admitidas como leis do Reino.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI DO 24 DE ABRIL DE 1958. «O matrimonio canónico, en canto se refire á súa constitución e validez e, en xeral, á súa regulamentación xurídica, rexerase polas disposicións da Igrexa Católica.»

76. REDACCIÓN ORIXINARIA...—«O casamento canónico producirá todos os efectos civís respecto das persoas e bens dos cónxuxes e os seus descendentes.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI DO 24 DE ABRIL DE 1958. «O casamento celebrado segundo as normas do dereito canónico produce desde a súa celebración plenos efectos civís.

Para estes seren recoñecidos bastará coa inscrición do casamento correspondente no rexistro civil.

Cando a inscrición se solicite unha vez transcorridos cinco días desde a celebración, non prexudicará os dereitos lexítimamente adquiridos por terceiras persoas.»

77. REDACCIÓN ORIXINARIA...—«Ao acto da celebración do casamento canónico asistirá o xuíz municipal ou outro funcionario do Estado, co único fin de verificar a inmediata inscrición no rexistro civil. Con este obxecto, os contraentes están obrigados a pór por escrito en coñecemento do xulgado municipal respectivo, con vinte e catro horas de anticipación, polo menos, o día, hora e sitio en que deberá celebrarse o casamento, incorrendo, de non o faceren, nunha multa de 5 a 80 pesetas. O xuíz municipal dará recibo do aviso dos contraentes. Se se negar a dalo, incorrerá nunha multa que non baixará de 20 pesetas, nin excederá 100.

Non se procederá á celebración do casamento canónico sen a presentación do dito recibo ao cura párroco.

Se o casamento se celebrar sen a concorrencia do xuíz municipal ou o seu delegado, a pesar de o teren avisado os contraentes, farase á custa daquel a transcrición da partida do casamento canónico no rexistro civil, pagando ademais unha multa que non baixará de 20 pesetas nin excederá 100. Neste caso, o casamento producirá todos os seus efectos civís desde o instante da súa celebración.

Se a culpa for dos contraentes, por non teren dado aviso ao xuíz municipal, poderán aqueles emendar a falta solicitando a inscrición do casamento no rexistro civil. Neste caso, non producirá efectos civís o casamento senón desde a súa inscrición.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI DO 24 DE ABRIL DE 1958.—«Están obrigados a promover a inscrición do casamento no rexistro civil os propios contraentes. Con este fin porán por escrito en coñecemento do xuíz encargado do rexistro competente, con vinte e catro horas de anticipación, polo menos, o día, hora e lugar do acto. O xuíz encargado dará recibo do dito aviso e asistirá por si ou por delegado á celebración do casamento canónico para o único efecto de verificar a inmediata inscrición no rexistro civil.

Se o casamento se celebrar sen a asistencia do xuíz encargado, a pesar de teren dado o aviso os contraentes, farase á custa daquel a inscrición do casamento.

En todo caso, e sen prexuízo das sancións en que incorran por culpa ou negligencia os particulares e funcionarios obrigados a promover ou practicar a inscrición do casamento canónico, esta poderá facerse en calquera momento, mesmo falecidos os contraentes, por petición de calquera interesado e mediante copia auténtica da acta sacramental ou de certificación eclesíastica acreditativa do casamento.

A inscrición no rexistro deberá ser comunicada ao párroco.»

78. REDACCIÓN ORIXINARIA... «Os que contraeren matrimonio canónico *in articulo mortis* poderán dar aviso ao encargado do rexistro

civil en calquera instante anterior á celebración e acreditar de calquera maneira que cumpriron este deber.

As penas impostas aos contraentes que omitiren aquel requisito non serán aplicables ao caso do casamento *in articulo mortis* cando conste que foi imposible dar oportunamente o aviso. En todo caso, para o casamento producir efectos civís desde a data da súa celebración, a partida sacramental deberá ser inscrita no rexistro dentro dos dez días seguintes.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI DO 24 DE ABRIL DE 1958. «Os que contraeren matrimonio canónico *in articulo mortis* poderán dar aviso ao encargado do rexistro civil en calquera instante anterior á celebración e acreditar de calquera maneira que cumpriron este deber.

As sancións impostas aos contraentes que omitiron aquel requisito non serán aplicables ao caso do casamento *in articulo mortis* cando conste que foi imposible dar oportunamente aviso.»

79. REDACCIÓN ORIXINARIA...—«O casamento secreto de conciencia, celebrado perante a Igrexa, non está suxeito a ningunha formalidade na orde civil, nin producirá efectos civís senón desde que se publique mediante a súa inscrición no rexistro.

Este casamento producirá, no entanto, efectos civís desde a súa celebración se ambos os contraentes, de común acordo, solicitaren do bispo que o autorizase un traslado da partida consignada no rexistro secreto do bispado, e a remitiren directamente e coa conveniente reserva á Dirección Xeral do Rexistro Civil, solicitando a súa inscrición. Para o efecto, a Dirección Xeral levará un rexistro especial e secreto coas precaucións necesarias para que non se coñeza o contido destas inscricións até os interesados solicitaren darlle publicidade trasladándoas ao rexistro municipal do seu domicilio.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI DO 24 DE ABRIL DE 1958. «O casamento secreto de conciencia, celebrado perante a Igrexa, non está sometido ao disposto no artigo 77.

Para os efectos civís, basta a súa inscrición no rexistro especial que se leva na Dirección Xeral dos Rexistros, mais non prexudicará os dereitos adquiridos lexitimamente por terceiras persoas senón desde a súa publicación no rexistro civil correspondente, a cal se practicará por petición dos cónxuxes, de común acordo, do sobrevivente se o outro faleceu, ou do ordinario nos casos en que cesa para el a obrigaición canónica do segredo.»

80. REDACCIÓN ORIXINARIA...—«O coñecemento dos preitos sobre nulidade e divorcio dos matrimonios canónicos corresponde aos tribunais eclesiásticos.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI DO 24 DE ABRIL DE 1958.—«O coñecemento das causas sobre nulidade e separación dos matrimonios canónicos, sobre dispensa do casamento rato e non consumado e sobre uso e aplicación do privilexio paulino, corresponde exclusivamente á xurisdición eclesiástica, conforme o procedemento canónico, e as súas senten-

zas e resolucións firmes terán eficacia na orde civil, segundo o teor do artigo 82.»

81. REDACCIÓN ORIXINARIA...—«Incoada ante o tribunal eclesiástico unha demanda de divorcio ou de nulidade de casamento, corresponde ao tribunal civil ditar, por instancia da parte interesada, as disposicións referidas no artigo 68.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI DO 24 DE ABRIL DE 1958.—«Incoada ante a xurisdición eclesiástica unha demanda de nulidade ou de separación de matrimonio, corresponde á xurisdición civil ditar, por instancia da parte interesada, as disposicións referidas no artigo 68.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI 30/1981, DO 7 DE XULLO.—«Decretarase xudicialmente a separación, calquera que sexa a forma de celebración do casamento:

1.º Por petición de ambos os cónxuxes ou dun co consentimento do outro, unha vez transcorrido o primeiro ano de matrimonio. Deberá necesariamente xuntarse a demanda á proposta do convenio regulador da separación conforme os artigos 90 e 103 deste código.

2.º Por petición dun dos cónxuxes, cando o outro estea incurso en causa legal de separación.»

82. REDACCIÓN ORIXINARIA...—«A sentenza firme de nulidade ou divorcio do casamento canónico inscribirase no rexistro civil e presentárase ao tribunal ordinario para solicitar a súa execución na parte relativa aos efectos civís.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI DO 24 DE ABRIL DE 1958.—«A xurisdición civil promoverá a inscrición e executará en todo o demais relativo a efectos civís as sentenzas e resolucións firmes ditadas pola xurisdición eclesiástica sobre nulidade ou separación de matrimonio canónico e sobre dispensa de casamento rato non consumado ou aplicación do privilexio paulino. A execución levarase a cabo en virtude de comunicación canónica da sentenza ou resolucións, ou por instancia de quen teña interese lexítimo ou presente o oportuno testemuño.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI 30/1981, DO 7 DE XULLO.—« Son causas de separación:

1.ª O abandono inxustificado do lar, a infidelidade conxugal, a conduta inxuriosa ou vexatoria e calquera outra violación grave ou reiterada dos deberes conxugais.

Non se poderá invocar como causa a infidelidade conxugal se existe separación previa de feito libremente consentida por ambos ou imposta polo que a alegue.

2.ª Calquera violación grave ou reiterada dos deberes respecto dos fillos comúns ou respecto dos de calquera dos cónxuxes que convivan no fogar familiar.

3.ª A condena a pena de privación de liberdade por tempo superior a seis anos.

4.^a O alcoholismo, a toxicomanía ou as perturbacións mentais, sempre que o interese do outro cónxuxe ou o da familia exixan a suspensión da convivencia.

5.^a O cesamento efectivo da convivencia conxugal durante seis meses, libremente consentido. Entenderase libremente prestado este consentimento cando un cónxuxe requirise, de forma que faga fe, o outro para prestalo, apercibíndoo expresamente das consecuencias disto, e este non mostrase a súa vontade en contra por calquera medio admitido en dereito ou pedise a separación ou as medidas provisionais a que se refire o artigo 103, no prazo de seis meses a partir do citado requirimento.

6.^a O cesamento efectivo da convivencia conxugal durante o prazo de tres anos.

7.^a Calquera das causas de divorcio nos termos previstos nos números 3.º, 4.º e 5.º do artigo 86. »

REDACCIÓN ORIXINARIA..:

«CAPÍTULO III

DO MATRIMONIO CIVIL

Sección primeira.—Da capacidade dos contraentes

83. Non poden contraer matrimonio:

1.º Os homes menores de catorce anos cumpridos e as mulleres menores de doce, tamén cumpridos.

Terase, non obstante, por validado *ipso facto*, e sen necesidade de declaración expresa, o matrimonio contraído por impúberes, se un día despois de teren chegado á puberdade legal tivesen vivido xuntos sen ter reclamado en xuízo contra a súa validez, ou se a muller tiver concibido antes da puberdade legal ou de terse presentado a reclamación.

2.º Os que non estiveren no pleno exercicio da súa razón no momento de contraeren matrimonio.

3.º Os que padeceren impotencia física, absoluta ou relativa, para a procreación con anterioridade á celebración do casamento, dunha maneira patente, perpetua e incurable.

4.º Os ordenados *in sacris* e os profesos nunha orde relixiosa canonicamente aprobada, ligados con voto solemne de castidade, a non ser que uns e outros obtivesen a correspondente dispensa canónica.

5.º Os que se encontren ligados con vínculo matrimonial.»

84. REDACCIÓN ORIXINARIA... «Tampouco poden contraer matrimonio entre si:

1.º Os ascendentes e descendentes por consanguinidade ou afinidade lexítima ou natural.

2.º Os colaterais por consanguinidade lexítima até o cuarto grao.

3.º Os colaterais por afinidade lexítima até o cuarto grao.

4.º Os colaterais por consanguinidade ou afinidade natural até o segundo grao.

5.º O pai ou nai adoptante e o adoptado; este e o cónxuxe viúvo daqueles, e aqueles e o cónxuxe viúvo deste.

6.º Os descendentes lexítimos do adoptante co adoptado, mentres subsista a adopción.

7.º Os adúlteros que fosen condenados por sentenza firme.

8.º Os que fosen condenados como autores, ou como autor e cómplice, da morte do cónxuxe de calquera deles.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI DO 26 DE MAIO DE 1978. «Tampouco poden contraer matrimonio entre si:

1.º Os ascendentes e descendentes por consanguinidade ou afinidade lexítima ou natural.

2.º Os colaterais por consanguinidade lexítima até o cuarto grao.

3.º Os colaterais por afinidade lexítima até o cuarto grao.

4.º Os colaterais por consanguinidade ou afinidade natural até o segundo grao.

5.º O pai ou nai adoptante e o adoptado; este e o cónxuxe viúvo daqueles, e aqueles e o cónxuxe viúvo deste.

6.º Os descendentes lexítimos do adoptante co adoptado, mentres subsista a adopción.

7.º Os que fosen condenados como autores, ou como autor e cómplice, da morte do cónxuxe de calquera deles.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI 30/1981, DO 7 DE XULLO.—«A reconciliación pon termo ao procedemento de separación e deixa sen efecto ulterior o resolto nel, pero os cónxuxes deberán pór aquela en coñecemento do xuíz que entenda ou entendeu no litixio.

Malia isto, mediante resolución xudicial, serán mantidas ou modificadas as medidas adoptadas en relación cos fillos, cando exista causa que o xustifique.»

85. REDACCIÓN ORIXINARIA...—«O Goberno, con xusta causa, pode dispensar, por instancia de parte, o impedimento comprendido no número 2.º do artigo 45; os graos terceiro e cuarto dos colaterais por consanguinidade lexítima; os impedimentos nados de afinidade lexítima ou natural entre colaterais, e os que se refiren aos descendentes do adoptante.»

Sección segunda. Da celebración do casamento

86. REDACCIÓN ORIXINARIA...—«Os que consonte o artigo 42 deben contraer matrimonio na forma determinada neste código, presentarán ao xuíz municipal do seu domicilio unha declaración, asinada por ambos os contraentes, en que consten:

1.º Os nomes, apelidos, idade, profesión, domicilio ou residencia dos contraentes.

2.º Os nomes, apelidos, profesión, domicilio ou residencia dos pais.

Xuntarán a esta declaración a partida de nacemento e de estado dos contraentes, a licenza ou consello, se proceder, e a dispensa, cando for necesaria.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI DO 24 DE ABRIL DE 1958. «Os que con-
sonte o artigo 42 pretendan contraer matrimonio en forma civil presen-
tarán no rexistro civil do seu domicilio unha declaración, asinada por
ambos os contraentes, en que conste:

1.º Os nomes, apelidos, idade, profesión, domicilio ou residencia
dos contraentes.

2.º Os nomes, apelidos, profesión, domicilio ou residencia dos
pais.

Xuntarán a esta declaración a proba de nacemento e do estado civil, a
licenza, se proceder, e a dispensa, cando for necesaria.

Así mesmo, presentarán a proba de non profesar a relixión católica.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI 30/1981, DO 7 DE XULLO.—«Son causas
de divorcio:

1.ª O cesamento efectivo da convivencia conxugal durante, ao
menos, un ano ininterrompido desde a interposición da demanda de
separación formulada por ambos os cónxuxes ou por un deles co con-
sentimento do outro, cando aquela se interpuxese unha vez transcorrido
un ano desde a celebración do casamento.

2.ª O cesamento efectivo da convivencia conxugal durante, ao
menos, un ano ininterrompido desde a interposición da demanda de
separación persoal, por petición do demandante ou de quen formulase
reconvencción conforme o establecido no artigo 82, unha vez firme a
resolución estimatoria da demanda de separación ou se, transcorrido o
expresado prazo, non recaese resolución na primeira instancia.

3.ª O cesamento efectivo da convivencia conxugal durante, ao
menos, dous anos ininterrompidos:

a) Desde que se consinta libremente por ambos os cónxuxes a sepa-
ración de feito ou desde a firmeza da resolución xudicial, ou desde a
declaración de ausencia legal dalgún dos cónxuxes, por petición de cal-
quera deles.

b) Cando quen pide o divorcio acredite que, ao se iniciar a sepa-
ración de feito, o outro estaba incurso en causa de separación.

4.ª O cesamento efectivo da convivencia conxugal durante o trans-
curso de, ao menos, cinco anos, por petición de calquera dos cónxuxes.

5.ª condena en sentenza firme por atentar contra a vida do cónxuxe,
os seus ascendentes ou descendentes.

Cando o divorcio sexa solicitado por ambos o por un co consenti-
mento do outro, deberá necesariamente xuntarse á demanda ou ao
escrito inicial a proposta de convenio regulador dos seus efectos, con-
forme os artigos 90 e 103 deste código.»

REDACCIÓN ORIXINARIA...:

«87. O casamento poderase celebrar persoalmente ou por mandata-
rio a quen se conferise poder especial, mais sempre será necesaria a
asistencia do contraente domiciliado ou residente no distrito do xuíz que
deba autorizar o casamento.

Expresarase no poder especial o nome da persoa con quen debe celebrarse o casamento, e este será válido se antes da súa celebración non se tiver notificado ao apoderado en forma auténtica a revogación do poder.

REDACCIÓN CONFORME A LEI 30/1981, DO 7 DE XULLO.—«O cesamento efectivo da convivencia conxugal, a que se refiren os artigos 82 e 86 deste código, é compatible co mantemento ou a prosecución temporal da vida no mesmo domicilio, cando isto obedeza, nun ou en ambos os cónxuxes, á necesidade, ao intento de reconciliación ou ao interese dos fillos e así sexa acreditado por calquera medio admitido en dereito no proceso de separación ou de divorcio correspondente.

A interrupción da convivencia non implicará o cesamento efectivo dela se obedece a motivos laborais, profesionais, ou a calquera outro de natureza análoga.»

88. Se o xuíz municipal escollido para a celebración do casamento non o for á vez de ambos os contraentes, presentaranse dúas declaracións, unha perante o xuíz municipal de cada contraente, expresando cal dos dous xuíces escolleron para a celebración do casamento, e en ambos os xulgados se practicarán as dilixencias que se establecen nos artigos seguintes.

89. O xuíz municipal, precedendo ratificación dos pretendentes, mandará fixar edictos ou proclamas por espazo de quince días, anunciando a pretensión con todas as indicacións contidas no artigo 86, e requirindo os que tivesen noticia dalgún impedimento para que o denuncien. Iguais edictos mandará aos xuíces municipais das poboacións en que residisen ou estivesen domiciliados os interesados nos dous últimos anos, encargando que se fixen no local da súa audiencia pública por espazo de quince días, e que, transcorridos estes, os devolvan con certificación de terse cumprido o dito requisito e de terse ou non denunciado algún impedimento.

90. REDACCIÓN ORIXINARIA... «Os militares en servizo activo que intentaren contraer matrimonio estarán dispensados da publicación dos edictos fóra do punto onde residan, se presentaren certificación da súa liberdade expedida polo xefe do corpo armado a que pertenzan.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI 30/1981, DO 7 DE XULLO:

«CAPÍTULO IX

DOS EFECTOS COMÚNS Á NULIDADE, SEPARACIÓN E DIVORCIO

90. O convenio regulador a que se refiren os artigos 81 e 86 deste código deberá referirse, polo menos, aos seguintes aspectos:

A) A determinación da persoa ao coidado da cal deban ficar os fillos suxeitos á patria potestade de ambos, o exercicio desta e o réxime de visitas, comunicación e estadía dos fillos co proxenitor que non viva con eles.

B) A atribución do uso da vivenda e enxoval familiar.

C) A contribución ás cargas do matrimonio e alimentos, ben como as súas bases de actualización e garantías, cando for caso.

D) A liquidación, cando proceda, do réxime económico do matrimonio.

E) A pensión que, conforme o artigo 97, corresponda satisfacer, se for o caso, a un dos cónxuxes.

Os acordos dos cónxuxes, adoptados para regular as consecuencias da nulidade, separación ou divorcio serán aprobados polo xuíz, salvo se son danosos para os fillos ou gravemente prexudiciais para un dos cónxuxes. A denegación deberá facerse mediante resolución motivada e, neste caso, os cónxuxes deben someter á consideración do xuíz nova proposta para a súa aprobación, se procede. Desde a aprobación xudicial, poderán facerse efectivos pola vía de constrinximento.

As medidas que o xuíz adopte na falta de acordo ou as convidas polos cónxuxes poderán ser modificadas xudicialmente ou por novo convenio cando se alteren substancialmente as circunstancias.

O xuíz poderá establecer as garantías reais ou persoais que requira o cumprimento do convenio.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI 42/2003, DO 21 DE NOVIEMBRE.—« O convenio regulador a que se refiren os artigos 81 e 86 deste código deberá referirse, polo menos, aos seguintes aspectos:

A) A determinación da persoa ao coidado da cal deban ficar os fillos suxeitos á patria potestade de ambos, o exercicio desta e o réxime de visitas, comunicación e estadía dos fillos co proxenitor que non viva con eles.

B) Se se considera necesario, o réxime de visitas e comunicación dos netos cos seus avós, tendo en conta, sempre, o interese daqueles.

C) A atribución do uso da vivenda e enxoval familiar.

D) A contribución ás cargas do matrimonio e alimentos, ben como as súas bases de actualización e garantías, cando for caso.

E) A liquidación, cando proceda, do réxime económico do matrimonio.

F) A pensión que, conforme o artigo 97, corresponda satisfacer, se for o caso, a un dos cónxuxes.

Os acordos dos cónxuxes, adoptados para regular as consecuencias da nulidade, separación ou divorcio serán aprobados polo xuíz, salvo se son danosos para os fillos ou gravemente prexudiciais para un dos cónxuxes. Se as partes propoñen un réxime de visitas e comunicación dos netos cos avós, o xuíz poderao aprobar logo de audiencia dos avós en que estes presten o seu consentimento. A denegación dos acordos deberase facer mediante resolución motivada e neste caso os cónxuxes deben someter á consideración do xuíz nova proposta para a súa aprobación, se procede. Desde a aprobación xudicial, poderanse facer efectivos pola vía de constrinximento.

As medidas que o xuíz adopte na falta de acordo ou as convidas polos cónxuxes poderán ser modificadas xudicialmente ou por novo convenio cando se alteren substancialmente as circunstancias.

O xuíz poderá establecer as garantías reais ou persoais que requira o cumprimento do convenio.»

91. REDACCIÓN ORIXINARIA...—«Se os interesados foren estranxeiros e non levaren dous anos de residencia en España, acreditarán con certificación en forma, dada por autoridade competente, que no territorio onde tivesen o seu domicilio ou residencia durante os dous anos anteriores se fixo, con todas as solemnidades exixidas naquel, a publicación do matrimonio que tentan contraer.»

92. REDACCIÓN ORIXINARIA...—«En todos os demais casos, só o Goberno poderá dispensar a publicación dos edictos, mediando causas graves, suficientemente probadas.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI 30/1981, DO 7 DE XULLO.—«A separación, a nulidade e o divorcio non eximen os pais das súas obrigacións para cos fillos.

As medidas xudiciais sobre o coidado e educación dos fillos serán adoptadas en beneficio deles, tras oílos se tiveren suficiente xuízo e sempre os maiores de doce anos.

Na sentenza acordarse a privación da patria potestade cando no proceso se revele causa para iso.

Poderá tamén acordarse, cando así conveña aos fillos, que a patria potestade sexa exercida total ou parcialmente por un dos cónxuxes ou que o coidado deles corresponda a un ou outro, procurando non separar os irmáns.

O xuíz, de oficio ou por petición dos interesados, poderá pedir o ditame de especialistas.»

93. REDACCIÓN ORIXINARIA...—«Non obstante o disposto nos artigos anteriores, o xuíz municipal autorizará o casamento do que se ache en inminente perigo de morte, xa estea domiciliado na localidade, xa sexa transeúnte.

Este casamento entenderase condicional, mentres non se acredite legalmente a liberdade anterior dos contraentes.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI 30/1981, DO 7 DE XULLO.—«O xuíz, en todo caso, determinará a contribución de cada proxenitor para satisfacer os alimentos e adoptará as medidas convenientes para asegurar a efectividade e acomodación das prestacións ás circunstancias económicas e necesidades dos fillos en cada momento.»

94. REDACCIÓN ORIXINARIA...—«Os contadores dos buques de guerra e os capitáns dos mercantes autorizarán os casamentos que se celebren a bordo en inminente perigo de morte. Tamén estes casamentos se entenderán condicionais.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI 30/1981, DO 7 DE XULLO.—«O proxenitor que non teña consigo os fillos menores ou incapacitados gozará do dereito de visítalos, comunicar con eles e telos na súa compañía. O xuíz determinará o tempo, modo e lugar do exercicio deste dereito, que poderá limitar ou suspender se se deren graves circunstancias que así o aconsellen ou se incumpriren grave ou reiteradamente os deberes impostos pola resolución xudicial.»

95. O disposto no artigo anterior é aplicable aos xefes dos corpos militares en campaña, en defecto do xuíz municipal, respecto dos individuos deles que tenten contraer matrimonio *in articulo mortis*.

96. Transcorridos os quince días a que se refire o artigo 89 sen que se denunciase ningún impedimento, e non tendo o xuíz municipal coñecemento dalgún, procederá á celebración do casamento nos termos que se establecen neste código.

Se pasar un ano desde a publicación dos edictos sen se efectuar o casamento, non poderá celebrarse este sen nova publicación.

97. REDACCIÓN ORIXINARIA...—«Se antes de celebrarse o casamento se presentar algunha persoa opóndose a el e alegando impedimento legal, ou o xuíz municipal tiver coñecemento dalgún, suspenderase a celebración do casamento até se declarar por sentenza firme a improcedencia ou falsidade do impedimento.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI 30/1981, DO 7 DE XULLO.—«O cónxuxe ao que a separación ou divorcio produza desequilibrio económico en relación coa posición do outro, que implique un empeoramento na súa situación anterior no matrimonio, ten dereito a unha pensión que se fixará na resolución xudicial, tendo en conta, entre outras, as seguintes circunstancias:

- 1ª. Os acordos a que chegasen os cónxuxes.
- 2ª. A idade e o estado de saúde.
- 3ª. A cualificación profesional e as probabilidades de acceso a un emprego.
- 4ª. A dedicación pasada e futura á familia.
- 5ª. A colaboración co seu traballo nas actividades mercantís, industriais ou profesionais do outro cónxuxe.
- 6ª. A duración do matrimonio e da convivencia conxugal.
- 7ª. A perda eventual dun dereito de pensión.
- 8ª. Os bens e medios económicos e as necesidades dun e outro cónxuxe.

Na resolución xudicial fixaranse as bases para actualizar a pensión e as garantías para a súa efectividade.»

98. REDACCIÓN ORIXINARIA...—«Todos aqueles a cuxo coñecemento chegue a pretensión de casamento están obrigados a denunciar calquera impedimento que lles conste. Feita a denuncia, pasarase ao Ministerio Fiscal, quen, se encontrar fundamento legal, promoverá a oposición ao casamento. Só os particulares que teñan interese en impedir o casamento poderán formalizar por si a oposición, e nun e noutro caso substanciárase esta conforme o disposto na Lei de axuízamento civil, dándolle a tramitación dos incidentes.»

99. Se por sentenza firme se declararen falsos os impedimentos alegados, o que fundado neles formalizase por si a oposición ao matrimonio, fica obrigado á indemnización de danos e perdas.

100. Celebrarase o casamento comparecendo ante o xuíz municipal os contraentes, ou un deles e a persoa a quen o ausente outorgase poder especial para representalo, acompañados de dúas testemuñas maiores de idade e sen impedimento legal.

Acto seguido, o xuíz municipal, despois de lidos os artigos 56 e 57 deste código, preguntará a cada un dos contraentes se persiste na resolución de celebrar o casamento e se efectivamente o celebra, e respondendo ambos afirmativamente, redactará a acta de casamento con todas as circunstancias necesarias para facer constar que se cumpriron as dilixencias previstas nesta sección. A acta será asinada polo xuíz, os contraentes, as testemuñas e o secretario do xulgado.

Os cónsules e vicecónsules exercerán as funcións de xuíces municipais nos casamentos de españois celebrados no estranxeiro.

Sección terceira. Da nulidade do casamento

101. Son nulos:

1.º Os casamentos celebrados entre as persoas a que se refiren os artigos 83 e 84, salvo os casos de dispensa.

2.º O contraído por erro na persoa, ou por coacción ou medo grave que vicié o consentimento.

3.º O contraído polo raptor coa roubada, mentres esta se ache no seu poder.

4.º O que se celebre sen a intervención do xuíz municipal competente, ou do que no seu lugar deba autorizalo, e sen a das testemuñas que exige o artigo 100.

102. A acción para pedir a nulidade do casamento corresponde aos cónxuxes, ao Ministerio Fiscal e a calquera persoa que teña interese nela.

Exceptúanse os casos de rapto, erro, forza ou medo, en que só poderá exercela o cónxuxe que os sufrixe; e o de impotencia, en que a acción corresponderá a un e outro cónxuxe e ás persoas que teñan interese na nulidade.

Caduca a acción e válidanse os casamentos, nos seus respectivos casos, se os cónxuxes tiveren vivido xuntos durante seis meses despois de disipado o erro ou de cesada a forza ou a causa do medo, ou se, recobrada a liberdade polo roubado, non interpuxo este durante o devandito termo a demanda de nulidade.

103. REDACCIÓN ORIXINARIA...—«Os tribunais civís coñecerán dos preitos de nulidade dos casamentos celebrados consonte as disposicións deste capítulo, adoptarán as medidas indicadas no artigo 68 e resolverán definitivamente.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI 30/1981, DO 7 DE XULLO.—«Admitida a demanda, o xuíz, na falta de acordo de ambos os cónxuxes aprobado xudicialmente, adoptará, con audiencia destes, as medidas seguintes:

1.ª Determinar, en interese dos fillos, con cal dos cónxuxes deben ficar os suxeitos á patria potestade de ambos e tomar as disposicións

apropiadas de acordo co establecido neste código e, en particular, a forma en que o cónxuxe apartado dos fillos poderá cumprir o deber de velar por estes e o tempo, modo e lugar en que poderá comunicar con eles e telos na súa compañía.

Excepcionalmente, os fillos poderán ser encomendados a outra persoa e, de non a haber, a unha institución idónea, conferíndoselles as funcións tutelares que exercerán baixo a autoridade do xuíz.

2.^a Determinar, tendo en conta o interese familiar máis necesitado de protección, cal dos cónxuxes debe continuar no uso da vivenda familiar e, así mesmo, precedendo inventario, os bens e obxectos do enxoval que continúan nesta e os que debe levar consigo o outro cónxuxe, ben como tamén as medidas cautelares convenientes para conservar o dereito de cada un.

3.^a Fixar a contribución de cada cónxuxe ás cargas do matrimonio, incluídas, se proceder, as litis expensas, establecer as bases para a actualización de cantidades e dispor as garantías, depósitos, retencións ou outras medidas cautelares convenientes, a fin de asegurar a efectividade do que por estes conceptos un cónxuxe deba aboarlle ao outro.

Considerarase contribución ás ditas cargas o traballo que un dos cónxuxes dedicará á atención dos fillos comúns suxeitos a patria potestade.

4.^a Sinalar, atendidas as circunstancias, os bens gananciais ou comúns que, precedendo inventario, se deban entregar a un ou outro cónxuxe e as regras que deban observar na administración e disposición, ben como na obrigatoria rendición de contas sobre os bens comúns ou parte deles que reciban e os que adquiren no sucesivo.

5.^a Determinar, se for o caso, o réxime de administración e disposición daqueles bens privativos que por capitulacións ou escritura pública estiveren especialmente afectados ás cargas do matrimonio.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI ORGÁNICA 9/2002, DO 10 DE DICIEMBRE.—«Admitida a demanda, o xuíz, na falta de acordo de ambos os cónxuxes aprobado xudicialmente, adoptará, con audiencia destes, as medidas seguintes:

1.^a Determinar, en interese dos fillos, con cal dos cónxuxes deben ficar os suxeitos á patria potestade de ambos e tomar as disposicións apropiadas de acordo co establecido neste código e, en particular, a forma en que o cónxuxe apartado dos fillos poderá cumprir o deber de velar por estes e o tempo, modo e lugar en que poderá comunicar con eles e telos na súa compañía.

Excepcionalmente, os fillos poderán ser encomendados a outra persoa e, de non a haber, a unha institución idónea, conferíndoselles as funcións tutelares que exercerán baixo a autoridade do xuíz.

Cando exista risco de subtracción do menor por algún dos cónxuxes ou por terceiras persoas, poderán adoptarse as medidas necesarias e, en particular, as seguintes:

a) Prohibición de saída do territorio nacional, salvo autorización xudicial previa.

b) Prohibición de expedición do pasaporte ao menor ou retirada del se xa se expediu.

c) Sometemento a autorización xudicial previa de calquera cambio de domicilio do menor.

2.^a Determinar, tendo en conta o interese familiar máis necesitado de protección, cal dos cónxuxes debe continuar no uso da vivenda familiar e, así mesmo, precedendo inventario, os bens e obxectos do enxoval que continúan nesta e os que debe levar o outro cónxuxe, ben como tamén as medidas cautelares convenientes para conservar o dereito de cada un.

3.^a Fixar a contribución de cada cónxuxe ás cargas do matrimonio, incluídas, se proceder, as litis expensas, establecer as bases para a actualización de cantidades e dispor as garantías, depósitos, retencións ou outras medidas cautelares convenientes, a fin de asegurar a efectividade do que por estes conceptos un cónxuxe deba aboarlle ao outro.

Considerarase contribución ás ditas cargas o traballo que un dos cónxuxes dedicará á atención dos fillos comúns suxeitos a patria potestade.

4.^a Sinalar, atendidas as circunstancias, os bens gananciais ou comúns que, precedendo inventario, se deban entregar a un ou outro cónxuxe e as regras que deban observar na administración e disposición, ben como na obrigatoria rendición de contas sobre os bens comúns ou parte deles que reciban e os que adquiran no sucesivo.

5.^a Determinar, se for o caso, o réxime de administración e disposición daqueles bens privativos que por capitulacións ou escritura pública estiveren especialmente afectados ás cargas do matrimonio.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI 42/2003, DO 21 DE NOVIEMBRE.— «Admitida a demanda, o xuíz, na falta de acordo de ambos os cónxuxes aprobado xudicialmente, adoptará, con audiencia destes, as medidas seguintes:

1.^a Determinar, en interese dos fillos, con cal dos cónxuxes deben quedar os suxeitos á patria potestade de ambos os dous e tomar as disposicións apropiadas de acordo co establecido neste código e, en particular, a forma en que o cónxuxe apartado dos fillos poderá cumprir o deber de velar por estes e o tempo, modo e lugar en que poderá comunicar con eles e telos na súa compañía.

Excepcionalmente, os fillos poderán ser encomendados aos avós, parentes ou outras persoas que así o consentiren e, de non habelos, a unha institución idónea, conferíndoselles as funcións tutelares, que exercerán baixo a autoridade do xuíz.

Cando exista risco de subtracción do menor por algún dos cónxuxes ou por terceiras persoas, poderán adoptarse as medidas necesarias e, en particular, as seguintes:

a) Prohibición de saída do territorio nacional, salvo autorización xudicial previa.

b) Prohibición de expedición do pasaporte ao menor ou retirada del se xa se expediu.

c) Sometemento a autorización xudicial previa de calquera cambio de domicilio do menor.

2.^a Determinar, tendo en conta o interese familiar máis necesitado de protección, cal dos cónxuxes debe continuar no uso da vivenda familiar e, así mesmo, precedendo inventario, os bens e obxectos do enxoval que continúan nesta e os que debe levar o outro cónxuxe, ben como tamén as medidas cautelares convenientes para conservar o dereito de cada un.

3.^a Fixar a contribución de cada cónxuxe ás cargas do matrimonio, incluídas, se proceder, as litis expensas, establecer as bases para a actualización de cantidades e dispor as garantías, depósitos, retencións ou outras medidas cautelares convenientes, a fin de asegurar a efectividade do que por estes conceptos un cónxuxe deba aboarlle ao outro.

Considerarase contribución ás ditas cargas o traballo que un dos cónxuxes dedicará á atención dos fillos comúns suxeitos a patria potestade.

4.^a Sinalar, atendidas as circunstancias, os bens gananciais ou comúns que, precedendo inventario, se deban entregar a un ou outro cónxuxe e as regras que deban observar na administración e disposición, ben como na obrigatoria rendición de contas sobre os bens comúns ou parte deles que reciban e os que adquiran no sucesivo.

5.^a Determinar, se for o caso, o réxime de administración e disposición daqueles bens privativos que por capitulacións ou escritura pública estiveren especialmente afectados ás cargas do matrimonio.»

REDACCIÓN ORIXINARIA...:

«Sección cuarta. Do divorcio

104. O divorcio só produce a suspensión da vida común dos casados.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI DO 24 DE ABRIL DE 1958:

«Sección cuarta. Da separación

A separación produce a suspensión da vida común dos casados e os demais efectos previstos no artigo 73.»

105. REDACCIÓN ORIXINARIA... «As causas lexítimas do divorcio son:

1.^a O adulterio da muller en todo caso, e o do marido cando resulte escándalo público ou menosprezo da muller.

2.^a Os maos tratamentos de obra ou as inxurias graves.

3.^a A violencia exercida polo marido sobre a muller para obrigala a cambiar de relixión.

4.^a A proposta do marido para prostituír a súa muller.

5.^a O conato do marido ou da muller para corromper os seus fillos ou prostituír as súas fillas, e a convivencia na súa corrupción ou prostitución.

6.^a A condena do cónxuxe a cadea ou reclusión perpetua.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI DO 24 DE ABRIL DE 1958. «As causas lexítimas de separación son:

1.^a O adulterio de calquera dos cónxuxes.

2.^a Os maos tratamentos de obra, as injurias graves ou o abandono do lar.

3.^a A violencia exercida por un cónxuxe sobre o outro para obrigalo a cambiar de relixión.

4.^a A proposta do marido para prostituír a súa muller.

5.^a O conato do marido ou da muller para corromper os seus fillos ou prostituír as súas fillas, e a convivencia na súa corrupción ou prostitución.

6.^a A condena do cónxuxe a reclusión maior.»

106. REDACCIÓN ORIXINARIA... «O divorcio só pode ser pedido polo cónxuxe inocente.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI DO 24 DE ABRIL DE 1958. «A separación só pode ser pedida polo cónxuxe inocente.»

107. REDACCIÓN ORIXINARIA... «O disposto no artigo 103 será aplicable aos preitos de divorcio e ás súas incidencias.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI DO 24 DE ABRIL DE 1958.—«O disposto no artigo 103 será aplicable aos preitos de separación e ás súas incidencias.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI DO 30/1981, DO 7 DE XULLO:

«CAPÍTULO XI

NORMAS DE DEREITO INTERNACIONAL PRIVADO

107. A separación e o divorcio rexeranse pola lei nacional común dos cónxuxes no momento da presentación da demanda; na falta de nacionalidade común, pola lei da residencia habitual do matrimonio e, se os esposos tiveren a súa residencia habitual en diferentes Estados, pola lei española, sempre que os tribunais españois resulten competentes.

As sentenzas de separación e divorcio ditadas por tribunais estranxeiros producirán efectos no ordenamento español desde a data do seu recoñecemento conforme o disposto na Lei de axuízamento civil.»

Da paternidade e da filiación

Redactada a totalidade do articulado deste título, os seus capítulos e rúbricas conforme a Lei 11/1981, do 13 de maio, excepto os artigos 108 e 109.

CAPÍTULO PRIMEIRO**DA FILIACIÓN E OS SEUS EFECTOS**

108. A filiación pode ter lugar por natureza e por adopción. A filiación por natureza pode ser matrimonial e non matrimonial. É matrimonial cando o pai e a nai están casados entre si.

A filiación matrimonial e a non matrimonial, ben como a adoptiva, producen os mesmos efectos, conforme as disposicións deste código.

Artigo redactado conforme a Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro.

109. A filiación determina os apelidos conforme o disposto na lei.

Se a filiación estiver determinada por ambas as liñas, o pai e mais a nai de común acordo poderán decidir a orde de transmisión do seu respectivo primeiro apelido, antes da inscrición rexistral. Se non se exercer esta opción, reixerá o disposto na lei.

A orde de apelidos inscrita para o maior dos fillos reixerá nas inscricións de nacemento posteriores dos seus irmáns do mesmo vínculo.

O fillo, ao alcanzar a maior idade, poderá solicitar que se altere a orde dos apelidos.

Artigo redactado conforme a Lei 40/1999, do 5 de novembro.

110. O pai e a nai, aínda que non teñan a patria potestade, están obrigados a velar polos fillos menores e a lles prestar alimentos.

111. Ficarán excluído da patria potestade e demais funcións tuitivas e non terá dereitos por ministerio da lei res-

112 pecto do fillo ou dos seus descendentes, ou nas súas herdanzas, o proxenitor:

1.º Cando fose condenado por mor das relacións a que obedeza a xeración, segundo sentenza penal firme.

2.º Cando a filiación fose xudicialmente determinada contra a súa oposición.

En ambos os supostos o fillo non levará o apelido do proxenitor en cuestión mais que se o solicita el mesmo ou o seu representante legal.

Deixarán de producir efecto estas restricións por determinación do representante legal do fillo aprobada xudicialmente, ou por vontade do propio fillo unha vez alcanzada a plena capacidade.

Ficarán sempre a salvo as obrigacións de velar polos fillos e de prestarlles alimentos.

CAPÍTULO II

DA DETERMINACIÓN E PROBA DE FILIACIÓN

Sección 1.ª Disposicións xerais

112. A filiación produce os seus efectos desde que ten lugar. A súa determinación legal ten efectos retroactivos sempre que a retroactividade sexa compatible coa natureza daqueles e a lei non dispuxer o contrario.

En todo caso, conservarán a súa validez os actos outorgados, en nome do fillo menor ou incapaz, polo seu representante legal, antes de que a filiación fose determinada.

113. A filiación acredítase pola inscrición no rexistro civil, polo documento ou sentenza que a determina legalmente, pola presunción de paternidade matrimonial e, na falta dos medios anteriores, pola posesión de estado. Para a admisión de probas distintas á inscrición observárase o disposto na Lei de rexistro civil.

Non será eficaz a determinación dunha filiación mentres resulte acreditada outra contraditoria.

114. Os asentos de filiación poderán ser rectificadas **119**
conforme a Lei de rexistro civil, sen prexuízo do especialmente disposto no presente título sobre accións de impugnación.

Poderán tamén rectificarse en calquera momento os asentos que resulten contraditorios cos feitos que unha sentenza penal declare probados.

Sección 2.^a Da determinación da filiación matrimonial

115. A filiación matrimonial materna e paterna ficará determinada legalmente:

1.º Pola inscrición do nacemento xunto coa do casamento dos pais.

2.º Por sentenza firme.

116. Presúmense fillos do marido os nados despois da celebración do casamento e antes dos trescentos días seguintes á súa disolución ou á separación legal ou de feito dos cónxuxes.

117. Nacido o fillo dentro dos cento oitenta días seguintes á celebración do casamento, poderá o marido destruír a presunción mediante declaración auténtica en contrario formalizada dentro dos seis meses seguintes ao coñecemento do parto. Exceptúanse os casos en que recoñecese a paternidade expresa ou tacitamente ou coñecese o embarazo da muller con anterioridade á celebración do casamento, salvo que, neste último suposto, a declaración auténtica se formalizase, co consentimento de ambos, antes do casamento ou despois del, dentro dos seis meses seguintes ao nacemento do fillo.

118. Mesmo faltando a presunción de paternidade do marido por causa da separación legal ou de feito dos cónxuxes, poderá inscribirse a filiación como matrimonial de concorrer o consentimento de ambos.

119. A filiación adquire o carácter de matrimonial desde a data do casamento dos proxenitores cando este teña lugar con posterioridade ao nacemento do fillo sempre que o

120 feito da filiación fiquen determinados legalmente conforme o disposto na sección seguinte.

O establecido no parágrafo anterior aproveitará, se for o caso, aos descendentes do fillo falecido.

Sección 3.^a Da determinación da filiación non matrimonial

120. A filiación non matrimonial ficará determinada legalmente:

1.º Polo recoñecemento ante o encargado do rexistro civil, en testamento ou noutro documento público.

2.º Por resolución ditada en expediente tramitado conxuntamente a lexislación do rexistro civil.

3.º Por sentenza firme.

4.º Respecto da nai, cando se faga constar a filiación materna na inscrición de nacemento practicada dentro do prazo, de acordo co disposto na Lei de rexistro civil.

121. O recoñecemento outorgado polos incapaces ou polos que non poidan contraer matrimonio por razón de idade necesitará para a súa validez aprobación xudicial con audiencia do Ministerio Fiscal.

122. Cando un proxenitor fixer o recoñecemento separadamente, non poderá manifestar nel a identidade do outro a non ser que esta xa determinada legalmente.

123. O recoñecemento dun fillo maior de idade non producirá efectos sen o seu consentimento expreso ou tácito.

124. A eficacia do recoñecemento do menor ou incapaz requirirá o consentimento expreso do seu representante legal ou a aprobación xudicial con audiencia do Ministerio Fiscal e do proxenitor legalmente coñecido.

Non será necesario o consentimento ou a aprobación se o recoñecemento se efectuar en testamento ou dentro do prazo establecido para practicar a inscrición do nacemento. A inscrición de paternidade así practicada poderase suspender por simple petición da nai durante o ano seguinte ao nacemento.

Se o pai solicitar a confirmación da inscrición, será necesaria a aprobación xudicial con audiencia do Ministerio Fiscal. **128**

125. Cando os proxenitores do menor ou incapaz foren irmáns ou consanguíneos en liña recta, legalmente determinada a filiación respecto dun, só poderá ficar determinada legalmente respecto do outro, precedendo autorización xudicial que se outorgará, con audiencia do Ministerio Fiscal, cando conveña ao menor ou incapaz.

Alcanzada por este a plena capacidade, poderá, mediante declaración auténtica, invalidar esta última determinación se non a consentiu.

126. O recoñecemento do xa falecido só producirá efecto se o consenten os seus descendentes por si ou polos seus representantes legais.

CAPÍTULO III

DAS ACCIÓNS DE FILIACIÓN

Sección 1.^a Disposicións xerais

Os artigos desta sección fican derogados pola Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil, no momento da súa entrada en vigor o 8 de xaneiro de 2001.

127. *Nos xuízos sobre filiación será admisible a investigación da paternidade e da maternidade mediante toda clase de probas, incluídas as biolóxicas.*

O xuíz non admitirá a demanda se con ela non se presenta un principio de proba dos feitos en que se funde.

128. *Mentres dure o procedemento polo cal se impugne a filiación, o xuíz adoptará as medidas de protección oportunas sobre a persoa e bens do sometido á potestade do que aparece como proxenitor.*

Reclamada xudicialmente a filiación, o xuíz poderá acordar alimentos provisorios a cargo do demandado e, se for o caso, adoptar as medidas de protección a que se refire o parágrafo anterior.

129. *As accións que correspondan ao fillo menor de idade ou incapaz poderán ser exercidas indistintamente polo seu representante legal ou polo Ministerio Fiscal.*

130. *Á morte do demandante, os seus herdeiros poderán continuar as accións xa promovidas.*

Sección 2.^a Da reclamación

131. Calquera persoa con interese lexítimo ten acción para que se declare a filiación manifestada pola constante posesión de estado.

Exceptúase o suposto en que a filiación que se reclame contradiga outra legalmente determinada.

132. Na falta da correspondente posesión de estado, a acción de reclamación da filiación matrimonial, que é imprescriptible, corresponde ao pai, á nai ou ao fillo.

Se o fillo falecer antes de transcorreren catro anos desde que alcanzase plena capacidade, ou durante o ano seguinte ao descubrimento das probas en que se deba fundar a demanda, a súa acción corresponde aos seus herdeiros polo tempo que falte para completar os ditos prazos.

133. A acción de reclamación de filiación non matrimonial, cando falte a respectiva posesión de estado, corresponde ao fillo durante toda a súa vida.

Se o fillo falecer antes de transcorreren catro anos desde que alcance plena capacidade, ou durante o ano seguinte ao descubrimento das probas en que se funde a demanda, a súa acción corresponde aos seus herdeiros polo tempo que falte para completar os ditos prazos.

As sentenzas 273/2005, do 27 de outubro (suplemento ao «BOE» núm 285, do 29 de novembro), e 52/2006, do 16 de febreiro (suplemento ao «BOE» núm. 64, do 16 de marzo), do Pleno do Tribunal Constitucional, declaran inconstitucional o parágrafo primeiro do artigo 133 do Código civil, na redacción dada pola Lei 11/1981, do 13 de maio, en canto impide ao proxenitor non matrimonial a reclamación da filiación nos casos de inexistencia de posesión de estado.

134. O exercicio da acción de reclamación, conforme os artigos anteriores, polo fillo ou o proxenitor, permitirá en todo caso a impugnación da filiación contraditoria. **137**

Non poderá reclamarse unha filiación que contradiga outra determinada en virtude de sentenza.

Parágrafo derogado pola Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil, no momento da súa entrada en vigor o 8 de xaneiro de 2001.

135. *Aínda que non haxa proba directa da xeración ou do parto, poderá declararse a filiación que resulte do recoñecemento expreso ou tácito, da posesión de estado, da convivencia coa nai na época da concepción, ou doutros feitos dos cales se infira a filiación, de modo análogo.*

Artigo derogado pola Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil, no momento da súa entrada en vigor o 8 de xaneiro de 2001.

Sección 3.^a Da impugnación

136. O marido poderá exercer a acción de impugnación da paternidade no prazo dun ano contado desde a inscrición da filiación no rexistro civil. No entanto, o prazo non correrá mentres o marido ignore o nacemento.

Se o marido falecer antes de transcorrer o prazo sinalado no parágrafo anterior, a acción corresponde a cada herdeiro polo tempo que faltar para completar o dito prazo.

Falecido o marido sen coñecer o nacemento, o ano conta-se desde que o coñeza o herdeiro.

As sentenzas núm. 138/2005, do 26 de maio (suplemento ao «BOE» núm. 148, do 22 de xuño), e 156/2005, do 9 de xuño (suplemento ao «BOE» núm. 162, do 8 de xullo), do Pleno do Tribunal Constitucional declara inconstitucional o parágrafo primeiro do art. 136 do Código civil, na redacción dada pola Lei 11/1981, do 13 de maio, por canto comporta que o prazo para o exercicio da acción de impugnación da paternidade matrimonial empece a correr aínda que o marido ignore non ser o proxenitor biolóxico de quen foi inscrito como fillo seu no rexistro civil.

137. A paternidade poderá ser impugnada polo fillo durante o ano seguinte á inscrición da filiación. Se for menor ou incapaz, o prazo contará desde que alcance a maioría de idade ou a plena capacidade legal.

138 O exercicio da acción, en interese do fillo que sexa menor ou incapacitado, corresponde, así mesmo, durante o ano seguinte á inscrición da filiación, á nai que teña a patria potestade ou ao Ministerio Fiscal.

Se falta nas relacións familiares a posesión de estado de filiación matrimonial, a demanda poderá ser interposta en calquera tempo polo fillo ou os seus herdeiros.

138. Os recoñecementos que determinen conforme a lei unha filiación matrimonial poderán ser impugnados por vicio de consentimento conforme o disposto no artigo 141. A impugnación da paternidade por outras causas aterase ás normas contidas nesta sección.

139. A muller poderá exercer a acción de impugnación da súa maternidade xustificando a suposición do parto ou non ser certa a identidade do fillo.

140. Cando falte nas relacións familiares a posesión de estado, a filiación paterna ou materna non matrimonial poderá ser impugnada por aqueles aos que prexudique.

Cando exista posesión de estado, a acción de impugnación corresponderá a quen aparece como fillo ou proxenitor e a aqueles que pola filiación poidan resultar afectados na súa calidade de herdeiros forzosos. A acción caducará pasados catro anos desde que o fillo, unha vez inscrita a filiación, goce da posesión de estado correspondente.

Os fillos terán en todo caso acción durante un ano despois de teren chegado á plena capacidade.

141. A acción de impugnación do recoñecemento realizado mediante erro, violencia ou intimidación corresponde a quen o outorgase. A acción caducará ao ano do recoñecemento ou desde que cesou o vicio de consentimento, e poderá ser exercida ou continuada polos herdeiros daquel, se falecese antes de transcorrer o ano.

REDACCIÓN ORIXINARIA...:

«TÍTULO V

Da paternidade e da filiación

CAPÍTULO PRIMEIRO

DOS FILLOS LEXÍTIMOS

108. Presumiranse fillos lexítimos os nacidos despois dos cento oitenta días seguintes ao da celebración do casamento, e antes dos

trescentos días seguintes á súa disolución ou á separación dos cónxuxes.

Contra esta presunción non se admitirá outra proba que a da imposibilidade física do marido para ter acceso coa súa muller nos primeiros cento vinte días dos trescentos que precedesen o nacemento do fillo.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI 11/1981, DO 13 DE MAIO.—«A filiación pode ter lugar por natureza e por adopción. A filiación por natureza pode ser matrimonial e non matrimonial. É matrimonial cando o pai e a nai están casados entre si.

A filiación matrimonial e a non matrimonial, ben como a adoptiva plena, producen os mesmos efectos, conforme as disposicións deste código.»

109. REDACCIÓN ORIXINARIA...—«O fillo presumirase lexítimo aínda que a nai declarase contra a súa lexitimidade ou fose condenada como adúltera.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI DO 26 DE MAIO DE 1978.—«O fillo presumirase lexítimo aínda que a nai declarase contra a súa lexitimidade.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI 11/1981, DO 13 DE MAIO.—«A filiación determina os apelidos consonte o disposto na lei. O fillo, ao alcanzar a maior idade, poderá solicitar que se altere a orde dos seus apelidos.»

REDACCIÓN ORIXINARIA...:

«110. Presumirase lexítimo o fillo nacido dentro dos cento oitenta días seguintes á celebración do casamento, de concorrer algunha destas circunstancias:

- 1.^a Ter sabido o marido, antes de casar, o embarazo da súa muller.
- 2.^a Ter consentido, estando presente, que se puxese o seu apelido na partida de nacemento do fillo que a súa muller dese a luz.
- 3.^a Telo recoñecido como seu expresa ou tacitamente.

111. O marido ou os seus herdeiros poderán descoñecer a lexitimidade do fillo nacido despois de transcorridos trescentos días desde a disolución do matrimonio ou da separación legal efectiva dos cónxuxes; mais o fillo e a súa nai terán tamén dereito para xustificaren neste caso a paternidade do marido.

112. Os herdeiros soamente poderán impugnar a lexitimidade do fillo nos casos seguintes:

- 1.^o Se o marido faleceu antes de transcorrer o prazo sinalado para deducir a súa acción en xuízo.
- 2.^o Se morrer despois de presentada a demanda, sen ter desistido dela.
- 3.^o Se o fillo naceu despois da morte do marido.

113. A acción para impugnar a lexitimidade do fillo deberase exercer dentro dos dous meses seguintes á inscrición do nacemento no rexis-

tro, se se achar no lugar o marido, ou, se for o caso, calquera dos seus herdeiros.

Estando ausente, o prazo será de tres meses se residiren en España; e de seis, se fóra dela. Cando se ocultase o nacemento do fillo, o termo comezará a contar desde que se descubra a fraude.

114. Os fillos lexítimos teñen dereito:

1.º A levaren os apelidos do pai e da nai.

2.º A recibiren alimentos deles, dos seus ascendentes e, se for o caso, dos seus irmáns, conforme o artigo 143.

3.º Á lexítima e demais dereitos sucesorios que este código lles recoñece.

CAPÍTULO II

DAS PROBAS DA FILIACIÓN DOS FILLOS LEXÍTIMOS

115. A filiación dos fillos lexítimos próbbase pola acta de nacemento redactada no rexistro civil, ou por documento auténtico ou sentenza firme nos casos a que se refiren os artigos 110 a 113 do capítulo anterior.

116. Na falta dos títulos sinalados no artigo anterior, a filiación probase pola posesión constante do estado de fillo lexítimo.

117. Na falta de acta de nacemento, de documento auténtico, de sentenza firme ou de posesión de estado, a filiación lexítima poderá ser probada por calquera medio, sempre que haxa un principio de proba por escrito que proveña de ambos os pais conxunta ou separadamente.

118. A acción que para reclamar a súa lexitimidade compete ao fillo dura toda a vida deste, e transmitírase aos seus herdeiros se falecer na menor idade ou en estado de demencia. Nestes casos terán os herdeiros cinco anos de prazo para promoveren a acción.

A acción xa promovida polo fillo transmítese pola súa morte aos herdeiros se antes non caducou a instancia.

CAPÍTULO III

DOS FILLOS LEXITIMADOS

119. Só poderán ser lexitimados os fillos naturais.

Son fillos naturais os nacidos, fóra do matrimonio, de pais que no momento da concepción daqueles puideron casar sen dispensa ou con ela.

120. A lexitimación terá lugar:

1.º Polo subseguinte casamento dos pais.

2.º Por concesión real.

121. Só se considerarán lexitimados por subseguinte casamento os fillos que fosen recoñecidos polos pais antes ou despois de celebralo.

122. Os lexitimados por subseguinte casamento gozarán dos mesmos dereitos que os fillos lexítimos.

123. A lexitimación producirá os seus efectos en todo caso desde a data do casamento.

124. A lexitimación dos fillos que falecesen antes de se celebrar o casamento aproveitará os seus descendentes.

125. Para a lexitimación por concesión real deberán concorrer os requisitos seguintes:

1.º Que non sexa posible a lexitimación por subseguinte casamento.

2.º Que o pidan os pais ou un destes.

3.º Que o pai ou nai que a pida non teña fillos lexítimos, nin lexitimados por subseguinte casamento, nin descendentes deles.

4.º Que, se o que a pide for casado, obteña o consentimento do outro cónxuxe.

126. Tamén poderá obter a lexitimación por concesión real o fillo cuxo pai ou nai, xa mortos, manifestasen no seu testamento ou en instrumento público a súa vontade de lexitimalo, con tal de que concorra a condición establecida no número 3.º do artigo anterior.

127. A lexitimación por concesión real dálle dereito ao lexitimado:

1.º A levar o apelido do pai ou da nai que a solicítase.

2.º A recibir alimentos deles, na forma que determina o artigo 143.

3.º Á porción hereditaria que se establece neste código.

128. A lexitimación poderá ser impugnada polos que se crean prexudicados nos seus dereitos, cando se outorgue a favor dos que non teñan a condición legal de fillos naturais ou cando non concorran os requisitos sinalados neste capítulo.

CAPÍTULO IV

DOS FILLOS ILEXÍTIMOS

Sección primeira.—Do recoñecemento dos fillos naturais

129. O fillo natural pode ser recoñecido polo pai e a nai conxuntamente ou por un só deles.

130. No caso de o recoñecemento ser feito por un só dos pais, presumirase que o fillo é natural se o que o recoñece tiña capacidade legal para contraer matrimonio no momento da concepción.

131. O recoñecemento dun fillo natural deberase facer na acta de nacemento, en testamento ou noutro documento público.

132. Cando o pai ou a nai fixer o recoñecemento separadamente, non poderá revelar o nome da persoa con quen tivo o fillo nin expresar ningunha circunstancia por onde poida ser recoñecida.

Os funcionarios públicos non autorizarán documento ningún en que se falte a este precepto. Se a pesar desta prohibición o fixeren, incorrerán nunha multa de 125 a 500 pesetas, e ademais riscaranse de oficio as palabras que conteñan aquela revelación.

133. O fillo maior de idade non poderá ser recoñecido sen o seu consentimento.

Cando o recoñecemento do menor de idade non teña lugar na acta de nacemento ou en testamento, será necesaria a aprobación xudicial con audiencia do Ministerio Fiscal.

O menor poderá, en todo caso, impugnar o recoñecemento dentro dos catro anos seguintes á súa maior idade.

134. O fillo natural recoñecido ten dereito:

1.º A levar o apelido do que o recoñece.

2.º A recibir alimentos del, conforme o artigo 143.

3.º A percibir, se for o caso, a porción hereditaria que se determina neste código.

135. O pai está obrigado a recoñecer o fillo natural nos casos seguintes:

1.º Cando exista escrito indubitado en que expresamente recoñeza a súa paternidade.

2.º Cando o fillo se achar na posesión continua do estado de fillo natural do pai demandado, xustificada por actos directos do mesmo pai ou da súa familia.

Nos casos de violación, estupro ou rapto, observarase o disposto no Código penal canto ao recoñecemento da prole.

136. A nai estará obrigada a recoñecer o fillo natural:

1.º Cando o fillo se achar, respecto da nai, en calquera dos casos expresados no artigo anterior.

2.º Cando se probe cumpridamente o feito do parto e a identidade do fillo.

137. As accións para o recoñecemento de fillos naturais soamente se poderán exercer en vida dos presuntos pais, salvo nos casos seguintes:

1.º Se o pai ou a nai faleceron durante a menor idade do fillo, caso en que este poderá deducir a acción antes de transcorrer os primeiros catro anos da súa maior idade.

2.º Se despois da morte do pai ou da nai aparecer algún documento do cal antes non se tivese noticia, no cal recoñezan expresamente o fillo.

Neste caso, a acción deberá deducirse dentro dos seis meses seguintes ao achado do documento.

138. O recoñecemento feito a favor dun fillo que non reúna as condicións do parágrafo segundo do artigo 119, ou no cal se faltase ás prescricións desta sección, poderá ser impugnado por aqueles a que prexudique.

139. Os fillos ilexítimos nos cales non concorra a condición legal de naturais só terán dereito a exixir dos seus pais alimentos conforme o artigo 143.

140. O dereito aos alimentos de que fala o artigo anterior soamente se poderá exercer:

1.º Se a paternidade ou maternidade se inferir dunha sentenza firme, ditada en proceso criminal ou civil.

2.º Se a paternidade ou maternidade resultar dun documento indubidado do pai ou da nai en que expresamente recoñeza a filiación.

3.º Respecto da nai, sempre que se probe cumpridamente o feito do parto e a identidade do fillo.

141. Fóra dos casos expresados nos números 1.º e 2.º do artigo anterior, non se admitirá en xuízo demanda ningunha que, directa nin indirectamente, teña por obxecto investigar a paternidade dos fillos ilexítimos nos cales non concorra a condición legal de naturais.»

TÍTULO VI

Dos alimentos entre parentes

142. Enténdese por alimentos todo o que é indispensable para o sustento, habitación, vestido e asistencia médica.

Os alimentos comprenden tamén a educación e instrución do alimentista mentres sexa menor de idade e aínda despois, cando non terminase a súa formación por causa que non lle sexa imputable.

Entre os alimentos incluíranse os gastos de embarazo e parto, en canto non estean cubertos doutro modo.

Redactado conforme a Lei 11/1981, do 13 de maio.

REDACCIÓN ORIXINARIA...—«Enténdese por alimentos todo o que é indispensable para o sustento, habitación, vestido e asistencia médica, segundo a posición social da familia.

Os alimentos comprenden tamén a educación e instrución do alimentista cando é menor de idade.»

143. Están obrigados reciprocamente a darse alimentos en toda a extensión que sinala o artigo precedente:

1.º Os cónxuxes.

2.º Os ascendentes e descendentes.

144 Os irmáns soamente se deben os auxilios necesarios para a vida cando os necesiten por calquera causa que non sexa imputable ao alimentista, e estenderanse, se for o caso, aos que precisen para a súa educación.

Redactado conforme a Lei 11/1981, do 13 de maio.

REDACCIÓN ORIXINARIA...—«Están obrigados reciprocamente a darse alimentos, en toda a extensión que sinala o artigo precedente:

- 1.º Os cónxuxes.
- 2.º Os ascendentes e descendentes lexítimos.
- 3.º Os pais e os fillos lexitimados por concesión real e os descendentes lexítimos destes.
- 4.º Os pais e os fillos naturais recoñecidos, e os descendentes lexítimos destes.

Os pais e os fillos ilexítimos nos cales non concorra a condición legal de naturais débense, por razón de alimentos, os auxilios necesarios para a subsistencia. Os pais están, ademais, obrigados a custear aos fillos a instrución elemental e o ensino dunha profesión, arte ou oficio.

Os irmáns deben tamén aos seus irmáns lexítimos, aínda que só sexan uterinos ou consanguíneos, os auxilios necesarios para a vida, cando por un defecto físico ou moral, ou por calquera outra causa que non sexa imputable ao alimentista, non poida este procurarse a súa subsistencia. Nestes auxilios están, se for o caso, comprendidos os gastos indispensables para custear a instrución elemental e o ensino dunha profesión, arte ou oficio.»

144. A reclamación de alimentos, cando proceda e sexan dous ou máis os obrigados a prestalos, farase pola orde seguinte:

- 1.º Ao cónxuxe.
- 2.º Aos descendentes de grao máis próximo.
- 3.º Aos ascendentes, tamén de grao máis próximo.
- 4.º Aos irmáns, mais estando obrigados en último lugar os que só sexan uterinos ou consanguíneos.

Entre os descendentes e ascendentes regularase a gradación pola orde en que sexan chamados á sucesión lexítima da persoa que teña dereito aos alimentos.

Redactado conforme a Lei 11/1981, do 13 de maio.

REDACCIÓN ORIXINARIA...—«A reclamación de alimentos, cando proceda e sexan dúas ou máis as obrigacións a prestalos, farase pola orde seguinte:

- 1.º Ao cónxuxe.
- 2.º Aos descendentes do grao máis próximo.

3.º Aos ascendentes, tamén do grao máis próximo.

4.º Aos irmáns.

Entre os descendentes e ascendentes regularase a gradación pola orde en que sexan chamados á sucesión lexítima da persoa que teña dereito aos alimentos.»

145. Cando recaia sobre dúas ou máis persoas a obriga-
ción de dar alimentos, repartirase entre elas o pagamento da
pensión en cantidade proporcional aos seus bens respecti-
vos.

No entanto, en caso de urxente necesidade e por cir-
cunstancias especiais, o xuíz poderá obrigar unha soa delas
a os prestar provisoriamente, sen prexuízo do seu dereito a
reclamar dos demais obrigados a parte que lles corres-
ponda.

Cando dous ou máis alimentistas reclamaren ao mesmo
tempo alimentos dunha mesma persoa obrigada legalmente a
dalos, e esta non tiver fortuna bastante para atender a todos,
gardarase a orde establecida no artigo anterior, a non ser que
os alimentistas concorrentes foren o cónxuxe e un fillo
suxeito á patria potestade, caso en que este será preferido a
aquele.

146. A contía dos alimentos será proporcionada aos
bens ou medios de quen os dá e ás necesidades de quen os
recibe.

Redactado conforme a Lei 11/1981, do 13 de maio.

REDACCIÓN ORIXINARIA...—«A contía dos alimentos, nos casos com-
prendidos nos catro números do artigo 143, será proporcionada aos bens
ou medios de quen os dá e ás necesidades de quen os recibe.»

147. Os alimentos, nos casos a que se refire o arti-
go anterior, reduciranse ou aumentaranse proporcionalmente
segundo o aumento ou diminución que sufran as necesidades
do alimentista e a fortuna do que os deba satisfacer.

148. A obrigação de dar alimentos será exixible desde
que os necesitar, para subsistir, a persoa que teña dereito a
percibilos, mais non se aboarán senón desde a data en que se
interpoña a demanda.

149 Verificarase o pagamento por meses anticipados e, cando faleza o alimentista, os seus herdeiros non estarán obrigados a devolver o que este teña recibido anticipadamente.

O xuíz, por petición do alimentista ou do Ministerio Fiscal, ordenará con urxencia as medidas cautelares oportunas para asegurar os anticipos que faga unha entidade pública ou outra persoa e prover ás futuras necesidades.

O último parágrafo deste artigo foi engadido pola Lei 11/1981, do 13 de maio.

149. O obrigado a prestar alimentos poderá, á súa escolla, satisfacelos quer pagando a pensión que se fixe quer recibindo e mantendo na súa propia casa aquel que ten dereito a eles.

Esta escolla non será posible en canto contradiga a situación de convivencia determinada para o alimentista polas normas aplicables ou por resolución xudicial. Tamén poderá ser rexeitada cando concorra xusta causa ou prexudique o interese do alimentista menor de idade.

Redactado conforme a Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro.

REDACCIÓN ORIXINARIA...—«O obrigado a prestar alimentos poderá, á súa escolla, satisfacelos quer pagando a pensión que se fixe quer recibindo e mantendo na súa propia casa aquel que ten dereito a eles.»

150. A obrigación de subministrar alimentos cesa coa morte do obrigado, aínda que os prestase en cumprimento dunha sentenza firme.

151. Non é renunciabile nin transmisible a un terceiro o dereito aos alimentos. Tampouco se poden compensar co que o alimentista deba ao que debe prestalos.

Mais poderán compensarse e renunciarse as pensións alimenticias atrasadas, e transmitirse a título oneroso ou grauíto o dereito a demandalas.

152. Cesará tamén a obrigación de dar alimentos:

1.º Por morte do alimentista.

2.º Cando a fortuna do obrigado a dalos se reducise até o punto de non poder satisfacelos sen desatender as súas propias necesidades e as da súa familia.

3.º Cando o alimentista poida exercer un oficio, profesión ou industria, ou adquirise un destino ou mellorase de fortuna, de xeito que non lle sexa necesaria a pensión alimenticia para a súa subsistencia.

4.º Cando o alimentista, sexa ou non herdeiro forzoso, cometese algunha falta das que dan lugar ao desherdamento.

5.º Cando o alimentista sexa descendente do obrigado a dar alimentos, e a necesidade daquel proveña de má conduta ou de falta de aplicación ao traballo, mentres subsista esta causa.

153. As disposicións que preceden son aplicables aos demais casos en que por este código, por testamento ou por pacto se teña dereito a alimentos, salvo o pactado, o ordenado polo testador ou o disposto pola lei para o caso especial de que se trate.

TÍTULO VII

Das relacións paterno-filiais

As rúbricas deste título e dos seus capítulos I ao IV, ben como os artigos, coa excepción dos que se indican, inclúense conforme a redacción dada pola Lei 11/1981, do 13 de maio.

CAPÍTULO PRIMEIRO

DISPOSICIÓNS XERAIS

154. Os fillos non emancipados están baixo a potestade dos pais.

A patria potestade exercerase sempre en beneficio dos fillos, de acordo coa súa personalidade, e con respecto á súa integridade física e psicolóxica.

Esta potestade comprende os seguintes deberes e facultades:

1.º Velar por eles, telos na súa compañía, alimentalos, educalos e procurarlles unha formación integral.

2.º Representalos e administrar os seus bens.

155 Se os fillos tiveren suficiente xuízo deberán ser oídos sempre antes de adoptar decisións que os afecten.

Os pais poderán, no exercicio da súa potestade, solicitar o auxilio da autoridade.

Artigo redactado pola Lei 54/2007, do 28 de decembro, de adopción internacional.

155. Os fillos deben:

1.º Obedecer os seus pais mentres permanezan baixo a súa potestade e respectalos sempre.

2.º Contribuír equitativamente, segundo as súas posibilidades, ao levantamento das cargas da familia mentres convivan con ela.

156. A patria potestade será exercida conxuntamente por ambos os proxenitores ou por un só co consentimento expreso ou tácito do outro. Serán válidos os actos que realice un deles conforme o uso social e as circunstancias ou en situacións de urxente necesidade.

En caso de desacordo, calquera dos dous poderá acudir ao xuíz, quen, despois de oír ambos e o fillo se tiver suficiente xuízo e, en todo caso, se for maior de doce anos, atribuirá, sen ulterior recurso, a facultade de decidir ao pai ou á nai. Se os desacordos foren reiterados ou concorrer calquera outra causa que entorpeza gravemente o exercicio da patria potestade, poderalla atribuír total ou parcialmente a un dos pais ou distribuír entre eles as súas funcións. Esta medida terá vixencia durante o prazo que se fixe, que non poderá nunca exceder os dous anos.

Nos supostos dos parágrafos anteriores, respecto de terceiros de boa fe, presumirase que cada un dos proxenitores actúa no exercicio ordinario da patria potestade co consentimento do outro.

En defecto ou por ausencia, incapacidade ou imposibilidade dun dos pais, a patria potestade será exercida exclusivamente polo outro.

De os pais viviren separados, a patria potestade será exercida por aquel con quen o fillo conviva. No entanto, o xuíz, por solicitude fundada do outro proxenitor, poderá, en interese do fillo, atribuírlle ao solicitante a patria potestade

para que a exerza conxuntamente co outro proxenitor, ou distribuír entre o pai e a nai as funcións inherentes ao seu exercicio. **159**

157. O menor non emancipado exercerá a patria potestade sobre os seus fillos coa asistencia dos seus pais e, na falta de ambos, do seu titor; en casos de desacordo ou imposibilidade, coa do xuíz.

158. O xuíz, de oficio ou por instancia do propio fillo, de calquera parente ou do Ministerio Fiscal, ditará:

1.º As medidas convenientes para asegurar a prestación de alimentos e prover ás futuras necesidades do fillo, en caso de incumprimento deste deber polos seus pais.

2.º As disposicións apropiadas a fin de evitar aos fillos perturbacións danosas nos casos de cambio de titular da potestade de garda.

3.º As medidas necesarias para evitar a subtracción dos fillos menores por algún dos proxenitores ou por terceiras persoas e, en particular, as seguintes:

a) Prohibición de saída do territorio nacional, salvo autorización xudicial previa.

b) Prohibición de expedición do pasaporte ao menor ou retirada del, de estar xa expedido.

c) Sometemento a autorización xudicial previa de calquera cambio de domicilio do menor.

4.º En xeral, as demais disposicións que considere oportunas, a fin de apartar o menor dun perigo ou de lle evitar prexuízos.

Todas estas medidas poderán adoptarse dentro de calquera proceso civil ou penal ou ben nun procedemento de xurisdición voluntaria.

Redactado conforme a Lei orgánica 9/2002, do 10 de decembro.

159. Se os pais viviren separados e non decidiren de común acordo, o xuíz decidirá, sempre en beneficio dos fillos, ao coidado de cal dos proxenitores ficarán os fillos menores de idade. O xuíz oírrá, antes de tomar esta medida,

160 os fillos que tiveren suficiente xuízo e, en todo caso, os que foren maiores de doce anos.

Redactado conforme a Lei 11/1990, do 15 de outubro.

160. Os proxenitores, aínda que non exerzan a patria potestade, teñen o dereito de relacionarse cos seus fillos menores, excepto cos adoptados por outro ou conforme o disposto en resolución xudicial.

Parágrafo redactado conforme a Lei 13/2005, do 1 de xullo.

Non se poderán impedir, sen xusta causa, as relacións persoais do fillo cos seus avós e outros parentes e achegados.

En caso de oposición, o xuíz, por petición do menor, avós, parentes ou achegados, resolverá, atendidas as circunstancias. Especialmente, deberá asegurar que as medidas que se poidan fixar para favorecer as relacións entre avós e netos non facultan a infracción das resolucións xudiciais que restrinxan ou suspendan as relacións dos menores con algún dos seus proxenitores.

161. Tratándose do menor acollido, o dereito que aos seus pais, avós e demais parentes corresponde para visitalo e relacionarse con el poderá ser regulado ou suspendido polo xuíz, atendidas as circunstancias e o interese do menor.

Redactado conforme a Lei 42/2003, do 21 de novembro.

CAPÍTULO II

DA REPRESENTACIÓN LEGAL DOS FILLOS

162. Os pais que teñan a patria potestade teñen a representación legal dos seus fillos menores non emancipados.

Exceptúanse:

1.º Os actos relativos a dereitos da personalidade ou outros que o fillo, de acordo coas leis e coas súas condicións de madurez, poida realizar por si mesmo.

2.º Aqueles en que exista conflito de intereses entre os pais e o fillo.

3.º Os relativos a bens que estean excluídos da administración dos pais. **164**

Para celebrar contratos que obriguen o fillo a realizar prestacións persoais requírese o consentimento previo deste se tiver suficiente xuízo, sen prexuízo do establecido no artigo 158.

163. Sempre que nalgún asunto o pai e a nai teñan un interese oposto ao dos seus fillos non emancipados, nomearáselles a estes un defensor que os represente en xuízo e fóra del. Procederáse tamén a este nomeamento cando os pais teñan un interese oposto ao do fillo menor emancipado cuxa capacidade deban completar.

Se o conflito de intereses existir soamente cun dos proxenitores, correspóndelle ao outro por lei, sen necesidade de especial nomeamento, representar o menor ou completar a súa capacidade.

Artigo redactado conforme a Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro.

CAPÍTULO III

DOS BENS DOS FILLOS E DA SÚA ADMINISTRACIÓN

164. Os pais administrarán os bens dos fillos coa mesma dilixencia que os seus propios, cumprindo as obrigacións xerais de todo administrador e as especiais establecidas na Lei hipotecaria.

Exceptúanse da administración paterna:

1.º Os bens adquiridos por título gratuíto cando o dispoñente o ordenase de maneira expresa. Cumprírase estritamente a vontade deste sobre a administración destes bens e destino dos seus froitos.

2.º Os adquiridos por sucesión en que un ou ambos dos que exerzan a patria potestade fosen xustamente desherdados ou non puidesen herdar por causa de indignidade, que serán administrados pola persoa designada polo causante e, no seu defecto e sucesivamente, polo outro proxenitor ou por un administrador xudicial especialmente nomeado.

Parágrafo redactado conforme a Lei 13/2005, do 1 de xullo.

165 3.º Os que o fillo maior de dezaseis anos adquirise co seu traballo ou industria. Os actos de administración ordinaria serán realizados polo fillo, que necesitará o consentimento dos pais para os que a excedan.

Redactado conforme a Lei 21/1987, do 11 de novembro.

165. Pertencen sempre ao fillo non emancipado os froitos dos seus bens, ben como todo o que adquira co seu traballo ou industria.

Non obstante, os pais poderán destinar os do menor que viva con ambos ou cun só deles, na parte que lle corresponda, ao levantamento das cargas familiares, e non estarán obrigados a render contas do que consumisen en tales atencións.

Con este fin entregaranse aos pais, na medida adecuada, os froitos dos bens que eles non administren. Exceptúanse os froitos dos bens a que se refiren os números 1 e 2 do artigo anterior e os daqueles doados ou deixados aos fillos especialmente para a súa educación ou carreira, mais se os pais careceren de medios poderán pedir ao xuíz que se lles entregue a parte que en equidade proceda.

Redactado conforme a Lei 21/1987, do 11 de novembro.

166. Os pais non poderán renunciar aos dereitos de que os fillos sexan titulares nin allear ou gravar os seus bens inmobles, establecementos mercantís ou industriais, obxectos preciosos e valores mobiliarios, salvo o dereito de subscripción preferente de accións, senón por causas xustificadas de utilidade ou necesidade e precedendo a autorización do xuíz do domicilio, con audiencia do Ministerio Fiscal.

Os pais deberán obter autorización xudicial para repudiar a herdanza ou legado deferidos ao fillo. Se o xuíz denegar a autorización, a herdanza só poderá ser aceptada a beneficio de inventario.

Non será necesaria autorización xudicial se o menor tiver cumprido dezaseis anos e consentir en documento público, nin para o alleamento de valores mobiliarios, sempre que o seu importe se reinvesta en bens ou valores seguros.

Redactado conforme a Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro.

167. Cando a administración dos pais poña en perigo o patrimonio do fillo, o xuíz, por petición do propio fillo, do Ministerio Fiscal ou de calquera parente do menor, poderá adoptar as providencias que considere necesarias para a seguranza e resguardo dos bens, exixir caución ou fianza para a continuación na administración, ou mesmo nomear un administrador. **171**

168. Ao termo da patria potestade os fillos poderán exixir aos pais a rendición de contas da administración que exerceron sobre os seus bens até entón. A acción para exixir o cumprimento desta obrigaón prescribirá aos tres anos.

En caso de perda ou deterioración dos bens por dolo ou culpa grave, responderán os pais dos danos e perdas sufridos.

CAPÍTULO IV

DA EXTINCIÓN DA PATRIA POTESTADE

169. A patria potestade acaba:

- 1.º Pola morte ou a declaración de falecemento dos pais ou do fillo.
- 2.º Pola emancipación.
- 3.º Pola adopción do fillo.

170. O pai ou a nai poderán ser privados total ou parcialmente da súa potestade por sentenza fundada no incumprimento dos deberes inherentes a ela ou ditada en causa criminal ou matrimonial.

Os tribunais poderán, en beneficio ou interese do fillo, acordar a recuperación da patria potestade se cesou a causa que motivou a privación.

171. A patria potestade sobre os fillos que fosen incapacitados ficará prorrogada, por ministerio da lei, ao chegar aqueles á maior idade. Se o fillo maior de idade solteiro que viva en compañía dos seus pais ou de calquera deles for incapacitado, rehabilitarase a patria potestade, que será exercida por aquel a quen correspondería se o fillo fose menor de idade. A patria potestade prorrogada en calquera destas dúas

171 formas exercerase con suxeición ao especialmente disposto na resolución de incapacitación e, subsidiariamente, nas regras deste título.

A patria potestade prorrogada terminará:

- 1.º Pola morte ou declaración de falecemento de ambos os pais ou do fillo.
- 2.º Pola adopción do fillo.
- 3.º Por terse declarado a cesación da incapacidade.
- 4.º Por ter contraído matrimonio o incapacitado.

Se ao cesar a patria potestade prorrogada subsistir o estado de incapacitación, constituirase a tutela ou curadoría, segundo proceda.

Artigo redactado conforme a Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro.

REDACCIÓN ORIXINARIA:

«TÍTULO VII

Da patria potestade

CAPÍTULO PRIMEIRO

DISPOSICIÓN XERAL

154. O pai e, na súa falta, a nai teñen potestade sobre os seus fillos lexítimos non emancipados; e os fillos teñen a obrigaón de obedecelos mentres permanezan na súa potestade, e de tributarlles respecto e reverencia sempre.

Os fillos naturais recoñecidos, e os adoptivos menores de idade, están baixo a potestade do pai ou da nai que os recoñece ou adopta e teñen a mesma obrigaón de que fala o parágrafo anterior.

REDACCIÓN CONFORME A LEI 11/1981, DO 13 DE MAIO.—«Os fillos non emancipados están baixo a potestade do pai e mais da nai. A patria potestade exercerase sempre en beneficio dos fillos, de acordo coa súa personalidade, e comprende os seguintes deberes e facultades:

1.º Velar por eles, telos na súa compañía, alimentalos, educalos e procurarlles unha formación integral.

2.º Representalos e administrar os seus bens.

Se os fillos tiveren suficiente xuízo deberán ser oídos sempre antes de adoptar decisións que os afecten.

Os pais poderán, no exercicio da súa potestade, pedir o auxilio da autoridade. Poderán tamén corrixir razoable e moderadamente os fillos.»

REDACCIÓN DADA CONFORME A LEI 13/2005, DO 1 DE XULLO.—«Os fillos non emancipados están baixo a potestade dos seus proxenitores. A patria

potestade exerceráse sempre en beneficio dos fillos, de acordo coa súa personalidade, e comprende os seguintes deberes e facultades:

1. Velar por eles, telos na súa compañía, alimentalos, educalos e procurarllles unha formación integral.
2. Representalos e administrar os seus bens.

Se os fillos tiveren suficiente xuízo deberán ser oídos sempre antes de adoptar decisións que os afecten.

Os pais poderán, no exercicio da súa potestade, pedir o auxilio da autoridade. Poderán tamén corrixir razoable e moderadamente os fillos.»

REDACCIÓN ORIXINARIA:

CAPÍTULO II

EFECTOS DA PATRIA POTESTADE RESPECTO ÁS PERSOAS DOS FILLOS

155. O pai e, na súa falta, a nai teñen, respecto dos seus fillos non emancipados:

- 1.º O deber de alimentalos, telos na súa compañía, educalos e instruílos consonte a súa fortuna, e representalos no exercicio de todas as accións que poidan redundar no seu proveito.
- 2.º A facultade de corrixilos e castigalos moderadamente.

156. O pai e, cando for o caso, a nai poderán impetrar o auxilio da autoridade governativa, que deberá serlles prestado, en apoio da súa propia autoridade, sobre os seus fillos non emancipados, xa no interior do lar doméstico, xa para a detención e aínda para a retención deles en establecementos de instrución ou en institutos legalmente autorizados que os reciban.

Así mesmo, poderán reclamar a intervención do xuíz municipal para impor aos seus fillos até un mes de detención no establecemento correcional destinado para o efecto, bastando a orde do pai ou nai, co visto e prace do xuíz, para que a detención se realice.

O disposto nos dous parágrafos anteriores comprende os fillos lexítimos, lexitimados, naturais, recoñecidos ou adoptivos.

157. Se o pai ou a nai pasasen a segundas nupcias, e o fillo for dos habidos en anterior matrimonio, terán que manifestar ao xuíz os motivos en que fundan o seu acordo de castigo; e o xuíz oír, en comparecencia persoal, o fillo e decretará ou denegará a detención sen ulterior recurso. Isto mesmo se observará cando o fillo non emancipado exerza algún cargo ou oficio, aínda que os pais non contraesen segundo matrimonio.

158. O pai e, se for o caso, a nai satisfarán os alimentos do fillo detido; mais non terán intervención ningunha no réxime do establecemento onde estea detido, e unicamente poderán levantar a detención cando o consideren oportuno.

REDACCIÓN CONFORME A LEI 11/1981, DO 13 DE MAIO.—«O xuíz, por instancia do propio fillo, de calquera parente ou do Ministerio Fiscal, ditará:

1.º As medidas cautelares convenientes para asegurar a prestación de alimentos e prover ás futuras necesidades do fillo, en caso de incumprimento deste deber polos seus pais.

2.º As disposicións apropiadas a fin de lles evitar aos fillos perturbacións danosas nos casos de cambio do titular da potestade de garda.

3.º En xeral, as demais disposicións que considere oportunas a fin de apartar o menor dun perigo ou de lle evitar prexuízos.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI ORGÁNICA 1/1996, DO 15 DE XANEIRO.—«O xuíz, de oficio, ou por instancia do propio fillo, de calquera parente ou do Ministerio Fiscal, ditará:

1.º As medidas convenientes para asegurar a prestación de alimentos e prover ás futuras necesidades do fillo, en caso de incumprimento deste deber polos seus pais.

2.º As disposicións apropiadas a fin de evitar aos fillos perturbacións danosas nos casos de cambio de titular da potestade de garda.

3.º En xeral, as demais disposicións que considere oportunas, a fin de apartar o menor dun perigo ou de lle evitar prexuízos.

Todas estas medidas poderán ser adoptadas dentro de calquera proceso civil ou penal ou ben nun procedemento de xurisdición voluntaria.»

REDACCIÓN ORIXINARIA:

CAPÍTULO III

DOS EFECTOS DA PATRIA POTESTADE RESPECTO AOS BENS DOS FILLOS

159. O pai ou, na súa falta, a nai son os administradores legais dos bens dos fillos que están baixo a súa potestade.

REDACCIÓN CONFORME A LEI 11/1981, DO 13 DE MAIO.—«Se os pais viviren separados e non decidiren de común acordo, os fillos e fillas menores de sete anos ficarán ao coidado da nai, salvo que o xuíz, por motivos especiais, provexa doutro modo.»

160. REDACCIÓN ORIXINARIA.—«Os bens que o fillo non emancipado adquirise ou adquira co seu traballo ou industria, ou por calquera título lucrativo, pertencen ao fillo en propiedade, e en usufruto ao pai ou á nai que o teñan na súa potestade e compañía; mais se o fillo, con consentimento dos seus pais, vivir independente destes, reputarase para todos os efectos relativos aos ditos bens como emancipado, e terá neles o dominio, o usufruto e a administración.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI 21/1987, DO 11 DE NOVIEMBRE.—«O pai e a nai, aínda que non exerzan a patria potestade, teñen o dereito de relacionarse cos seus fillos menores, excepto cos adoptados por outro ou conforme o disposto en resolución xudicial.

Non poderán impedirse sen xusta causa as relacións persoais entre o fillo e outros parentes e achegados.

En caso de oposición, o xuíz, por petición do menor ou do parente ou achegado, resolverá, atendidas as circunstancias.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI 21/1987, DO 11 DE NOVIEMBRE.—«O pai e a nai, aínda que non exerzan a patria potestade, teñen o dereito de se relacionaren cos seus fillos menores, excepto cos adoptados por outro ou consono o disposto en resolución xudicial.

Non se poderán impedir sen causa xusta as relacións persoais do fillo cos seus avós e outros parentes e achegados.

En caso de oposición, o xuíz, a pedimento do menor, dos avós, dos parentes ou achegados, resolverá, atendidas as circunstancias.

Especialmente deberá asegurar que as medidas que se poidan fixar para favorecer as relacións entre avós e netos non faculen a infracción das resolucións xudiciais que restrinxan ou suspendan as relacións dos menores con algún dos seus proxenitores.»

161. Pertence aos pais en propiedade e usufruto o que o fillo adquira con bens deles. Mais se os pais lle cederen expresamente a totalidade ou parte das ganancias que obteña, non lle serán estas imputables na herdanza.

REDACCIÓN CONFORME A LEI 11/1981, DO 13 DE MAIO.—«O pai e a nai, aínda que non exerzan a patria potestade, teñen o dereito de relacionarse cos seus fillos menores, excepto cos adoptados por outro de maneira plena ou conforme o disposto en resolución xudicial.

Non poderán impedirse sen xusta causa as relacións persoais entre o fillo e outros parentes e achegados.

En caso de oposición, o xuíz, por petición do menor ou do parente ou achegado, resolverá, atendidas as circunstancias.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI 21/1987, DO 11 DE NOVIEMBRE.—«Tratándose do menor acollido, o dereito que aos seus pais corresponde para visítoalo e relacionarse con el poderá ser regulado ou suspendido polo xuíz, atendidas as circunstancias e o interese do menor.»

162. Corresponderán en propiedade e en usufruto ao fillo non emancipado os bens ou rendas doados ou legados para os gastos da súa educación e instrución; mais terán a súa administración o pai ou a nai, se na doazón ou no legado non se dispuxo outra cousa, caso en que se cumprirá estritamente a vontade dos doadores.

163. Os pais teñen, relativamente aos bens do fillo en que lles corresponde o usufruto ou administración, as obrigacións de todo usufrutuário ou administrador, e as especiais establecidas na sección terceira do título 5.º da Lei hipotecaria.

Formarase inventario, con intervención do Ministerio Fiscal, dos bens dos fillos en que os pais teñan só a administración; e, por proposta do mesmo ministerio, poderá decretar o xuíz o depósito dos valores mobiliarios propios do fillo.

REDACCIÓN CONFORME A LEI 11/1981, DO 13 DE MAIO.—Sempre que nalgún asunto o pai e a nai teñan un interese oposto ao dos seus fillos non emancipados, nomearáselles a estes un defensor que os represente en xuízo e fóra

del. Procederáse tamén a este nomeamento cando os pais teñan un interese oposto ao do fillo menor emancipado cuxa capacidade deban completar.

Se o conflito de intereses existir só cun dos proxenitores, correspóndelle ao outro por lei e sen necesidade de especial nomeamento representar o menor ou completar a súa capacidade.

Por petición do pai ou da nai, do menor, do Ministerio Fiscal ou de calquera persoa capaz de comparecer en xuízo, o xuíz nomeará defensor, coas facultades que sinala ao parente do menor a quen, se for o caso, correspondería a tutela lexítima e, na falta deste, ou cando tiver intereses contrapostos, a outro parente ou a un estraño.»

164. REDACCIÓN ORIXINARIA. «O pai ou a nai, se for o caso, non poderán allear os bens inmobles do fillo en que lles corresponda o usufruto ou a administración, nin gravalos, senón por causas xustificadas de utilidade ou necesidade, e precedendo a autorización do xuíz do domicilio, con audiencia do Ministerio Fiscal, salvas as disposicións que, canto aos efectos da transmisión, establece a Lei hipotecaria.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI 11/1981, DO 13 DE MAIO. «Os pais administrarán os bens dos fillos coa mesma dilixencia que os seus propios, cumprindo as obrigacións xerais de todo administrador e as especiais establecidas na Lei hipotecaria.

Exceptúanse da administración paterna:

1.º Os bens adquiridos por título gratuito cando o dispoñente o ordenase de maneira expresa. Cumprírase estritamente a vontade deste sobre a administración destes bens e destino dos seus froitos.

2.º Os adquiridos por sucesión en que o pai, a nai ou ambos fosen xustamente desherdados ou non puidesen herdar por causa de indignidade, que serán administrados pola persoa designada polo causante e, na súa falta e sucesivamente, polo outro proxenitor ou por un administrador xudicial especialmente nomeado.

3.º Os dos fillos adoptados en forma simple, cando así o acordase o xuíz que aprobase a adopción.

4.º Os que o fillo maior de dezaseis anos adquirise co seu traballo ou industria. Os actos de administración ordinaria serán realizados polo fillo, que necesitará o consentimento dos pais para os que a excedan.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI 21/1987, DO 11 DE NOVIEMBRE. «Os pais administrarán os bens dos fillos coa mesma dilixencia que os seus propios, cumprindo as obrigacións xerais de todo administrador e as especiais establecidas na Lei hipotecaria.

Exceptúanse da administración paterna:

1.º Os bens adquiridos por título gratuito cando o dispoñente o ordenase de maneira expresa. Cumprírase estritamente a vontade deste sobre a administración destes bens e destino dos seus froitos.

2.º Os adquiridos por sucesión en que o pai, a nai ou ambos os dous fosen xustamente desherdados ou non puidesen herdar por causa de indignidade, que serán administrados pola persoa designada polo cau-

sante e, na súa falta e sucesivamente, polo outro proxenitor ou por un administrador xudicial especialmente nomeado.

3.º Os que o fillo maior de dezaseis anos adquirise co seu traballo e industria. Os actos de administración ordinaria serán realizados polo fillo, que necesitará o consentimento dos pais para os que excedan dela.»

165. Sempre que nalgún asunto o pai ou a nai teñan un interese oposto ao dos seus fillos non emancipados, nomearáselles a estes un defensor que os represente en xuízo e fóra del.

O xuíz, por petición do pai ou da nai, do mesmo menor, do Ministerio Fiscal ou de calquera persoa capaz para comparecer en xuízo, conferirá o nomeamento de defensor ao parente do menor a quen, se for o caso, correspondería a tutela lexítima, e, na falta deste, a outro parente ou a un estraño.

166. REDACCIÓN ORIXINARIA.—«Os pais que recoñeceren ou adoptaren non adquiren o usufruto dos bens dos fillos recoñecidos ou adoptivos, e tampouco terán a administración se non aseguran con fianza os seus resultados á satisfacción do xuíz do domicilio do menor ou das persoas que deban concorrer á adopción.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI DO 24 DE ABRIL DE 1958.—«Os pais que recoñeceren ou adoptaren en forma menos plena, non adquiren o usufruto dos bens dos fillos recoñecidos ou adoptivos, e tampouco terán a administración se non aseguran con fianza os seus resultados á satisfacción do xuíz do domicilio do menor ou das persoas que deban concorrer á adopción.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI 11/1981, DO 13 DE MAIO.—«Os pais non poderán renunciar aos dereitos de que os fillos sexan titulares nin allear ou gravar os seus bens inmobles, establecementos mercantís ou industriais, obxectos preciosos e valores mobiliarios, salvo o dereito de subscrición preferente de accións, senón por causas xustificadas de utilidade ou necesidade e precedendo a autorización do xuíz do domicilio, con audiencia do Ministerio Fiscal.

Os pais deberán pedir autorización xudicial para repudiar a herdanza ou legado deferidos ao fillo ou as doazóns que lle foren ofrecidas. Se o xuíz denegar a autorización, entenderase automaticamente aceptado o legado, herdanza ou doazón. A aceptación da herdanza entenderase feita, en todo caso, a beneficio de inventario.

Non será necesaria autorización xudicial se o menor tiver cumprido dezaseis anos e consentir en documento público, nin para o alleamento de valores mobiliarios, sempre que o seu importe se reinvesta en bens ou valores seguros.»

CAPÍTULO IV

DOS MODOS DE ACABAR A PATRIA POTESTADE

167. A patria potestade acaba:

- 1.º Pola morte dos pais ou do fillo.
- 2.º Pola emancipación.
- 3.º Pola adopción do fillo.

168. REDACCIÓN ORIXINARIA.—«A nai que pase a segundas nupcias perde a patria potestade sobre os seus fillos, a non ser que o marido defunto, pai destes, previse expresamente no seu testamento que a súa

viúva contraese matrimonio e ordenase que en tal caso conservase e exercese a patria potestade sobre os seus fillos.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI DO 24 DE ABRIL DE 1958.—«As posteriores nupcias do pai ou da nai non afectarán a patria potestade, mais o xuíz poderá conceder a emancipación dos fillos maiores de dezaioito anos, se o pediren, precedendo audiencia do pai ou nai.

O disposto no parágrafo anterior é tamén aplicable no caso de fillos naturais recoñecidos cando o pai ou a nai contraian nupcias.»

REDACCIÓN CONFORME O REAL DECRETO LEI 33/1978, DO 16 DE NOVIEMBRE.—«As posteriores nupcias do pai ou da nai non afectarán a patria potestade; mais o xuíz poderá conceder a emancipación dos fillos, maiores de dezaseis anos, se o pediren, precedendo audiencia do pai ou nai.

O disposto no parágrafo anterior é tamén aplicable no caso de fillos naturais recoñecidos cando o pai ou a nai contraian nupcias.»

169. REDACCIÓN ORIXINARIA.—«O pai e, se for o caso, a nai perderán a potestade sobre os seus fillos:

1.º Cando por sentenza firme en causa criminal se lle impoña como pena a privación da dita potestade.

2.º Cando por sentenza firme en preito de divorcio así se declare, mentres duren os efectos dela.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI DO 24 DE ABRIL DE 1958.—«O pai e, se for o caso, a nai perderán a potestade sobre os seus fillos:

1.º Cando por sentenza firme en causa criminal se lle impoña como pena a privación da dita potestade.

2.º Cando por sentenza firme en preito de separación persoal así se declare, mentres duren os efectos dela.»

170. REDACCIÓN ORIXINARIA.—«A patria potestade suspéndese por incapacidade ou ausencia do pai ou, se for o caso, da nai, declaradas xudicialmente, e tamén pola interdicción civil.»

171. REDACCIÓN ORIXINARIA.—«Os tribunais poderán privar os pais da patria potestade, ou suspender o exercicio desta, se trataren os seus fillos con dureza excesiva ou se lles deren ordes, consellos ou exemplos corruptores. Nestes casos poderán, así mesmo, privar os pais total ou parcialmente do usufruto dos bens do fillo, ou adoptar as providencias que consideren convenientes para os intereses deste.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI 11/1981, DO 13 DE MAIO.—«A patria potestade sobre os fillos que fosen incapacitados por deficiencias ou anomalías psíquicas ou por xordomudez ficará prorrogada por ministerio da lei ao chegaren aqueles á maior idade. Se o fillo maior de idade solteiro que vivir en compañía dos seus pais ou de calquera deles for incapacitado por algunha das causas indicadas, non se constituirá a tutela, senón que se rehabilitará a patria potestade, que será exercida por aquel a quen correspondería se o fillo fose menor de idade. A patria potestade prorrogada en calquera destas dúas formas exercerase con

suxeición ao especialmente disposto na resolución de incapacitación e subsidiariamente ás regras do presente título.

A patria potestade prorrogada terminará:

- 1.º Pola morte ou declaración de falecemento de ambos os pais ou do fillo.
- 2.º Pola adopción do fillo.
- 3.º Por terse declarado a cesación da incapacidade.
- 4.º Por ter contraído matrimonio o incapacitado.

Se ao cesar a patria potestade prorrogada subsistir o estado de incapacitación, constituirase a tutela.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI 13/1983, DO 24 DE OUTUBRO.—«A patria potestade sobre os fillos que fosen incapacitados ficará prorrogada, por ministerio da lei, ao chegar aqueles á maior idade. Se o fillo maior de idade solteiro que vivir en compañía dos seus pais ou de calquera deles for incapacitado, non se constituirá tutela, senón que se rehabilitará a patria potestade, que será exercida por aquel a quen correspondería se o fillo fose menor de idade. A patria potestade prorrogada en calquera destas dúas formas exercerase con suxeición ao especialmente disposto na resolución de incapacitación e, subsidiariamente, nas regras do presente título.

A patria potestade prorrogada terminará:

- 1.º Pola morte ou declaración de falecemento de ambos os pais ou do fillo.
- 2.º Pola adopción do fillo.
- 3.º Por terse declarado a cesación da incapacidade.
- 4.º Por ter contraído matrimonio o incapacitado.

Se ao cesar a patria potestade prorrogada subsistir o estado de incapacitación, constituirase a tutela.»

CAPÍTULO V

DA ADOPCIÓN E OUTRAS FORMAS DE PROTECCIÓN DE MENORES

As rúbricas deste capítulo inclúense conforme a redacción dada pola Lei 21/1987, do 11 de novembro.

Sección 1.ª Da garda e acollemento de menores

172. 1. A entidade pública á cal, no respectivo territorio, estea encomendada a protección dos menores, cando constate que un menor se encontra en situación de desamparo, ten por ministerio da lei a súa tutela e deberá adoptar as medidas de protección necesarias para a súa garda, pódoo en coñecemento do Ministerio Fiscal e notificándollelo en legal forma aos pais, titores ou gardadores, nun prazo de corenta e oito horas. Sempre que sexa posible, no momento

172 da notificación serán informados de forma presencial e de modo claro e comprensible das causas que deron lugar á intervención da Administración e dos posibles efectos da decisión adoptada.

Considérase como situación de desamparo a que se produce de feito por causa do incumprimento, ou do imposible ou inadecuado exercicio dos deberes de protección establecidos polas leis para a garda dos menores, cando estes fiquen privados da necesaria asistencia moral ou material.

A asunción da tutela atribuída á entidade pública leva consigo a suspensión da patria potestade ou da tutela ordinaria. Non obstante, serán válidos os actos de contido patrimonial que realicen os pais ou titores en representación do menor e que sexan beneficiosos para el.

2. Cando os pais ou titores, por circunstancias graves, non poidan coidar o menor, poderán solicitar da entidade pública competente que esta asuma a súa garda durante o tempo necesario.

A entrega da garda farase constar por escrito deixando constancia de que os pais ou titores foron informados das responsabilidades que seguen mantendo respecto do fillo, ben como da forma en que a dita garda vai ser exercida pola Administración.

Calquera variación posterior da forma de exercicio será fundamentada e comunicada a aqueles e ao Ministerio Fiscal.

Así mesmo, a entidade pública asumirá a garda cando así o acorde o xuíz nos casos en que legalmente proceda.

3. A garda asumida por solicitude dos pais ou titores ou como función da tutela por ministerio da lei realizarase mediante o acollemento familiar ou o acollemento residencial. O acollemento familiar será realizado pola persoa ou persoas que determine a entidade pública. O acollemento residencial será exercido polo director do centro onde acolleron o menor.

Os pais ou titores do menor poderanse opor, no prazo de dous meses, á resolución administrativa que dispoña o acollemento cando consideren que a modalidade acordada non é a máis conveniente para o menor ou de existiren

dentro do círculo familiar outras persoas máis idóneas ca as designadas **172**

4. Buscarase sempre o interese do menor e procurarase, cando non sexa contrario a ese interese, a súa reinserción na propia familia e que a garda dos irmáns se confíe a unha mesma institución ou persoa.

5. Se xurdiren problemas graves de convivencia entre o menor e a persoa ou persoas a quen fose confiado en garda, aquel ou persoa interesada poderá solicitar a remoción desta.

6. As resolucións que aprecien o desamparo e declaren a asunción da tutela por ministerio da lei serán impugnables ante a xurisdición civil no prazo e condicións determinados na Lei de axuízamento civil, sen necesidade de reclamación administrativa previa.

7. Durante o prazo de dous anos desde a notificación da resolución administrativa pola que se declare o desamparo, os pais que continúen tendo a patria potestade pero que a teñan suspendida conforme o previsto no número 1 deste artigo están lexitimados para solicitar que cese a suspensión e quede revogada a declaración de desamparo do menor, se por cambio das circunstancias que a motivaron entenden que se encontran en condicións de asumir novamente a patria potestade.

Igualmente están lexitimados durante o mesmo prazo para se opor ás decisións que se adopten respecto á protección do menor.

Pasado o dito prazo decaerá o seu dereito de solicitude ou oposición ás decisións ou medidas que se adopten para a protección do menor. Non obstante, poderán facilitar información á entidade pública e ao Ministerio Fiscal sobre calquera cambio das circunstancias que deron lugar á declaración de desamparo.

8. A entidade pública, de oficio, ou por instancia do Ministerio Fiscal ou de persoa ou entidade interesada, poderá en todo momento revogar a declaración de desamparo e decidir a volta do menor coa súa familia se non se encontra integrado de forma estable noutra familia ou se entende que é o

173 máis adecuado en interese do menor. A dita decisión notificaráselle ao Ministerio Fiscal.

Artigo redactado conforme a Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, coa excepción dos números 3, 6, 7 e 8, que foron redactados e engadidos pola Lei 54/2007, do 28 de decembro, de adopción internacional.

173. 1. O acollemento familiar produce a plena participación do menor na vida de familia e imponse a quen o recibe as obrigacións de velar por el, telo na súa compañía, alimentalo, educalo e procurarlle unha formación integral.

Este acollemento poderá ser exercido pola persoa ou persoas que substitúan o núcleo familiar do menor ou por responsable do lar funcional.

2. O acollemento formalizarase por escrito, co consentimento da entidade pública, teña ou non a tutela ou a garda, das persoas que reciban o menor e deste se tiver doce anos cumpridos. Cando foren coñecidos os pais que non estiveren privados da patria potestade, ou o titor, será necesario tamén que presten ou prestasen o seu consentimento, salvo que se trate dun acollemento familiar provisorio a que fai referencia o número 3 deste artigo.

O documento de formalización do acollemento familiar a que se refire o parágrafo anterior incluírá os seguintes aspectos:

- 1.º Os consentimentos necesarios.
- 2.º Modalidade do acollemento e duración prevista para el.
- 3.º Os dereitos e deberes de cada unha das partes, e en particular:
 - a) A periodicidade das visitas por parte da familia do menor acollido.
 - b) O sistema de cobertura por parte da entidade pública ou doutros responsables civís dos danos que sufra o menor ou dos que poida causar a terceiros.
 - c) A asunción dos gastos de manutención, educación e atención sanitaria.

4.º O contido do seguimento que, en función da finalidade do acollemento, vaia realizar a entidade pública, e o compromiso de colaboración da familia acolledora para o devandito seguimento.

5.º A compensación económica que, se for o caso, vaian recibir os acolledores.

6.º De os acolledores actuaren con carácter profesionalizado ou de o acollemento se realizar nun lar funcional, sinalarase expresamente.

7.º Informe dos servizos de atención a menores.

O dito documento será remitido ao Ministerio Fiscal.

3. Se os pais ou o titor non consenten ou se opoñen a el, o acollemento só poderá ser acordado polo xuíz, en interese do menor, conforme os trámites da Lei de axuízamento civil. A proposta da entidade pública conterá os mesmos aspectos referidos no número anterior.

Non obstante, a entidade pública poderá acordar en interese do menor un acollemento familiar provisorio, que subsistirá até se producir resolución xudicial.

A entidade pública, unha vez realizadas as dilixencias oportunas, e concluído o expediente, deberá presentar a proposta ao xuíz de maneira inmediata e, en todo caso, no prazo máximo de quince días.

4. O acollemento do menor cesará:

1.º Por decisión xudicial.

2.º Por decisión das persoas que o teñen acollido, precedendo comunicación destas á entidade pública.

3.º Por petición do titor ou dos pais que teñan a patria potestade e reclamen a súa compañía.

4.º Por decisión da entidade pública que teña a tutela ou garda do menor, cando o considere necesario para salvagardar o interese deste, oídos os acolledores.

Será precisa resolución xudicial de cesación cando o acollemento fose disposto polo xuíz.

5. Todas as actuacións de formalización e cesación do acollemento se practicarán coa obrigada reserva.

Redactado conforme a Lei 1/1996, do 15 de xaneiro.

173 bis. O acollemento familiar poderá adoptar as seguintes modalidades atendendo á súa finalidade:

1.º Acollemento familiar simple, que terá carácter transitorio, ben porque da situación do menor se prevexa a reinsertión deste na súa propia familia, ben en canto se adopte unha medida de protección que revista un carácter máis estable.

2.º Acollemento familiar permanente, cando a idade ou outras circunstancias do menor e da súa familia así o aconsellen e o informe dos servizos de atención ao menor sexa neste sentido. En tal suposto, a entidade pública poderá solicitar do xuíz que atribúa aos acolledores aquelas facultades da tutela que faciliten o desempeño das súas responsabilidades, atendendo en todo caso ao interese superior do menor.

3.º Acollemento familiar preadoptivo, que será formalizada pola entidade pública cando esta eleve a proposta de adopción do menor, co informe dos servizos de atención ao menor, ante a autoridade xudicial, sempre que os acolledores reúnan os requisitos necesarios para adoptar, fosen seleccionados e prestasen ante a entidade pública o seu consentimento á adopción, e se encontre o menor en situación xurídica adecuada para a súa adopción.

A entidade pública poderá formalizar, así mesmo, un acollemento familiar preadoptivo cando considere, con anterioridade á presentación da proposta de adopción, que é necesario establecer un período de adaptación do menor á familia.

Este período será o máis breve posible e, en todo caso, non poderá exceder o prazo dun ano.

Artigo engadido pola Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro.

174. 1. Incumbe ao fiscal a superior vixilancia da tutela, acollemento ou garda dos menores a que se refire esta sección.

2. Para tal fin, a entidade pública daralle noticia inmediata dos novos ingresos de menores e remitiralle copia das resolucións administrativas e dos escritos de formalización relativos á constitución, variación e cesación das tutelas, gar-

das e acollementos. Tamén lle dará conta de calquera novidade de interese nas circunstancias do menor. **175**

O fiscal deberá comprobar, ao menos semestralmente, a situación do menor, e promoverá ante o xuíz as medidas de protección que considere necesarias.

3. A vixilancia do Ministerio Fiscal non eximirá a entidade pública da súa responsabilidade para co menor e da súa obrigaón de pór en coñecemento do Ministerio Fiscal as anomalías que observe.

Redactado conforme a Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro.

Sección 2.^a Da adopción

175. 1. A adopción require que o adoptante sexa maior de vinte e cinco anos. Na adopción por ambos os cónxuxes basta que un deles atinxise a dita idade. En todo caso, o adoptante deberá ter, polo menos, catorce anos máis que o adoptado.

2. Unicamente poderán ser adoptados os menores non emancipados. Por excepción, será posible a adopción dun maior de idade ou dun menor emancipado cando, inmediatamente antes da emancipación, existise unha situación non interrompida de acollemento ou convivencia, iniciada antes de que o adoptando cumprise os catorce anos.

3. Non pode ser adoptado:

1.º Un descendente.

2.º Un parente en segundo grao da liña colateral por consanguinidade ou afinidade.

3.º Un pupilo polo seu titor até ter sido aprobada definitivamente a conta xeral xustificada da tutela.

4. Ninguén pode ser adoptado por máis dunha persoa, salvo que a adopción se realice conxunta ou sucesivamente por ambos os cónxuxes. O casamento celebrado con posterioridade á adopción permítelle ao cónxuxe a adopción dos fillos do seu consorte. En caso de morte do adoptante, ou cando o adoptante sufra a exclusión prevista no artigo 179, é posible unha nova adopción do adoptado.

Redactado conforme a Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, excepto o número 4, que foi redactado pola Lei 13/2005, do 1 de xullo.

176. 1. A adopción constitúese por resolución xudicial, que terá en conta sempre o interese do adoptando e a idoneidade do adoptante ou adoptantes para o exercicio da patria potestade.

2. Para iniciar o expediente de adopción cómpre a proposta previa da entidade pública a favor do adoptante ou adoptantes que a dita entidade pública declarase idóneos para o exercicio da patria potestade. A declaración de idoneidade poderá ser previa á proposta.

Non obstante, non se require proposta cando no adoptando concorra algunha das circunstancias seguintes:

1.^a Ser orfo e parente do adoptante en terceiro grao por consanguinidade ou afinidade.

2.^a Ser fillo do consorte do adoptante.

3.^a Levar máis dun ano acollido legalmente baixo a medida dun acollemento preadoptivo ou ter estado baixo a súa tutela polo mesmo tempo.

4.^a Ser maior de idade ou menor emancipado.

3. Nos tres primeiros supostos do número anterior poderá constituírse a adopción, aínda que o adoptante falecese, se este prestase xa ante o xuíz o seu consentimento. Os efectos da resolución xudicial neste caso retrotraeranse á data de prestación de tal consentimento.

Redactado conforme a Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro.

177. 1. Deberán consentir a adopción, en presenza do xuíz, o adoptante ou adoptantes e o adoptando maior de doce anos.

2. Deberán asentir á adopción, na forma establecida na Lei de axuizamento civil:

1.º O cónxuxe do adoptante, salvo que medie separación legal por sentenza firme ou separación de feito por mutuo acordo que conste de maneira que faga fe.

2.º Os pais do adoptando que non se achar emancipado, a menos que estiveren privados da patria potestade por sentenza firme ou incursos en causa legal para tal privación. Esta situación só poderá ser apreciada en procedemento

xudicial contraditorio, o cal se poderá tramitar como dispón **179** o artigo 1.827 da Lei de axuizamento civil.

Non será necesario o asentimento cando os que o deban prestar se encontren imposibilitados para isto, imposibilidade que será apreciada motivadamente na resolución xudicial que constituía a adopción.

O asentimento da nai non se poderá prestar até teren transcorrido trinta días desde o parto.

3. Deberán ser simplemente oídos polo xuíz:

1.º Os pais que non fosen privados da patria potestade, cando o seu asentimento non sexa necesario para a adopción.

2.º O titor e, se for o caso, o gardador ou gardadores.

3.º O adoptando menor de doce anos, se tiver suficiente xuízo.

4.º A entidade pública, a fin de apreciar a idoneidade do adoptante, cando o adoptando leve máis dun ano acollido legalmente por aquel.

Redactado conforme a Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro.

178. 1. A adopción produce a extinción dos vínculos xurídicos entre o adoptado e a súa familia anterior.

2. Por excepción subsistirán os vínculos xurídicos coa familia do proxenitor que, segundo o caso, corresponda:

1.º Cando o adoptado sexa fillo do cónxuxe do adoptante, aínda que o consorte falecese.

2.º Cando só un dos proxenitores fose legalmente determinado, sempre que tal efecto fose solicitado polo adoptante, o adoptado maior de doce anos e o proxenitor cuxo vínculo deba persistir.

3. O establecido nos números anteriores enténdese sen prexuízo do disposto sobre impedimentos matrimoniais.

Redactado conforme a Lei 21/1987, do 11 de novembro, excepto o número 2, que foi redactado conforme a Lei 13/2005, do 1 de xullo.

179. 1. O xuíz, por petición do Ministerio Fiscal, do adoptado ou do seu representante legal, acordará que o adoptante que incorrese en causa de privación da patria potestade

180 fique excluído das funcións tuitivas e dos dereitos que por lei lle correspondan respecto do adoptado ou os seus descendentes, ou nas súas herdanzas.

2. Unha vez atinxida a plena capacidade, a exclusión soamente poderá ser pedida polo adoptado, dentro dos dous anos seguintes.

3. Deixarán de producir efecto estas restricións por determinación do propio fillo unha vez atinxida a plena capacidade.

Redactado conforme a Lei 21/1987, do 11 de novembro.

180. 1. A adopción é irrevogable.

2. O xuíz acordará a extinción da adopción por petición do pai ou da nai que, sen culpa súa, non interviñesen no expediente nos termos expresados no artigo 177. Será tamén necesario que a demanda se interpoña dentro dos dous anos seguintes á adopción e que a extinción solicitada non prexudique gravemente o menor.

3. A extinción da adopción non é causa de perda da nacionalidade nin da veciñanza civil adquiridas, nin alcanza os efectos patrimoniais anteriormente producidos.

4. A determinación da filiación que por natureza corresponda ao adoptado non afecta a adopción.

5. As persoas adoptadas, alcanzada a maioría de idade ou durante a súa minoría de idade representadas polos seus pais, terán dereito a coñecer os datos sobre as súas orixes biolóxicas. As entidades públicas españolas de protección de menores, logo de notificación ás persoas afectadas, prestarán, a través dos seus servizos especializados, o asesoramento e a axuda que precisen os solicitantes para facer efectivo este dereito.

Redactado conforme a Lei 21/1987, do 11 de novembro, agás o número 5, que foi engadido pola Lei 54/2007, do 28 de decembro.

172. REDACCIÓN ORIXINARIA: «Se a nai viúva que pasou a segundas nupcias volve enviuar, recobrará desde este momento a súa potestade sobre todos os fillos non emancipados.»

REDACCIÓN DA LEI DO 24 DE ABRIL DE 1958:

«CAPÍTULO V

DA ADOPCIÓN

Sección primeira.—Disposicións xerais

172. A adopción, polos seus requisitos e efectos, pode ser plena ou menos plena.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI 7/1970, DO 4 DE XULLO.—«A adopción pode ser plena e simple.

A adopción simple poderase converter en plena de concorreren os requisitos exixidos para esta.

A adopción require que o adoptante se ache no exercicio de todos os seus dereitos civís e teña trinta anos cumpridos. Na adopción por marido e muller basta que un deles atinxise a dita idade. En todo caso, o adoptante ou un dos cónxuxes adoptantes deberá ter, polo menos, dezaseis anos máis que o adoptado.

Os propios fillos naturais recoñecidos poderán ser adoptados aínda que non concorran os requisitos de idade mencionados no parágrafo anterior.

Non poden adoptar:

Primeiro.—As persoas ás cales o seu estatuto relixioso lles prohiba o casamento.

Segundo.—O titor respecto do seu pupilo antes de aprobadas definitivamente as contas da tutela.

Terceiro.—Un dos cónxuxes sen consentimento do outro, salvo o declarado inocente en virtude de executoria de separación.

Fóra da adopción por ambos os cónxuxes, ningún pode ser adoptado simultaneamente por máis dunha persoa.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI 11/1981, DO 13 DE MAIO.—«A adopción pode ser plena e simple.

A adopción simple poderase converter en plena de concorreren os requisitos exixidos para esta.

A adopción require que o adoptante se ache no exercicio de todos os seus dereitos civís e teña trinta anos cumpridos. Na adopción por marido e muller basta que un deles atinxise a dita idade. En todo caso, o adoptante ou un dos cónxuxes adoptantes deberá ter, polo menos, dezaseis anos máis que o adoptado.

Non poden adoptar:

Primeiro.—As persoas ás cales o seu estatuto relixioso lles prohiba o casamento.

Segundo.—O titor respecto do seu pupilo antes de aprobadas definitivamente as contas da tutela.

Terceiro.—Un dos cónxuxes sen consentimento do outro, salvo o disposto no parágrafo primeiro do artigo 178.

Fóra da adopción por ambos os cónxuxes, ningún pode ser adoptado simultaneamente por máis dunha persoa.»

REDACCIÓN DA LEI 21/1987, DO 11 DE NOVIEMBRE:

«CAPÍTULO V

DA ADOPCIÓN E OUTRAS FORMAS DE PROTECCIÓN DE MENORES

Sección primeira.—Da garda e acollemento de menores

1. A entidade pública á cal, no respectivo territorio, estea encomendada a protección de menores, ten por ministerio da lei a tutela dos que

se encontren en situación de desamparo. Considérase como situación de desamparo a que se produce de feito por causa do incumprimento, ou do imposible ou inadecuado exercicio dos deberes de protección establecidos polas leis para a garda dos menores, cando estes fiquen privados da necesaria asistencia moral ou material.

2. A entidade pública asumirá soamente a garda durante o tempo necesario cando os que teñen potestade sobre o menor o soliciten xustificando non poderen atendelo por enfermidade ou outras circunstancias graves, ou cando así o acorde o xuíz nos casos en que legalmente proceda.

3. A garda poderá ser exercida, baixo a vixilancia da entidade pública, polo director da casa ou establecemento en que o menor é internado ou pola persoa ou persoas que o reciban en acollemento.

4. Procurarase a reinserción do menor na propia familia e que a garda ou o acollemento dos irmáns se confíe a unha mesma institución ou persoa sempre que redunde en interese do menor.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI ORGÁNICA 1/1996, DO 15 DE XANEIRO.—«1. A entidade pública a que, no respectivo territorio, estea encomendada a protección dos menores, cando constate que un menor se encontra en situación de desamparo, ten por ministerio da lei a súa tutela e deberá adoptar as medidas de protección necesarias para a súa garda, pódoo en coñecemento do Ministerio Fiscal, e notificando en legal forma aos pais, titores ou gardadores, nun prazo de corenta e oito horas. Sempre que sexa posible, no momento da notificación serán informados de forma presencial e de modo claro e comprensible das causas que deron lugar á intervención da Administración e dos posibles efectos da decisión adoptada.

Considérase como situación de desamparo a que se produce de feito como causa do incumprimento, ou do imposible ou inadecuado exercicio dos deberes de protección establecidos polas leis para a garda dos menores, cando estes queden privados da necesaria asistencia moral ou material.

A asunción da tutela atribuída á entidade pública leva consigo a suspensión da patria potestade ou da tutela ordinaria. Non obstante, serán válidos os actos de contido patrimonial que realicen os pais ou titores en representación do menor e que sexan beneficiosos para el.

2. Cando os pais ou titores, por circunstancias graves, non poidan coidar o menor, poderán solicitar da entidade pública competente que esta asuma a súa garda durante o tempo necesario.

A entrega da garda farase constar por escrito deixando constancia de que os pais ou titores foron informados das responsabilidades que seguen mantendo respecto do fillo, así como da forma en que a Administración vai exercer a dita garda.

Calquera variación posterior da forma de exercicio será fundamentada e comunicada a aqueles e ao Ministerio Fiscal. Así mesmo, a entidade pública asumirá a garda cando así o acorde o xuíz nos casos en que legalmente proceda.

3. A garda asumida por solicitude dos pais ou titores ou como función da tutela por ministerio da lei realizarase mediante acollemento familiar ou por acollemento residencial. O acollemento familiar exerce-rao a persoa ou persoas que determine a entidade pública. O acollemento residencial excercerao o director do centro onde sexa acollido o menor.

4. Buscarase sempre o interese do menor e procurarase, cando non sexa contrario a ese interese, a súa reinserción na propia familia e que a garda dos irmáns se confíe a unha mesma institución ou persoa.

5. De xurdiren problemas graves de convivencia entre o menor e a persoa ou persoas a quen tiver sido confiado en garda, aquel ou a persoa interesada poderá solicitar a remoción desta.

6. As resolucións que aprecien o desamparo e declaren a asunción da tutela por ministerio da lei serán susceptibles de recurso ante a xurisdición civil sen necesidade de reclamación administrativa previa.»

REDACCIÓN ORIXINARIA:

«CAPÍTULO V

DA ADOPCIÓN

173. Poden adoptar os que se encontren no pleno uso dos seus dereitos civís e cumprisen a idade de corenta e cinco anos. O adoptante debe ter, polo menos, quince anos máis que o adoptado.»

REDACCIÓN DA LEI DO 24 DE ABRIL DE 1958.—«Poden adoptar os que se encontren en pleno uso dos seus dereitos civís e cumprisen a idade de trinta e cinco anos. O adoptante debe ter, polo menos, dezaoto anos máis que o adoptado.

Prohíbese a adopción:

1.º Aos eclesiásticos.

2.º Aos que teñan descendentes lexítimos, lexitimados ou fillos naturais recoñecidos.

3.º Ao titor respecto do seu pupilo até que lle fosen aprobadas definitivamente as súas contas.

4.º Ao cónxuxe sen consentimento do seu consorte. Os cónxuxes poden adoptar conxuntamente, e fóra deste caso ninguén pode ser adoptado por máis dunha persoa.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI 7/1970, DO 4 DE XULLO.—«A adopción require a aprobación do xuíz competente, con intervención do Ministerio Fiscal.

Deberán prestar consentimento para a adopción:

A) O adoptante e o seu cónxuxe.

B) O adoptando maior de catorce anos e o seu cónxuxe. En caso de separación legal, non será necesario o consentimento do cónxuxe do adoptando.

C) O pai e a nai, conxuntamente ou por separado, do adoptando menor de idade suxeito a patria potestade.

D) O titor con autorización do consello de familia se a tutela estiver constituída.

Deberán simplemente ser oídos o adoptando menor de catorce anos se tiver suficiente xuízo, o pai ou a nai a que se privase ou suspendese no exercicio da patria potestade e a persoa que estiver exercendo a garda do adoptando. Cando se trate de orfos, serán tamén oídos os avós da liña do pai ou nai premortos.

Se calquera dos chamados a prestar consentimento, fóra do caso do adoptante e do adoptado, non puiden ser citado ou se, citado, non concorrer, o xuíz resolverá o que considere máis conveniente para o adoptando. O mesmo se observará canto ás persoas que deban ser oídas, mesmo que comparezan manifestando o seu criterio desfavorable á adopción.

O xuíz, mesmo que concorran todos os requisitos necesarios para a adopción, valorará sempre a súa conveniencia para o adoptando, conforme as circunstancias de cada caso, e moi especialmente se o adoptante tiver fillos lexítimos, lexitimados, naturais recoñecidos ou outros adoptivos.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI 11/1981, DO 13 DE MAIO.—«A adopción require a aprobación do xuíz competente, con intervención do Ministerio Fiscal.

Deberán prestar consentimento para a adopción:

A) O adoptante e o seu cónxuxe.

B) O adoptando maior de catorce anos e o seu cónxuxe. En caso de separación legal, non será necesario o consentimento do cónxuxe do adoptando.

C) O pai e a nai, conxuntamente ou por separado, do adoptando menor de idade suxeito a patria potestade.

D) O tutor con autorización do consello de familia se a tutela estiver constituída.

Deberán simplemente ser oídos o adoptando menor de catorce anos se tiver suficiente xuízo, o pai ou a nai a que se privase ou suspendese no exercicio da patria potestade e a persoa que estiver exercendo a garda do adoptando. Cando se trate de orfos, serán tamén oídos os avós da liña do pai ou nai premortos.

Se calquera dos chamados a prestar consentimento, fóra do caso do adoptante e do adoptado, non puiden ser citado ou se, citado, non concorrer, o xuíz resolverá o que considere máis conveniente para o adoptando. O mesmo se observará canto ás persoas que deban ser oídas, mesmo que comparezan manifestando o seu criterio desfavorable á adopción.

O xuíz, mesmo que concorran todos os requisitos necesarios para a adopción, valorará sempre a súa conveniencia para o adoptado, conforme as circunstancias de cada caso, e moi especialmente se o adoptante tiver fillos.»

REDACCIÓN DA LEI 21/1987, DO 11 DE NOVIEMBRE.—«1. O acollemento produce a plena participación do menor na vida de familia e impón a quen o reciba as obrigacións de velar por el, telo na súa compañía, alimentalo, educalo e procurarlle unha formación integral.

2. Formalizaranse por escrito, co consentimento da entidade pública, teña ou non a tutela das persoas que reciban o menor e deste, se tiver doce anos cumpridos, con expresión do seu carácter remunerado ou non. Cando foren coñecidos os pais que non estiveren privados da patria potestade, ou o titor, será necesario, ademais, que consintan o acollemento. Se se opuxeren a el ou non compareceren, o acollemento só poderá ser acordado polo xuíz, en interese do menor, conforme os trámites da Lei de axuízamento civil.

3. O acollemento do menor cesará:

1.º Por decisión xudicial.

2.º Por decisión das persoas que o teñen acollido, precedendo comunicación destas á entidade pública.

3.º Por pedimento do titor ou dos pais que teñan a patria potestade e reclamen a súa compañía.

Será precisa resolución xudicial de cesación cando o acollemento fose disposto polo xuíz.

4.º Todas as actuacións de formalización e cesación do acollemento se practicarán coa conveniente reserva.»

174. REDACCIÓN ORIXINARIA.—«Prohíbese a adopción:

1.º Aos eclesiásticos.

2.º Aos que teñan descendentes lexítimos ou lexitimados.

3.º Ao titor respecto ao seu pupilo até teren sido aprobadas definitivamente as súas contas.

4.º Ao cónxuxe sen consentimento do seu consorte. Os cónxuxes poden adoptar conxuntamente, e, fóra deste caso, ninguén pode ser adoptado por máis dunha persoa.»

REDACCIÓN DA LEI DO 24 DE ABRIL DE 1958.—«A adopción atribúelle ao adoptante a patria potestade respecto do adoptado menor de idade.

Adoptante e adoptado débense reciprocamente alimentos, sen prexuízo do preferente dereito dos fillos lexítimos, lexitimados ou naturais recoñecidos.

Os dereitos do adoptado na herdanza do adoptante, e establecidos na escritura de adopción, son irrevogables e producirán efecto, aínda que este morra intestado, salvo que o adoptado incorra en indignidade para suceder ou en causa de desherdamento, ou se declare extinguida a adopción.

O pacto sucesorio non poderá exceder os dous terzos da herdanza do adoptante, sen prexuízo dos dereitos lexitimarios reservados pola lei a favor doutras persoas.

O adoptado conservará os dereitos sucesorios que lle correspondan na familia por natureza.

No atinente á tutela e á representación e defensa do ausente, adoptante e adoptado serán considerados como pai e fillo, mais os fillos lexítimos e os fillos naturais recoñecidos, de existiren, serán preferidos aos adoptivos.

A adopción produce parentesco entre o adoptante, dunha parte, e o adoptado, e os seus descendentes lexítimos, doutra; mais non respecto á

familia do adoptante, con excepción do disposto sobre impedimentos matrimoniais.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI 7/1970, DO 4 DE XULLO.—«Na adopción de menores abandonados non será necesario o consentimento dos pais ou do titor, establecido no artigo anterior, sen prexuízo de que se lles diga aos pais se foren coñecidos ou se presentaren.

Considerarase abandonado o menor de catorce anos que careza de persoa que lle asegure a garda, alimento e educación. Para apreciar a situación de abandono será irrelevante que esta se producese por causas voluntarias ou involuntarias.

A entrega do menor nunha casa ou establecemento benéficos considerase tamén como abandono nos seguintes casos:

- a) Cando o menor fose entregado sen datos que revelen a súa filiación.
- b) Cando aínda sendo coñecida a filiación, conste a vontade dos pais ou gardadores de abandonar o menor manifestada con simultaneidade á súa entrega ou inferida de actos posteriores.

Nun e outro casos, a apreciación do abandono exixirá que transcorresen durante o internamento do menor seis meses continuos sen que o pai, nai, titor ou outros familiares do menor se interesen por el de modo efectivo, mediante actos que demostren a súa vontade de asistencia. A mera petición de noticias non interrompe por si soa o referido prazo.

A situación de abandono será apreciada e declarada polo xuíz competente para coñecer o expediente de adopción.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI 11/1981, DO 13 DE MAIO.—«Na adopción de menores abandonados non será necesario o consentimento dos pais ou do titor establecido no artigo anterior, sen prexuízo de que se lles diga aos pais se foren coñecidos ou se presentaren.

Considerarase abandonado o menor de catorce anos que careza de persoa que lle asegure a garda, alimento e educación. Para apreciar a situación de abandono será irrelevante que esta se producese por causas voluntarias ou involuntarias.

A entrega do menor nunha casa ou establecemento benéficos considerase tamén como abandono nos seguintes casos:

- a) Cando o menor fose entregado sen datos que revelen a súa filiación.
- b) Cando aínda sendo coñecida a filiación, conste a vontade dos pais ou gardadores de abandonar o menor manifestada con simultaneidade á súa entrega ou inferida de actos posteriores.

Nun e outro casos, para a apreciación de abandono bastará que transcorresen trinta días continuos sen que a nai, pai, titor ou outros familiares do menor se interesen por el de modo efectivo, mediante actos que demostren a súa vontade de asistencia. A mera petición de noticias non interrompe por si soa o referido prazo.

A situación de abandono será apreciada e declarada polo xuíz competente para coñecer o expediente de adopción.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI 21/1987, DO 11 DE NOVIEMBRE.
«1. Incumbe ao fiscal a superior vixilancia da tutela, acollemento ou garda dos menores a que se refire esta sección.

2. Para tal fin, a entidade pública daralle noticia inmediata dos novos ingresos de menores e remitiralle copia dos escritos de formalización dos acollementos. O fiscal deberá comprobar, cando menos semestralmente, a situación do menor e promoverá ante o xuíz as medidas de protección que considere necesarias.

3. A vixilancia do Ministerio Fiscal non eximirá a entidade pública da súa responsabilidade para co menor e da súa obrigaición de pór en coñecemento do Ministerio Fiscal as anomalías que observe.»

175. REDACCIÓN ORIXINARIA.—«O adoptado poderá usar, co apelido da súa familia, o do adoptante, expresándoo así na escritura de adopción.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI DO 24 DE ABRIL DE 1958.—«A adopción é irrevogable.

Poderán pedir xudicialmente que se declare extinguida a adopción do menor ou incapacitado:

1.º O pai ou nai lexítimos ou naturais durante a minoría ou incapacidade do adoptado se o fillo fose abandonado ou expósito e eles acrediten suficientemente a súa falta total de culpabilidade no abandono e a súa boa conduta a partir deste. E o Ministerio Fiscal cando cheguen ao seu coñecemento motivos graves que afecten o coidado do adoptado.

O xuíz ponderará os motivos alegados e moi especialmente a moralidade dos pais e o tempo transcorrido desde a adopción, oíndo o adoptado se o seu estado de razón o aconsellar e resolvendo o que considere máis conveniente para este.

2.º O mesmo adoptado dentro dos catro anos seguintes á maioría de idade ou á data en que a incapacidade desaparecese, sempre que se funde nalgunha das causas que dean lugar ao desherdamento dos ascendentes.

Nos casos en que se declare extinguida a adopción ficará sen outros efectos que os xa consumados.

O recoñecemento da filiación natural do adoptado ou a súa lexitimación non afectará a adopción.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI 7/1970, DO 4 DE XULLO.—«Aprobada xudicialmente a adopción, outorgarase escritura pública, que se inscribirá no rexistro civil correspondente.

O rexistro civil non publicará, a partir da adopción, dato ningún que revele a orixe do adoptado, nin a súa condición de tal. Fóra dos casos taxativamente establecidos na lexislación do rexistro civil, non se poderá expedir certificación literal.»

«Sección segunda.—Da adopción»

1. A adopción require que o adoptante teña vinte e cinco anos. Na adopción por ambos os cónxuxes basta que un deles atinxise a dita idade. En todo caso, o adoptante deberá ter, polo menos, catorce anos máis que o adoptado.

2. Unicamente poderán ser adoptados os menores non emancipados. Por excepción, será posible a adopción dun maior de idade ou dun menor emancipado cando, inmediatamente antes da emancipación, existise unha situación non interrompida de acollemento ou convivencia, iniciada antes de que o adoptando cumprise os catorce anos.

3. Non pode ser adoptado:

1.º Un descendente.

2.º Un parente en segundo grao da liña colateral por consanguinidade ou afinidade.

3.º Un pupilo polo seu titor até ter sido aprobada definitivamente a conta xeral xustificada da tutela.

4. Fóra da adopción por ambos os cónxuxes, ninguén pode ser adoptado por máis dunha persoa. En caso de morte do adoptante, ou cando o adoptante sufra a exclusión prevista no artigo 179, é posible unha nova adopción do adoptado.»

«Sección segunda.—Da adopción»

1. A adopción require que o adoptante sexa maior de vinte e cinco anos. Na adopción por ambos os cónxuxes basta que un deles atinxise a dita idade. En todo caso, o adoptante deberá ter, polo menos, catorce anos máis que o adoptado.

2. Unicamente poderán ser adoptados os menores non emancipados. Por excepción, será posible a adopción dun maior de idade ou dun menor emancipado cando, inmediatamente antes da emancipación, existise unha situación non interrompida de acollemento ou convivencia, iniciada antes de que o adoptando cumprise os catorce anos.

3. Non pode ser adoptado:

1.º Un descendente.

2.º Un parente en segundo grao da liña colateral por consanguinidade ou afinidade.

3.º Un pupilo polo seu titor até ter sido aprobada definitivamente a conta xeral xustificada da tutela.

4. Fóra da adopción por ambos os cónxuxes, ninguén pode ser adoptado por máis dunha persoa. En caso de morte do adoptante, ou cando o adoptante sufra a exclusión prevista no artigo 179, é posible unha nova adopción do adoptado.»

176. REDACCIÓN ORIXINARIA.—«O adoptante e o adoptado débense reciprocamente alimentos. Esta obrigación enténdese sen prexuízo do

preferente dereito dos fillos naturais recoñecidos e dos ascendentes do adoptante a seren alimentados por este.»

180

REDACCIÓN CONFORME A LEI DO 24 DE ABRIL DE 1958.—«A adopción autorizarase precedendo expediente, no cal necesariamente se manifestará en presenza xudicial o consentimento do adoptando maior de idade; se for menor ou incapaz, o das persoas que deberían dalo para o seu casamento, e se for casado, o do seu cónxuxe.

Se o adoptado estiver sometido á tutela dunha casa de expósitos ou outro establecemento de beneficencia, o expediente será tramitado exclusivamente pola administración deste, facendo as comprobacións necesarias, oíndo o adoptado, se tiver suficiente xuízo, e os seus máis próximos parentes, se foren coñecidos. O expediente elevarase ao xuíz, quen no prazo de oito días, e precedendo audiencia do Ministerio Fiscal, o aprobará ou sinalará as causas que o impidan.

Será nula a adopción en que non se cumpran estes requisitos.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI 7/1970, DO 4 DE XULLO.—«En todo o non regulado expresamente de modo distinto pola lei, ao fillo adoptivo correspóndenlle os mesmos dereitos e obrigacións que ao lexítimo.

A adopción causa parentesco entre o adoptante, dunha parte, e o adoptado e os seus descendentes, doutra; mais non respecto á familia do adoptante, sen prexuízo do disposto sobre impedimentos matrimoniais.

A adopción confírelle ao adoptante a patria potestade respecto do adoptado menor de idade. Cando un dos cónxuxes adopte o fillo lexítimo, lexitimado, natural recoñecido ou adoptivo do outro consorte, a patria potestade atribuirase a ambos pola orde establecida no artigo 154, parágrafo primeiro.

Extinguida a patria potestade do adoptante, o xuíz proverá á garda do menor, conforme o establecido nos capítulos II e IV do título IX, libro I. O consello de familia comporase das persoas que o pai ou a nai adoptantes designasen no seu testamento ou, se for o caso, de cinco persoas honradas, preferindo os amigos dos adoptantes.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI 11/1981, DO 13 DE MAIO.—«Corresponden ao fillo adoptivo os mesmos dereitos e obrigacións que aos fillos por natureza.

A adopción causa parentesco entre o adoptante, o adoptado, os seus descendentes e a familia do adoptante.

A adopción confírelle ao adoptante a patria potestade sobre o adoptado menor de idade. Cando un cónxuxe adopte o fillo doutro, a patria potestade atribuirase a ambos.

Extinguida a patria potestade do adoptante ou adoptantes, aplicaranse, cando for o caso, as normas da tutela, excluindo dos chamamentos legais os parentes por natureza.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI 21/1987, DO 11 DE NOVIEMBRE.—«1. A adopción constitúese por resolución xudicial, que terá en conta sempre o interese do adoptando.

2. Para iniciar o expediente de adopción é necesaria a proposta previa da entidade pública.

Non obstante, non se require proposta cando no adoptando concorra algunha das circunstancias seguintes:

- 1.^a Ser orfo e parente do adoptante en terceiro grao por consanguinidade ou afinidade.
- 2.^a Ser fillo do consorte do adoptante.
- 3.^a Levar máis dun ano acollido legalmente polo adoptante ou ter estado baixo a súa tutela polo mesmo tempo.
- 4.^a Ser maior de idade ou menor emancipado.

3. Nos tres primeiros supostos do número anterior poderase constituír a adopción, aínda que o adoptante falecese, se este tiver prestado xa ante o xuíz o seu consentimento. Os efectos da resolución xudicial neste caso retrotraeranse á data de prestación de tal consentimento.»

177. REDACCIÓN ORIXINARIA.—«O adoptante non adquire dereito ningún a herdar do adoptado. O adoptado tampouco o adquire a herdar, fóra de testamento, do adoptante, a menos que na escritura de adopción este se obrigase a instituílo herdeiro. Esta obrigación non producirá efecto ningún cando o adoptado morra antes que o adoptante. O adoptado conserva os dereitos que lle corresponden na súa familia natural, a excepción dos relativos á patria potestade.»

REDACCIÓN DA LEI DO 24 DE ABRIL DE 1958.—«Aprobada definitivamente a adopción polo xuíz, outorgarase escritura, expresando nela as condicións con que se fixese, e inscribirase no rexistro civil correspondente.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI 7/1970, DO 4 DE XULLO.—«A adopción é irrevogable.

A proba da filiación lexítima do adoptado, o recoñecemento da súa filiación natural ou a lexitimación non afecta a adopción.

Poderán pedir xudicialmente que se declare extinguida a adopción:

Primeiro.—O adoptado, dentro dos dous anos seguintes á súa maioría de idade ou á data en que a incapacidade desaparecese, sempre que se funde nalgunha das causas que dan lugar ao desherdamento dos ascendentes.

Segundo.—O pai ou a nai lexítimos ou naturais, dentro dos dous anos seguintes á adopción, só no caso de que non interviñesen no expediente de adopción, nin prestasen consentimento, se probaren que foi por causa non imputable a eles.

Terceiro.—O Ministerio Fiscal, sempre que cheguen ao seu coñecemento motivos graves que afecten o coidado do adoptado menor de idade ou incapacitado.

A extinción da adopción non alcanzará os efectos patrimoniais anteriormente producidos.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI 11/1981, DO 13 DE MAIO.—«A adopción é irrevogable.

A determinación da filiación que por natureza corresponda ao adoptado non afecta a adopción.

Poderán pedir xudicialmente que se declare extinguida a adopción:

1.º O adoptado, dentro dos dous anos seguintes á súa maioría de idade ou á data en que a incapacidade desaparecese, sempre que se funde nalguna das causas que dan lugar ao desherdamento dos ascendentes.

2.º O pai ou a nai, dentro dos dous anos seguintes á adopción, só no caso de que non interviñesen no expediente de adopción nin prestasen consentimento, se probaren que foi por causa non imputable a eles.

3.º O Ministerio Fiscal, sempre que cheguen ao seu coñecemento motivos graves que afecten o coidado do adoptado menor de idade ou incapacitado.

A extinción da adopción non alcanzará os efectos patrimoniais anteriormente producidos.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI 21/1987, DO 11 DE NOVIEMBRE.—

«1. Deberán consentir a adopción, en presenza do xuíz, o adoptante ou adoptantes e o adoptando maior de doce anos.

2. Deberán asentir á adopción na forma establecida na Lei de axuízamento civil:

1.º O cónxuxe do adoptante, salvo que medie separación legal por sentenza firme ou separación de feito por mutuo acordo que conste de maneira que faga fe.

2.º Os pais do adoptando, a menos que estean privados legalmente da patria potestade ou se encontren incurso en causa para a súa privación ou que o fillo se achar emancipado.

Non será necesario o asentimento cando os que deban prestalo estean imposibilitados para isto.

O asentimento da nai non poderá prestarse até teren transcorrido trinta días desde o parto.

3. Deberán ser simplemente oídos polo xuíz:

1.º Os pais que non fosen privados da patria potestade cando o seu asentimento non sexa necesario para a adopción.

2.º O titor e, se for o caso, o gardador ou gardadores.

3.º O adoptando menor de doce anos se tiver suficiente xuízo.»

178. REDACCIÓN ORIXINARIA.—«A adopción verificarase con autorización xudicial, debendo constar necesariamente o consentimento do adoptado, se é maior de idade; se é menor, o das persoas que o deberían dar para o seu casamento, e se está incapacitado, o do seu titor. Oírase sobre o asunto o Ministerio Fiscal, e o xuíz, precedendo as dilixencias que considere necesarias, aprobará a adopción se está axustada á lei e a cre conveniente para o adoptado.»

REDACCIÓN DA LEI DO 24 DE ABRIL DE 1958:

«*Sección segunda.—Da adopción plena*

Só poderán adoptar plenamente os cónxuxes que vivan xuntos, procedan de consún e leven máis de cinco anos de matrimonio. Tamén o poderán facer as persoas en estado de viuvez.

Unicamente poderán ser adoptados os abandonados ou expósitos que, sendo menores de catorce anos, leven máis de tres en tal situación, ou sendo maiores de catorce anos foren porfillados antes desta idade polos adoptantes.

O adoptado, aínda que conste a súa filiación, terá como únicos apelidos os do seu adoptante ou adoptantes.

O rexistro civil non publicará, a partir da adopción, os apelidos impostos ao adoptado na súa inscrición de nacemento nin dato ningún que revele a súa orixe. Non obstante, o xuíz de primeira instancia poderá acordar que se expida certificación literal da acta de inscrición de nacemento do adoptado, por solicitude de quen xustifique interese lexítimo e razón fundada para pedila. A resolución xudicial non será necesaria se o solicitante for o propio adoptado maior de idade.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI 7/1970, DO 4 DE XULLO.—«Só poderán adoptar plenamente: os cónxuxes que vivan xuntos, procedan de consún e leven máis de cinco anos de matrimonio; o cónxuxe declarado inocente en virtude de executoria de separación legal; as persoas en estado de viuvez ou solteiras; un dos cónxuxes ao fillo lexítimo, lexitimado, natural recoñecido ou adoptivo do seu consorte, e o pai ou nai, ao propio fillo natural recoñecido.

Unicamente poderán ser adoptados de maneira plena os menores de catorce anos e os que, sendo maiores de tal idade, estiveren vivindo antes de alcanzala no lar e compañía dos adoptantes ou de calquera deles; aínda que non medie esta circunstancia, poderano ser tamén os maiores unidos ao adoptante por vínculos familiares ou afectivos, que o xuíz valorará na forma establecida no artigo 173.

O adoptado, aínda que conste a súa filiación, terá como únicos apelidos os do seu adoptante ou adoptantes.

Ao adoptado non lle serán exixibles deberes por razón de parentesco cos seus ascendentes ou colaterais por natureza.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI 11/1981, DO 13 DE MAIO.—«Só poderán adoptar plenamente: os cónxuxes que vivan xuntos e procedan de consún; o cónxuxe separado legalmente; as persoas en estado de viuvez, solteiras ou divorciadas, e un dos cónxuxes, ao fillo do seu consorte.

Unicamente poderán ser adoptados de maneira plena os menores de catorce anos e os que, sendo maiores de tal idade, estiveren vivindo antes de alcanzala no lar e compañía dos adoptantes ou de calquera deles; aínda que non medie esta circunstancia, poderano ser tamén os maiores unidos ao adoptante por vínculos familiares ou afectivos, que o xuíz valorará na forma establecida no artigo 173.

O adoptado, aínda que conste a súa filiación, terá como únicos apelidos os do seu adoptante ou adoptantes.

Ao adoptado non lle serán exixibles deberes por razón de parentesco cos seus ascendentes ou colaterais por natureza.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI 21/1987, DO 11 DE NOVIEMBRO.—«1. A adopción produce a extinción dos vínculos xurídicos entre o adoptado e a súa familia anterior.

2. Por excepción, subsistirán os vínculos xurídicos coa familia do proxenitor que, segundo o caso, corresponda:

1.º Cando o adoptado sexa fillo do cónxuxe do adoptante, aínda que o consorte falecese.

2.º Cando só un dos proxenitores fose legalmente determinado e o adoptante sexa persoa de distinto sexo ao do dito proxenitor, sempre que tal efecto fose solicitado polo adoptante, o adoptado maior de doce anos e o pai ou nai cuxo vínculo deba persistir.

3. O establecido nos números anteriores enténdese sen prexuízo do disposto sobre impedimentos matrimoniais.»

179. REDACCIÓN ORIXINARIA.—«Aprobada a adopción polo xuíz definitivamente, outorgarase escritura, expresando nela as condicións con que se fíxese, e inscribírase no rexistro civil correspondente.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI DO 24 DE ABRIL DE 1958.—«Por ministerio da lei, o adoptado e, por representación, os seus descendentes lexítimos, terán na herdanza do adoptante os mesmos dereitos que o fillo natural recoñecido, e o adoptante na sucesión daquel, os que a lei concede ao pai natural.

O adoptado está exento de deberes por razón de parentesco cos seus ascendentes ou colaterais por natureza, mais conservará os dereitos sucesorios, e tamén os alimentos cando non os poida obter do adoptante na medida necesaria.

Os parentes por natureza non conservarán ningún dereito, salvo os que asistan os pais por razón da débeda alimenticia, cando se deren as circunstancias expresadas no artigo 175 para extinguir a adopción.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI 7/1970, DO 4 DE XULLO.—«O fillo adoptivo ocupa na sucesión do adoptante a mesma posición que os fillos lexítimos, coas seguintes particularidades:

Primeira.—Concorrendo só con fillos lexítimos e tratándose de sucesión testamentaria, non poderá percibir por mellora máis que o fillo lexítimo menos favorecido.

Segunda.—Se concorrer con fillos naturais recoñecidos, cada un destes non poderá percibir menos porción que o adoptivo.

Os adoptantes ocuparán na sucesión do fillo adoptivo a posición de pais lexítimos.

Os parentes por natureza non terán dereitos por ministerio da lei na herdanza do adoptado, sen prexuízo do disposto no artigo 812 do Código.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI 11/1981, DO 13 DE MAIO.—«O fillo adoptivo ou os seus descendentes ocupan na sucesión do adoptante a mesma posición que os demais fillos ou descendentes. Os adoptantes

ocuparán na sucesión do fillo adoptivo e os seus descendentes a posición dos ascendentes.

Os parentes por natureza non terán dereitos por ministerio da lei na herdanza do adoptado, sen prexuízo do disposto no artigo 812.»

180. REDACCIÓN ORIXINARIA.—«O menor ou o incapacitado que fose adoptado poderá impugnar a adopción dentro dos catro anos seguintes á maior idade ou á data en que desaparecese a incapacidade.»

REDACCIÓN DA LEI DO 24 DE ABRIL DE 1958:

«Sección terceira.—Da adopción menos plena

Cando un dos cónxuxes adopte o fillo lexítimo, lexitimado ou natural recoñecido do outro consorte, a patria potestade atribuirase a ambos pola orde establecida no artigo 154.

En defecto do adoptante, a patria potestade pasará aos pais por natureza.

O adoptado poderá usar co apelido da súa familia o do adoptante se se expresa na escritura de adopción, na cal en tal caso se establecerá a orde en que os deba usar.

O adoptado, como tal, só terá na herdanza do adoptante os dereitos pactados expresamente na escritura de adopción, sen prexuízo da lexítima dos fillos lexítimos, lexitimados ou naturais recoñecidos que puiden ter o adoptante.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI 4/1970, DO 7 DE XULLO:

«Sección terceira.—Da adopción simple

A adopción simple non exige outros requisitos que os establecidos con carácter xeral na sección primeira do presente capítulo. Respecto do cónxuxe declarado inocente en virtude de executoria de separación legal, rexerá o establecido no parágrafo primeiro do artigo 178.

Na escritura de adopción poderase convir na substitución dos apelidos do adoptando polos do adoptante ou adoptantes, ou no uso dun apelido de cada procedencia, caso en que se fixará a súa orde. Na falta de pacto expreso, o adoptado conservará os seus propios apelidos.

O fillo adoptivo ocupa na sucesión do adoptante a mesma posición que os naturais recoñecidos. O adoptante ocupa na sucesión do fillo adoptivo unha posición equivalente á do pai natural.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI 11/1981, DO 13 DE MAIO.—«A adopción simple non exige outros requisitos que os establecidos con carácter xeral na sección primeira do presente capítulo. Respecto do cónxuxe separado legalmente rexerá o establecido no parágrafo primeiro do artigo 178.

Na escritura de adopción poderase convir na substitución dos apelidos do adoptando polos do adoptante ou adoptantes, ou no uso dun apelido de cada procedencia, caso en que se fixará a súa orde. Na falta de pacto expreso, o adoptado conservará os seus propios apelidos.

Adoptado e adoptante carecen entre si de dereitos lexitimarios e a súa presenza non inflúe na determinación das lexítimas alleas.

Na sucesión intestada, o fillo adoptivo ou os seus descendentes e o adoptante son chamados inmediatamente despois do cónxuxe viúvo, con exclusión dos colaterais. Se for o caso, o fillo adoptivo ou os seus descendentes exclúen o adoptante ou adoptantes.»

181

TÍTULO VIII

Da ausencia

CAPÍTULO PRIMEIRO

DECLARACIÓN DE AUSENCIA E OS SEUS EFECTOS

181. En todo caso, desaparecida unha persoa do seu domicilio ou do lugar da súa última residencia, sen que se tivesen nela máis noticias, poderá o xuíz, por instancia de parte interesada ou do Ministerio Fiscal, nomear un defensor que ampare e represente o desaparecido en xuízo ou nos negocios que non admitan demora sen prexuízo grave. Exceptúanse os casos en que aquel estiver lexitimamente representado ou voluntariamente conforme o artigo 183.

O cónxuxe presente maior de idade non separado legalmente será o representante e defensor nato do desaparecido; e pola súa falta, o parente máis próximo até o cuarto grao, tamén maior de idade. Na falta de parentes, non-presenza deles ou urxencia notoria, o xuíz nomeará persoa solvente e de bos antecedentes, precedendo audiencia do Ministerio Fiscal.

Tamén poderá adoptar, segundo o seu prudente arbitrio, as providencias necesarias para a conservación do patrimonio.

Redactada a denominación do capítulo e este artigo conforme a Lei do 8 de setembro de 1939.

REDACCIÓN ORIXINARIA:

«TÍTULO VIII

Da ausencia

CAPÍTULO PRIMEIRO

MEDIDAS PROVISORIAS EN CASOS DE AUSENCIA

181. Cando unha persoa desaparecese do seu domicilio sen se saber o seu paradiro e sen deixar apoderado que administre os seus bens,

poderá o xuíz, por instancia de parte lexítima ou do Ministerio Fiscal, nomear quen o represente en todo o que for necesario.

Isto mesmo se observará cando en iguais circunstancias caduque o poder conferido polo ausente.»

182. Teñen a obrigación de promover e instar a declaración de ausencia legal, sen orde de preferencia:

- 1.º O cónxuxe do ausente non separado legalmente.
- 2.º Os parentes consanguíneos até o cuarto grao.
- 3.º O Ministerio Fiscal de oficio ou en virtude de denuncia.

Poderá, tamén, pedir a dita declaración calquera persoa que racionalmente coide ter sobre os bens do desaparecido algún dereito exercible en vida deste ou dependente da súa morte.

Redactado conforme a Lei do 8 de setembro de 1939.

REDACCIÓN ORIXINARIA.—«Verificado o nomeamento a que se refire o artigo anterior, o xuíz acordará as dilixencias necesarias para asegurar os dereitos e intereses do ausente, e sinalará as facultades, obrigacións e remuneración do seu representante, regulándoas segundo as circunstancias polo que está disposto respecto dos titores.»

183. Considerarase en situación de ausencia legal o desaparecido do seu domicilio ou da súa última residencia:

- 1.º Pasado un ano desde as últimas noticias ou, na falta destas, desde a súa desaparición, se non tiver deixado apoderado con facultades de administración de todos os seus bens.
- 2.º Pasados tres anos, se tiver deixado encomendada por apoderamento a administración de todos os seus bens.

A morte ou renuncia xustificada do mandatario, ou a caducidade do mandato, determina a ausencia legal se ao se produciren aquelas se ignorar o paradiro do desaparecido e tiver transcorrido un ano desde que se tiveron as últimas noticias, e, no seu defecto, desde a súa desaparición. Inscrita no Rexistro Central a declaración de ausencia, fican extinguidos de dereito todos os mandatos xerais ou especiais outorgados polo ausente.

Redactado conforme a Lei do 8 de setembro de 1939.

REDACCIÓN ORIXINARIA.—«O cónxuxe que se ausente será representado polo que se ache presente cando non estiveren legalmente separados.

184

Se este for menor, será provisto de titor na forma ordinaria.

Na falta do cónxuxe, representarán o ausente os pais, fillos ou avós, pola orde que establece o artigo 220.»

184. Salvo motivo grave apreciado polo xuíz, corresponde a representación do declarado ausente, a procura da súa persoa, a protección e administración dos seus bens e o cumprimento das súas obrigacións:

1.º Ao cónxuxe presente maior de idade non separado legalmente ou de feito.

2.º Ao fillo maior de idade; se houber varios, serán preferidos os que convivían co ausente e o maior ao menor.

3.º Ao ascendente máis próximo de menos idade dunha ou outra liña.

4.º Aos irmáns maiores de idade que convivisen familiarmente co ausente, con preferencia do maior sobre o menor.

En defecto das persoas expresadas, corresponde en toda a súa extensión á persoa solvente de bos antecedentes que o xuíz, oído o Ministerio Fiscal, designe ao seu prudente arbitrio.

Redactado conforme a Lei 11/1981, do 13 de maio.

REDACCIÓN ORIXINARIA:

«CAPÍTULO II

DA DECLARACIÓN DE AUSENCIA

184. Pasados dous anos sen que se tivese noticia do ausente ou desde que se recibiron as últimas, e cinco no caso de que o ausente deixase persoa encargada da administración dos bens, poderá declararse a ausencia.»

REDACCIÓN DA LEI DO 8 DE SETEMBRO DE 1939.—«Salvo motivo grave apreciado polo xuíz, corresponde a representación do declarado ausente, a procura da súa persoa, a protección e administración dos seus bens e o cumprimento das súas obrigacións:

1.º Ao cónxuxe presente maior de idade, non separado legalmente.

2.º Ao fillo lexítimo maior de idade. Se houber varios serán preferidos os homes ás mulleres e o maior ao menor.

3.º Ao ascendente máis próximo de menos idade dunha ou outra liña, con preferencia do home á muller.

4.º Aos irmáns de duplo vínculo, homes, maiores de idade, por orde de preferencia de maior sobre o menor, e, na súa falta, ás irmás de duplo vínculo, solteiras ou viúvas, tamén maiores e en igualdade de preferencia en razón da idade.

En defecto das persoas expresadas, corresponde a representación do declarado ausente, en toda a súa extensión, á persoa solvente e de bos antecedentes que o xuíz, oído o Ministerio Fiscal, designe ao seu prudente arbitrio.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI DO 24 DE ABRIL DE 1958.—«Salvo motivo grave apreciado polo xuíz, corresponde a representación do declarado ausente, a procura da súa persoa, a protección e administración dos seus bens e o cumprimento das súas obrigacións:

1.º Ao cónxuxe presente, maior de idade, non separado legalmente.

2.º Ao fillo lexítimo maior de idade; se houber varios, serán preferidos os homes ás mulleres e o maior ao menor.

3.º Ao ascendente máis próximo de menos idade dunha ou outra liña, con preferencia do home á muller.

4.º Aos irmáns de duplo vínculo, homes, maiores de idade, por orde de preferencia do maior sobre o menor, e, na súa falta, ás irmás de duplo vínculo, tamén maiores e en igualdade de preferencia en razón da idade.

En defecto das persoas expresadas corresponde en toda a súa extensión á persoa solvente de bos antecedentes que o xuíz, oído o Ministerio Fiscal, designe ao seu prudente arbitrio.»

185. O representante do declarado ausente ficará sometido ás obrigacións seguintes:

1.º Inventariar os bens mobles e describir os inmobles do seu representado.

2.º Prestar a garantía que o xuíz prudencialmente fixe. Fican exceptuados os comprendidos nos números 1, 2 e 3 do artigo precedente.

3.º Conservar e defender o patrimonio do ausente e obter dos seus bens os rendementos normais de que foren susceptibles.

4.º Axustarse ás normas que no atinente á posesión e administración dos bens do ausente se establecen na lei procesual civil.

Serán aplicables aos representantes dativos do ausente, **186** en canto se adaptan á súa especial representación, os preceptos que regulan o exercicio da tutela e as causas de inhabilidade, remoción e escusa dos titores.

Redactado conforme a Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro.

REDACCIÓN ORIXINARIA.—«Poderán pedir a declaración de ausencia:

- 1.º O cónxuxe presente.
- 2.º Os herdeiros instituídos en testamento, que presentaren copia que faga fe deste.
- 3.º Os parentes que deberen herdar *ab intestato*.
- 4.º Os que tiveren sobre os bens do ausente algún dereito subordinado á condición da súa morte.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI DO 8 DE SETEMBRO DE 1939.—«O representante do declarado ausente ficará sometido ás obrigacións seguintes:

Primeiro.—Inventariar os bens mobles e describir os inmobles do seu representado.

Segundo.—Prestar a garantía que o xuíz prudencialmente fixe. Fican exceptuados os comprendidos nos números un, dous e tres do artigo precedente.

Terceiro.—Conservar e defender o patrimonio do ausente e obter dos seus bens os rendementos normais de que foren susceptibles.

Cuarto.—Axustarse ás normas que no atinente á posesión e administración dos bens do ausente se establecen na lei procesual civil.

Serán aplicables aos representantes dativos do ausente, en canto se adaptan á súa especial representación, os preceptos que regulan o exercicio da tutela, substituíndose a intervención do protitor e o acordo do consello de familia polo informe do Ministerio Fiscal e a decisión do xuíz. Así mesmo e con igual adaptación rexerán para eles as causas de inhabilidade, escusa e remoción dos titores.»

186. Os representantes lexítimos do declarado ausente comprendidos nos números 1.º, 2.º e 3.º do artigo 184 gozarán da posesión temporal do patrimonio do ausente e farán seus os produtos líquidos na contía que o xuíz sinale, tendo en consideración o importe dos froitos, rendas e aproveitamentos, número de fillos do ausente e obrigacións alimenticias para con eles, coidados e actuacións que a representación requira, afeccións que graven o patrimonio e demais circunstancias da propia índole.

Os representantes lexítimos comprendidos no número 4.º do expresado artigo gozarán, tamén, da posesión temporal e farán seus os froitos, rendas e aproveitamentos na contía que

187 o xuíz sinala, sen que en ningún caso poidan reter máis dos dous terzos dos produtos líquidos, reservándose o terzo restante para o ausente, ou, se for o caso, para os seus herdeiros ou habentes causa.

Os posuidores temporais dos bens do ausente non os poderán vender, gravar, hipotecar ou peñar en caso de necesidade ou utilidade evidente recoñecida e declarada polo xuíz, quen, ao autorizar os ditos actos, determinará o emprego da cantidade obtida.

Redactado conforme a Lei do 8 de setembro de 1939.

REDACCIÓN ORIXINARIA.—«A declaración xudicial de ausencia non producirá efecto até seis meses despois da súa publicación nos periódicos oficiais.»

187. Se durante o desfrute da posesión temporal ou do exercicio da representación dativa algún probar o seu dereito preferente á dita posesión, será excluído o posuidor actual, mais aquel non terá dereito aos produtos senón a partir do día da presentación da demanda.

Se aparecer o ausente, deberá restituírselle o seu patrimonio, mais non os produtos percibidos, salvo má fe interviniente, caso en que a restitución comprenderá tamén os froitos percibidos e os que se deberían ter percibido contando desde o día en que aquela se produciu, segundo a declaración xudicial.

Redactado conforme a Lei do 8 de setembro de 1939.

REDACCIÓN ORIXINARIA:

«CAPÍTULO III

DA ADMINISTRACIÓN DOS BENS DO AUSENTE

187. A administración dos bens do ausente conferirase pola orde que establece o artigo 220 ás persoas mencionadas nel.»

188. Se no transcurso da posesión temporal ou do exercicio da representación dativa se probar a morte do declarado ausente, abrírase a sucesión en beneficio dos que no momento do falecemento foren os seus sucesores voluntarios ou lexítimos, debendo o posuidor temporal facerlles entrega do patrimonio do defunto, mais retendo, como seus, os produtos recibidos na contía sinalada.

Se se presentar un terceiro acreditando por documento que faga fe ter adquirido, por compra ou outro título, bens do ausente, cesará a representación respecto dos ditos bens, que ficarán ao dispor dos seus lexítimos titulares.

Redactado conforme a Lei do 8 de setembro de 1939.

REDACCIÓN ORIXINARIA.—«A muller do ausente, se for maior de idade, poderá dispor libremente dos bens de calquera clase que lle pertencen; mais non poderá allear, permutar nin hipotecar os bens propios do marido, nin os da sociedade conxugal senón con autorización xudicial.»

189. O cónxuxe do ausente terá dereito á separación de bens.

Redactado conforme a Lei 11/1981, do 13 de maio.

REDACCIÓN ORIXINARIA.—«Cando a administración corresponda aos fillos do ausente, e estes sexan menores, serán provistos de titor, o cal se fará cargo dos bens coas formalidades da lei.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI DO 8 DE SETEMBRO DE 1939.—«A esposa do declarado ausente axustarase no relativo á disposición e gravame dos seus bens propios, dos do marido e da sociedade conxugal, ao disposto nos artigos 1.436, parágrafo segundo; 1.441, parágrafo segundo; 1.442 e 1.444 deste código, sen prexuízo do que validamente conviñesen os contraentes nas súas capitulacións.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI 14/1975, DO 2 DE MAIO.—«O cónxuxe do ausente poderá solicitar a separación de bens, de conformidade co disposto no artigo 1.433 deste código.»

190. Para reclamar un dereito en nome da persoa constituída en ausencia, é preciso probar que esta persoa existía no tempo en que era necesaria a súa existencia para adquirilo.

Redactado conforme a Lei do 8 de setembro de 1939.

REDACCIÓN ORIXINARIA.—«A administración cesa en calquera dos casos seguintes:

- 1.º Cando compareza o ausente por si ou por medio de apoderado.
- 2.º Cando se acredite a defunción do ausente e comparezan os seus herdeiros testamentarios ou *ab intestato*.
- 3.º Cando se presente un terceiro, acreditando co correspondente documento ter adquirido por compra ou outro título os bens do ausente.

Nestes casos cesará o administrador no desempeño do seu cargo, e os bens ficarán ao dispor dos que a eles teñan dereito.»

191. Sen prexuízo do disposto no artigo anterior, aberta unha sucesión a que estiver chamado un ausente, a parte deste acrecerá aos seus coherdeiros, ao non haber persoa con dereito propio para reclamála. Uns e outros, se for o caso, deberán facer, con intervención do Ministerio Fiscal, inventario dos ditos bens, os cales reservarán até a declaración de falecemento.

Redactado conforme a Lei do 8 de setembro de 1939.

REDACCIÓN ORIXINARIA:

«CAPÍTULO IV

DA PRESUNCIÓN DE MORTE DO AUSENTE

191. Pasados trinta anos desde que desapareceu o ausente ou se recibiron as últimas noticias del, ou noventa desde o seu nacemento, o xuíz, por instancia de parte interesada, declarará a presunción de morte.»

192. O disposto no artigo anterior enténdese sen prexuízo das accións de petición de herdanza ou outros dereitos que competan ao ausente, aos seus representantes ou aos habentes causa. Estes dereitos non se extinguirán senón polo transcurso do tempo fixado para a prescripción. Na inscrición que se faga no rexistro dos bens inmoables que acrezan os coherdeiros, expresarase a circunstancia de ficaren suxeitos ao que dispón este artigo e o anterior.

Redactado conforme a Lei do 8 de setembro de 1939.

REDACCIÓN ORIXINARIA.—«A sentenza en que se declare a presunción de morte dun ausente non se executará até despois de seis meses, contados desde a súa publicación nos periódicos oficiais.»

CAPÍTULO II

DA DECLARACIÓN DE FALECEMENTO

193. Procede a declaración de falecemento:

1.º Transcorridos dez anos desde as últimas noticias habidas do ausente ou, na falta destas, desde a súa desaparición.

2.º Pasados cinco anos desde as últimas noticias ou, na falta destas, desde a súa desaparición, se ao expirar o dito prazo tiver cumprido o ausente setenta e cinco anos.

Os prazos expresados computaranse desde a expiración do ano natural en que se tiveron as últimas noticias, ou, na súa falta, do ano en que ocorreu a desaparición.

3.º Cumprido un ano, contado de data a data, dun risco inminente de morte por causa de violencia contra a vida, en que unha persoa se encontrase sen que se tivesen, con posterioridade á violencia, noticias súas. En caso de sinistro este prazo será de tres meses.

Presúmese a violencia se nunha subversión de orde política ou social tiver desaparecido unha persoa sen volverse ter noticias súas durante o tempo expresado, sempre que pasasen seis meses desde que cesase a subversión.

Redactada a denominación do capítulo e o artigo conforme a Lei do 8 de setembro de 1939, a excepción do parágrafo primeiro do número terceiro, que figura redactado conforme a Lei 4/2000, do 7 de xaneiro.

REDACCIÓN ORIXINARIA.—«Declarada firme a sentenza de presunción de morte, abrírase a sucesión nos bens do ausente, procedéndose á súa adxudicación polos trámites dos xuízos de testamentaría ou ab intestato, segundo os casos.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI DO 8 DE SETEMBRO DE 1939. «3.º Cumpridos dous anos, contados de data a data, dun risco inminente de morte por causa de sinistro ou de violencia contra a vida, en que unha persoa se encontrase sen que se tivesen, con posterioridade ao sinistro ou á violencia, noticias súas.»

194. Procede tamén a declaración de falecemento:

1.º Dos que, pertencendo a un continxente armado ou unidos a el en calidade de funcionarios auxiliares voluntarios, ou en funcións informativas, tomasen parte en operacións de campaña e desaparecesen nelas despois de teren transcorrido dous anos, contados desde a data do tratado de paz e, en caso de non se ter concertado, desde a declaración oficial do fin da guerra.

2.º Dos que se encontren a bordo dunha nave naufragada ou desaparecidos por inmersión no mar, se transcorreron tres meses desde a comprobación do naufraxio ou da desaparición sen que se tivesen noticias daqueles.

Presúmese ocorrido o naufraxio se o buque non chega ao seu destino, ou se, carecendo de punto fixo de arribada, non

195 retornase, despois de que en calquera dos casos transcorresen seis meses contados desde as últimas noticias recibidas ou, por falta destas, desde a data de saída da nave do porto inicial da viaxe.

3.º Dos que se encontren a bordo dunha aeronave sinistrada, se transcorreron tres meses desde a comprobación do sinistro sen que se tivesen noticias daqueles ou, en caso de se encontraren restos humanos, non puidesen ser identificados.

Presúmese o sinistro se en viaxe sobre mares, zonas desérticas ou inhabitadas, transcorreron seis meses contados desde as últimas noticias das persoas ou da aeronave e, no seu defecto, desde a data de inicio da viaxe. Se este se fixer por etapas, o prazo indicado computarase desde o punto de engalaxe do que se recibiron as últimas noticias.

Redactado o número 1.º conforme a Lei do 8 de setembro de 1939 e os números 2.º e 3.º conforme a Lei 4/2000, do 7 de xaneiro.

REDACCIÓN ORDINARIA.—«Se o ausente se presentar ou, sen presentarse, se probar a súa existencia, recobrará os seus bens no estado que teñan, e o prezo dos aliados ou os adquiridos con el; mais non poderá reclamar froitos nin rendas.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI DO 8 DE SETEMBRO DE 1939. «2.º Dos tripulantes e pasaxeiros dunha nave naufragada dos cales non se tivesen noticias, pasado o mesmo tempo desde a comprobación do naufraxio.

Presúmese ocorrido o naufraxio se o buque non chegar ao seu destino; ou se, carecendo de punto fixo de arribada, non retornar, despois de que en calquera dos casos transcorresen tres anos, contados desde as últimas noticias recibidas ou, por falta destas, desde a data de saída da nave do porto inicial da viaxe.

3.º Dos pasaxeiros, tripulantes e auxiliares dunha aeronave perecida, se transcorresen dous anos desde a comprobación do sinistro sen se teren noticias daqueles ou, en caso de se teren encontrado restos humanos, non puidesen ser identificados.

Presúmese o sinistro se en viaxe sobre mares, zonas desérticas ou inhabitadas, transcorreren tres anos, contados desde as últimas noticias das persoas ou da aeronave e, na súa falta, desde a data de saída da viaxe.

Se esta se fixer por etapas, o prazo indicado computarase desde o punto de engalaxe do que se recibiron as últimas noticias.»

195. Pola declaración de falecemento cesa a situación de ausencia legal, mais mentres a devandita declaración non se produza, presúmese que o ausente viviu até o momento en

que deba reputarse falecido, salvo investigacións en contrario. **196**

Toda declaración de falecemento expresará a data a partir da cal se entenda sucedida a morte, consonte o preceptuado nos artigos precedentes, salvo proba en contrario.

Redactado conforme a Lei 30/1981, do 7 de xullo.

REDACCIÓN ORIXINARIA:

«CAPÍTULO V

DOS EFECTOS DA AUSENCIA RELATIVAMENTE AOS DEREITOS EVENTUAIS DO AUSENTE

195. O que reclame un dereito pertencente a unha persoa cuxa existencia non estiver recoñecida, deberá probar que existía no tempo en que era necesaria a súa existencia para adquirilo.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI DO 8 DE SETEMBRO DE 1939. «Pola declaración de falecemento cesa a situación de ausencia legal, mais mentres a devandita declaración non se produza, presúmese que o ausente viviu até o momento en que deba reputarse falecido, salvo investigacións en contrario.

Toda declaración de falecemento expresará a data a partir da cal se entenda sucedida a morte, consonte o preceptuado nos artigos precedentes, salvo proba en contrario.

A declaración de falecemento non bastará por si soa para que o cónxuxe presente poida contraer ulterior matrimonio.»

196. Firme a declaración do falecemento do ausente, abrírase a sucesión nos seus bens, e procederase á súa adjudicación polos trámites dos xuízos de testamentaría ou *ab intestato*, segundo os casos, ou extraxudicialmente.

Os herdeiros non poderán dispor a título gratuíto até cinco anos despois da declaración de falecemento.

Até que transcorra este mesmo prazo non serán entregados os legados, se os houber, nin terán dereito a exilios os legatarios, salvo as mandas piadosas en sufraxio da alma do testador ou os legados en favor de institucións de beneficencia.

Será obrigación ineludible dos sucesores, aínda que por tratarse dun só non sexa necesaria a partilla, a de formar notarialmente un inventario detallado dos bens mobles e unha descrición dos inmobles.

Redactado conforme a Lei do 8 de setembro de 1939.

REDACCIÓN ORIXINARIA.—«Sen prexuízo do disposto no artigo anterior, aberta unha sucesión a que estiver chamado un ausente, a parte deste

acreceará aos seus coherdeiros, de non haber persoa con dereito propio para reclamála. Uns e outros, se for o caso, deberán facer inventario dos ditos bens con intervención do Ministerio Fiscal.»

197. Se despois da declaración de falecemento se presentar o ausente ou se probar a súa existencia, recobrará os seus bens no estado en que se encontren e terá dereito ao prezo dos que se vendesen, ou aos bens que con este prezo se adquirisen, mais non poderá reclamar dos seus sucesores rendas, froitos nin produtos obtidos cos bens da súa sucesión senón desde o día da súa presenza ou da declaración de non ter morto.

Redactado conforme a Lei do 8 de setembro de 1939.

REDACCIÓN ORIXINARIA.—«O disposto no artigo anterior enténdese sen prexuízo das accións de petición de herdanza ou outros dereitos que competan ao ausente, aos seus representantes ou habentes causa. Estes dereitos non se extinguirán senón polo lapso do tempo fixado para a prescrición. Na inscrición que se faga no rexistro dos bens inmoebles que acrezan aos coherdeiros expresarase a circunstancia de ficaren suxeitos ao que dispón este artigo.»

CAPÍTULO III

DO REXISTRO CENTRAL DE AUSENTES

O Rexistro Central de Ausentes incorporouse ao rexistro civil segundo o teor do preceptuado na disposición derradeira primeira da Lei do 8 de xuño de 1957, sobre rexistro civil.

198. *No Rexistro Central e Público de Ausentes faranse constar:*

- 1.º *As declaracións xudiciais de ausencia legal.*
- 2.º *As declaracións xudiciais de falecemento.*
- 3.º *As representacións lexítimas e dativas acordadas xudicialmente e a extinción delas.*
- 4.º *Mención circunstanciada do lugar, data, outorgantes e notario autorizante dos inventarios de bens móbiles, e descrición de inmoebles que neste título se ordenan.*
- 5.º *Mención circunstanciada do auto de concesión e do lugar, data, outorgantes e notario autorizante das escrituras de transmisións e gravames que con licenza xudicial efectúen os representantes lexítimos ou dativos dos ausentes; e*

6.º *Mención circunstanciada do lugar, data, outorgantes e notario autorizante da escritura de descrición ou inventario dos bens, ben como das escrituras de partilla e adxudicación realizadas en virtude da declaración de falecemento ou das actas de protocolización dos cadernos de partición nos seus respectivos casos.*

Redactada a denominación deste capítulo e este artigo conforme a Lei do 8 de setembro de 1939.

REDACCIÓN ORIXINARIA.—«Os que entrasen na herdanza farán seus os froitos percibidos de boa fe mentres non compareza o ausente, ou as súas accións non sexan exercidas polos seus representantes ou habentes causa.»

TÍTULO IX

Da incapacitación

Redactado o articulado deste título, salvo a súa rúbrica e o 211, conforme a Lei 13/1983, do 24 de outubro.

A Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil, derroga os artigos 202 a 214 no momento da súa entrada en vigor o 8 de xaneiro de 2001.

199. Ninguén pode ser declarado incapaz senón por sentenza xudicial en virtude das causas establecidas na lei.

200. Son causas de incapacitación as enfermidades ou deficiencias persistentes de carácter físico ou psíquico que lle impidan á persoa gobernarse por si mesma.

201. Os menores de idade poderán ser incapacitados cando concorran neles causas de incapacitación e se prevea razoablemente que esta persistirá despois da maioría de idade.

202. *Corresponde promover a declaración ao cónxuxe ou descendentes e, na falta destes, aos ascendentes ou irmáns do presunto incapaz.*

203. *O Ministerio Fiscal deberá promover a declaración se as persoas mencionadas no artigo anterior non existen ou non o solicitaron. Para este fin, as autoridades e funcionarios públicos que, por razón dos seus cargos,*

204 *coñeceren a existencia de posible causa de incapacitación nunha persoa, deberano pór en coñecemento do Ministerio Fiscal.*

O xuíz competente, nos mesmos casos, adoptará de oficio as medidas que considere necesarias, e porá o feito en coñecemento do Ministerio Fiscal, quen deberá solicitar do xuíz o que proceda, dentro do prazo de quince días.

204. *Calquera persoa está facultada para pór en coñecemento do Ministerio Fiscal os feitos que poidan ser determinantes da incapacitación.*

205. *A incapacitación dos menores prevista no artigo 201 só poderá ser solicitada polos que exerzan a patria potestade ou a tutela.*

206. *Nos procesos sobre incapacitación será sempre necesaria a intervención do Ministerio Fiscal, aínda que non fose promotor deles.*

207. *Se o Ministerio Fiscal promoveu o procedemento, o xuíz designaralle un defensor ao presunto incapaz, a non ser que xa estivese nomeado. Nos demais casos será defensor o Ministerio Público.*

O presunto incapaz pode comparecer no proceso coa súa propia defensa e representación.

208. *O xuíz oirá os parentes máis próximos do presunto incapaz, examinará este por si mesmo, oirá o ditame dun facultativo e, sen prexuízo das probas practicadas por instancia de parte, poderá decretar de oficio cantas considere pertinentes.*

209. *O xuíz, en calquera estado do procedemento, poderá, por instancia de parte ou de oficio, adoptar as medidas que considere necesarias para a adecuada protección do presunto incapaz ou do seu patrimonio.*

210. *A sentenza que declare a incapacitación determinará a extensión e os límites desta, ben como o réxime de tutela ou garda a que deba ficar sometido o incapacitado.*

211. O internamento por razón de trastorno psíquico dunha persoa que non estea en condicións de decidilo por si, aínda que estea sometida á patria potestade, requirirá autorización xudicial. Esta será previa ao internamento, salvo que razóns de urxencia fagan necesaria a inmediata adopción da medida, da cal se dará conta canto antes ao xuíz e, en todo caso, dentro do prazo de vinte e catro horas. O internamento de menores realizarase en todo caso nun establecemento de saúde mental adecuado á súa idade, precedendo informe dos servizos de asistencia ao menor. **214**

O xuíz, após examinar a persoa e oír o ditame dun facultativo por el designado, concederá ou denegará a autorización e porá os feitos en coñecemento do Ministerio Fiscal, para os efectos previstos no artigo 203.

Sen prexuízo do previsto no artigo 269.4.º, o xuíz, de oficio, pedirá información sobre a necesidade de proseguir o internamento, cando o crea pertinente e, en todo caso, cada seis meses, en forma igual á prevista no parágrafo anterior, e acordará o procedente sobre a continuación ou non do internamento.

Redactado conforme a Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro.

212. A sentenza ditada nun procedemento de incapacitación non impedirá que, sobrevidas novas circunstancias, se poida instar xudicialmente unha nova declaración que teña por obxecto deixar sen efecto ou modificar o alcance da incapacitación xa establecida.

213. Corresponde formular a petición, para iniciar o procedemento a que se refire o artigo anterior, ás persoas mencionadas no artigo 202, ás que exerceren cargo tutelar ou tiveren baixo a súa garda o incapacitado, ao Ministerio Fiscal e ao propio incapacitado.

214. As resolucións xudiciais sobre incapacitación anotaranse ou inscribiranse no rexistro civil, sen prexuízo do disposto na lexislación hipotecaria e do rexistro mercantil.

Da tutela, da curadoría e da garda dos menores ou incapacitados

Redactada a totalidade do articulado deste título, salvo os artigos que se indican, os seus capítulos e rúbricas, conforme a Lei 13/1983, do 24 de outubro, de reforma do Código civil en materia de tutela.

CAPÍTULO PRIMEIRO**DISPOSICIÓNS XERAIS**

215. A garda e protección da persoa e bens ou só da persoa ou dos bens dos menores ou incapacitados, realízase, nos casos en que proceda, mediante:

- 1.º A tutela.
- 2.º A curadoría.
- 3.º O defensor xudicial.

216. As funcións tutelares constitúen un deber, exerceanse en beneficio do tutelado e estarán baixo a salvagarda da autoridade xudicial.

As medidas e disposicións previstas no artigo 158 deste código poderán ser acordadas tamén polo xuíz, de oficio ou por instancia de calquera interesado, en todos os supostos de tutela ou garda, de feito ou de dereito, de menores e incapaces, en canto o requira o interese destes.

Redactado conforme a Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro.

217. Soamente se admitirá a escusa dos cargos tutelares nos supostos legalmente previstos.

218. As resolucións xudiciais sobre os cargos tutelares e de curadoría deberán inscribirse no rexistro civil.

As ditas resolucións non serán oponíbles a terceiros mentres non se practicasen as oportunas inscricións.

219. A inscrición das resolucións a que se refire o artigo anterior practicarase en virtude da comunicación que a autoridade xudicial deberá remitir sen dilación ao encargado do rexistro civil.

220. A persoa que, no exercicio dunha función tutelar, **223**
sufra danos e perdas sen culpa pola súa parte, terá dereito á
indemnización destes con cargo aos bens do tutelado, de non
poder obter por outro medio o seu resarcimento.

221. Prohíbese a quen desempeñe algún cargo tutelar:

1.º Recibir liberalidades do tutelado ou dos seus habentes causa, mentres non se aprobase definitivamente a súa xestión.

2.º Representar o tutelado cando no mesmo acto interveña en nome propio ou dun terceiro e exista conflito de intereses.

3.º Adquirir por título oneroso bens do tutelado ou transmitirlle pola súa parte bens por igual título.

CAPÍTULO II

DA TUTELA

Sección 1.ª Da tutela en xeral

222. Estarán suxeitos a tutela:

1.º Os menores non emancipados que non estean baixo a patria potestade.

2.º Os incapacitados, cando a sentenza o establecece.

3.º Os suxeitos á patria potestade prorrogada, ao cesar esta, salvo que proceda a curadoría.

4.º Os menores que se encontren en situación de desamparo.

Redactado conforme a Lei 21/1987, do 11 de novembro.

223. Os pais poderán, en testamento ou documento público notarial, nomear titor, establecer órganos de fiscalización da tutela, así como designar as persoas que os deban integrar ou ordenar calquera disposición sobre a persoa ou bens dos seus fillos menores ou incapacitados.

Así mesmo, calquera persoa coa capacidade de obrar suficiente, en previsión de ser incapacitada xudicialmente no futuro, poderá en documento público notarial adoptar cal-

224 quera disposición relativa á súa propia persoa ou bens, incluída a designación de titor.

O notario autorizante comunicará de oficio os documentos públicos a que se refire o presente artigo ao rexistro civil, para a súa indicación na inscrición de nacemento do interesado.

Nos procedementos de incapacitación, o xuíz pedirá certificación do rexistro civil e, de ser o caso, do rexistro de actos de derradeira vontade, para efectos de comprobar a existencia das disposicións a que se refire este artigo.

Redactado conforme a Lei 41/2003, do 18 de novembro.

224. As disposicións aludidas no artigo anterior vincularán o xuíz, ao constituír a tutela, salvo que o beneficio do menor ou incapacitado exixa outra cousa, caso en que o fará mediante decisión motivada.

225. Cando existiren disposicións en testamento ou documento público notarial do pai e da nai, aplicaranse unhas e outras conxuntamente en canto foren compatibles. De non o seren, o xuíz adoptará, en decisión motivada, as que considere máis convenientes para o tutelado.

226. Serán ineficaces as disposicións feitas en testamento ou documento público notarial sobre a tutela se, no momento de as adoptar, o dispoñente foi privado da patria potestade.

227. O que dispoña de bens a título gratuíto en favor dun menor ou incapacitado poderá establecer as regras de administración deles e designar a persoa ou persoas que a deban exercer. As funcións non conferidas ao administrador corresponden ao titor.

228. Se o Ministerio Fiscal ou o xuíz competente tiveren coñecemento de que existe no territorio da súa xurisdición algunha persoa que deba ser sometida a tutela, pedirá o primeiro e disporá o segundo, mesmo de oficio, a constitución da tutela.

229. Estarán obrigados a promover a constitución da tutela, desde o momento en que coñecesen o feito que a

motivar, os parentes chamados a ela e a persoa baixo cuxa garda se encontre o menor ou incapacitado, e se, non o fixeren, serán responsables solidarios da indemnización dos danos e perdas causados. **234**

Redactado conforme a Lei 21/1987, do 11 de novembro.

230. Calquera persoa poderá pór en coñecemento do Ministerio Fiscal ou da autoridade xudicial o feito determinante da tutela.

231. O xuíz constituirá a tutela, precedendo audiencia dos parentes máis próximos, das persoas que considere oportuno e, en todo caso, do tutelado se tiver suficiente xuízo e sempre se for maior de doce anos.

232. A tutela exercerase baixo a vixilancia do Ministerio Fiscal, que actuará de oficio ou por instancia de calquera interesado.

En calquera momento poderá exixir do titor que o informe sobre a situación do menor ou do incapacitado e do estado da administración da tutela.

Redactado conforme a Lei 21/1987, do 11 de novembro.

233. O xuíz poderá establecer, na resolución por que se constituía a tutela, ou noutra posterior, as medidas de vixilancia e control que considere oportunas en beneficio do tutelado. Así mesmo poderá, en calquera momento, exixir do titor que informe sobre a situación do menor ou do incapacitado e do estado da administración.

Sección 2.^a Da delación da tutela e do nomeamento do titor

234. Para o nomeamento de titor preferirase:

1.º O designado polo propio tutelado, conforme o parágrafo segundo do artigo 223.

2.º O cónxuxe que conviva co tutelado.

3.º Os pais.

4.º A persoa ou persoas designadas por estes nas súas disposicións de derradeira vontade.

235 5.º O descendente, ascendente ou irmán que designe o xuíz.

Excepcionalmente, o xuíz, en resolución motivada, poderá alterar a orde do parágrafo anterior ou prescindir de todas as persoas nel mencionadas, se o beneficio do menor ou do incapacitado así o exixir.

Considérase beneficiosa para o menor a integración na vida de familia do titor.

Redactado conforme a Lei orgánica 41/2003, do 18 de novembro.

235. En defecto das persoas mencionadas no artigo anterior, o xuíz designará titor a quen, polas súas relacións co tutelado e en beneficio deste, considere máis idóneo.

236. A tutela será exercida por un só titor, salvo:

1.º Cando, por concorreren circunstancias especiais na persoa do tutelado ou do seu patrimonio, conveña separar como cargos distintos o de titor da persoa e o dos bens, cada un dos cales actuará independentemente no ámbito da súa competencia, ben que as decisións que concirnan a ambos deberán tomalas conxuntamente.

2.º Cando a tutela corresponda ao pai e á nai será exercida por ambos conxuntamente de modo análogo á patria potestade.

3.º Se se designa algunha persoa titor dos fillos do seu irmán e se considera conveniente que o cónxuxe do titor exerza tamén a tutela.

4.º Cando o xuíz nomee titores as persoas que os pais do tutelado designasen en testamento ou documento público notarial para exerceren a tutela conxuntamente.

237. No caso do número 4.º do artigo anterior, se o testador o dispuxo de modo expreso, e no caso do número 2.º, se os pais o solicitaron, poderá o xuíz, ao efectuar o nomeamento de titores, resolver que estes poidan exercer as facultades da tutela con carácter solidario.

De non mediar tal clase de nomeamento, en todos os demais casos, e sen prexuízo do disposto nos números 1º

e 2.º, as facultades da tutela encomendadas a varios titores deberán ser exercidas por estes conxuntamente, mais valerá o que se faga co acordo do maior número. Na falta de tal acordo, o xuíz, despois de oír os titores e o tutelado se tiver suficiente xuízo, resolverá sen ulterior recurso o que considere conveniente. Para o caso de que os desacordos foren reiterados e entorpeceren gravemente o exercicio da tutela, o xuíz poderá reorganizar o seu funcionamento e mesmo prover de novo titor.

237 bis. Se os titores tiveren as súas facultades atribuídas conxuntamente e houber incompatibilidade ou oposición de intereses nalgún deles para un acto ou contrato, poderá este ser realizado polo outro titor, ou, de seren varios, polos demais en forma conxunta.

238. Nos casos de que por calquera causa cese algún dos titores, a tutela subsistirá cos restantes, a non ser que ao facer o nomeamento se dispuxese outra cousa de modo expreso.

239. A tutela dos menores desamparados corresponde por lei á entidade a que se refire o artigo 172.

Procederase, no entanto, ao nomeamento de titor conforme as regras ordinarias, cando existan persoas que, polas súas relacións co menor ou por outras circunstancias, poidan asumir a tutela con beneficio para este.

A entidade pública a que, no respectivo territorio, estea encomendada a tutela dos incapaces cando ningunha das persoas recollidas no artigo 234 sexa nomeada titor, asumirá por ministerio da lei a tutela do incapaz ou cando este se encontre en situación de desamparo. Considérase como situación de desamparo a que se produce de feito a causa do incumprimento ou do imposible ou inadecuado exercicio dos deberes que lle incumben de conformidade coas leis, cando estes fiquen privados da necesaria asistencia moral ou material.

Redactado conforme a Lei 41/2003, do 18 de novembro.

240. Se houver que designar titor para varios irmáns, o xuíz procurará que o nomeamento recaia nunha mesma persoa.

241. Poderán ser titores todas as persoas que se encontrén no pleno exercicio dos seus dereitos civís e nas cales non concorra algunha das causas de inhabilidade establecidas nos artigos seguintes.

242. Poderán ser tamén titores as persoas xurídicas que non teñan finalidade lucrativa e entre cuxos fins figure a protección de menores e incapacitados.

243. Non poden ser titores:

1.º Os que estiveren privados ou suspendidos no exercicio da patria potestade ou total ou parcialmente dos dereitos de garda e educación, por resolución xudicial.

2.º Os que tiveren sido legalmente removidos dunha tutela anterior.

3.º Os condenados a calquera pena privativa de liberdade, mentres estean a cumprir a condena.

4.º Os condenados por calquera delito que faga supor fundadamente que non desempeñarán ben a tutela.

244. Tampouco poden ser titores:

1.º As persoas en que concorra imposibilidade absoluta de feito.

2.º Os que tiveren inimidade manifesta co menor ou incapacitado.

3.º As persoas de má conduta ou que non tiveren maneira de vivir coñecida.

4.º Os que tiveren importantes conflitos de intereses co menor ou incapacitado, mantiveren con el preito ou actuacións sobre o estado civil ou sobre a titularidade dos bens, ou os que lle deberen sumas de consideración.

5.º Os quebrados e concursados non rehabilitados, salvo que a tutela o sexa só da persoa.

245. Tampouco poden ser titores os excluídos expresamente polo pai ou pola nai nas súas disposicións en testamento ou documento notarial, salvo que o xuíz, en resolución

motivada, dispoña outra cousa en beneficio do menor ou do incapacitado. **251**

246. As causas de inhabilidade previstas nos artigos 243.4.º e 244.4.º non se aplicarán aos titores designados nas disposicións de derradeira vontade dos pais cando foren coñecidas por estes no momento de facer a designación, salvo que o xuíz, en resolución motivada, dispoña outra cousa en beneficio do menor ou do incapacitado.

247. Serán removidos da tutela os que, despois de deferida, incorran en causa legal de inhabilidade, ou se conduzan mal no desempeño da tutela, por incumprimento dos deberes propios do cargo ou por notoria ineptitude do seu exercicio, ou cando xurdiren problemas de convivencia graves e continuados.

Redactado conforme a Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro.

248. O xuíz, de oficio ou por solicitude do Ministerio Fiscal, do tutelado ou doutra persoa interesada, decretará a remoción do titor, precedendo audiencia deste, se, citado, comparecer. Así mesmo, daráselle audiencia ao tutelado se tiver suficiente xuízo.

Redactado conforme a Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro.

249. Durante a tramitación do procedemento de remoción, o xuíz poderá suspender nas súas funcións o titor e nomearlle ao tutelado un defensor xudicial.

250. Declarada xudicialmente a remoción, procederase ao nomeamento de novo titor na forma establecida neste código.

251. Será escusable o desempeño da tutela cando por razóns de idade, enfermidade, ocupacións persoais ou profesionais, ou por falta de vínculos de calquera clase entre titor e tutelado ou por calquera outra causa, resulte excesivamente gravoso o exercicio do cargo.

As persoas xurídicas poderán escusarse cando carezan de medios suficientes para o adecuado desempeño da tutela.

252. O interesado que alegar causa de escusa deberá facelo dentro do prazo de quince días contados desde que tivese coñecemento do nomeamento.

253. O titor poderase escusar de continuar exercendo a tutela, sempre que houber persoa de parecidas condicións para substituílo, cando durante o desempeño daquela lle sobreveña calquera dos motivos de escusa previstos no artigo 251.

254. O disposto no artigo anterior non se aplicará á tutela encomendada ás persoas xurídicas.

255. Se a causa de escusa for sobrevida, poderá ser alegada en calquera momento.

256. Mentres se resolva acerca da escusa, o que a propuxese estará obrigado a exercer a función.

De non o facer así, o xuíz nomeará un defensor que o substitúa, e o substituído ficará responsable de todos os gastos ocasionados pola escusa se esta for rexeitada.

257. O titor designado en testamento que se escuse da tutela no momento da súa delación perderá o que, en consideración ao nomeamento, lle deixase o testador.

258. Admitida a escusa, procederase ao nomeamento de novo titor.

Sección 3.^a Do exercicio da tutela

259. A autoridade xudicial dará posesión do seu cargo ao titor nomeado.

260. O xuíz poderalle exixir ao titor a constitución dunha fianza que asegure o cumprimento das súas obrigacións e determinará a súa modalidade e contía.

Non obstante, a entidade pública que asuma a tutela dun menor por ministerio da lei ou a desempeñe por resolución xudicial non precisará prestar fianza.

Redactado conforme a Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro.

261. Tamén poderá o xuíz, en calquera momento e con xusta causa, deixar sen efecto ou modificar en todo ou en parte a garantía que se prestase.

262. O titor está obrigado a facer inventario dos bens do tutelado dentro do prazo de sesenta días, contado a partir daquel en que tomase posesión do seu cargo.

263. A autoridade xudicial poderá prorrogar este prazo en resolución motivada se concorrer causa para isto.

264. O inventario formarase xudicialmente con intervención do Ministerio Fiscal e con citación das persoas que o xuíz coide conveniente.

265. O diñeiro, alfaías, obxectos preciosos e valores mobiliarios ou documentos que, a xuízo da autoridade xudicial, non deban ficar en poder do titor serán depositados nun establecemento destinado para este efecto.

Os gastos que as anteriores medidas ocasionen correrán por conta dos bens do tutelado.

266. O titor que non inclúa no inventario os créditos que teña contra o tutelado entenderase que renuncia a eles.

267. O titor é o representante do menor ou incapacitado, salvo para aqueles actos que poida realizar por si só, xa sexa por disposición expresa da lei ou da sentenza de incapacitación.

268. Os titores exercerán o seu cargo de acordo coa personalidade dos seus pupilos, respectando a súa integridade física e psicolóxica.

Cando sexa necesario para o exercicio da tutela poderán solicitar o auxilio da autoridade.

Artigo redactado conforme a Lei 54/2007, do 28 de decembro.

269. O titor está obrigado a velar polo tutelado e, en particular:

- 1.º A lle procurar alimentos.
- 2.º A educar o menor e procurarlle unha formación integral.

270 3.º A promover a adquisición ou recuperación da capacidade do tutelado e a súa mellor inserción na sociedade.

4.º A informar o xuíz anualmente sobre a situación do menor ou incapacitado e renderlle conta anual da súa administración.

270. O titor único e, se for o caso, o dos bens é o administrador legal do patrimonio dos tutelados e está obrigado a exercer a dita administración coa dilixencia dun bo pai de familia.

271. O titor necesita autorización xudicial:

1.º Para internar o tutelado nun establecemento de saúde mental ou de educación ou formación especial.

2.º Para allear ou gravar bens inmóbiles, establecementos mercantís ou industriais, obxectos preciosos e valores mobiliarios dos menores ou incapacitados, ou celebrar contratos ou realizar actos que teñan carácter dispositivo e sexan susceptibles de inscrición. Exceptúase a venda do dereito de subscripción preferente de accións.

3.º Para renunciar dereitos, ben como para transixir ou someter a arbitraje cuestións en que o tutelado estiver interesado.

4.º Para aceptar sen beneficio de inventario calquera herdanza, ou para repudiar esta ou as liberalidades.

5.º Para facer gastos extraordinarios nos bens.

6.º Para promover demanda en nome dos suxeitos a tutela, salvo nos asuntos urxentes ou de escasa contía.

7.º Para ceder bens en arrendamento por tempo superior a seis anos.

8.º Para dar e tomar diñeiro a préstamo.

9.º Para dispor a título gratuíto de bens ou dereitos do tutelado.

10.º Para ceder a terceiros os créditos que o tutelado teña contra el, ou adquirir a título oneroso os créditos de terceiros contra o tutelado.

Redactado conforme a Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro.

272. Non necesitarán autorización xudicial a partilla de herdanza nin a división de cousa común realizadas polo titor, mais unha vez practicadas requirirán aprobación xudicial. **276**

Redactado conforme a Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro.

273. Antes de autorizar ou aprobar calquera dos actos comprendidos nos dous artigos anteriores, o xuíz oírà o Ministerio Fiscal e o tutelado, se for maior de doce anos ou o considerar oportuno, e pedirá os informes que lle sexan solicitados ou considere pertinentes.

Redactado conforme a Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro.

274. O titor ten dereito a unha retribución, sempre que o patrimonio do tutelado o permita. Corresponde ao xuíz fixar o seu importe e o modo de percibilo, para o cal terá en conta o traballo a realizar e o valor e a rendibilidade dos bens, procurando no posible que a contía da retribución non baixe do 4 por 100 nin exceda o 20 por 100 do rendemento líquido dos bens.

275. Soamente os pais, e nas súas disposicións de derradeira vontade, poderán establecer que o titor faga seus os froitos dos bens do tutelado a cambio de lle prestar os alimentos, salvo que o xuíz, en resolución motivada, dispoña outra cousa.

Sección 4.^a Da extinción da tutela e da rendición final de contas

276. A tutela extínguese:

- 1.º Cando o menor de idade cumpre os dezaioito anos, a menos que con anterioridade fose xudicialmente incapacitado.
- 2.º Pola adopción do tutelado menor de idade.
- 3.º Por falecemento da persoa sometida a tutela.
- 4.º Pola concesión ao menor do beneficio da maior idade.

277. Tamén se extingue a tutela:

1.º Cando, téndose orixinado por privación ou suspensión da patria potestade, o titular desta a recupere.

2.º Ao ditarse a resolución xudicial que poña fin á incapacitación, ou que modifique a sentenza de incapacitación en virtude da cal se substitúe a tutela pola curadoría.

278. Continuará o titor no exercicio do seu cargo se o menor suxeito a tutela foi incapacitado antes da maioría de idade, conforme o disposto na sentenza de incapacitación.

279. O titor, ao cesar nas súas funcións, deberá render a conta xeral xustificada da súa administración ante a autoridade xudicial no prazo de tres meses, prorrogables polo tempo que for necesario se concorre xusta causa.

A acción para exixir a rendición desta conta prescribe aos cinco anos, contados desde a terminación do prazo establecido para efectualo.

280. Antes de resolver sobre a aprobación da conta, o xuíz oír á o novo titor ou, se for o caso, o curador ou o defensor xudicial, e a persoa que estivo sometida a tutela ou os seus herdeiros.

281. Os gastos necesarios da rendición de contas serán a cargo de quen estivo suxeito a tutela.

282. O saldo da conta xeral producirá xuro legal, a favor ou en contra do titor.

283. Se o saldo é a favor do titor, producirá xuro legal desde que quen estivo sometido a tutela sexa requirido para o pagamento, precedendo entrega dos seus bens.

284. Se é en contra do titor, producirá xuro legal desde a aprobación da conta.

285. A aprobación xudicial non impedirá o exercicio das accións que reciprocamente poidan asistir o titor e o tutelado ou os seus habentes causa por razón da tutela.

Sección 1.ª Disposicións xerais

286. Están suxeitos a curadoría:

- 1.º Os emancipados cuxos pais faleceren ou ficaren impedidos para o exercicio da asistencia establecida na lei.
- 2.º Os que obtiveren o beneficio da maior idade.
- 3.º Os declarados pródigos.

287. Igualmente, procede a curadoría para as persoas a que a sentenza de incapacitación ou, se for o caso, a resolución xudicial que a modifique coloquen baixo esta forma de protección en atención ao seu grao de discernimento.

288. Nos casos do artigo 286, a curadoría non terá outro obxecto que a intervención do curador nos actos que os menores ou pródigos non poidan realizar por si sós.

289. A curadoría dos incapacitados terá por obxecto a asistencia do curador para aqueles actos que expresamente impoña a sentenza que a establecece.

290. Se a sentenza de incapacitación non especificase os actos en que deba ser necesaria a intervención do curador, entenderase que esta se estende aos mesmos actos en que os titores necesitan, segundo este código, autorización xudicial.

291. Son aplicables aos curadores as normas sobre nomeamento, inhabilidade, escusa e remoción dos titores.

Non poderán ser curadores os quebrados e concursados non rehabilitados.

292. Se o sometido a curadoría estivo con anterioridade baixo tutela, desempeñará o cargo de curador o mesmo que foi o seu titor, a non ser que o xuíz dispoña outra cousa.

293. Os actos xurídicos realizados sen a intervención do curador, cando esta sexa preceptiva, serán anulables por

294 instancia do propio curador ou da persoa suxeita a curadoría, de acordo cos artigos 1.301 e seguintes deste código.

Sección 2.^a Da curadoría en casos de prodigalidade

A Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil, derroga os artigos 294 a 296 e 298 no momento da súa entrada en vigor o 8 de xaneiro de 2001.

294. *Poderán pedir a declaración de prodigalidade o cónxuxe, os descendentes ou ascendentes que perciban alimentos do presunto pródigo ou se encontren en situación de llos reclamar, e os representantes legais de calquera deles. Se non a pediren os representantes legais, farao o Ministerio Fiscal.*

295. *A declaración de prodigalidade debe facerse en xuízo contradictorio.*

296. *Cando o demandado por prodigalidade non comparecer no xuízo, representarao o Ministerio Fiscal, e, se este for parte, un defensor nomeado polo xuíz, sen prexuízo do que determina a Lei de axuízamento civil sobre os procedementos en rebeldía.*

297. Os actos do declarado pródigo anteriores á demanda de prodigalidade non poderán ser atacados por esta causa.

298. *A sentenza determinará os actos que o pródigo non pode realizar sen o consentimento do curador.*

CAPÍTULO IV

DO DEFENSOR XUDICIAL

299. Nomearase un defensor xudicial que represente e ampare os intereses dos que se encontren nalgún dos seguintes supostos:

1.º Cando nalgún asunto exista conflito de intereses entre os menores ou incapacitados e os seus representantes legais ou o curador. No caso de tutela conxunta exercida por

ambos os pais, se o conflito de intereses existir só cun deles, **303** corresponderá ao outro por lei, sen necesidade de especial nomeamento, representar e amparar o menor ou incapacitado.

2.º No suposto de que, por calquera causa, o titor ou o curador non desempeñar as súas funcións, até que cese a causa determinante ou se designe outra persoa para desempeñar o cargo.

3.º En todos os demais casos previstos neste código.

299 bis. Cando se teña coñecemento de que unha persoa debe ser sometida a tutela e en canto non se dite resolución xudicial que poña fin ao procedemento, asumirá a súa representación e defensa o Ministerio Fiscal. En tal caso, cando ademais do coidado da persoa se deba proceder ao dos bens, o xuíz poderá designar un administrador destes, quen lle deberá render contas da súa xestión unha vez concluída.

300. O xuíz, en procedemento de xurisdición voluntaria, de oficio ou por petición do Ministerio Fiscal, do propio menor ou de calquera persoa capaz de comparecer en xuízo, nomeará defensor a quen considere máis idóneo para o cargo.

Redactado conforme a Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro.

301. Serán aplicables ao defensor as causas de inhabilidade, escusas e remoción dos titores e curadores.

302. O defensor xudicial terá as atribucións que lle concedese o xuíz, a quen deberá render contas da súa xestión unha vez concluída.

CAPÍTULO V

DA GARDA DE FEITO

303. Sen prexuízo do disposto nos artigos 203 e 228, cando a autoridade xudicial teña coñecemento da existencia dun gardador de feito poderá requirilo para que informe da situación da persoa e os bens do menor ou do presunto incapaz e da súa actuación en relación con eles, e poderá estable-

304 cer, así mesmo, as medidas de control e vixilancia que considere oportunas.

304. Os actos realizados polo gardador de feito en interese do menor ou presunto incapaz non poderán ser impugnados se redundan na súa utilidade.

305. *[Sen contido conforme determina a Lei 13/1983, do 24 de outubro.]*

306. Será aplicable ao gardador de feito o disposto no artigo 220 respecto do tutor.

307 a 313. *[Ficaron sen contido por virtude do artigo 3 da Lei 13/1983, do 24 de outubro.]*

REDACCIÓN ORIXINARIA:

TÍTULO IX

Da tutela

CAPÍTULO PRIMEIRO

DISPOSICIÓN XERAIS

199. O obxecto da tutela é a garda da persoa e bens, ou só dos bens, dos que, non estando baixo a patria potestade, son incapaces de gobernarse por si mesmos.

200. Están suxeitos a tutela:

- 1.º Os menores de idade non emancipados legalmente.
- 2.º Os loucos ou dementes, aínda que teñan intervalos lúcidos, e os xordomudos que non saiban ler e escribir.
- 3.º Os que por sentenza firme fosen declarados pródigos.
- 4.º Os que estiveren a sufrir a pena de interdicción civil.

201. A tutela será exercida por un só tutor baixo a vixilancia do protitor e do consello de familia.

202. Aos cargos de tutor e protitor non se poder renunciar senón en virtude de causa lexítima debidamente xustificada.

203. Os xuíces municipais do lugar en que residan as persoas suxeitas a tutela proverán ao coidado destas e dos seus bens mobles até o nomeamento de tutor, cando pola lei non houber outras encargadas desta obrigaón.

Se non o fixeren, serán responsables dos danos que por esta causa sobreveñan aos menores ou incapacitados.

204. A tutela defírese:

- 1.º Por testamento.

- 2.º Pola lei.
- 3.º Polo consello de familia.

205. O titor non entrará no desempeño das súas funcións sen que o seu nomeamento fose inscrito no rexistro de tutelas.

CAPÍTULO II

DA TUTELA TESTAMENTARIA

206. REDACCIÓN ORIXINARIA.—«O pai pode nomear titor e protitor para os seus fillos menores e para os maiores incapacitados, xa sexan lexítimos, xa naturais recoñecidos, ou xa algún dos ilexítimos que, segundo o artigo 139, está obrigado a alimentar.

Igual facultade corresponde á nai; mais, se contraese segundas nupcias, o nomeamento que fixer para os fillos do seu primeiro matrimonio non producirá efecto sen a aprobación do consello de familia.

En todo caso, será preciso que a persoa a quen se nomee titor ou protitor non estea sometida á potestade doutra.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI DO 24 DE ABRIL DE 1958.—«Tanto o pai como a nai poden nomear titor e protitor para os seus fillos menores e para os maiores incapacitados, xa sexan lexítimos, xa naturais ou recoñecidos ou xa algún dos ilexítimos que, segundo o artigo 139, están obrigados a alimentar.

En todo caso, será preciso que a persoa a quen se nomee titor ou protitor non estea sometida á potestade doutra.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI 11/1981, DO 13 DE MAIO.—«Tanto o pai como a nai poden nomear titor e protitor para os seus fillos menores e para os maiores incapacitados.

En todo caso, será preciso que a persoa a quen se nomee titor ou protitor non estea sometida á potestade doutra.

207. Tamén lles pode nomear titor aos menores ou incapacitados quen lles deixe herdanza ou legado de importancia. O nomeamento, no entanto, non producirá efecto até que o consello de familia resolverse aceptar a herdanza ou legado.

208. Tanto o pai como a nai poden nomear un titor para cada un dos seus fillos, e facer diversos nomeamentos a fin de que os nomeados se substitúan uns aos outros.

En caso de dúbida, entenderase nomeado un só titor para todos os fillos, e outorgaráselle o cargo ao primeiro dos que figuren no nomeamento.»

209. REDACCIÓN ORIXINARIA.—«Se diferentes persoas tiveren nomeado titor para un mesmo menor, outorgaráselle o cargo:

- 1.º Ao elixido polo pai ou pola nai.
- 2.º Ao nomeado polo estraño que instituíse herdeiro ao menor ou incapaz, se for de importancia a contía da herdanza.
- 3.º Ao que elixir quen deixe manda de importancia.

Se houber máis dun titor en calquera dos casos 2º e 3.º deste artigo, o consello de familia declarará quen debe ser preferido.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI DO 24 DE ABRIL DE 1958.—«Se diferentes persoas tiveren nomeado titor para un mesmo menor, outorgaráselle o cargo:

Primeiro. Ao designado por aquel dos pais que exercese ultimamente a patria potestade.

Segundo. Ao nomeado polo estraño que instituíse herdeiro ao menor ou incapaz, se for de importancia a contía da herdanza.

Terceiro. Ao que designar quen deixe manda de importancia.

Se houber máis dun titor en calquera dos casos 2º e 3.º deste artigo, o consello de familia declarará quen debe ser preferido.»

210. Se, encontrándose en exercicio un titor, aparecer o nomeado polo pai, transferiráselle inmediatamente a tutela. Se o titor que novamente aparecer for o nomeado por un estraño comprendido nos números 2º e 3.º do artigo anterior, limitarase a administrar os bens do que o nomeou, mentres non quede vacante a tutela en exercicio.

CAPÍTULO III

DA TUTELA LEXÍTIMA

Sección primeira.—Da tutela dos menores

211. REDACCIÓN ORIXINARIA.—«A tutela lexítima dos menores non emancipados corresponde unicamente:

1.º Ao avó paterno.

2.º Ao avó materno.

3.º Ás avoas paterna e materna, pola mesma orde, mentres se conserven viúvas.

4.º Ao maior dos irmáns homes de vínculo duplo e, na falta destes, ao maior dos irmáns consanguíneos ou uterinos.

A tutela de que trata este artigo non ten lugar respecto dos fillos ilexítimos.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI DO 24 DE ABRIL DE 1958.—«A tutela lexítima dos menores non emancipados corresponde unicamente:

1.º Ao avó paterno e, na súa falta, ao materno.

2.º Ás avoas pola mesma orde.

3.º Ao maior dos irmáns de duplo vínculo e, na falta destes, dos consanguíneos ou uterinos.

4.º Ás irmás pola mesma orde.

A tutela de que trata este artigo non ten lugar respecto dos fillos ilexítimos.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI 11/1981, DO 13 DE MAIO.—«A tutela lexítima dos menores non emancipados corresponde unicamente:

1.º Ao avó de menos idade.

2.º Ao maior dos irmáns que conviva ou convivise co suxeito a tutela.»

307
a 313

REDACCIÓN CONFORME A LEI 13/1983, DO 24 DE OUTUBRO.—«O internamento dun presunto incapaz requirirá a autorización xudicial previa, salvo que razóns de urxencia fagan necesaria a inmediata adopción de tal medida, da cal se dará conta canto antes ao xuíz e, en todo caso, dentro do prazo de vinte e catro horas.

O xuíz, após examinar a persoa e oír o ditame dun facultativo por el designado, concederá ou denegará a autorización e porá os feitos en coñecemento do Ministerio Fiscal, para os efectos previstos no artigo 203.

Sen prexuízo do previsto no artigo 269.4.º, o xuíz, de oficio, pedirá información sobre a necesidade de proseguir o internamento, cando o crea pertinente, e, en todo caso, cada seis meses, en forma igual á prevista no parágrafo anterior, e acordará o procedente sobre a continuación ou non do internamento.»

212. Os xefes das casas de expósitos son os titores dos recollidos e educados nelas. A representación en xuízo daqueles funcionarios, na súa calidade de titores, estará a cargo do Ministerio Fiscal.

Sección segunda.—Da tutela dos loucos e xordomudos

213. Non se lles pode nomear titor aos loucos, dementes e xordomudos maiores de idade sen que preceda a declaración de que son incapaces para administrar os seus bens.

214. Poden solicitar esta declaración o cónxuxe e os parentes do presunto incapaz que teñan dereito a sucedelo *ab intestato*.

215. O Ministerio Público deberá pedila:

1.º Cando se trate de dementes furiosos.

2.º Cando non existir ningunha das persoas mencionadas no artigo precedente, ou cando non fixeren uso da facultade que lles concede.

3.º Cando o cónxuxe e os herdeiros do presunto incapaz sexan menores ou carezan da personalidade necesaria para compareceren en xuízo.

En todos estes casos, os tribunais nomearanlle defensor ao presunto incapaz que non queira ou non se poida defender. Nos demais, será defensor o Ministerio Público.

216. Antes de declarar a incapacidade, os tribunais oirán o consello de familia e examinarán por si mesmos o denunciado como incapaz.

REDACCIÓN CONFORME A LEI 13/1983, DO 24 DE OUTUBRO.—«As funcións tutelares constitúen un deber, exerceranse en beneficio do tutelado e estarán baixo a salvagarda da autoridade xudicial.»

217. Os parentes que solicitasen a declaración de incapacidade non poderán informar os tribunais como membros do consello de familia; mais teñen dereito a ser oídos por este cando o soliciten.

218. A declaración de incapacidade deberase facer sumariamente. A que se refira a xordomudos fixará a extensión e límites da tutela segundo o grao de incapacidade daqueles.

219. Contra os autos que poñan termo ao expediente de incapacidade, poderán os interesados deducir demanda en xuízo ordinario. O defensor dos incapacitados necesitará, no entanto, autorización especial do consello de familia.

220. REDACCIÓN ORIXINARIA.—«A tutela dos loucos e xordomudos corresponde:

- 1.º Ao cónxuxe non separado legalmente.
- 2.º Ao pai e, se for o caso, á nai.
- 3.º Aos fillos.
- 4.º Aos avós.
- 5.º Aos irmáns homes e ás irmás que non estiveren casadas, coa preferencia do duplo vínculo de que fala o número 4.º do artigo 211.

Se houber varios fillos ou irmáns, serán preferidos os homes ás mulleres e o maior ao menor.

Concorrendo avós paternos e maternos, serán tamén preferidos os homes; e, no caso de seren do mesmo sexo, os da liña do pai.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI DO 24 DE ABRIL DE 1958.—«A tutela dos loucos e xordomudos corresponde:

- 1.º Ao cónxuxe non separado legalmente.
- 2.º Ao pai e, se for o caso, á nai.
- 3.º Aos fillos, coa preferencia do lexítimo sobre o natural, do home sobre a muller e do maior sobre o menor; e
- 4.º Ás persoas sinaladas no artigo 211.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI 11/1981, DO 13 DE MAIO.—«A tutela dos loucos e xordomudos corresponde:

- 1.º Ao cónxuxe non separado legalmente ou de feito.
- 2.º Ao pai e á nai, con preferencia daquel que ambos acorden e, noutro caso, ao que sinala o xuíz, que terá en conta o interese do incapacitado e a súa relación afectiva con cada un dos seus proxenitores.
- 3.º Aos fillos, con preferencia do que conviva co incapacitado e do maior sobre o menor.
- 4.º Ás persoas sinaladas no artigo 211.»

Sección terceira.—Da tutela dos pródigos

221. A declaración de prodigalidade débese facer en xuízo contradictorio.

A sentenza determinará os actos que quedan prohibidos ao incapacitado, as facultades que deba exercer o titor no seu nome, e os casos en que por un ou por outro deberá ser consultado o consello de familia.

222. Soamente poden pedir a declaración de que fala o artigo anterior o cónxuxe e os herdeiros forzosos do pródigo, e, por excepción, o Ministerio Fiscal, por si ou por instancia dalgún parente daqueles, cando sexan menores ou incapacitados.

REDACCIÓN CONFORME A LEI 13/1983, DO 24 DE OUTUBRO. «Estarán suxeitos a tutela:

307
a 313

1.º Os menores non emancipados que non estean baixo a patria potestade.

2.º Os incapacitados, cando a sentenza o establecese.

3.º Os suxeitos á patria potestade prorrogada, ao cesar esta, salvo que proceda a curadoría.»

223. Cando o demandado non comparecer en xuízo representarao o Ministerio Fiscal e, se este for parte, un defensor nomeado polo xuíz, sen prexuízo do que determine a Lei de axuízamento civil sobre os procedementos en rebeldía.

REDACCIÓN CONFORME A LEI 13/1983, DO 24 DE OUTUBRO.—«Os pais poderán, en testamento ou documento público notarial, nomear titor, establecer órganos de fiscalización da tutela, ben como designar as persoas que deban integralos ou ordenar calquera outra disposición sobre a persoa ou bens dos seus fillos menores ou incapacitados.»

224. REDACCIÓN ORIXINARIA.—«A declaración de prodigalidade non priva da autoridade marital e paterna, nin atribúe ao titor facultade ningunha sobre a persoa do pródigo.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI 14/1975, DO 2 DE MAIO.—«A declaración de prodigalidade non afecta os dereitos e deberes persoais derivados do casamento e da patria potestade, nin atribúe ao titor facultade ningunha sobre a persoa do pródigo.»

225. REDACCIÓN ORIXINARIA.—«O titor administrará os bens dos fillos que o pródigo tivese en anterior matrimonio.

A muller administrará os dotais e parafernais, os dos fillos comúns e os da sociedade conxugal. Para allealos precisará autorización xudicial.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI 14/1975, DO 2 DE MAIO.—«O titor administrará os bens dos fillos que o pródigo tivese en anterior matrimonio.

O cónxuxe do declarado pródigo administrará os bens gananciais, os dos fillos comúns e aqueles cuxa administración se lle conferise en capitulacións. Para allealos precisará autorización xudicial.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI 11/1981, DO 13 DE MAIO.—«O titor administrará os bens dos fillos que o pródigo tivese en anterior matrimonio.

O cónxuxe do declarado pródigo administrará:

1.º Os bens dos fillos comúns.

2.º Os bens gananciais.

3.º Aqueles administrados polo pródigo que por capitulacións ou escritura pública estiveren especialmente afectados ao levantamento das cargas do matrimonio. Para allear estes bens precisará autorización xudicial.»

226. Os actos do pródigo anteriores á demanda de interdicción non poderán ser atacados por causa de prodigalidade.

227. REDACCIÓN ORIXINARIA.—«A tutela dos pródigos corresponde:

- 1.º Ao pai e, se for o caso, á nai.
- 2.º Aos avós paterno e materno.
- 3.º Ao maior dos fillos homes emancipados.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI 11/1981, DO 13 DE MAIO.—«A tutela dos pródigos corresponde:

- 1.º Ao pai e á nai, con preferencia daquel que ambos acorden e, noutro caso, ao que sinala o xuíz.
- 2.º Ao avó de menos idade.
- 3.º Ao maior dos fillos emancipados.»

Sección cuarta.—Da tutela dos que sofren interdicción

228. Cando sexa firme a sentenza en que se impuxese a pena de interdicción, o Ministerio Fiscal pedirá o cumprimento dos artigos 203 e 293. Se non o fixer, será responsable dos danos e perdas que sobreviñeren.

Tamén o poden pedir o cónxuxe e os herdeiros *ab intestato* do penado.

229. REDACCIÓN ORIXINARIA.—«Esta tutela limitarase á administración dos bens e á representación en xuízo do penado.

O titor do penado está obrigado, ademais, a coidar da persoa e dos bens dos menores ou incapacitados que se encontraren baixo a autoridade do suxeito á interdicción, até que sexan provistos doutro titor. A muller do penado exerce a patria potestade sobre os fillos comúns en canto dure a interdicción.

Se for menor, obrará baixo a dirección do seu pai e, se for o caso, da súa nai, e, na falta de ambos, do seu titor.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI 14/1975, DO 2 DE MAIO.—«Esta tutela limitarase á administración dos bens e á representación en xuízo do penado.

O titor do penado está obrigado, ademais, a coidar da persoa e bens dos menores ou incapacitados que se encontraren baixo a autoridade do suxeito á interdicción, até que sexan provistos doutro titor.

A muller do penado exerce a patria potestade sobre os fillos comúns mentres dure a interdicción.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI 11/1981, DO 13 DE MAIO.—«Esta tutela limitarase á administración dos bens e á representación en xuízo do penado.

O titor do penado está obrigado, ademais, a coidar da persoa e bens dos menores ou incapacitados que se encontraren baixo a autoridade do suxeito á interdicción, até que sexan provistos doutro titor.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI 13/1983, DO 24 DE OUTUBRO. «Estarán obrigados a promover a constitución da tutela, desde o momento en que coñezan o feito que dea lugar a ela, os parentes chamados á tutela, a persoa baixo cuxa garda se encontre o menor ou incapacitado e as mencionadas no artigo 239, e, se non o fixeren, serán responsables solidarios da indemnización dos danos e perdas causados.»

230. A tutela dos que sofren interdicción outórgase pola orde establecida no artigo 220.

307
a 313

CAPÍTULO IV

DA TUTELA DATIVA

231. Non habendo titor testamentario nin persoas chamadas pola lei a exercer a tutela vacante, corresponde ao consello de familia a escolla de titor en todos os casos do artigo 200.

232. O xuíz municipal que descoidar a reunión do consello de familia en calquera caso en que se deban prover de titor os menores ou incapacitados, será responsable dos danos e perdas a que der lugar a súa negligencia.

REDACCIÓN CONFORME A LEI 13/1983, DO 24 DE OUTUBRO.—«A tutela exercerase baixo a vixilancia do xuíz, que actuará de oficio, por solicitude do Ministerio Fiscal ou por instancia de calquera interesado.»

CAPÍTULO V

DO PROTITOR

233. Ao consello de familia corresponde nomear protitor cando non o nomeasen os que teñen dereito a escoller titor para os menores.

234. O titor non pode comezar o exercicio da tutela sen que fose nomeado o protitor. O que deixar de reclamar este nomeamento será removido da tutela e responderá dos danos que sufra o menor.

REDACCIÓN CONFORME A LEI 13/1983, DO 24 DE OUTUBRO.—«Para o nomeamento de titor serán preferidos:

- 1.º O cónxuxe que conviva co menor ou incapacitado.
- 2.º Os pais.
- 3.º A persoa ou persoas designadas por estes nas súas disposicións de derradeira vontade.
- 4.º O descendente, ascendente ou irmán que designe o xuíz.

Excepcionalmente, o xuíz, en resolución motivada, poderá alterar a orde do parágrafo anterior ou prescindir de todas as persoas nel mencionadas, se o beneficio do menor ou do incapacitado así o exixir.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI ORGÁNICA 1/1996, DO 15 DE XANEIRO.—«Para o nomeamento de titor serán preferidos:

- 1.º O cónxuxe que conviva co tutelado.
- 2.º Os pais.
- 3.º A persoa ou persoas designadas por estes nas súas disposicións de derradeira vontade.
- 4.º O descendente, ascendente ou irmán que designe o xuíz.

Excepcionalmente, o xuíz, en resolución motivada, poderá alterar a orde do parágrafo anterior ou prescindir de todas as persoas nel mencionadas, se o beneficio do menor ou do incapacitado así o exixir.

Considérase beneficiosa para o menor a integración na vida de familia do titor.»

235. O nomeamento de protitor non pode recaer en parente da mesma liña do titor.

236. O protitor está obrigado:

1.º A intervir o inventario dos bens do menor e a constitución da fianza do titor, cando houber lugar a ela.

2.º A sustentar os dereitos do menor, en xuízo e fóra del, sempre que estean en oposición cos intereses do titor.

3.º A chamar a atención do consello de familia sobre a xestión do titor, cando lle pareza prexudicial para a persoa ou para os intereses do menor.

4.º A promover a reunión do consello de familia para o nomeamento de novo titor, cando a tutela fiquese vacante ou abandonada.

5.º A exercer as demais atribucións que lle sinalen as leis.

O protitor será responsable dos danos e perdas que sobreveñan ao menor por omisión ou negligencia no cumprimento destes deberes.

O protitor pode asistir ás deliberacións do consello de familia e tomar parte nelas, mais non ten dereito a votar.

CAPÍTULO VI

DAS PERSOAS INHÁBILES PARA SEREN TITORES E PROTITORES, E DA SÚA REMOCIÓN

237. REDACCIÓN ORIXINARIA.—«Non poden ser titores nin protitores:

1.º Os que están suxeitos a tutela.

2.º Os que fosen penados polos delitos de roubo, furto, estafa, falsidade, corrupción de menores ou escándalo público.

3.º Os condenados a calquera pena corporal, mentres non extingan a condena.

4.º Os que fosen removidos legalmente doutra tutela anterior.

5.º As persoas de má conduta ou que non tiveren maneira de vivir coñecida.

6.º Os quebrados e concursados non rehabilitados.

7.º As mulleres, salvo os casos en que a lei as chama expresamente.

8.º Os que, ao se outorgar a tutela, teñan preito pendente co menor sobre o estado civil.

9.º Os que litiguen co menor sobre a propiedade dos seus bens, a menos que o pai ou, se for o caso, a nai, sabéndoo, dispuxesen outra cousa.

10. Os que lle deban ao menor sumas de consideración, a menos que, con coñecemento da débeda, fosen nomeados polo pai ou, se for o caso, pola nai.

11. Os parentes mencionados no parágrafo segundo do artigo 293 e o titor testamentario que non cumprisen a obrigación que o dito artigo lles impón.

12. Os relixiosos profesos.

13. Os estranxeiros que non residan en España.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI DO 24 DE ABRIL DE 1958.—«Non poden ser titores nin protitores:

307
a 313

Primeiro. Os que están suxeitos a tutela.

Segundo. Os que fosen penados polos delitos de roubo, furto, estafa, falsidade, corrupción de menores ou escándalo público.

Terceiro. Os condenados a calquera pena privativa de liberdade, mentres estean sufrindo a condena.

Cuarto. Os que fosen removidos legalmente doutra tutela anterior.

Quinto. As persoas de má conduta ou que non tiveren maneira de vivir coñecida.

Sexto. Os quebrados e concursados non rehabilitados.

Sétimo. As mulleres casadas que non obtivesen licenza do seu marido.

Oitavo. Os que, ao se outorgar a tutela, teñan preito pendente co menor sobre o estado civil.

Noveno. Os que litiguen co menor sobre a propiedade dos seus bens, a menos que o pai ou, se for o caso, a nai, sabéndoo, dispuxesen outra cousa.

Décimo. Os que lle deban ao menor sumas de consideración, a menos que, con coñecemento da débeda, fosen nomeados polo pai ou, se for o caso, pola nai.

Décimo primeiro. Os parentes mencionados no parágrafo segundo do artigo 293 e o titor testamentario que non cumprisen a obrigaón que o dito artigo lles impón.

Décimo segundo. Os relixiosos profesos.

Décimo terceiro. Os estranxeiros que non residan en España.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI 14/1975, DO 2 DE MAIO.—«Non poden ser titores nin protitores:

1.º Os que están suxeitos a tutela.

2.º Os que fosen penados polos delitos de roubo, furto, receptación, estafa, falsidade, corrupción de menores, abandono de familia ou escándalo público.

3.º Os condenados a calquera pena privativa de liberdade, mentres estean sufrindo a condena.

4.º Os que fosen removidos legalmente doutra tutela anterior.

5.º As persoas de má conduta ou que non tiveren maneira de vivir coñecida.

6.º Os quebrados e concursados non rehabilitados.

7.º Os que, ao se outorgar a tutela, teñan preito pendente co menor sobre o estado civil.

8.º Os que litiguen co menor sobre a propiedade dos seus bens, a menos que o pai ou, se for o caso, a nai, sabéndoo, dispuxesen outra cousa.

9.º Os que lle deben ao menor sumas de consideración, a menos que, con coñecemento da débeda, fosen nomeados polo pai ou, se for o caso, pola nai.

10. Os parentes mencionados no parágrafo segundo do artigo 293 e o titor testamentario que non cumprisen a obrigación que o dito artigo lles impón.

11. Os relixiosos profesos.

12. Os estranxeiros que non residan en España.»

238. Serán removidos da tutela:

1.º Os que, despois de outorgada esta, incidan nalgún dos casos de incapacidade que mencionan os números 1.º, 2.º, 3.º, 4.º, 5.º, 6.º, 8.º, 12 e 13 do artigo precedente.

2.º Os que se inxiran na administración da tutela sen teren reunido o consello de familia e pedido o nomeamento do protitor, ou sen teren prestado a fianza cando deban constituíla, e inscrito a hipotecaria.

3.º Os que non formalicen o inventario no prazo e da maneira establecida pola lei, ou non o fagan con fidelidade.

4.º Os que se conduzan mal no desempeño da tutela.

239. O consello de familia non poderá declarar a incapacidade dos titores e protitores, nin acordar a súa remoción, sen citalos e oflos, se se presentaren.

REDACCIÓN CONFORME A LEI 13/1983, DO 24 DE OUTUBRO.—«Se se tratar dun menor acollido en establecemento público, a tutela poderá ser atribuída ao director do establecemento.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI 21/1987, DO 11 DE NOVIEMBRE.—«A tutela dos menores desamparados corresponde por lei á entidade a que se refire o artigo 172.

Procederase, no entanto, ao nomeamento de titor conforme as regras ordinarias, cando existan persoas que, polas súas relacións co menor ou por outras circunstancias, poidan asumir a tutela con beneficio para este.»

240. Declarada a incapacidade, ou acordada a remoción polo consello de familia, entenderase consentido o acordo, e procederase a prover a tutela vacante, cando o titor non formule a súa reclamación ante os tribunais dentro dos quince días seguintes a aquel en que se lle comunicase a resolución.

241. Cando o titor promova contenda xudicial litigará o consello a expensas do menor; mais poderán ser persoalmente condenados en custas os vogais, de teren procedido con notoria malicia.

242. Cando a resolución do consello de familia sexa favorable ao titor e fose adoptada por unanimidade, non se admitirá recurso ningún contra ela.

243. Se por causa de incapacidade non entrar o titor no exercicio do seu cargo, o consello de familia proverá aos coidados da tutela mentres se resolve definitivamente sobre o impedimento.

Se o titor tiver xa entrado no exercicio do cargo, e o consello de familia declarar a incapacidade ou acordar a remoción do titor, as determinacións que adopte para prover aos coidados da tutela, no caso

de promoverse litixio, non se poderán executar sen a aprobación xudicial previa.

CAPÍTULO VII

DAS ESCUSAS DE TUTELA E PROTUTELA

244. REDACCIÓN ORIXINARIA.—«Pódense escusar da tutela e protutela:

- 1.º Os ministros da Coroa.
- 2.º Os presidentes dos corpos colexisladores, do Consello de Estado, do Tribunal Supremo, do Consello Supremo de Guerra e Mariña, e do Tribunal de Contas do Reino.
- 3.º Os arcebispos e bispos.
- 4.º Os maxistrados, xuíces e funcionarios do Ministerio Fiscal.
- 5.º Os que exerzan autoridade que dependa inmediatamente do Goberno.
- 6.º Os militares en servizo activo.
- 7.º Os eclesiásticos que teñan cura de almas.
- 8.º Os que tiveren baixo a súa potestade cinco fillos lexítimos.
- 9.º Os que foren tan pobres que non poidan atender á tutela sen menoscabo da súa subsistencia.
10. Os que polo mal estado habitual da súa saúde, ou por non saberen ler nin escribir, non puideren cumprir ben os deberes do cargo.
11. Os maiores de sesenta anos.
12. Os que foren xa titores ou protitores doutra persoa.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI DO 24 DE ABRIL DE 1958.—«Pódense escusar da tutela e protutela:

- 1.º Os ministros do Goberno da Nación.
- 2.º O presidente das Cortes, do Consello de Estado, do Tribunal Supremo, do Consello Supremo de Xustiza Militar, do Tribunal de Contas do Reino e do Consello de Economía Nacional.
- 3.º Os eclesiásticos.
- 4.º Os maxistrados, xuíces e funcionarios do Ministerio Fiscal.
- 5.º Os que exerzan autoridade que dependa inmediatamente do Goberno.
- 6.º Os militares en servizo activo.
- 7.º As mulleres, en todo caso.
- 8.º Os que tiveren baixo a súa potestade cinco ou máis fillos lexítimos.
- 9.º Os que foren tan pobres que non poidan atender á tutela sen menoscabo da súa subsistencia.
10. Os que polo mal estado habitual da súa saúde, ou pola súa deficiente instrución, non puideren cumprir ben os deberes do cargo.
11. Os maiores de sesenta anos.
12. Os que foren xa titores ou protitores doutra persoa.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI 14/1975, DO 2 DE MAIO.—«Pódense escusar da tutela e protutela:

- 1.º Os ministros do Goberno da Nación.
- 2.º O presidente das Cortes, do Consello de Estado, do Tribunal Supremo, do Consello Supremo de Xustiza Militar, do Tribunal de Contas do Reino e do Consello de Economía Nacional.
- 3.º Os eclesiásticos.
- 4.º Os maxistrados, xuíces e funcionarios do Ministerio Fiscal.
- 5.º Os que exerzan autoridade que dependa inmediatamente do Goberno.
- 6.º Os militares en servizo activo.
- 7.º Os que tiveren cinco ou máis fillos.
- 8.º Os que non poidan atender á tutela sen menoscabo da súa subsistencia.
- 9.º Os que, polo mal estado habitual da súa saúde, ou pola súa deficiente instrución, non puideren cumprir ben os deberes do cargo.
10. Os maiores de sesenta anos.
11. Os que foren xa titores ou protitores doutra persoa.»

245. Os que non foren parentes do menor ou incapacitado non estarán obrigados a aceptar a tutela se no territorio do tribunal que a outorga existiren parentes dentro do sexto grao que poidan desempeñar aquel cargo.

246. Os escusados poden, por petición do titor ou protitor, ser compelidos a admitir a tutela logo de ter cesado a causa da exención.

247. Non será admisible a escusa que non fose alegada ante o consello de familia na reunión dedicada a constituír a tutela.

Se o titor non concorrese á reunión do consello nin tivese antes noticia do seu nomeamento, deberá alegar a escusa dentro dos dez días seguintes a aquel en que este lle fose notificado.

REDACCIÓN CONFORME A LEI 13/1983, DO 24 DE OUTUBRO. «Serán removidos da tutela os que, despois de outorgada, incorran en causa legal de inhabilidade ou se conduzan mal no desempeño da tutela, por incumprimento dos deberes propios do cargo ou por notoria ineptitude no seu exercicio.»

248. Se as causas de exención foren posteriores á aceptación da tutela, o termo para alegalas comezarse a contar desde o día en que o titor tivese coñecemento delas.

REDACCIÓN CONFORME A LEI 13/1983, DO 24 DE OUTUBRO.—«O xuíz, de oficio ou por solicitude do Ministerio Fiscal ou de persoa interesada, decretará a remoción do titor, precedendo audiencia deste, se, citado, comparecer.»

249. As resolucións en que o consello de familia desestime as escusas poderán ser impugnadas ante os tribunais no termo de quince días.

O acordo do consello de familia será sostido por este ás expensas do menor; mais, se for confirmado, deberá condenarse en custas o que promoveuse a contenda.

250. Durante o xuízo de escusa, o que a propoña estará obrigado a exercer o seu cargo. Non o facendo así, o consello de familia nomeará persoa que o substitúa, ficando o substituído responsable da xestión do substituto se for rexeitada a escusa.

**307
a 313**

251. O titor testamentario que se escuse da tutela perderá o que voluntariamente lle deixase o que o nomeou.

CAPÍTULO VIII

DO AFIANZAMENTO DA TUTELA

252. O titor, antes de que se lle outorgue o cargo, prestará fianza para asegurar o bo resultado da súa xestión.

253. A fianza deberá ser hipotecaria ou pignoratícia.

Só se admitirá a persoal cando for imposible constituír algunha das anteriores. A garantía que presten os fiadores non impedirá a adopción de todas as determinacións útiles para a conservación dos bens do menor ou incapacitado.

254. A fianza deberá asegurar:

- 1.º O importe dos bens mobles que entren en poder do titor.
- 2.º As rendas ou produtos que durante un ano renderen os bens do menor ou incapacitado.
- 3.º As utilidades que durante un ano poida percibir o menor de calquera empresa mercantil ou industrial.

255. Contra os acordos do consello de familia que sinalen a contía, ou fagan a cualificación da fianza, poderá o titor recorrer aos tribunais, mais non entrará en posesión do seu cargo sen ter prestado a que se lle exixa.

256. Mentres se constitúe a fianza, o protitor exercerá os actos administrativos que o consello de familia crea indispensables para a conservación dos bens e percepción dos seus produtos.

257. A fianza hipotecaria será inscrita no rexistro da propiedade. A pignoratícia constituirase depositando os efectos ou valores nos establecementos públicos destinados a este fin.

258. Deberán pedir a inscrición ou o depósito:

- 1.º O titor.
- 2.º O protitor.
- 3.º Calquera dos vogais do consello de familia.

Os que omitiren esta dilixencia serán responsables dos danos e perdas.

259. A fianza poderase aumentar ou diminuír durante o exercicio da tutela, segundo as vicisitudes que experimenten os bens do menor ou incapacitado e os valores en que aquela estea constituída.

Non se poderá cancelar totalmente a fianza até que, aprobadas as contas da tutela, o titor extinguiuse todas as responsabilidades da súa xestión.

260. Están exentos da obrigación de afianzar a tutela:

1.º O pai, a nai e os avós nos casos en que son chamados á tutela dos seus descendentes.

2.º O titor testamentario relevado polo pai ou pola nai, se for o caso, desta obrigación. Esta excepción cesará cando, con posterioridade ao seu nomeamento, sobreveñan causas ignoradas polo testador que fagan indispensable a fianza a xuízo do consello de familia.

3.º O titor nomeado con relevamento de fianza por estraños que instituísen herdeiro o menor ou incapaz ou deixándolle manda de importancia. Neste caso, a extensión ficará limitada aos bens ou rendas en que consista a herdanza ou o legado.

REDACCIÓN CONFORME A LEI 13/1983, DO 24 DE OUTUBRO.—«O xuíz poderá exixir ao titor a constitución de fianza que asegure o cumprimento das súas obrigacións e determinará a modalidade e contía dela.»

CAPÍTULO IX

DO EXERCICIO DA TUTELA

261. O consello de familia porá en posesión os titores e os protitores.

262. O titor representa o menor ou incapacitado en todos os actos civís, salvo aqueles que por disposición expresa da lei poidan executar por sí sós.

263. Os menores ou incapacitados suxeitos a tutela deben respecto a obediencia ao titor. Este poderaos corrixir moderadamente.

264. O titor está obrigado:

1.º A alimentar e educar o menor ou incapacitado consonte a súa condición e con estrita suxeición ás disposicións dos seus pais, ou ás que, na falta destes, adoptase o consello de familia.

2.º A procurar, por cantos medios proporcione a fortuna do louco, demente ou xordomudo, que estes adquiren ou recobren a súa capacidade.

3.º A facer inventario dos bens a que se estenda a tutela dentro do termo que para o efecto lle sinale o consello de familia.

4.º A administrar os bens dos menores ou incapacitados coa dilixencia dun bo pai de familia.

5.º A solicitar oportunamente a autorización do consello de familia para todo o que non poida realizar sen ela.

6.º A procurar a intervención do protitor en todos os casos en que a lei a declara necesaria.

265. O inventario farase con intervención do protitor e con asistencia de dúas testemuñas elixidas polo consello de familia. Este decidirá, segundo a importancia dos bens, se deberá ademais autorizar o acto algún notario.

266. As alfaías, mobles preciosos, efectos públicos e valores mercantís ou industriais que, a xuízo do consello de familia, non deban estar en poder do titor, serán depositados nun establecemento destinado a este fin.

Os demais mobles e os semoventes, se non estiveren taxados, serán valorados por peritos que designe o consello de familia.

267. O titor que, requirido para o efecto por notario, polo protitor ou polas testemuñas, non inscribíse no inventario os créditos que teña contra o menor, entenderase que os renuncia.

268. Cando acerca da pensión alimenticia do menor ou incapacitado nada resolverse o testamento da persoa que fixo o nomeamento de titor, o consello de familia, en vista do inventario, decidirá a parte de rendas ou produtos que deba investirse naquela atención.

Esta resolución pode modificarse a medida que aumente ou diminúa o patrimonio dos menores ou incapaces, ou cambie a situación destes.

REDACCIÓN CONFORME A LEI 13/1983, DO 24 DE OUTUBRO.— Os suxeitos a tutela deben respecto e obediencia ao titor. Os titores poderán, no exercicio do seu cargo, pedir o auxilio da autoridade. Tamén poderán corrixir os menores razoable e moderadamente.

269. O titor precisa autorización do consello de familia:

1.º Para impor ao menor os castigos de que tratan o número 2.º do artigo 155 e o artigo 156.

2.º Para dar ao menor unha carreira ou oficio determinado cando isto non fose resolto polos pais, e para modificar as disposicións que estes adoptasen.

3.º Para recluír o incapaz nun establecemento de saúde, a menos que a tutela estea desempeñada polo pai, a nai ou algún fillo.

4.º Para continuar o comercio ou a industria a que o incapacitado ou os seus ascendentes ou os do menor estivesen dedicados.

5.º Para allear ou gravar bens que constitúan o capital dos menores ou incapaces, ou facer contratos ou actos suxeitos a inscrición.

6.º Para colocar o diñeiro sobranse en cada ano despois de cubertas as obrigacións da tutela.

7.º Para proceder á división da herdanza ou doutra cousa que o menor ou incapacitado posuía en común.

8.º Para retirar da súa colocación calquera capital que produza xuros.

9.º Para dar e tomar diñeiro a préstamo.

10. Para aceptar sen beneficio de inventario calquera herdanza, ou para repudiar esta ou as doazóns.

11. Para facer gastos extraordinarios nos predios cuxa administración comprenda a tutela.

12. Para transixir e comprometer en árbitros as cuestións en que o menor ou incapacitado estiver interesado.

13. Para promover demandas en nome dos suxeitos a tutela e para soste os recursos de apelación e casación contra as sentenzas en que fosen condenados.

Exceptúanse as demandas e recursos nos xuízos verbais.

270. O consello de familia non poderá autorizar o titor para allear ou gravar os bens do menor ou incapacitado senón por causas de necesidade ou utilidade, que o titor fará constar debidamente.

A autorización recaerá sobre cousas determinadas.

271. O consello de familia, antes de conceder autorización para gravar bens inmobles ou constituír dereitos reais a favor de terceiros, poderá oír previamente o ditame de peritos sobre as condicións do gravame e a posibilidade de as mellorar.

REDACCIÓN CONFORME A LEI 13/1983, DO 24 DE OUTUBRO.—«O titor precisará autorización xudicial:

1.º Para internar o tutelado nun establecemento de saúde mental ou de educación ou formación especial.

2.º Para allear ou gravar bens inmobles, establecementos mercantís ou industriais, obxectos preciosos e valores mobiliarios dos menores ou incapacitados, ou celebrar contratos ou realizar actos susceptibles de inscrición. Exceptúase a venda do dereito de subscripción preferente de accións.

3.º Para renunciar dereitos, ben como transixir ou someter a arbitraje cuestións en que o tutelado estiver interesado.

4.º Para realizar a partilla da herdanza ou a división dunha cousa común, as cales, unha vez practicadas, requirirán ademais a aprobación xudicial.»

272. Cando se trate de bens inmobles, de dereitos inscricibles, ou de alfaias ou mobles cuxo valor exceda 4.000 pesetas, o alleamento farase en poxa pública con intervención do titor ou protitor.

Os valores bursátiles, así os públicos como os mercantís ou industriais, serán vendidos por axente de bolsa ou corredor de comercio.

REDACCIÓN CONFORME A LEI 13/1983, DO 24 DE OUTUBRO. «Tamén precisará o titor autorización xudicial:

1.º Para aceptar sen beneficio de inventario calquera herdanza ou para repudiar esta ou as liberalidades.

2.º Para facer gastos extraordinarios nos bens.

3.º Para promover demanda en nome dos suxeitos a tutela, salvo nos asuntos urxentes ou de escasa contía.

4.º Para ceder bens en arrendamentos suxeitos a prórroga forzosa.

5.º Para dar e tomar diñeiro a préstamo.

6.º Para dispor a título gratuito de bens ou dereitos do tutelado, salvo autorización xudicial.

7.º Para ceder a terceiros os créditos que o tutelado teña contra el ou adquirir a título oneroso os créditos de terceiros contra o tutelado, salvo autorización xudicial en calquera dos dous casos.»

273. O titor responde dos xuros legais do capital do menor cando, pola súa omisión ou negligencia, ficar improdutivo ou sen emprego.

REDACCIÓN CONFORME A LEI 13/1983, DO 24 DE OUTUBRO. «Antes de autorizar calquera dos actos comprendidos nos artigos precedentes, o xuíz oír o Ministerio Fiscal e mais o tutelado se for maior de doce anos ou o considerar oportuno, e pedirá os informes que lle sexan solicitados ou considere pertinentes.»

274. A autorización para transixir ou comprometer en árbitros deberá ser pedida por escrito en que o titor exprese todas as condicións e vantaxes da transacción.

O consello de familia poderá oír o ditame dun ou máis letrados, segundo a importancia do asunto, e concederá ou negará a autorización. Se a outorgar, farao constar na acta.

**307
a 313**

275. Prohíbese aos titores:

1.º Doar ou renunciar cousas ou dereitos pertencentes ao menor ou incapacitado.

As doazóns que por causa de casamento fixeren os menores con aprobación das persoas que deban prestar o seu consentimento para o casamento, serán válidas sempre que non excedan o límite sinalado pola lei.

2.º Cobrar dos debedores do menor ou incapacitado, sen intervención do protitor, cantidades superiores a 5.000 pesetas, a non ser que procedan de xuros, rendas ou froitos.

A paga feita sen este requisito só aproveitará aos debedores cando xustifiquen que a cantidade percibida se investiu en utilidade do menor ou incapacitado.

3.º Pagar, sen intervención do protitor, os créditos que lle correspondan.

4.º Comprar por si, ou por medio doutra persoa, os bens do menor ou incapacitado, a menos que expresamente fose autorizado para isto polo consello de familia.

276. O titor ten dereito a unha retribución sobre os bens do menor ou incapacitado.

Cando esta non fose fixada polos que nomearon o titor testamentario, ou cando se trate de titores lexítimos ou dativos, o consello de familia fixaraa tendo en conta a importancia do capital e o traballo que debe proporcionar a súa administración.

En ningún caso baixará a retribución do 4, nin excederá o 10 por 100 das rendas ou produtos líquidos dos bens.

Contra o acordo en que se fixe a retribución do titor poderá este recorrer aos tribunais.

277. Se o consello de familia sostiver o seu acordo, litigará ás expensas do menor ou incapacitado.

278. REDACCIÓN ORIXINARIA.—«Conclúe a tutela:

1.º Por chegar o menor á idade de vinte e tres anos, pola habilitación de idade e por adopción.

2.º Por ter cesado a causa que a motivou, cando se trata de incapacidades, suxeitos a interdicción ou pródigos.»

REDACCIÓN CONFORME O REAL DECRETO LEI 33/1978, DO 16 DE NOVIEMBRE.—«Conclúe a tutela:

1.º Por chegar o menor á idade de dezoito anos, pola habilitación de idade e por adopción.

2.º Por ter cesado a causa que a motivou, cando se trata de incapacidades, suxeitos a interdicción ou pródigos.»

CAPÍTULO X

DAS CONTAS DA TUTELA

279. O parente colateral do menor ou incapacitado, e o estraño que non obtivese o cargo de titor coa asignación de froitos por alimentos, renderán ao consello de familia contas anuais da súa xestión.

Estas contas, examinadas polo protitor e censuradas polo consello, serán depositadas na secretaría do tribunal onde se rexistrase a tutela.

Se o titor non se conformar coa resolución do consello, poderá recorrer aos tribunais, perante os cales os intereses do menor ou incapacitado serán defendidos polo protitor.

280. O titor que sexa substituído por outro estará obrigado, e o mesmo os seus herdeiros, a render conta xeral da tutela ao que o substitúa, cuxa conta será examinada e censurada na forma que establece o artigo precedente. O novo titor será responsable perante o menor dos danos e perdas, se non pedir e tomar as contas do seu antecesor.

281. Acabada a tutela, o titor ou os seus herdeiros están obrigados a dar conta da súa administración a aquel que estivese sometido a aquela, ou aos seus representantes ou habentes dereito.

282. As contas xerais da tutela serán censuradas e sometidas a informe do consello de familia dentro dun prazo que non excederá os seis meses.

283. As contas deben ir acompañadas dos seus documentos xustificativos. Soamente se poderá escusar a xustificación dos gastos miúdos dos que un dilixente pai de familia non adoita recoller recibos.

284. Os gastos da rendición de contas correrán a cargo do menor ou incapacitado.

285. Até pasados quince días despois da rendición de contas xustificadas non poderán os habentes causa do menor, ou este, se xa for maior, celebrar co titor ningún convenio que se relacione coa xestión da tutela.

O consello de familia, sen prexuízo dos acordos que pasado este prazo poidan facer os interesados, deberá denunciar ante os tribunais calquera delito que fose cometido polo titor no exercicio da tutela.

286. O saldo que das contas xerais resultar a favor ou en contra do titor producirá xuro legal.

No primeiro caso, desde que o menor sexa requirido para o pagamento, despois de entrega dos seus bens.

No segundo, desde a rendición de contas se foron dadas dentro do termo legal e, se non, desde que este expire.

287. As accións que reciprocamente asistan o titor e o menor por razón do exercicio da tutela extínguense aos cinco anos de concluída esta.

CAPÍTULO XI

DO REXISTRO DAS TUTELAS

288. Nos xulgados de primeira instancia haberá un ou varios libros onde se tome razón das tutelas constituídas durante o ano no respectivo territorio.

289. Estes libros estarán baixo o coidado dun secretario xudicial, o cal fará os asentos gratuitamente.

290. O rexistro de cada tutela deberá conter:

1.º O nome, apelido, idade e domicilio do menor ou incapaz, e a extensión e límite da tutela, cando fose xudicialmente declarada a incapacidade.

2.º O nome, apelido, profesión e domicilio do titor e a expresión de se é testamentario, lexítimo ou dativo.

3.º O día en que fose deferida a tutela e prestada a fianza exixida ao titor, expresando, se for o caso, a clase de bens en que a constituíse.

4.º A pensión alimenticia que se asignase ao menor ou incapaz ou a declaración de que se compensaron froitos por alimentos.

291. Ao pé de cada inscrición farase constar, ao comezar o ano xudicial, se o titor rendeu contas da súa xestión no caso de que estea obrigado a dalas.

292. Os xuíces examinarán anualmente estes rexistros e adoptarán as determinacións necesarias en cada caso para defender os intereses das persoas suxeitas a tutela.

TÍTULO X

Do consello de familia

Sección primeira.—Da formación do consello de familia

293. Se o Ministerio Público ou o xuíz municipal tiveren coñecemento de que existe no territorio da súa xurisdición algunha das persoas a que se refire o artigo 200, pedirá o primeiro e ordenará o segundo, de oficio ou por iniciativa fiscal, segundo os casos, a constitución do consello de familia.

Están obrigados a pór en coñecemento do xuíz municipal o feito que dá lugar á tutela no momento en que o soubesen o titor testamentario, os parentes chamados á tutela lexítima e os que por lei son vogais do consello, ficando responsables, se non o fixeren, da indemnización de danos e perdas.

O xuíz municipal citará as persoas que deban formar o consello de familia, facéndolles saber o obxecto da reunión e o día, hora e sitio en que debe ter lugar.

294. REDACCIÓN ORIXINARIA.—«O consello de familia comporase das persoas que o pai, ou a nai, se for o caso, designasen no seu testamento, e, na súa falta, dos ascendentes e descendentes homes, e dos irmáns e maridos das irmás vivas do menor ou incapacitado, calquera que sexa o seu número. Se non chegaren a cinco, completárase este número cos parentes homes máis próximos de ambas as liñas paterna e materna; e, se non os houber ou non estiveren obrigados a formar parte do consello, o xuíz municipal nomeará no seu lugar persoas honradas, preferindo os amigos dos pais do menor ou incapacitado.

Se non houber ascendentes, descendentes, irmáns e maridos das irmás vivas, o xuíz municipal constituirá o consello cos cinco parentes homes máis próximos do menor ou incapacitado, e cando non houber parentes en todo ou en parte, suplíraos con persoas honradas, preferindo sempre os amigos dos pais.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI DO 24 DE ABRIL DE 1958.—«O consello de familia comporase das persoas que o pai ou a nai, se for o caso, designasen no seu testamento e, na súa falta, dos ascendentes e descendentes e dos irmáns do menor ou incapacitado, calquera que sexa o seu número e sexo. Se non chegaren a cinco, completárase cos parentes máis próximos; e, se non os houber, ou non estiveren obrigados a formar parte do consello, o xuíz nomeará no seu lugar persoas honradas, preferindo os amigos dos pais do menor ou incapacitado.

Se non houber ascendentes, descendentes e irmáns, o xuíz constituirá o consello cos cinco parentes máis próximos do menor ou incapacitado, e cando non houber parentes en todo ou en parte, suplíraos con outras persoas honradas, preferindo os amigos dos pais.»

295. REDACCIÓN ORIXINARIA.—«En igualdade de grao, será preferido para o consello de familia o parente de máis idade.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI DO 24 DE ABRIL DE 1958.—«Para o consello de familia será preferido o grao máis próximo ao máis remoto; en igualdade de grao, o home á muller, e en igualdade de grao e sexo, a persoa de máis idade.»

296. Os tribunais poderán emendar a nulidade que resulte da inobservancia dos artigos anteriores, se non se deber ao dolo nin causar prexuízo á persoa ou bens do suxeito a tutela, mais reparando o erro cometido na formación do consello.

297. Non poderán ser obrigados a formar parte do consello de familia os parentes do menor ou incapacitado chamados pola lei que non residiren dentro do raio de 30 quilómetros do xulgado en que radique a tutela; mais serán vogais do consello se voluntariamente se prestan a aceptar o cargo, para o cal debe citalos o xuíz municipal.

298. As causas que escusan, inhabilitan e dan lugar á remoción dos titores e protitores son aplicables aos vogais do consello de familia. Non poderán tampouco ser vogais as persoas a que o pai, ou a nai, se for o caso, tivesen excluído no seu testamento deste cargo.

299. O titor e o protitor non poderán ser á vez vogais do consello de familia.

300. A xunta, para a formación do consello de familia, será presidida polo xuíz municipal. Os citados están obrigados a comparecer persoalmente ou por medio de apoderado especial, que nunca poderá representar máis que unha soa persoa. Se non compareceren, o xuíz poderalles impor unha multa que non exceda as 50 pesetas.

REDACCIÓN CONFORME A LEI 13/1983, DO 24 DE OUTUBRO.—«O xuíz, en procedemento de xurisdición voluntaria, de oficio ou por petición do Ministerio Fiscal, titor, curador ou de calquera outra persoa capaz de

comparecer en xuízo, nomeará defensor a quen considere máis idóneo para o cargo.»

**307
a 313**

301. Formado o consello de familia polo xuíz municipal, procederá aquel a ditar todas as medidas necesarias para atender a persoa e bens do menor ou incapacitado e constituír a tutela.

302. REDACCIÓN ORIXINARIA.—«O consello de familia para os fillos naturais constituirase baixo as mesmas regras que o dos fillos lexítimos, mais nomeando vogais aos parentes do pai ou nai que recoñecese aqueles.

O dos demais fillos ilexítimos formarase co fiscal municipal, que será presidente, e catro veciños honrados.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI 11/1981, DO 13 DE MAIO.—«O consello de familia para os fillos non matrimoniais constituirase baixo as mesmas regras que o dos fillos matrimoniais, mais nomeando vogais aos parentes do pai ou nai legalmente coñecidos.

Se a filiación non está determinada, o consello formarase co fiscal do distrito, que será presidente, e catro veciños honrados.»

303. A administración de cada establecemento de beneficencia terá sobre os orfos menores acollidos todas as facultades que corresponden aos titores e ao consello de familia.

Sección segunda.—Da maneira de proceder o consello de familia

304. Será presidente do consello o vogal que escolleren os demais. Corresponde ao presidente:

1.º Reunir o consello cando lle pareza conveniente ou o pidan os vogais ou o titor ou o protitor, e presidir as súas deliberacións.

2.º Redactar e fundar os seus acordos, facendo constar a opinión de cada un dos vogais e que estes autoricen a acta coa súa sinatura.

3.º Executar os acordos.

305. O consello de familia non poderá adoptar resolución sobre os puntos que lle foren sometidos sen que estean presentes, polo menos, tres vogais.

Os acordos tomaranse sempre por maioría de votos.

O voto do presidente decidirá en caso de empate.

306. Os vogais do consello de familia están obrigados a asistir ás reunións deste a que sexan convocados. Se non asistiren nin alegaren escusa lexítima, o presidente do consello porao en coñecemento do xuíz municipal, quen poderá imporlles unha multa que non exceda as 50 pesetas.

307. Ningún vogal do consello de familia asistirá á súa reunión, nin emitirá o seu voto, cando se trate de negocio en que teñan interese el, os seus descendentes, ascendentes ou consorte; mais poderá ser oído, se o consello o considera conveniente.

308. O titor e o protitor teñen obrigación de asistir ás reunións do consello de familia, mais sen voto, cando foren citados. Tamén poderán asistir sempre que o consello se reúna pola súa instancia.

Ten dereito a asistir e ser oído o suxeito a tutela sempre que sexa maior de catorce anos.

309. O consello de familia coñecerá dos negocios que sexan da súa competencia conforme as disposicións deste código.

310. Contra as decisións do consello de familia poden apelar ante o xuíz de primeira instancia os vogais que disentsen da maioría ao votarse o acordo, ben como tamén o titor, o protitor ou calquera parente do menor ou outro interesado na decisión, salvo o caso do artigo 242.

311. Ao terminar a tutela e disolverse por consecuencia o consello de familia, entregaralle este ao que estivese suxeito a tutela, ou a quen represente os seus dereitos, as actas das súas sesións.

312. Os vogais do consello de familia son responsables dos danos que pola súa malicia ou negligencia culpable sufra o suxeito a tutela.

Eximiranse desta responsabilidade os vogais que disentsen do acordo que causou o prexuízo.

313. O consello de familia disólvese nos mesmos casos en que se extingue a tutela.

TÍTULO XI

Da maior idade e da emancipación

314. A emancipación ten lugar:

- 1.º Pola maior idade.
- 2.º Polo casamento do menor.
- 3.º Por concesión dos que exerzan a patria potestade.
- 4.º Por concesión xudicial.

Redactado conforme a Lei 11/1981, do 13 de maio.

REDACCIÓN ORIXINARIA:

«TÍTULO XI

Da emancipación e da maior idade

CAPÍTULO PRIMEIRO

DA EMANCIPACIÓN

314. A emancipación ten lugar:

- 1.º Polo casamento do menor.
- 2.º Pola maior idade.
- 3.º Por concesión do pai ou da nai que exerza a patria potestade.»

315. A maior idade comeza aos dezaioito anos cumpridos. **318**

Para o cómputo dos anos da maioría de idade incluírase completo o día do nacemento.

Redactado conforme a Lei 11/1981, do 13 de maio.

REDACCIÓN ORIXINARIA.—«O casamento produce de dereito a emancipación, coas limitacións contidas no artigo 59 e na regra 3.^a do 50.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI 14/1975, DO 2 DE MAIO.—«O casamento produce de dereito a emancipación, coas limitacións contidas nos artigos 60 e 61 e na regra segunda do 50.»

316. O casamento produce de dereito a emancipación.

Redactado conforme a Lei 11/1981, do 13 de maio.

REDACCIÓN ORIXINARIA.—«A emancipación de que trata o parágrafo terceiro do artigo 314 outorgarase por escritura pública ou por comparecencia ante o xuíz municipal, que se deberá anotar no rexistro civil; entremetres non producirá efecto contra terceiros.»

317. Para que teña lugar a emancipación por concesión dos que exerzan a patria potestade, requírese que o menor teña dezaíseis anos cumpridos e que a consinta. Esta emancipación outorgarase por escritura pública ou por comparecencia ante o xuíz encargado do rexistro.

Redactado conforme a Lei 11/1981, do 13 de maio.

REDACCIÓN ORIXINARIA.—«A emancipación habilita o menor para rexer a súa persoa e bens como se for maior; mais até que chegue á maior idade non poderá o emancipado tomar diñeiro a préstamo, gravar nin vender bens inmoables sen consentimento do seu pai; na falta deste, sen o da súa nai, e por falta de ambos, sen o dun titor. Tampouco poderá comparecer en xuízo sen a asistencia das ditas persoas.»

318. A concesión de emancipación deberase inscribir no rexistro civil; entremetres non producirá efectos contra terceiros.

Concedida a emancipación, non poderá ser revogada.

Redactado conforme a Lei 11/1981, do 13 de maio.

REDACCIÓN ORIXINARIA.—«Para que teña lugar a emancipación por concesión do pai ou da nai, requírese que o menor teña dezaioito anos cumpridos e que a consinta.»

REDACCIÓN CONFORME O REAL DECRETO LEI 33/1978, DO 16 DE NOVIEMBRE.—«Para que teña lugar a emancipación por concesión do pai

ou da nai, requírese que o menor teña dezaseis anos cumpridos e que a consinta.»

319. Reputarase para todos os efectos como emancipado o fillo maior de dezaseis anos que, co consentimento dos pais, viva independentemente destes. Os pais poderán revogar este consentimento.

Redactado conforme a Lei 11/1981, do 13 de maio.

REDACCIÓN ORIXINARIA.—«Concedida a emancipación, non poderá ser revogada.»

320. O xuíz poderá conceder a emancipación dos fillos maiores de dezaseis anos, se estes a pediren e precedendo audiencia dos pais:

1.º Cando quen exerce a patria potestade contraia nupcias ou conviva maritalmente con persoa distinta do outro proxenitor.

2.º Cando os pais vivan separados.

3.º Cando concorra calquera causa que entorpeza gravemente o exercicio da patria potestade.

Redactado conforme a Lei 11/1981, do 13 de maio.

REDACCIÓN ORIXINARIA:

«CAPÍTULO II

DA MAIOR IDADE

320. A maior idade comeza aos vinte e tres anos cumpridos.

O maior de idade é capaz para todos os actos da vida civil, salvas as excepcións establecidas en casos especiais por este código.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI 31/1972, DO 22 DE XULLO.—«A maior idade comeza aos vinte e un anos cumpridos.

O maior de idade é capaz para todos os actos da vida civil, salvo as excepcións establecidas en casos especiais por este código.»

REDACCIÓN CONFORME O REAL DECRETO LEI 33/1978, DO 16 DE NOVIEMBRE.—«A maior idade comeza aos dezaioito anos cumpridos.

O maior de idade é capaz para todos os actos da vida civil, salvo as excepcións establecidas en casos especiais por este código.»

321. Tamén poderá o xuíz, precedendo informe do Ministerio Fiscal, conceder o beneficio da maior idade ao suxeito a tutela maior de dezaseis anos que o solicite.

Redactado conforme a Lei 21/1987, do 11 de novembro.

REDACCIÓN ORIXINARIA.—«A pesar do disposto no artigo anterior, as fillas de familia maiores de idade, mais menores de vinte e cinco anos, non poderán deixar a casa paterna sen licenza do pai ou da nai en cuxa compañía vivan, como non sexa para tomaren estado, ou cando o pai ou a nai contraesen posteriores vodas.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI DO 20 DE DECEMBRO DE 1952.—«A pesar do disposto no artigo anterior, as fillas de familia maiores de idade, mais menores de vinte e cinco anos, non poderán deixar a casa do pai ou da nai, en cuxa compañía vivan, máis que con licenza deles, salvo cando sexa para contraeren matrimonio ou para ingresaren nun instituto aprobado pola Igrexa, ou tamén cando o pai ou a nai contraesen posteriores nupcias, ou conorra algunha outra causa que xustifique a separación.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI 31/1972, DO 22 DE XULLO.—«Para o cómputo dos anos da maioría de idade incluírase completo o día do nacemento.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI 11/1981, DO 13 DE MAIO.—«Tamén poderá o xuíz, precedendo informe do consello de familia, conceder o beneficio da maior idade ao suxeito a tutela maior de dezaseis anos que o solicite.»

322. O maior de idade é capaz para todos os actos da vida civil, salvo as excepcións establecidas en casos especiais por este código.

Redactado conforme a Lei 11/1981, do 13 de maio.

REDACCIÓN ORIXINARIA.—«O menor de idade, orfo de pai e nai, pode obter o beneficio da maior idade por concesión do consello de familia, aprobada polo presidente da Audiencia territorial do distrito, oído o fiscal.»

323. A emancipación habilita o menor para rexer a súa persoa e bens como se for maior; mais até que chegue á maior idade non poderá o emancipado tomar diñeiro a préstamo, gravar ou allear bens inmoables e establecementos mercantís ou industriais ou obxectos de extraordinario valor sen consentimento dos seus pais e, na falta de ambos, sen o do seu curador.

O menor emancipado poderá por si só comparecer en xuízo.

O disposto neste artigo é aplicable tamén ao menor que obtívese xudicialmente o beneficio da maior idade.

Redactado conforme a Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro.

REDACCIÓN ORIXINARIA.—«Para a concesión e aprobación expresadas no artigo anterior precísase:

- 1.º Que o menor teña dezaioito anos cumpridos.

2.º Que consinta na habilitación.

3.º Que se considere conveniente para o menor.

A habilitación deberase facer constar no rexistro de tutelas e anotarse no civil.»

REDACCIÓN CONFORME O REAL DECRETO LEI 33/1978, DO 16 DE NOVIEMBRE.—«Para a concesión e aprobación expresadas no artigo anterior precísase:

1.º Que o menor teña dezaseis anos cumpridos.

2.º Que consinta na habilitación.

3.º Que se considere conveniente para o menor.

A habilitación deberase facer constar no rexistro de tutelas e anotarse no civil.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI 11/1981, DO 13 DE MAIO.—«A emancipación habilita o menor para rexer a súa persoa e bens como se for maior; mais até que chegue á maior idade non poderá o emancipado tomar diñeiro a préstamo, gravar ou allear bens inmobles e establecementos mercantís ou industriais ou obxectos de extraordinario valor sen consentimento dos seus pais, e na falta de ambos, sen o do seu titor.

O menor emancipado poderá por si só comparecer en xuízo.

O disposto neste artigo é aplicable tamén ao menor que obtivese xudicialmente o beneficio da maior idade.»

324. Para que o casado menor de idade poida allear ou gravar bens inmobles, establecementos mercantís ou obxectos de extraordinario valor que sexan comúns, basta, se é maior o outro cónxuxe, o consentimento dos dous; se tamén é menor, precisarase, ademais, o dos pais ou curadores dun e outro.

Redactado conforme a Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro.

REDACCIÓN ORIXINARIA.—«É aplicable ao menor que obtivese a habilitación de maior idade o disposto no artigo 317.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI 11/1981, DO 13 DE MAIO.—«Para que o casado menor de idade poida allear ou gravar bens inmobles, establecementos mercantís ou obxectos de extraordinario valor que sexan comúns, basta, se é maior o outro cónxuxe, o consentimento dos dous; se tamén é menor, precisarase, ademais, o dos pais ou titores dun e outro.»

TÍTULO XII

Do rexistro do estado civil

325. Os actos concernentes ao estado civil das persoas faranse constar no rexistro destinado para este efecto.

326. O rexistro do estado civil comprenderá as inscricións ou anotacións de nacementos, casamentos, emancipacións, recoñecemento e lexitimacións, defuncións, naturalizacións e veciñanza, e estará a cargo dos xuíces municipais ou outros funcionarios da orde civil en España e dos axentes consulares ou diplomáticos no estranxeiro.

327. As actas do rexistro serán a proba do estado civil, a cal só poderá ser suplida por outras no caso de non teren existido aquelas ou de teren desaparecido os libros do rexistro, ou cando perante os tribunais se suscite contenda.

328. Non será precisa a presentación do neonato ao funcionario encargado do rexistro para a inscrición do nacemento, bastando a declaración da persoa obrigada a facela. Esta declaración comprenderá todas as circunstancias exixidas pola lei; e será asinada polo seu autor, ou por dúas testemuñas a rogo seu, se non puider asinar.

329. Nos casamentos canónicos será obrigación dos contraentes facilitar ao funcionario representante do Estado que asista á súa celebración todos os datos necesarios para a súa inscrición no rexistro civil, exceptuándose os relativos ás amoestacións, os impedimentos e a súa dispensa, os cales non se farán constar na inscrición.

330. Non terán ningún efecto legal as naturalizacións en canto non aparezan inscritas no rexistro, calquera que for a proba con que se acrediten e a data en que fosen concedidas.

331. Os xuíces municipais e os de primeira instancia, se for o caso, poderán corrixir as infraccións do disposto sobre o rexistro civil, que non constitúan delito ou falta, con multa de 20 a 100 pesetas.

As sancións por estas infraccións réxense actualmente polo establecido no artigo 14 da Lei do rexistro civil, do 8 de xuño de 1957.

332. Continuará rexendo a Lei do 17 de xuño de 1870, en canto non estea modificada polos artigos precedentes.

A vixente Lei do rexistro civil é do 8 de xuño de 1957, e o seu regulamento, do 14 de novembro de 1958.

Dos bens, da propiedade e das súas modificacións**TÍTULO PRIMEIRO****Da clasificación dos bens****DISPOSICIÓN PRELIMINAR**

333. Todas as cousas que son ou poden ser obxecto de apropiación considéranse como bens mobles ou inmoables.

CAPÍTULO PRIMEIRO**DOS BENS INMOBLES**

334. Son bens inmoables:

1.º As terras, edificios, camiños e construcións de todo xénero adheridas ao solo.

2.º As árbores e plantas e os froitos pendentes, mentres estiveren unidos á terra ou formaren parte integrante dun inmoable.

3.º Todo o que estea unido a un inmoable dunha maneira fixa, de xeito que non se poida separar del sen quebrantamento da materia ou deterioración do obxecto.

4.º As estatuas, relevos, pinturas ou outros obxectos de uso ou ornamentación, colocados en edificios ou herdades polo dono do inmoable en tal forma que revele o propósito de unilos dun modo permanente ao fondo.

5.º As máquinas, vasos, instrumentos ou utensilios destinados polo propietario do predio á industria ou explotación que se realice nun edificio ou herdade, e que directamente concorran a satisfacer as necesidades da explotación mesma.

6.º Os viveiros de animais, pombais, colmeas, estanques de peixes ou criadouros análogos, cando o propietario os colocase ou os conserve co propósito de os manter unidos ao predio, e formando parte del dun modo permanente.

7.º Os fertilizantes destinados ao cultivo dunha herdade **338**
que estean nas terras onde se deban utilizar.

8.º As minas, canteiras e escouredos, mentres a súa materia permanece unida ao xacigo, e as augas correntes ou estancadas.

9.º Os diques e construcións que, aínda cando sexan flutuantes, estean destinados polo seu obxecto e condicións a permaneceren nun punto fixo dun río, lago ou costa.

10.º As concesións administrativas de obras públicas e as servidumes e demais dereitos reais sobre bens inmóbiles.

CAPÍTULO II

DOS BENS MOBLES

335. Repútanse bens móbiles os susceptibles de apropiación non comprendidos no capítulo anterior e, en xeral, todos os que se poden transportar dun punto para outro sen menoscabo da cousa inmóble a que estiveren unidos.

336. Teñen tamén a consideración de cousas móbiles as rendas ou pensións, sexan vitalicias ou hereditarias, afectas a unha persoa ou familia, sempre que non graven con carga real unha cousa inmóble, os oficios alleados, os contratos sobre servizos públicos e as cédulas e títulos representativos de préstamos hipotecarios.

337. Os bens móbiles son funxibles ou non funxibles.

Á primeira especie pertencen aqueles de que non pode facerse o uso adecuado á súa natureza sen que se consuman; á segunda especie corresponden os demais.

CAPÍTULO III

DOS BENS SEGUNDO AS PERSOAS A QUE PERTENCEN

338. Os bens son de dominio público ou de propiedade privada.

339. Son bens de dominio público:

1.º Os destinados ao uso público, como os camiños, canais, ríos, torrentes, portos e pontes construídos polo Estado, as ribeiras, praias, radas e outros análogos.

2.º Os que pertencen privativamente ao Estado, sen seren de uso común, e están destinados a algún servizo público ou ao fomento da riqueza nacional, como as murtallas, fortalezas e demais obras de defensa do territorio, e as minas, mentres que non se outorgue a súa concesión.

Véxase o artigo 132 da Constitución española do 27 de decembro de 1978.

340. Todos os demais bens pertencentes ao Estado, en que non concorran as circunstancias expresadas no artigo anterior, teñen o carácter de propiedade privada.

341. Os bens de dominio público, cando deixen de estar destinados ao uso xeral ou ás necesidades da defensa do territorio, pasan a formar parte dos bens de propiedade do Estado.

342. Os bens do patrimonio real réxense pola súa lei especial; e, no que nela non se achar previsto, polas disposicións xerais que sobre a propiedade particular se establecen neste código.

343. Os bens das provincias e das poboacións divídense en bens de uso público e bens patrimoniais.

344. Son bens de uso público, nas provincias e as poboacións, os camiños provinciais e os veciñais, as prazas, rúas, fontes e augas públicas, os paseos e obras públicas de servizo xeral, custeadas polas mesmas poboacións ou provincias.

Todos os demais bens que uns e outros posúan son patrimoniais e rexeranse polas disposicións deste código, salvo o disposto en leis especiais.

345. Son bens de propiedade privada, alén dos patrimoniais do Estado, da provincia e do municipio, os pertencentes a particulares, individual ou colectivamente.

DISPOSICIÓNS COMÚNS AOS TRES CAPÍTULOS **349** ANTERIORES

346. Cando por disposición da lei, ou por declaración individual, se use a expresión de cousas ou bens inmobles, ou de cousas ou bens mobles, entenderanse comprendidos nela, respectivamente, os enumerados no capítulo I e no capítulo II.

Cando se use unicamente a palabra mobles non se entenderán comprendidos o diñeiro, os créditos, efectos de comercio, valores, alfaías, coleccións científicas ou artísticas, libros, medallas, armas, roupas de vestir, cabalgaduras ou carruaxes e os seus arreos, grans, caldos e mercadorías, nin outras cousas que non teñan por principal destino amoblar ou alfaiar os cuartos, salvo o caso en que do contexto da lei ou da disposición individual resulte claramente o contrario.

347. Cando en venda, legado, doazón ou outra disposición en que se faga referencia a cousas mobles ou inmobles se transmita a súa posesión ou propiedade con todo o que nelas se achar, non se entenderán comprendidos na transmisión o metálico, valores, créditos e accións cuxos documentos se encontran na cousa transmitida, a non ser que conste claramente a vontade de estender a transmisión a tales valores e dereitos.

TÍTULO II

Da propiedade

CAPÍTULO PRIMEIRO

DA PROPIEDAD EN XERAL

348. A propiedade é o dereito de gozar e dispor dunha cousa, sen máis limitacións que as establecidas nas leis.

O propietario ten acción contra o tedor e o posuidor da cousa para reivindicala.

349. Ninguén poderá ser privado da súa propiedade senón por autoridade competente e por causa xustificada de utilidade pública, precedendo sempre a correspondente indemnización.

350 Se non preceder este requisito, os xuíces ampararán e, se for o caso, reintegrarán o expropiado na posesión.

350. O propietario dun terreo é dono da súa superficie e do que está debaixo dela, e pode facer nel as obras, plantacións e escavacións que lle conveñan, salvas as servidumes, e con suxeición ao disposto nas leis sobre minas e augas e nos regulamentos de policía.

351. O tesouro oculto pertence ao dono do terreo en que se achar.

No entanto, cando for feito o descubrimento en propiedade allea ou do Estado, e por casualidade, a metade aplicárase ao descubridor.

Se os efectos descubertos foren interesantes para as ciencias ou as artes, poderá o Estado adquirilos polo seu prezo xusto, que se distribuirá en conformidade co declarado.

Véxase o artigo 44 da Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español.

352. Enténdese por tesouro, para os efectos da lei, o depósito oculto e ignorado de diñeiro, alfaías ou outros obxectos preciosos cuxa lexítima pertenza non conste.

CAPÍTULO II

DO DEREITO DE ACCESIÓN

Disposición xeral

353. A propiedade dos bens dá dereito por accesión a todo o que eles producen, ou se lles une ou incorpora, natural ou artificialmente.

Sección 1.ª Do dereito de accesión respecto ao produto dos bens

354. Pertencen ao propietario:

- 1.º Os froitos naturais.
- 2.º Os froitos industriais.
- 3.º Os froitos civís.

355. Son froitos naturais as producións espontáneas da terra, e as crías e demais produtos dos animais. **361**

Son froitos industriais os que producen os predios de calquera especie como beneficio do cultivo ou do traballo.

Son froitos civís o aluguer dos edificios, o prezo do arrendamento de terras e o importe das rendas perpetuas, vitalicias ou outras análogas.

356. O que percibe os froitos ten a obrigaición de aboar os gastos feitos por un terceiro para a súa produción, recolección e conservación.

357. Non se reputan froitos naturais ou industriais senón os que están manifestos ou nacidos.

Respecto aos animais, basta que estean no ventre da súa nai, aínda que non nacesen.

Sección 2.ª Do dereito de accesión respecto aos bens inmo- bles

358. O edificado, plantado ou sementado en predios alleos, e as benfeitorías ou reparacións feitas neles, pertencen ao seu dono con suxeición ao que se dispón nos artigos seguintes.

359. Todas as obras, sementeiras e plantacións se presumen feitas polo propietario e á súa custa, mentres non se probe o contrario.

360. O propietario do solo que fixer nel, por si ou por outro, plantacións, construcións ou obras con materiais alleos, debe aboar o seu valor; e, se obrou de má fe, estará, ademais, obrigado ao resarcimento de danos e perdas. O dono dos materiais terá dereito a retiralos soamente no caso de que o poida facer sen menoscabo da obra construída, ou sen que por isto perezan as plantacións, construcións ou obras executadas.

361. O dono do terreo en que se edificar, sementar ou plantar de boa fe terá dereito a facer súa a obra, sementeira ou plantación, precedendo a indemnización establecida nos artigos 453 e 454, ou a obrigar ao que fabricou ou plantou a

362 pagarlle o prezo do terreo, e ao que sementou, a renda correspondente.

362. O que edifica, planta ou sementa de má fe en terreo alleo perde o edificado, plantado ou sementado, sen dereito a indemnización.

363. O dono do terreo en que se edificase, plantase ou sementase con má fe pode exixir a demolición da obra ou que se arrinque a plantación e sementeira, repondo as cousas ao seu estado primitivo á custa do que edificou, plantou ou sementou.

364. Cando houbese má fe, non só por parte do que edifica, sementa ou planta en terreo alleo, senón tamén por parte do dono deste, os dereitos dun e outro serán os mesmos que terían se tivesen procedido ambos de boa fe.

Enténdese haber má fe por parte do dono sempre que o feito se executase á súa vista, ciencia e paciencia, sen oporse.

365. Se os materiais, plantas ou sementes pertencen a un terceiro que non procedeu de má fe, o dono do terreo deberá responder do seu valor subsidiariamente e só no caso de que o que os empregou non teña bens con que pagar. Non terá lugar esta disposición se o propietario usa do dereito que lle concede o artigo 363.

366. Pertence aos donos das herdades confinantes coas ribeiras dos ríos o acrecentamento que aquelas reciben paulatinamente por efecto da corrente das augas.

367. Os donos das herdades confinantes con pozas ou lagoas non adquiren o terreo descuberto pola diminución natural das augas, nin perden o que estas inundan nas enchentes extraordinarias.

368. Cando a corrente dun río, regato ou torrente segrega dunha herdade da súa ribeira unha porción coñecida de terreo e a transporta a outra herdade, o dono do predio a que pertencía a parte segregada conserva a propiedade desta.

369. As árbores arrincadas e transportadas pola corrente das augas pertencen ao propietario do terreo onde vaian parar, se non as reclaman dentro dun mes os antigos donos. Se estes as reclaman, deberán aboar os gastos ocasionados en recollelas ou pólas en lugar seguro.

370. Os leitos dos ríos que fican abandonados por varíen naturalmente o curso das augas, pertencen aos donos dos terreos ribeirños en toda a lonxitude respectiva a cada un. Se o leito abandonado separaba herdades de distintos donos, a nova liña divisoria correrá equidistante dunhas e outras.

371. As illas que se forman nos mares adxacentes ás costas de España e nos ríos navegables e flotables pertencen ao Estado.

372. Cando nun río navegable e flutable, variando naturalmente de dirección, se abre un novo leito en herdade privada, este leito entrará no dominio público. O dono da herdade recobrarao sempre que as augas volvan a deixalo en seco, xa naturalmente, xa por traballos legalmente autorizados para o efecto.

373. As insuas que por sucesiva acumulación de arras tres superiores se van formando nos ríos pertencen aos donos das marxes ou beiras máis próximas a cada unha, ou aos de ambas as marxes se a insua se achar no medio do río, dividíndose entón lonxitudinalmente por metade. Se unha soa insua así formada distar dunha marxe máis que doutra, será por completo dono dela o da marxe máis próxima.

374. Cando se divide en brazos a corrente do río, deixando illada unha herdade ou parte dela, o dono desta conserva a súa propiedade. Igualmente a conserva se fica separada da herdade pola corrente unha porción de terreo.

Sección 3.^a Do dereito de accesión respecto aos bens mobles

375. Cando dúas cousas mobles, pertencentes a distintos donos, se unen de tal maneira que veñen formar unha soa

376 sen que interveña má fe, o propietario da principal adquire a accesoria indemnizando o seu valor ao anterior dono.

376. Repútase principal, entre dúas cousas incorporadas, aquela a que se uniu outra por adorno, ou para o seu uso ou perfección.

377. Se non pode determinarse pola regra do artigo anterior cal das dúas cousas incorporadas é a principal, reputarase tal o obxecto de máis valor, e entre dous obxectos de igual valor, o de maior volume.

Na pintura e escultura, nos escritos, impresos, gravados e litografías, considerarase accesoria a táboa, o metal, a pedra, o lenzo, o papel ou o pergamiño.

378. Cando as cousas unidas poden separarse sen detrimento, os donos respectivos poden exixir a separación.

No entanto, cando a cousa unida para o uso, embeleceamento ou perfección doutra, é moito máis preciosa que a cousa principal, o dono daquela pode exixir a súa separación, aínda que sufra algún detrimento a outra á cal se incorporou.

379. Cando o dono da cousa accesoria fixo a súa incorporación de má fe, perde a cousa incorporada e ten a obriga-
ción de indemnizar ao propietario da principal os prexuízos que sufrise.

Se o que procedeu de má fe for o dono da cousa principal, o que o sexa da accesoria terá dereito a optar entre que aquel lle pague o seu valor ou que a cousa da súa pertenza se separe, aínda que para isto haxa que destruír a principal; e en ambos os casos, ademais, haberá lugar á indemnización de danos e perdas.

Se calquera dos donos fixo a incorporación á vista, ciencia e paciencia e sen oposición do outro, determinaranse os dereitos respectivos na forma disposta para o caso de ter obrado de boa fe.

380. Sempre que o dono da materia empregada sen o seu consentimento teña dereito a indemnización, pode exixir que esta consista na entrega dunha cousa igual en especie e

valor, e en todas as súas circunstancias, á empregada, ou ben **384**
no prezo dela, segundo taxación pericial.

381. Se por vontade dos seus donos se mesturaren dúas cousas de igual ou diferente especie, ou se a mestura se verificar por casualidade, e neste último caso as cousas non foren separables sen detrimento, cada propietario adquirirá un dereito proporcional á parte que lle corresponda, atendido o valor das cousas mesturadas ou confundidas.

382. Se por vontade dun só, mais con boa fe, se mesturaren ou confundiren dúas cousas de igual ou diferente especie, os dereitos dos propietarios determinaranse polo disposto no artigo anterior.

Se o que fixo a mestura ou confusión obrou de má fe, perderá a cousa da súa pertenza mesturada ou confundida, ademais de ficar obrigado á indemnización dos prexuízos causados ao dono da cousa con que fixo a mestura.

383. O que de boa fe empregou materia allea en todo ou en parte para formar unha obra de nova especie, fará súa a obra indemnizando o valor da materia ao dono desta.

Se esta for máis preciosa que a obra en que se empregou ou superior en valor, o dono dela poderá, á súa escolla, ficar coa nova especie, precedendo indemnización do valor da obra, ou pedir indemnización da materia.

Se na formación da nova especie interveu má fe, o dono da materia ten dereito de ficar coa obra sen pagar nada ao autor, ou de exixir deste que lle indemnice o valor da materia e os prexuízos que se lle causasen.

CAPÍTULO III

DO DESLINDAMENTO E MARCAXE

384. Todo propietario ten dereito a deslindar a súa propiedade, con citación dos donos dos predios estremeiros.

A mesma facultade corresponderá aos que teñan dereitos reais.

385. O deslindamento farase en conformidade cos títulos de cada propietario e, na falta de títulos suficientes, polo que resultar da posesión en que estiveren os estremeiros.

386. Se os títulos non determinaren o límite ou área pertencente a cada propietario, e a cuestión non se puiden resolver pola posesión ou por outro medio de proba, o deslindamento farase distribuíndo o terreo obxecto da contenda en partes iguais.

387. De os títulos dos estremeiros indicaren un espazo maior ou menor do que comprende a totalidade do terreo, o aumento ou a falta distribuirase proporcionalmente.

CAPÍTULO IV

DO DEREITO DE CERRAR OS PREDIOS RÚSTICOS

388. Todo propietario poderá cerrar ou valar as súas herdades por medio de paredes, gabias, sebes vivas ou mortas, ou de calquera outro modo, sen prexuízo das servidumes constituídas sobre elas.

CAPÍTULO V

DOS EDIFICIOS RUINOSOS E DAS ÁRBORES QUE AMEAZAN CAER

389. Se un edificio, parede, columna ou calquera outra construción ameazar ruína, o propietario estará obrigado á súa demolición, ou a executar as obras necesarias para evitar a súa caída.

Se non o verificar o propietario da obra ruínosa, a autoridade poderá facela demoler á custa del.

390. Cando algunha árbore corpulenta ameazar caer de modo que poida causar prexuízos a un predio alleo ou aos transeúntes por unha vía pública ou particular, o dono da árbore está obrigado a arríncala e retirala; e se non o verificar, farase á súa custa por mandato da autoridade.

391. Nos casos dos dous artigos anteriores, de o edificio ou árbore caer, observarase o disposto nos artigos 1.907 e 1.908. **396**

TÍTULO III

Da comunidade de bens

392. Hai comunidade cando a propiedade dunha cousa ou un dereito pertence *pro indiviso* a varias persoas.

Na falta de contratos ou de disposicións especiais, a comunidade rexerase polas prescricións deste título.

393. O concurso dos partícipes, tanto nos beneficios como nas cargas, será proporcional ás súas respectivas cotas.

Presumiranse iguais, mentres non se probe o contrario, as porcións correspondentes aos partícipes na comunidade.

394. Cada partícipe poderá servirse das cousas comúns, sempre que dispoña delas conforme o seu destino e de maneira que non prexudique o interese da comunidade, nin impida aos copartícipes utilizalas segundo o seu dereito.

395. Todo copropietario terá dereito para obrigar os partícipes a contribuíren aos gastos de conservación da cousa ou dereito común. Só poderá eximirse desta obrigación o que renuncie á parte que lle pertence no dominio.

396. Os diferentes pisos ou locais dun edificio ou as partes deles susceptibles de aproveitamento independente por teren saída propia a un elemento común daquel ou á vía pública poderán ser obxecto de propiedade separada, que levará inherente un dereito de copropiedade sobre os elementos comúns do edificio, que son todos os necesarios para o seu adecuado uso e desfrute, tales como o pavimento, voo, alicerces e cubertas; elementos estruturais e entre eles os piares, trabes, forxados e muros de carga; as fachadas, cos revestimentos exteriores de terrazas, balcóns e xanelas, incluíndo a súa imaxe ou configuración, os elementos de cerramento que as conforman e os seus revestimentos exte-

396 riores; o portal, as escaleiras, portarías, corredores, pasaxes, muros, foxos, patios, pozos e os recintos destinados a ascensores, depósitos, contadores, telefonías ou a outros servizos ou instalacións comúns, mesmo aqueles que foren de uso privativo; os ascensores e as instalacións, conducións e canalizacións para o desaugamento e para o fornecemento de auga, gas ou electricidade, mesmo as de aproveitamento de enerxía solar; as de auga quente sanitaria, calefacción, ar acondicionado, ventilación ou evacuación de fumes; as de detección e prevención de incendios; as de porteiro electrónico e outras de seguranza do edificio, ben como as de antenas colectivas e demais instalacións para os servizos audiovisuais ou de telecomunicación, todas elas até a entrada ao espazo privativo; as servidumes e calquera outro elemento material ou xurídico que pola súa natureza ou destino resulten indivisibles.

As partes en copropiedade non son en ningún caso susceptibles de división e só poderán ser alleadas, gravadas ou embargadas xuntamente coa parte determinada privativa de que son anexo inseparable.

En caso de alleamento dun piso ou local, os donos dos demais, por este só título, non terán dereito de tanteo nin de retracto.

Esta forma de propiedade réxese polas disposicións legais especiais e, no que elas permitan, pola vontade dos interesados.

Artigo redactado de conformidade coa disposición adicional da Lei 8/1999, do 6 de abril, que no seu número 2 establece: Sen prexuízo do disposto no número anterior, as modificacións introducidas no Código civil e na Lei hipotecaria polos artigos 1º e 2.º da Lei 49/1960, do 21 de xullo, sobre propiedade horizontal, permanecen en vigor coa súa redacción actual.

REDACCIÓN ORIXINARIA.—«Cando os diferentes pisos dunha casa pertencen a distintos propietarios, se os títulos de propiedade non establecen os termos en que deban contribuír ás obras necesarias e non existe pacto sobre isto, observaranse as regras seguintes:

1.^a As paredes mestras e medianís, o tellado e as demais cousas de uso común estarán a cargo de todos os propietarios en proporción ao valor do seu piso.

2.^a Cada propietario custeará o pavimento do seu piso. O pavimento do portal, porta de entrada, patio común e obras de policía comúns a todos, serán custeados *pro rata* por todos os propietarios.

3.^a A escaleira que desde o portal conduce ao piso primeiro custearase *pro rata* entre todos, excepto o dono do piso baixo; a que desde o primeiro piso conduce ao segundo será custeada por todos, excepto os donos dos pisos baixo e primeiro, e así sucesivamente.»

REDACCIÓN DA LEI DO 26 DE OUTUBRO DE 1939.—«Se os diferentes pisos dun edificio ou as partes de piso susceptibles de aproveitamento independente por teren saída propia a un elemento común daquel ou á vía pública, pertenceren a distintos propietarios, cada un destes terá un dereito singular e exclusivo de propiedade sobre o seu piso ou parte del, e, ademais, un dereito conxunto de copropiedade sobre os outros elementos do edificio necesarios para o seu adecuado uso e desfrute, tales como o pavimento, alicerces, sotos, muros, foxos, patios, pozos, escaleiras, ascensores, pasos, corredores, cubertas, canalizacións, desaugadoiros, servidumes, etc.

As partes en copropiedade non son, en ningún caso, susceptibles de división e, salvo pacto, presúmense iguais.

Os gastos de reparación e conservación dos elementos comúns do edificio serán satisfeitos, tamén salvo pacto, *pro rata* por todos os interesados, segundo o valor da súa parte privativa, e esta mesma norma rexerá para a adopción, por maioría, dos acordos.

O dereito de copropiedade sobre os elementos comúns do edificio só é alleable, gravable ou embargable por terceiros, conxuntamente coa parte determinada privativa da cal é anexo inseparable.

Se o propietario dun piso ou parte del, susceptible de aproveitamento independente, tratar de vendelo, deberá comunicalo, con expresión do prezo, aos demais propietarios no edificio, os cales terán, respecto de estraños, preferencia para a súa adquisición, se dentro dos dez días seguintes ao da notificación formal do aviso comunicaren ao vendedor a súa vontade de adquirir.

En caso de concorrencia con ofertas distintas, a venda efectuarase co que ofrecese maior prezo, e se aquelas foren iguais, será preferido o propietario do piso ou parte de piso horizontalmente inmediato ao obxecto da venda. En identidade de condicións, será potestativo do vendedor realizar a venda con calquera dos oferentes.

Ningún propietario poderá variar, esencialmente, o destino ou a estrutura do seu piso sen acordo previo da maioría dos outros interesados.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI 49/1960, DO 21 DE XULLO.—«Os diferentes pisos ou locais dun edificio ou as partes deles susceptibles de aproveitamento independente por teren saída propia a un elemento común daquel ou á vía pública, poderán ser obxecto de propiedade separada, que levará inherente un dereito de copropiedade sobre os demais elementos do edificio necesarios para o seu adecuado uso e desfrute, tales como o pavimento, voo, alicerces, pasaxes, muros, foxos, patios, pozos, escaleiras, portarías, ascensores, corredores, cubertas, canalizacións e servidumes.

As partes en copropiedade non son en ningún caso susceptibles de división e só poderán ser alleadas, gravadas ou embargadas xuntamente coa parte determinada privativa da cal son anexo inseparable.

En caso de alleamento dun piso ou local, os donos dos demais, por este só título, non terán dereito de tanteo nin de retracto.

Esta forma de propiedade réxese polas disposicións legais especiais e, no que elas permitan, pola vontade dos interesados.»

397. Ningún dos condóminos poderá, sen consentimento dos demais, facer alteracións na cousa común, aínda que delas puideren resultar vantaxes para todos.

398. Para a administración e mellor desfrute da cousa común serán obrigatorios os acordos da maioría dos partícipes.

Non haberá maioría senón cando o acordo estea tomado polos partícipes que representen a maior cantidade dos intereses que constitúan o obxecto da comunidade.

Se non resultar maioría, ou o acordo desta for gravemente prexudicial para os interesados na cousa común, o xuíz proverá, por instancia de parte, o que corresponda, mesmo nomear un administrador.

Cando parte da cousa pertencer privadamente a un partícipe ou a algúns deles e outra for común, só a esta será aplicable a disposición anterior.

399. Todo condómino terá a plena propiedade da súa parte e a dos froitos e utilidades que lle correspondan, polo que, en consecuencia, poderá alleala, cedela ou hipotecala, e mesmo substituír outro no seu aproveitamento, salvo de se tratar de dereitos persoais. Mais o efecto do alleamento ou da hipoteca con relación aos condóminos estará limitado á porción que se adxudique na división ao cesar a comunidade.

400. Ningún copropietario estará obrigado a permanecer na comunidade. Cada un deles poderá pedir en calquera tempo que se divida a cousa común.

Isto non obstante, será válido o pacto de conservar a cousa indivisa por tempo determinado, que non exceda os dez anos. Este prazo poderase prorrogar por nova convención.

401. Non obstante o disposto no artigo anterior, os copropietarios non poderán exixir a división da cousa común

cando, de facela, resulte inservible para o uso a que se destina. **406**

De se tratar dun edificio cuxas características o permitan, por solicitude de calquera dos copropietarios, a división poderase realizar mediante a adxudicación de pisos ou locais independentes, cos seus elementos comúns anexos, na forma prevista polo artigo 396.

Redactado conforme a Lei 49/1960, do 21 de xullo.

REDACCIÓN ORIXINARIA.—«Non obstante o disposto no artigo anterior, os copropietarios non poderán exixir a división da cousa común cando, de facela, resulte inservible para o uso a que se destina.»

402. A división da cousa común poderá ser feita polos interesados, ou por árbitros ou amigables compoñedores, nomeados á vontade dos partícipes.

No caso de ser verificada por árbitros ou amigables compoñedores, deberán formar partes proporcionais ao dereito de cada un, evitando en canto sexa posible os suplementos en metálico.

403. Os acredores ou cesionarios dos partícipes poderán concorrer á división da cousa común e oporse á que se verifique sen o seu concurso. Mais non poderán impugnar a división consumada, excepto en caso de fraude, ou no de terse verificado non obstante a oposición formalmente interposta para impedila, e salvo sempre os dereitos do debedor ou do cedente para soste a súa validez.

404. Cando a cousa for esencialmente indivisible, e os condóminos non conviñeren en que se adxudique a un deles indemnizando os demais, venderase e repartirase o seu prezo.

405. A división dunha cousa común non prexudicará terceiro, o cal conservará os dereitos de hipoteca, servidume ou outros dereitos reais que lle pertenceren antes de facer a partición. Conservarán igualmente a súa forza, non obstante a división, os dereitos persoais que pertenzan a un terceiro contra a comunidade.

406. Serán aplicables á división entre os partícipes na comunidade as regras concernentes á división da herdanza.

Dalgunhas propiedades especiais

CAPÍTULO PRIMEIRO

DAS AUGAS

A Lei 29/1985, do 2 de agosto, de augas, na súa disposición derogatoria establece: «1. Fican derogadas as disposicións seguintes... Os artigos 407 a 425 do Código civil do 24 de xullo de 1889 en canto se opoñan ao establecido na presente lei.»

Pola súa vez, o texto refundido da citada lei, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2001, do 20 de xullo, establece na súa disposición derradeira primeira que «no que non estea expresamente regulado por esta lei, observarse o disposto polo Código civil».

*Sección 1.^a Do dominio das augas***407.** Son de dominio público:

- 1.º Os ríos e os seus leitos naturais.
- 2.º As augas continuas ou descontinuas de mananciais e regatos que corran polos seus leitos naturais, e estes mesmos leitos.
- 3.º As augas que nazan continua ou descontinuamente en terreos do mesmo dominio público.
- 4.º Os lagos e lagoas formados pola natureza en terreos públicos e os seus álveos.
- 5.º As augas pluviais que discorran por barrancas ou corgas cuxo leito sexa tamén do dominio público.
- 6.º As augas subterráneas que existan en terreos públicos.
- 7.º As augas achadas na zona de traballos de obras públicas, aínda que sexan executadas por concesionario.
- 8.º As augas que nazan continua ou descontinuamente en predios de particulares, do Estado, da provincia ou das poboacións, desde que saian dos ditos predios.
- 9.º As decorres das fontes, cloacas e establecementos públicos.

1.º As augas continuas ou descontinuas que nazan en predios de dominio privado, mentres discorran por eles.

2.º Os lagos e lagoas e os seus álveos, formados pola natureza nos ditos predios.

3.º As augas subterráneas que se encontren nestes.

4.º As augas pluviais que caian neles, mentres non traspasen as súas estremas.

5.º Os leitos de augas correntes, continuas ou descontinuas, formados por augas pluviais, e os dos regatos que atravesen predios que non sexan de dominio público.

En toda levada ou acueduto, a auga, o leito, as cembas e as marxes serán considerados como parte integrante da herdade ou edificio a que vaian destinadas as augas. Os donos dos predios polos cales ou por cuxas estremas pase o acueduto, non poderán alegar dominio sobre el, nin dereito ao aproveitamento do seu leito ou marxes, de non se fundaren en títulos de propiedade expresivos do dereito ou dominio que reclamen.

Sección 2.ª Do aproveitamento das augas públicas

409. O aproveitamento das augas públicas adquírese:

1.º Por concesión administrativa.

2.º Por prescrición de vinte anos.

Os límites dos dereitos e obrigas destes aproveitamentos serán os que resulten, no primeiro caso, dos termos da concesión e, no segundo, do modo e forma en que se usase das augas.

410. Toda concesión de aproveitamento de augas se entende sen prexuízo de terceiro.

411. O dereito ao aproveitamento de augas públicas extínguense pola caducidade da concesión e polo non uso durante vinte anos.

412 *Sección 3.ª Do aproveitamento das augas de dominio privado*

412. O dono dun predio en que nace un manancial ou regato, continuo ou descontinuo, pode aproveitar as súas augas mentres discorran por el; mais as decorres entran na condición de públicas, e o seu aproveitamento réxese pola Lei especial de augas.

413. O dominio privado dos álveos de augas pluviais non autoriza para facer labores ou obras que varíen o seu curso en prexuízo de terceiro, nin tampouco aquelas cuxa destrución, pola forza das enchentes, poida causalo.

414. Ninguén pode penetrar en propiedade privada para buscar augas ou usar delas sen licenza dos propietarios.

415. O dominio do dono dun predio sobre as augas que nacen nel non prexudica os dereitos que lexitimamente puidesen adquirir ao seu aproveitamento os dos predios inferiores.

416. Todo dono dun predio ten a facultade de construír dentro da súa propiedade depósitos para conservar as augas pluviais, con tal de que non cause prexuízo ao público nin a terceiro.

Sección 4.ª Das augas subterráneas

417. Só o propietario dun predio ou outra persoa coa súa licenza pode investigar nel augas subterráneas.

A investigación de augas subterráneas en terreos de dominio público só se pode facer con licenza administrativa.

418. As augas descubertas conforme a Lei especial de augas pertencen ao que as descubriu.

419. Se o dono de augas descubertas as deixar abandonadas ao seu curso natural, serán de dominio público.

420. O dono dun predio en que existan obras defensivas para conter a auga, ou onde pola variación do seu curso sexa necesario construílas de novo, está obrigado, á súa escolla, a facer as reparacións ou construcións necesarias ou a tolerar que, sen prexuízo seu, as fagan os donos dos predios que experimenten ou estean manifestamente expostos a experimentar danos.

421. O disposto no artigo anterior é aplicable ao caso en que sexa necesario librar algún predio das materias cuxa acumulación ou caída impida o curso das augas con dano ou perigo de terceiro.

422. Todos os propietarios que participen do beneficio proveniente das obras de que tratan os dous artigos anteriores están obrigados a contribuír aos gastos da súa execución en proporción ao seu interese. Os que pola súa culpa ocasionasen o dano serán responsables dos gastos.

423. A propiedade e uso das augas pertencentes a corporacións ou particulares están suxeitas á Lei de expropiación por causa de utilidade pública.

424. As disposicións deste título non prexudican os dereitos adquiridos con anterioridade, nin tampouco o dominio privado que teñen os propietarios de augas, de levadas, fontes ou mananciais, en virtude do cal as aproveitan, venden ou permutan como propiedade particular.

425. En todo o que non estea expresamente previsto polas disposicións deste capítulo observarase o mandado ou pola Lei especial de augas.

CAPÍTULO II

DOS MINERAIS

Véxase a Lei de minas do 21 de xullo de 1973.

426. Todo español ou estranxeiro poderá facer libremente en terreo de dominio público sondaxes ou escavacións que non excedan os 10 metros de extensión en lonxitude ou profundidade con obxecto de descubrir minerais, mais deberá

427 dar aviso previamente á autoridade local. En terreos de propiedade privada non se poderán facer sondaxes sen que preceda permiso do dono ou do que o represente.

427. Os límites do dereito mencionado no artigo anterior, as formalidades previas e condicións para o seu exercicio, a designación das materias que se deben considerar como minerais, e a determinación dos dereitos que corresponden ao dono do solo e aos descubridores dos minerais no caso de concesión, rexeranse pola Lei especial de minaría.

CAPÍTULO III

DA PROPIEDAD INTELECTUAL

Véxase o texto refundido da Lei de propiedade intelectual, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1996, do 12 de abril.

428. O autor dunha obra literaria, científica ou artística ten o dereito de explotala e dispor dela á súa vontade.

429. A Lei sobre propiedade intelectual determina as persoas a que pertence ese dereito, a forma do seu exercicio e o tempo da súa duración. En casos non previstos nin resoltos pola dita lei especial aplicaranse as regras xerais establecidas neste código sobre a propiedade.

TÍTULO V

Da posesión

CAPÍTULO PRIMEIRO

DA POSESIÓN E AS SÚAS ESPECIES

430. Posesión natural é a tenza dunha cousa ou o desfrute dun dereito por unha persoa. Posesión civil é esa mesma tenza ou desfrute unidos á intención de ter a cousa ou dereito como seus.

431. A posesión é exercida nas cousas ou nos dereitos pola mesma persoa que os ten e os desfruta, ou por outra no seu nome. **439**

432. A posesión nos bens e dereitos pode terse nun de dous conceptos: ou no de dono, ou no de tedor da cousa ou dereito para conservalos ou desfrutalos, pertencendo o dominio a outra persoa.

433. Repútase posuidor de boa fe o que ignora que no seu título ou modo de adquirir exista vicio que o invalide.

Repútase posuidor de má fe o que se encontra no caso contrario.

434. A boa fe presúmese sempre, e ao que afirma a má fe dun posuidor corresponde a proba.

435. A posesión adquirida de boa fe non perde este carácter senón no caso e desde o momento en que existan actos que acrediten que o posuidor non ignora que posúe a cousa indebidamente.

436. Presúmese que a posesión se segue desfrutando no mesmo concepto en que se adquiriu, mentres non se probe o contrario.

437. Soamente poden ser obxecto de posesión as cousas e dereitos que sexan susceptibles de apropiación.

CAPÍTULO II

DA ADQUISICIÓN DA POSESIÓN

438. A posesión adquirese pola ocupación material da cousa ou dereito posuído, ou polo feito de estes ficaren suxeitos á acción da nosa vontade, ou polos actos propios e formalidades legais establecidas para adquirir tal dereito.

439. Pode ser adquirida a posesión pola mesma persoa que a vai desfrutar, polo seu representante legal, polo seu mandatario e por un terceiro sen mandato ningún; mais neste último caso non se entenderá adquirida a posesión até que a

440 persoa en cuxo nome se verificase o acto posesorio o ratifique.

440. A posesión dos bens hereditarios enténdese transmitida ao herdeiro sen interrupción e desde o momento da morte do causante, no caso de que chegue a adirse a herdanza.

O que validamente repudia unha herdanza enténdese que non a posuíu en ningún momento.

441. En ningún caso pode adquirirse violentamente a posesión mentres exista un posuidor que se opoña a isto. O que se crea con acción ou dereito para privar outro da tenza dunha cousa, sempre que o tedor resista a entrega, deberá solicitar o auxilio da autoridade competente.

442. O que suceda por título hereditario non sufrirá as consecuencias dunha posesión viciosa do seu causante, se non se demostra que tiña coñecemento dos vicios que a afectaban; mais os efectos da posesión de boa fe non lle aproveitarán senón desde a data da morte do causante.

443. Os menores e os incapacitados poden adquirir a posesión das cousas; mais necesitan da asistencia dos seus representantes lexítimos para usaren dos dereitos que da posesión nazan ao seu favor.

444. Os actos meramente tolerados, e os executados clandestinamente e sen coñecemento do posuidor dunha cousa, ou con violencia, non afectan a posesión.

445. A posesión, como feito, non se pode recoñecer en dúas personalidades distintas, fóra dos casos de indivisión. De xurdir contenda sobre o feito da posesión, será preferido o posuidor actual; de resultaren dous posuidores, o máis antigo; de as datas das posesións seren as mesmas, o que presente título; e, de todas estas condicións seren iguais, constituirase en depósito ou garda xudicial a cousa, mentres se decide sobre a súa posesión ou propiedade polos trámites correspondentes.

DOS EFECTOS DA POSESIÓN

446. Todo posuidor ten dereito a ser respectado na súa posesión; e, se for inquietado nela, deberá ser amparado ou restituído na dita posesión polos medios que as leis de procedemento establecen.

447. Só a posesión que se adquire e se desfruta en concepto de dono pode servir de título para adquirir o dominio.

448. O posuidor en concepto de dono ten ao seu favor a presunción legal de que posúe con xusto título, e non pode ser obrigado a exhibilo.

449. A posesión dunha cousa raíz supón a dos mobles e obxectos que se encontren dentro dela, mentres non conste ou se acredite que deben ser excluídos.

450. Cada un dos partícipes dunha cousa que se posúa en común, entenderase que posuía exclusivamente a parte que ao dividirse lle couber durante todo o tempo que durou a indivisión. A interrupción na posesión da totalidade ou de parte dunha cousa posuída en común prexudicará por igual a todos.

451. O posuidor de boa fe fai seus os froitos percibidos mentres non sexa interrompida legalmente a posesión.

Enténdense percibidos os froitos naturais e industriais desde que se levantan ou separan.

Os froitos civís considéranse producidos por días, e pertencen ao posuidor da boa fe nesa proporción.

452. Se no momento en que cesar a boa fe se encontran pendentes algúns froitos naturais ou industriais, terá o posuidor dereito aos gastos que tiver feito para a súa produción e, ademais, á parte do produto líquido da colleita proporcional no momento da súa posesión.

As cargas ratearanse do mesmo modo entre os dous posuidores.

O propietario da cousa pode, se quixer, conceder ao posuidor de boa fe a facultade de concluír o cultivo e a reco-

453 lección dos froitos pendentes, como indemnización da parte de gastos de cultivo e do produto líquido que lle pertence; o posuidor de boa fe que por calquera motivo non queira aceptar esta concesión perderá o dereito a ser indemnizado doutro modo.

453. Os gastos necesarios abóanse a todo posuidor; mais soamente o de boa fe poderá reter a cousa até que se lle satisfagan.

Os gastos útiles abóanse ao posuidor de boa fe co mesmo dereito de retención; o que o vencese na súa posesión poderá optar por satisfacer o importe dos gastos ou por aboar o aumento de valor que por eles adquirise a cousa.

454. Os gastos de puro luxo ou mero recreo non son aboables ao posuidor de boa fe; mais poderá levar os adornos con que embelecese a cousa principal se non sufrir deterioración, e se o sucesor na posesión non prefire aboar o importe do gastado.

455. O posuidor de má fe aboará os froitos percibidos e os que o posuidor lexítimo podería ter percibido, e só terá dereito a ser reintegrado dos gastos necesarios feitos para a conservación da cousa. Os gastos feitos en benfeitorías de luxo e recreo non se aboarán ao posuidor de má fe; mais poderá este levar os obxectos en que eses gastos se investisen, sempre que a cousa non sufra deterioración e o posuidor lexítimo non prefira ficar con eles aboando o valor que teñan no momento de entrar na posesión.

456. As benfeitorías provenientes da natureza ou do tempo ceden sempre en beneficio do que vencese na posesión.

457. O posuidor de boa fe non responde da deterioración ou perda da cousa posuída, fóra dos casos en que se xustifique ter procedido con dolo. O posuidor de má fe responde da deterioración ou perda en todo caso, e mesmo dos ocasionados por forza maior cando maliciosamente atrasase a entrega da cousa ao seu posuidor lexítimo.

458. O que obteña a posesión non está obrigado a aboar **464**
benfeitorías que deixasen de existir ao adquirir a cousa.

459. O posuidor actual que demostre a súa posesión en época anterior, presúmese que posuíu durante o tempo intermedio, mentres non se probe o contrario.

460. O posuidor pode perder a súa posesión:

1.º Por abandono da cousa.

2.º Por cesión feita a outro por título oneroso ou gratuito.

3.º Por destrución ou perda total da cousa, ou por ficar esta fóra do comercio.

4.º Pola posesión doutro, mesmo contra a vontade do antigo posuidor, se a nova posesión durar máis dun ano.

461. A posesión da cousa moble non se entende perdida mentres se achar baixo o poder do posuidor, aínda que este ignore accidentalmente o seu paradoiro.

462. A posesión das cousas inmobles e dos dereitos reais non se entende perdida, nin transmitida para os efectos da prescrición en prexuízo de terceiro, senón con suxeición ao disposto na lei hipotecaria.

463. Os actos relativos á posesión, executados ou consentidos polo que posúe unha cousa allea como mero tedor para desfrutala ou retela en calquera concepto, non obrigan nin prexudican o dono, a non ser que este outorgase a aquel facultades expresas para executalos ou os ratifique con posterioridade.

464. A posesión dos bens mobles, adquirida de boa fe, equivale ao título. No entanto, o que perdese unha cousa moble ou fose privado dela ilegalmente poderá reivindicala de quen a posúa.

Se o posuidor da cousa moble perdida ou subtraída a adquiriu de boa fe en venda pública, non poderá o propietario obter a restitución sen reembolsar o prezo dado por ela.

Tampouco poderá o dono de cousas empeñadas nos montes de piedade establecidos con autorización do Goberno obter a restitución, calquera que sexa a persoa que a empe-

465 ñase, sen reintegrar antes ao establecemento a cantidade do peñor e os xuros vencidos.

Canto ás adquiridas en bolsa, feira ou mercado, ou de comerciante legalmente establecido e dedicado habitualmente ao tráfico de obxectos análogos, observárase o que dispón o Código de comercio.

465. Os animais feros só se posúen mentres se encontran no noso poder; os domesticados ou amansados asimílanse aos mansos ou domésticos se conservaren o costume de volver á casa do posuidor.

466. O que recupera, conforme dereito, a posesión indebidamente perdida, enténdese, para todos os efectos que poidan redundar no seu beneficio, que a desfrutou sen interrupción.

TÍTULO VI

Do usufruto, do uso e da habitación

CAPÍTULO PRIMEIRO

DO USUFRUTO

Sección 1.^a Do usufruto en xeral

467. O usufruto dá dereito a desfrutar os bens alleos coa obrigación de conservar a súa forma e substancia, a non ser que o título da súa constitución ou a lei autoricen outra cousa.

468. O usufruto constitúese pola lei, pola vontade dos particulares manifestada en actos entre vivos ou en derradeira vontade, e por prescrición.

469. Poderase constituír o usufruto en todo ou en parte dos froitos da cousa, a favor dunha ou varias persoas, simultánea ou sucesivamente, e en todo caso desde ou até certo día, puramente ou baixo condición. Tamén pode constituírse sobre un dereito, sempre que non sexa persoalísimo ou intransmisible.

470. Os dereitos e as obrigacións do usufrutuário serán os que determine o título constitutivo do usufruto; na súa falta, ou por insuficiencia deste, observaranse as disposicións contidas nas dúas seccións seguintes. **475**

Sección 2.^a Dos dereitos do usufrutuário

471. O usufrutuário terá dereito a percibir todos os froitos naturais, industriais e civís dos bens usufrutuados. Respecto dos tesouros que se encontraren no predio será considerado como estraño.

472. Os froitos naturais ou industriais, pendentes no momento de comezar o usufruto, pertencen ao usufrutuário.

Os pendentes no momento de se extinguir o usufruto pertencen ao propietario.

Nos precedentes casos, o usufrutuário, ao comezar o usufruto, non ten obrigación de aboar ao propietario ningún dos gastos feitos; mais o propietario está obrigado a aboar á fin do usufruto, co produto dos froitos pendentes, os gastos ordinarios de cultivo, sementes e outros semellantes, feitos polo usufrutuário.

O disposto neste artigo non prexudica os dereitos de terceiro, adquiridos ao comezar ou terminar o usufruto.

473. Se o usufrutuário tiver arrendado as terras ou herdades dadas en usufruto e acabar este antes de terminar o arrendamento, só percibirán el ou os seus herdeiros e sucesores a parte proporcional da renda que deba pagar o arrendatario.

474. Os froitos civís enténdense percibidos día por día, e pertencen ao usufrutuário en proporción ao tempo que dure o usufruto.

475. Se o usufruto se constitúe sobre o dereito a percibir unha renda ou unha pensión periódica, ben consista en metálico, ben en froitos, ou os xuros de obrigacións ou títulos ao portador, considerarase cada vencemento como produtos ou froitos daquel dereito.

Se consistir no gozo dos beneficios que dese unha participación nunha explotación industrial ou mercantil cuxa parti-

476 Ila non tiver vencemento fixo, terán aqueles a mesma consideración.

Nun e outro caso repartiranse como froitos civís, e aplícaranse na forma que establece o artigo anterior.

476. Non corresponden ao usufrutuário dun predio en que existen minas os produtos das denunciadas, concedidas ou que se encontren en explotación ao principiar o usufruto, a non ser que expresamente se lle concedan no título constitutivo deste, ou que sexa universal.

Poderá, no entanto, o usufrutuário extraer pedras, cal e xeso das canteiras para reparacións ou obras que estiver obrigado a facer ou que foren necesarias.

477. Non obstante o disposto no artigo anterior, no usufruto legal poderá o usufrutuário explotar as minas denunciadas, concedidas ou en explotación, existentes no predio, facendo súa a metade das utilidades que resulten despois de rebaixar os gastos, que satisfará por metade co propietario.

478. A calidade de usufrutuário non priva o que a ten do dereito que a todos concede a Lei de minas para denunciar e obter a concesión das que existan nos predios usufrutuados, na forma e condicións que a mesma lei establece.

479. O usufrutuário terá o dereito de desfrutar do aumento que reciba por accesión a cousa usufrutuada, das servidumes que teña ao seu favor, e en xeral de todos os beneficios inherentes a ela.

480. Poderá o usufrutuário aproveitar por si mesmo a cousa usufrutuada, arrendala a outro e allear o seu dereito de usufruto, aínda que sexa a título gratuíto, mais todos os contratos que celebre como tal usufrutuário se resolverán á fin do usufruto, salvo o arrendamento dos predios rústicos, o cal se considerará subsistente durante o ano agrícola.

481. Se o usufruto comprender cousas que, sen consumirse, se deterioren pouco a pouco polo uso, o usufrutuário terá dereito a servirse delas, empregándoas segundo o seu destino, e non estará obrigado a restituílas ao concluír o usufruto senón no estado en que se encontren; mais coa obriga-

ción de indemnizar o propietario da deterioración que **485**
sufriren polo seu dolo ou negligencia.

482. Se o usufruto comprender cousas que non se poidan usar sen consumilas, o usufrutuário terá dereito a servirse delas coa obrigación de pagar o importe da súa taxación ao terminar o usufruto se se deron estimadas. Cando non se tivesen estimado, terá o dereito de as restituír en igual cantidade e calidade, ou pagar o seu prezo corrente no momento de cesar o usufruto.

483. O usufrutuário de viñas, oliveirais ou outras árbores ou arbustos poderá aproveitarse dos pés mortos, e aínda dos tronzados ou arrincados por accidente, coa obrigación de os substituír por outros.

484. Se como consecuencia dun sinistro ou caso extraordinario, as viñas, oliveirais ou outras árbores ou arbustos desaparecesen en número tan considerable que non fose posible ou resultase demasiado gravosa a reposición, o usufrutuário poderá deixar os pés mortos, caídos ou tronzados ao dispor do propietario, e exixir deste que os retire e deixe o chan expedito.

485. O usufrutuário dun monte desfrutará todos os aproveitamentos que poida este producir segundo a súa natureza.

Sendo o monte talladoiro ou de madeiras de construción, poderá o usufrutuário facer nel as tallas ou as cortas ordinarias que acostumaba facer o dono, e, na súa falta, faraas acomodándose, no modo, porción e épocas, ao costume do lugar.

En todo caso fará as cortas de modo que non prexudiquen a conservación do predio.

Nos viveiros de árbores poderá o usufrutuário facer o rareo necesario para que as que fiquen se poidan desenvolver convenientemente.

Fóra do establecido nos parágrafos anteriores, o usufrutuário non poderá cortar árbores polo pé como non sexa para repor ou mellorar algunha das cousas usufrutuadas, e neste caso fará saber previamente ao propietario a necesidade da obra.

486 **486.** O usufrutuário dunha acción para reclamar un predio ou dereito real, ou un ben móbil, ten dereito a exercerla e obrigar o propietario da acción a que lle ceda para este fin a súa representación e lle facilite os elementos de proba de que dispoña. Se por consecuencia do exercicio da acción adquirir a cousa reclamada, o usufruto limitarase só aos froitos, ficando o dominio para o propietario.

487. O usufrutuário poderá facer nos bens obxecto do usufruto as benfeitorías útiles ou de recreo que tiver por conveniente, con tal de que non altere a súa forma ou a súa substancia; mais non terá por isto dereito a indemnización. Poderá, non obstante, retirar as ditas benfeitorías, se for posible facelo sen detrimento dos bens.

488. O usufrutuário poderá compensar os desperfectos dos bens coas benfeitorías que neles fíxese.

489. O propietario de bens en que outro teña o usufruto poderá allealos, mais non alterar a súa forma nin substancia, nin facer neles nada que prexudique o usufrutuário.

490. O usufrutuário de parte dunha cousa posuída en común exercerá todos os dereitos que correspondan ao propietario dela referentes á administración e á percepción de froitos ou xuros. Se cesar a comunidade por dividirse a cousa posuída en común, corresponderá ao usufrutuário o usufruto da parte que se adxudicar ao propietario ou condómino.

Sección 3.^a Das obrigacións do usufrutuário

491. O usufrutuário, antes de entrar no desfrute dos bens, está obrigado:

1.º A formar, con citación do propietario ou do seu lexítimo representante, inventario de todos eles, facendo taxar os mobles e describindo o estado dos inmobles.

2.º A prestar fianza, comprometéndose a cumprir as obrigacións que lle correspondan consonte esta sección.

492. A disposición contida no número segundo do precedente artigo non é aplicable ao vendedor ou doador que reservase para si o usufruto dos bens vendidos ou doados,

nin aos pais usufrutuarios dos bens dos fillos, nin ao cónxuxe sobrevivente respecto da cota legal usufrutuaria de non contraeren os pais ou o cónxuxe ulterior matrimonio. **494**

Redactado conforme a Lei 11/1981, do 13 de maio.

REDACCIÓN ORIXINARIA.—«A disposición contida no número 2.º do precedente artigo non é aplicable ao vendedor ou doador que reservase para si o usufruto dos bens vendidos ou doados, nin tampouco aos pais usufrutuarios dos bens dos seus fillos, nin ao cónxuxe sobrevivente respecto á cota hereditaria que lle conceden os artigos 834, 836 e 837, senón no caso de que os pais ou o cónxuxe contraeren segundo matrimonio.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI DO 24 DE ABRIL DE 1958.—«A disposición contida no número 2.º do precedente artigo non é aplicable ao vendedor ou doador que reservase para si o usufruto dos bens vendidos ou doados, nin tampouco aos pais usufrutuarios dos bens dos seus fillos, nin ao cónxuxe sobrevivente respecto á cota hereditaria que lle conceden os artigos 834, 837 e 838, senón no caso de que os pais ou o cónxuxe contraeren ulterior matrimonio.»

493. O usufrutuario, calquera que sexa o título do usufruto, poderá ser dispensado da obrigación de facer inventario ou de prestar fianza, cando disto non resultar prexuízo a ninguén.

494. Non prestando o usufrutuario a fianza nos casos en que a deba dar, poderá o propietario exixir que os inmobles se poñan en administración, que os mobles se vendan, que os efectos públicos, títulos de crédito nominativos ou ao portador se convertan en inscricións ou se depositen nun banco ou establecemento público, e que os capitais ou sumas en metálico e o prezo do alleamento dos bens mobles se invistan en valores seguros.

O xuro do prezo das cousas mobles e dos efectos públicos e valores, e os produtos dos bens postos en administración, pertencen ao usufrutuario.

Tamén poderá o propietario, de o preferir, mentres o usufrutuario non preste fianza ou fique dispensado dela, reter no seu poder os bens do usufruto, en calidade de administrador, e coa obrigación de entregar ao usufrutuario o seu produto líquido, deducida a suma que pola dita administración se conveña ou xudicialmente se lle sinala.

495. Se o usufrutuário que non prestou fianza reclama, baixo caución xuratoria, a entrega dos mobles necesarios para o seu uso, e que se lle asigne habitación para el e a súa familia nunha casa comprendida no usufruto, poderá o xuíz acceder a esta petición, consultadas as circunstancias do caso.

O mesmo se entenderá respecto dos instrumentos, ferramentas e demais bens mobles necesarios para a industria a que se dedique.

Se non quixer o propietario que se vendan algúns mobles polo seu mérito artístico ou porque teñan un prezo de afección, poderá exixir que se lle entreguen, afianzando o aboamento do xuro legal do valor en taxación.

496. Prestada a fianza polo usufrutuário, terá dereito a todos os produtos desde o día en que, conforme o título constitutivo do usufruto, debeu comezar a percibilos.

497. O usufrutuário deberá coidar as cousas dadas en usufruto como un bo pai de familia.

498. O usufrutuário que allear ou der en arrendamento o seu dereito de usufruto será responsable do menoscabo que sufran as cousas usufrutuadas por culpa ou negligencia da persoa que o substitúa.

499. Se o usufruto se constituír sobre un rabaño ou fato de gando, o usufrutuário estará obrigado a substituír coas crías as cabezas que morran anual e ordinariamente, ou falten pola rapacidade de animais daniños.

Se o gando en que se constituír o usufruto perecer de todo, sen culpa do usufrutuário, por efecto dun contaxio ou outro acontecemento non común, o usufrutuário cumprirá con entregar ao dono os despoños que se salvasen desta desgraza.

Se o rabaño perecer en parte, tamén por un accidente, e sen culpa do usufrutuário, continuará o usufruto na parte que se conserve.

Se o usufruto for de gando maniño, considerarase, canto aos seus efectos, como se se constituíse sobre cousa funxible.

500. O usufrutuário está obrigado a facer as reparacións ordinarias que necesiten as cousas dadas en usufruto. **505**

Consideraranse ordinarias as que exixan as deterioracións ou desperfectos que procedan do uso natural das cousas e sexan indispensables para a súa conservación. Se non as fixer despois de requirido polo propietario, poderá este facelas por si mesmo á custa do usufrutuário.

501. As reparacións extraordinarias serán de conta do propietario. O usufrutuário está obrigado a lle dar aviso cando for urxente a necesidade de facelas.

502. Se o propietario fixer as reparacións extraordinarias, terá dereito a exixir ao usufrutuário o xuro legal da cantidade investida nelas mentres dure o usufruto.

Se non as fixer cando sexan indispensables para a subsistencia da cousa, poderá facelas o usufrutuário; mais terá dereito a exixir do propietario, ao concluír o usufruto, o aumento de valor que tivese o predio por efecto das mesmas obras.

Se o propietario se negar a satisfacer o dito importe, terá o usufrutuário dereito a reter a cousa até reintegrarse cos seus produtos.

503. O propietario poderá facer as obras e benfeitorías de que sexa susceptible o predio usufrutuado, ou novas plantacións nela se for rústica, sempre que por tales actos non resulte diminuído o valor do usufruto nin se prexudique o dereito do usufrutuário.

504. O pagamento das cargas e contribucións anuais e o das que se consideran gravames dos froitos será de conta do usufrutuário todo o tempo que o usufruto dure.

505. As contribucións que durante o usufruto se impoñan directamente sobre o capital serán a cargo do propietario.

Se este as satisfixo, deberá o usufrutuário aboarlle os xuros correspondentes ás sumas que no dito concepto pagase e, se as anticipar o usufrutuário, deberá recibir o seu importe á fin do usufruto.

506. Se se constituír o usufruto sobre a totalidade dun patrimonio, e ao constituírse tiver débedas o propietario, aplicarase, tanto para a subsistencia do usufruto como para a obrigación do usufrutuário a satisfacelas, o establecido nos artigos 642 e 643 respecto das doazóns.

Esta mesma disposición é aplicable ao caso en que o propietario estiver obrigado, ao constituírse o usufruto, ao pagamento de prestacións periódicas, aínda que non tiveren capital coñecido.

507. O usufrutuário poderá reclamar por si os créditos vencidos que formen parte do usufruto se tiver dada ou der a fianza correspondente. Se estiver dispensado de prestar fianza ou non a puido constituír, ou a constituída non for suficiente, necesitará autorización do propietario, ou do xuíz na súa falta, para cobrar os ditos créditos.

O usufrutuário con fianza poderá dar ao capital que realice o destino que considere conveniente. O usufrutuário sen fianza deberá pór a xuro o dito capital de acordo co propietario; na falta de acordo entre ambos, con autorización xudicial; e, en todo caso, coas garantías suficientes para manter a integridade do capital usufrutuado.

508. O usufrutuário universal deberá pagar por enteiro o legado de renda vitalicia ou pensión de alimentos.

O usufrutuário dunha parte alícuota da herdanza pagaráo en proporción á súa cota.

En ningún dos dous casos ficará obrigado o propietario ao reembolso.

O usufrutuário dunha ou máis cousas particulares só pagará o legado cando a renda ou pensión estea constituída determinadamente sobre elas.

509. O usufrutuário dun predio hipotecado non estará obrigado a pagar as débedas para cuxa seguranza se estableceu a hipoteca.

Se o predio se embargar ou vender xudicialmente para o pagamento da débeda, o propietario responderá ao usufrutuário do que perda por este motivo.

510. Se o usufruto for da totalidade ou de parte alícuota dunha herdanza, o usufrutuário poderá anticipar as sumas que para o pagamento das débedas hereditarias correspondan aos bens usufrutuados, e terá dereito a exixir do propietario a súa restitución, sen xuro, ao extinguirse o usufruto.

Negándose o usufrutuário a facer esta anticipación, poderá o propietario pedir que se venda a parte dos bens usufrutuados que sexa necesaria para pagar as ditas sumas, ou satisfacelas do seu diñeiro, con dereito, neste último caso, a exixir do usufrutuário os xuros correspondentes.

511. O usufrutuário estará obrigado a pór en coñecemento do propietario calquera acto dun terceiro, de que teña noticia, que sexa capaz de lesionar os dereitos de propiedade, e responderá, se non o fixer, dos danos e perdas, como se fosen ocasionados pola súa culpa.

512. Serán de conta do usufrutuário os gastos, custas e condenas dos preitos sostidos sobre o usufruto.

Sección 4.ª Dos modos de extinguirse o usufruto

513. O usufruto extínguese:

- 1.º Por morte do usufrutuário.
- 2.º Por expirar o prazo polo que se constituíu, ou cumprirse a condición resolutoria consignada no título constitutivo.
- 3.º Pola reunión do usufruto e a propiedade nunha mesma persoa.
- 4.º Pola renuncia do usufrutuário.
- 5.º Pola perda total da cousa obxecto do usufruto.
- 6.º Pola resolución do dereito do constituínte.
- 7.º Por prescrición.

514. Se a cousa dada en usufruto se perder só en parte, continuará este dereito na parte restante.

515. Non se poderá constituír o usufruto a favor dunha poboación ou corporación ou sociedade por máis de trinta anos. Se se constituíu, e antes deste tempo a poboación ficar

516 erma, ou a corporación ou a sociedade se disolver, extingui-
rase por este feito o usufruto.

516. O usufruto concedido polo tempo que tarde un terceiro en chegar a certa idade subsistirá o número de anos prefixado, aínda que o terceiro morra antes, salvo se o dito usufruto foi expresamente concedido só en atención á existencia da dita persoa.

517. Se o usufruto estiver constituído sobre un predio do cal forme parte un edificio, e este chegar a perecer, de calquera modo que sexa, o usufrutuario terá dereito a desfrutar do solo e dos materiais.

O mesmo sucederá cando o usufruto estiver constituído só sobre un edificio e este perecer. Mais en tal caso, se o propietario quixer construír outro edificio, terá dereito a ocupar o solo e a servirse dos materiais, ficando obrigado a pagar ao usufrutuario, mentres dure o usufruto, os xuros das sumas correspondentes ao valor do solo e dos materiais.

518. Se o usufrutuario concorrer co propietario ao seguro dun predio dado en usufruto, continuará aquel, en caso de sinistro, no desfrute do novo edificio se se construír, ou percibirá os xuros do prezo do seguro se a reedificación non conviñer ao propietario.

Se o propietario se negase a contribuír ao seguro do predio, constituíndoo por si só o usufrutuario, adquirirá este o dereito de recibir por enteiro en caso de sinistro o prezo do seguro, mais con obrigación de o investir na reedificación do predio.

Se o usufrutuario se negase a contribuír ao seguro, constituíndoo por si só o propietario, percibirá este íntegro o prezo do seguro en caso de sinistro, salvo sempre o dereito concedido ao usufrutuario no artigo anterior.

519. Se a cousa usufrutuada for expropiada por causa de utilidade pública, o propietario estará obrigado, ou ben a subrogala con outra de igual valor e análogas condicións, ou ben a aboar ao usufrutuario o xuro legal do importe da indemnización por todo o tempo que deba durar o usufruto.

Se o propietario optar polo último, deberá afianzar o pagamento dos réditos. **526**

520. O usufruto non se extingue polo mal uso da cousa usufrutuada; mais se o abuso inferir considerable prexuízo ao propietario, poderá este pedir que se lle entregue a cousa, obrigándose a pagar anualmente ao usufrutuario o produto líquido dela, despois de deducir os gastos e o premio que se lle asignar pola súa administración.

521. O usufruto constituído en proveito de varias persoas vivas no momento da súa constitución non se extinguirá até a morte da última que sobreviva.

522. Terminado o usufruto, entregárase ao propietario a cousa usufrutuada, salvo o dereito de retención que compete ao usufrutuario ou aos seus herdeiros polos desembolsos de que deban ser reintegrados. Verificada a entrega, cancelárase a fianza ou hipoteca.

CAPÍTULO II

DO USO E DA HABITACIÓN

523. As facultades e obrigacións do usuario e do que ten dereito de habitación regularanse polo título constitutivo destes dereitos, e, na súa falta, polas disposicións seguintes.

524. O uso dá dereito a percibir dos froitos da cousa allea os que basten ás necesidades do usuario e da súa familia, aínda que esta aumente.

A habitación dá a quen ten este dereito a facultade de ocupar nunha casa allea as pezas necesarias para si e para as persoas da súa familia.

525. Os dereitos de uso e habitación non se poden arrendar nin traspasar a outro por ningunha clase de título.

526. O que tiver o uso dun rabaño ou fato de gando poderase aproveitar das crías, do leite e da la en canto baste para o seu consumo e o da súa familia, ben como tamén do esterco necesario para a fertilización das terras que cultive.

527. Se o usuario consumir todos os froitos da cousa allea, ou o que teña dereito de habitación ocupar toda a casa, estará obrigado aos gastos de cultivo, ás reparacións ordinarias de conservación e ao pagamento das contribucións, do mesmo modo que o usufrutuario.

Se só percibir parte dos froitos ou habitar parte da casa, non deberá contribuír con nada, sempre que lle quede ao propietario unha parte de froitos ou aproveitamentos bastantes para cubrir os gastos e as cargas. Se non foren bastantes, suplirá aquel o que falte.

528. As disposicións establecidas para o usufruto son aplicables aos dereitos de uso e habitación en canto non se opoñan ao ordenado no presente capítulo.

529. Os dereitos de uso e habitación extínguense polas mesmas causas que o usufruto e, ademais, por abuso grave da cousa e da habitación.

TÍTULO VII

Das servidumes

CAPÍTULO PRIMEIRO

DAS SERVIDUMES EN XERAL

Sección 1.^a Das diferentes clases de servidumes que se poden establecer sobre os predios

530. A servidume é un gravame imposto sobre un inmovble en beneficio doutro pertencente a distinto dono.

O inmovble a cuxo favor está constituída a servidume chámase predio dominante; o que a sofre, predio servente.

531. Tamén se poden establecer servidumes en proveito dunha ou máis persoas, ou dunha comunidade, ás cales non pertenza o predio gravado.

532. As servidumes poden ser continuas ou descontinuas, aparentes ou non aparentes.

Continuas son aquelas cuxo uso é ou pode ser incesante, **538**
sen a intervención de ningún feito do home.

Descontinuas son as que se usan a intervalos máis ou menos longos e dependen de actos do home.

Aparentes, as que se anuncian e están continuamente á vista por signos exteriores, que revelan o uso e aproveitamento delas.

Non aparentes, as que non presentan indicio ningún exterior da súa existencia.

533. As servidumes son, ademais, positivas ou negativas.

Chámase positiva a servidume que impón ao dono do predio servente a obrigaón de deixar facer algunha cousa ou de facela por si mesmo; e negativa, a que prohibe ao dono do predio servente facer algo que lle sería lícito sen a servidume.

534. As servidumes son inseparables do predio a que activa ou pasivamente pertencen.

535. As servidumes son indivisibles. Se o predio servente se divide entre dous ou máis, a servidume non se modifica e cada un deles ten que a tolerar na parte que lle corresponda.

Se é o predio dominante o que se divide entre dous ou máis, cada un deles pode usar por enteiro da servidume, non alterando o lugar do seu uso, nin agravándoa doutra maneira.

536. As servidumes son establecidas pola lei ou pola vontade dos propietarios. Aquelas chámanse legais e estas voluntarias.

Sección 2.^a Dos modos de adquirir as servidumes

537. As servidumes continuas e aparentes adquírense en virtude de título ou por prescrición de vinte anos.

538. Para adquirir por prescrición as servidumes a que se refire o artigo anterior, o tempo da posesión contárase: nas positivas, desde o día en que o dono do predio domi-

539 nante, ou o que aproveitase a servidume, comezase a exercela sobre o predio servente; e nas negativas, desde o día en que o dono do predio dominante prohibise, por un acto formal, ao do servente a execución do feito que sería lícito sen a servidume.

539. As servidumes continuas non aparentes e as descontinuas, sexan ou non aparentes, só se poderán adquirir en virtude de título.

540. A falta de título constitutivo das servidumes que non poden adquirirse por prescrición, unicamente se pode suplir pola escritura de recoñecemento do dono do predio servente ou por unha sentenza firme.

541. A existencia dun signo aparente de servidume entre dous predios, establecido polo propietario de ambos, considerárase, de se allear un, como título para que a servidume continúe activa e pasivamente, a non ser que, no momento de separarse a propiedade dos dous predios, se exprese o contrario no título de alleamento de calquera deles, ou se faga desaparecer aquel signo antes do outorgamento da escritura.

542. Ao establecerse unha servidume enténdense concedidos todos os dereitos necesarios para o seu uso.

Sección 3.^a Dereitos e obrigacións dos propietarios dos predios dominante e servente

543. O dono do predio dominante poderá facer, á súa custa, no predio servente as obras necesarias para o uso e conservación da servidume, mais sen alterala nin facela máis gravosa.

Deberá elixir para isto o tempo e a forma convenientes a fin de lle ocasionar a menor incomodidade posible ao dono do predio servente.

544. Se foren varios os predios dominantes, os donos de todos eles estarán obrigados a contribuír aos gastos de que trata o artigo anterior, en proporción ao beneficio que a cada cal produza a obra. O que non queira contribuír pode-

rase eximir renunciando á servidume en proveito dos demais. **547**

Se o dono do predio servente se aproveitar dalgún modo da servidume, estará obrigado a contribuír aos gastos na proporción antes expresada, salvo pacto en contrario.

545. O dono do predio servente non poderá menoscar de ningún modo o uso da servidume constituída.

No entanto, se por razón do lugar asignado primitivamente, ou da forma establecida para o uso da servidume, chegar esta a ser moi incómoda ao dono do predio servente, ou o privar de facer nel obras, reparacións ou benfeitorías importantes, poderá variarse á súa custa, sempre que ofrezca outro lugar ou forma igualmente cómodos, e de sorte que non resulte prexuízo ningún para o dono do predio dominante ou para os que teñan dereito ao uso da servidume.

Sección 4.^a Dos modos de extinguirse as servidumes

546. As servidumes extínguense:

1. Por reunirse nunha mesma persoa a propiedade do predio dominante e a do servente.

2. Polo non uso durante vinte anos.

Este prazo principiará a contarse desde o día en que deixase de usarse a servidume respecto ás descontinuas; e desde o día en que tivese lugar un acto contrario á servidume, respecto ás continuas.

3. Cando os predios cheguen a tal estado que non se poida usar da servidume; mais esta revivirá se despois o estado dos predios permitir usar dela, a non ser que, cando sexa posible o uso, transcorrese o tempo suficiente para a prescrición conforme o disposto no número anterior.

4. Por chegar o día ou realizarse a condición, se a servidume for temporal ou condicional.

5. Pola renuncia do dono do predio dominante.

6. Pola redención convida entre o dono do predio dominante e o do servente.

547. A forma de prestar a servidume pódese prescribir como a servidume mesma, e da mesma maneira.

548. Se o predio dominante pertencer a varios en común, o uso da servidume feito por un impide a prescripción respecto dos demais.

CAPÍTULO II

DAS SERVIDUMES LEGAIS

Sección 1.^a Disposicións xerais

549. As servidumes impostas pola lei teñen por obxecto a utilidade pública ou o interese dos particulares.

550. Todo o concernente ás servidumes establecidas para utilidade pública ou comunal rexerase polas leis e regulamentos especiais que as determinan e, na súa falta, polas disposicións deste título.

551. As servidumes que impón a lei en interese dos particulares, ou por causa de utilidade privada, rexeranse polas disposicións deste título, sen prexuízo do que dispoñan as leis, regulamentos e ordenanzas xerais ou locais sobre policía urbana ou rural.

Estas servidumes poderán ser modificadas por convenio dos interesados cando non o prohiba a lei nin resulte prexuízo para terceiro.

Sección 2.^a Das servidumes en materia de augas

Véxase o texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2001, do 20 de xullo.

552. Os predios inferiores están suxeitos a recibir as augas que, naturalmente e sen obra do home, descenden dos predios superiores, ben como a terra ou pedra que arrastran no seu curso.

Nin o dono do predio inferior pode facer obras que impidan esta servidume, nin o do superior obras que a graven.

553. As ribeiras dos ríos, mesmo que sexan de dominio privado, están suxeitas en toda a súa extensión e as súas marxes, nunha zona de tres metros, á servidume de uso público

en interese xeral da navegación, a flotación, a pesca e o salvamento. **558**

Os predios contiguos ás ribeiras dos ríos navegables ou flotables están ademais suxeitos á servidume de camiño de sirga para o servizo exclusivo da navegación e flotación fluvial.

Se for necesario ocupar para isto terreos de propiedade particular, procederá a correspondente indemnización.

554. Cando para a derivación ou toma de augas dun río ou regato, ou para o aproveitamento doutras correntes continuas ou descontinuas, for necesario establecer unha presa, e o que deba facelo non sexa dono das ribeiras ou terreos en que necesite apoiala, poderá establecer a servidume de estribo de presa, precedendo a indemnización correspondente.

555. As servidumes forzosas de extracción de auga e de bebedoiro só se poderán impor por causa de utilidade pública en favor dalgunha poboación ou casarío, precedendo a correspondente indemnización.

556. As servidumes de extracción de auga e de bebedoiro levan consigo a obrigação nos predios serventes de dar paso a persoas e gandos até o punto onde se deban utilizar aquelas, debendo ser extensiva a este servizo a indemnización.

557. Todo o que se queira servir da auga de que pode dispor para un predio seu ten dereito a facela pasar polos predios intermedios, con obrigação de indemnizar os seus donos, como tamén os dos predios inferiores sobre os cales se filtren ou caian as augas.

558. O que pretenda usar do dereito concedido no artigo anterior está obrigado:

1.º A xustificar que pode dispor da auga e que esta é suficiente para o uso a que a destina.

2.º A demostrar que o paso que solicita é o máis conveniente e menos oneroso para terceiro.

559 3.º A indemnizar o dono do predio servente na forma que determinen as leis e regulamentos.

559. Non pode imporse a servidume de acueduto para obxecto de interese privado sobre edificios, nin os seus patios ou dependencias, nin sobre xardíns ou hortas xa existentes.

560. A servidume de acueduto non obsta para que o dono do predio servente poida choelo e valalo, ben como edificar sobre o mesmo acueduto de maneira que este non experimente prexuízo, nin se imposibiliten as reparacións e limpezaas necesarias.

561. Para os efectos legais, a servidume de acueduto será considerada como continua e aparente, mesmo que non sexa constante o paso da auga ou o seu uso dependa das necesidades do predio dominante, ou dunha quenda establecida por días ou por horas.

562. O que para dar rega á súa herdade ou mellorala necesite construír presa ou tornadoiro no leito por onde deba recibir a auga, poderá exixir que os donos das marxes permitan a súa construción, precedendo aboamento de danos e perdas, mesmo os que se orixinen da nova servidume aos ditos donos e aos demais regantes.

563. O establecemento, extensión, forma e condicións das servidumes de augas de que se trata nesta sección rexeranse pola lei especial da materia en canto non estea previsto neste código.

Sección 3.ª Da servidume de paso

564. O propietario dun predio ou herdade enclavados entre outros alleos e sen saída a camiño público ten dereito a exixir paso polas herdades veciñas, precedendo a correspondente indemnización.

Se esta servidume se constituíu de maneira que poida ser continuo o seu uso para todas as necesidades do predio dominante establecendo unha vía permanente, a indemnización consistirá no valor do terreo que se ocupe e no importe dos prexuízos que se causen no predio servente.

Cando se limite ao paso necesario para o cultivo do predio enclavado entre outros e para a extracción das súas colleitas a través do predio servente sen vía permanente, a indemnización consistirá no aboamento do prexuízo que ocasione este gravame.

565. A servidume de paso débese dar polo punto menos prexudicial ao predio servente e, en canto for conciliable con esta regra, por onde sexa menor a distancia do predio dominante ao camiño público.

566. O largo da servidume de paso será o que sexa suficiente para as necesidades do predio dominante.

567. Se, adquirido un predio por venda, permuta ou partilla, ficar enclavado entre outros do vendedor, permutante ou copartícipe, estes están obrigados a dar paso sen indemnización, salvo pacto en contrario.

568. Se o paso concedido a un predio enclavado deixar de ser necesario por telo xuntado o seu dono a outro que estea contiguo ao camiño público, o dono do predio servente poderá pedir que se extinga a servidume, devolvendo o que recibise por indemnización.

O mesmo se entenderá no caso de se abrir un novo camiño que dea acceso ao predio enclavado.

569. Se for indispensable para construír ou reparar algún edificio pasar materiais por predio alleo, ou colocar nel estadas ou outros obxectos para a obra, o dono deste predio está obrigado a consentilo, recibindo a indemnización correspondente ao prexuízo que se lle irroque.

570. As servidumes existentes de paso para gandos, coñecidas cos nomes de *cañada*, *cordel*, *vereda* ou calquera outro, e as de bebedoiro, pousadoiro e curro, rexeranse polas ordenanzas e regulamentos do ramo e, na súa falta, polo uso e costume do lugar.

Sen prexuízo dos dereitos lexitimamente adquiridos, a *cañada* non poderá exceder en todo caso o largo de 75 metros, o *cordel* de 37 metros 50 centímetros, e a *vereda* de 20 metros.

571 Cando sexa necesario establecer a servidume forzosa de paso ou a de bebedoiro para gandos, observarase o disposto nesta sección e nos artigos 555 e 556. Neste caso o largo non poderá exceder os 10 metros.

Sección 4.^a Das servidumes de medianil

571. A servidume de medianil rexerase polas disposicións deste título e polas ordenanzas e usos locais en canto non se opoñan a el ou non estea establecido no mesmo título.

572. Presúmese a servidume de medianil mentres non haxa un título ou signo exterior ou proba en contrario:

1.º Nas paredes divisorias dos edificios contiguos até o punto común de elevación.

2.º Nas paredes divisorias dos xardíns ou currais situados en poboado ou no campo.

3.º Nas cercas, valados e sebes vivas que dividen os predios rústicos.

573. Enténdese que hai signo exterior, contrario á servidume de medianil:

1.º Cando nas paredes divisorias dos edificios haxa xanelas ou ocos abertos.

2.º Cando a parede divisoria estea por un lado recta e vertical en todo o seu paramento, e polo outro presente o mesmo na súa parte superior, tendo na inferior rebaixes ou resaltos.

3.º Cando resulte construída toda a parede sobre o terreo dun dos predios, e non por metade entre un e outro dos dous contiguos.

4.º Cando sufra as cargas de carreiras, pisos e armazóns dun dos predios, e non do contiguo.

5.º Cando a parede divisoria entre patios, xardíns e herdades estea construída de modo que o topete verta para unha das propiedades.

6.º Cando a parede divisoria, construída de cachotería, presente pedras, chamadas pasadoiros, que de distancia en

distancia saian fóra da superficie só por un lado e non polo **577**
outro.

7.º Cando as herdades contiguas a outras defendidas por valados ou sebes vivas non se encontren cerradas.

En todos estes casos, a propiedade das paredes, valados ou sebes entenderase que pertence exclusivamente ao dono do predio ou herdade que teña ao seu favor a presunción fundada en calquera dos signos indicados.

574. As gabias ou levadas abertas entre as herdades presúmense tamén medianís, de non haber título ou signo que demostre o contrario.

Hai signo contrario á servidume de medianil cando a terra ou broza extraída para abrir a gabia ou para a súa limpeza está dun só lado, caso en que a propiedade da gabia pertencerá exclusivamente ao dono da herdade que teña ao seu favor este signo exterior.

575. A reparación e construción das paredes medianís e o mantemento dos valados, sebes vivas, gabias e levadas, tamén medianís, será custeado por todos os donos dos predios que teñan ao seu favor a servidume de medianil, en proporción ao dereito de cada un.

No entanto, todo propietario pode dispensarse de contribuir a esta carga renunciando á servidume de medianil, salvo o caso en que a parede medianil sosteña un edificio seu.

576. Se o propietario dun edificio que se apoia nunha parede medianil quixer derrubalo, poderá igualmente renunciar á servidume de medianil, mais serán da súa conta todas as reparacións e obras necesarias para evitar, por aquela vez soamente, os danos que a derruba poida ocasionar á parede medianil.

577. Todo propietario pode alzar a parede medianil, facéndoo ás súas expensas e indemnizando os prexuízos que se ocasionen coa obra, aínda que sexan temporais.

Serán igualmente da súa conta os gastos de conservación da parede, no que esta se levantara ou afondase os seus alicerces respecto de como estaba antes; e, ademais, a indemnización dos maiores gastos que haxa que facer para a

578 conservación da parede medianil por razón da maior altura ou profundidade que se lle dese.

Se a parede medianil non puiden resistir a maior elevación, o propietario que queira levantala terá obrigación de reconstruíla á súa custa; e se para isto for necesario darlle maior espesor, deberá dalo do seu propio solo.

578. Os demais propietarios que non contribuísen a dar máis elevación, profundidade ou espesor á parede poderán, no entanto, adquirir nela os dereitos de medianil, pagando proporcionalmente o importe da obra e a metade do valor do terreo sobre o cal se lle dese maior espesor.

579. Cada propietario dunha parede medianil poderá usar dela en proporción ao dereito que teña na mancomunidade; poderá, por tanto, edificar apoiando a súa obra na parede medianil, ou introducindo vigas até a metade do seu espesor, mais sen impedir o uso común e respectivo dos demais medianeiros.

Para usar o medianeiro deste dereito debe obter previamente o consentimento dos demais interesados na servidume de medianil; e se non o obtiver, serán fixadas por peritos as condicións necesarias para que a nova obra non prexudique os dereitos daqueles.

Sección 5.^a Da servidume de luces e vistas

580. Ningún medianeiro pode sen consentimento do outro abrir en parede medianil ventá nin oco ningún.

581. O dono dunha parede non medianil, contigua a predio alleo, pode abrir nela xanelas ou ocos para recibir luces á altura das carreiras, ou inmediatos aos teitos, e das dimensións de 30 centímetros en cadro, e, en todo caso, con reixa de ferro remetida na parede e con rede de arame.

No entanto, o dono do predio ou propiedade contigua á parede en que estiveren abertos os ocos poderá cerralos se adquire a servidume de medianil e non se pactase o contrario.

Tamén os poderá cubrir edificando no seu terreo ou levantando parede contigua á que teña o devandito oco ou xanela.

582. Non se pode abrir xanelas con vistas rectas, nin balcóns ou outras sacadas semellantes, sobre o predio do veciño, se non hai dous metros de distancia entre a parede en que se constrúan e a devandita propiedade.

Tampouco poden terse vistas de lado ou oblicuas sobre a mesma propiedade, se non hai 60 centímetros de distancia.

583. As distancias de que se fala no artigo anterior contarán nas vistas rectas desde a liña exterior da parede nos ocos en que non haxa sacadas, desde a liña destes onde os haxa, e para as oblicuas desde a liña de separación das dúas propiedades.

584. O disposto no artigo 582 non é aplicable aos edificios separados por unha vía pública.

585. Cando por calquera título se adquirise dereito a ter vistas directas, balcóns ou miradoiros sobre a propiedade estremeira, o dono do predio servente non poderá edificar a menos de tres metros de distancia, tomándose a medida da maneira indicada no artigo 583.

Sección 6.ª Do desaugamento dos edificios

586. O propietario dun edificio está obrigado a construír os seus tellados ou cubertas de maneira que as augas pluviais caian sobre o seu propio solo ou sobre a rúa ou sitio público, e non sobre o solo do veciño. Aínda caendo sobre o solo propio, o propietario está obrigado a recoller as augas de modo que non causen prexuízo ao predio contiguo.

587. O dono do predio que sofre a servidume de vertente dos tellados poderá edificar recibindo as augas sobre o seu propio tellado ou dándolles outra saída conforme as ordenanzas ou costumes locais e de modo que non resulte gravame nin prexuízo ningún para o predio dominante.

588. Cando o curral ou patio dunha casa estea enclavado entre outras, e non sexa posible dar saída pola mesma casa ás augas pluviais que nel se recollan, poderá exixirse o establecemento da servidume de desaugamento, dando paso ás augas polo punto dos predios contiguos en que sexa máis

589 fácil a saída e establecéndose o conduto de desaugamento na forma que menos prexuízos ocasione ao predio servente, precedendo a indemnización que corresponda.

Sección 7.^a Das distancias e obras intermedias para certas construcións e plantacións

589. Non se poderá edificar nin facer plantacións preto das prazas fortes ou fortalezas sen suxeitarse ás condicións exixidas polas leis, ordenanzas e regulamentos particulares da materia.

590. Ninguén poderá construír preto dunha parede allea ou medianil pozos, cloacas, acuedutos, fornos, forxas, chemineas, cortes, depósitos de materias corrosivas, artefactos que se movan polo vapor, ou fábricas que por si mesmas ou polos seus produtos sexan perigosas ou nocivas, sen gardar as distancias prescritas polos regulamentos e usos do lugar, e sen executar as obras de resguardo necesarias, con suxeición, no modo, ás condicións que os mesmos regulamentos prescriban.

Na falta de regulamento tomaranse as precaucións que se xulguen necesarias, precedendo ditame pericial, a fin de evitar todo dano ás herdades ou edificios veciños.

591. Non se poderán plantar árbores preto dunha herdade allea senón á distancia autorizada polas ordenanzas ou o costume do lugar, e, na súa falta, á de dous metros da liña divisoria das herdades se a plantación se fai de árbores altas, e á de 50 centímetros se a plantación é de arbustos ou árbores baixas.

Todo propietario ten dereito a pedir que se arrinquen as árbores que en diante se plantaren a menor distancia da súa herdade.

592. Se as ramas dalguhas árbores se estenderen sobre unha herdade, xardíns ou patios veciños, terá o dono destes dereito a reclamar que se corten en canto se estendan sobre a súa propiedade, e se foren as raíces das árbores veciñas as que se estenderen en solo doutro, o dono do solo en que se

introduzan poderaas cortar por si mesmo dentro da súa her- **598**
dade.

593. As árbores existentes nunha sebe viva ou sebe medinail presúmense tamén medianís, e calquera dos donos ten dereito a exixir a súa derruba.

Exceptúanse as árbores que sirvan de marcos, as cales non se poderán arrincar senón de común acordo entre os estremeiros.

CAPÍTULO III

DAS SERVIDUMES VOLUNTARIAS

594. Todo propietario dun predio pode establecer nel as servidumes que teña por conveniente, e no modo e forma que ben lle parecer, sempre que non contraveña as leis nin a orde pública.

595. O que teña a propiedade dun predio cuxo usufruto pertenza a outro, poderá impor sobre el, sen o consentimento do usufrutuario, as servidumes que non prexudiquen o dereito do usufruto.

596. Cando pertenza a unha persoa o dominio directo dun predio e a outra o dominio útil, non se poderá establecer sobre el servidume voluntaria perpetua sen o consentimento de ambos os donos.

597. Para impor unha servidume sobre un fundo indiviso necesítase o consentimento de todos os copropietarios.

A concesión feita só por algúns ficará en suspenso até que a outorgue o último de todos os partícipes ou copropietarios.

Mais a concesión feita por un dos copropietarios separadamente dos outros obriga o concedente e os seus sucesores, aínda que o sexan a título particular, a non impedir o exercicio do dereito concedido.

598. O título e, se for o caso, a posesión da servidume adquirida por prescripción determinan os dereitos do predio dominante e as obrigacións do servente. Na súa falta, rexe-

rase a servidume polas disposicións do presente título que lle sexan aplicables.

599. Se o dono do predio servente se tiver obrigado, ao se constituír a servidume, a custear as obras necesarias para o seu uso e conservación, poderase librar desta carga abandonando o seu predio ao dono do dominante.

600. A comunidade de pastos só se poderá establecer no sucesivo por concesión expresa dos propietarios, que resulte de contrato ou de derradeira vontade, e non a favor dunha universalidade de individuos e sobre unha universalidade de bens, senón a favor de determinados individuos e sobre predios tamén certos e determinados.

A servidume establecida conforme este artigo rexerase polo título da súa institución.

601. A comunidade de pastos en terreos públicos, xa pertencen aos municipios xa ao Estado, rexerase polas leis administrativas.

602. Se entre os veciños dunha ou máis localidades existir comunidade de pastos, o propietario que cercar con chousume ou sebe un predio, farao libre da comunidade. Ficarán, non obstante, subsistentes as demais servidumes que estiveren establecidas sobre o predio.

O propietario que cercar o seu predio conservará o seu dereito á comunidade de pastos nos outros predios non cercados.

603. O dono de terreos gravados coa servidume de pastos poderá redimir esta carga mediante o pagamento do seu valor aos que teñan dereito á servidume.

Na falta de convenio, fixarase o capital para a redención sobre a base do 4 por 100 do valor anual dos pastos, regulado por taxación pericial.

604. O disposto no artigo anterior é aplicable ás servidumes establecidas para o aproveitamento de leñas e demais produtos dos montes de propiedade particular.

Do rexistro da propiedade**CAPÍTULO ÚNICO**

605. O rexistro da propiedade ten por obxecto a inscrición ou anotación dos actos e contratos relativos ao dominio e demais dereitos reais sobre bens inmuebles.

606. Os títulos de dominio, ou doutros dereitos reais sobre bens inmuebles, que non estean debidamente inscritos ou anotados no rexistro da propiedade, non prexudican terceiro.

607. O rexistro da propiedade será público para os que teñan interese coñecido en indagar o estado dos bens inmuebles ou dereitos reais anotados ou inscritos.

608. Para determinar os títulos suxeitos a inscrición ou anotación, e a forma, efectos e extinción delas, a maneira de levar o rexistro e o valor dos asentos dos seus libros, observase o disposto na Lei hipotecaria.

LIBRO III**Dos diferentes modos de adquirir a propiedade****DISPOSICIÓN PRELIMINAR**

609. A propiedade adquirese pola ocupación.

A propiedade e os demais dereitos sobre os bens adquirense e transmítense pola lei, por doazón, por sucesión testada e intestada, e por consecuencia de certos contratos mediante a tradición.

Poden tamén adquirirse por medio da prescrición.

TÍTULO PRIMEIRO**Da ocupación**

610. Adquirense pola ocupación os bens apropiables pola súa natureza que carecen de dono, como os animais que

611 son obxecto da caza e da pesca, o tesouro oculto e as cousas mobles abandonadas.

611. O dereito de caza e pesca réxese por leis especiais.

612. O propietario dun enxame de abellas terá dereito a perseguilo sobre o fundo alleo, indemnizando ao posuidor deste o dano causado. Se estiver cercado, precisará o consentimento do dono para penetrar nel.

Cando o propietario non perseguise, ou cese de perseguir o enxame dous días consecutivos, poderá o posuidor do predio ocupalo ou retelo.

O propietario de animais amansados poderá tamén reclamálos dentro de vinte días, contados desde a súa ocupación por outro. Pasado este prazo, pertencerán ao que os collese e conservase.

613. As pombas, coellos e peixes que do seu respectivo criadouro pasaren a outro pertencente a distinto dono, serán de propiedade deste, sempre que non foren atraídos por medio dalgún artificio ou fraude.

614. O que por casualidade descubrir un tesouro oculto en propiedade allea terá o dereito que lle concede o artigo 351 deste código.

615. O que encontrar unha cousa moble, que non sexa tesouro, debe restituíla ao seu anterior posuidor. Se este non for coñecido, deberá consignala inmediatamente en poder do alcalde da localidade onde se verificase o achado.

O alcalde fará publicar este, na forma acostumada, dous domingos consecutivos.

Se a cousa moble non se puiden conservar sen deterioración ou sen facer gastos que diminúan notablemente o seu valor, venderase en poxa pública despois de que pasasen oito días desde o segundo anuncio sen terse presentado o dono, e depositarase o seu prezo.

Pasados dous anos, contados desde o día da segunda publicación, sen terse presentando o dono, adxudicáraselle a cousa encontrada ou o seu valor a quen a achase.

Tanto este como o propietario estarán obrigados, cada cal **622**
no seu caso, a satisfacer os gastos.

616. Se se presentar a tempo o propietario, estará obrigado a aboar, a título de premio, a quen fixese o achado, a décima parte da suma ou do prezo da cousa encontrada. Cando o valor do achado exceda as 2.000 pesetas, o premio reducirase á vixésima parte canto ao exceso.

617. Os dereitos sobre os obxectos botados ao mar ou sobre os que as ondas boten á praia, de calquera natureza que foren, ou sobre as plantas e herbas que crezan na súa ribeira, determínanse por leis especiais.

TÍTULO II

Da doazón

CAPÍTULO PRIMEIRO

DA NATUREZA DAS DOAZÓNS

618. A doazón é un acto de liberalidade polo cal unha persoa dispón gratuitamente dunha cousa en favor doutra, que a acepta.

619. É tamén doazón a que se fai a unha persoa polos seus méritos ou polos servizos prestados ao doador, sempre que non constituán débedas exixibles, ou aquela en que se impón ao donatario un gravame inferior ao valor do doado.

620. As doazóns que deban producir os seus efectos por morte do doador participan da natureza das disposicións de derradeira vontade, e rexeranse polas regras establecidas no capítulo da sucesión testamentaria.

621. As doazóns que deban producir os seus efectos entre vivos rexeranse polas disposicións xerais dos contratos e obrigacións en todo o que non estea determinado neste título.

622. As doazóns con causa onerosa rexeranse polas regras dos contratos e as remuneratorias polas disposicións deste título na parte que excedan o valor do gravame imposto.

623. A doazón perfecciónase desde que o doador coñece a aceptación do donatario.

CAPÍTULO II

DAS PERSOAS QUE PODEN FACER OU RECIBIR DOAZÓNS

624. Poderán facer doazón todos os que poidan contratar e dispor dos seus bens.

625. Poderán aceptar doazóns todos os que non estean especialmente incapacitados pola lei para isto.

626. As persoas que non poden contratar non poderán aceptar doazóns condicionais ou onerosas sen a intervención dos seus lexítimos representantes.

627. As doazóns feitas aos concibidos e non nacidos poderán ser aceptadas polas persoas que lexitimamente os representarían se se tiver verificado xa o seu nacemento.

628. As doazóns feitas a persoas inhábiles son nulas, aínda que o fosen simuladamente, baixo aparencia doutro contrato, por persoa interposta.

629. A doazón non obriga o doador nin produce efecto senón desde a aceptación.

630. O donatario debe, so pena de nulidade, aceptar a doazón por si ou por medio de persoa autorizada con poder especial para o caso, ou con poder xeral e bastante.

631. As persoas que acepten unha doazón en representación doutras que non poidan facelo por si estarán obrigadas a procurar a notificación e anotación de que fala o artigo 633.

632. A doazón de cousa moble poderase facer verbalmente ou por escrito.

A verbal require a entrega simultánea da cousa doada. De faltar este requisito, non producirá efecto se non se fai por escrito e consta na mesma forma a aceptación.

633. Para que sexa válida a doazón de cousa inmoble, **637**
débesse facer en escritura pública, expresándose nela individualmente os bens doados e o valor das cargas que deba satisfacer o donatario.

A aceptación poderase facer na mesma escritura de doazón ou noutra separada; mais non producirá efecto se non se fixer en vida do doador.

Feita en escritura separada, deberase notificar a aceptación en forma auténtica ao doador, e anotarase esta dilixencia en ambas as escrituras.

CAPÍTULO III

DOS EFECTOS E LIMITACIÓNS DAS DOAZÓNS

634. A doazón poderá comprender todos os bens presentes do doador, ou parte deles, con tal de que este reserve para si, en plena propiedade ou en usufruto, o necesario para vivir nun estado correspondente ás súas circunstancias.

635. A doazón non poderá comprender os bens futuros. Por bens futuros enténdense aqueles de que o doador non pode dispor no momento da doazón.

636. Malia o disposto no artigo 634, ningún poderá dar nin recibir, por vía de doazón, máis do que poida dar ou recibir por testamento.

A doazón será inoficiosa en todo o que exceda esta medida.

637. Cando a doazón fose feita a varias persoas conxuntamente, entenderase por partes iguais; e non se dará entre elas o dereito de acrecer, se o doador non tiver disposto outra cousa.

Exceptúanse desta disposición as doazóns feitas conxuntamente a ambos os cónxuxes, entre os cales terá lugar aquel dereito, se o doador non tiver disposto o contrario.

O parágrafo segundo deste artigo foi redactado conforme a Lei 13/2005, do 1 de xullo.

REDACCIÓN ORIXINARIA...- «Cando a doazón fose feita a varias persoas conxuntamente, entenderase por partes iguais; e non se dará entre elas o dereito de acrecer, se o doador non tiver disposto outra cousa.

Exceptúanse desta disposición as doazóns feitas conxuntamente a marido e muller, entre os cales terá lugar aquel dereito, se o doador non tiver disposto o contrario».

638. O donatario subrógase en todos os dereitos e accións que en caso de evicción corresponderían ao doador. Este, en cambio, non fica obrigado ao saneamento das cousas doadas, salvo se a doazón for onerosa, caso en que responderá o doador da evicción até a concorrencia do gravame.

639. Poderá reservar o doador para si a facultade de dispor dalgúns dos bens doados, ou dalgunha cantidade con cargo a eles; mais, se morrer sen ter feito uso deste dereito, pertencerán ao donatario os bens ou a cantidade que tiver reservado.

640. Tamén se poderá doar a propiedade a unha persoa e o usufruto a outra ou outras, coa limitación establecida no artigo 781 deste código.

641. Poderase establecer validamente a reversión en favor de só o doador para calquera caso e circunstancias, mais non en favor doutras persoas senón nos mesmos casos e con iguais limitacións que determina este código para as substitucións testamentarias.

A reversión estipulada polo doador en favor de terceiro contra o disposto no parágrafo anterior é nula; mais non producirá a nulidade da doazón.

642. Se a doazón se fixese impondo ao donatario a obrigaçión de pagar as débedas do doador, se a cláusula non contiver outra declaración, só se entenderá aquel obrigado a pagar as que aparecesen contraídas antes.

643. Non mediando estipulación a respecto do pagamento de débedas, só responderá delas o donatario cando a doazón se fixese en fraude dos acredores.

Presumirase sempre feita a doazón en fraude dos acredores cando ao facela non reservase para si o doador bens bastantes para pagar as débedas anteriores a ela.

DA REVOGACIÓN E REDUCIÓN DAS DOAZÓNS

644. Toda doazón entre vivos, feita por persoa que non teña fillos nin descendentes, será revogable polo mero feito de ocorrer calquera dos casos seguintes:

1.º Que o doador teña, despois da doazón, fillos, aínda que sexan póstumos.

2.º Que resulte vivo o fillo do doador que este reputaba morto cando fixo a doazón.

Redactado conforme a Lei 11/1981, do 13 de maio.

REDACCIÓN ORIXINARIA.—«Toda doazón entre vivos, feita por persoa que non teña fillos nin descendentes lexítimos, nin lexitimados por subseguinte matrimonio, fica revogada polo mero feito de ocorrer calquera dos casos seguintes:

1.º Que o doador teña, despois da doazón, fillos lexítimos ou lexitimados, ou naturais recoñecidos, aínda que sexan póstumos.

2.º Que resulte vivo o fillo do doador que este reputaba morto cando fixo a doazón.»

645. Rescindida a doazón pola supervivencia de fillos, restituíranse ao doador os bens doados, ou o seu valor se o donatario os vendeu.

De se acharen hipotecados, poderá o doador liberar a hipoteca, pagando a cantidade que garanta, con dereito a reclamala do donatario.

Cando os bens non puideren ser restituídos, apreciaranse polo que valían no momento de facer a doazón.

646. A acción de revogación por superveniencia ou supervivencia de fillos prescribe polo transcurso de cinco anos, contados desde que se tivo noticia do nacemento do último fillo ou da existencia do que se cría morto.

Esta acción é irrenunciabile e transmítese, por morte do doador, aos fillos e aos seus descendentes.

Redactado conforme a Lei 11/1981, do 13 de maio.

REDACCIÓN ORIXINARIA.—«A acción de revogación por superveniencia de fillos prescribe polo transcurso de cinco anos, contados desde o nacemento do último fillo, ou desde a lexitimación ou recoñecemento, ou desde que se tivo noticia da existencia do que se cría morto.

Esta acción é irrenunciábel, e transmítese, por morte do doador, aos fillos e aos seus descendentes lexítimos.»

647. A doazón será revogada por instancia do doador, cando o donatario deixase de cumprir algunha das condicións que aquel lle impuxo.

Neste caso, os bens doados volverán ao doador, ficando nulos os alleamentos que o donatario fixese e as hipotecas que sobre eles impuxese, coa limitación establecida, canto a terceiros, pola Lei hipotecaria.

648. Tamén poderá ser revogada a doazón, por instancia do doador, por causa de ingratidade nos casos seguintes:

1.º Se o donatario cometer algún delito contra a persoa, o honor ou os bens do doador.

2.º Se o donatario imputar ao doador algún dos delitos que dan lugar a procedementos de oficio ou acusación pública, aínda que o probe; a menos que o delito se cometese contra o mesmo donatario, o seu cónxuxe ou os fillos constituídos baixo a súa autoridade.

3.º Se lle nega indebidamente os alimentos.

Redactado conforme a Lei 11/1990, do 15 de outubro.

REDACCIÓN ORIXINARIA.—«Tamén poderá ser revogada a doazón, por instancia do doador, por causa de ingratidade nos casos seguintes:

1.º Se o donatario cometer algún delito contra a persoa, a honra ou os bens do doador.

2.º Se o donatario imputar ao doador algún dos delitos que dan lugar a procedementos de oficio ou acusación pública, aínda que o probe; a menos que o delito se cometese contra o mesmo donatario, a súa muller ou os fillos constituídos baixo a súa autoridade.

3.º Se lle nega indebidamente os alimentos.»

649. Revogada a doazón por causa de ingratidade, ficarán, no entanto, subsistentes os alleamentos e hipotecas anteriores á anotación da demanda de revogación no rexistro da propiedade.

As posteriores serán nulas.

650. No caso a que se refire o primeiro parágrafo do artigo anterior, terá dereito o doador para exixir do donatario o valor dos bens alleados que non poida reclamar dos terceiros, ou a cantidade en que fosen hipotecados.

Atenderase ao momento da doazón para regular o valor **655**
dos ditos bens.

651. Cando se revogar a doazón por algunha das causas expresadas no artigo 644, ou por ingratidade, e cando se reducir por inoficiosa, o donatario non devolverá os froitos senón desde a interposición da demanda.

Se a revogación se fundar en ter deixado de cumprirse algunha das condicións impostas na doazón, o donatario devolverá, ademais dos bens, os froitos que percíbise despois de deixar de cumprir a condición.

652. A acción concedida ao doador por causa de ingratidade non se poderá renunciar anticipadamente. Esta acción prescribe no prazo dun ano, contado desde que o doador tivo coñecemento do feito e posibilidade de exercer a acción.

653. Non se transmitirá esta acción aos herdeiros do doador, se este, podendo, non a exerceu.

Tampouco se poderá exercer contra o herdeiro do donatario, a non ser que, no momento da morte deste, estivese interposta a demanda.

654. As doazóns que, consonte o disposto no artigo 636, sexan inoficiosas computado o valor líquido dos bens do doador no momento da súa morte, deberán ser reducidas canto ao exceso; mais esta redución non obstará para que teñan efecto durante a vida do doador e para que o donatario faga seus os froitos.

Para a redución das doazóns observarase o disposto neste capítulo e nos artigos 820 e 821 do presente código.

655. Só poderán pedir redución das doazóns aqueles que teñan dereito á lexítima ou a unha parte alícuota da herdanza e os seus herdeiros ou habentes causa.

Os comprendidos no parágrafo anterior non poderán renunciar o seu dereito durante a vida do doador, nin por declaración expresa, nin prestando o seu consentimento á doazón.

Os donatarios, os legatarios que non o sexan de parte alícuota e os acredores do defunto, non poderán pedir a redución nin aproveitarse dela.

656. Se, sendo dúas ou máis as doazóns, non couberen todas na parte dispoñible, suprimíranse ou reducíranse canto ao exceso as de data máis recente.

TÍTULO III

Das sucesións

DISPOSICIÓNS XERAIS

657. Os dereitos á sucesión dunha persoa transmítense desde o momento da súa morte.

658. A sucesión defínese pola vontade do home manifestada en testamento e, na falta deste, por disposición da lei.

A primeira chámase testamentaria, e a segunda, lexítima. Poderase tamén deferir nunha parte por vontade do home, e noutra por disposición da lei.

659. A herdanza comprende todos os bens, dereitos e obrigacións dunha persoa que non se extingan pola súa morte.

660. Chámase herdeiro o que sucede a título universal e legatario o que sucede a título particular.

661. Os herdeiros suceden o defunto polo feito só da súa morte en todos os seus dereitos e obrigacións.

CAPÍTULO PRIMEIRO

DOS TESTAMENTOS

Sección 1.^a Da capacidade para dispor por testamento

662. Poden testar todos aqueles a que a lei non llelo prohibe expresamente.

663. Están incapacitados para testar:

1.º Os menores de catorce anos dun e outro sexo.

2.º O que habitual ou accidentalmente non se achar no seu cabal xuízo.

664. O testamento feito antes do alleamento mental é **670** válido.

665. Sempre que o incapacitado por virtude de sentenza que non conteña pronunciamento acerca da súa capacidade para testar pretenda outorgar testamento, o notario designará dous facultativos que previamente o recoñezan e non o autorizará senón cando estes respondan da súa capacidade.

Redactado conforme a Lei 30/1991, do 20 de decembro.

REDACCIÓN ORIXINARIA.—«Sempre que o demente pretenda facer testamento nun intervalo lúcido, designará o notario dous facultativos que previamente o recoñezan, e non o outorgará senón cando estes respondan da súa capacidade, debendo dar fe do seu ditame no testamento, que subscribirán os facultativos ademais das testemuñas.»

666. Para apreciar a capacidade do testador atenderase unicamente ao estado en que se ache no momento de outorgar o testamento.

Sección 2.^a Dos testamentos en xeral

667. O acto polo cal unha persoa dispón para despois da súa morte de todos os seus bens ou de parte deles chámase testamento.

668. O testador pode dispor dos seus bens a título de herdanza ou de legado.

Na dúbida, aínda que o testador non usase materialmente a palabra herdeiro, se a súa vontade está clara acerca deste concepto, valerá a disposición como feita a título universal ou de herdanza.

669. Non poderán testar dúas ou máis persoas mancomunadamente, ou nun mesmo instrumento, xa o fagan en proveito recíproco, xa en beneficio dun terceiro.

670. O testamento é un acto persoalísimo: non se poderá deixar a súa formación, en todo nin en parte, ao arbitrio dun terceiro, nin facerse por medio de comisario ou mandatario.

Tampouco se poderá deixar ao arbitrio dun terceiro a subsistencia do nomeamento de herdeiros ou legatarios, nin a

671 designación das porcións en que deban suceder cando sexan instituídos nominalmente.

671. Poderá o testador encomendar a un terceiro a distribución das cantidades que deixe en xeral a clases determinadas, como aos parentes, aos pobres ou aos establecementos de beneficencia, ben como a escolla das persoas ou establecementos a que aquelas se deban aplicar.

672. Toda disposición que sobre institución de herdeiro, mandas ou legados faga o testador, referíndose a cédulas ou papeis privados que despois da súa morte aparezan no seu domicilio ou fóra del, será nula se nas cédulas ou papeis non concorren os requisitos previstos para o testamento hológrafo.

673. Será nulo o testamento outorgado con violencia, dolo ou fraude.

674. O que con dolo, fraude ou violencia impedir que unha persoa de quen sexa herdeiro *ab intestato* outorgue libremente a súa derradeira vontade, ficará privado do seu dereito á herdanza, sen prexuízo da responsabilidade criminal en que incorrese.

675. Toda disposición testamentaria deberase entender no sentido literal das súas palabras, a non ser que apareza claramente que foi outra a vontade do testador. En caso de dúbida observarse o que apareza máis conforme coa intención do testador, segundo o teor do mesmo testamento.

O testador non pode prohibir que se impugne o testamento nos casos en que haxa nulidade declarada pola lei.

Sección 3.^a Da forma dos testamentos

676. O testamento pode ser común ou especial. O común pode ser hológrafo, aberto ou cerrado.

677. Considéranse testamentos especiais o militar, o marítimo e o feito en país estranxeiro.

678. Chámase hológrafo o testamento cando o testador **681**
o escribe por si mesmo na forma e cos requisitos que se
determinan no artigo 688.

679. É aberto o testamento sempre que o testador mani-
festa a súa derradeira vontade en presenza das persoas que
deben autorizar o acto, ficando informadas do que nel se dis-
pón.

680. O testamento é cerrado cando o testador, sen reve-
lar a súa derradeira vontade, declara que esta se acha contida
no prego que presenta ás persoas que deben autorizar o
acto.

681. Non poderán ser testemuñas nos testamentos:

Primeiro. Os menores de idade, salvo o disposto no arti-
go 701.

Segundo. Os cegos e os totalmente xordos ou mudos.

Terceiro. Os que non entendan o idioma do testador.

Cuarto. Os que non estean no seu san xuízo.

Quinto. O cónxuxe ou os parentes dentro do cuarto grao
de consanguinidade ou segundo de afinidade do notario auto-
rizante e os que teñan con este relación de traballo.

Redactado conforme a Lei 30/1991, do 20 de decembro.

REDACCIÓN ORIXINARIA.—«Non poderán ser testemuñas nos testamen-
tos:

1.º As mulleres, salvo o disposto no artigo 701.

2.º Os homes menores de idade, coa mesma excepción.

3.º Os que non teñan a calidade de veciños ou domiciliados no lugar
do outorgamento, salvo nos casos exceptuados pola lei.

4.º Os cegos e os totalmente xordos ou mudos.

5.º Os que non entendan o idioma do testador.

6.º Os que non estean no seu san xuízo.

7.º Os que fosen condenados polo delito de falsificación de docu-
mentos públicos ou privados, ou polo de falso testemuño, e os que estean
sufrindo pena de interdicción civil.

8.º Os dependentes, amanuenses, criados ou parentes dentro do
cuarto grao de consanguinidade ou segundo de afinidade do notario
autorizante.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI DO 24 DE ABRIL DE 1958.—«Non pode-
rán ser testemuñas nos testamentos:

Primeiro. Os menores de idade, salvo o disposto no artigo 701.

Segundo. Os non domiciliados no lugar do outorgamento, a non ser que aseguren coñecer o testador e o notario coñeza este e aqueles, ou nos casos exceptuados pola lei.

Terceiro. Os cegos e os totalmente xordos ou mudos.

Cuarto. Os que non entendan o idioma do testador.

Quinto. Os que non estean no seu san xuízo.

Sexto. Os que fosen condenados polo delito de falsificación de documentos públicos e privados ou polo de falso testemuño, e os que estean sufrindo pena de interdicción civil.

Sétimo. Os oficiais, auxiliares, copistas, subalternos e criados, cónxuxes ou parentes dentro do cuarto grao de consanguinidade ou segundo de afinidade do notario autorizante.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI 6/1984, DO 31 DE MARZO.—«Non poderán ser testemuñas nos testamentos:

Primeiro. Os menores de idade, salvo o disposto no artigo 701.

Segundo. Os non domiciliados no lugar do outorgamento, a non ser que aseguren coñecer o testador e o notario coñeza este e aqueles, ou nos casos exceptuados pola lei.

Terceiro. Os cegos e os totalmente xordos ou mudos.

Cuarto. Os que non entendan o idioma do testador.

Quinto. Os que non estean no seu san xuízo.

Sexto. Os que fosen condenados polo delito de falsificación de documentos públicos ou privados ou polo de falso testemuño.

Sétimo. Os oficiais, auxiliares, copistas, subalternos e criados, cónxuxes ou parentes dentro do cuarto grao de consanguinidade ou segundo de afinidade do notario autorizante.»

682. No testamento aberto tampouco poderán ser testemuñas os herdeiros e legatarios nel instituídos, os seus cónxuxes, nin os parentes daqueles, dentro do cuarto grao de consanguinidade ou segundo de afinidade.

Non están comprendidos nesta prohibición os legatarios nin os seus cónxuxes ou parentes cando o legado sexa dalgún obxecto moble ou cantidade de pouca importancia con relación á masa hereditaria.

Redactado conforme a Lei do 24 de abril de 1958.

REDACCIÓN ORIXINARIA.—«No testamento aberto tampouco poderán ser testemuñas os herdeiros e legatarios nel instituídos, nin os seus parentes dentro do cuarto grao de consanguinidade ou segundo de afinidade.

Non están comprendidos nesta prohibición os legatarios e os seus parentes, cando o legado sexa dalgún obxecto moble ou cantidade de pouca importancia con relación á masa hereditaria.»

683. Para que unha testemuña sexa declarada inhábil cómpre que a causa da súa incapacidade exista no momento de outorgarse o testamento.

684. Cando o testador exprese a súa vontade en lingua que o notario non coñeza, requirirase a presenza dun intérprete, elixido por aquel, que traduza a disposición testamentaria para a oficial no lugar do outorgamento que empregue o notario. O instrumento escribirase nas dúas linguas con indicación de cal foi a empregada polo testador.

O testamento aberto e a acta do cerrado escribiranse na lingua estranxeira en que se exprese o testador e na oficial que empregue o notario, aínda cando este coñeza aquela.

Redactado conforme a Lei 30/1991, do 20 de decembro.

REDACCIÓN ORIXINARIA.—«Para testar en lingua estranxeira requírese a presenza de dous intérpretes elixidos polo testador que traduzan a súa disposición para o castelán. O testamento deberase escribir nas dúas linguas.»

685. O notario deberá coñecer o testador e, de non o coñecer, identificarase a súa persoa con dúas testemuñas que o coñezan e sexan coñecidas do mesmo notario, ou mediante a utilización de documentos expedidos polas autoridades públicas cuxo obxecto sexa identificar as persoas. Tamén deberá o notario asegurarse de que, ao seu xuízo, o testador ten a capacidade legal necesaria para testar.

Nos casos dos artigos 700 e 701, as testemuñas terán obrigación de coñecer o testador e procurarán asegurarse da súa capacidade.

Redactado conforme a Lei 30/1991, do 20 de decembro.

REDACCIÓN ORIXINARIA.—«O notario e dúas das testemuñas que autoricen o testamento deberán coñecer o testador, e de non o coñeceren, identificarase a súa persoa con dúas testemuñas que o coñezan e sexan coñecidas do mesmo notario, e das testemuñas instrumentais. Tamén procurarán, o notario e as testemuñas, asegurarse de que, ao seu xuízo, o testador ten a capacidade legal necesaria para testar.

Igual obrigación de coñecer o testador terán as testemuñas que autoricen un testamento sen asistencia de notario, nos casos dos artigos 700 e 701.»

686. Se non se puiden identificar a persoa do testador na forma establecida no artigo que precede, será declarada

687 esta circunstancia polo notario, ou polas testemuñas se for o caso, indicando os documentos que o testador presente co dito obxecto e os seus datos persoais.

Se for impugnado o testamento por tal motivo, corresponderá ao que sosteña a súa validez a proba da identidade do testador.

687. Será nulo o testamento en cuxo outorgamento non se observasen as formalidades respectivamente establecidas neste capítulo.

Sección 4.^a Do testamento hológrafo

688. O testamento hológrafo só poderá ser outorgado por persoas maiores de idade.

Para que sexa válido este testamento deberá estar escrito todo el e asinado polo testador, con expresión do ano, mes e día en que se outorgue.

Se contiver palabras riscadas, emendadas ou entre liñas, salvaraas o testador baixo a súa sinatura.

Os estranxeiros poderán outorgar testamento hológrafo no seu propio idioma.

Redactado conforme a Lei do 21 de xullo de 1904.

REDACCIÓN ORIXINARIA.—«O testamento hológrafo só poderá ser outorgado por persoas maiores de idade.

Para que sexa válido este testamento deberase redactar en papel selado correspondente ao ano do seu outorgamento e estar escrito todo e asinado polo testador, con expresión do ano, mes e día en que se outorgue.

Se contiver palabras riscadas, emendadas ou entre liñas, salvaraas o testador baixo a súa sinatura.

Os estranxeiros poderán outorgar testamento hológrafo no seu propio idioma.»

689. O testamento hológrafo deberase protocolizar presentándoo con este obxecto ao xuíz de primeira instancia do último domicilio do testador, ou ao do lugar en que este falecese, dentro de cinco anos, contados desde o día do falecemento. Sen este requisito non será válido.

690. A persoa en cuxo poder estea depositado o dito testamento deberá presentalo ao xulgado en canto teña noti-

cias da morte do testador, e, de non o verificar dentro dos dez **692**
días seguintes, será responsable dos danos e perdas causados
pola dilación.

Tamén o poderá presentar calquera que teña interese no
testamento como herdeiro, legatario, testamenteiro ou en
calquera outro concepto.

691. Presentado o testamento hológrafo e acreditado o
falecemento do testador, o xuíz abrirao se estiver en prego
cerrado, rubricará co actuario todas as follas e comprobará a
súa identidade por medio de tres testemuñas que coñezan a
letra e a sinatura do testador, e declaren que non teñen dúbida
racional de se encontrar o testamento escrito e asinado de
man propia del.

Na falta de testemuñas idóneas, ou se dubidan os exami-
nados, e sempre que o xuíz o considere conveniente, pode-
rase empregar co dito obxecto o cotexo pericial de letras.

692. Para a práctica das dilixencias expresadas no arti-
go anterior serán citados, no tempo máis breve posible, o
cónxuxe sobrevivente, se o houber, os descendentes e os
ascendentes do testador e, en defecto duns e outros, os
irmáns.

Se estas persoas non residiren dentro do partido, ou se
ignorar a súa existencia, ou, sendo menores ou incapacita-
dos, careceren de representación lexítima, farase a citación
ao Ministerio Fiscal.

Os citados poderán presenciar a práctica das ditas dilixen-
cias e facer no acto, de palabra, as observacións oportunas
sobre a autenticidade do testamento.

Redactado conforme a Lei 11/1981, do 13 de maio.

REDACCIÓN ORIXINARIA...—«Para a práctica das dilixencias expresa-
das no artigo anterior serán citados, no tempo máis breve posible, o
cónxuxe sobrevivente, se o houber, os descendentes e os ascendentes
lexítimos do testador e, en defecto duns e outros, os irmáns.

Se estas persoas non residiren dentro do partido, ou se ignorar a súa
existencia, ou, sendo menores ou incapacitados, careceren de represen-
tación lexítima, farase a citación ao Ministerio Fiscal.

Os citados poderán presenciar a práctica das ditas dilixencias e facer
no acto, de palabra, as observacións oportunas sobre a autenticidade do
testamento.»

693. Se o xuíz considera xustificada a identidade do testamento, acordará que se protocolice, coas dilixencias practicadas, nos rexistros do notario correspondente, polo cal se darán aos interesados as copias ou testemuños que procedan. Noutro caso, denegará a protocolización.

Calquera que sexa a resolución do xuíz, levarase a efecto, non obstante oposición, ficando a salvo o dereito dos interesados para exercelo no xuízo que corresponda.

Sección 5.^a Do testamento aberto

694. O testamento aberto deberá ser outorgado ante notario hábil para actuar no lugar do outorgamento.

Só se exceptuarán desta regra os casos expresamente determinados nesta mesma sección.

Redactado conforme a Lei 30/1991, do 20 de decembro.

REDACCIÓN ORIXINARIA.—«O testamento aberto deberá ser outorgado ante notario hábil para actuar no lugar do outorgamento e tres testemuñas idóneas que vexan e entendan o testador, e das cales unha, ao menos, saiba e poida escribir.

Só se exceptuarán desta regra os casos expresamente determinados nesta mesma sección.»

695. O testador expresará oralmente ou por escrito a súa derradeira vontade ao notario. Redactado por este o testamento consonte ela e con expresión do lugar, ano, mes, día e hora do seu outorgamento e advertido o testador do dereito que ten a lelo por si, lerao o notario en alta voz para que o testador manifeste se está conforme coa súa vontade. Se o estiver, será asinado no acto polo testador que o poida facer e, se for o caso, polas testemuñas e demais persoas que deban concorrer.

Se o testador declara que non sabe ou non pode asinar, farao por el e a rogo seu unha das testemuñas.

Redactado conforme a Lei 30/1991, do 20 de decembro.

REDACCIÓN ORIXINARIA.—«O testador expresará a súa derradeira vontade ao notario e ás testemuñas. Redactado o testamento consonte ela e con expresión do lugar, ano, mes, día e hora do seu outorgamento, lerase en voz alta, para que o testador manifeste se está conforme coa súa vontade. Se o estiver, será asinado no acto polo testador e as testemuñas que o poidan facer.

Se o testador declara que non sabe ou non pode asinar, farao por el e a rogo seu unha das testemuñas instrumentais ou outra persoa, dando fe disto o notario. O mesmo se fará cando algunha das testemuñas non poida asinar.

O notario fará sempre constar que, ao seu xuízo, o testador se acha coa capacidade legal necesaria para outorgar testamento.»

696. O notario dará fe de coñecer o testador ou de telo identificado debidamente e, na súa falta, efectuará a declaración prevista no artigo 686. Tamén fará constar que, ao seu xuízo, se acha o testador coa capacidade legal necesaria para outorgar testamento.

Redactado conforme a Lei 30/1991, do 20 de decembro.

REDACCIÓN ORIXINARIA.—«Cando o testador que se propoña facer testamento aberto presente por escrito a súa disposición testamentaria, o notario redactará o testamento consonte ela e lerao en voz alta en presenza das testemuñas, para que manifeste o testador se o seu contido é a expresión da súa derradeira vontade.»

697. Ao acto de outorgamento deberán concorrer dúas testemuñas idóneas:

1.º Cando o testador declare que non sabe ou non pode asinar o testamento.

2.º Cando o testador, aínda que o poida asinar, sexa cego ou declare que non sabe ou non pode ler por si o testamento.

Se o testador que non souber ou non puiden ler for enteiramente xordo, as testemuñas lerán o testamento en presenza do notario e deberán declarar que coincide coa vontade manifestada.

3.º Cando o testador ou o notario o soliciten.

Redactado conforme a Lei 30/1991, do 20 de decembro.

REDACCIÓN ORIXINARIA.—«O que for enteiramente xordo deberá ler por si mesmo o seu testamento; e, se non sabe ou non pode, designará dúas persoas que o lean no seu nome, sempre en presenza das testemuñas e do notario.»

698. Ao outorgamento tamén deberán concorrer:

1.º As testemuñas de coñecemento, se as houber, as cales poderán intervir ademais como testemuñas instrumentais.

699 2.º Os facultativos que recoñecesen o testador incapacitado.

3.º O intérprete que traducise a vontade do testador para a lingua oficial empregada polo notario.

Redactado conforme a Lei 30/1991, do 20 de decembro.

REDACCIÓN ORIXINARIA.—«Cando sexa cego o testador, o testamento será lido dúas veces: unha polo notario, conforme o establecido no artigo 695, e outra en igual forma por unha das testemuñas ou outra persoa que o testador designe.»

699. Todas as formalidades expresadas nesta sección se practicarán nun só acto que comezará coa lectura do testamento, sen que sexa lícita ningunha interrupción, salvo a que poida ser motivada por algún accidente pasaxeiro.

Redactado conforme a Lei 30/1991, do 20 de decembro.

REDACCIÓN ORIXINARIA.—«Todas as formalidades expresadas nesta sección se practicarán nun só acto, sen que sexa lícita ningunha interrupción, salvo a que poida ser motivada por algún accidente pasaxeiro.

O notario dará fe, ao final do testamento, de se teren cumprido todas as ditas formalidades e de coñecer o testador ou as testemuñas de coñecemento, se for o caso.»

700. Se o testador se achar en perigo inminente de morte, pode outorgarse o testamento ante cinco testemuñas idóneas, sen necesidade de notario.

701. En caso de epidemia pode igualmente outorgarse o testamento sen intervención de notario ante tres testemuñas maiores de dezaseis anos.

Redactado conforme a Lei do 24 de abril de 1958.

REDACCIÓN ORIXINARIA.—«En caso de epidemia pode igualmente outorgarse o testamento sen intervención de notario ante tres testemuñas maiores de dezaseis anos, homes ou mulleres.»

702. Nos casos dos dous artigos anteriores, se é posible, escribírase o testamento; de non o ser, o testamento valerá aínda que as testemuñas non saiban escribir.

703. O testamento outorgado consonte as disposicións dos tres artigos anteriores ficará ineficaz se pasaren dous

meses desde que o testador saíse do perigo de morte, ou **706**
cesase a epidemia.

Cando o testador falecer no dito prazo, tamén ficará ineficaz o testamento se dentro dos tres meses seguintes ao falecemento non se acode ao tribunal competente para que se eleve a escritura pública, xa se outorgase por escrito, xa verbalmente.

704. Os testamentos outorgados sen autorización do notario serán ineficaces se non se elevan a escritura pública e se protocolizan na forma establecida na Lei de axuízamento civil.

705. Declarado nulo un testamento aberto por non se teren observado as solemnidades establecidas para cada caso, o notario que o autorizase será responsable dos danos e perdas que sobreveñan, se a falta proceder da súa malicia, ou de neglixencia ou ignorancia inescusables.

Sección 6.^a Do testamento cerrado

706. O testamento cerrado deberá ser escrito.

Se o escribiu polo seu puño e letra o testador, porá ao final a súa sinatura.

Se foi escrito por calquera medio mecánico ou por outra persoa a rogo do testador, este porá a súa sinatura en todas as súas follas e ao pé do testamento.

Cando o testador non saiba ou non poida asinar, farao a rogo seu ao pé e en todas as follas outra persoa, expresando a causa da imposibilidade.

En todo caso, antes da sinatura salvaranse as palabras emendadas, riscadas ou escritas entre liñas.

Redactado conforme a Lei 30/1991, do 20 de decembro.

REDACCIÓN ORIXINARIA.—«O testamento cerrado poderá ser escrito polo testador, ou por outra persoa a rogo seu, en papel común, con expresión do lugar, día, mes e ano en que se escribe.

Se o testador o escribir por si mesmo, rubricará todas as follas e porá ao final a súa sinatura, despois de salvar as palabras emendadas, riscadas ou escritas entre liñas.

Se o escribir outra persoa a rogo seu, o testador porá a súa sinatura enteira en todas as follas e ao pé do testamento.

Cando o testador non saiba ou non poida asinar, farao a rogo seu e rubricará as follas outra persoa, expresando a causa da imposibilidade.»

707. No outorgamento do testamento cerrado observaranse as solemnidades seguintes:

1.^a O papel que conteña o testamento porase dentro dunha cuberta, cerrada e selada de sorte que non se poida extraer aquel sen romper esta.

2.^a O testador comparecerá co testamento cerrado e selado, ou cerrarao e selarao no acto, ante o notario que o deba autorizar.

3.^a En presenza do notario, manifestará o testador por si, ou por medio do intérprete previsto no artigo 684, que o prego que presenta contén o seu testamento, expresando se se acha escrito e asinado por el ou se está escrito de man allea ou por calquera medio mecánico e asinado ao final e en todas as súas follas por el ou por outra persoa a rogo seu.

4.^a Sobre a cuberta do testamento redactará o notario a correspondente acta do seu outorgamento, expresando o número e a marca dos selos con que está cerrado, e dando fe do coñecemento do testador ou de se ter identificado a súa persoa na forma establecida nos artigos 685 e 686, e de encontrarse, ao seu xuízo, o testador coa capacidade legal necesaria para outorgar testamento.

5.^a Redactada e lida a acta, asinaraa o testador que o poida facer e, se for o caso, as persoas que deban concorrer, e autorizaraa o notario co seu signo e sinatura.

Se o testador declara que non sabe ou non pode asinar, farao por el e a rogo seu unha das dúas testemuñas idóneas que neste caso deben concorrer.

6.^a Tamén se expresará na acta esta circunstancia, ademais do lugar, hora, día, mes e ano do outorgamento.

7.^a Concorrerán ao acto de outorgamento dúas testemuñas idóneas, se así o solicitan o testador ou o notario.

Redactado conforme a Lei 30/1991, do 20 de decembro.

REDACCIÓN ORIXINARIA.—«No outorgamento do testamento cerrado observaranse as solemnidades seguintes:

1.^a O papel que conteña o testamento porase dentro dunha cuberta cerrada e selada, de sorte que non se poida extraer aquel sen romper esta.

2.^a O testador comparecerá co testamento cerrado e selado, ou cerrarao ou selarao no acto, ante o notario que o deba autorizar e cinco testemuñas idóneas, das cales tres, ao menos, deben poder asinar.

3.^a En presenza do notario e as testemuñas manifestará o testador que o prego que presenta contén o seu testamento, expresando se se acha escrito, asinado e rubricado por el, ou se está escrito de man allea e asinado por el ao final e en todas as súas follas, ou se, por non saber ou non poder asinar, o fixo a rogo seu outra persoa.

4.^a Sobre a cuberta do testamento redactará o notario a correspondente acta do seu outorgamento, expresando o número e a marca dos selos con que estea cerrado, e dando fe de se teren observado as solemnidades mencionadas, do coñecemento do testador ou de se ter identificado a súa persoa na forma establecida nos artigos 685 e 686, e de se encontrar, ao seu xuízo, o testador coa capacidade legal necesaria para outorgar testamento.

5.^a Redactada e lida a acta, asinarana o testador e mais as testemuñas que saiban asinar, e autorizaraa o notario co seu signo e sinatura.

Se o testador non sabe ou non pode asinar, deberá facelo no seu nome unha das testemuñas instrumentais ou outra persoa designada por aquel.

6.^a Tamén se expresará na acta esta circunstancia, ademais do lugar, hora, día, mes e ano do outorgamento.»

708. Non poden facer testamento cerrado os cegos e os que non saiban ou non poidan ler.

709. Os que non se poidan expresar verbalmente, mais si escribir, poderán outorgar testamento cerrado, observándose o seguinte:

1.º O testamento debe estar asinado polo testador. Canto aos demais requisitos, observarase o disposto no artigo 706.

2.º Ao facer a súa presentación, o testador escribirá na parte superior da cuberta, en presenza do notario, que dentro dela se contén o seu testamento, expresando como está escrito e que está asinado por el.

3.º A seguir do escrito polo testador redactarase a acta de outorgamento, dando fe o notario de se ter cumprido o establecido no número anterior e o demais que se dispón no artigo 707 no que sexa aplicable ao caso.

Redactado conforme a Lei 30/1991, do 20 de decembro.

REDACCIÓN ORIXINARIA.—«Os xordomudos e os que non poidan falar, mais si escribir, poderán outorgar testamento cerrado, observándose o seguinte:

1.º O testamento debe estar todo escrito e asinado polo testador, con expresión do lugar, día, mes e ano.

2.º Ao facer a súa presentación, o testador escribirá na parte superior da cuberta, en presenza do notario e das cinco testemuñas, que aquel prego contén o seu testamento, e que está escrito e asinado por el.

3.º A seguir do escrito polo testador redactarase a acta de outorgamento, dando fe o notario de se ter cumprido o establecido no número anterior e o demais que se dispón no artigo 707, no que sexa aplicable ao caso.»

710. Autorizado o testamento cerrado, o notario entregarao ao testador, despois de pór no protocolo corrente copia autorizada da acta de outorgamento.

Redactado conforme a Lei 30/1991, do 20 de decembro.

REDACCIÓN ORIXINARIA.—«Autorizado o testamento cerrado, o notario entregarao ao testador, despois de pór no protocolo reservado copia autorizada da acta de outorgamento.»

711. O testador poderá conservar no seu poder o testamento cerrado ou encomendar a súa garda a persoa da súa confianza, ou depositalo en poder do notario autorizante para que o garde no seu arquivo.

Neste último caso o notario dará recibo ao testador e fará constar no seu protocolo corrente, á marxe ou a seguir da copia da acta de outorgamento, que fica o testamento no seu poder. Se o retirar despois o testador, asinará un recibo a seguir da dita nota.

Redactado conforme a Lei 30/1991, do 20 de decembro.

REDACCIÓN ORIXINARIA.—«O testador poderá conservar no seu poder o testamento cerrado ou encomendar a súa garda a persoa da súa confianza, ou depositalo en poder do notario autorizante para que o garde no seu arquivo.

Neste último caso, o notario dará recibo ao testador e fará constar no seu protocolo reservado, á marxe ou a seguir da copia da acta de outorgamento, que fica o testamento no seu poder. Se o retirar despois o testador, asinará un recibo a seguir da dita nota.»

712. O notario ou a persoa que teña no seu poder un testamento cerrado deberao presentar ao xuíz competente en canto que saiba do falecemento do testador.

Se non o verifica dentro de dez días, será responsable dos danos e perdas que ocasione a súa negligencia.

713. O que con dolo deixe de presentar o testamento cerrado que estea no seu poder dentro do prazo fixado no

parágrafo 2.º do artigo anterior, alén da responsabilidade que **717**
nel se determina, perderá todo dereito á herdanza, se o tiver
como herdeiro *ab intestato* ou como herdeiro ou legatario
por testamento. Nesta mesma pena incorrerán o que subtraer
dolosamente o testamento cerrado do domicilio do testador
ou da persoa que o teña en garda ou depósito e o que o oculte,
rompa ou inutilice doutro modo, sen prexuízo da responsabi-
lidade criminal que proceda.

714. Para a apertura e protocolización do testamento
cerrado observarase o establecido na Lei de axuizamento
civil.

715. É nulo o testamento cerrado en cuxo outorgamento
non se observasen as formalidades establecidas nesta sec-
ción; e o notario que o autorice será responsable dos danos e
perdas que sobreveñan, se se probar que a falta procedeu da
súa malicia ou de negligencia ou ignorancia inescusables.
Será válido, no entanto, como testamento hológrafo, se todo
el estiver escrito e asinado polo testador e tiver as demais
condicións propias deste testamento.

Sección 7.ª Do testamento militar

716. En tempo de guerra, os militares en campaña,
voluntarios, reféns, prisioneiros e demais individuos empre-
gados no exército, ou que o sigan, poderán outorgar o seu
testamento ante un oficial que teña, cando menos, a catego-
ría de capitán.

É aplicable esta disposición aos individuos dun exército
que se ache en país estranxeiro.

Se o testador estiver enfermo ou ferido, poderá outorgalo
ante o capelán ou o facultativo que o asista.

Se estiver en destacamento, ante o que o mande, aínda
que sexa subalterno.

En todos os casos deste artigo será sempre necesaria a
presenza de dúas testemuñas idóneas.

717. Tamén poderán as persoas mencionadas no arti-
go anterior outorgar testamento cerrado ante un comisario de

718 guerra, que exercerá neste caso as funcións de notario, observándose as disposicións dos artigos 706 e seguintes.

718. Os testamentos outorgados consonte os dous artigos anteriores deberán ser remitidos o antes posible ao cuartel xeral, e por este ao ministro da Guerra.

O ministro, se faleceu o testador, remitirá o testamento ao xuíz do último domicilio do defunto e, non lle sendo coñecido, ao decano dos de Madrid, para que de oficio cite os herdeiros e demais interesados na sucesión. Estes deberán solicitar que se eleve a escritura pública e se protocolice na forma establecida na Lei de axuízamento civil.

Cando sexa cerrado o testamento, o xuíz procederá de oficio á súa apertura na forma establecida na dita lei, con citación e intervención do Ministerio Fiscal e, despois de aberto, porao en coñecemento dos herdeiros e demais interesados.

719. Os testamentos mencionados no artigo 716 caducarán catro meses despois de que o testador deixase de estar en campaña.

720. Durante unha batalla, asalto, combate e xeralmente en todo perigo próximo de acción de guerra, poderase outorgar testamento militar de palabra ante dúas testemuñas.

Mais este testamento ficará ineficaz se o testador se salva do perigo en cuxa consideración testou.

Aínda que non se salvar, será ineficaz o testamento se non é formalizado polas testemuñas ante o auditor de guerra ou funcionario de xustiza que siga o exército, procedéndose despois na forma establecida no artigo 718.

721. Se for cerrado o testamento militar, observarase o establecido nos artigos 706 e 707; mais outorgarase ante o oficial e as dúas testemuñas que para o aberto exige o artigo 716, debendo asinar todos eles a acta de outorgamento, como así mesmo o testador, se puiden.

722. Os testamentos, abertos ou cerrados, dos que durante unha viaxe marítima vaian a bordo, outorgaranse na forma seguinte:

Se o buque é de guerra, ante o contador ou o que exerza as súas funcións, en presenza de dúas testemuñas idóneas, que vexan e entendan o testador. O comandante do buque, ou o que faga as súas veces, porá ademais o seu visto e praxe.

Nos buques mercantes autorizará o testamento o capitán, ou o que faga as súas veces, con asistencia de dúas testemuñas idóneas.

Nun e outro caso as testemuñas elixiranse entre os pasaxeiros, se os houber; mais unha delas, polo menos, debe poder asinar, o cal o fará por si e polo testador, se este non sabe ou non o pode facer.

Se o testamento for aberto, observarase ademais o establecido no artigo 695, e se for cerrado, o que se ordena na sección 6.ª deste capítulo, con exclusión do relativo ao número de testemuñas e intervención do notario.

723. O testamento do contador do buque de guerra e o do capitán do mercante serán autorizados por quen os deba substituír no cargo, observándose para o demais o disposto no artigo anterior.

724. Os testamentos abertos feitos no mar alto serán custodiados polo comandante ou polo capitán, e farase mención deles no diario de navegación.

A mesma mención se fará dos hológrafos e os cerrados.

725. Se o buque arribar a un porto estranxeiro onde haxa axente diplomático ou consular de España, o comandante do de guerra, ou o capitán do mercante, entregará ao dito axente copia do testamento aberto ou da acta de outorgamento do cerrado, e da nota tomada no diario.

A copia do testamento ou da acta deberá levar as mesmas sinaturas que o orixinal, se viven e están a bordo os que o asinaron; noutro caso será autorizada polo contador ou capitán que recibise o testamento, ou o que faga as súas veces,

726 asinando tamén os que estean a bordo dos que interviñeron no testamento.

O axente diplomático ou consular fará pór por escrito dilixencia da entrega e, cerrada e selada a copia do testamento ou a da acta do outorgamento se for cerrado, remitiraa coa nota do diario polo conduto correspondente ao ministro de Mariña, quen mandará que se deposite no arquivo do seu ministerio.

O comandante ou capitán que faga a entrega recollerá do axente diplomático ou consular certificación de telo verificado, e tomará nota dela no diario de navegación.

726. Cando o buque, quer de guerra quer mercante, arribe ao primeiro porto do Reino, o comandante ou capitán entregará o testamento orixinal, cerrado e selado, á autoridade marítima local, con copia da nota tomada no diario; e, se faleceu o testador, certificación que o acredite.

A entrega acreditarase na forma establecida no artigo anterior, e a autoridade marítima remitirao todo sen dilación ao ministro de Mariña.

727. Se faleceu o testador e for aberto o testamento, o ministro de Mariña practicará o que se dispón no artigo 718.

728. Cando o testamento fose outorgado por un estranxeiro en buque español, o ministro de Mariña remitirá o testamento ao de Estado, para que pola vía diplomática se lle dea o curso que corresponda.

729. Se for hológrafo o testamento e durante a viaxe falecer o testador, o comandante ou capitán recollerá o testamento para o custodiar, facendo mención disto no diario, e entregarao á autoridade marítima local, na forma e para os efectos establecidos no artigo anterior, cando o buque arribe ao primeiro porto do Reino.

O mesmo se practicará cando sexa cerrado o testamento, se o conservaba no seu poder o testador no momento da súa morte.

730. Os testamentos, abertos e cerrados, outorgados consonte o establecido nesta sección, caducarán pasados

catro meses, contados desde que o testador desembarque nun **734**
punto onde poida testar na forma ordinaria.

731. Se houber perigo de naufraxio, será aplicable ás tripulacións e pasaxeiros dos buques de guerra ou mercantes o disposto no artigo 720.

Sección 9.^a Do testamento feito en país estranxeiro

732. Os españois poderán testar fóra do territorio nacional, suxeitándose ás formas establecidas polas leis do país en que se encontren.

Tamén poderán testar no mar alto durante a súa navegación nun buque estranxeiro, con suxeición ás leis da nación a que o buque pertenza.

Poderán, así mesmo, facer testamento hológrafo, consonte o artigo 688, mesmo nos países cuxas leis non admitan o dito testamento.

Redactado conforme a Lei do 21 de xullo de 1904.

REDACCIÓN ORIXINARIA.—«Os españois poderán testar fóra do territorio nacional, suxeitándose ás formas establecidas polas leis do país en que se encontren.

Tamén poderán testar no mar alto, durante a súa navegación nun buque estranxeiro, con suxeición ás leis da nación a que o buque pertenza.

Poderán, así mesmo, facer testamento hológrafo consonte o artigo 688 sen o requisito de papel selado, mesmo nos países cuxas leis non admiten o dito testamento.»

733. Non será válido en España o testamento mancomunado, prohibido polo artigo 669, que os españois outorguen en país estranxeiro, aínda que o autoricen as leis da nación onde se outorgase.

734. Tamén poderán os españois que se encontren en país estranxeiro outorgar o seu testamento, aberto ou cerrado, ante o funcionario diplomático ou consular de España que exerza funcións notariais no lugar do outorgamento.

Nestes casos observaranse, respectivamente, todas as formalidades establecidas nas seccións 5.^a e 6.^a deste capítulo.

Redactado conforme a Lei 30/1991, do 20 de decembro.

REDACCIÓN ORIXINARIA.—«Tamén poderán os españois que se encontren en país estranxeiro outorgar o seu testamento, aberto ou cerrado,

ante o axente diplomático ou consular de España residente no lugar do outorgamento.

Nestes casos, o devandito axente fará as veces de notario, e observaranse respectivamente todas as formalidades establecidas nas seccións quinta e sexta deste capítulo, non sendo, porén, necesaria a condición do domicilio nas testemuñas.»

735. O axente diplomático ou consular remitirá, autorizada coa súa sinatura e selo, copia do testamento aberto, ou da acta de outorgamento do cerrado, ao Ministerio de Estado para que se deposite no seu arquivo.

736. O axente diplomático ou consular en cuxo poder depositase o seu testamento hológrafo ou cerrado un español, remitirao ao Ministerio de Estado cando faleza o testador, co certificado de defunción.

O Ministerio de Estado fará publicar na *Gaceta de Madrid* a noticia do falecemento, para que os interesados na herdanza poidan recoller o testamento e xestionar a súa protocolización na forma establecida.

Sección 10. Da revogación e ineficacia dos testamentos

737. Todas as disposicións testamentarias son esencialmente revogables, aínda que o testador exprese no testamento a súa vontade ou resolución de non as revogar.

Teranse por non postas as cláusulas derogatorias das disposicións futuras, e aquelas en que ordene o testador que non valla a revogación do testamento se non a fixer con certas palabras ou sinais.

738. O testamento non pode ser revogado en todo nin en parte senón coas solemnidades necesarias para testar.

739. O testamento anterior fica revogado de dereito polo posterior perfecto, se o testador non expresa neste a súa vontade de que aquel subsista en todo ou en parte.

No entanto, o testamento anterior recobra a súa forza se o testador revoga despois o posterior e declara expresamente ser a súa vontade que valla o primeiro.

740. A revogación producirá o seu efecto aínda que o segundo testamento caduque por incapacidade do herdeiro ou dos legatarios nel nomeados, ou por renuncia daquel ou destes.

741. O recoñecemento dun fillo non perde a súa forza legal aínda que se revogue o testamento en que se fixo ou este non conteña outras disposicións, ou sexan nulas as demais que contiver. **744**

Redactado conforme a Lei 11/1981, do 13 de maio.

REDACCIÓN ORIXINARIA.—«O recoñecemento dun fillo ilexítimo non perde a súa forza legal, aínda que se revogue o testamento en que se fixo.»

742. Presúmese revogado o testamento cerrado que apareza no domicilio do testador coas cubertas rotas ou os selos quebrantados, ou borradas, raspadas ou emendadas as sinaturas que o autoricen.

Este testamento será, emporiso, válido cando se probar ter ocorrido o desperfecto sen vontade nin coñecemento do testador, ou encontrándose este en estado de demencia; mais se aparecer rota a cuberta ou quebrantados os selos, será necesario probar ademais a autenticidade do testamento para a súa validez.

Se o testamento se encontrar en poder doutra persoa, entenderase que o vicio procede dela e non será aquel válido como non se probe a súa autenticidade, se estiveren rota a cuberta ou quebrantados os selos; e se unha e outros se encontraren íntegros, mais coas sinaturas borradas, raspadas ou emendadas, será válido o testamento, a non ser que se xustifique ter sido entregado o prego nesta forma polo mesmo testador.

743. Caducarán os testamentos, ou serán ineficaces en todo ou en parte as disposicións testamentarias, só nos casos expresamente establecidos neste código.

CAPÍTULO II

DA HERDANZA

Sección 1.^a Da capacidade para suceder por testamento e sen el

744. Poderán suceder por testamento ou ab intestato os que non estean incapacitados pola lei.

745. Son incapaces de suceder:

1.º As criaturas abortivas, entendéndose tales as que non reúnan as circunstancias expresadas no artigo 30.

2.º As asociacións ou corporacións non permitidas pola lei.

746. As igrexas e os cabidos eclesiásticos, as deputacións provinciais e as provincias, os concellos e municipios, os establecementos de hospitalidade, beneficencia e instrución pública, as asociacións autorizadas ou recoñecidas pola lei e as demais persoas xurídicas poden adquirir por testamento con suxeición ao disposto no artigo 38.

747. Se o testador dispuxer da totalidade ou parte dos seus bens para sufraxios e obras piadosas en beneficio da súa alma, facéndoo indeterminadamente e sen especificar a súa aplicación, os testamenteiros venderán os bens e distribuirán o seu importe, dando a metade ao diocesano para que o destine aos indicados sufraxios e ás atencións e necesidades da Igrexa, e a outra metade ao *gobernador civil* correspondente para os establecementos benéficos do domicilio do defunto, e, na súa falta, para os da provincia.

748. A institución feita a favor dun establecemento público baixo condición ou impóndolle un gravame só será válida se o Goberno a aproba.

749. As disposicións feitas a favor dos pobres en xeral, sen designación de persoas nin de poboación, entenderanse limitadas aos do domicilio do testador na época da súa morte, se non constar claramente que foi outra a súa vontade.

A cualificación dos pobres e a distribución dos bens serán feitas pola persoa que designase o testador, na súa falta polos testamenteiros, e, se non os houber, polo párroco, o alcalde e o xuíz municipal, os cales resolverán, por maioría de votos, as dúbidas que ocorran.

Isto mesmo se fará cando o testador dispuxese dos seus bens en favor dos pobres dunha parroquia ou poboación determinada.

750. Toda disposición en favor de persoa incerta será **754**
nula, a menos que por algún evento poida resultar certa.

751. A disposición feita xenericamente en favor dos parentes do testador enténdese feita en favor dos máis próximos en grao.

752. Non producirán efecto as disposicións testamentarias que faga o testador durante a súa derradeira enfermidade en favor do sacerdote que nela o confesase, dos parentes deste dentro do cuarto grao, ou da súa igrexa, cabido, comunidade ou instituto.

753. Tampouco producirá efecto a disposición testamentaria en favor de quen sexa titor ou curador do testador, salvo cando se fixese despois de aprobadas definitivamente as contas ou, no caso en que non tivesen que renderse estas, despois da extinción da tutela ou curadoría.

Serán, en cambio, válidas as disposicións feitas en favor do titor ou curador que sexa ascendente, descendente, irmán, irmá ou cónxuxe do testador.

Redactado conforme a Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro.

REDACCIÓN ORIXINARIA...—«Tampouco producirá efecto a disposición testamentaria do pupilo a favor do seu titor feita antes de terse aprobado a conta definitiva deste, aínda que o testador morra despois da súa aprobación.

Serán, en cambio, válidas as disposicións que o pupilo fixer en favor do titor que sexa o seu ascendente, descendente, irmán, irmá ou cónxuxe.»

754. O testador non poderá dispor de todo ou parte da súa herdanza en favor do notario que autorice o seu testamento, ou do cónxuxe, parentes ou afíns deste dentro do cuarto grao, coa excepción establecida no artigo 682.

Esta prohibición será aplicable ás testemuñas do testamento aberto, outorgado con ou sen notario.

As disposicións deste artigo son tamén aplicables ás testemuñas e persoas ante as cales se outorguen os testamentos especiais.

Redactado conforme a Lei 11/1990, do 15 de outubro.

REDACCIÓN ORIXINARIA...—«O testador non poderá dispor da totalidade ou parte da súa herdanza en favor do notario que autorice o seu testa-

mento, ou da esposa, parentes ou afíns deste dentro do cuarto grao, coa excepción establecida no artigo 682.

Esta prohibición será aplicable ás testemuñas do testamento aberto, outorgado con ou sen notario.

As disposicións deste artigo son tamén aplicables ás testemuñas e persoas ante as cales se outorguen os testamentos especiais.»

755. Será nula a disposición testamentaria a favor dun incapaz, aínda que se disfrace baixo a forma de contrato oneroso ou se faga a nome de persoa interposta.

756. Son incapaces de suceder por causa de indignidade:

1.º Os pais que abandonaren, prostituíren ou corrompen os seus fillos.

2.º O que for condenado en xuízo por ter atentado contra a vida do testador, do seu cónxuxe, descendentes ou ascendentes.

Se o ofensor for herdeiro forzoso, perderá o seu dereito á lexítima.

3.º O que acusase o testador de delito para o cal a lei sinala pena non inferior á de presidio ou prisión maior, cando a acusación sexa declarada calumniosa.

4.º O herdeiro maior de idade que, sabedor da morte violenta do testador, non a tivese denunciado dentro dun mes á xustiza, cando esta non tivese procedido xa de oficio.

Cesará esta prohibición nos casos en que, segundo a lei, non hai a obrigaón de acusar.

5.º O que, con ameaza, fraude ou violencia, obrigar o testador a facer testamento ou a cambialo.

6.º O que por iguais medios impida a outro facer testamento, ou revogar o que tivese feito, ou suplante, oculte ou altere outro posterior.

7.º Tratándose da sucesión dunha persoa con discapacidade, as persoas con dereito á herdanza que non lle prestasen as atencións debidas, entendendo por tales as reguladas nos artigos 142 e 146 do Código civil.

Redactado conforme a Lei 41/2003, do 18 de novembro.

REDACCIÓN ORIXINARIA.—«Son incapaces de suceder por causa de indignidade:

1.º Os pais que abandonaren os seus fillos ou prostituíren as súas fillas ou atentaren contra o seu pudor.

2.º O que for condenado en xuízo por ter atentado contra a vida do testador, do seu cónxuxe, descendentes ou ascendentes.

Se o ofensor for herdeiro forzoso, perderá o seu dereito á lexítima.

3.º O que acusase o testador de delito para o cal a lei sinala pena afluiva, cando a acusación sexa declarada calumniosa.

4.º O herdeiro maior de idade que, sabedor da morte violenta do testador, non a tivese denunciado dentro dun mes á xustiza cando esta non tivese procedido xa de oficio.

Cesará esta prohibición nos casos en que, segundo a lei, non hai a obrigación de acusar.

5.º O condenado en xuízo por adulterio coa muller do testador.

6.º O que, con ameaza, fraude ou violencia, obrigue o testador a facer testamento ou a cambialo.

7.º O que por iguais medios impida a outro facer testamento, ou revogar o que tivese feito, ou suplante, oculte ou altere outro posterior.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI DO 26 DE MAIO DE 1978.—«Son incapaces de suceder por causa de indignidade:

1.º Os pais que abandonaren os seus fillos ou prostituíren as súas fillas ou atentaren contra o seu pudor.

2.º O que for condenado en xuízo por ter atentado contra a vida do testador, do seu cónxuxe, descendentes ou ascendentes.

Se o ofensor for herdeiro forzoso, perderá o seu dereito á lexítima.

3.º O que acusase o testador de delito para o cal a lei sinala pena non inferior á de presidio ou prisión maior, cando a acusación sexa declarada calumniosa.

4.º O herdeiro maior de idade que, sabedor da morte violenta do testador, non a tivese denunciado dentro dun mes á xustiza, cando esta non tivese procedido xa de oficio.

Cesará esta prohibición nos casos en que, segundo a lei, non hai a obrigación de acusar.

5.º O que, con ameaza, fraude ou violencia, obrigue o testador a facer testamento ou a cambialo.

6.º O que por iguais medios impida a outro facer testamento, ou revogar o que tivese feito, ou suplante, oculte ou altere outro posterior.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI 11/1990, DO 15 DE OUTUBRO.—«Son incapaces de suceder por causa de indignidade:

1.º Os pais que abandonaren, prostituíren ou corromperen os seus fillos.

2.º O que for condenado en xuízo por ter atentado contra a vida do testador, do seu cónxuxe, descendentes ou ascendentes.

Se o ofensor for herdeiro forzoso, perderá o seu dereito á lexítima.

3.º O que acusase o testador de delito para o cal a lei sinala pena non inferior á de presidio ou prisión maior, cando a acusación sexa declarada calumniosa.

4.º O herdeiro maior de idade que, sabedor da morte violenta do testador, non a tivese denunciado dentro dun mes á xustiza, cando esta non tivese procedido xa de oficio.

Cesará esta prohibición nos casos en que, segundo a lei, non hai a obrigación de acusar.

5.º O que, con ameaza, fraude ou violencia, obrigue o testador a facer testamento ou a cambialo.

6.º O que por iguais medios impida a outro facer testamento, ou revogar o que tivese feito, ou suplante, oculte ou altere outro posterior.»

757. As causas de indignidade deixan de producir efecto se o testador as coñecía no momento de facer testamento, ou se, téndoas sabido despois, as remitir en documento público.

758. Para cualificar a capacidade do herdeiro ou legatario atenderase ao momento da morte da persoa de cuxa sucesión se trate.

Nos casos 2.º e 3.º do artigo 756 agardarase a que se dite a sentenza firme, e no número 4.º, a que transcorra o mes sinalado para a denuncia.

Se a institución ou legado for condicional, atenderase ademais no momento en que se cumpra a condición.

Redactado conforme a Lei do 26 de maio de 1978.

REDACCIÓN ORIXINARIA...—«Para cualificar a capacidade do herdeiro ou legatario atenderase ao momento da morte da persoa de cuxa sucesión se trate.

Nos casos 2.º, 3º e 5.º do artigo 756 agardarase a que se dite a sentenza firme, e no número 4.º, a que transcorra o mes sinalado para a denuncia.

Se a institución ou legado for condicional, atenderase, ademais, ao tempo en que se cumpra a condición.»

759. O herdeiro ou legatario que morra antes de que a condición se cumpra, aínda que sobreviva ao testador, non transmite dereito ningún aos seus herdeiros.

760. O incapaz de suceder que, contra a prohibición dos anteriores artigos, entrase na posesión dos bens hereditarios, estará obrigado a restituílos coas súas accesións e con todos os froitos e rendas que percíbise.

761. Se o excluído da herdanza por incapacidade for **767**
fillo ou descendente do testador e tiver fillos ou descendentes, adquirirán estes o seu dereito á lexítima.

Redactado conforme a Lei 11/1981, do 13 de maio.

REDACCIÓN ORIXINARIA.—«Se o excluído da herdanza por incapacidade for fillo ou descendente do testador, e tiver fillos ou descendentes, adquirirán estes o seu dereito á lexítima.

O excluído non terá o usufruto e administración dos bens que por esta causa herden os seus fillos.»

762. Non se pode deducir acción para declarar a incapacidade pasados cinco anos desde que o incapaz estea en posesión da herdanza ou legado.

Sección 2.^a Da institución de herdeiro

763. O que non tiver herdeiros forzosos pode dispor por testamento de todos os seus bens ou de parte deles en favor de calquera persoa que teña capacidade para os adquirir.

O que tiver herdeiros forzosos só poderá dispor dos seus bens na forma e coas limitacións que se establecen na sección 5.^a deste capítulo.

764. O testamento será válido aínda que non conteña institución de herdeiro, ou esta non comprenda a totalidade dos bens, e aínda que o nomeado non acepte a herdanza, ou sexa incapaz de herdar.

Nestes casos cumpriranse as disposicións testamentarias feitas consonte as leis, e o remanente dos bens pasará aos herdeiros lexítimos.

765. Os herdeiros constituídos sen designación de partes herdarán por partes iguais.

766. O herdeiro voluntario que morre antes que o testador, o incapaz de herdar e o que renuncia á herdanza non transmiten ningún dereito aos seus herdeiros, salvo o disposto nos artigos 761 e 857.

767. A expresión dunha causa falsa da institución de herdeiro ou do nomeamento de legatario será considerada como non escrita, a non ser que do testamento resulte que o

768 testador non tería feito tal institución ou legado de ter coñecido a falsidade da causa.

A expresión dunha causa contraria a dereito, aínda que sexa verdadeira, terase tamén por non escrita.

768. O herdeiro instituído nunha cousa certa e determinada será considerado como legatario.

769. Cando o testador nomee uns herdeiros individualmente e outros colectivamente, como se dixer: «Institúo por herdeiros meus N. e N., e os fillos de N», os colectivamente nomeados consideraranse como se o foren individualmente, a non ser que conste dun modo claro que foi outra a vontade do testador.

770. Se o testador institúe os seus irmáns, e os ten carnais e de pai ou nai unicamente, dividirase a herdanza como no caso de morrer intestado.

771. Cando o testador chame á sucesión unha persoa e os seus fillos, entenderanse todos instituídos simultánea e non sucesivamente.

772. O testador designará o herdeiro polo seu nome e apelidos, e cando haxa dous que os teñan iguais deberá sinalar algunha circunstancia pola cal se coñeza o instituído.

Aínda que o testador omitise o nome do herdeiro, se o designar de modo que non se poida dubidar quen sexa o instituído, valerá a institución.

No testamento do adoptante, a expresión xenérica fillo ou fillos comprende os adoptivos.

Redactado conforme a Lei do 24 de abril de 1958.

REDACCIÓN ORIXINARIA.—«O testador designará o herdeiro polo seu nome e apelidos; e, cando haxa dous que os teñan iguais, deberá sinalar algunha circunstancia pola cal se coñeza o instituído.

Aínda que o testador omitise o nome do herdeiro, se o designar de modo que non se poida dubidar quen sexa o instituído, valerá a institución.»

773. O erro no nome, apelido ou calidades do herdeiro non vicia a institución cando doutra maneira se poida saber certamente cal sexa a persoa nomeada.

Se entre persoas do mesmo nome e apelidos hai igualdade de circunstancias e estas son tales que non permiten distinguir o instituído, ningún será herdeiro. **780**

Sección 3.^a Da substitución

774. Pode o testador nomear unha ou máis persoas substitutas do herdeiro ou herdeiros instituídos para o caso de que morran antes ca el, ou non queiran, ou non poidan aceptar a herdanza.

A substitución simple, e sen expresión de casos, comprende os tres expresados no parágrafo anterior, a menos que o testador dispuxese o contrario.

775. Os pais e demais ascendentes poderán nomear substitutos para os seus descendentes menores de catorce anos, de ambos os sexos, para o caso de morreren antes da dita idade.

776. O ascendente poderá nomear substituto para o descendente maior de catorce anos, que, conforme dereito, fose declarado incapaz por alleamento mental.

A substitución de que fala o parágrafo anterior ficará sen efecto polo testamento do incapacitado feito durante un intervalo lúcido ou despois de ter recobrado a razón.

777. As substitucións de que falan os dous artigos anteriores, cando o substituído teña herdeiros forzosos, só serán válidas en canto non prexudiquen os dereitos lexitimarios destes.

778. Poden ser designadas dúas ou máis persoas substitutas dunha soa; e ao contrario, unha soa de dous ou máis herdeiros.

779. Se os herdeiros instituídos en partes desiguais foren substituídos reciprocamente, terán na substitución as mesmas partes que na institución, a non ser que claramente apareza ter sido outra a vontade do testador.

780. O substituto ficará suxeito ás mesmas cargas e condicións impostas ao instituído, a menos que o testador

781 dispuxese expresamente o contrario, ou que os gravames ou condicións sexan meramente persoais do instituído.

781. As substitucións fideicomisarias en virtude das cales se encarga ao herdeiro que conserve e transmita a un terceiro a totalidade ou parte da herdanza, serán válidas e producirán efecto sempre que non pasen do segundo grao, ou que se fagan en favor de persoas que vivan no momento de falecer o testador.

782. As substitucións fideicomisarias nunca poderán gravar a lexítima, salvo que graven a lexítima estrita en beneficio dun fillo ou descendente xudicialmente incapacitado nos termos establecidos no artigo 808. Se recaeren sobre o terzo destinado á mellora, só se poderán facer en favor dos descendentes.

Redactado conforme a Lei 41/2003, do 18 de novembro.

REDACCIÓN ORIXINARIA...—«As substitucións fideicomisarias nunca poderán gravar a lexítima. Se recaeren sobre o terzo destinado á mellora, soamente se poderán facer en favor dos descendentes.»

783. Para que sexan válidos os chamamentos á substitución fideicomisaria, deberán ser expresos.

O fiduciario estará obrigado a entregar a herdanza ao fideicomisario, sen outras deducións que as que correspondan por gastos lexítimos, créditos e melloras, salvo o caso en que o testador dispuxese outra cousa.

784. O fideicomisario adquirirá dereito á sucesión desde a morte do testador, aínda que morra antes que o fiduciario. O dereito daquel pasará aos seus herdeiros.

785. Non producirán efecto:

1.º As substitucións fideicomisarias que non se fagan dunha maneira expresa, xa dándolles este nome, xa impondo ao substituído a obrigación terminante de entregar os bens a un segundo herdeiro.

2.º As disposicións que conteñan prohibición perpetua de allear, e aínda a temporal, fóra do límite sinalado no artigo 781.

3.º As que impoñan ao herdeiro o encargo de pagar a **789**
varias persoas sucesivamente, alén do segundo grao, certa
renda ou pensión.

4.º As que teñan por obxecto deixar a unha persoa a
totalidade ou parte dos bens hereditarios para que os aplique
ou invista segundo instrucións reservadas que lle comunicase
o testador.

786. A nulidade da substitución fideicomisaria non
prexudicará a validez da institución nin os herdeiros do pri-
meiro chamamento; só se terá por non escrita a cláusula
fideicomisaria.

787. A disposición en que o testador deixe a unha per-
soa a totalidade ou parte da herdanza e a outra o usufruto
será válida. Se chamar ao usufruto a varias persoas non
simultánea, senón sucesivamente, observarase o disposto no
artigo 781.

788. Será válida a disposición que impoña ao herdeiro
a obrigación de investir certas cantidades periodicamente en
obras benéficas, como dotes para doncelas pobres, pensións
para estudantes ou en favor dos pobres ou de calquera esta-
blecemento de beneficencia ou de instrución pública, baixo
as condicións seguintes:

Se a carga se impuxer sobre bens inmobles e for tempo-
ral, o herdeiro ou herdeiros poderán dispor do predio gra-
vado, sen que cese o gravame mentres que a súa inscrición
non se cancele.

Se a carga for perpetua, o herdeiro poderá capitalizala e
impor o capital a xuro con primeira e suficiente hipoteca.

A capitalización e imposición do capital farase intervido
o *gobernador civil* da provincia e con audiencia do Ministe-
rio Público.

En todo caso, cando o testador non establece unha orde
para a administración e aplicación da manda benéfica, farao
a autoridade administrativa a quen corresponda consonte as
leis.

789. Todo o disposto neste capítulo respecto aos her-
deiros entenderase tamén aplicable aos legatarios.

790 *Sección 4.^a Da institución de herdeiro e do legado condicional ou a termo*

790. As disposicións testamentarias, tanto a título universal como particular, poderanse facer baixo condición.

791. As condicións impostas aos herdeiros e legatarios, no que non estea establecido nesta sección, rexeranse polas regras establecidas para as obrigacións condicionais.

792. Condicións imposibles e as contrarias ás leis ou aos bos costumes teranse por non postas e en nada prexudicarán o herdeiro ou legatario, mesmo cando o testador dispoña outra cousa.

793. A condición absoluta de non contraer primeiro ou ulterior matrimonio terase por non posta, a menos que o fose ao viúvo ou viúva polo seu defunto consorte ou polos ascendentes ou descendentes deste.

Poderá, non obstante, legarse a calquera o usufruto, uso ou habitación, ou unha pensión ou prestación persoal, polo tempo que permaneza solteiro ou viúvo.

794. Será nula a disposición feita baixo condición de que o herdeiro ou legatario faga no seu testamento algunha disposición en favor do testador ou doutra persoa.

795. A condición puramente potestativa imposta ao herdeiro ou legatario debe ser cumprida por estes, unha vez informados dela, despois da morte do testador.

Exceptúase o caso en que a condición, xa cumprida, non se poida reiterar.

796. Cando a condición for casual ou mixta, bastará que se realice ou cumpra en calquera tempo, vivo ou morto o testador, se este non dispuxo outra cousa.

De ter existido ou se ter cumprido no momento de se facer o testamento, e o testador o ignoraba, terase por cumprida.

Se o sabía, unicamente se terá por cumprida cando for de tal natureza que non poida xa existir ou cumprirse de novo.

797. A expresión do obxecto da institución ou legado, **802**
ou a aplicación que se deba dar ao deixado polo testador, ou
a carga que este impuxer, non se entenderán como condi-
ción, de non parecer que esta era a súa vontade.

O deixado desta maneira pode pedirse inmediatamente, e
é transmisíble aos herdeiros que afiancen o cumprimento do
mandado polo testador, e a devolución do percibido cos seus
fritos e xuros, se faltaren a esta obrigaón.

798. Cando, sen culpa ou feito propio do herdeiro ou
legatario, non poida ter efecto a institución ou o legado de
que trata o artigo precedente nos mesmos termos que orde-
nase o testador, deberase cumprir noutros, os máis análogos
e conformes coa súa vontade.

Cando o interesado en que se cumpra, ou non, impida o
seu cumprimento sen culpa ou feito propio do herdeiro ou
legatario, considerarase cumprida a condición.

799. A condición suspensiva non lle impide ao herdeiro
ou legatario adquirir os seus respectivos dereitos e transmi-
tírllelos aos seus herdeiros, mesmo antes de se verificar o seu
cumprimento.

800. Se a condición potestativa imposta ao herdeiro ou
legatario for negativa, ou de non facer ou non dar, cumpríran
con afianzar que non farán ou non darán o que foi prohibido
polo testador, e que, en caso de contravención, devolverán o
percibido cos seus fritos e xuros.

801. Se o herdeiro for constituído baixo condición sus-
pensiva, poranse os bens da herdanza en administración até
que a condición se realice ou haxa certeza de que non se
poderá cumprir.

O mesmo se fará cando o herdeiro ou legatario non preste
a fianza no caso do artigo anterior.

802. A administración de que fala o artigo precedente
confiarase ao herdeiro ou herdeiros constituídos sen condi-
ción, cando entre eles e o herdeiro condicional houber dereito
de acrecer. O mesmo se entenderá respecto dos legatarios.

803. Se o herdeiro condicional non tiver coherdeiros ou se, téndoos, non existir entre eles dereito de acrecer, entrará aquel na administración, dando fianza.

Se non a der, conferirase a administración ao herdeiro presunto, tamén baixo fianza; e, se nin un nin outro afianza-ren, os tribunais nomearán terceira persoa, que se fará cargo dela, tamén baixo fianza, a cal se prestará con intervención do herdeiro.

804. Os administradores terán os mesmos dereitos e obrigacións que os que o son dos bens dun ausente.

805. Será válida a designación de día ou de tempo en que deba comezar ou cesar o efecto da institución de herdeiro ou do legado.

En ambos os casos, até que chegue o termo sinalado, ou cando este conclúa, entenderase chamado o sucesor lexítimo. Mais no primeiro caso, non entrará este en posesión dos bens senón despois de prestar caución suficiente, con intervención do instituído.

Sección 5.^a Das lexítimas

806. Lexítima é a porción de bens de que o testador non pode dispor por tela reservado a lei a determinados herdeiros, chamados por isto herdeiros forzosos.

807. Son herdeiros forzosos:

1.º Os fillos e descendentes respecto dos seus pais e ascendentes.

2.º Na falta dos anteriores, os pais e ascendentes respecto dos seus fillos e descendentes.

3.º O viúvo ou viúva na forma e medida que establece este código.

Redactado conforme a Lei 11/1981, do 13 de maio.

REDACCIÓN ORIXINARIA.—«Son herdeiros forzosos:

1.º Os fillos e descendentes lexítimos respecto dos seus pais e ascendentes lexítimos.

2.º Na falta dos anteriores, os pais e ascendentes lexítimos respecto dos seus fillos e descendentes lexítimos.

3.º O viúvo ou viúva, os fillos naturais legalmente recoñecidos, e o pai ou nai destes, na forma e medida que establecen os artigos 834, 835, 836, 837, 840, 841, 842 e 846.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI DO 24 DE ABRIL DE 1958.—«Son herdeiros forzosos:

1.º Os fillos e descendentes lexítimos respecto dos seus pais e ascendentes lexítimos.

2.º Na falta dos anteriores, os pais e ascendentes lexítimos respecto dos seus fillos e descendentes lexítimos.

3.º O viúvo ou viúva, os fillos naturais legalmente recoñecidos e o pai ou nai destes, na forma e medida que establecen os artigos 834 a 842 e 846.»

808. Constitúen a lexítima dos fillos e descendentes as dúas terceiras partes do haber hereditario do pai e da nai.

No entanto, poderán estes dispor dunha parte das dúas que forman a lexítima, para aplicala como mellora aos seus fillos ou descendentes.

Cando algún dos fillos ou descendentes fose xudicialmente incapacitado, o testador poderá establecer unha substitución fideicomisaria sobre o terzo de lexítima estrita, sendo fiduciarios os fillos ou descendentes xudicialmente incapacitados e fideicomisarios os coherdeiros forzosos.»

A terceira parte restante será de libre disposición.

Redactado conforme a Lei 41/2003, do 18 de novembro.

REDACCIÓN ORIXINARIA.—«Constitúen a lexítima dos fillos e descendentes lexítimos as dúas terceiras partes do haber hereditario do pai e da nai.

No entanto, poderán estes dispor dunha parte das dúas que forman a lexítima, para aplicala como mellora aos seus fillos e descendentes lexítimos.

A terceira parte restante será de libre disposición.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI 11/1981, DO 13 DE MAIO.—«Constitúen a lexítima dos fillos e descendentes as dúas terceiras partes do haber hereditario do pai e da nai.

No entanto, poderán estes dispor dunha parte das dúas que forman a lexítima, para aplicala como mellora aos seus fillos ou descendentes.

A terceira parte restante será de libre disposición.»

809. Constitúe a lexítima dos pais ou ascendentes a metade do haber hereditario dos fillos e descendentes, salvo o caso en que concorreren co cónxuxe viúvo do descendente

810 causante, suposto en que será dunha terceira parte da herdanza.

Redactado conforme a Lei do 24 de abril de 1958.

REDACCIÓN ORIXINARIA.—«Constitúe a lexítima dos pais ou ascendentes a metade do haber hereditario dos fillos e descendentes. Da outra metade poderán estes dispor libremente, salvo o que se establece no artigo 836.»

810. A lexítima reservada aos pais dividirase entre os dous por partes iguais; se un deles morreu, recaerá toda no sobrevivente.

Cando o testador non deixe pai nin nai, mais si ascendentes, en igual grao, das liñas paterna e materna, dividirase a herdanza por metade entre ambas as liñas. Se os ascendentes foren de grao diferente, corresponderá por enteiro aos máis próximos dunha ou outra liña.

811. O ascendente que herdar do seu descendente bens que este adquirise por título lucrativo doutro ascendente, ou dun irmán, está obrigado a reservar os que adquirise por ministerio da lei en favor dos parentes que estean dentro do terceiro grao e pertencen á liña de onde os bens proceden.

812. Os ascendentes suceden con exclusión doutras persoas nas cousas dadas por eles aos seus fillos ou descendentes mortos sen posteridade, cando os mesmos obxectos doados existan na sucesión. De teren sido alleados, sucederán en todas as accións que o donatario tiver con relación a eles, e no prezo se se tiveren vendido, ou nos bens con que se substituísen, se os permutou ou cambiou.

813. O testador non poderá privar os herdeiros da súa lexítima senón nos casos expresamente determinados pola lei.

Tampouco poderá impor sobre ela gravame, nin condición, nin substitución de ningunha especie, salvo o disposto canto ao usufruto de viúvo e o establecido no artigo 808 respecto dos fillos ou descendentes xudicialmente incapacitados.

Redactado conforme a Lei 41/2003, do 18 de novembro.

REDACCIÓN ORIXINARIA...—«O testador non poderá privar os herdeiros da súa lexítima senón nos casos expresamente determinados pola lei.

Tampouco poderá impor sobre ela gravame, nin condición, nin substitución de ningunha especie, salvo o disposto canto ao usufruto do viúvo.»

814

814. A preterición dun herdeiro forzoso non prexudica a lexítima. Reducirase a institución de herdeiro antes que os legados, melloras e demais disposicións testamentarias.

No entanto, a preterición non intencional de fillos ou descendentes producirá os seguintes efectos:

1.º Se resultaren preteridos todos, anularanse as disposicións testamentarias de contido patrimonial.

2.º Noutro caso, anularase a institución de herdeiros, mais valerán as mandas e melloras ordenadas por calquera título, en canto unhas e outras non sexan inoficiosas. Non obstante, a institución de herdeiro a favor do cónxuxe só se anulará en canto prexudique as lexítimas.

Os descendentes doutro descendente que non fose preterido representan este na herdanza do ascendente, e non se consideran preteridos.

Se os herdeiros forzosos preteridos morren antes que o testador, o testamento producirá todos os seus efectos.

A salvo as lexítimas, terá preferencia en todo caso o ordenado polo testador.

Redactado conforme a Lei 11/1981, do 13 de maio.

REDACCIÓN ORIXINARIA.—«A preterición dalgún ou de todos os herdeiros forzosos en liña recta, quer vivan ao outorgarse o testamento quer nazan despois de morto o testador, anulará a institución de herdeiro; mais valerán as mandas e melloras en canto non sexan inoficiosas.

A preterición do viúvo ou viúva non anula a institución; mais o preterido conservará os dereitos que lle conceden os artigos 834, 835, 836 e 837 deste código.

Se os herdeiros forzosos preteridos morren antes que o testador, a institución producirá efecto.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI DO 24 DE ABRIL DE 1958.—«A preterición dalgún ou de todos os herdeiros forzosos en liña recta anulará a institución de herdeiros, mais valerán as mandas e melloras en canto non sexan inoficiosas.

A preterición do viúvo ou viúva non anula a institución, mais o preterido conservará os dereitos que lle conceden os artigos 834 a 839 deste código.

Se os herdeiros forzosos preteridos morren antes que o testador, a institución producirá efecto.»

815. O herdeiro forzoso a quen o testador deixase por calquera título menos da lexítima que lle corresponda, poderá pedir o complemento dela.

816. Toda renuncia ou transacción sobre a lexítima futura entre o que a debe e os seus herdeiros forzosos é nula, e estes poderán reclamala cando morra aquel; mais deberán traer a colación o que recibisen pola renuncia ou transacción.

817. As disposicións testamentarias que mingüen a lexítima dos herdeiros forzosos reduciranse, por petición destes, no que foren inoficiosas ou excesivas.

818. Para fixar a lexítima atenderase ao valor dos bens que ficaren á morte do testador, con dedución das débedas e cargas, sen comprender entre elas as impostas no testamento.

Ao valor líquido dos bens hereditarios agregárase o das doazóns colacionables.

Redactado conforme a Lei 11/1981, do 13 de maio.

REDACCIÓN ORIXINARIA...—«Para fixar a lexítima atenderase ao valor dos bens que ficaren á morte do testador, con dedución das débedas e cargas, sen comprender entre elas as impostas no testamento.

Ao valor líquido que os bens hereditarios tiveren agregárase o que tiñan todas as doazóns colacionables do mesmo testador no tempo en que as fixese.»

819. As doazóns feitas aos fillos, que non teñan o concepto de melloras, imputaranse na súa lexítima.

As doazóns feitas a estraños imputaranse á parte libre de que o testador puidese dispor pola súa derradeira vontade.

En canto foren inoficiosas ou excederen a cota dispoñible, reduciranse segundo as regras dos artigos seguintes.

820. Fixada a lexítima consonte os dous artigos anteriores, farase a redución como segue:

1.º Respectaranse as doazóns mentres se poida cubrir a lexítima, reducindo ou anulando, se for necesario, as mandas feitas en testamento.

2.º A redución destas farase *pro rata*, sen distinción **822** ningunha.

De o testador ter disposto que se pague certo legado con preferencia a outros, non sufrirá aquel redución senón despois de se teren aplicado estes por enteiro ao pagamento da lexítima.

3.º Se a manda consiste nun usufruto ou renda vitalicia, cuxo valor se teña por superior á parte dispoñible, os herdeiros forzosos poderán escoller entre cumprir a disposición testamentaria ou entregar ao legatario a parte da herdanza de que podía dispor libremente o testador.

821. Cando o legado suxeito a redución consista nun predio que non admita cómoda división, ficará este para o legatario se a redución non absorbe a metade do seu valor, e en caso contrario para os herdeiros forzosos; mais aquel e estes deberán aboarse o seu respectivo haber en diñeiro.

O legatario que teña dereito a lexítima poderá reter todo o predio, con tal de que o seu valor non supere o importe da porción dispoñible e da cota que lle corresponda por lexítima.

Se os herdeiros ou legatarios non queren usar do dereito que se lles concede neste artigo venderase o predio en poxa pública, por instancia de calquera dos interesados.

Redactado conforme a Lei 41/2003, do 18 de novembro.

REDACCIÓN ORIXINARIA...—«Cando o legado suxeito a redución consista nun predio que non admita cómoda división, ficará este para o legatario se a redución non absorbe a metade do seu valor, e en caso contrario, para os herdeiros forzosos; mais aquel e estes deberán aboarse o seu respectivo haber en diñeiro.

O legatario que teña dereito a lexítima poderá reter todo o predio, con tal de que o seu valor non supere o importe da porción dispoñible e da cota que lle corresponda por lexítima.»

822. A doazón ou legado dun dereito de habitación sobre a vivenda habitual que o seu titular faga a favor dun lexitimario persoa con discapacidade, non se computará para o cálculo das lexítimas se no momento do falecemento ambos estiveren convivindo nela.

Este dereito de habitación atribuirase por ministerio da lei nas mesmas condicións ao lexitimario discapacitado que

823 o necesite e que estivese convivindo co falecido, a menos que o testador dispuxese outra cousa ou o excluísese expresamente, mais o seu titular non poderá impedir que continúen convivindo os demais lexitimarios mentres o necesiten.

O dereito a que se refiren os dous parágrafos anteriores será intransmisible.

O disposto nos dous primeiros parágrafos non impedirá a atribución ao cónxuxe dos dereitos regulados nos artigos 1.406 e 1.407 deste código, que coexistirán co de habitación.

Redactado conforme a Lei 41/2003, do 18 de novembro.

REDACCIÓN ORIXINARIA...—«Se os herdeiros ou legatarios non queren usar do dereito que se lles concede no artigo anterior, poderá usalo o que deles non o tiña; se este tampouco quere usalo, venderase o predio en poxa pública, por instancia de calquera dos interesados.»

Sección 6.^a Das melloras

823. O pai ou a nai poderán dispor en concepto de mellora a favor dalgún ou algúns dos seus fillos ou descendentes, xa o sexan por natureza xa por adopción, dunha das dúas terceiras partes destinadas a lexítima.

Redactado conforme a Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro.

REDACCIÓN ORIXINARIA...—«O pai ou a nai poderán dispor a favor dalgún ou algúns dos seus fillos ou descendentes dunha das dúas terceiras partes destinadas a lexítima.

Esta porción chámase mellora.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI 11/1981, DO 13 DE MAIO.—«O pai ou a nai poderán dispor en concepto de mellora a favor dalgún ou algúns dos seus fillos ou descendentes, xa o sexan por natureza, xa por adopción plena, dunha das dúas terceiras partes destinadas a lexítima.»

824. Non se poderán impor sobre a mellora outros gravames que os que se establezan en favor dos lexitimarios ou os seus descendentes.

825. Ningunha doazón por contrato entre vivos, sexa simple ou por causa onerosa, en favor de fillos ou descendentes, que sexan herdeiros forzosos, se reputará mellora, se o doador non declarou dunha maneira expresa a súa vontade de mellorar.

826. A promesa de mellorar ou non mellorar, feita por escritura pública en capitulacións matrimoniais, será válida. **831**

A disposición do testador contraria á promesa non producirá efecto.

827. A mellora, aínda que se verificase con entrega de bens, será revogable, a menos que se fixese por capitulacións matrimoniais ou por contrato oneroso celebrado cun terceiro.

828. A manda ou legado feito polo testador a un dos fillos ou descendentes non se reputará mellora senón cando o testador declarase expresamente ser esta a súa vontade, ou cando non caiba na parte libre.

829. A mellora poderá sinalarse en cousa determinada. Se o valor desta exceder o terzo destinado á mellora e da parte de lexítima correspondente ao mellorado, deberá este aboar a diferenza en metálico aos demais interesados.

830. A facultade de mellorar non se pode encomendar a outro.

831. 1. Malia o disposto no artigo anterior, poderán conferirse facultades ao cónxuxe en testamento para que, falecido o testador, poida realizar a favor dos fillos ou descendentes comúns melloras mesmo con cargo ao terzo de libre disposición e, en xeral, adxudicacións ou atribucións de bens concretos por calquera título ou concepto sucesorio ou particións, incluídas as que teñan por obxecto bens da sociedade conxugal disolta que estea sen liquidar.

Estas melloras, adxudicacións ou atribucións poderán ser realizadas polo cónxuxe nun ou varios actos, simultáneos ou sucesivos. Se non se lle conferiu a facultade de o facer no seu propio testamento ou non se lle sinalou prazo, terá o de dous anos contados desde a apertura da sucesión ou, se for o caso, desde a emancipación do último dos fillos comúns.

As disposicións do cónxuxe que teñan por obxecto bens específicos e determinados, alén de conferiren a propiedade ao fillo ou descendente favorecido, conferiranlle tamén a posesión polo feito da súa aceptación, salvo que nelas se estableza outra cousa.

2. Corresponderá ao cónxuxe sobrevivente a administración dos bens sobre os cales pendan as facultades a que se refire o parágrafo anterior.

3. O cónxuxe, ao exercer as facultades encomendadas, deberá respectar as lexítimas estritas dos descendentes comúns e as melloras e demais disposicións do causante en favor deses.

De non se respectar a lexítima estrita dalgún descendente común ou a cota de participación nos bens relictos que no seu favor ordenase o causante, o prexudicado poderá pedir que se rescindan os actos do cónxuxe en canto sexa necesario para dar satisfacción ao interese lesionado.

Entenderanse respectadas as disposicións do causante a favor dos fillos ou descendentes comúns e as lexítimas cando unhas ou outras resulten suficientemente satisfeitas aínda que en todo ou en parte o fosen con bens pertencentes só ao cónxuxe que exerza as facultades.

4. A concesión ao cónxuxe das facultades expresadas non alterará o réxime das lexítimas nin o das disposicións do causante, cando o favorecido por unhas ou outras non sexa descendente común. En tal caso, o cónxuxe que non sexa parente en liña recta do favorecido terá poderes, canto aos bens afectos a esas facultades, para actuar por conta dos descendentes comúns nos actos de execución ou de adxudicación relativos a tales lexítimas ou disposicións.

Cando algún descendente que non o sexa do cónxuxe supérstite sufrise preterición non intencional na herdanza do premorto, o exercicio das facultades encomendadas ao cónxuxe non poderá menoscabar a parte do preterido.

5. As facultades conferidas ao cónxuxe cesarán desde que pasase a ulterior matrimonio ou a relación de feito análoga ou tivese algún fillo non común, salvo que o testador dispuxese outra cousa.

6. As disposicións dos parágrafos anteriores tamén serán de aplicación cando as persoas con descendencia común non estean casadas entre si.

Redactado conforme a Lei 41/2003, do 18 de novembro.

REDACCIÓN ORIXINARIA...—«Non obstante o disposto no artigo anterior, poderá validamente pactarse, en capitulacións matrimoniais,

que, morrendo intestado un dos cónxuxes, poida o viúvo ou viúva, que non contraese novas nupcias, distribuír, ao seu prudente arbitrio, os bens do defunto e mellorar neles os fillos comúns, sen prexuízo das lexítimas e das melloras feitas en vida polo finado.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI 11/1981, DO 13 DE MAIO.—«Non obstante o disposto no artigo anterior, poderá ordenarse en testamento ou en capitulacións matrimoniais que, morrendo o cónxuxe outorgante, poida o viúvo ou viúva que non contraese novas nupcias distribuír, ao seu prudente arbitrio, os bens do defunto e mellorar neles os fillos comúns, sen prexuízo das lexítimas e das melloras e demais disposicións do causante.

De non se ter sinalado prazo, o viúvo ou viúva terá o dun ano, contado desde a apertura da sucesión ou, se for o caso, desde a emancipación do último dos fillos comúns.»

832. Cando a mellora non fose sinalada en cousa determinada, será pagada cos mesmos bens hereditarios, observándose, en canto poidan ter lugar, as regras establecidas nos artigos 1.061 e 1.062 para procurar a igualdade dos herdeiros na partición de bens.

833. O fillo ou descendente mellorado poderá renunciar á herdanza e aceptar a mellora.

Redactado conforme a Lei 11/1981, do 13 de maio.

REDACCIÓN ORIXINARIA...—«O fillo ou descendente lexítimo mellorado poderá renunciar a herdanza e admitir a mellora.»

Sección 7.^a Dereitos do cónxuxe viúvo

834. O cónxuxe que ao morrer o seu consorte non se achar separado deste xudicialmente ou de feito, se concorre á herdanza con fillos ou descendentes, terá dereito ao usufruto do terzo destinado a mellora.

Redactado conforme a Lei 15/2005, do 8 de xullo.

REDACCIÓN ORIXINARIA...—«O viúvo ou viúva que ao morrer o seu consorte non se achar divorciado, ou o estiver por culpa do cónxuxe defunto, terá dereito a unha cota, en usufruto, igual á que por lexítima corresponda a cada un dos seus fillos ou descendentes lexítimos non mellorados.

Se non ficar máis que un só fillo ou descendente, o viúvo ou viúva terá o usufruto do terzo destinado a mellora, conservando aquel a núa propiedade, até que por falecemento do cónxuxe supérstite se consolide nel o dominio.

Se estiveren os cónxuxes separados por demanda de divorcio, agardárase polo resultado do preito.

Se entre os cónxuxes divorciados mediou perdón ou reconciliación, o sobrevivente conservará os seus dereitos.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI 30/1981, DO 24 DE ABRIL DE 1958.- «O cónxuxe que ao morrer o seu consorte non se achar separado ou o estiver por culpa do defunto, se concorre á herdanza con fillos ou descendentes, terá dereito ao usufruto do terzo destinado a mellora».

835. Se entre os cónxuxes separados mediase reconciliación notificada ao xulgado que coñeceu da separación de conformidade co artigo 84 deste Código, o sobrevivente conservará os seus dereitos.

Redactado conforme a Lei 15/2005, do 8 de xullo.

REDACCIÓN ORIXINARIA...—«A porción hereditaria asignada en usufruto ao cónxuxe viúvo deberase tirar da terceira parte dos bens destinada á mellora dos fillos.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI DO 24 DE ABRIL DE 1958.—«Cando estiveren os cónxuxes separados en virtude de demanda, agardárase polo resultado do preito.

Se entre os cónxuxes separados mediase perdón ou reconciliación, o sobrevivente conservará os seus dereitos.»

836. [*Suprimido pola Lei 11/1981, do 13 de maio.*]

REDACCIÓN ORIXINARIA...—«De non deixar o testador descendentes, mais si ascendentes, o cónxuxe sobrevivente terá dereito á terceira parte da herdanza en usufruto.

Este terzo tirarase da metade libre, e o testador poderá dispor da propiedade del.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI DO 24 DE ABRIL DE 1958.—«No caso de concorreren fillos dalgún matrimonio anterior do causante, o usufruto correspondente ao cónxuxe viúvo recaerá sobre o terzo de libre disposición.

En tal suposto, se houber fillos naturais, adxudicárase a estes a súa lexítima en núa propiedade, e se, en canto dure o usufruto, estiveren no caso de necesitaren alimentos, terán dereito a exixilos de todos os lexitimarios en proporción ao seu haber hereditario.»

837. Non existindo descendentes, mais si ascendentes, o cónxuxe sobrevivente terá dereito ao usufruto da metade da herdanza.

Suprimido o segundo parágrafo deste artigo pola Lei 15/2005, do 8 de xullo.

REDACCIÓN ORIXINARIA...—«Cando o testador non deixar descendentes nin ascendentes lexítimos, o cónxuxe sobrevivente terá dereito á metade da herdanza, tamén en usufruto.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI DO 24 DE ABRIL DE 1958.—«De non existiren descendentes, mais si ascendentes, o cónxuxe sobrevivente terá dereito ao usufruto da metade da herdanza.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI 11/1981, DO 13 DE MAIO.—«De non existiren descendentes, mais si ascendentes, o cónxuxe sobrevivente terá dereito ao usufruto da metade da herdanza.»

Igual extensión terá o usufruto cando os únicos herdeiros forzosos que concorran co viúvo ou viúva sexan fillos unicamente do seu conxunto concibidos durante o matrimonio de ambos. A cota usufrutuaria recaerá neste caso sobre o terzo de mellora, gravando o resto o terzo de libre disposición.»

838. De non existiren descendentes nin ascendentes, o cónxuxe sobrevivente terá dereito ao usufruto dos dous terzos da herdanza.

Redactado conforme a Lei do 24 de abril de 1958.

REDACCIÓN ORIXINARIA...—«Os herdeiros poderán satisfacer ao cónxuxe a súa parte de usufruto, asignándolle unha renda vitalicia ou os produtos de determinados bens, ou un capital en efectivo, procedendo de mutuo acordo, e, na súa falta, en virtude de mandado xudicial.

Mentres isto non se realice, estarán afectos todos os bens da herdanza ao pagamento da parte de usufruto que corresponda ao cónxuxe viúvo.»

839. Os herdeiros poderán satisfacer ao cónxuxe a súa parte de usufruto, asignándolle unha renda vitalicia, os produtos de determinados bens, ou un capital en efectivo, procedendo de mutuo acordo e, na súa falta, por virtude de mandato xudicial.

Mentres isto non se realice, estarán afectos todos os bens da herdanza ao pagamento da parte de usufruto que corresponda ao cónxuxe.

Redactado conforme a Lei do 24 de abril de 1958.

REDACCIÓN ORIXINARIA...—«No caso de concorreren fillos de dous ou máis matrimonios, o usufruto correspondente ao cónxuxe viúvo de segundas nupcias tirarase da terceira parte de libre disposición dos pais.»

840. Cando o cónxuxe viúvo concorra con fillos unicamente do causante, poderá exixir que o seu dereito de usu-

841 fruto lle sexa satisfeito, á escolla dos fillos, asignándolle un capital en diñeiro ou un lote de bens hereditarios.

Redactado conforme a Lei 15/2005, do 8 de xullo.

REDACCIÓN ORIXINARIA..:

«Sección oitava.—Dos dereitos dos fillos ilexítimos

Cando o testador deixe fillos ou descendentes lexítimos e fillos naturais legalmente recoñecidos, terá cada un destes dereito á metade da cota que corresponda a cada un dos lexítimos non mellorados, sempre que caiba dentro do terzo de libre disposición, do cal deberá tirarse, deducindo antes os gastos de enterramento e funeral.

Os fillos lexítimos poderán satisfacer a cota que corresponda aos naturais, en diñeiro ou noutros bens da herdanza a xusta regulación.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI 11/1981, DO 12 DE MAIO.- «Cando se estea no caso previsto polo parágrafo segundo do artigo 837, o cónxuxe poderá exixir que o usufruto que grave a parte que reciban os fillos lle sexa satisfeito, á escolla destes, asignándolle un capital en diñeiro ou un lote de bens hereditarios.»

Sección 8.^a Pagamento da porción hereditaria en casos especiais

841. O testador, ou o contador-partidor expresamente autorizado por aquel, poderá adxudicar todos os bens hereditarios, ou parte deles, a algún dos fillos ou descendentes, ordenando que se pague en metálico a porción hereditaria dos demais lexitimarios.

Tamén corresponderá a facultade de pagamento en metálico no mesmo suposto do parágrafo anterior ao contador-partidor dativo a que se refire o artigo 1.057 do Código civil.

Redactado conforme a Lei 11/1981, do 13 de maio.

REDACCIÓN ORIXINARIA...—«Cando o testador non deixar fillos ou descendentes, mais si ascendentes lexítimos, os fillos naturais recoñecidos terán dereito á metade da parte de herdanza de libre disposición.

Isto enténdese sen prexuízo da lexítima do viúvo, conforme o artigo 836, de modo que, concorrendo o viúvo con fillos naturais recoñecidos, se adxudicará a estes só en núa propiedade, mentres vivir o viúvo, o que lles falte para completar a súa lexítima.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI DO 24 DE ABRIL DE 1958.—«Cando o testador non deixar fillos ou descendentes, mais si ascendentes lexíti-

mos, os fillos naturais recoñecidos terán dereito á cuarta parte da herdanza.

Isto enténdese sen prexuízo da lexítima do viúvo, que, concorrendo con fillos naturais recoñecidos, será un terzo da herdanza en usufruto, e adxudicarase a estes só en núa propiedade, mentres vivir o viúvo, o que lles falte para completar a lexítima.»

842. Non obstante o disposto no artigo anterior, calquera dos fillos ou descendentes obrigados a pagar en metálico a cota hereditaria dos seus irmáns poderá exixir que a devandita cota sexa satisfeita en bens da herdanza, debendo observarse, en tal caso, o prescrito polos artigos 1.058 a 1.063 deste código.

Redactado conforme a Lei 11/1981, do 13 de maio.

REDACCIÓN ORIXINARIA...—«Cando o testador non deixar descendentes nin ascendentes lexítimos, os fillos naturais recoñecidos terán dereito á terceira parte da herdanza.»

843. Salvo confirmación expresa de todos os fillos ou descendentes, a partición a que se refiren os dous artigos anteriores requirirá aprobación xudicial.

Redactado conforme a Lei 11/1981, do 13 de maio.

REDACCIÓN ORIXINARIA...—«Os dereitos recoñecidos aos fillos naturais nos artigos precedentes transmítense pola súa morte aos seus descendentes lexítimos.»

844. A decisión de pagamento en metálico non producirá efectos se non se comunica aos perceptores no prazo dun ano desde a apertura da sucesión. O pagamento deberase facer no prazo doutro ano máis, salvo pacto en contrario. Corresponderán ao perceptor da cantidade as garantías legais establecidas para o legatario de cantidade.

Transcorrido o prazo sen que o pagamento tivese lugar, caducará a facultade conferida aos fillos ou descendentes polo testador ou o contador-partidor e procederase a repartir a herdanza segundo as disposicións xerais sobre a partición.

Redactado conforme a Lei 11/1981, do 13 de maio.

REDACCIÓN ORIXINARIA...—«A porción hereditaria dos lexitimados por concesión real será a mesma establecida pola lei en favor dos fillos naturais recoñecidos.»

845. A opción de que tratan os artigos anteriores non afectará os legados de cousa específica.

Redactado conforme a Lei 11/1981, do 13 de maio.

REDACCIÓN ORIXINARIA...—«Os fillos ilexítimos que non teñan a calidade de naturais só terán dereito aos alimentos.

A obrigación do que os deba prestar transmitirase aos seus herdeiros e subsistirá até os fillos chegaren á maior idade; e no caso de estaren incapacitados, mentres dure a incapacidade.»

846. Tampouco afectará as disposicións particionais do testador sinaladas en cousas determinadas.

Redactado conforme a Lei 11/1981, do 13 de maio.

REDACCIÓN ORIXINARIA...—«O dereito de sucesión que a lei dá aos fillos naturais pertence por reciprocidade nos mesmos casos ao pai ou nai naturais.»

847. Para fixar a suma que deba aboarse aos fillos ou descendentes atenderase ao valor que tiveren os bens no momento de liquidarlles a porción correspondente, tendo en conta os froitos ou rendas até entón producidos. Desde a liquidación, o crédito metálico producirá o xuro legal.

Redactado conforme a Lei 11/1981, do 13 de maio.

REDACCIÓN ORIXINARIA...—«As doazóns que o fillo natural recibise en vida do seu pai ou da súa nai imputaranse na lexítima.

Se excederen do terzo de libre disposición, reducirase na forma establecida nos artigos 817 e seguintes.»

Sección 9.^a Do desherdamento

848. O desherdamento só poderá ter lugar por algunha das causas que expresamente sinala a lei.

849. O desherdamento só se poderá facer en testamento, expresando nel a causa legal en que se funde.

850. A proba de ser certa a causa do desherdamento corresponderá aos herdeiros do testador se o desherdado a negar.

851. O desherdamento feito sen expresión de causa, ou por causa cuxa certeza, se for contradita, non se probar, ou que non sexa unha das sinaladas nos catro seguintes artigos,

anulará a institución de herdeiro en canto prexudique o desherdado; mais valerán os legados, melloras e demais disposicións testamentarias no que non prexudiquen a dita lexítima. **853**

852. Son xustas causas para o desherdamento, nos termos que especificamente determinan os artigos 853, 854 e 855, as de incapacidade por indignidade para suceder, sinaladas no artigo 756 cos números 1.º, 2.º, 3.º, 5.º e 6.º

Redactado conforme a Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro.

REDACCIÓN ORIXINARIA...—«Son xustas causas para o desherdamento, nos seus respectivos casos, as de incapacidade por indignidade para suceder, sinaladas no artigo 756 cos números 1.º, 2.º, 3.º, 5.º e 6.º»

REDACCIÓN CONFORME A LEI DO 26 DE MAIO DE 1978.—«Son xustas causas para o desherdamento, nos termos que especificamente determinan os artigos 853, 854 e 855, as de incapacidade por indignidade para suceder sinaladas no artigo 756 cos números 1.º, 2.º, 3.º e 5.º Así mesmo, é xusta causa para desherdar ter cometido adulterio co cónxuxe do testador.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI 11/1990, do 15 de outubro.—«Son xustas causas para o desherdamento, nos termos que especificamente determinan os artigos 853, 854 e 855, as de incapacidade por indignidade para suceder sinaladas no artigo 756 cos números 1.º, 2.º, 3.º e 5.º »

853. Serán tamén xustas causas para desherdar os fillos e descendentes, ademais das sinaladas no artigo 756 cos números 2.º, 3.º, 5.º e 6.º, as seguintes:

1.^a Ter negado, sen motivo lexítimo, os alimentos ao pai ou ascendente que o desherda.

2.^a Telo maltratado de obra ou inxuriado gravemente de palabra.

Redactado conforme a Lei 11/1990, do 15 de outubro.

REDACCIÓN ORIXINARIA...—«Serán tamén xustas causas para desherdar os fillos e descendentes, tanto lexítimos como naturais, ademais das sinaladas no artigo 756 cos números 2.º, 3.º, 5.º e 6.º, as seguintes:

1.^a Ter negado, sen motivo lexítimo, os alimentos ao pai ou ascendente que o desherda.

2.^a Telo maltratado de obra ou inxuriado gravemente de palabra.

3.^a Terse entregado a filla ou neta á prostitución.

4.^a Ter sido condenado por un delito que leve consigo a pena de interdicción civil.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI DO 26 DE MAIO DE 1978.—«Serán tamén xustas as causas para desherdar os fillos e descendentes lexítimos e

naturais, ben como os fillos adoptivos, alén das sinaladas no artigo 756, cos números 2.º, 3.º e 5.º, as seguintes:

- 1.^a Ter negado sen motivo lexítimo os alimentos ao pai ou ascendente que o desherda.
- 2.^a Telo maltratado de obra ou inxuriado gravemente de palabra.
- 3.^a Terse entregado a filla ou neta á prostitución.
- 4.^a Ter sido condenado por un delito que leve consigo a plena interdicción civil.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI 11/1981, DO 13 DE MAIO.—«Serán tamén xustas causas para desherdar os fillos e descendentes, ademais das sinaladas no artigo 756 cos números 2.º, 3.º, 5º e 6.º, as seguintes:

- 1.^a Ter negado sen motivo lexítimo os alimentos ao pai ou ascendente que o desherda.
- 2.^a Telo maltratado de obra ou inxuriado gravemente de palabra.
- 3.^a Terse entregado a filla ou neta á prostitución.
- 4.^a Ter sido condenado por un delito que leve consigo a pena de interdicción civil.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI 6/1984, DO 31 DE MARZO.—«Serán tamén xustas causas para desherdar os fillos e descendentes, alén das sinaladas no artigo 756 cos números 2.º, 3.º, 5º e 6.º, as seguintes:

- 1.^a Ter negado, sen motivo lexítimo, os alimentos ao pai ou ascendente que o desherda.
- 2.^a Telo maltratado de obra ou inxuriado gravemente de palabra.
- 3.^a Terse entregado a filla ou neta á prostitución.»

854. Serán xustas causas para desherdar os pais e ascendentes, alén das sinaladas no artigo 756 cos números 1.º, 2.º, 3.º, 5º e 6.º, as seguintes:

- 1.^a Ter perdido a patria potestade polas causas expresadas no artigo 170.
- 2.^a Ter negado os alimentos aos seus fillos ou descendentes sen motivo lexítimo.
- 3.^a Ter atentado un dos pais contra a vida do outro, se non houbo entre eles reconciliación.

Redactado conforme a Lei 11/1981, do 13 de maio.

REDACCIÓN ORIXINARIA...—«Serán xustas causas para desherdar os pais e ascendentes, tanto lexítimos como naturais, alén das sinaladas no artigo 756 cos números 1.º, 2.º, 3.º, 5º e 6.º, as seguintes:

- 1.^a Ter perdido a patria potestade polas causas expresadas no artigo 169.
- 2.^a Ter negado os alimentos aos seus fillos ou descendentes sen motivo lexítimo.

3.^a Ter atentado un dos pais contra a vida do outro, se non houberse entre eles reconciliación.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI DO 26 DE MAIO DE 1978.—«Serán xustas causas para desherdar os pais e ascendentes lexítimos e naturais, ben como os adoptantes, ademais das sinaladas no artigo 756 cos números 1.º, 2.º, 3º e 5.º, as seguintes:

1.^a Ter perdido a patria potestade polas causas expresadas no artigo 169.

2.^a Ter negado os alimentos aos seus fillos ou descendentes sen motivo lexítimo.

3.^a Ter atentado un dos pais contra a vida do outro, se non houberse entre eles reconciliación.»

855. Serán xustas causas para desherdar o cónxuxe, alén das sinaladas no artigo 756 cos números 2.º, 3.º, 5º e 6.º, as seguintes:

1.^a Ter incumprido grave ou reiteradamente os deberes conxugais.

2.^a As que dan lugar á perda da patria potestade, conforme o artigo 170.

3.^a Ter negado alimentos aos fillos ou ao outro cónxuxe.

4.^a Ter atentado contra a vida do cónxuxe testador, se non mediase reconciliación.

Redactado conforme a Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro.

REDACCIÓN ORIXINARIA...—«Serán xustas causas para desherdar o cónxuxe, alén das sinaladas no artigo 756 cos números 2.º, 3º e 6.º, as seguintes:

1.^a As que dan lugar ao divorcio, segundo o artigo 105.

2.^a As que dan lugar á perda da patria potestade, conforme o artigo 169.

3.^a Ter negado alimentos aos fillos ou ao outro cónxuxe.

4.^a Ter atentado contra a vida do cónxuxe testador, se non mediase reconciliación.

Para que as causas que dan lugar ao divorcio o sexan tamén de desherdamento, é preciso que non vivan os cónxuxes baixo un mesmo teito.»

REDACCIÓN CONFORME O ARTIGO 4.º DA LEI DO 24 DE ABRIL DE 1958.—«Serán xustas causas para desherdar o cónxuxe, alén das sinaladas no artigo 756 cos números 2.º, 3º e 6.º, as seguintes:

1.^a As que dan lugar á separación persoal, segundo o artigo 105.

2.^a As que dan lugar á perda da patria potestade, conforme o artigo 169.

3.^a Ter negado alimentos aos fillos ou ao outro cónxuxe.

4.^a Ter atentado contra a vida do cónxuxe testador, se non mediase reconciliación.

Para que as causas que dan lugar á separación persoal o sexan tamén de desherdamento, é preciso que non vivan os cónxuxes baixo un mesmo teito.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI 30/1981, DO 7 DE XULLO.—«Serán xustas causas para desherdar o cónxuxe, alén das sinaladas no artigo 756 cos números 2.º, 3º e 6.º, as seguintes:

1.^a Ter incumplido grave ou reiteradamente os deberes conxugais.

2.^a As que dan lugar á perda da patria potestade, conforme o artigo 169.

3.^a Ter negado alimentos aos fillos ou ao outro cónxuxe.

4.^a Ter atentado contra a vida do cónxuxe testador, se non mediase a reconciliación.

Para que as causas que dan lugar á separación persoal o sexan tamén de desherdamento, é preciso que non vivan os cónxuxes baixo un mesmo teito.»

856. A reconciliación posterior do ofensor e do ofendido priva este do dereito de desherdar, e deixa sen efecto o desherdamento xa feito.

857. Os fillos ou descendentes do desherdado ocuparán o seu lugar e conservarán os dereitos de herdeiros forzosos respecto á lexítima.

Redactado conforme a Lei 11/1981, do 13 de maio.

REDACCIÓN ORIXINARIA...—«Os fillos do desherdado ocuparán o seu lugar e conservarán os dereitos de herdeiros forzosos respecto á lexítima; mais o pai desherdado non terá o usufruto nin a administración dos bens dela.»

Sección 10. Das mandas e legados

858. O testador poderá gravar con mandas e legados non só o seu herdeiro, senón tamén os legatarios.

Estes non estarán obrigados a responder do gravame senón até onde atinxa o valor do legado.

859. Cando o testador grave cun legado un dos herdeiros, só el ficará obrigado ao seu cumprimento.

Se non gravar ningún en particular, ficarán obrigados todos na mesma proporción en que sexan herdeiros.

860. O obrigado á entrega do legado responderá en caso **867**
de evicción, se a cousa for indeterminada e se sinalar só por
xénero ou especie.

861. O legado de cousa allea, se o testador, ao legala,
sabía que o era, é válido. O herdeiro estará obrigado a adqui-
rila para entregala ao legatario; e, non lle sendo posible, a
dar a este a súa xusta estimación.

A proba de que o testador sabía que a cousa era allea
corresponde ao legatario.

862. Se o testador ignoraba que a cousa que legaba era
allea, será nulo o legado.

Mais será válido se a adquire despois de outorgado o tes-
tamento.

863. Será válido o legado feito a un terceiro dunha
cousa propia do herdeiro ou dun legatario, os cales, ao acep-
taren a sucesión, deberán entregar a cousa legada ou a súa
xusta estimación, coa limitación establecida no arti-
go seguinte.

O disposto no parágrafo anterior enténdese sen prexuízo
da lexítima dos herdeiros forzosos.

864. Cando o testador, herdeiro ou legatario tiveren só
unha parte ou un dereito na cousa legada, entenderase limi-
tado o legado a esta parte ou dereito, a menos que o testador
declare expresamente que lega a cousa por enteiro.

865. É nulo o legado de cousas que están fóra do comer-
cio.

866. Non producirá efecto o legado de cousa que no
momento de facerse o testamento fose xa propia do legata-
rio, aínda que nela tivese algún dereito outra persoa.

Se o testador dispón expresamente que a cousa sexa libe-
rada deste dereito ou gravame, valerá, canto a isto, o legado.

867. Cando o testador legar unha cousa empeñada ou
hipotecada para a seguranza dalgunha débeda exixible, o
pagamento desta ficará a cargo do herdeiro.

868 Se por non pagar o herdeiro o fixer o legatario, ficará este subrogado no lugar e dereitos do acredor para reclamar contra o herdeiro.

Calquera outra carga perpetua ou temporal a que se ache afecta a cousa legada, pasa con esta ao legatario; mais en ambos os casos as rendas e os xuros ou réditos producidos até a morte do testador son carga da herdanza.

868. Se a cousa legada estiver suxeita a usufruto, uso ou habitación, o legatario deberá respectar estes dereitos até que legalmente se extingan.

869. O legado ficará sen efecto:

1.º Se o testador transforma a cousa legada, de modo que non conserve nin a forma nin a denominación que tiña.

2.º Se o testador allea, por calquera título ou causa, a cousa legada ou parte dela, entendéndose neste último caso que o legado fica só sen efecto respecto á parte alleada. Se despois do alleamento volver a cousa ao dominio do testador, aínda que sexa pola nulidade do contrato, non terá despois deste feito forza o legado, salvo o caso en que a readquisición se verifique por pacto de retroventa.

3.º Se a cousa legada perece de todo vivindo o testador ou despois da súa morte sen culpa do herdeiro. No entanto, o obrigado a pagar o legado responderá por evicción, se a cousa legada non tiver sido determinada en especie, segundo o disposto no artigo 860.

870. O legado dun crédito contra terceiro, ou o de perdón ou liberación dunha débeda do legatario, só producirá efecto na parte do crédito ou da débeda subsistente no momento de morrer o testador.

No primeiro caso, o herdeiro cumprirá con ceder ao legatario todas as accións que puideren competerlle contra o debedor.

No segundo, con dar ao legatario carta de pagamento, de a pedir.

En ambos os casos, o legado comprenderá os xuros que polo crédito ou a débeda se debesen ao morrer o testador.

871. Caduca o legado de que se fala no artigo anterior **878** se o testador, despois de telo feito, demandar xudicialmente o debedor para o pagamento da súa débeda, aínda que este non se realizase no momento do falecemento.

Polo legado feito ao debedor da cousa empeñada só se entende remitido o dereito de peñor.

872. O legado xenérico de liberación ou perdón das débedas comprende as existentes no momento de facerse o testamento, non as posteriores.

873. O legado feito a un acredor non se imputará en pagamento do seu crédito, a non ser que o testador o declare expresamente.

Neste caso, o acredor terá dereito a cobrar o exceso do crédito ou do legado.

874. Nos legados alternativos observarase o disposto para as obrigacións da mesma especie, salvas as modificacións que deriven da vontade expresa do testador.

875. O legado de cousa moble xenérica será válido aínda que non haxa cousas do seu xénero na herdanza.

O legado de cousa inmobile non determinada só será válido se a houber do seu xénero na herdanza.

A escolla será do herdeiro, quen cumprirá con dar unha cousa que non sexa da calidade inferior nin da superior.

876. Sempre que o testador deixe expresamente a escolla ao herdeiro ou ao legatario, o primeiro poderá dar, ou o segundo elixir, o que mellor lles parecer.

877. Se o herdeiro ou legatario non puiden facer a escolla no caso de terlle sido concedida, pasará o seu dereito aos herdeiros; mais, unha vez feita a escolla, será irrevogable.

878. Se a cousa legada era propia do legatario na data do testamento, non vale o legado, aínda que despois fose alleada.

Se o legatario a adquirise por título lucrativo despois daquela data, nada poderá pedir por isto; mas se a adquiri-

879 ción se fixese por título oneroso, poderá pedir ao herdeiro que o indemnice do que tivese dado por adquirila.

879. O legado de educación dura até que o legatario sexa maior de idade.

O de alimentos dura mentres viva o legatario, se o testador non dispón outra cousa.

Se o testador non sinalou cantidade para estes legados, fixarase segundo o estado e condición do legatario e o importe da herdanza.

Se o testador adoitou en vida dar ao legatario certa cantidade de diñeiro ou outras cousas por vía de alimentos, entenderase legada a mesma cantidade, se non resultar en notable desproporción coa contía da herdanza.

880. Legada unha pensión periódica ou certa cantidade anual, mensual ou semanal, o legatario poderá exixir a do primeiro período, así que morra o testador, e a dos seguintes no principio de cada un deles, sen que haxa lugar á devolución aínda que o legatario morra antes de que termine o período comezado.

881. O legatario adquire dereito aos legados puros e simples desde a morte do testador, e transmíteo aos seus herdeiros.

882. Cando o legado é de cousa específica e determinada, propia do testador, o legatario adquire a súa propiedade desde que aquel morre, e fai seus os froitos ou rendas pendentes, mais non as rendas producidas e non satisfeitas antes da morte.

A cousa legada correrá desde o mesmo instante a risco do legatario, que sufrirá, por tanto, a súa perda ou deterioración, como tamén se aproveitará do seu aumento ou mellora.

883. A cousa legada deberá ser entregada con todos os seus accesorios e no estado en que se ache ao morrer o testador.

884. Se o legado non for de cousa específica e determinada, senón xenérico ou de cantidade, os seus froitos e xuros

desde a morte do testador corresponderán ao legatario cando o testador o dispuxese expresamente. **890**

885. O legatario non pode ocupar pola súa propia autoridade a cousa legada, senón que debe pedir a súa entrega e posesión ao herdeiro ou ao testamenteiro, cando este se ache autorizado para dala.

886. O herdeiro debe dar a mesma cousa legada, podendo facelo, e non cumpre con dar a súa estimación.

Os legados en diñeiro deberán ser pagados nesta especie, aínda que non o haxa na herdanza.

Os gastos necesarios para a entrega da cousa legada serán a cargo da herdanza, mais sen prexuízo da lexítima.

887. Se os bens da herdanza non alcanzaren para cubrir todos os legados, o pagamento farase na orde seguinte:

- 1.º Os legados remuneratorios.
- 2.º Os legados de cousa certa e determinada, que forme parte da masa hereditaria.
- 3.º Os legados que o testador declarase preferentes.
- 4.º Os de alimentos.
- 5.º Os de educación.
- 6.º Os demais *pro rata*.

888. Cando o legatario non poida ou non queira admitir o legado, ou este, por calquera causa, non teña efecto, refundirase na masa da herdanza, fóra dos casos de substitución e dereito de acrecer.

889. O legatario non poderá aceptar unha parte do legado e repudiar a outra, se esta for onerosa.

Se morrer antes de aceptar o legado deixando varios herdeiros, poderá un destes aceptar e outro repudiar a parte que lle corresponda no legado.

890. O legatario de dous legados, dos que un for oneroso, non poderá renunciar este e aceptar o outro. Se os dous son onerosos ou gratuítos, é libre para aceptalos todos ou repudiar o que queira.

891 O herdeiro que sexa ao mesmo tempo legatario poderá renunciar a herdanza e aceptar o legado, ou renunciar este e aceptar aquela.

891. Se toda a herdanza se distribúe en legados, ratearanse as débedas e gravames dela entre os legatarios en proporción ás súas cotas, a non ser que o testador dispuxese outra cousa.

Sección 11. Dos testamenteiros

892. O testador poderá nomear un ou máis testamenteiros.

893. Non poderá ser testamenteiro o que non teña capacidade para obrigarse.

O menor non poderá selo, nin sequera coa autorización do pai ou do titor.

Redactado conforme a Lei 14/1975, do 2 de maio.

REDACCIÓN ORIXINARIA...—«Non poderá ser testamenteiro o que non teña capacidade para obrigarse.

A muller casada poderá selo con licenza do seu marido, que non será necesaria cando estea separada legalmente del.

O menor non poderá selo, nin sequera coa autorización do pai ou do titor.»

894. O testamenteiro pode ser universal ou particular.

En todo caso, os testamenteiros poderán ser nomeados mancomunada, sucesiva ou solidariamente.

895. Cando os testamenteiros foren mancomunados, só valerá o que todos fagan de consún, ou o que faga un deles legalmente autorizado polos demais, ou o que, en caso de disidencia, acorde o maior número.

896. Nos casos de suma urxencia poderá un dos testamenteiros mancomunados practicar, baixo a súa responsabilidade persoal, os actos que foren necesarios, dando conta inmediatamente aos demais.

897. Se o testador non establece claramente a solidariedade dos testamenteiros, nin fixa a orde en que deben desempeñar o

seu encargo, entenderanse nomeados mancomunadamente e desempeñarán o cargo como preveñen os dous artigos anteriores. **903**

898. A testamentaría é cargo voluntario, e entenderase aceptado polo nomeado para desempeñalo se non se escusa dentro dos seis días seguintes a aquel en que teña noticia do seu nomeamento, ou, se este lle era xa coñecido, dentro dos seis días seguintes a aquel en que soubo da morte do testador.

899. O testamenteiro que acepta este cargo constitúese na obrigación de desempeñalo; mais poderao renunciar alegando xusta causa ao prudente arbitrio do xuíz.

900. O testamenteiro que non acepte o cargo, ou o renuncie sen xusta causa, perderá o que lle deixase o testador, salvo sempre o dereito que tiver á lexítima.

901. Os testamenteiros terán todas as facultades que expresamente lles conferise o testador e non sexan contrarias ás leis.

902. Non tendo o testador determinado especialmente as facultades dos testamenteiros, terán as seguintes:

1.^a Dispor e pagar os sufraxios e o funeral do testador consonte o disposto por el no testamento; e, na súa falta, segundo o costume do lugar.

2.^a Satisfacer os legados que consistan en metálico, co coñecemento e beneplácito do herdeiro.

3.^a Vixiar sobre a execución de todo o demais ordenado no testamento, e soste, sendo xusto, a súa validez en xuízo e fóra del.

4.^a Tomar as precaucións necesarias para a conservación e custodia dos bens, con intervención dos herdeiros presentes.

903. Se non houber na herdanza diñeiro bastante para o pagamento de funerais e legados, e os herdeiros non o aprontaren do seu, promoverán os testamenteiros a venda dos bens mobles; e non alcanzando estes, a dos inmobles, con intervención dos herdeiros.

904 Se estiver interesado na herdanza algún menor, ausente, corporación ou establecemento público, a venda dos bens farase coas formalidades establecidas polas leis para tales casos.

904. O testamenteiro a quen o testador non fixase prazo, deberá cumprir o seu encargo dentro dun ano, contado desde a súa aceptación, ou desde que terminen os litixios que se promovesen sobre a validez ou nulidade do testamento ou dalgunhas das súas disposicións.

905. Se o testador quixer ampliar o prazo legal, deberá sinalar expresamente o da prórroga. De non o ter sinalado, entenderase prorrogado o prazo por un ano.

Se, transcorrida esta prórroga, non se tiver aínda cumprido a vontade do testador, poderá o xuíz conceder outra polo tempo que for necesario, atendidas as circunstancias do caso.

906. Os herdeiros e legatarios poderán, de común acordo, prorrogar o prazo da testamentaría polo tempo que crean necesario; mais, se o acordo for só por maioría, a prórroga non poderá exceder un ano.

907. Os testamenteiros deberán dar conta do seu encargo aos herdeiros.

Se foron nomeados, non para entregar os bens a herdeiros determinados senón para darlles o investimento ou distribución que o testador dispuxese nos casos permitidos por dereito, renderán as súas contas ao xuíz.

Toda disposición do testador contraria a este artigo será nula.

908. A testamentaría é cargo gratuíto. Poderá, no entanto, o testador sinalar para os testamenteiros a remuneración que teña por conveniente; todo sen prexuízo do dereito que os asista para cobraren o que lles corresponda polos traballos de partición ou outros facultativos.

Se o testador lega ou sinala conxuntamente aos testamenteiros algunha retribución, a parte dos que non admitan o cargo acrecerá aos que o desempeñen.

909. O testamenteiro non poderá delegar o cargo se non **914**
tiver expresa autorización do testador.

910. Termina a testamentaría pola morte, imposibilidade, renuncia ou remoción do testamenteiro, e polo lapso do termo sinalado polo testador, pola lei e, se for o caso, polos interesados.

911. Nos casos do artigo anterior, e no de o testamenteiro non ter aceptado o cargo, corresponderá aos herdeiros a execución da vontade do testador.

CAPÍTULO III

DA SUCESIÓN INTESADA

Sección 1.^a Disposicións xerais

912. A sucesión lexítima ten lugar:

1.º Cando un morre sen testamento, ou con testamento nulo, ou que perdese despois a súa validez.

2.º Cando o testamento non contén institución de herdeiro en todo ou en parte dos bens ou non dispón de todos os que corresponden ao testador. Neste caso, a sucesión lexítima terá lugar só respecto dos bens de que non dispuxese.

3.º Cando falta a condición posta á institución do herdeiro, ou este morre antes que o testador, ou repudia a herdanza sen ter substituto e sen que haxa lugar ao dereito de acrecer.

4.º Cando o herdeiro instituído é incapaz de suceder.

913. Na falta de herdeiros testamentarios, a lei defire a herdanza aos parentes do defunto, ao viúvo ou viúva e ao Estado.

Redactado conforme a Lei 11/1981, do 13 de maio.

REDACCIÓN ORIXINARIA...—«Na falta de herdeiros testamentarios, a lei defire a herdanza, segundo as regras que se expresarán, aos parentes lexítimos e naturais do defunto, ao viúvo ou viúva e ao Estado.»

914. O disposto sobre a incapacidade para suceder por testamento é aplicable igualmente á sucesión intesada.

915. A proximidade do parentesco determínase polo número de xeracións. Cada xeración forma un grao.

916. A serie de graos forma a liña, que pode ser directa ou colateral.

Chámase directa a constituída pola serie de graos entre persoas que descendan unha doutra.

É colateral a constituída pola serie de graos entre persoas que non descendan unhas doutras, mais que proceden dun tronco común.

917. Distínguese a liña recta en descendente e ascendente.

A primeira une o cabeza de familia cos que descendan del.

A segunda liga unha persoa con aqueles de que descende.

918. Nas liñas cóntanse tantos graos como xeracións ou como persoas, descontando a do proxenitor.

Na recta sóbese unicamente até o tronco. Así, o fillo dista do pai un grao, dous do avó e tres do bisavó.

Na colateral sóbese até o tronco común e despois báixase até a persoa con quen se fai a computación. Por isto, o irmán dista dous graos do irmán, tres do tío, irmán do seu pai ou nai, catro do curmán e así en diante.

919. O cómputo de que trata o artigo anterior rexe en todas as materias.

Redactado conforme a Lei 30/1981, do 7 de xullo.

REDACCIÓN ORIXINARIA...—«A computación de que trata o artigo anterior rexe en todas as materias, excepto as que teñan relación cos impedimentos do casamento canónico.»

920. Chámase duplo vínculo o parentesco por parte do pai e da nai conxuntamente.

921. Nas herdanzas, o parente máis próximo en grao exclúe o máis remoto, salvo o dereito de representación nos casos en que deba ter lugar.

Os parentes que se encontraren no mesmo grao herdarán **929**
por partes iguais, salvo o que se dispón no artigo 949 sobre o
duplo vínculo.

922. Se houber varios parentes dun mesmo grao, e
algún ou algúns non quixeren ou non puideren suceder, a súa
parte acrecerá aos outros do mesmo grao, salvo o dereito de
representación cando deba ter lugar.

923. De repudiar a herdanza o parente máis próximo,
se é só, ou, de seren varios, todos os parentes máis próxi-
mos chamados pola lei, herdarán os do grao seguinte polo
seu propio dereito e sen que poidan representar o repu-
diante.

Sección 3.^a Da representación

924. Chámase dereito de representación o que teñen os
parentes dunha persoa para sucedela en todos os dereitos que
tería se vivise ou tivese podido herdar.

925. O dereito de representación terá sempre lugar na
liña recta descendente, mais nunca na ascendente.

Na liña colateral só terá lugar en favor dos fillos de
irmáns, ben sexan de duplo vínculo, ben dun só lado.

926. Sempre que se herde por representación, a divi-
sión da herdanza farase por stirpes, de modo que o repre-
sentante ou representantes non herden máis do que herdaría
o seu representado, se vivise.

927. Ficando fillos dun ou máis irmáns do defunto, her-
darán a este por representación se concorren cos seus tíos.
Mais se concorren sós, herdarán por partes iguais.

928. Non se perde o dereito de representar unha persoa
por ter renunciado a súa herdanza.

929. Non poderá representarse unha persoa viva senón
nos casos de desherdamento ou incapacidade.

DA ORDE DE SUCEDER SEGUNDO A DIVERSIDADE DE LIÑAS

Sección 1.^a Da liña recta descendente

930. A sucesión corresponde en primeiro lugar á liña recta descendente.

931. Os fillos e os seus descendentes suceden os seus pais e demais ascendentes sen distinción de sexo, idade ou filiación.

Redactado conforme a Lei 11/1981, do 13 de maio.

REDACCIÓN ORIXINARIA...—«Os fillos lexítimos e os seus descendentes suceden os pais e demais ascendentes sen distinción de sexo nin idade, e aínda que procedan de distintos matrimonios.»

932. Os fillos do defunto herdarano sempre polo seu dereito propio, dividindo a herdanza en partes iguais.

933. Os netos e demais descendentes herdarán por dereito de representación, e, se algún tivese falecido deixando varios herdeiros, a porción que lle corresponda dividirase entre estes por partes iguais.

934. Se ficaren fillos e descendentes doutros fillos que tiveren falecido, os primeiros herdarán por dereito propio, e os segundos, por dereito de representación.

Sección 2.^a Da liña recta ascendente

935. Na falta de fillos e descendentes do defunto herdarano os seus ascendentes.

Redactado conforme a Lei 11/1981, do 13 de maio.

REDACCIÓN ORIXINARIA...—«Na falta de fillos e descendentes lexítimos do defunto, herdarano os seus ascendentes, con exclusión dos colaterais.»

936. O pai e a nai herdarán por partes iguais.

Redactado conforme a Lei 11/1981, do 13 de maio.

REDACCIÓN ORIXINARIA...—«O pai e a nai, se existiren, herdarán por partes iguais.

Existindo un só deles, este sucederá o fillo en toda a herdanza.»

937. No caso de que sobreviva un só dos pais, este sucederá o fillo en toda a súa herdanza. **941**

Redactado conforme a Lei 11/1981, do 13 de maio.

REDACCIÓN ORIXINARIA...—«Na falta de pai e nai sucederán os ascendentes máis próximos en grao.

Se houber varios de igual grao pertencentes á mesma liña, dividirán a herdanza por cabezas; se foren de liñas diferentes, mais de igual grao, a metade corresponderá aos ascendentes paternos, e a outra metade, aos maternos. En cada liña a división farase por cabezas.»

938. Na falta de pai e de nai, sucederán os ascendentes máis próximos en grao.

Redactado conforme a Lei 11/1981, do 13 de maio.

REDACCIÓN ORIXINARIA...—«O disposto nos dous artigos anteriores enténdese sen prexuízo do ordenado nos artigos 811 e 812, que é aplicable á sucesión intestada e á testamentaria.»

939. Se houber varios ascendentes de igual grao pertencentes á mesma liña, dividirán a herdanza por cabezas.

Redactado conforme a Lei 11/1981, do 13 de maio.

REDACCIÓN ORIXINARIA...:

«Sección terceira.—*Dos fillos naturais recoñecidos*

939. Na falta de descendentes e ascendentes lexítimos, sucederán o defunto no todo da herdanza os fillos naturais legalmente recoñecidos, e os lexitimados por concesión real.»

940. Se os ascendentes foren de liñas diferentes, mais de igual grao, a metade corresponderá aos ascendentes paternos e a outra metade aos maternos.

Redactado conforme a Lei 11/1981, do 13 de maio.

REDACCIÓN ORIXINARIA...—«Se cos fillos naturais ou lexitimados concorreren descendentes doutro fillo natural ou lexitimado que tivese falecido, os primeiros sucederán por dereito propio, e os segundos, por representación.»

941. En cada liña a división farase por cabezas.

Redactado conforme a Lei 11/1981, do 13 de maio.

REDACCIÓN ORIXINARIA...—«Os dereitos hereditarios concedidos ao fillo natural ou lexitimado nos dous anteriores artigos transmitiranse

pola súa morte aos seus descendentes, os cales herdarán, por dereito de representación, do seu avó defunto.»

942. O disposto nesta sección enténdese sen prexuízo do ordenado nos artigos 811 e 812, que é aplicable á sucesión intestada e á testamentaria.

Redactado conforme a Lei 11/1981, do 13 de maio.

REDACCIÓN ORIXINARIA...—«No caso de ficaren descendentes ou ascendentes lexítimos, os naturais e lexitimados só percibirán da herdanza a porción que se lles concede nos artigos 840 e 841.»

Sección 3.^a Da sucesión do cónxuxe e dos colaterais

943. Na falta das persoas comprendidas nas dúas seccións que preceden, herdarán o cónxuxe e os parentes colaterais pola orde que se establece nos artigos seguintes.

Redactado conforme a Lei 11/1981, do 13 de maio.

REDACCIÓN ORIXINARIA...—«O fillo natural e o lexitimado non teñen dereito a suceder *ab intestato* os fillos e parentes lexítimos do pai ou nai que o recoñecese, nin eles o fillo natural nin o lexitimado.»

944. Na falta de ascendentes e descendentes e antes que os colaterais, sucederá en todos os bens do defunto o cónxuxe sobrevivente.

Redactado conforme a Lei 11/1981, do 13 de maio.

REDACCIÓN ORIXINARIA...—«Se o fillo natural recoñecido ou o lexitimado morre sen deixar posteridade lexítima ou recoñecida por el, sucederá por enteiro o pai ou nai que o recoñeceu, e, se os dous o recoñeceron e viven, herdarano por partes iguais.»

945. Non terá lugar o chamamento a que se refire o artigo anterior se o cónxuxe estiver separado xudicialmente ou de feito.

Redactado conforme a Lei 15/2005, do 8 de xullo.

REDACCIÓN ORIXINARIA...—«Na falta de ascendentes naturais, herdarán ao fillo natural e ao lexitimado os seus irmáns naturais, segundo as regras establecidas para os irmáns lexítimos.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI 11/1981, DO 13 DE MAIO.- «Non terá lugar o chamamento a que se refire o artigo anterior se o cónxuxe estiver separado por sentenza firme, ou separado de feito por mutuo acordo que conste de maneira que faga fe.»

946. Os irmáns e fillos de irmáns suceden con preferen- **953**
cia os demais colaterais.

Redactado conforme a Lei 11/1981, do 13 de maio.

REDACCIÓN ORIXINARIA...:

«Sección cuarta.—Da sucesión dos colaterais e dos cónxuxes

946. Na falta das persoas comprendidas nas tres seccións que prece-
den, herdarán os parentes colaterais e os cónxuxes pola orde que se esta-
blece nos artigos seguintes.»

947. Se non existiren máis que irmáns de duplo vín-
culo, estes herdarán por partes iguais.

948. Se concorreren irmáns con sobriños, fillos de
irmáns de duplo vínculo, os primeiros herdarán por cabezas
e os segundos por estirpes.

949. Se concorreren irmáns de pai e nai con medios
irmáns, aqueles tomarán dobre porción que estes na her-
danza.

950. No caso de non existiren senón medios irmáns,
uns por parte de pai e outros pola da nai, herdarán todos por
partes iguais, sen ningunha distinción de bens.

951. Os fillos dos medios irmáns sucederán por cabe-
zas ou por estirpes, segundo as regras establecidas para os
irmáns de duplo vínculo.

952. *[Suprimido pola Lei 11/1981, do 13 de maio.]*

REDACCIÓN ORIXINARIA...—«Na falta de irmáns e sobriños, fillos des-
tes, sexan ou non de duplo vínculo, sucederá en todos os bens do defunto
o cónxuxe sobrevivente que non estiver separado por sentenza firme de
divorcio.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI DO 24 DE ABRIL DE 1958.—«Na falta de
irmáns e sobriños, fillos destes, sexan ou non de duplo vínculo, sucederá
en todos os bens do defunto o cónxuxe sobrevivente que non estiver
separado por sentenza firme de separación persoal.»

953. *[Suprimido pola Lei 11/1981, do 13 de maio.]*

REDACCIÓN ORIXINARIA...—«No caso de existiren irmáns ou fillos de
irmáns, o viúvo ou viúva terá dereito a percibir, en concorrenca con
estes, a parte de herdanza en usufruto que lle está sinalada no arti-
go 837.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI DO 24 DE ABRIL DE 1958.—«No caso de existiren irmáns ou fillos de irmáns, a lexítima que en todo caso corresponde ao viúvo na sucesión intestada será a parte de herdanza en usufruto asignada no artigo 838.»

954. Non habendo cónxuxe supérstite, nin irmáns nin fillos de irmáns, sucederán na herdanza do defunto os demais parentes del en liña colateral até o cuarto grao, alén do cal non se estende o dereito de herdar *ab intestato*.

Redactado conforme a Lei 11/1981, do 13 de maio.

REDACCIÓN ORIXINARIA...—«Non habendo irmáns nin fillos de irmáns, nin cónxuxe supérstite, sucederán na herdanza do defunto os demais parentes colaterais.

A sucesión destes verificarase sen distinción de liñas nin preferencia entre eles por razón do duplo vínculo.»

REDACCIÓN CONFORME O REAL DECRETO LEI DO 13 DE XANEIRO DE 1928.—«Non habendo irmáns, nin fillos de irmáns, nin cónxuxe supérstite, sucederán na herdanza do defunto os demais parentes del, en liña colateral, até o cuarto grao, *alén* do cal non se estende o dereito de herdar *ab intestato*.»

955. A sucesión destes colaterais verificarase sen distinción de liñas nin preferencia entre eles por razón de duplo vínculo.

Redactado conforme o Real decreto lei do 13 de xaneiro de 1928.

REDACCIÓN ORIXINARIA...—«O dereito de herdar *ab intestato* non se estende *alén* do sexto grao de parentesco en liña colateral.»

Sección 4.^a Da sucesión do Estado

REDACCIÓN ORIXINARIA...:

«Sección quinta.—Da sucesión do Estado»

956. Na falta de persoas que teñan dereito a herdar conforme o disposto nas precedentes seccións, herdará o Estado, quen asignará unha terceira parte da herdanza a institucións municipais do domicilio do defunto, de beneficencia, instrución, acción social ou profesional, sexan de carácter público ou privado, e outra terceira parte, a institucións provinciais dos mesmos caracteres, da provincia do finado, preferindo, tanto entre unhas como entre outras, aquelas a que o causante pertencese pola súa profesión e consagrarse a súa

máxima actividade, aínda que sexan de carácter xeral. A **959**
outra terceira parte destinarase á caixa de amortización da
débeda pública, salvo que, pola natureza dos bens herdados,
o Consello de Ministros acorde darlles, total ou parcialmente,
outra aplicación.

Redactado conforme o Real decreto lei do 13 de xaneiro de 1928.

REDACCIÓN ORIXINARIA...—«Na falta de persoas que teñan dereito a herdar conforme o disposto nas precedentes seccións, herdará o Estado, destinándose os bens aos establecementos de beneficencia e instrución gratuíta, pola orde seguinte:

- 1.º Os establecementos de beneficencia municipal e as escolas gra-
tuítas do domicilio do defunto.
- 2.º Os dunha e outra clases da provincia do defunto.
- 3.º Os de beneficencia e instrución de carácter xeral.»

957. Os dereitos e obrigacións do Estado, ben como os das institucións ou entidades a que se asignen as dúas terceiras partes dos bens no caso do artigo 956, serán os mesmos que os dos demais herdeiros, mais entenderase sempre aceptada a herdanza a beneficio de inventario, sen necesidade de declaración nin-
gunha sobre isto, para os efectos que enumera o artigo 1.023.

Redactado conforme o Real decreto lei do 13 de xaneiro de 1928.

REDACCIÓN ORIXINARIA...—«Os dereitos e obrigacións dos estable-
cementos de beneficencia e instrución no caso do artigo anterior serán os
mesmos que os dos outros herdeiros.»

958. Para que o Estado se poida apoderar dos bens here-
ditarios, deberá preceder declaración xudicial de herdeiro,
adxudicándolle os bens por falta de herdeiros lexítimos.

CAPÍTULO V

DISPOSICIÓN COMÚNS ÁS HERDANZAS POR TESTAMENTO OU SEN EL

Sección 1.ª Das precaucións que se deben adoptar cando a viúva fica encinta

959. Cando a viúva crea ter ficado encinta, deberao pór
en coñecemento dos que teñan á herdanza un dereito de tal
natureza que deba desaparecer ou diminuír polo nacemento
do póstumo.

960. Os interesados a que se refire o artigo precedente poderán pedir ao xuíz municipal ou ao de primeira instancia, onde o houber, que dite as providencias convenientes para evitar a suposición de parto, ou que a criatura que naza pase por viable, non o sendo na realidade.

Coidará o xuíz de que as medidas que dite non ataquen o pudor nin a liberdade da viúva.

961. Téñase ou non dado o aviso de que fala o artigo 959, ao aproximarse a época do parto, a viúva deberao pór en coñecemento dos mesmos interesados. Estes terán dereito a nomear persoa da súa confianza que se asegure da realidade do parto.

Se a persoa designada for rexeitada pola paciente, fará o xuíz o nomeamento, debendo este recaer en facultativo ou en muller.

962. A omisión destas dilixencias non basta por si soa para acreditar a suposición do parto ou a falta de viabilidade do nacido.

Redactado conforme a Lei 11/1981, do 13 de maio.

REDACCIÓN ORIXINARIA...—«A omisión destas dilixencias non prexudicará a lexitimidade do parto, a cal, se for impugnada, poderá ser acreditada pola nai ou o fillo, debidamente representado.

A acción para impugnala por parte dos que teñan este dereito prescribirá nos prazos sinalados no artigo 113.»

963. Cando o marido reconécese en documento público ou privado a certeza da preñez da súa esposa, estará esta dispensada de dar o aviso que establece o artigo 959, mais ficará suxeita a cumprir o disposto no 961.

964. A viúva que fique encinta, mesmo cando sexa rica, deberá ser alimentada dos bens hereditarios, tendo en consideración a parte que neles poida ter o póstumo se nacer e for viable.

965. No tempo que medie até se verificar o parto, ou se adquirir a certeza de que este non terá lugar, xa por ter ocorrido aborto, xa por ter pasado con exceso o termo máximo para a xestación, proverase á seguranza e administración dos

bens na forma establecida para o xuízo necesario de testamentoaria. **971**

966. A división da herdanza suspenderase até se verificar o parto ou o aborto, ou resultar polo transcurso do tempo que a viúva non estaba encinta.

No entanto, o administrador poderá pagar aos acredores, precedendo mandado xudicial.

967. Verificado o parto ou o aborto, ou transcorrido o termo da xestación, o administrador dos bens hereditarios cesará no seu encargo e dará conta do seu desempeño aos herdeiros ou aos seus lexítimos representantes.

Sección 2.^a Dos bens suxeitos a reserva

968. Ademais da reserva imposta no artigo 811, o viúvo ou viúva que pase a segundo matrimonio estará obrigado a reservar aos fillos e descendentes do primeiro a propiedade de todos os bens que adquirise do seu defunto consorte por testamento, por sucesión intestada, doazón ou outro calquera título lucrativo; mais non a súa metade de gananciais.

969. A disposición do artigo anterior é aplicable aos bens que, polos títulos nel expresados, adquirise o viúvo ou viúva de calquera dos fillos do seu primeiro matrimonio e os que tivese dos parentes do defunto por consideración a este.

970. Cesará a obrigación de reservar cando os fillos dun matrimonio, maiores de idade, que teñan dereito aos bens, renuncien expresamente a el, ou cando se trate de cousas dadas ou deixadas polos fillos ao seu pai ou á súa nai, sabendo que estaban casados por segunda vez.

971. Cesará ademais a reserva se ao morrer o pai ou a nai que contraeu segundo matrimonio non existen fillos nin descendentes do primeiro.

Redactado conforme a Lei 11/1981, do 13 de maio.

REDACCIÓN ORIXINARIA...—«Cesará, ademais, a reserva se ao morrer o pai ou a nai que contraeu segundo matrimonio non existen fillos nin descendentes lexítimos do primeiro.»

972. A pesar da obrigación de reservar, poderá o pai ou nai casados por segunda vez mellorar nos bens reservables calquera dos fillos ou descendentes do primeiro matrimonio, conforme o disposto no artigo 823.

973. Se o pai ou a nai non tiveren usado, en todo ou en parte, da facultade que lles concede o artigo anterior, os fillos e descendentes do primeiro matrimonio sucederán nos bens suxeitos a reserva conforme as regras prescritas para a sucesión en liña descendente, aínda que en virtude de testamento herdasen desigualmente o cónxuxe premorto ou repudiasen a súa herdanza.

O fillo desherdado xustamente polo pai ou pola nai perderá todo dereito á reserva, mais se tiver fillos ou descendentes observarase o disposto no artigo 857 e no número 2 do artigo 164.

Redactado conforme a Lei 11/1981, do 13 de maio.

REDACCIÓN ORIXINARIA...—«Se o pai ou a nai non tiveren usado, en todo ou en parte, da facultade que lles concede o artigo anterior, os fillos e descendentes lexítimos do primeiro matrimonio sucederán nos bens suxeitos a reserva conforme as regras prescritas para a sucesión en liña descendente aínda que en virtude de testamento herdasen desigualmente o cónxuxe premorto, ou renunciase ou repudiasen a súa herdanza.

O fillo desherdado xustamente polo pai ou pola nai perderá todo dereito á reserva; mais se tiver fillos ou descendentes lexítimos observarase o disposto no artigo 857.»

974. Serán válidos os alleamentos dos bens inmobles reservables feitos polo cónxuxe sobrevivente antes de celebrar segundas vodas, coa obrigación, desde que as celebrar, de asegurar o valor daqueles aos fillos e descendentes do primeiro matrimonio.

975. O alleamento que dos bens inmobles suxeitos a reserva fixese o viúvo ou a viúva despois de contraer segundo matrimonio subsistirá unicamente se á súa morte non fican fillos nin descendentes do primeiro, sen prexuízo do disposto na Lei hipotecaria.

Redactado conforme a Lei 11/1981, do 13 de maio.

REDACCIÓN ORIXINARIA...—«O alleamento que dos bens inmobles suxeitos a reserva fixese o viúvo ou a viúva despois de contraer segundo

matrimonio, subsistirá unicamente se á súa morte non fican fillos nin descendentes lexítimos do primeiro, sen prexuízo do disposto na Lei hipotecaria.»

979

976. Os alleamentos dos bens mobles feitos antes ou despois de contraer segundo matrimonio serán válidos, salva sempre a obrigación de indemnizar.

977. O viúvo ou a viúva, ao repetir matrimonio, fará inventariar todos os bens suxeitos a reserva, anotar no rexistro da propiedade a calidade de reservables dos inmobles consonte o disposto na Lei hipotecaria e taxar os mobles.

978. Estará, ademais, obrigado, o viúvo ou viúva, ao repetir matrimonio, a asegurar con hipoteca:

1.º A restitución dos bens mobles non alleados no estado que tiveren no momento da súa morte.

2.º O aboamento dos deterioracións ocasionados ou que se ocasionaren pola súa culpa ou negligencia.

3.º A devolución do prezo que tiver recibido polos bens mobles alleados ou a entrega do valor que tiñan no momento do alleamento, se este se fixese a título gratuito.

4.º O valor dos bens inmobles validamente alleados.

Redactado conforme a Lei 11/1981, do 13 de maio.

REDACCIÓN ORIXINARIA...—«Estará, ademais, obrigado o viúvo ou viúva, ao repetir matrimonio, a asegurar con hipoteca:

1.º A restitución dos bens mobles non alleados no estado que tiveren no momento da súa morte, se foren parafernais ou procederen de dote inestimado; ou do seu valor, se procederen de dote estimado.

2.º O aboamento das deterioracións ocasionadas ou que se ocasionaren pola súa culpa ou negligencia.

3.º A devolución do prezo que tiver recibido polos bens mobles alleados ou a entrega do valor que tiñan no momento do alleamento, se este se fixo a título gratuito.

4.º O valor dos bens inmobles validamente alleados.»

979. O disposto nos artigos anteriores para o caso de segundo matrimonio rexe igualmente no terceiro e ulteriores.

980. A obrigación de reservar imposta nos anteriores artigos será tamén aplicable:

1.º Ao viúvo que durante o matrimonio tivese, ou en estado de viuvez teña, un fillo non matrimonial.

2.º Ao viúvo que adopte a outra persoa. Exceptúase o caso de que o adoptado sexa fillo do consorte de quen descenden os que serían reservatarios.

A dita obrigación de reservar producirá efecto, respectivamente, desde o nacemento ou a adopción do fillo.

Redactado conforme a Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro.

REDACCIÓN ORIXINARIA...—«A obrigación de reservar imposta nos anteriores artigos será aplicable ao viúvo ou viúva que, aínda que non contraia novo matrimonio, teña, en estado de viuvez, un fillo natural recoñecido ou declarado xudicialmente como tal fillo.

A dita obrigación producirá efecto desde o día do nacemento deste.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI 11/1981, DO 13 DE MAIO.—«A obrigación de reservar imposta nos anteriores artigos será tamén aplicable:

1.º Ao viúvo que durante o matrimonio tivese, ou en estado de viuvez teña, un fillo non matrimonial.

2.º Ao viúvo que adopte plenamente a outra persoa. Exceptúase o caso de que o adoptado sexa fillo do consorte de quen descenden os que serían reservatarios.

A dita obrigación de reservar producirá efecto, respectivamente, desde o nacemento ou a adopción do fillo.»

Sección 3.ª Do dereito de acrecer

981. Nas sucesións lexítimas a parte do que repudia a herdanza acrecerá sempre aos coherdeiros.

982. Para que na sucesión testamentaria teña lugar o dereito de acrecer, requírese:

1.º Que dous ou máis sexan chamados a unha mesma herdanza, ou a unha mesma porción dela, sen especial designación de partes.

2.º Que un dos chamados morra antes que o testador, ou que renuncie a herdanza, ou sexa incapaz de recibila.

983. Entenderase feita a designación por partes só no caso de que o testador determinase expresamente unha cota para cada herdeiro. **990**

A frase «por metade ou por partes iguais» ou outras que, aínda que designen parte alícuota, non fixan esta numericamente ou por sinais que fagan a cada un dono dun corpo de bens separado, non exclúen o dereito de acrecer.

984. Os herdeiros aos que acreza a herdanza sucederán en todos os dereitos e obrigacións que tería o que non quixo ou non a puido recibir.

985. Entre os herdeiros forzosos o dereito de acrecer só terá lugar cando a parte de libre disposición se deixe a dous ou máis deles, ou a algún deles e a un estraño.

Se a parte repudiada for a lexítima, sucederán nela os coherdeiros polo seu dereito propio, e non polo dereito de acrecer.

986. Na sucesión testamentaria, cando non teña lugar o dereito de acrecer, a porción vacante do instituído, a quen non se designase substituto, pasará aos herdeiros lexítimos do testador, os cales a recibirán coas mesmas cargas e obrigacións.

987. O dereito de acrecer terá tamén lugar entre os legatarios e os usufrutuarios nos termos establecidos para os herdeiros.

Sección 4.^a Da aceptación e repudiación da herdanza

988. A aceptación e repudiación da herdanza son actos enteiramente voluntarios e libres.

989. Os efectos da aceptación e da repudiación retro-tráense sempre ao momento da morte da persoa a quen se herda.

990. A aceptación ou a repudiación da herdanza non poderá facerse en parte, a prazo, nin condicionalmente.

991. Ninguén poderá aceptar nin repudiar sen estar certo da morte da persoa a quen deba herdar e do seu dereito á herdanza.

992. Poden aceptar ou repudiar unha herdanza todos os que teñen a libre disposición dos seus bens.

A aceptación da que se deixe aos pobres corresponderá ás persoas designadas polo testador para cualificalos e distribuír os bens, e na súa falta ás que sinala o artigo 749, e entenderase aceptada a beneficio de inventario.

Redactado conforme a Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro.

REDACCIÓN ORIXINARIA...—«Poden aceptar ou repudiar unha herdanza todos os que teñen a libre disposición dos seus bens.

A herdanza deixada aos menores ou incapacitados poderá ser aceptada segundo o teor do disposto no número 10 do artigo 269. Se a aceptar por si o titor, a aceptación entenderase feita a beneficio de inventario.

A aceptación da que se deixe aos pobres corresponderá ás persoas designadas polo testador para cualificalo e distribuír os bens, e na súa falta ás que sinala o artigo 749, e entenderase tamén aceptada a beneficio de inventario.»

993. Os lexítimos representantes das asociacións, corporacións e fundacións capaces de adquirir poderán aceptar a herdanza que a elas se deixar; mais para repudiala necesitan a aprobación xudicial, con audiencia do Ministerio Público.

994. Os establecementos públicos oficiais non poderán aceptar nin repudiar herdanza sen a aprobación do Goberno.

995. Cando a herdanza sexa aceptada sen beneficio de inventario por persoa casada e non concorra o outro cónxuxe, prestando o seu consentimento á aceptación, non responderán das débedas hereditarias os bens da sociedade conxugal.

Redactado conforme a Lei 14/1975, do 2 de maio.

REDACCIÓN ORIXINARIA...—«A muller casada non poderá aceptar nin repudiar herdanza senón con licenza do seu marido, ou, na súa falta, con aprobación do xuíz.

Neste último caso non responderán das débedas hereditarias os bens xa existentes na sociedade conxugal.»

996. Se a sentenza de incapacitación por enfermidades ou deficiencias físicas ou psíquicas non dispuxer outra cousa, o sometido a curadoría poderá, asistido do curador, aceptar a herdanza pura e simplemente ou a beneficio de inventario. **1.000**

Redactado conforme a Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro.

REDACCIÓN ORIXINARIA...—«Os xordomudos que saiban ler e escribir aceptarán ou repudiarán a herdanza por si ou por medio de procurador. Se non souberen ler e escribir, aceptaraa a beneficio de inventario o seu titor, con suxeición ao que sobre esta incapacidade se preceptúa no artigo 218.»

997. A aceptación e a repudiación da herdanza, unha vez feitas, son irrevogables, e non poderán ser impugnadas senón cando padeceren dalgúns dos vicios que anulan o consentimento, ou aparecer un testamento descoñecido.

998. A herdanza poderá ser aceptada pura e simplemente ou a beneficio de inventario.

999. A aceptación pura e simple pode ser expresa ou tácita.

Expressa é a que se fai en documento público ou privado.

Tácita é a que se fai por actos que supoñen necesariamente a vontade de aceptar, ou que non habería dereito a executar senón coa calidade de herdeiro.

Os actos de mera conservación ou administración provisorios non implican a aceptación da herdanza, se con eles non se tomou o título ou a calidade de herdeiro.

1.000. Enténdese aceptada a herdanza:

1.º Cando o herdeiro vende, doa ou cede o seu dereito a un extraño, a todos os seus coherdeiros ou a algún deles.

2.º Cando o herdeiro a renuncia, aínda que sexa gratuitamente, a beneficio dun ou máis dos seus coherdeiros.

3.º Cando a renuncia por prezo a favor de todos os seus coherdeiros indistintamente; mais, se esta renuncia for gratuita e os coherdeiros a cuxo favor se faga son aqueles a que debe acrecer a porción renunciada, non se entenderá aceptada a herdanza.

1.001. Se o herdeiro repudia a herdanza en prexuízo dos seus propios acredores, poderán estes pedir ao xuíz que os autorice para aceptala en nome daquel.

A aceptación só aproveitará aos acredores en canto baste para cubrir o importe dos seus créditos. O exceso, se o houber, non pertencerá en ningún caso ao renunciante, senón que se adxudicará ás persoas a que corresponda segundo as regras establecidas neste código.

1.002. Os herdeiros que subtraesen ou ocultasen algúns efectos da herdanza perden a facultade de renunciála e fican co carácter de herdeiros puros e simples, sen prexuízo das penas en que puidesen incurrir.

1.003. Pola aceptación pura e simple, ou sen beneficio de inventario, ficará o herdeiro responsable de todas as cargas da herdanza, non só cos bens desta, senón tamén cos seus propios.

1.004. Até pasados nove días despois da morte daquel de cuxa herdanza se trate non se poderá tentar acción contra o herdeiro para que acepte ou repudie.

1.005. De instar, en xuízo, un terceiro interesado para que o herdeiro acepte ou repudie, deberá o xuíz sinalarlle a este un prazo, que non pase de trinta días, para que faga a súa declaración; apercibido de que, se non o fai, se terá a herdanza por aceptada.

1.006. Por morte do herdeiro sen aceptar nin repudiar a herdanza pasará aos seus o mesmo dereito que el tiña.

1.007. Cando foren varios os herdeiros chamados á herdanza, uns poderán aceptala e os outros repudiala. De igual liberdade gozará cada un dos herdeiros para aceptala pura e simplemente ou a beneficio de inventario.

1.008. A repudiación da herdanza deberase facer en instrumento público auténtico, ou por escrito presentado ante o xuíz competente para coñecer da testamentaría ou do *ab intestato*.

1.009. O que é chamado a unha mesma herdanza por testamento e *ab intestato* e a repudia polo primeiro título, enténdese que a repudia polos dous. **1.014**

Repudiándoa como herdeiro *ab intestato* e sen noticia do seu título testamentario, poderá aínda aceptala por este.

Sección 5.ª Do beneficio de inventario e do dereito de deliberar

1.010. Todo herdeiro pode aceptar a herdanza a beneficio de inventario, aínda que o testador llo prohibise.

Tamén poderá pedir a formación de inventario antes de aceptar ou repudiar a herdanza, para deliberar sobre este punto.

1.011. A aceptación da herdanza a beneficio de inventario poderase facer ante notario, ou por escrito ante calquera dos xuíces que sexan competentes para previr o xuízo de testamentaría ou *ab intestato*.

1.012. Se o herdeiro a que se refire o artigo anterior se achar en país estranxeiro, poderá facer a dita declaración ante o axente diplomático ou consular de España que estea habilitado para exercer as funcións de notario no lugar do outorgamento.

1.013. A declaración a que se refiren os artigos anteriores non producirá efecto ningún se non vai precedida ou seguida dun inventario fiel e exacto de todos os bens da herdanza, feito coas formalidades e dentro dos prazos que se expresarán nos artigos seguintes.

1.014. O herdeiro que teña no seu poder os bens da herdanza ou parte deles e queira utilizar o beneficio de inventario ou o dereito de deliberar, deberá manifestalo ao xuíz competente para coñecer da testamentaría, ou do *ab intestato*, dentro de dez días seguintes ao día en que souber ser tal herdeiro, se reside no lugar onde falecese o causante da herdanza. De residir fóra, o prazo será de trinta días.

Nun e outro caso, o herdeiro deberá pedir asemade a formación do inventario e a citación aos acredores e legatarios para que acudan a presencialo se lles conviñer.

1.015. Cando o herdeiro non teña no seu poder a herdanza ou parte dela, nin practícase xestión ningunha como tal herdeiro, os prazos expresados no artigo anterior contarán desde o día seguinte a aquel en que expire o prazo que o xuíz lle fixase para aceptar ou repudiar a herdanza conforme o artigo 1.005, ou desde o día en que a aceptase ou a xestionase como herdeiro.

1.016. Fóra dos casos a que se refiren os dous anteriores artigos, se non se presentou ningunha demanda contra o herdeiro, poderá este aceptar a beneficio de inventario, ou co dereito de deliberar, mentres non prescriba a acción para reclamar a herdanza.

1.017. O inventario principiárase dentro dos trinta días seguintes ao da citación dos acredores e legatarios, e concluirá dentro doutros sesenta.

Se por se encontraren os bens a longa distancia, ou seren moi cuantiosos, ou por outra causa xusta, pareceren insuficientes os ditos sesenta días, poderá o xuíz prorrogar este prazo polo tempo que xulgue necesario, sen que poida exceder un ano.

1.018. Se por culpa ou negligencia do herdeiro non se principiar ou non se concluír o inventario nos prazos e coas solemnidades prescritas nos artigos anteriores, entenderase que acepta a herdanza pura e simplemente.

1.019. O herdeiro que reservase para si o dereito de deliberar, deberá manifestar ao xulgado, dentro de trinta días contados desde o seguinte a aquel en que se concluíse o inventario, se acepta ou repudia a herdanza.

Pasados os trinta días sen facer a dita manifestación, entenderase que a acepta pura e simplemente.

1.020. En todo caso o xuíz poderá prover, por instancia de parte interesada, durante a formación do inventario e até a aceptación da herdanza, á administración e custodia dos bens hereditarios consonte o que se prescriba para o xuízo de testamentaría na Lei de axuízamento civil.

1.021. O que reclame xudicialmente unha herdanza de **1.026** que outro se ache en posesión por máis dun ano, se vencer no xuízo, non terá obrigación de facer inventario para gozar deste beneficio, e só responderá das cargas da herdanza cos bens que lle sexan entregados.

1.022. O inventario feito polo herdeiro que despois repudie a herdanza aproveitará aos substitutos e aos herdeiros *ab intestato*, respecto dos cales os trinta días para deliberar e para facer a manifestación que establece o artigo 1.019 se contarán desde o seguinte a aquel en que tiveren coñecemento da repudiación.

1.023. O beneficio de inventario produce en favor do herdeiro os efectos seguintes:

1.º O herdeiro non fica obrigado a pagar as débedas e demais cargas da herdanza senón até onde alcancen os bens dela.

2.º Conserva contra a masa hereditaria todos os dereitos e accións que tiver contra o defunto.

3.º Non se confunden para ningún efecto, en dano do herdeiro, os seus bens particulares cos que pertencen á herdanza.

1.024. O herdeiro perderá o beneficio de inventario:

1.º Se conscientemente deixar de incluír no inventario algún dos bens, dereitos ou accións da herdanza.

2.º Se antes de completar o pagamento das débedas e legados allear bens da herdanza sen autorización xudicial ou a de todos os interesados, ou non der ao prezo do vendido a aplicación determinada ao concederlle a autorización.

1.025. Durante a formación do inventario e o prazo para deliberar non poderán os legatarios demandar o pagamento dos seus legados.

1.026. Até que resulten pagos todos os acredores coñecidos e os legatarios, entenderase que se acha a herdanza en administración.

O administrador, xa o sexa o mesmo herdeiro, xa calquera outra persoa, terá, nese concepto, a representación da her-

1.027 danza para exercer as accións que a esta competan e contestar ás demandas que se interpoñan contra ela.

1.027. O administrador non poderá pagar os legados senón despois de ter pagado a todos os acredores.

1.028. Cando haxa xuízo pendente entre os acredores sobre a preferencia dos seus créditos, serán pagados pola orde e segundo o grao que sinala a sentenza firme de graduación.

Non habendo xuízo pendente entre os acredores, serán pagados os que primeiro se presenten; mais, constando que algún dos créditos coñecidos é preferente, non se fará o pagamento sen caución previa a favor do acredor de mellor dereito.

1.029. Se despois de pagados os legados apareceren outros acredores, estes só poderán reclamar contra os legatarios no caso de non ficaren na herdanza bens suficientes para pagarlles.

1.030. Cando para o pagamento dos créditos e legados sexa necesaria a venda de bens hereditarios, realizarase esta na forma establecida na Lei de axuízamento civil respecto aos *ab intestatos* e testamentarías, salvo se todos os herdeiros, acredores e legatarios acordaren outra cousa.

1.031. Non alcanzando os bens hereditarios para o pagamento das débedas e legados, o administrador dará conta da súa administración aos acredores e legatarios que non cobrasen por completo, e será responsable dos prexuízos causados á herdanza por culpa ou negligencia súa.

1.032. Pagados os acredores e legatarios, ficará o herdeiro no pleno gozo do remanente da herdanza.

Se a herdanza fose administrada por outra persoa, esta renderá ao herdeiro a conta da súa administración, baixo a responsabilidade que impón o artigo anterior.

1.033. As custas do inventario e os demais gastos a que dea lugar a administración da herdanza aceptada a beneficio de inventario e a defensa dos seus dereitos serán a cargo da

mesma herdanza. Exceptúanse aquelas custas en que o herdeiro fose condenado persoalmente polo seu dolo ou má fe. **1.038**

O mesmo se entenderá respecto das causadas para facer uso do dereito de deliberar, se o herdeiro repudia a herdanza.

1.034. Os acredores particulares do herdeiro non se poderán mesturar nas operacións da herdanza aceptada por este a beneficio de inventario até seren pagados os acredores da mesma e os legatarios; mais poderán pedir a retención ou embargo do remanente que poida resultar a favor do herdeiro.

CAPÍTULO VI

DA COLACIÓN E PARTICIÓN

Sección 1.^a Da colación

1.035. O herdeiro forzoso que concorra, con outros que tamén o sexan, a unha sucesión deberá traer á masa hereditaria os bens ou valores que recibise do causante da herdanza, en vida deste, por dote, doazón ou outro título lucrativo, para computalo na regulación das lexítimas e na conta de partición.

1.036. A colación non terá lugar entre os herdeiros forzosos se o doador así o dispuxo expresamente ou se o donatario repudiar a herdanza, salvo o caso en que a doazón se deba reducir por inoficiosa.

1.037. Non se entende suxeito a colación o deixado en testamento se o testador non dispuxer o contrario, ficando en todo caso a salvo as lexítimas.

1.038. Cando os netos sucedan o avó en representación do pai, concorrendo cos seus tíos ou curmáns, colacionarán todo o que debería colacionar o pai se vivise, aínda que non o herdasen.

Tamén colacionarán o que recibisen do causante da herdanza durante a vida deste, a menos que o testador dispuxese

1.039 o contrario, caso en deberá respectarse a súa vontade se non prexudicar a lexítima dos coherdeiros.

1.039. Os pais non estarán obrigados a colacionar na herdanza dos seus ascendentes o doado por estes aos seus fillos.

1.040. Tampouco se traerán a colación as doazóns feitas ao consorte do fillo; mais se fosen feitas polo pai conxuntamente aos dous, o fillo estará obrigado a colacionar a metade da cousa doada.

1.041. Non estarán suxeitos a colación os gastos de alimentos, educación, curación de enfermidades, aínda que sexan extraordinarias, aprendizaxe, equipamento ordinario, nin os agasallos de costume.

Tampouco estarán suxeitos a colación os gastos realizados polos pais e ascendentes para cubrir as necesidades especiais dos seus fillos ou descendentes con discapacidade.

Redactado conforme a Lei 41/2003, do 18 de novembro.

REDACCIÓN ORIXINARIA...«Non estarán suxeitos a colación os gastos de alimentos, educación, curación de enfermidades, aínda que sexan extraordinarias, aprendizaxe, equipamento ordinario, nin os agasallos de costume.»

1.042. Non se traerán a colación, senón cando o pai o dispoña ou prexudiquen a lexítima, os gastos que este fixese para dar aos seus fillos unha carreira profesional ou artística; mais cando proceda colacionalos, rebaixarase deles o que o fillo tería gastado vivindo na casa e compañía dos seus pais.

1.043. Serán colacionables as cantidades satisfeitas polo pai para redimir os seus fillos da sorte de soldado, pagar as súas débedas, conseguirlles un título de honra e outros gastos análogos.

1.044. Os agasallos de voda, consistentes en xoias, vestidos e equipamentos, non se reducirán como inoficiosos senón na parte que excedan nun décimo ou máis a cantidade dispoñible por testamento.

1.045. Non se deben traer a colación e partición as mesmas cousas doadas, senón o seu valor no momento en que se avalíen os bens hereditarios.

O aumento ou deterioración física posterior á doazón e mesmo a súa perda total, casual ou culpable será a cargo e risco ou beneficio do donatario.

Redactado conforme a Lei 11/1981, do 13 de maio.

REDACCIÓN ORIXINARIA...—«Non se deben traer a colación e partición as mesmas cousas doadas ou dadas en dote, senón o valor que tiñan no momento da doazón ou dote, aínda que non se fixese entón a súa taxación.

O aumento ou deterioración posterior, e mesmo a súa perda total, casual ou culpable, será a cargo e risco ou beneficio do donatario.»

1.046. O dote ou doazón feitos por ambos os cónxuxes colacionarase por metade na herdanza de cada un deles. O feito por un só colacionarase na súa herdanza.

1.047. O donatario tomará de menos na masa hereditaria tanto como xa tivese recibido, percibindo os seus coherdeiros o equivalente, en canto sexa posible, en bens da mesma natureza, especie e calidade.

1.048. De non se poder verificar o prescrito no artigo anterior, se os bens doados foren inmobles, os coherdeiros terán dereito a ser igualados en metálico ou valores mobiliarios ao tipo de cotización; e, de non haber diñeiro nin valores cotizables na herdanza, venderanse outros bens en poxa pública na cantidade necesaria.

Cando os bens doados foren mobles, os coherdeiros só terán dereito a ser igualados noutros mobles da herdanza polo xusto prezo, á súa libre escolla.

1.049. Os froitos e xuros dos bens suxeitos a colación non se deben á masa hereditaria senón desde o día en que se abra a sucesión.

Para regulalos, atenderase ás rendas e xuros dos bens hereditarios da mesma especie que os colacionados.

1.050. Se entre os coherdeiros xurdir contenda sobre a obrigaón de colacionar ou sobre os obxectos que se deben

1.051 traer a colación, non por iso deixará de proseguirse a partición, prestando a correspondente fianza.

Sección 2.^a Da partición

1.051. Ningún coherdeiro poderá ser obrigado a permanecer na indivisión da herdanza, a menos que o testador prohiba expresamente a división.

Mais, aínda cando a prohiba, a división terá sempre lugar mediante algunha das causas polas cales se extingue a sociedade.

1.052. Todo coherdeiro que teña a libre administración e disposición dos seus bens poderá pedir en calquera tempo a partición da herdanza.

Polos incapacitados e polos ausentes deberana pedir os seus representantes lexítimos.

1.053. Calquera dos cónxuxes poderá pedir a partición da herdanza sen intervención do outro.

Redactado conforme a Lei 14/1975, do 2 de maio.

REDACCIÓN ORIXINARIA...—«A muller non poderá pedir a partición de bens sen a autorización do seu marido ou, se for o caso, do xuíz. O marido, se a pedir a nome da súa muller, farao con consentimento desta.

Os coherdeiros da muller non poderán pedir a partición senón dirixíndose xuntamente contra aquela e o seu marido.»

1.054. Os herdeiros baixo condición non poderán pedir a partición até que aquela se cumpra. Mais poderán pedila os outros coherdeiros, asegurando competentemente o dereito dos primeiros para o caso de se cumprir a condición; e, até saberse que esta faltou ou non pode xa verificarse, entenderase provisoria a partición.

1.055. Se antes de facerse a partición morre un dos coherdeiros, deixando dous ou máis herdeiros, bastará que un destes a pida; mais todos os que interveñan neste último concepto deberán comparecer baixo unha soa representación.

1.056. Cando o testador fixer, por acto entre vivos ou por derradeira vontade, a partición dos seus bens, pasarase por ela en canto non prexudique a lexítima dos herdeiros forzosos. **1.057**

O testador que en atención á conservación da empresa ou en interese da súa familia queira preservar indivisa unha explotación económica ou ben manter o control dunha sociedade de capital ou grupo destas, poderá usar da facultade concedida neste artigo, dispoñendo que se pague en metálico a súa lexítima aos demais interesados. Para tal efecto, non será necesario que exista metálico suficiente na herdanza para o pagamento, sendo posible realizar o aboamento con efectivo extrahereditario e que o testador ou o contador-partidor designado por el establezan un aprazamento, sempre que este non supere cinco anos contados desde o falecemento do testador; poderá ser tamén de aplicación calquera outro medio de extinción das obrigacións. Se non se establece a forma de pagamento, calquera lexitimario poderá exixir a súa lexítima en bens da herdanza. Non será de aplicación á partición así realizada o disposto no artigo 843 e no parágrafo primeiro do artigo 844.

Redactado conforme a Lei 7/2003, do 1 de abril.

REDACCIÓN ORIXINARIA...—«Cando o testador fixer, por acto entre vivos ou por derradeira vontade, a partición dos seus bens, pasarase por ela en canto non prexudique a lexítima dos herdeiros forzosos.

O pai que en interese da súa familia queira conservar indivisa unha explotación agrícola, industrial ou fabril, poderá usar da facultade concedida neste artigo, dispoñendo que se satisfaga en metálico a súa lexítima aos demais fillos.»

1.057. O testador poderá encomendar por acto *inter vivos* ou *mortis causa*, para despois da súa morte, a simple facultade de facer a partición a calquera persoa que non sexa un dos coherdeiros.

Non habendo testamento, contador-partidor nel designado ou vacante no cargo, o xuíz, por petición de herdeiros e legatarios que representen, cando menos, o 50 por 100 do haber hereditario, e con citación dos demais interesados, se o seu domicilio for coñecido, poderá nomear un contador-partidor dativo, segundo as regras que a Lei de axuízamento civil establece para a designación de peritos. A partición así

1.058 realizada requirirá aprobación xudicial, salvo confirmación expresa de todos os herdeiros e legatarios.

O disposto neste artigo e no anterior observarase aínda que entre os coherdeiros haxa algún sometido a patria potestade ou tutela, ou a curadoría por prodigalidade ou por enfermidades ou deficiencias físicas ou psíquicas; mais o contador-partidor deberá nestes casos inventariar os bens da herdanza, con citación dos representantes legais ou curadores das ditas persoas.

Redactado conforme a Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro.

REDACCIÓN ORIXINARIA...—«O testador poderá encomendar por acto *inter vivos* ou *mortis causa* para despois da súa morte a simple facultade de facer a partición a calquera persoa que non sexa un dos coherdeiros.

O disposto neste artigo e no anterior observarase aínda que entre os coherdeiros haxa algún de menor idade ou suxeito a tutela; mais o comisario deberá neste caso inventariar os bens da herdanza, con citación dos coherdeiros, acredores e legatarios.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI 11/1981, DO 13 DE MAIO.—«O testador poderá encomendar por acto *inter vivos* ou *mortis causa* para despois da súa morte a simple facultade de facer a partición a calquera persoa que non sexa un dos coherdeiros.

Non habendo testamento, contador-partidor nel designado ou vacante o cargo, o xuíz, por petición de herdeiros e legatarios que representen, polo menos, o 50 por 100 do haber hereditario, e con citación dos demais interesados, se o seu domicilio for coñecido, poderá nomear un contador-partidor dativo, segundo as regras que a Lei de axuízamento civil establece para a designación de peritos. A partición así realizada requirirá aprobación xudicial, salvo confirmación expresa de todos os herdeiros e legatarios.

O disposto neste artigo e no anterior observarase aínda que entre os coherdeiros haxa algún de menor idade ou suxeito a tutela; mais o comisario deberá neste caso inventariar os bens da herdanza, con citación dos coherdeiros, acredores e legatarios.»

1.058. Cando o testador non fixese a partición, nin encomendase a outro esta facultade, se os herdeiros foren maiores e tiveren a libre administración dos seus bens, poderán distribuír a herdanza da maneira que teñan por conveniente.

1.059. Cando os herdeiros maiores de idade non se entenderen sobre o modo de facer a partición, ficará a salvo o seu dereito para que o exerzan na forma establecida na Lei de axuízamento civil.

1.060. Cando os menores ou incapacitados estean legalmente representados na partición, non será necesaria a intervención nin a aprobación xudicial.

1.066

O defensor xudicial designado para representar un menor ou incapacitado nunha partición deberá obter a aprobación do xuíz, se este non dispuxo outra cousa ao facer o nomeamento.

Redactado conforme a Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro.

REDACCIÓN ORIXINARIA...—«Cando os menores de idade estean sometidos á patria potestade e representados na partición polo pai ou, se for o caso, pola nai, non será necesaria a intervención nin a aprobación xudicial.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI 11/1981, DO 13 DE MAIO.—«Cando os menores ou incapacitados estean legalmente representados na partición, non será necesaria a intervención nin a aprobación xudicial.»

1.061. Na partición da herdanza débese gardar a posible igualdade, facendo lotes ou adxudicando a cada un dos coherdeiros cousas da mesma natureza, calidade ou especie.

1.062. Cando unha cousa sexa indivisible ou desmerezca moito pola súa división, poderase adxudicar a un, coa condición de aboar aos outros o exceso en diñeiro.

Mais bastará que un só dos herdeiros pida a súa venda en poxa pública, e con admisión de licitadores estraños, para que así se faga.

1.063. Os coherdeiros deben aboarse reciprocamente na partición as rendas e froitos que cada un percibise dos bens hereditarios, as despesas útiles e necesarias feitas neles, e os danos ocasionados por malicia ou neglixencia.

1.064. Os gastos de partición feitos en interese común de todos os coherdeiros deduciranse da herdanza; os feitos en interese particular dun deles serán ao seu cargo.

1.065. Os títulos de adquisición ou pertenza serán entregados ao coherdeiro adxudicatario do predio ou predios a que se refiran.

1.066. Cando o mesmo título comprenda varios predios adxudicados a diversos coherdeiros, ou un só que se dividise

1.067 entre dous ou máis, o título ficará en poder do maior interesado no predio ou predios, e facilitaranse aos outros copias que fagan fe, á custa dos bens da herdanza. Se o interese for igual, o título entregarase, na falta de acordo, a aquel a que por sorte corresponda.

De ser orixinal, aquel en cuxo poder fique deberá tamén exhibilo aos demais interesados cando o pediren.

Redactado conforme a Lei 11/1990, do 15 de outubro.

REDACCIÓN ORIXINARIA...—«Cando o mesmo título comprenda varios predios adxudicados a diversos coherdeiros, ou un só que se divida entre dous ou máis, o título ficará en poder do maior interesado no predio ou predios, e facilitaranse aos outros copias que fagan fe, á custa dos bens da herdanza. Se o interese for igual, o título entregarase ao home, e, habendo máis dun, ao de maior idade. Sendo orixinal, aquel en cuxo poder fique deberá tamén exhibilo aos demais interesados cando o pediren.»

1.067. Se algún dos herdeiros vender a un estraño o seu dereito hereditario antes da partición, poderán todos ou calquera dos coherdeiros subrogarse en lugar do comprador, reembolsándolle o prezo da compra, con tal de que o verifiquen no prazo dun mes, contado desde que isto se lles faga saber.

Sección 3.^a Dos efectos da partición

1.068. A partición legalmente feita confire a cada herdeiro a propiedade exclusiva dos bens que lle fosen adxudicados.

1.069. Feita a partición, os coherdeiros estarán reciprocamente obrigados á evicción e saneamento dos bens adxudicados.

1.070. A obrigación a que se refire o artigo anterior só cesará nos seguintes casos:

1.º Cando o mesmo testador fixese a partición, a non ser que apareza, ou racionalmente se presuma, ter querido o contrario, e salva sempre a lexítima.

2.º Cando se pactase expresamente ao facer a partición.

3.º Cando a evicción proceda de causa posterior á partición, ou for ocasionada por culpa do adxudicatario. **1.077**

1.071. A obrigación recíproca dos coherdeiros á evicción é proporcionada ao seu respectivo haber hereditario; mais se algún deles resultar insolvente, responderán da súa parte os demais coherdeiros na mesma proporción, deducíndose a parte correspondente ao que deba ser indemnizado.

Os que pagaren polo insolvente conservarán a súa acción contra el para cando mellore de fortuna.

1.072. Se se adxudicar como cobrable un crédito, os coherdeiros non responderán da insolvencia posterior do debedor hereditario, e só serán responsables da súa insolvencia no momento de se facer a partición.

Polos créditos cualificados de incobrables non hai responsabilidade; mais se se cobran, en todo ou en parte, distribuirase o percibido proporcionalmente entre os herdeiros.

Sección 4.ª Da rescisión da partición

1.073. As particións pódense rescindir polas mesmas causas que as obrigacións.

1.074. Poderán tamén ser rescindidas as particións por causa de lesión en máis da cuarta parte, atendido o valor das cousas cando foron adxudicadas.

1.075. A partición feita polo defunto non pode ser impugnada por causa de lesión, senón no caso de que prexudique a lexítima dos herdeiros forzosos ou de que apareza, ou racionalmente se presuma, que foi outra a vontade do testador.

1.076. A acción rescisoria por causa de lesión durará catro anos, contados desde que se fixo a partición.

1.077. O herdeiro demandado poderá optar entre indemnizar o dano ou consentir que se proceda a unha nova partición.

A indemnización pódese facer en numerario ou na mesma cousa en que resultou o prexuízo.

1.078 Se se procede a nova partición, non alcanzará esta os que non fosen prexudicados nin percibisen máis do xusto.

1.078. Non poderá exercer a acción rescisoria por lesión o herdeiro que allease a totalidade ou unha parte considerable dos bens inmobles que lle foron adxudicados.

1.079. A omisión dalgún ou algúns obxectos ou valores da herdanza non dá lugar a que se rescinda a partición por lesión, senón a que se complete ou adicione cos obxectos ou valores omitidos.

1.080. A partición feita con preterición dalgún dos herdeiros non se rescindirá, a non ser que se probe que houbo má fe ou dolo por parte dos outros interesados; mais estes terán a obrigaón de pagar ao preterido a parte que proporcionalmente lle corresponda.

1.081. A partición feita con un a quen se creu herdeiro sen selo será nula.

Sección 5.^a Do pagamento das débedas hereditarias

1.082. Os acredores recoñecidos como tales poderanse opor a que se leve a efecto a partición da herdanza até que se lles pague ou afiance o importe dos seus créditos.

1.083. Os acredores dun ou máis dos coherdeiros poderán intervir á súa custa na partición para evitar que esta se faga en fraude ou prexuízo dos seus dereitos.

1.084. Feita a partición, os acredores poderán exixir o pagamento das súas débedas por enteiro de calquera dos herdeiros que non aceptase a herdanza a beneficio de inventario, ou até onde alcance a súa porción hereditaria, no caso de a ter admitido co dito beneficio.

Nun e outro caso o demandado terá dereito a facer citar e emprazar os seus coherdeiros, a menos que por disposición do testador, ou como consecuencia da partición, ficase el só obrigado ao pagamento da débeda.

1.085. O coherdeiro que pagase máis do que corres- **1.089**
ponda á súa participación na herdanza poderá reclamar dos
demais a súa parte proporcional.

Isto mesmo se observará cando, por ser hipotecaria a
débeda ou consistir en corpo determinado, a pagase integra-
mente. O adxudicatario, neste caso, poderá reclamar dos
seus coherdeiros só a parte proporcional, aínda que o acredor
lle cedese as súas accións e o subrogase no seu lugar.

1.086. De estar algún dos predios da herdanza gravado
con renda ou carga real perpetua, non se procederá á súa
extinción, aínda que sexa redimible, senón cando a maior
parte dos coherdeiros o acordar.

De non o acordaren así, ou de ser a carga irredimible,
rebaixarase o seu valor ou capital do do predio, e este pasará
coa carga a aquel a quen lle toque en lote ou por adxudica-
ción.

1.087. O coherdeiro acredor do defunto pode reclamar
dos outros o pagamento do seu crédito, deducida a súa parte
proporcional como tal herdeiro, e sen prexuízo do estable-
cido na sección 5.^a, capítulo V, deste título.

LIBRO IV

Das obrigacións e contratos

TÍTULO PRIMEIRO

Das obrigacións

CAPÍTULO PRIMEIRO

DISPOSICIÓN XERAIS

1.088. Toda obrigación consiste en dar, facer ou non
facer algunha cousa.

1.089. As obrigacións nacen da lei, dos contratos e case
contratos, e dos actos e omisións ilícitos ou en que interveña
calquera xénero de culpa ou negligencia.

1.090. As obrigacións derivadas da lei non se presumen. Só son exixibles as expresamente determinadas neste código ou en leis especiais, e rexeranse polos preceptos da lei que as establecese; e, no que esta non previse, polas disposicións do presente libro.

1.091. As obrigacións que nacen dos contratos teñen forza de lei entre as partes contratantes, e deben cumprirse segundo o teor deles.

1.092. As obrigacións civís que nazen dos delitos ou faltas rexeranse polas disposicións do Código penal.

1.093. As que deriven de actos ou omisións en que interveña culpa ou negligencia non penadas pola lei, ficarán sometidas ás disposicións do capítulo II do título XVI deste libro.

CAPÍTULO II

DA NATUREZA E EFECTO DAS OBRIGACIÓNS

1.094. O obrigado a dar algunha cousa estao tamén a conserva-la coa dilixencia propia dun bo pai de familia.

1.095. O acredor ten dereito aos froitos da cousa desde que nace a obrigación de entregala. No entanto, non adquirirá dereito real sobre ela até que lle fose entregada.

1.096. Cando o que deba entregarse sexa unha cousa determinada, o acredor, independentemente do dereito que lle outorga o artigo 1.101, pode compeler o debedor a que realice a entrega.

Se a cousa for indeterminada ou xenérica, poderá pedir que se cumpra a obrigación a expensas do debedor.

Se o obrigado se constitúe en mora, ou se acha comprometido a entregar unha mesma cousa a dúas ou máis persoas diversas, serán pola súa conta os casos fortuítos até se realizar a entrega.

1.097. A obrigación de dar cousa determinada comprende a de entregar todos os seus accesorios, aínda que non fosen mencionados.

1.098. Se o obrigado a facer algunha cousa non a fixer, **1.103** mandarase executar á súa custa.

Isto mesmo se observará se a fixer contravindo o teor da obrigación. Ademais poderá decretarse que se desfaga o mal feito.

1.099. O disposto no parágrafo segundo do artigo anterior observarase tamén cando a obrigación consista en non facer e o debedor execute o que lle fora prohibido.

1.100. Incorren en mora os obrigados a entregar ou a facer algunha cousa desde que o acredor lles exixa xudicial ou extraxudicialmente o cumprimento da súa obrigación.

Non será, porén, necesaria a intimación do acredor para que a mora exista:

1.º Cando a obrigación ou a lei o declaren así expresamente.

2.º Cando da súa natureza e circunstancias resulte que a designación da época en que se debía entregar a cousa ou facerse o servizo foi motivo determinante para establecer a obrigación.

Nas obrigacións recíprocas ningún dos obrigados incorre en mora se o outro non cumpre ou non se avén a cumprir debidamente o que lle incumbe. Desde que un dos obrigados cumpre a súa obrigación, comeza a mora para o outro.

1.101. Fican suxeitos á indemnización dos danos e perdas causados os que no cumprimento das súas obrigacións incorreren en dolo, neglixencia ou morosidade, e os que de calquera modo contraviñeren o teor daquelas.

1.102. A responsabilidade procedente do dolo é exixible en todas as obrigacións. A renuncia da acción para facela efectiva é nula.

1.103. A responsabilidade que proceda de neglixencia é igualmente exixible no cumprimento de toda clase de obrigacións; mais poderá ser moderada polos tribunais segundo os casos.

1.104. A culpa ou negligencia do debedor consiste na omisión daquela dilixencia que exixa a natureza da obrigación e corresponda ás circunstancias das persoas, do tempo e do lugar.

Cando a obrigación non exprese a dilixencia que se debe prestar no seu cumprimento, exixirase a que correspondería a un bo pai de familia.

1.105. Fóra dos casos expresamente mencionados na lei, e daqueles en que así o declare a obrigación, ninguén responderá daqueles sucesos que non se puidesen prever, ou que, previstos, fosen inevitables.

1.106. A indemnización de danos e perdas comprende non só o valor da perda que sufrise senón tamén o da ganancia que deixase de obter o acredor, salvas as disposicións contidas nos artigos seguintes.

1.107. Os danos e perdas de que responde o debedor de boa fe son os previstos ou que se puidesen prever no momento de se constituír a obrigación e que sexan consecuencia necesaria da súa falta de cumprimento.

En caso de dolo responderá o debedor de todos os que coñecidamente deriven da falta de cumprimento da obrigación.

1.108. Se a obrigación consistir no pagamento dunha cantidade de diñeiro, e o debedor incorrer en mora, a indemnización de danos e perdas, non habendo pacto en contrario, consistirá no pagamento dos xuros convidados, e na falta de convenio no xuro legal.

Mentres non sexa fixado outro polo Goberno, considerarase como legal o xuro do 6 por 100 ao ano.

Derogado o parágrafo segundo deste artigo pola Lei 24/1984, do 29 de xuño (modificada polas leis 13/1994, do 1 de xuño, e 65/1997, do 30 de decembro), que dispón:

«Artigo 1.º O xuro legal do diñeiro determinarase na Lei de orzamentos xerais do Estado.

O Goberno, atendendo á evolución dos tipos de xuro da débeda pública, poderá revisar o tipo de xuro fixado no exercicio pola Lei de orzamentos xerais do Estado.

Art. 2.º Calquera que sexa a natureza do acto ou contrato de que derive a obrigación, o xuro que, salvo estipulación en contrario, deberá pagar o debedor constituído lexitimamente en mora e nos demais casos en que aquel sexa exixible consonte as leis, será o determinado conforme o previsto no artigo anterior.

Disposición transitoria.—Esta lei será de aplicación ás obrigacións nacidas de feitos producidos ou relacións constituídas após a súa entrada en vigor, e a todas aquelas en que o dereito a exixir o xuro, na falta de convenio, naza ou se produza con posterioridade á súa vixencia.

Disposición derogatoria.—Fican expresamente derogadas as leis do 2 de agosto de 1899 e do 7 de outubro de 1939, ben como o parágrafo segundo do artigo 1.108 do Código civil.»

1.109. Os xuros vencidos producen o xuro legal desde que son xudicialmente reclamados, aínda que a obrigación gardase silencio sobre este punto.

Nos negocios comerciais observarase o que dispón o Código de comercio.

Os montes de piedade e caixas de aforro rexeranse polos seus regulamentos especiais.

1.110. O recibo do capital polo acredor, sen reserva ningunha respecto aos xuros, extingue a obrigación do debedor canto a estes.

O recibo do último prazo dun débito, cando o acredor tampouco fixer reservas, extinguirá a obrigación canto aos prazos anteriores.

1.111. Os acredores, despois de teren perseguido os bens de que estea en posesión o debedor para realizar canto se lles debe, poden exercer todos os dereitos e accións deste co mesmo fin, exceptuando os que sexan inherentes á súa persoa; poden tamén impugnar os actos que o debedor realízase en fraude do seu dereito.

1.112. Todos os dereitos adquiridos en virtude dunha obrigación son transmisibles con suxeición ás leis, se non se pactou o contrario.

CAPÍTULO III

DAS DIVERSAS ESPECIES DE OBRIGACIÓNS

Sección 1.^a Das obrigacións puras e das condicionais

1.113. Será exixible inmediatamente toda obrigación cuxo cumprimento non dependa dun suceso futuro ou incerto, ou dun suceso pasado, que os interesados ignoren.

1.114 Tamén será exixible toda obrigación que conteña condición resolutoria, sen prexuízo dos efectos da resolución.

1.114. Nas obrigacións condicionais a adquisición dos dereitos, ben como a resolución ou perda dos xa adquiridos, dependerán do acontecemento que constitúa a condición.

1.115. Cando o cumprimento da condición dependa da exclusiva vontade do debedor, a obrigación condicional será nula. Se depender da sorte ou da vontade dun terceiro, a obrigación producirá todos os seus efectos consonte as disposicións deste código.

1.116. As condicións imposibles, as contrarias aos bos costumes e as prohibidas pola lei anularán a obrigación que delas dependa.

A condición de non facer unha cousa imposible tense por non posta.

1.117. A condición de que ocorra algún suceso nun tempo determinado extinguirá a obrigación desde que pasar o tempo ou for xa indubidable que o acontecemento non terá lugar.

1.118. A condición de que non aconteza algún suceso en tempo determinado fai eficaz a obrigación desde que pasou o tempo sinalado ou sexa xa evidente que o acontecemento non pode ocorrer.

Se non houber tempo fixado, a condición deberase reputar cumprida no que verosimilmente se quixese sinalar, atendida a natureza da obrigación.

1.119. Terase por cumprida a condición cando o obrigado impedisce voluntariamente o seu cumprimento.

1.120. Os efectos da obrigación condicional de dar, unha vez cumprida a condición, retrotráense ao día da constitución daquela. Isto non obstante, cando a obrigación imponha recíprocas prestacións aos interesados, entenderanse compensados uns con outros os froitos e xuros do tempo en que estivese pendente a condición. Se a obrigación for unilateral, o debedor fará seus os froitos e xuros percibidos, a

menos que pola natureza e circunstancias daquela se deba inferir que foi outra a vontade do que a constituíu. **1.123**

Nas obrigacións de facer e non facer, os tribunais determinarán, en cada caso, o efecto retroactivo da condición cumprida.

1.121. O acredor pode, antes do cumprimento das condicións, exercer as accións procedentes para a conservación do seu dereito.

O debedor pode repetir o que no mesmo tempo págase.

1.122. Cando as condicións foren postas co intento de suspender a eficacia da obrigación de dar, observaranse as regras seguintes, no caso de que a cousa mellore ou se perda ou deteriore estando pendente a condición:

1.^a Se a cousa se perdeu sen culpa do debedor, ficará extinguida a obrigación.

2.^a Se a cousa se perdeu por culpa do debedor, este fica obrigado ao resarcimento de danos e perdas.

Enténdese que a cousa se perde cando perece, fica fóra do comercio ou desaparece de modo que se ignora a súa existencia, ou non se pode recobrar.

3.^a Cando a cousa se deteriora sen culpa do debedor, o menoscabo é de conta do acredor.

4.^a Se se deteriora por culpa do debedor, o acredor poderá optar entre a resolución da obrigación e o seu cumprimento, coa indemnización de prexuízos en ambos os casos.

5.^a Se a cousa se mellora pola súa natureza, ou polo tempo, as melloras ceden en favor do acredor.

6.^a Se se mellora a expensas do debedor, non terá este outro dereito que o concedido ao usufrutuário.

1.123. Cando as condicións teñan por obxecto resolver a obrigación de dar, os interesados, cumpridas aquelas, deberán restituírse o que percibisen.

No caso de perda, deterioración ou mellora da cousa, aplicaranse ao que deba facer a restitución as disposicións que respecto ao debedor contén o artigo precedente.

1.124 Canto ás obrigacións de facer e non facer, observarase, respecto aos efectos da resolución, o disposto no parágrafo 2.º do artigo 1.120.

1.124. A facultade de resolver as obrigacións enténdese implícita nas recíprocas, para o caso de que un dos obrigados non cumprir o que lle incumbe.

O prexudicado poderá escoller entre exixir o cumprimento ou a resolución da obrigación, co resarcimento de danos e aboamento de xuros en ambos os casos. Tamén poderá pedir a resolución, mesmo despois de ter optado polo cumprimento, cando este resultar imposible.

O tribunal decretará a resolución que se reclame, de non haber causas xustificadas que o autoricen para sinalar prazo.

Isto enténdese sen prexuízo dos dereitos de terceiros adquirentes, consonte os artigos 1.295 e 1.298 e as disposicións da Lei hipotecaria.

Sección 2.ª Das obrigacións a prazo

1.125. As obrigacións para cuxo cumprimento se sinalase un día certo só serán exixibles cando o día chegue.

Enténdese por día certo aquel que necesariamente debe vir, aínda que se ignore cando.

Se a incerteza consiste en se debe chegar ou non o día, a obrigación é condicional, e rexeráse polas regras da sección precedente.

1.126. O que anticipadamente se tivese pagado nas obrigacións a prazo non se poderá repetir.

Se o que pagou ignoraba, cando o fixo, a existencia do prazo, terá dereito a reclamar do acredor os xuros ou os froitos que este percíbise da cousa.

1.127. Sempre que nas obrigacións se designa un termo, presúmese establecido en beneficio de acredor e debedor, a non ser que do teor daquelas ou doutras circunstancias resultar terse posto en favor dun ou do outro.

1.128. Se a obrigación non sinalar prazo, mais da súa natureza e circunstancias se deducir que quixo concederse ao debedor, os tribunais fixarán a duración daquel.

Tamén fixarán os tribunais a duración do prazo cando este ficase á vontade do debedor. **1.135**

1.129. Perderá o debedor todo dereito a utilizar o prazo:

1.º Cando, despois de contraída a obrigaón, resulte insolvente, salvo que garanta a débeda.

2.º Cando non outorgue ao acredor as garantías a que estea comprometido.

3.º Cando por actos propios diminuíse aquelas garantías despois de establecidas, e cando por caso fortuíto desaparecesen, a menos que sexan inmediatamente substituídas por outras novas e igualmente seguras.

1.130. Se o prazo da obrigaón está sinalado por días contados desde un determinado, ficará este excluído do cómputo, que deberá comezar no día seguinte.

Sección 3.ª Das obrigaóns alternativas

1.131. O obrigado alternativamente a diversas prestacións debe cumprir por completo unha destas.

O acredor non pode ser compelido a recibir parte dunha e parte doutra.

1.132. A escolla corresponde ao debedor, a menos que expresamente se concedese ao acredor.

O debedor non terá dereito a elixir as prestacións imposibles, ilícitas ou que non puidesen ser obxecto da obrigaón.

1.133. A escolla non producirá efecto senón desde que for notificada.

1.134. O debedor perderá o dereito de escolla cando das prestacións a que alternativamente estea obrigado só unha for realizable.

1.135. O acredor terá dereito á indemnización de danos e perdas cando por culpa do debedor desaparecesen todas as cousas que alternativamente foron obxecto da obrigaón, ou se fixese imposible o cumprimento desta.

1.136 A indemnización fixarase tomando por base o valor da última cousa que desaparecese, ou o do servizo que ultimamente se fixese imposible.

1.136. Cando a escolla fose expresamente atribuída ao acredor, a obrigación cesará de ser alternativa desde o día en que aquela fose notificada ao debedor.

Até entón as responsabilidades do debedor rexeranse polas seguintes regras:

1.^a Se algunha das cousas se perdesen por caso fortuíto, cumprirá entregando a que o acredor elixa entre as restantes, ou a que ficase, se unha soa subsistise.

2.^a Se a perda dalgunha das cousas sobreviñese por culpa do debedor, o acredor poderá reclamar calquera das que subsistan, ou o prezo da que, por culpa daquel, desaparecese.

3.^a Se todas as cousas se perdesen por culpa do debedor, a escolla do acredor recaerá sobre o seu prezo.

As mesmas regras se aplicarán ás obrigacións de facer ou de non facer, no caso de algunhas ou todas as prestacións resultaren imposibles.

Sección 4.^a Das obrigacións mancomunadas e das solidarias

1.137. A concorrencia de dous ou máis acredores ou de dous ou máis debedores nunha soa obrigación non implica que cada un daqueles teña dereito a pedir, nin cada un destes deba prestar integramente as cousas obxecto dela. Só procederá isto cando a obrigación expresamente o determine, constituíndose co carácter de solidaria.

1.138. Se do texto das obrigacións a que se refire o artigo anterior non resulta outra cousa, o crédito ou a débeda presumiranse divididos en tantas partes iguais como acredores ou debedores haxa, reputándose créditos ou débedas distintos uns doutros.

1.139. Se a división for imposible, só prexudicarán o dereito dos acredores os actos colectivos destes e só se poderá facer efectiva a débeda procedendo contra todos os debedores.

res. Se algún destes resultar insolvente, non estarán os demais **1.146**
obrigados a suplir a súa falta.

1.140. A solidariedade poderá existir aínda que os acredores e debedores non estean ligados do propio modo e por uns mesmos prazos e condicións.

1.141. Cada un dos acredores solidarios pode facer o que sexa útil aos demais, mais non o que lles sexa prexudicial.

As accións exercidas contra calquera dos debedores solidarios prexudicarán a todos estes.

1.142. O debedor pode pagar a débeda a calquera dos acredores solidarios; mais, se fose xudicialmente demandado por algún, a este deberá facer o pagamento.

1.143. A novación, compensación, confusión ou remisión da débeda, feitas por calquera dos acredores solidarios ou con calquera dos debedores da mesma clase, extinguen a obrigación, sen prexuízo do disposto no artigo 1.146.

O acredor que executase calquera destes actos, ben como o que cobre a débeda, responderá ante os demais da parte que lles corresponde na obrigación.

1.144. O acredor pode dirixirse contra calquera dos debedores solidarios ou contra todos eles simultaneamente. As reclamacións promovidas contra un non serán obstáculo para as que posteriormente se dirixan contra os demais, mentres non resulte cobrada a débeda por completo.

1.145. O pagamento feito por un dos debedores solidarios extingue a obrigación.

O que fixo o pagamento só pode reclamar dos seus codebedores a parte que a cada un corresponda, cos xuros do anticipo.

A falta de cumprimento da obrigación por insolvencia do debedor solidario será suplida polos seus codebedores, *pro rata* da débeda de cada un.

1.146. A quitación ou remisión feita polo acredor da parte que afecte un dos debedores solidarios non libra este da

1.147 súa responsabilidade para cos codebedores, no caso de que a débeda fose totalmente pagada por calquera deles.

1.147. Se a cousa perecese ou a prestación se fixese imposible sen culpa dos debedores solidarios, a obrigación ficará extinguida.

Se mediase culpa de parte de calquera deles, todos serán responsables, para co acredor, do prezo e da indemnización de danos e aboamento de xuros, sen prexuízo da súa acción contra o culpable ou negligente.

1.148. O debedor solidario poderá utilizar, contra as reclamacións do acredor, todas as excepcións que deriven da natureza da obrigación e as que lle sexan persoais. Das que persoalmente correspondan aos demais só se poderá servir na parte de débeda de que estes foren responsables.

Sección 5.^a Das obrigacións divisibles e das indivisibles

1.149. A divisibilidade ou indivisibilidade das cousas obxecto das obrigacións en que hai un só debedor e un só acredor non altera nin modifica os preceptos do capítulo II deste título.

1.150. A obrigación indivisible mancomunada resólvese en indemnizar danos e perdas desde que calquera dos debedores falta ao seu compromiso. Os debedores que estivesen dispostos a cumprir os seus, non contribuirán á indemnización con máis cantidade que a porción correspondente do prezo da cousa ou do servizo en que consistir a obrigación.

1.151. Para os efectos dos artigos que preceden, reputaranse indivisibles as obrigacións de dar corpos certos e todas aquelas que non sexan susceptibles de cumprimento parcial.

As obrigacións de facer serán divisibles cando teñan por obxecto a prestación dun número de días de traballo, a execución de obras por unidades métricas ou outras cousas análogas que pola súa natureza sexan susceptibles de cumprimento parcial.

Nas obrigacións de non facer, a divisibilidade ou indivisibilidade decidírase polo carácter da prestación en cada caso particular. **1.156**

Sección 6.^a Das obrigacións con cláusula penal

1.152. Nas obrigacións con cláusula penal, a pena substituirá a indemnización de danos e o aboamento de xuros en caso de falta de cumprimento, se non se pactou outra cousa.

Só se poderá facer efectiva a pena cando esta for exixible conforme as disposicións do presente código.

1.153. O debedor non poderá eximirse de cumprir a obrigación pagando a pena senón no caso de que expresamente lle fose reservado este dereito. Tampouco o acreedor poderá exixir conxuntamente o cumprimento da obrigación e a satisfacción da pena, sen que esta facultade lle fose claramente outorgada.

1.154. O xuíz modificará equitativamente a pena cando a obrigación principal fose en parte ou irregularmente cumprida polo debedor.

1.155. A nulidade da cláusula penal non leva consigo a da obrigación principal.

A nulidade da obrigación principal leva consigo a da cláusula penal.

CAPÍTULO IV

DA EXTINCIÓN DAS OBRIGACIÓNS

Disposicións xerais

1.156. As obrigacións extínguense:

Polo pagamento ou cumprimento.

Pola perda da cousa debida.

Pola condonación da débeda.

Pola confusión dos dereitos de acreedor e debedor.

Pola compensación.

Pola novación.

1.157. Non se entenderá paga unha débeda senón cando completamente se entregase a cousa ou se fíxese a prestación en que a obrigación consistía.

1.158. Pode facer o pagamento calquera persoa, teña ou non interese no cumprimento da obrigación, xa o coñeza e o aprobe, xa o ignore o debedor.

O que pagar por conta doutro poderá reclamar do debedor o que págase, de non telo feito contra a súa expresa vontade.

Neste caso só poderá repetir do debedor aquilo en que lle tivese sido útil o pagamento.

1.159. O que pague en nome do debedor, ignorándoo este, non poderá compeler o acredor a subrogalo nos seus dereitos.

1.160. Nas obrigacións de dar non será válido o pagamento feito por quen non teña a libre disposición da cousa debida e capacidade para alleala. No entanto, se o pagamento consistise nunha cantidade de diñeiro ou cousa funxible, non haberá repetición contra o acredor que a gastase ou consumise de boa fe.

1.161. Nas obrigacións de facer o acredor non poderá ser compelido a recibir a prestación ou o servizo dun terceiro, cando a calidade e circunstancias da persoa do debedor se tivesen en conta ao establecer a obrigación.

1.162. O pagamento deberase facer á persoa a favor da cal estivese constituída a obrigación, ou a outra autorizada para recibila no seu nome.

1.163. O pagamento feito a unha persoa incapacitada para administrar os seus bens será válido en canto se convertese na súa utilidade.

Tamén será válido o pagamento feito a un terceiro en canto se convertese en utilidade do acredor.

1.164. O pagamento feito de boa fe ao que estiver en posesión do crédito, liberará o debedor.

1.165. Non será válido o pagamento feito ao acredor polo debedor despois de térselle ordenado xudicialmente a retención da débeda. **1.171**

1.166. O debedor dunha cousa non pode obrigá-lo o seu acredor a que reciba outra diferente, mesmo cando for de igual ou maior valor que a debida.

Tampouco nas obrigacións de facer poderá ser substituído un feito por outro contra a vontade do acredor.

1.167. Cando a obrigación consista en entregar unha cousa indeterminada ou xenérica, cuxa calidade e circunstancias non se expresasen, o acredor non poderá exixila da calidade superior, nin o debedor entregala da inferior.

1.168. Os gastos extraxudiciais que ocasione o pagamento serán de conta do debedor. Respecto dos xudiciais, decidirá o tribunal consonte a Lei de axuízamento civil.

1.169. A menos que o contrato expresamente o autorice, non poderá compelerse o acredor a recibir parcialmente as prestacións en que consista a obrigación.

No entanto, cando a débeda tiver unha parte líquida e outra ilíquida, poderá exixir o acredor e facer o debedor o pagamento da primeira sen esperar a que se liquide a segunda.

1.170. O pagamento das débedas de diñeiro deberá facerse na especie pactada e, non sendo posible entregar a especie, na moeda de prata ou oro que teña curso legal en España.

A entrega de obrigacións de pagamento á orde, ou letras de cambio ou outros documentos mercantís, só producirá os efectos do pagamento cando fosen realizados, ou cando por culpa do acredor se prexudicasen.

Entrementres, a acción derivada da obrigación primitiva ficará en suspenso.

1.171. O pagamento deberase executar no lugar que designase a obrigación.

Non se tendo expresado e tratándose de entregar unha cousa determinada, deberase facer o pagamento onde esta existía no momento de se constituír a obrigación.

1.172 En calquera outro caso, o lugar do pagamento será o do domicilio do debedor.

Da imputación de pagamentos

1.172. O que tiver varias débedas dunha mesma especie en favor dun só acredor, poderá declarar, no momento de facer o pagamento, a cal delas se debe aplicar. Se aceptar do acredor un recibo en que se faga a aplicación do pagamento, non poderá reclamar contra esta, a menos que mediase causa que invalide o contrato.

1.173. Se a débeda produce xuro, non se poderá considerar feito o pagamento por conta do capital mentres non estean cubertos os xuros.

1.174. Cando non se poida imputar o pagamento segundo as regras anteriores, considerarase satisfeita a débeda máis onerosa ao debedor entre as que estean vencidas.

Se estas foren de igual natureza e gravame, o pagamento imputarase a todas *pro rata*.

Do pagamento por cesión de bens

1.175. O debedor pode ceder os seus bens aos acredores en pagamento das súas débedas. Esta cesión, salvo pacto en contrario, só libera aquel de responsabilidade polo importe líquido dos bens cedidos. Os convenios que sobre o efecto da cesión se celebren entre o debedor e os seus acredores axustaranse ás disposicións do título XVII deste libro, e ao que establece a Lei de axuizamento civil.

Do ofrecemento do pagamento e da consignación

1.176. Se o acredor a quen se fixer o ofrecemento de pagamento se negar sen razón a admitilo, o debedor ficará libre de responsabilidade mediante a consignación da cousa debida.

A consignación por si soa producirá o mesmo efecto cando se faga estando o acredor ausente ou cando estea incapacitado para recibir o pagamento no momento en que deba facerse, e cando varias persoas pretendan ter dereito a cobrar, ou se extraviase o título da obrigación.

1.177. Para que a consignación da cousa debida libere o obrigado, deberá ser previamente anunciada ás persoas interesadas no cumprimento da obrigación. **1.184**

A consignación será ineficaz se non se axusta estritamente ás disposicións que regulan o pagamento.

1.178. A consignación farase depositando as cousas debidas ao dispor da autoridade xudicial, ante quen se acreditará o ofrecemento, nese caso, e o anuncio da consignación nos demais.

Feita a consignación, deberase notificar tamén aos interesados.

1.179. Os gastos da consignación, cando for procedente, serán de conta do acredor.

1.180. Feita debidamente a consignación, poderá o debedor pedir ao xuíz que mande cancelar a obrigación.

Mentres o acredor non aceptase a consignación, ou non se ditase a declaración xudicial de que está ben feita, poderá o debedor retirar a cousa ou cantidade consignada, deixando subsistente a obrigación.

1.181. Se, feita a consignación, o acredor autorizar o debedor para retirala, perderá toda preferencia que tiver sobre a cousa. Os codebedores e fiadores ficarán libres.

Sección 2.ª Da perda da cousa debida

1.182. Ficará extinguida a obrigación que consista en entregar unha cousa determinada cando esta se perder ou destruír sen culpa do debedor e antes de terse este constituído en mora.

1.183. Sempre que a cousa se perdesse en poder do debedor, presumirase que a perda ocorreu pola súa culpa e non por caso fortuíto, salvo proba en contrario, e sen prexuízo do disposto no artigo 1.096.

1.184. Tamén ficará liberado o debedor nas obrigacións de facer cando a prestación resultar legal ou fisicamente imposible.

1.185. Cando a débeda de cousa certa e determinada proceder de delito ou falta, non se eximirá o debedor do pagamento do seu prezo, calquera que fose o motivo da perda, a menos que, ofrecida por el a cousa ao que a debía recibir, este se negase sen razón a aceptala.

1.186. Extinguida a obrigación pola perda da cousa, corresponderán ao acredor todas as accións que o debedor tiver contra terceiros por razón desta.

Sección 3.^a Da condonación da débeda

1.187. A condonación poderá facerse expresa ou tacitamente.

Unha e outra estarán sometidas aos preceptos que rexen as doazóns inoficiosas. A condonación expresa deberá, ademais, axustarse ás formas da doazón.

1.188. A entrega do documento privado xustificativo dun crédito, feita voluntariamente polo acredor ao debedor, implica a renuncia da acción que o primeiro tiña contra o segundo.

Se para invalidar esta renuncia se pretender que é inoficiosa, o debedor e os seus herdeiros poderana soste probando que a entrega do documento se fixo en virtude do pagamento da débeda.

1.189. Sempre que o documento privado de onde resulte a débeda se achar en poder do debedor, presumirase que o acredor o entregou voluntariamente, a non ser que se probe o contrario.

1.190. A condonación da débeda principal extinguirá as obrigacións accesorias; mais a destas deixará subsistente a primeira.

1.191. Presumirase remitida a obrigación accesoria de peñor cando a cousa peñorada, despois de entregada ao acredor, se achar en poder do debedor.

1.192. Ficaré extinguida a obrigación desde que se reúnan nunha mesma persoa os conceptos de acredor e de debedor.

Exceptúase o caso en que esta confusión teña lugar en virtude de título de herdanza, se esta foi aceptada a beneficio de inventario.

1.193. A confusión que recae na persoa do debedor ou do acredor principal aproveita aos fiadores. A que se realiza en calquera destes non extingue a obrigación.

1.194. A confusión non extingue a débeda mancomunada senón na porción correspondente ao acredor ou debedor en quen concorran os dous conceptos.

Sección 5.^a Da compensación

1.195. Terá lugar a compensación cando dúas persoas, por dereito propio, sexan reciprocamente acreedoras e debedoras unha da outra.

1.196. Para que proceda a compensación é preciso:

1.º Que cada un dos obrigados o estea principalmente, e sexa á vez acredor principal do outro.

2.º Que ambas as débedas consistan nunha cantidade de diñeiro, ou, sendo funxibles as cousas debidas, sexan da mesma especie e tamén da mesma calidade, se esta se designase.

3.º Que as dúas débedas estean vencidas.

4.º Que sexan líquidas e exixibles.

5.º Que sobre ningunha delas haxa retención ou contenda promovida por terceiras persoas e notificada oportunamente ao debedor.

1.197. Non obstante o disposto no artigo anterior, o fiador poderá opor a compensación respecto do que o acredor deba ao seu debedor principal.

1.198. O debedor que consentise na cesión de dereitos feita por un acredor a favor dun terceiro, non poderá opor ao

1.199 cesionario a compensación que lle correspondería contra o cedente.

Se o acredor lle fixo saber a cesión e o debedor non a consentiu, pode opor a compensación das débedas anteriores a ela, mais non a das posteriores.

Se a cesión se realiza sen coñecemento do debedor, poderá este opor a compensación dos créditos anteriores a ela e dos posteriores até que tivese coñecemento da cesión.

1.199. As débedas pagadoiras en diferentes lugares pódense compensar mediante indemnización dos gastos de transporte ou cambio ao lugar do pagamento.

1.200. A compensación non procederá cando algunha das débedas proviñer de depósito ou das obrigacións do depositario ou comodatario.

Tampouco se poderá opor ao acredor por alimentos debidos por título gratuito.

1.201. Se unha persoa tiver contra si varias débedas compensables, observarase na orde da compensación o disposto respecto á imputación de pagamentos.

1.202. O efecto da compensación é extinguir unha e outra débeda na cantidade concorrente, aínda que non teñan coñecemento dela os acredores e debedores.

Sección 6.^a Da novación

1.203. As obrigacións pódense modificar:

- 1.º Variando o seu obxecto ou as súas condicións principais.
- 2.º Substituíndo a persoa do debedor.
- 3.º Subrogando un terceiro nos dereitos do acredor.

1.204. Para que unha obrigación fiquese extinguida por outra que a substitúa, é preciso que así se declare terminantemente, ou que a antiga e a nova sexan por completo incompatibles.

1.205. A novación, que consiste en que un novo debedor substitúe o primitivo, pode facerse sen o coñecemento deste, mais non sen o consentimento do acredor. **1.212**

1.206. A insolvencia do novo debedor, que fose aceptado polo acredor, non fará revivir a acción deste contra o debedor primitivo, salvo que a dita insolvencia fose anterior e pública ou coñecida do debedor ao delegar a súa débeda.

1.207. Cando a obrigación principal se extinga por efecto da novación, só poderán subsistir as obrigacións accesorias en canto aproveiten a terceiros que non prestasen o seu consentimento.

1.208. A novación é nula se o for tamén a obrigación primitiva, salvo que a causa de nulidade só poida ser invocada polo debedor, ou que a ratificación valide os actos nulos na súa orixe.

1.209. A subrogación dun terceiro nos dereitos do acredor non se pode presumir fóra dos casos expresamente mencionados neste código.

Nos demais será preciso establecela con claridade para que produza efecto.

1.210. Presumirase que hai subrogación:

1.º Cando un acredor pague a outro acredor preferente.

2.º Cando un terceiro, non interesado na obrigación, pague con aprobación expresa ou tácita do debedor.

3.º Cando pague o que teña interese no cumprimento da obrigación, salvos os efectos da confusión canto á porción que lle corresponda.

1.211. O debedor poderá facer a subrogación sen consentimento do acredor, cando para pagar a débeda tomase emprastado o diñeiro por escritura pública, facendo constar o seu propósito nela, e expresando na carta de pagamento a procedencia da cantidade paga.

1.212. A subrogación transfire ao subrogado o crédito cos dereitos a el anexos, xa contra o debedor, xa contra os terceiros, sexan fiadores ou posuidores das hipotecas.

1.213. O acreedor, a quen se fixese un pagamento parcial, pode exercer o seu dereito polo resto con preferencia ao que se subrogase no seu lugar en virtude do pagamento parcial do mesmo crédito.

CAPÍTULO V

DA PROBA DAS OBRIGACIÓNS

Disposicións xerais

A Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil, derroga os artigos 1.214 e 1.215, no momento da súa entrada en vigor o 8 de xaneiro de 2001.

1.214. *Incumbe a proba das obrigacións ao que reclama o seu cumprimento, e a da súa extinción ao que a opón.*

1.215. *As probas pódense facer: por instrumentos, por confesión, por inspección persoal do xuíz, por peritos, por testemuñas e por presuncións.*

Sección 1.^a Dos documentos públicos

1.216. Son documentos públicos os autorizados por un notario ou empregado público competente, coas solemnidades requiridas pola lei.

1.217. Os documentos en que interveña notario público rexeranse pola lexislación notarial.

1.218. Os documentos públicos fan proba, incluso contra terceiro, do feito que motiva o seu outorgamento e da data deste.

Tamén farán proba contra os contratantes e os seus habentes causa, canto ás declaracións que neles fixesen os primeiros.

1.219. As escrituras feitas para desvirtuar outra escritura anterior entre os mesmos interesados só producirán efecto contra terceiros cando o contido daquelas fose anotado no rexistro público competente ou á marxe da escritura

matriz e do traslado ou copia en cuxa virtude procedese o terceiro. **1.224**

1.220. As copias dos documentos públicos de que exista matriz ou protocolo, impugnadas por aqueles a que prexudiquen, só terán forza probatoria cando fosen debidamente cotexadas.

Se resultar algunha variante entre a matriz e a copia, observarase o contido da primeira.

1.221. Cando desaparecesen a escritura matriz, o protocolo ou os expedientes orixinais, farán proba:

1.º As primeiras copias, realizadas polo funcionario público que as autorizase.

2.º As copias posteriores, libradas por mandato xudicial, con citación dos interesados.

3.º As que, sen mandato xudicial, se realizasen en presenza dos interesados e coa súa conformidade.

Na falta das copias mencionadas, fará proba calquera outra que teña a antigüidade de trinta ou máis anos, sempre que fose tomada do orixinal polo funcionario que o autorizou ou outro encargado da súa custodia.

As copias de menor antigüidade, ou que estiveren autorizadas por funcionario público en quen non concorran as circunstancias mencionadas no parágrafo anterior, só servirán como un principio de proba por escrito.

A forza probatoria das copias de copia será apreciada polos tribunais segundo as circunstancias.

1.222. A inscrición, en calquera rexistro público, dun documento que desaparecese, será apreciada segundo as regras dos dous últimos parágrafos do artigo precedente.

1.223. A escritura defectuosa, por incompetencia do notario ou por outra falta na forma, terá o concepto de documento privado, se estiver asinada polos outorgantes.

1.224. As escrituras de recoñecemento dun acto ou contrato nada proban contra o documento en que estes fosen consignados, se por exceso ou omisión se apartaren

1.225 del, a menos que conste expresamente a novación do primeiro.

Dos documentos privados

1.225. O documento privado, recoñecido legalmente, terá o mesmo valor que a escritura pública entre os que o subscribisen e os seus habentes causa.

1.226. *Aquel a quen se opoña en xuízo unha obrigación por escrito que apareza asinada por el, está obrigado a declarar se a sinatura é ou non súa.*

Os herdeiros ou habentes causa do obrigado poderanse limitar a declarar se saben que é ou non do seu causante a sinatura da obrigación.

A resistencia, sen xusta causa, a prestar a declaración mencionada nos parágrafos anteriores poderá ser estimada polos tribunais como unha confesión da autenticidade do documento.

Este artigo foi derogado pola Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil, no momento da súa entrada en vigor o 8 de xaneiro de 2001.

1.227. A data dun documento privado non se contará respecto de terceiros senón desde o día en que fose incorporado ou inscrito nun rexistro público, desde a morte de calquera dos que o asinaron, ou desde o día en que se entregase a un funcionario público por razón do seu oficio.

1.228. Os asentos, rexistros e papeis privados unicamente fan proba contra o que os escribiu en todo aquilo que conste con claridade; mais o que se queira aproveitar deles deberaos aceptar na parte que o prexudiquen.

1.229. A nota escrita ou asinada polo acredor a seguir, á marxe ou ao dorso dunha escritura que estea no seu poder, fai proba en todo o que sexa favorable ao debedor.

O mesmo se entenderá da nota escrita ou asinada polo acredor ao dorso, á marxe ou a seguir do duplicado dun documento ou recibo que se ache en poder do debedor.

En ambos os casos, o debedor que se queira aproveitar do que o favoreza, terá que aceptar aquilo que o prexudique. **1.237**

1.230. Os documentos privados feitos para alterar o pactado en escritura pública non producen efecto contra terceiro.

Sección 2.^a Da confesión

A Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil, derroga, no momento da súa entrada en vigor o 8 de xaneiro de 2001, os artigos 1.231 a 1.239, que integran esta sección.

1.231. *A confesión pódese facer xudicial ou extraxudicialmente.*

Nun e outro caso, será condición indispensable, para a validez da confesión, que recaia sobre feitos persoais do confesante e que este teña capacidade legal para facela.

1.232. *A confesión fai proba contra o seu autor.*

Exceptúase o caso en que por ela se poida eludir o cumprimento das leis.

1.233. *A confesión non se pode dividir contra o que a fai, salvo cando se refira a feitos diferentes, ou cando unha parte da confesión estea probada por outros medios, ou cando nalgún extremo sexa contraria á natureza ou ás leis.*

1.234. *A confesión só perde a súa eficacia probando que ao facela se incorreu en erro de feito.*

1.235. *A confesión xudicial débese facer ante xuíz competente, baixo xuramento e estando constituído como parte nos autos aquel a quen debe aproveitar.*

1.236. *Cando se solicite a confesión xudicial baixo xuramento decisorio, a parte a quen se pida poderá referir o xuramento á contraria, e, se esta se negar a prestalo, terase por confesa.*

1.237. *Non se pode pedir xuramento decisorio sobre feitos punibles nin sobre cuestións acerca das cales as partes non poidan transixir.*

1.238. *A confesión prestada baixo xuramento decisorio, xa sexa deferido ou referido, só constitúe proba a favor ou en contra das partes que a el se someteron e dos seus herdeiros ou habentes causa.*

Non se admitirá proba sobre a falsidade do dito xuramento.

1.239. *A confesión extraxudicial considérase como un feito suxeito á apreciación dos tribunais segundo as regras establecidas sobre a proba.*

Sección 3.^a Da inspección persoal do xuíz

A Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil, derroga, no momento da súa entrada en vigor o 8 de xaneiro de 2001, os artigos 1.240 e 1.241, que integran esta sección.

1.240. *A proba de inspección persoal do xuíz só será eficaz en canto claramente permita ao tribunal apreciar, polas exterioridades da cousa inspeccionada, o feito que trate de indagar.*

1.241. *A inspección practicada por un xuíz poderá ser apreciada na sentenza que outro dite, sempre que o primeiro consignase con perfecta claridade na dilixencia os detalles e circunstancias da cousa inspeccionada.*

Sección 4.^a Da proba de peritos

A Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil, derroga, no momento da súa entrada en vigor o 8 de xaneiro de 2001, os artigos 1.242 e 1.243, que integran esta sección.

1.242. *Unicamente se poderá utilizar este medio de proba cando para apreciar os feitos sexan necesarios ou convenientes coñecementos científicos, artísticos ou prácticos.*

1.243. *O valor desta proba e a forma en que se deba practicar son obxecto das disposicións da Lei de axuízamento civil.*

A Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil, derroga, no momento da súa entrada en vigor o 8 de xaneiro de 2001, os artigos 1.244 a 1.248, que integran esta sección.

1.244. *A proba de testemuñas será admisible en todos os casos en que non estea expresamente prohibida.*

1.245. *Poderán ser testemuñas todas as persoas dun e outro sexo que non foren inhábiles por incapacidade natural ou disposición da lei.*

1.246. *Son inhábiles por incapacidade natural:*

- 1.º *Os loucos ou dementes.*
- 2.º *Os cegos e xordos, nas cousas cuxo coñecemento depende da vista e o oído.*
- 3.º *Os menores de catorce anos.*

1.247. *Son inhábiles por disposición da lei:*

- 1.º *Os que teñen interese directo no preito.*
- 2.º *Os ascendentes nos preitos dos descendentes, e estes nos daqueles.*
- 3.º *O sogro ou sogra nos preitos do xenro ou nora e viceversa.*
- 4.º *O marido nos preitos da muller e a muller nos do marido.*
- 5.º *Os que están obrigados a gardar segredo, polo seu estado ou profesión, nos asuntos relativos á súa profesión ou estado.*
- 6.º *Os especialmente inhabilitados para seren testemuñas en certos actos.*

O disposto nos números 2.º, 3º e 4.º non é aplicable aos preitos en que se trate de probar o nacemento ou defunción dos fillos ou calquera feito íntimo de familia que non sexa posible xustificar por outros medios.

1.248. *A forza probatoria das declaracións das testemuñas será apreciada polos tribunais conforme o establecido na Lei de axuízamento civil, coidando de evitar que pola simple coincidencia dalgúns testemuños, a menos que a*

1.249 *súa veracidade sexa evidente, fiquen definitivamente resol-
tos os negocios en que de ordinario adoitan intervir escritu-
ras, documentos privados ou algún principio de proba por
escrito.*

Sección 6.^a Das presuncións

*A Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil, derroga, no
momento da súa entrada en vigor o 8 de xaneiro de 2001, os arti-
gos 1.249 a 1.253, que integran esta sección.*

1.249. *As presuncións non son admisibles senón cando
o feito de que se deben deducir estea completamente acre-
ditado.*

1.250. *As presuncións que a lei establece dispensan de
toda proba os favorecidos por elas.*

1.251. *As presuncións establecidas pola lei pódense
destruír pola proba en contrario, excepto nos casos en que
aquela expresamente o prohiba.*

*Contra a presunción de que a cousa xulgada é verdade,
só será eficaz a sentenza gañada en xuízo de revisión.*

1.252. *Para que a presunción de cousa xulgada pro-
duza efecto noutro xuízo é necesario que, entre o caso resolto
pola sentenza e aquel en que esta sexa invocada, concorran a
máis perfecta identidade entre as cousas, as causas, as per-
soas dos litigantes e a calidade con que o foron.*

*Nas cuestións relativas ao estado civil das persoas e nas
de validez ou nulidade das disposicións testamentarias, a
presunción de cousa xulgada é eficaz contra terceiros, aínda
que non litigasen.*

*Enténdese que hai identidade de persoas sempre que os
litigantes do segundo preito sexan habentes causa dos que
contenderon no preito anterior ou estean unidos a eles por
vínculos de solidariedade ou polos que establece a indivisi-
bilidade das prestacións entre os que teñen dereito a exixilas
ou obrigación de satisfacelas.*

1.253. *Para que as presuncións non establecidas pola
lei sexan apreciables como medio de proba, é indispensable*

que entre o feito demostrado e aquel que se trate de deducir haxa un enlace preciso e directo segundo as regras do criterio humano. **1.259**

TÍTULO II

Dos contratos

CAPÍTULO PRIMEIRO

DISPOSICIÓN XERAIS

1.254. O contrato existe desde que unha ou varias persoas consenten en obrigarse, respecto doutra ou outras, a dar algunha cousa ou prestar algún servizo.

1.255. Os contratantes poden establecer os pactos, cláusulas e condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ás leis, á moral nin á orde pública.

1.256. A validez e o cumprimento dos contratos non se poden deixar ao arbitrio dun dos contratantes.

1.257. Os contratos só producen efecto entre as partes que os outorgan e os seus herdeiros, salvo, canto a estes, o caso en que os dereitos e obrigacións que proceden do contrato non sexan transmisibles, ou pola súa natureza, ou por pacto, ou por disposición da lei.

Se o contrato contiver algunha estipulación en favor dun terceiro, este poderá exixir o seu cumprimento, sempre que fixese saber a súa aceptación ao obrigado antes de que fose aquela revogada.

1.258. Os contratos perfecciónanse polo mero consentimento, e desde entón obrigan, non só ao cumprimento do expresamente pactado, senón tamén a todas as consecuencias que, segundo a súa natureza, sexan conformes coa boa fe, co uso e coa lei.

1.259. Ningún pode contratar a nome doutro sen estar por este autorizado ou sen que teña pola lei a súa representación legal.

1.260 O contrato subscrito a nome doutro por quen non teña a súa autorización ou representación legal será nulo, a non ser que o ratifique a persoa a cuxo nome se outorgue antes de ser revogado pola outra parte contratante.

1.260. Non se admitirá xuramento nos contratos. Se se fixer, terase por non posto.

CAPÍTULO II

DOS REQUISITOS ESENCIAIS PARA A VALIDEZ DOS CONTRATOS

Disposición xeral

1.261. Non hai contrato senón cando concorren os requisitos seguintes:

- 1.º Consentimento dos contratantes.
- 2.º Obxecto certo que sexa materia do contrato.
- 3.º Causa da obrigación que se estableza.

Sección 1.ª Do consentimento

1.262. O consentimento maniféstase polo concurso da oferta e da aceptación sobre a cousa e a causa que deben constituír o contrato.

De se encontraren en lugares distintos o que fixo a oferta e o que a aceptou, hai consentimento desde que o oferente coñece a aceptación ou desde que, téndolla remitido o aceptante, non a poida ignorar sen faltar á boa fe. O contrato, en tal caso, presúmese celebrado no lugar en que se fixo a oferta.

Nos contratos celebrados mediante dispositivos automáticos hai consentimento desde que se manifesta a aceptación.

Redactado conforme a Lei 34/2002, do 11 de xullo.

REDACCIÓN ORIXINARIA...—«O consentimento maniféstase polo concurso da oferta e da aceptación sobre a cousa e a causa que deben constituír o contrato.

A aceptación feita por carta non obriga o que fixo a oferta senón desde que chegou ao seu coñecemento. O contrato, en tal caso, presúmese celebrado no lugar en que se fixo a oferta.»

1.263. Non poden prestar consentimento:

1.267

1.º Os menores non emancipados.

2.º Os incapacitados.

Redactado conforme a Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro.

REDACCIÓN ORIXINARIA...—«Non poden prestar consentimento:

1.º Os menores non emancipados.

2.º Os loucos ou dementes e os xordomudos que non saiban escribir.

3.º As mulleres casadas nos casos expresados pola lei.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI 14/1975, DO 2 DE MAIO.—«Non poden prestar consentimento:

1.º Os menores non emancipados.

2.º Os loucos ou dementes e os xordomudos que non saiban escribir.»

1.264. A incapacidade declarada no artigo anterior está suxeita ás modificacións que a lei determina, e enténdese sen prexuízo das incapacidades especiais que esta establece.

1.265. Será nulo o consentimento prestado por erro, violencia, intimidación ou dolo.

1.266. Para que o erro invalide o consentimento, deberá recaer sobre a substancia da cousa que for obxecto do contrato, ou sobre aquelas condicións dela que principalmente deseen motivo a celebralo.

O erro sobre a persoa só invalidará o contrato cando a consideración a ela fose a causa principal deste.

O simple erro de conta só dará lugar á súa corrección.

1.267. Hai violencia cando para arrincar o consentimento se emprega unha forza irresistible.

Hai intimidación cando se inspira a un dos contratantes o temor racional e fundado de sufrir un mal inminente e grave na súa persoa ou bens, ou na persoa ou bens do seu cónxuxe, descendentes ou ascendentes.

Para cualificar a intimidación débese atender á idade e á condición da persoa.

1.268 O temor de desagradar as persoas ás cales se debe submisión e respecto non anulará o contrato.

Redactado conforme a Lei 11/1990, do 15 de outubro.

REDACCIÓN ORIXINARIA...—«Hai violencia cando para arrincar o consentimento se emprega unha forza irresistible.

Hai intimidación cando se inspira a un dos contratantes o temor racional e fundado de sufrir un mal inminente e grave na súa persoa ou bens, ou na persoa ou bens do seu cónxuxe, descendentes ou ascendentes.

Para cualificar a intimidación debe atenderse á idade, ao sexo e á condición da persoa.

O temor de desagradar as persoas ás cales se debe submisión e respecto non anulará o contrato.»

1.268. A violencia ou intimidación anularán a obriga-
ción, mesmo que fosen empregadas por un terceiro que non
interveña no contrato.

1.269. Hai dolo cando, con palabras ou maquinacións
insidiosas de parte dun dos contratantes, é inducido o outro a
celebrar un contrato que, sen elas, non tería feito.

1.270. Para que o dolo produza a nulidade dos contra-
tos, deberá ser grave e non ter sido empregado polas dúas
partes contratantes.

O dolo incidental só obriga o que o empregou a indemni-
zar danos e perdas.

Sección 2.^a Do obxecto dos contratos

1.271. Poden ser obxecto de contrato todas as cousas
que non están fóra do comercio dos homes, mesmo as futu-
ras.

Sobre a herdanza futura non se poderá, porén, celebrar
outros contratos que aqueles que teñan por obxecto practicar
entre vivos a división dunha herdanza e outras disposicións
particionais, conforme o disposto no artigo 1.056.

Poden ser igualmente obxecto de contrato todos os servi-
zos que non sexan contrarios ás leis ou aos bos costumes.

Redactado conforme a Lei 7/2003, do 1 de abril.

REDACCIÓN ORIXINARIA...—«Poden ser obxecto de contrato todas as
cousas que non están fóra do comercio dos homes, mesmo as futuras.

Sobre a herdanza futura non se poderá, porén, celebrar outros contratos que aqueles que teñan por obxecto participar entre vivos a división dunha herdanza conforme o artigo 1.056.

Poden ser igualmente obxecto de contrato todos os servizos que non sexan contrarios ás leis ou aos bos costumes.»

1.272. Non poderán ser obxecto de contrato as cousas ou servizos imposibles.

1.273. O obxecto de todo contrato debe ser unha cousa determinada canto á súa especie. A indeterminación na cantidade non será obstáculo para a existencia do contrato, sempre que sexa posible determinala sen necesidade de novo convenio entre os contratantes.

Sección 3.^a Da causa dos contratos

1.274. Nos contratos onerosos enténdese por causa, para cada parte contratante, a prestación ou promesa dunha cousa ou servizo pola outra parte; nos remuneratorios, o servizo ou beneficio que se remunera, e nos de pura beneficencia, a mera liberalidade do benfeitor.

1.275. Os contratos sen causa, ou con causa ilícita, non producen efecto ningún. É ilícita a causa cando se opón ás leis ou á moral.

1.276. A expresión dunha causa falsa nos contratos dará lugar á nulidade, de non se probar que estaban fundados noutra verdadeira e lícita.

1.277. Aínda que a causa non se exprese no contrato, presúmese que existe e que é lícita mentres o debedor non probe o contrario.

CAPÍTULO III

DA EFICACIA DOS CONTRATOS

1.278. Os contratos serán obrigatorios, calquera que sexa a forma en que se celebren, sempre que neles concorran as condicións esenciais para a súa validez.

1.279. Se a lei exixir o outorgamento de escritura ou outra forma especial para facer efectivas as obrigacións propias dun contrato, os contratantes poderán compelerse reciprocamente a aplicar aquela forma desde que interviñese o consentimento e demais requisitos necesarios para a súa validez.

1.280. Deberán constar en documento público:

1.º Os actos e contratos que teñan por obxecto a creación, transmisión, modificación ou extinción de dereitos reais sobre bens inmóbles.

2.º Os arrendamentos destes mesmos bens por seis ou máis anos, sempre que deban prexudicar terceiro.

3.º As capitulacións matrimoniais e as súas modificacións.

4.º A cesión, repudiación e renuncia dos dereitos hereditarios ou dos da sociedade conxugal.

5.º O poder para contraer matrimonio, o xeral para preitos e os especiais que deban presentarse en xuízo; o poder para administrar bens, e calquera outro que teña por obxecto un acto redactado ou que se deba redactar en escritura pública, ou deba prexudicar terceiro.

6.º A cesión de accións ou dereitos procedentes dun acto consignado en escritura pública.

Tamén se deberán facer constar por escrito, aínda que sexa privado, os demais contratos en que a contía das prestacións dun ou dos dous contratantes exceda as 1.500 pesetas.

Redactado conforme a Lei 11/1981, do 13 de maio.

REDACCIÓN ORIXINARIA...—«Deberán constar en documento público:

1.º Os actos e contratos que teñan por obxecto a creación, transmisión, modificación ou extinción de dereitos reais sobre bens inmóbles.

2.º Os arrendamentos destes mesmos bens por seis ou máis anos, sempre que deban prexudicar terceiro.

3.º As capitulacións matrimoniais e a constitución e aumento do dote, sempre que se intente facelos valer contra terceiras persoas.

4.º A cesión, repudiación e renuncia dos dereitos hereditarios ou dos da sociedade conxugal.

5.º O poder para contraer matrimonio, o xeral para preitos e os especiais que se deban presentar en xuízo; o poder para administrar bens, e de calquera outro que teña por obxecto un acto redactado ou que se deba redactar en escritura pública, ou deba prexudicar terceiro.

6.º A cesión de accións ou dereitos procedentes dun acto consignado en escritura pública.

1.288

Tamén se deberán facer constar por escrito, aínda que sexa privado, os demais contratos en que a contía das prestacións dun ou dos dous contratantes exceda as 1.500 pesetas.»

CAPÍTULO IV

DA INTERPRETACIÓN DOS CONTRATOS

1.281. Se os termos dun contrato son claros e non deixan dúbida sobre a intención dos contratantes, obsérvase o sentido literal das súas cláusulas.

Se as palabras pareceren contrarias á intención evidente dos contratantes, prevalecerá esta sobre aquelas.

1.282. Para xulgar a intención dos contratantes, débese atender principalmente aos actos destes, coetáneos e posteriores ao contrato.

1.283. Calquera que sexa a xeneralidade dos termos dun contrato, non deberán entenderse comprendidos nel cousas distintas e casos diferentes daqueles sobre os cales os interesados se propuxeron contratar.

1.284. Se algunha cláusula dos contratos admitir diversos sentidos, deberase entender no máis adecuado para que produza efecto.

1.285. As cláusulas dos contratos deberanse interpretar as unhas polas outras, atribuíndo ás dubidosas o sentido que resulte do conxunto de todas.

1.286. As palabras que poidan ter distintas acepcións serán entendidas naquela que sexa máis conforme coa natureza e obxecto do contrato.

1.287. O uso ou o costume do país teranse en conta para interpretar as ambigüidades dos contratos, suplando nestes a omisión de cláusulas que de ordinario se adoitan establecer.

1.288. A interpretación das cláusulas escuras dun contrato non deberá favorecer a parte que ocasionase a escuridade.

1.289. Cando for absolutamente imposible resolver as dúbidas polas regras establecidas nos artigos precedentes, se aquelas recaen sobre circunstancias accidentais do contrato, e este for gratuito, resolveranse en favor da menor transmisión de dereitos e intereses. Se o contrato for oneroso, a dúbida resolverase en favor da maior reciprocidade de intereses.

Se as dúbidas de cuxa resolución se trata neste artigo recaeren sobre o obxecto principal do contrato, de sorte que non se poida chegar ao coñecemento de cal foi a intención ou vontade dos contratantes, o contrato será nulo.

CAPÍTULO V

DA RESCISIÓN DOS CONTRATOS

1.290. Os contratos validamente celebrados pódense rescindir nos casos establecidos pola lei.

1.291. Son rescindibles:

1.º Os contratos que puideren celebrar os titores sen autorización xudicial, sempre que as persoas que representen sufrisen lesión en máis da cuarta parte do valor das cousas que fosen obxecto daqueles.

2.º Os celebrados en representación dos ausentes, sempre que estes sufrisen a lesión a que se refire o número anterior.

3.º Os celebrados en fraude de acredores, cando estes non poidan doutro modo cobrar o que se lles deba.

4.º Os contratos que se refiran a cousas litixiosas, cando fosen celebrados polo demandado sen coñecemento e aprobación das partes litigantes ou da autoridade xudicial competente.

5.º Calquera outro en que especialmente o determine a lei.

Redactado conforme a Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro.

REDACCIÓN ORIXINARIA...—«Son rescindibles:

1.º Os contratos que puideren celebrar os titores sen autorización do consello de familia, sempre que as persoas que representan sufrisen

lesión en máis da cuarta parte do valor das cousas que fosen obxecto daqueles.

1.297

2.º Os celebrados en representación dos ausentes, sempre que estes sufrisen a lesión a que se refire o número anterior.

3.º Os celebrados en fraude de acredores, cando estes non poidan doutro modo cobrar o que se lles deba.

4.º Os contratos que se refiran a cousas litixiosas, cando fosen celebrados polo demandado sen coñecemento e aprobación das partes litigantes ou da autoridade xudicial competente.

5.º Calquera outro en que especialmente o determine a lei.»

1.292. Son tamén rescindibles os pagamentos feitos en estado de insolvencia por conta de obrigacións a cuxo cumprimento non podería ser compelido o debedor no momento de facelos.

1.293. Ningún contrato se rescindirá por lesión, fóra dos casos mencionados nos números 1º e 2.º do artigo 1.291.

1.294. A acción de rescisión é subsidiaria; non se poderá exercer senón cando o prexudicado careza de todo outro recurso legal para obter a reparación do prexuízo.

1.295. A rescisión obriga á devolución das cousas que foron obxecto do contrato cos seus froitos, e do prezo cos seus xuros; en consecuencia, só se poderá levar a efecto cando o que a pretendese poida devolver aquilo a que, pola súa parte, estivese obrigado.

Tampouco terá lugar a rescisión cando as cousas obxecto do contrato se encontraren legalmente en poder de terceiras persoas que non procedesen de má fe.

Neste caso poderase reclamar a indemnización de prexuízos ao causante da lesión.

1.296. A rescisión de que trata o número 2.º do artigo 1.291 non terá lugar respecto dos contratos celebrados con autorización xudicial.

1.297. Presúmense celebrados en fraude de acredores todos aqueles contratos en virtude dos cales o debedor allear bens a título gratuito.

Tamén se presumen fraudulentos os alleamentos a título oneroso, feitos por aquelas persoas contra as cales se pro-

1.298 nunciase antes sentenza condenatoria en calquera instancia ou se expedise mandamento de embargo de bens.

1.298. O que adquirise de má fe as cousas alleadas en fraude de acredores, deberá indemnizar estes dos danos e perdas que o alleamento lles ocasionase, sempre que por calquera causa lle for imposible devolvelas.

1.299. A acción para pedir a rescisión dura catro anos.

Para as persoas suxeitas a tutela e para os ausentes, os catro anos non comezarán até ter cesado a incapacidade dos primeiros, ou ser coñecido o domicilio dos segundos.

CAPÍTULO VI

DA NULIDADE DOS CONTRATOS

1.300. Os contratos en que concorran os requisitos que expresa o artigo 1.261 poden ser anulados, aínda que non haxa lesión para os contratantes, sempre que padezan algún dos vicios que os invalidan consonte a lei.

1.301. A acción de nulidade só durará catro anos. Este tempo comezará a correr:

Nos casos de intimidación ou violencia, desde o día en que estas cesasen.

Nos de erro, ou dolo, ou falsidade da causa, desde a consumación do contrato.

Cando a acción se refira aos contratos celebrados polos menores ou incapacitados, desde que saíren de tutela.

Se a acción se dirixir a invalidar actos ou contratos realizados por un dos cónxuxes sen consentimento do outro, cando este consentimento for necesario, desde o día da disolución da sociedade conxugal ou do matrimonio salvo que antes tivese coñecemento suficiente do dito acto ou contrato.

Redactado conforme a Lei 14/1975, do 2 de maio.

REDACCIÓN ORIXINARIA...—«A acción de nulidade só durará catro anos. Este tempo comezará a correr:

Nos casos de intimidación ou violencia, desde o día en que estas cesasen.

Nos de erro, ou dolo, ou falsidade da causa, desde a consumación do contrato.

Cando a acción se dirixa a invalidar contratos feitos por muller casada, sen licenza ou autorización competente, desde o día da disolución do matrimonio.

E cando se refira aos contratos celebrados polos menores ou incapacitados, desde que saíren de tutela.»

1.302. Poden exercer a acción de nulidade dos contratos os obrigados principal ou subsidiariamente en virtude deles. As persoas capaces non poderán, no entanto, alegar a incapacidade daqueles con que contrataron; nin os que causaron a intimidación ou violencia, ou empregaron o dolo ou produciron o erro poderán fundar a súa acción nestes vicios do contrato.

1.303. Declarada a nulidade dunha obrigación, os contratantes deben restituírse reciprocamente as cousas que fosen materia do contrato, cos seus froitos, e o prezo cos xuros, salvo o que se dispón nos artigos seguintes.

1.304. Cando a nulidade proceda da incapacidade dun dos contratantes, non está obrigado o incapaz a restituír senón en canto se enriqueceu coa cousa ou prezo que recibiu.

1.305. Cando a nulidade proveña de ser ilícita a causa ou obxecto do contrato, se o feito constitúe un delito ou falta común a ambos os contratantes, carecerán de toda acción entre si, e procederase contra eles, dándose, ademais, ás cousas ou prezo que fosen materia do contrato, a aplicación establecida no Código penal respecto aos efectos ou instrumentos do delito ou falta.

Esta disposición é aplicable ao caso en que só houber delito ou falta de parte dun dos contratantes; mais o non culpado poderá reclamar o que dese, e non estará obrigado a cumprir o que prometese.

1.306. Se o feito en que consiste a causa torpe non constituír delito nin falta, observaranse as regras seguintes:

1.^a Cando a culpa estea de parte de ambos os contratantes, ningún deles poderá repetir o que dese en virtude do

1.307 contrato, nin reclamar o cumprimento do que o outro ofrecese.

2.^a Cando estea de parte dun só contratante, non poderá este repetir o que dese en virtude do contrato, nin pedir o cumprimento do que se lle ofrecese. O outro, que for extraño á causa torpe, poderá reclamar o que dese, sen obrigación de cumprir o que ofrecese.

1.307. Sempre que o obrigado pola declaración de nulidade á devolución da cousa non poida devolvela por terse perdido, deberá restituír os froitos percibidos e o valor que tiña a cousa cando se perdeu, cos xuros desde a mesma data.

1.308. Mentres un dos contratantes non realice a devolución daquilo a que en virtude da declaración de nulidade estea obrigado, non pode o outro ser compelido a cumprir pola súa parte o que lle incumba.

1.309. A acción de nulidade fica extinguida desde o momento en que o contrato fose confirmado validamente.

1.310. Soamente son confirmables os contratos que reúnan os requisitos expresados no artigo 1.261.

1.311. A confirmación pode facerse expresa ou tacitamente. Entenderase que hai confirmación tácita cando, con coñecemento da causa de nulidade, e tendo esta cesado, o que teña dereito a invocala execute un acto que implique necesariamente a vontade de renunciola.

1.312. A confirmación non necesita o concurso daquel dos contratantes a quen non corresponda exercer a acción de nulidade.

1.313. A confirmación purifica o contrato dos vicios de que padecese desde o momento da súa celebración.

1.314. Tamén se extinguirá a acción de nulidade dos contratos cando a cousa obxecto destes se perdesse por dolo ou culpa do que puiden exercer aquela.

Se a causa da acción for a incapacidade dalgún dos contratantes, a perda da cousa non será obstáculo para que a

acción prevaleza, a menos que ocorrese por dolo ou culpa do reclamante despois de ter adquirido a capacidade. **1.318**

TÍTULO III

Do réxime económico matrimonial

Redactada a totalidade do articulado deste título, os seus capítulos e rúbricas, coas particularidades que se indican, conforme a Lei 11/1981, do 13 de maio.

CAPÍTULO PRIMEIRO

DISPOSICIÓNS XERAIS

1.315. O réxime económico do matrimonio será o que os cónxuxes estipulen en capitulacións matrimoniais, sen outras limitacións que as establecidas neste código.

1.316. Na falta de capitulacións ou cando estas sexan ineficaces, o réxime será o da sociedade de gananciais.

1.317. A modificación do réxime económico matrimonial realizada durante o matrimonio non prexudicará en ningún caso os dereitos xa adquiridos por terceiros.

1.318. Os bens dos cónxuxes están suxeitos ao levantamento das cargas do matrimonio.

Cando un dos cónxuxes incumprir o seu deber de contribuír ao levantamento destas cargas, o xuíz, por instancia do outro, ditará as medidas cautelares que coide conveniente a fin de asegurar o seu cumprimento e os anticipos necesarios ou prover ás necesidades futuras.

Cando un cónxuxe careza de bens propios suficientes, os gastos necesarios causados en litixios que sosteña contra o outro cónxuxe sen mediar má fe ou temeridade, ou contra terceiro se redundan en proveito da familia, serán a cargo do patrimonio común e, faltando este, sufragaranse á custa dos bens propios do outro cónxuxe cando a posición económica deste impida ao primeiro, por imperativo da Lei de axuízamento civil, a obtención do beneficio de xustiza gratuíta.

1.319. Calquera dos cónxuxes poderá realizar os actos encamiñados a atender ás necesidades ordinarias da familia, encomendadas ao seu coidado, conforme o uso do lugar e as circunstancias desta.

Das débedas contraídas no exercicio desta potestade responderán solidariamente os bens comúns e os do cónxuxe que contraía a débeda e, subsidiariamente, os do outro cónxuxe.

O que achegar bens propios para satisfacción de tales necesidades terá dereito a ser reintegrado de conformidade co seu réxime matrimonial.

1.320. Para dispor dos dereitos sobre a vivenda habitual e os mobles de uso ordinario da familia, aínda que tales dereitos pertencen a un só dos cónxuxes, requirirase o consentimento de ambos ou, se for o caso, autorización xudicial.

A manifestación errónea ou falsa do dispoñente sobre o carácter da vivenda non prexudicará o adquirente de boa fe.

1.321. Falecido un dos cónxuxes, as roupas, o mobiliario e utensilios que constitúan o enxoval da vivenda habitual común dos esposos entregaranse ao que sobreviva, sen computarllo no seu haber.

Non se entenderán comprendidos no enxoval as alfaías, obxectos artísticos, históricos e outros de extraordinario valor.

1.322. Cando a lei requira para un acto de administración ou disposición que un dos cónxuxes actúe co consentimento do outro, os realizados sen el e que non fosen expresa ou tacitamente confirmados poderán ser anulados por instancia do cónxuxe cuxo consentimento se omitise ou dos seus herdeiros.

Non obstante, serán nulos os actos a título gratuíto sobre bens comúns se falta, en tales casos, o consentimento do outro cónxuxe.

1.323. Os cónxuxes poderanse transmitir por calquera título bens e dereitos e celebrar entre si toda clase de contratos.

Redactado conforme a Lei 13/2005, do 1 de xullo.

1.324. Para probar entre cónxuxes que determinados bens son propios dun deles, será bastante a confesión do outro, mais tal confesión por si soa non prexudicará os herdeiros forzosos do confesante, nin os acredores, sexan da comunidade ou de cada un dos cónxuxes. **1.331**

CAPÍTULO II

DAS CAPITULACIÓNS MATRIMONIAIS

1.325. En capitulacións matrimoniais poderán os outorgantes estipular, modificar ou substituír o réxime económico do seu matrimonio ou calquera outra disposición por razón deste.

1.326. As capitulacións matrimoniais poderanse outorgar antes ou despois de celebrado o casamento.

1.327. Para a súa validez, as capitulacións deberán constar en escritura pública.

1.328. Será nula calquera estipulación contraria ás leis ou aos bos costumes ou limitativa da igualdade de dereitos que corresponde a cada cónxuxe.

1.329. O menor non emancipado que consonte a lei poida casar poderá outorgar capitulacións, mais necesitará o concurso e consentimento dos seus pais ou titor, salvo que se limite a pactar o réxime de separación ou o de participación.

Redactado conforme a Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro.

1.330. O incapacitado xudicialmente só poderá outorgar capitulacións matrimoniais coa asistencia dos seus pais, titor ou curador.

Redactado conforme a Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro.

1.331. Para que sexa válida a modificación das capitulacións matrimoniais, deberase realizar coa asistencia e concurso das persoas que interviñeron nestas como outorgantes se viviren e a modificación afectar dereitos concedidos por tales persoas.

1.332. A existencia de pactos modificativos de anteriores capitulacións indicárase mediante nota na escritura que conteña a anterior estipulación, e o notario farao constar nas copias que expida.

1.333. En toda inscrición de casamento no rexistro civil farase mención, se for o caso, das capitulacións matrimoniais que se outorgasen, ben como dos pactos, resolucións xudiciais e demais feitos que modifiquen o réxime económico do matrimonio. Se aqueles ou estes afectaren inmobles, anotárase no rexistro da propiedade, na forma e para os efectos previstos na Lei hipotecaria.

1.334. Todo o que se estipule en capitulacións baixo o suposto de futuro casamento ficará sen efecto no caso de non se contraer no prazo dun ano.

1.335. A invalidez das capitulacións matrimoniais rexe-rase polas regras xerais dos contratos. As consecuencias da anulación non prexudicarán terceiros de boa fe.

CAPÍTULO III

DAS DOAZÓNS POR RAZÓN DE CASAMENTO

1.336. Son doazóns por razón de casamento as que calquera persoa fai, antes de celebrarse, en consideración a el e en favor de un ou dos dous esposos.

1.337. Estas doazóns réxense polas regras ordinarias en canto non sexan modificadas polos artigos seguintes.

1.338. O menor non emancipado que, consonte a lei, poida casar, tamén pode, en capitulacións matrimoniais ou fóra delas, facer doazóns por razón do seu casamento, coa autorización dos seus pais ou do titor. Para aceptalas, observárase o disposto no título II do libro III deste código.

Redactado conforme a Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro.

1.339. Os bens doados conxuntamente aos esposos pertencerán a ambos en *pro indiviso* ordinario e por partes iguais, salvo que o doador dispuxese outra cousa.

1.340. O que der ou prometer por razón de casamento só estará obrigado ao saneamento por evicción ou vicios ocultos se actuou con má fe. **1.344**

1.341. Por razón de casamento os futuros esposos poderanse doar bens presentes.

Igualmente, poderanse doar antes do casamento en capitulacións bens futuros, só para o caso de morte, e na medida marcada polas disposicións referentes á sucesión testada.

1.342. Ficarán sen efecto as doazóns por razón de casamento se non se chegar a contraer no prazo dun ano.

1.343. Estas doazóns serán revogables polas causas comúns, excepto a supervivencia ou superveniencia de fillos.

Nas outorgadas por terceiros, reputarase incumprimento de cargas, ademais de calquera outra específica a que puiden terse subordinado a doazón, a anulación do casamento por calquera causa, a separación e o divorcio se ao cónxuxe donatario lle foren imputables, segundo a sentenza, os feitos que os causaron.

Nas outorgadas polos contraentes, reputarase incumprimento de cargas, alén das específicas, a anulación do casamento se o donatario obrou de má fe. Considerarase ingratidade, ademais dos supostos legais, que o donatario incorra en causa de desherdamento do artigo 855 ou lle sexa imputable, segundo a sentenza, a causa de separación ou divorcio.

CAPÍTULO IV

DA SOCIEDADE DE GANANCIAIS

Sección 1.^a Disposicións xerais

1.344. Mediante a sociedade de gananciais fanse comúns para os cónxuxes as ganancias ou beneficios obtidos indistintamente por calquera deles, que lles serán atribuídos por metade ao disolverse aquela.

Redactado conforme a Lei 13/2005, do 1 de xullo.

1.345. A sociedade de gananciais comezará no momento da celebración do casamento ou, posteriormente, no momento de se pactar en capitulacións.

Sección 2.^a Dos bens privativos e comúns

1.346. Son privativos de cada un dos cónxuxes:

1.º Os bens e dereitos que lle pertencesen ao comezar a sociedade.

2.º Os que adquira despois por título gratuito.

3.º Os adquiridos á custa ou en substitución de bens privativos.

4.º Os adquiridos por dereito de retracto pertencente a un só dos cónxuxes.

5.º Os bens e dereitos patrimoniais inherentes á persoa e os non transmisibles *inter vivos*.

6.º O resarcimento por danos inferidos á persoa dun dos cónxuxes ou aos seus bens privativos.

7.º As roupas e obxectos de uso persoal que non sexan de extraordinario valor.

8.º Os instrumentos necesarios para o exercicio da profesión ou oficio, salvo cando estes sexan parte integrante ou pertenzas dun establecemento ou explotación de carácter común.

Os bens mencionados nos números 4º e 8.º non perderán o seu carácter de privativos polo feito de que a súa adquisición se realizase con fondos comúns; mais neste caso a sociedade será acreedora do cónxuxe propietario polo valor satisfeito.

1.347. Son bens gananciais:

1.º Os obtidos polo traballo ou a industria de calquera dos cónxuxes.

2.º Os froitos, rendas ou xuros que produzan tanto os bens privativos como os gananciais.

3.º Os adquiridos a título oneroso á custa do patrimonio común, ben se faga a adquisición para a comunidade, ben para un só dos esposos.

4.º Os adquiridos por dereito de retracto de carácter ganancial, mesmo cando o fosen con fondos privativos, caso

en que a sociedade será debedora do cónxuxe polo valor **1.353** satisfeito.

5.º As empresas e establecementos fundados durante a vixencia da sociedade por un calquera dos cónxuxes a expensas dos bens comúns. Se á formación da empresa ou establecemento concorren capital privativo e capital común, aplicarase o disposto no artigo 1.354.

1.348. Sempre que pertenza privativamente a un dos cónxuxes unha cantidade ou crédito pagadoiros en certo número de anos, non serán gananciais as sumas que se cobren nos prazos vencidos durante o matrimonio, senón que se estimarán capital dun ou doutro cónxuxe, segundo a quen pertenza o crédito.

Redactado conforme a Lei 13/2005, do 1 de xullo.

1.349. O dereito de usufruto ou de pensión pertencente a un dos cónxuxes formará parte dos seus bens propios; mais os froitos, pensións ou xuros producidos durante o matrimonio serán gananciais.

1.350. Reputaranse gananciais as cabezas de gando que ao disolverse a sociedade excedan o número achegado por cada un dos cónxuxes con carácter privativo.

1.351. As ganancias obtidas por calquera dos cónxuxes no xogo ou as procedentes doutras causas que eximan da restitución pertencerán á sociedade de gananciais.

Redactado conforme a Lei 13/2005, do 1 de xullo.

1.352. As novas accións ou outros títulos ou participacións sociais subscritos como consecuencia da titularidade doutros privativos serán tamén privativos. Tamén o serán as cantidades obtidas polo alleamento do dereito a subscribir.

Se para o pagamento da subscrición se utilizaren fondos comúns ou se emitiren as accións con cargo aos beneficios, reembolsarase o valor satisfeito.

1.353. Os bens doados ou deixados en testamento aos cónxuxes conxuntamente e sen especial designación de partes, constante a sociedade, entenderanse gananciais, sempre

1.354 que a liberalidade for aceptada por ambos e o doador ou testador non dispuxese o contrario.

1.354. Os bens adquiridos mediante prezo ou contraprestación, en parte ganancial e en parte privativo, corresponderán *pro indiviso* á sociedade de gananciais e ao cónxuxe ou cónxuxes en proporción ao valor das achegas respectivas.

1.355. Poderán os cónxuxes, de común acordo, atribuír a condición de gananciais aos bens que adquiran a título oneroso durante o matrimonio, calquera que sexa a procedencia do prezo ou contraprestación e a forma e prazos en que se satisfaga.

Se a adquisición se fixer en forma conxunta e sen atribución de cotas, presumirase a súa vontade favorable ao carácter ganancial de tales bens.

1.356. Os bens adquiridos por un dos cónxuxes, constante a sociedade, por prezo adiado, terán natureza ganancial se o primeiro desembolso tiver tal carácter, aínda que os prazos restantes se satisfagan con diñeiro privativo. Se o primeiro desembolso tiver carácter privativo, o ben será desta natureza.

1.357. Os bens comprados a prazos por un dos cónxuxes antes de comezar a sociedade terán sempre carácter privativo, aínda que a totalidade ou parte do prezo adiado se satisfaga con diñeiro ganancial.

Exceptúanse a vivenda e enxoval familiares, respecto dos cales se aplicará o artigo 1.354.

1.358. Cando, conforme este código, os bens sexan privativos ou gananciais, con independencia da procedencia do diñeiro con que a adquisición se realice, deberá reembolsarse o valor satisfeito á custa, respectivamente, do patrimonio común ou do propio, mediante o reintegro do seu importe actualizado no momento da liquidación.

1.359. As edificacións, plantacións e calquera outra benfeitoría que se realice nos bens gananciais e nos privati-

vos terán o carácter correspondente aos bens a que afecten, **1.363**
sen prexuízo do reembolso do valor satisfeito.

Non obstante, se a benfeitoría feita en bens privativos for debida ao investimento de fondos comúns ou á actividade de calquera dos cónxuxes, a sociedade será acreedora do aumento do valor que os bens teñan como consecuencia da benfeitoría, no momento da disolución da sociedade ou do alleamento do ben mellorado.

1.360. As mesmas regras do artigo anterior se aplicarán aos incrementos patrimoniais incorporados a unha explotación, establecemento mercantil ou outro xénero de empresa.

1.361. Presúmense gananciais os bens existentes no matrimonio mentres non se probe que pertencen privativamente a un dos dous cónxuxes.

Redactado conforme a Lei 13/2005, do 1 de xullo.

Sección 3.^a Das cargas e obrigacións da sociedade de gananciais

1.362. Serán por conta da sociedade de gananciais os gastos que se orixinen por algunha das seguintes causas:

1.^a O sostemento da familia, a alimentación e educación dos fillos comúns e as atencións de previsión acomodadas aos usos e ás circunstancias da familia.

A alimentación e educación dos fillos dun só dos cónxuxes correrá a cargo da sociedade de gananciais cando convivan no lar familiar. En caso contrario, os gastos derivados destes conceptos serán sufragados pola sociedade de gananciais, mais darán lugar a reintegro no momento da liquidación.

2.^a A adquisición, tenza e desfrute dos bens comúns.

3.^a A administración ordinaria dos bens privativos de calquera dos cónxuxes.

4.^a A explotación regular dos negocios ou o desempeño da profesión, arte ou oficio de cada cónxuxe.

1.363. Serán tamén por conta da sociedade as cantidades doadas ou prometidas por ambos os cónxuxes de común

1.364 acordo, cando non pactasen que deban satisfacerse cos bens privativos dun deles en todo ou en parte.

1.364. O cónxuxe que achegase bens privativos para os gastos ou pagamentos que sexan por conta da sociedade terá dereito a ser reintegrado do valor á custa do patrimonio común.

1.365. Os bens gananciais responderán directamente fronte ao acredor das débedas contraídas por un cónxuxe:

1.º No exercicio da potestade doméstica ou da xestión ou disposición de gananciais, que por lei ou por capítulos lle corresponda.

2.º No exercicio ordinario da profesión, arte ou oficio ou na administración ordinaria dos propios bens. Se un dos cónxuxes for comerciante, observarase o disposto no Código de comercio.

O parágrafo segundo deste artigo foi redactado conforme a Lei 13/2005, do 1 de xullo.

1.366. As obrigacións extracontractuais dun cónxuxe consecuencia da súa actuación en beneficio da sociedade conxugal ou no ámbito da administración dos bens serán da responsabilidade e cargo daquela, salvo se foren debidas a dolo ou culpa grave do cónxuxe debedor.

1.367. Os bens gananciais responderán en todo caso das obrigacións contraídas polos dous cónxuxes conxuntamente ou por un deles co consentimento expreso do outro.

1.368. Tamén responderán os bens gananciais das obrigacións contraídas por un só dos cónxuxes en caso de separación de feito para atender aos gastos de sostemento, previsión e educación dos fillos que estean a cargo da sociedade de gananciais.

1.369. Das débedas dun cónxuxe que sexan, ademais, débedas da sociedade responderán tamén solidariamente os bens desta.

1.370. Polo prezo adiado do ben ganancial adquirido por un cónxuxe sen o consentimento do outro responderá sempre o ben adquirido, sen prexuízo da responsabilidade doutros bens segundo as regras deste código. **1.375**

1.371. O perdido e pago durante o matrimonio por algún dos cónxuxes en calquera clase de xogo non diminuírá a súa parte respectiva dos gananciais sempre que o importe daquela perda puiden considerarse moderada consonte o uso e circunstancias da familia.

1.372. Do perdido e non pago por algún dos cónxuxes nos xogos en que a lei concede acción para reclamar o que se gañe responden exclusivamente os bens privativos do debedor.

1.373. Cada cónxuxe responde co seu patrimonio persoal das débedas propias e, se os seus bens privativos non foren suficientes para facelas efectivas, o acredor poderá pedir o embargo de bens gananciais, que será inmediatamente notificado ao outro cónxuxe, e este poderá exixir que na traba se substitúan os bens comúns pola parte que ten o cónxuxe debedor na sociedade conxugal, caso en que o embargo levará consigo a disolución daquela.

Se se realizar a execución sobre bens comúns, reputarase que o cónxuxe debedor ten recibido á conta da súa participación o valor daqueles no momento en que os aboe con outros bens propios ou no momento de liquidación da sociedade conxugal.

1.374. Após a disolución a que se refire o artigo anterior, aplicarase o réxime de separación de bens, salvo que, no prazo de tres meses, o cónxuxe do debedor opte en documento público polo comezo dunha nova sociedade de gananciais.

Sección 4.^a Da administración da sociedade de gananciais

1.375. Na falta de pacto en capitulacións, a xestión e disposicións dos bens gananciais corresponde conxunta-

1.376 mente aos cónxuxes, sen prexuízo do que se determina nos artigos seguintes.

1.376. Cando na realización de actos de administración for necesario o consentimento de ambos os cónxuxes e un se achar impedido para prestalo, ou se negar inxustificadamente a isto, poderá o xuíz suplilo, de encontrar fundada a petición.

1.377. Para realizar actos de disposición a título oneroso sobre bens gananciais requirirase o consentimento de ambos os cónxuxes.

Se un o negar ou estiver impedido para prestalo, poderá o xuíz, precedendo información sumaria, autorizar un ou varios actos dispositivos cando o considere de interese para a familia. Excepcionalmente acordará as limitacións ou cautelas que ache convenientes.

1.378. Serán nulos os actos a título gratuíto se non concorre o consentimento de ambos os cónxuxes. No entanto, poderá cada un deles realizar cos bens gananciais liberalidades de uso.

1.379. Cada un dos cónxuxes poderá dispor por testamento da metade dos bens gananciais.

1.380. A disposición testamentaria dun ben ganancial producirá todos os seus efectos se for adxudicado á herdanza do testador. En caso contrario entenderase legado o valor que tiver no momento do falecemento.

1.381. Os froitos e ganancias dos patrimonios privativos e as ganancias de calquera dos cónxuxes forman parte do haber da sociedade e están suxeitos ás cargas e responsabilidades da sociedade de gananciais. No entanto, cada cónxuxe, como administrador do seu patrimonio privativo, poderá, só para este efecto, dispor dos froitos e produtos dos seus bens.

1.382. Cada cónxuxe poderá, sen o consentimento do outro, mais sempre co seu coñecemento, tomar como anticipo o numerario ganancial que lle sexa necesario, de acordo

cos usos e circunstancias da familia, para o exercicio da súa **1.389**
profesión ou a administración ordinaria dos seus bens.

1.383. Deben os cónxuxes informarse recíproca e periodicamente sobre a situación e rendemento de calquera actividade económica súa.

1.384. Serán válidos os actos de administración de bens e os de disposición de diñeiro ou títulos valores realizados polo cónxuxe a cuxo nome figuren ou en cuxo poder se encontren.

1.385. Os dereitos de crédito, calquera que sexa a súa natureza, serán exercidos por aquel dos cónxuxes a cuxo nome aparezan constituídos.

Calquera dos cónxuxes poderá exercer a defensa dos bens e dereitos comúns por vía de acción ou de excepción.

1.386. Para realizar gastos urxentes de carácter necesario, aínda cando sexan extraordinarios, bastará o consentimento dun só dos cónxuxes.

1.387. A administración e disposición dos bens da sociedade de ganancias transferirase por ministerio da lei ao cónxuxe que sexa titor ou representante legal do seu consorte.

1.388. Os tribunais poderán conferir a administración a un só dos cónxuxes cando o outro se encontrar en imposibilidade de prestar consentimento ou tiver abandonado a familia ou existir separación de feito.

1.389. O cónxuxe en quen recaia a administración en virtude do disposto nos dous artigos anteriores terá para isto plenas facultades, salvo que o xuíz, cando o considere de interese para a familia, e precedendo información sumaria, estableza cautelas ou limitacións.

En todo caso, para realizar actos de disposición sobre inmobles, establecementos mercantís, obxectos preciosos ou valores mobiliarios, salvo o dereito de subscripción preferente, necesitará autorización xudicial.

1.390. Se, como consecuencia dun acto de administración ou de disposición levado a cabo por un só dos cónxuxes, obtivo este un beneficio ou lucro exclusivo para el ou ocasionou dolosamente un dano á sociedade, será debedor desta polo seu importe, aínda que o outro cónxuxe non impugne, cando proceda, a eficacia do acto.

1.391. Cando o cónxuxe realizase un acto en fraude dos dereitos do seu consorte, será, en todo caso, de aplicación o disposto no artigo anterior e, ademais, se o adquirente procedeu de má fe, o acto será rescindible.

Sección 5.ª Da disolución e liquidación da sociedade de gananciais

1.392. A sociedade de gananciais concluirá de pleno dereito:

- 1.º Cando se disolva o matrimonio.
- 2.º Cando sexa declarado nulo.
- 3.º Cando xudicialmente se decrete a separación dos cónxuxes.
- 4.º Cando os cónxuxes conveñan un réxime económico distinto na forma establecida neste código.

1.393. Tamén concluirá por decisión xudicial a sociedade de gananciais, a pedimento dun dos cónxuxes, nalgún dos casos seguintes:

1.º Ter sido o outro cónxuxe xudicialmente incapacitado, declarado pródigo, ausente ou en quebra ou concurso de acredores, ou condenado por abandono de familia.

Para que o xuíz acorde a disolución bastará que o cónxuxe que a pedir presente a correspondente resolución xudicial.

2.º Vir o outro cónxuxe realizando por si só actos positivos ou de xestión patrimonial que entrañen fraude, dano ou perigo para os dereitos do outro na sociedade.

3.º Levar separado de feito máis dun ano por acordo mutuo ou por abandono do lar.

4.º Incumprir grave e reiteradamente o deber de informar sobre a marcha e rendementos das súas actividades económicas.

Canto á disolución da sociedade polo embargo da parte dun dos cónxuxes por débedas propias, observarase o especialmente disposto neste código. **1.398**

Redactado conforme a Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro.

1.394. Os efectos da disolución prevista no artigo anterior produciranse desde a data en que se acorde. De seguirse preito sobre a concorrencia da causa de disolución, iniciada a tramitación deste, practicarase o inventario, e o xuíz adoptará as medidas necesarias para a administración do patrimonio, requiríndose licenza xudicial para todos os actos que excedan a administración ordinaria.

1.395. Cando a sociedade de gananciais se disolva por nulidade do casamento e un dos cónxuxes fose declarado de má fe, poderá optar o outro pola liquidación do réxime matrimonial segundo as normas desta sección ou polas disposicións relativas ao réxime de participación, e o contraente de má fe non terá dereito a participar nas ganancias obtidas polo seu consorte.

1.396. Disolta a sociedade, procederase á súa liquidación, que comezará por un inventario do activo e do pasivo da sociedade.

1.397. Deberanse comprender no activo:

1.º Os bens gananciais existentes no momento da disolución.

2.º O importe actualizado do valor que tiñan os bens ao seren alleados por negocio ilegal ou fraudulento se non fosen recuperados.

3.º O importe actualizado das cantidades pagas pola sociedade que foren por conta só dun cónxuxe e, en xeral, das que constitúen créditos da sociedade contra este.

1.398. O pasivo da sociedade estará integrado polas seguintes partidas:

1.^a As débedas pendentes a cargo da sociedade.

2.^a O importe actualizado do valor dos bens privativos cando a súa restitución se deba facer en metálico por teren sido gastados en interese da sociedade.

1.399 Igual regra se aplicará ás deterioracións producidas nos ditos bens polo seu uso en beneficio da sociedade.

3.^a O importe actualizado das cantidades que, tendo sido pagadas por un só dos cónxuxes, foren a cargo da sociedade e, en xeral, as que constitúen créditos dos cónxuxes contra a sociedade.

1.399. Terminado o inventario pagaranse en primeiro lugar as débedas da sociedade, comezando polas alimenticias, que, en calquera caso, terán preferencia.

Respecto das demais, se o patrimonio inventariado non alcanzar para isto, observarse o disposto para a concorrencia e prelación de créditos.

1.400. Cando non houber metálico suficiente para o pagamento das débedas, poderanse ofrecer con tal fin adxudicacións de bens gananciais, mais se calquera partícipe ou acredor o pide procederase a allealos e pagar co seu importe.

1.401. Mentres non se pagasen por enteiro as débedas da sociedade, os acredores conservarán os seus créditos contra o cónxuxe debedor. O cónxuxe non debedor responderá cos bens que lle fosen adxudicados, de se ter formulado debidamente inventario xudicial ou extraxudicial.

Se como consecuencia disto resultar ter pagado un dos cónxuxes maior cantidade da que lle for imputable, poderá repetir contra o outro.

1.402. Os acredores da sociedade de gananciais terán na súa liquidación os mesmos dereitos que lle recoñecen as leis na partición e liquidación das herdanzas.

1.403. Pagas as débedas e cargas da sociedade, aboaranse as indemnizacións e reintegros debidos a cada cónxuxe até onde alcance o patrimonio inventariado, facendo as compensacións que correspondan cando o cónxuxe sexa debedor da sociedade.

1.404. Feitas as deducións no patrimonio inventariado que prefixan os artigos anteriores, o remanente constituirá o

haber da sociedade de gananciais, que se dividirá por metade **1.409**
entre os cónxuxes ou os seus respectivos herdeiros.

Redactado conforme a Lei 13/2005, do 1 de xullo.

1.405. Se un dos cónxuxes resultar no momento da liquidación acredor persoal do outro, poderá exixir que se lle satisfaga o seu crédito adxudicándolle bens comúns, salvo que o debedor pague voluntariamente.

1.406. Cada cónxuxe terá dereito a que se inclúan con preferencia no seu haber, até onde este alcance:

1.º Os bens de uso persoal non incluídos no número 7 do artigo 1.346.

2.º A explotación económica que xestione efectivamente.

3.º O local onde viñese exercendo a súa profesión.

4.º En caso de morte do outro cónxuxe, a vivenda onde tivese a residencia habitual.

Redactado conforme a Lei 7/2003, do 1 de abril.

1.407. Nos casos dos números 3º e 4.º do artigo anterior poderá o cónxuxe pedir, á súa escolla, que se lle atribúan os bens en propiedade ou que se constitúa sobre eles ao seu favor un dereito de uso ou habitación. Se o valor dos bens ou o dereito superar o do haber do cónxuxe adxudicatario, deberá este aboar a diferenza en diñeiro.

1.408. Da masa común de bens daranse alimentos aos cónxuxes ou, se for o caso, ao sobrevivente e aos fillos mentres se faga a liquidación do patrimonio inventariado e até que se lles entregue o seu haber; mais rebaixaránselles deste na parte que excedan dos que lles correspondese en razón de froitos e rendas.

1.409. Sempre que se deba executar asemade a liquidación de gananciais de dous ou máis matrimonios contraídos por unha mesma persoa, para determinar o capital de cada sociedade admitirase toda clase de probas, na falta de inventarios. En caso de dúbida atribuiranse os gananciais ás diferentes sociedades proporcionalmente, atendendo ao tempo

1.410 da súa duración e aos bens e ingresos dos respectivos cónxuxes.

1.410. En todo o non previsto neste capítulo sobre formación de inventario, regras sobre taxación e vendas de bens, división da masa hereditaria, adxudicacións aos partícipes e demais que non se ache expresamente determinado, observárase o establecido para a partición e liquidación da herdanza.

CAPÍTULO V

DO RÉXIME DE PARTICIPACIÓN

1.411. No réxime de participación cada un dos cónxuxes adquire dereito a participar nas ganancias obtidas polo seu consorte durante o tempo en que o dito réxime estivese vixente.

1.412. A cada cónxuxe correspóndelle a administración, o desfrute e a libre disposición tanto dos bens que lle pertencían no momento de contraer matrimonio como dos que poida adquirir despois por calquera título.

1.413. En todo o non previsto neste capítulo aplicáranse, durante a vixencia do réxime de participación, as normas relativas ao de separación de bens.

1.414. Se os casados en réxime de participación adquiriren conxuntamente algún ben ou dereito, pertécenlles en pro indiviso ordinario.

1.415. O réxime de participación extínguese nos casos establecidos para a sociedade de ganancias, aplicándose o disposto nos artigos 1.394 e 1.395.

1.416. Poderá pedir un cónxuxe a terminación do réxime de participación cando a irregular administración do outro comprometa gravemente os seus intereses.

1.417. Producida a extinción, determinaranse as ganancias polas diferenzas entre os patrimonios inicial e final de cada cónxuxe.

1.418. Considerarase constituído o patrimonio inicial de cada cónxuxe: **1.425**

1.º Polos bens e dereitos que lle pertencesen ao comezar o réxime.

2.º Polos adquiridos despois a título de herdanza, doazón ou legado.

1.419. Deduciranse as obrigacións do cónxuxe ao comezar o réxime e, se for o caso, as sucesorias ou as cargas inherentes á doazón ou legado, en canto non excedan os bens herdados ou doados.

1.420. Se o pasivo for superior ao activo non haberá patrimonio inicial.

1.421. Os bens constitutivos do patrimonio inicial estimaranse segundo o estado e valor que tiveren ao comezar o réxime ou, se for o caso, no momento en que foron adquiridos.

O importe da estimación deberase actualizar o día en que o réxime cesase.

1.422. O patrimonio final de cada cónxuxe estará formado polos bens e dereitos de que sexa titular no momento da terminación do réxime, con dedución das obrigacións aínda non satisfeitas.

1.423. Incluírase no patrimonio final o valor dos bens de que un dos cónxuxes dispuxese a título gratuíto sen o consentimento do seu consorte, salvo de tratarse de liberalidades de uso.

1.424. A mesma regra se aplicará respecto dos actos realizados por un dos cónxuxes en fraude dos dereitos do outro.

1.425. Os bens constitutivos do patrimonio final estimaranse segundo o estado e valor que tiveren no momento da terminación do réxime, e os alleados gratuíta ou fraudulentamente, conforme o estado que tiñan o día do alleamento e polo valor que terían de se teren conservado até o día da terminación.

1.426. Os créditos que un dos cónxuxes teña fronte ao outro, por calquera título, mesmo por ter atendido ou cumprido obrigacións daquel, computaranse tamén no patrimonio final do cónxuxe acredor e deduciranse do patrimonio do cónxuxe debedor.

1.427. Cando a diferenza entre os patrimonios final e inicial dun e outro cónxuxe reflicta un resultado positivo, o cónxuxe cuxo patrimonio experimentase menor incremento percibirá a metade da diferenza entre o seu propio incremento e o do outro cónxuxe.

1.428. Cando unicamente un dos patrimonios reflicta resultado positivo, o dereito da participación consistirá, para o cónxuxe non titular do dito patrimonio, na metade daquel incremento.

1.429. Ao se constituír o réxime poderase pactar unha participación distinta da que establecen os dous artigos anteriores, mais deberá rexer por igual e na mesma proporción respecto de ambos patrimonios e en favor de ambos os cónxuxes.

1.430. Non se poderá convir unha participación que non sexa por metade se existen descendentes non comúns.

1.431. O crédito de participación deberá ser satisfeito en diñeiro. Se medieren dificultades graves para o pagamento inmediato, o xuíz poderá conceder adiamento, sempre que non exceda tres anos e que a débeda e os seus xuros legais fiquen suficientemente garantidos.

1.432. O crédito de participación poderase pagar mediante a adxudicación de bens concretos, por acordo dos interesados ou, se o conceder o xuíz, por petición fundada do debedor.

1.433. Se non houber bens no patrimonio debedor para facer efectivo o dereito de participación en ganancias, o cónxuxe acredor poderá impugnar os alleamentos que fosen feitos a título gratuito sen o seu consentimento e aqueles que fosen realizados en fraude dos seus dereitos.

1.434. As accións de impugnación a que se refire o artigo anterior caducarán aos dous anos de extinguido o réxime de participación e non se darán contra os adquirentes a título oneroso e de boa fe.

1.439

CAPÍTULO VI

DO RÉXIME DE SEPARACIÓN DE BENS

1.435. Existirá entre os cónxuxes separación de bens:

1.º Cando así o conviñesen.

2.º Cando os cónxuxes pactasen en capitulacións matrimoniais que non rexerá entre eles a sociedade de gananciais, sen expresar as regras por que deban rexerse os seus bens.

3.º Cando se extinga, constante matrimonio, a sociedade de gananciais ou o réxime de participación, salvo que por vontade dos interesados fosen substituídos por outro réxime distinto.

1.436. A demanda de separación de bens e a sentenza firme en que se declare deberanse anotar e inscribir, respectivamente, no rexistro da propiedade que corresponda, de recaer sobre bens inmobles. A sentenza firme anotarase tamén no rexistro civil.

1.437. No réxime de separación pertencerán a cada cónxuxe os bens que tiver no momento inicial daquel e os que despois adquira por calquera título. Así mesmo, corresponderá a cada un a administración, desfrute e libre disposición de tales bens.

1.438. Os cónxuxes contribuirán ao sostemento das cargas do matrimonio. Na falta de convenio farano proporcionalmente aos seus respectivos recursos económicos. O traballo para a casa será computado como contribución ás cargas e dará dereito a obter unha compensación que o xuíz sinalará, na falta de acordo, no momento da extinción do réxime de separación.

1.439. Se un dos cónxuxes administrase ou xestionase bens ou intereses do outro, terá as mesmas obrigacións e res-

1.440 ponsabilidades que un mandatario, mais non terá obrigación de render contas dos froitos percibidos e consumidos, salvo cando se demostre que os investiu en atencións distintas do levantamento das cargas do matrimonio.

1.440. As obrigacións contraídas por cada cónxuxe serán da súa exclusiva responsabilidade.

Canto ás obrigacións contraídas no exercicio da potestade doméstica ordinaria responderán ambos os cónxuxes na forma determinada polos artigos 1.319 e 1.438 deste código.

1.441. Cando non sexa posible acreditar a cal dos cónxuxes pertence algún ben ou dereito, corresponderá a ambos por metade.

1.442. Declarado un cónxuxe en quebra ou concurso, presumirase, salvo proba en contrario, en beneficio dos acredores, que foron na súa metade doados por el os bens adquiridos a título oneroso polo outro durante o ano anterior á declaración ou no período a que alcance a retroacción da quebra. Esta presunción non rexerá se os cónxuxes están separados xudicialmente ou de feito.

1.443. A separación de bens decretada non se alterará pola reconciliación dos cónxuxes en caso de separación persoal ou pola desaparición de calquera das demais causas que a motivasen.

1.444. Non obstante o disposto no artigo anterior, os cónxuxes poden acordar en capitulacións que volvan rexer as mesmas regras que antes da separación de bens.

Farán constar nas capitulacións os bens que cada un achegue de novo e consideraranse estes privativos, aínda que, en todo ou en parte, tivesen carácter ganancial antes da liquidación practicada por causa da separación.

TÍTULO III

Do contrato sobre bens con ocasión do casamento

CAPÍTULO PRIMEIRO

DISPOSICIÓN XERAIS

1.315. REDACCIÓN ORIXINARIA...—«Os que se unan en casamento poderán outorgar as súas capitulacións antes de celebralo, estipulando

as condicións da sociedade conxugal relativamente aos bens presentes e futuros, sen outras limitacións que as sinaladas neste código.

Na falta de contrato sobre os bens, entenderase o casamento contraído baixo o réxime da sociedade legal de gananciais.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI 14/1975, DO 2 DE MAIO.—«Os que se unan en casamento poderán outorgar as súas capitulacións antes ou despois de celebralo, estipulando as condicións da sociedade conxugal relativamente aos bens presentes e futuros, sen outras limitacións que as sinaladas neste código.

Na falta de contrato sobre os bens, entenderase o casamento contraído baixo o réxime da sociedade legal de gananciais.»

1.316. REDACCIÓN ORIXINARIA...—«Nos contratos a que se refire o artigo anterior non poderán os outorgantes estipular nada que for contrario ás leis ou aos bos costumes, nin depresivo da autoridade que respectivamente corresponda na familia aos futuros cónxuxes.

Toda estipulación que non se axuste ao preceptuado neste artigo terase por nula.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI 14/1975, DO 2 DE MAIO.—«Nos contratos a que se refire o artigo anterior non poderán os outorgantes estipular nada que for contrario ás leis ou aos bos costumes nin aos fins do matrimonio.

Toda estipulación que non se axuste ao preceptuado neste artigo terase por nula.»

REDACCIÓN ORIXINARIA...:

«1.317. Teranse tamén por nulas e non postas nos contratos mencionados nos dous artigos anteriores as cláusulas polas que os contratantes, dunha maneira xeral, determinen que os bens dos cónxuxes se someterán aos foros e costumes das rexións forais e non ás disposicións xerais deste código.

1.318. O menor que, consonte a lei, poida casar, poderá tamén outorgar as súas capitulacións matrimoniais; mais unicamente serán válidas se ao seu outorgamento concorren as persoas designadas na mesma lei para daren o consentimento ao menor a fin de contraer matrimonio.

No caso de que as capitulacións foren nulas por careceren do concurso e sinatura das persoas referidas e de ser válido o matrimonio consonte a lei, entenderase que o menor o contraeu baixo o réxime da sociedade de gananciais.»

1.319. REDACCIÓN ORIXINARIA...—«Para que sexa válida calquera alteración que se faga nas capitulacións matrimoniais, deberá ter lugar antes de se celebrar o casamento e coa asistencia e concurso das persoas que naquelas interviñeron como outorgantes. Non será necesario o concurso das mesmas testemuñas.

Só se poderá substituír con outra persoa algunha das concorrentes ao outorgamento do primitivo contrato, ou se poderá prescindir do seu concurso, cando, por causa de morte ou outra legal, no momento de se

outorgar a nova estipulación ou a modificación da precedente, sexa imposible a comparecencia, ou non sexa necesaria conforme a lei.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI 14/1975, DO 2 DE MAIO.—«Para que sexa válida a modificación das capitulacións matrimoniais deberase realizar coa asistencia e concurso das persoas que naquelas interviñeron como outorgantes, se viviren, e se a modificación afectar dereitos constituídos por tales persoas en favor dos contraentes ou dereitos constituídos por estes en favor daqueles.»

1.320. REDACCIÓN ORIXINARIA...—«Despois de celebrado o casamento non se poderán alterar as capitulacións outorgadas antes, xa se trate de bens presentes xa de bens futuros.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI 14/1975, DO 2 DE MAIO.—«Os cónxuxes maiores de idade poderán en todo momento, actuando de común acordo, modificar o réxime económico, convencional ou legal do matrimonio. Se algún deles for menor de idade observarse o disposto no artigo 1.318.»

1.321. REDACCIÓN ORIXINARIA...—«As capitulacións matrimoniais e as modificacións que se fagan nelas deberán constar en escritura pública, outorgada antes da celebración do casamento.

Exceptúanse desta regra os bens que se encontren nas condicións a que se refire o artigo 1.324.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI 14/1975, DO 2 DE MAIO.—«As capitulacións matrimoniais e as modificacións que se fagan delas ou do réxime económico conxugal deberán constar necesariamente en escritura pública.

Exceptúanse desta regra os bens que se encontren nas condicións a que se refire o artigo 1.324.»

1.322. REDACCIÓN ORIXINARIA...—«Calquera alteración que se faga nas capitulacións matrimoniais non terá efecto legal canto a terceiras persoas se non reúne as condicións seguintes: 1.^a, que no respectivo protocolo, por nota marxinal, se faga indicación da acta notarial ou escritura que conteña as alteracións da primeira estipulación; e 2.^a, que, caso de ser inscritable o primitivo contrato no rexistro da propiedade, se inscriba tamén o documento en que se modificou aquel.

O notario fará constar estas alteracións nas copias que expida por testemuño das capitulacións ou contrato primitivo, baixo a pena de indemnización de danos e perdas ás partes se non o fixer.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI 14/1975, DO 2 DE MAIO.—«En toda inscrición de casamento no rexistro civil farase mención, se for o caso, das capitulacións matrimoniais que se outorgasen, ben como dos pactos modificativos. Se aquela ou estes atinxisen inmobles, tomarase razón no rexistro da propiedade, na forma e para os efectos previstos na Lei hipotecaria.

A existencia de pactos modificativos de anteriores capitulacións indicárase mediante nota na escritura que conteña a anterior estipulación, e o notario farao constar nas copias que expida.

As modificacións do réxime económico matrimonial realizadas constante matrimonio non prexudicarán en ningún caso os dereitos xa adquiridos por terceiros.»

REDACCIÓN ORIXINARIA...:

«1.323. Para a validez das capitulacións outorgadas por aquel contra quen se pronunciase sentenza ou se promovese xuízo de interdicción civil ou inhabilitación, será indispensable a asistencia e concurso do titor que para este efecto lle designará quen corresponda segundo as disposicións deste código e da Lei de axuízamento civil.

REDACCIÓN CONFORME A LEI 11/1981, DO 13 DE MAIO.—“O marido e a muller poderanse transmitir por calquera título bens e dereitos e celebrar entre si todo tipo de contratos.”

1.324. Sempre que os bens achegados polos cónxuxes non sexan inmobles e ascendan a un total, os de marido e muller, que non exceda as 2.500 pesetas, e na localidade da súa residencia non houber notario, as capitulacións poderanse outorgar ante o secretario do concello e dúas testemuñas coa declaración, baixo a súa responsabilidade, de constarlles a entrega ou achega, se for o caso, dos expresados bens.

O contrato ou contratos orixinais custodiaranse, baixo rexistro, no arquivo do municipio correspondente.

Cando entre as achegas, calquera que sexa o seu valor, haxa algún ou algúns predios, ou os contratos se refiran a inmobles, outorgaranse sempre por escritura pública ante notario, conforme o establecido no artigo 1.321.

1.325. Se o matrimonio se contraer en país estranxeiro entre español e estranxeira ou estranxeiro e española, e nada declararen ou estipularen os contratantes relativamente aos seus bens, entenderase, cando sexa español o esposo, que casa baixo o réxime da sociedade de ganancias, e, cando for española a esposa, que casa baixo o réxime de dereito común no país do home; todo sen prexuízo do establecido neste código respecto dos bens inmobles.

1.326. Todo o que se estipule nas capitulacións ou contratos a que se refiren os artigos precedentes baixo o suposto de futuro casamento ficará nulo e sen efecto ningún no caso de non se contraer.

CAPÍTULO II

DAS DOAZÓNS POR RAZÓN DE CASAMENTO

1.327. Son doazóns por razón de casamento as que se fan antes de se celebrar, en consideración a el en favor dun ou dos dous esposos.

1.328. Estas doazóns réxense polas regras establecidas no título II do libro terceiro, en canto non se modifiquen polos artigos seguintes.»

1.329. REDACCIÓN ORIXINARIA...—«Os menores de idade poden facer e recibir doazóns no seu contrato antenupcial, sempre que as auto-

ricen as persoas que deben dar o seu consentimento para contraeren matrimonio.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI 11/1981, DO 13 DE MAIO.—«O menor que consonte a lei poida casar poderá outorgar capitulacións matrimoniais antes ou despois da voda, mais necesitará o concurso e consentimento dos seus pais ou titor, salvo que se limite a pactar o réxime de separación ou participación.»

1.330. REDACCIÓN ORIXINARIA...—«Non é necesaria a aceptación para a validez destas doazóns.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI 11/1981, DO 13 DE MAIO.—«O incapacitado xudicialmente só poderá outorgar capitulacións matrimoniais coa asistencia do seu representante legal e, se for o caso, autorizado polo consello de familia.»

REDACCIÓN ORIXINARIA...:

«1.331. Os desposados pódense dar nas capitulacións matrimoniais até a décima parte dos seus bens presentes, e respecto dos futuros, só para o caso de morte, na medida marcada polas disposicións deste código referentes á sucesión testada.

1.332. O doador por razón de casamento deberá liberar os bens doados das hipotecas e calquera outro gravame que pese sobre eles, con excepción dos censos e servidumes, a menos que nas capitulacións matrimoniais ou nos contratos se expresase o contrario.»

1.333. REDACCIÓN ORIXINARIA...—«A doazón feita por razón de casamento non é revogable senón nos casos seguintes:

- 1.º Se for condicional e a condición non se cumprir.
- 2.º Se o casamento non se chegar a celebrar.
- 3.º Se casaren sen teren obtido o consentimento conforme a regra segunda do artigo 50, ou, anulado o casamento, houber má fe por parte dun dos cónxuxes conforme o número 3.º do artigo 73 deste código.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI DO 24 DE ABRIL DE 1958.—«A doazón feita por razón de casamento non será revogable senón nos casos seguintes:

- 1.º Se for condicional e a condición non se cumprir.
- 2.º Se o casamento non se chegar a celebrar.
- 3.º Se, sendo menores, casaren sen teren obtido a licenza ou autorización ou, anulado o casamento, houber má fe por parte dun dos cónxuxes, conforme o número 3.º do artigo 73 deste código.»

REDACCIÓN ORIXINARIA...:

«1.334. Será nula toda doazón entre os cónxuxes durante o matrimonio.

Non se inclúen nesta regra os agasallos módicos que os cónxuxes se fagan en ocasións de celebración para a familia.

1.335. Será nula toda doazón feita durante o matrimonio por un dos cónxuxes aos fillos que o outro cónxuxe teña doutro matrimonio, ou ás persoas de que sexa herdeiro presunto no momento da doazón.

CAPÍTULO III

DO DOTE

Sección primeira.—Da constitución e garantía do dote

1.336. O dote componse dos bens e dereitos que neste concepto a muller achega ao matrimonio no momento de contraelo e dos que durante el adquira por doazón, herdanza ou legado co carácter dotal.

1.337. Terán tamén o concepto de dotais os bens inmobles adquiridos durante o matrimonio:

- 1.º Por permuta con outros bens dotais.
- 2.º Por dereito de retracto pertencente á muller.
- 3.º Por dación en pagamento do dote.
- 4.º Por compra con diñeiro pertencente ao dote.

1.338. Poden constituír dote a favor da muller, antes ou despois de contraer o matrimonio, os pais e parentes dos esposos e as persoas estranxeiras á familia.

Tamén o pode constituír o esposo antes do casamento, mais non despois.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI 11/1981, DO 13 DE MAIO.—«O menor que, consonte a lei, poida casar tamén pode, en capitulacións matrimoniais ou fóra delas, facer doazóns por razón do seu casamento, coa autorización dos seus pais ou do titor. Para aceptalas, observarse o disposto no título II do libro terceiro deste código.»

«1.339. O dote constituído antes ou no momento de se celebrar o casamento rexeráse, en todo o que non estea determinado neste capítulo, polas regras das doazóns feitas en consideración a el. O dote constituído con posterioridade rexeráse polas regras das doazóns comúns.»

1.340. REDACCIÓN ORIXINARIA...—«O pai ou a nai, ou o que deles vivir, están obrigados a dotar as súas fillas lexítimas, fóra do caso en que, necesitando estas o consentimento daqueles para contraer matrimonio consonte a lei, casen sen obtelo.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI DO 24 DE ABRIL DE 1958.—«O pai ou a nai, ou o que deles vivir, están obrigados a dotar as súas fillas lexítimas fóra do caso en que, necesitando estas a licenza daqueles para contraer matrimonio consonte a lei, casen sen obtela nin obter tampouco a autorización equivalente, conforme o artigo 49 deste código.»

1.341. REDACCIÓN ORIXINARIA...—«O dote obrigatorio a que se refire o artigo anterior consistirá na metade da lexítima rigorosamente presunta. Se a filla tiver bens equivalentes á metade da súa lexítima, cesará esta obrigación; e se o valor dos seus bens non chegar á metade da lexítima, suplirá o doador o que falte para completala.

En todo caso, fica prohibida a pescuda da fortuna dos pais para determinar a contía do dote, e os tribunais, en acto de xurisdición voluntaria, farán a regulación sen máis investigación que as declaracións dos mesmos pais dotantes e a dos dous parentes máis próximos da filla, homes e maiores de idade, un da liña paterna e outro da materna, residentes na mesma localidade ou dentro do partido xudicial.

Na falta de parentes maiores de idade, resolverán os tribunais, ao seu prudente arbitrio, só coas declaracións dos pais.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI DO 24 DE ABRIL DE 1958.—«O dote obrigatorio a que se refire o artigo anterior consistirá na metade da lexítima rigorosa presunta. Se a filla tiver bens equivalentes á metade da súa lexítima, cesará esta obrigación, e se o valor dos seus bens non chegar á metade da lexítima, suplirá o dotante o que falte para completala.

En todo caso, fica prohibida a pescuda da fortuna dos pais para determinar a contía do dote, e os tribunais, en acto de xurisdición voluntaria, farán a regulación sen máis investigación que as declaracións dos mesmos pais dotantes e a dos parentes máis próximos da filla, maiores de idade, un da liña paterna e outro da materna, residentes na mesma localidade ou dentro do partido xudicial.

Na falta de parentes maiores de idade, resolverán os tribunais ao seu prudente arbitrio, só coas declaracións dos pais.»

REDACCIÓN ORIXINARIA...

«1.342. Os pais poden cumprir a obrigación de dotar as súas fillas, ben entregándolles o capital do dote ou ben aboándolles unha renda anual como froitos ou xuros del.

1.343. Cando o marido só, ou ambos os cónxuxes xuntamente, constituísen dote ás súas fillas, pagarase cos bens da sociedade conxugal; se non os houber, pagarase por metade, ou na proporción en que os pais se obrigasen, respectivamente, cos bens propios de cada cónxuxe. Cando a muller dotar por si soa, deberá imputarse o que der ou prometer aos seus bens propios.

1.344. O dote confesado polo marido cuxa entrega non constar, ou constar unicamente por documento privado, non producirá máis efecto que o das obrigacións persoais.

REDACCIÓN CONFORME A LEI 11/1981, DO 13 DE MAIO.—“Mediante a sociedade de gananciais fanse comúns para o marido e a muller as ganancias ou beneficios obtidos indistintamente por calquera deles, que lle serán atribuídos por metade ao se disolver aquela.”

1.345. Malia o disposto no artigo anterior, a muller que tiver ao seu favor dote confesado polo marido antes da celebración do casamento ou dentro do primeiro ano deste, poderá exixir en calquera tempo que o mesmo marido llo asegure con hipoteca, sempre que faga constar xudicialmente a existencia dos bens dotais, ou a doutros semellantes ou equivalentes, no momento de deducir a súa reclamación.

1.346. O dote pode ser estimado ou inestimado.

Será estimado, se os bens en que consiste se avaliaron no momento da súa constitución, transferindo o seu dominio ao marido e ficando este obrigado a restituír o seu importe.

Será inestimado, se a muller conserva o dominio dos bens, téñanse avaliado ou non, ficando obrigado o marido a restituír os mesmos bens.

Se as capitulacións non determinaren a calidade do dote, considerárase inestimado.

1.347. O incremento ou deterioración do dote estimado é de conta do marido, ficando só obrigado a restituír o valor por que a recibiu e a garantir os dereitos da muller na forma que se dispón nos artigos seguintes.

1.348. Se o marido que recibise o dote estimado se cre prexudicado pola súa valoración, pode pedir que se desfaga o erro ou agravio.

REDACCIÓN CONFORME A LEI 11/1981, DO 13 DE MAIO.—“Sempre que pertenza privativamente a un dos cónxuxes unha cantidade ou crédito pagadoiros en certo número de anos, non serán gananciais as sumas que cobren nos prazos vencidos durante o matrimonio, senón que se considerarán capital do marido ou da muller, segundo a quen pertenza o crédito.”

1.349. O marido está obrigado:

1.º A inscribir ao seu nome e hipotecar en favor da súa muller os bens inmoables e dereitos reais que reciba como dote ou outros bastantes para garantir a estimación daqueles.

2.º Asegurar con hipoteca especial suficiente todos os demais bens que como dote estimado se lle entreguen.

1.350. A cantidade que debe asegurarse por razón de dote estimado non excederá o importe da estimación, e, se se reducir o do mesmo dote, reducirase a hipoteca na mesma proporción.

1.351. A hipoteca constituída polo marido en favor da muller garantirá a restitución dos bens, ou da súa estimación, nos casos en que deba verificarse conforme as leis e coas limitacións que estas determinen, e deixará de producir efecto e poderá cancelarse sempre que por calquera causa lexítima fiquese dispensado o marido da obrigación de restituír.

REDACCIÓN CONFORME A LEI 11/1981, DO 13 DE MAIO.—“As ganancias obtidas polo marido ou a muller no xogo ou as procedentes doutras causas que eximan da restitución, pertencerán á sociedade de ganancias.”

1.352. A muller casada maior de idade pode exixir por si mesma a constitución de hipoteca e inscrición de bens de que trata o artigo 1.349.

Se non contraeu aínda matrimonio, ou, téndoo contraído, for menor, deberán exercer aquel dereito no seu nome e cualificar a suficiencia da hipoteca que se constituía o pai, a nai ou o que der o dote ou os bens que se deban garantir.

Na falta destas persoas, e sendo menor a muller, estea ou non casada, deberán pedir que se fagan efectivos os mesmos dereitos o titor, o protitor, o consello de familia ou calquera dos seus vogais.

1.353. Se o titor, o protitor ou o consello de familia non pediren a constitución da hipoteca, o fiscal solicitará de oficio, ou por instancia de calquera persoa, que se compela o marido ao outorgamento dela.

Os xuíces municipais terán tamén obrigación de excitar o celo do Ministerio Fiscal, a fin de que se cumpra o preceptuado no parágrafo anterior.

1.354. Se o marido carecer de bens propios con que constituír a hipoteca de que trata o artigo 1.349, ficará obrigado a constituíla sobre os primeiros inmobles ou dereitos reais que adquira.

1.355. Sempre que a totalidade ou unha parte dos bens que constituían o dote estimado consista en efectos públicos ou valores cotizables, e mentres o seu importe non se ache garantido pola hipoteca que o marido está obrigado a prestar, os títulos, inscricións ou documentos que o representan depositaranse a nome da muller, con coñecemento do marido, nun establecemento público dos designados para o efecto.

1.356. Nos casos en que o marido estea obrigado a asegurar con hipoteca bens mobles de dote inestimado, serán aplicables as disposicións contidas nos artigos 1.349 ao 1.355, respecto aos dotes estimados.

Sección segunda.—Da administración e usufruto do dote

1.357. O marido é administrador e usufrutuário dos bens que constituían o dote inestimado, cos dereitos e obrigacións anexos á administración e ao usufruto, salvas as modificacións expresadas nos artigos seguintes.

1.358. O marido non está obrigado a prestar a fianza dos usufrutuários comúns, mais si a inscribir no rexistro, se non o estiveren, a nome da muller e en calidade de dote inestimado, todos os bens inmobles e dereitos reais que reciba en tal concepto, e a constituír hipoteca especial suficiente para responder da xestión, usufruto e restitución dos bens mobles.

1.359. Non obstante o disposto nos dous artigos anteriores, o marido que reciba en dote estimado ou inestimado efectos públicos, valores cotizables ou bens funxibles e non os asegurase con hipoteca, poderá, no entanto, substituílos con outros equivalentes, con consentimento da muller, se esta for maior, e co das persoas a que se refire o artigo 1.352, se for menor.

Tamén os poderá allear con consentimento da muller e, se for o caso, das persoas antes enunciadas, coa condición de investir o seu importe noutros bens, valores ou dereitos igualmente seguros.

1.360. A muller conserva o dominio dos bens que constituían o dote inestimado e, por tanto, son tamén dela o incremento ou deterioración que tiveren.

O marido só é responsable da deterioración que pola súa culpa ou negligencia sufran os citados bens.» **1.444**

1.361. REDACCIÓN ORIXINARIA...—«A muller pode allear, gravar e hipotecar os bens do dote inestimado, se for maior de idade, con licenza do seu marido, e, se for menor, con licenza xudicial e intervención das persoas sinaladas no artigo 1.352.

Se os allear, terá o marido obrigación de constituír hipoteca, do propio modo e con iguais condicións que respecto aos bens do dote estimado.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI 14/1975, DO 2 DE MAIO.—«A muller pode allear, gravar e hipotecar os bens do dote inestimado, con consentimento do seu marido.

Se os allear, terá o marido obrigación de constituír hipoteca, do propio modo e con iguais condicións que respecto aos bens do dote estimado.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI 11/1981, DO 13 DE MAIO.—«Presúmense gananciais os bens existentes no matrimonio mentres non se probe que pertencen privativamente ao marido ou á muller.»

REDACCIÓN ORIXINARIA...:

«1.362. Os bens do dote inestimado responden dos gastos diarios usuais da familia, causados pola muller ou da súa orde baixo a tolerancia do marido; mais neste caso deberase facer previamente excusión dos bens gananciais e dos do marido.

1.363. O marido non poderá dar en arrendamento por máis de seis anos, sen o consentimento da muller, bens inmoables do dote inestimado.

En todo caso, terase por nula a anticipación de rendas ou alugueres feita ao marido por máis de tres anos.

1.364. Cando os cónxuxes, en virtude do establecido no artigo 1.315, pactasen que non rexerá entre eles a sociedade de gananciais sen expresar as regras por que se deban rexer os seus bens, ou se a muller ou os seus herdeiros renunciaren á dita sociedade, observarase o disposto neste capítulo, e percibirá o marido, cumprindo as obrigacións que nel se determinan, todos os froitos que se reputarían gananciais no caso de existir aquela sociedade.

Sección terceira.—Da restitución do dote

1.365. O dote restituírase á muller ou aos seus herdeiros nos casos seguintes:

- 1.º Cando o matrimonio se disolva ou se declare nulo.
- 2.º Cando se transfira á muller a administración do seu dote no caso previsto polo parágrafo segundo do artigo 225.
- 3.º Cando os tribunais o ordenen consonte as prescricións deste código.

REDACCIÓN CONFORME A LEI 11/1981, DO 13 DE MAIO.—“Os bens gananciais responderán directamente fronte ao acredor das débedas contraídas por un cónxuxe:

1.º No exercicio da potestade doméstica ou da xestión ou disposición de gananciais que por lei ou por capítulos lle corresponda.

2.º No exercicio ordinario da profesión, arte ou oficio ou na administración ordinaria dos bens propios.

Se o marido ou a muller foren comerciantes, observarase o disposto no Código de comercio.”

1.366. A restitución do dote estimado farase entregando o marido ou os seus herdeiros á muller ou aos seus o prezo en que fose estimado ao recibilo o marido.

Do prezo deducirase:

1.º O dote constituído ás fillas, en canto sexa imputable aos bens propios da muller, conforme o artigo 1.343.

2.º As débedas contraídas pola muller antes do casamento e que satisfíxese o marido.

1.367. Os bens inmoables do dote inestimado restituíranse no estado en que se encontraren; e, se foron alleados, entregarase o prezo da venda, menos o que se investise en cumprir as obrigacións exclusivas da muller.

1.368. O aboamento das despesas e benfeitorías feitas polo marido nas cousas dotais inestimadas rexeráse polo disposto con relación ao posuidor de boa fe.

1.369. Unha vez disolto ou declarado nulo o matrimonio, poderase compeler o marido ou os seus herdeiros para a inmediata restitución dos bens mobles ou inmoables do dote inestimado.

1.370. Non poderá exixirse ao marido ou aos seus herdeiros, até ter transcorrido un ano, contado desde a disolución do matrimonio, o diñeiro, os bens funxibles e os valores públicos que en todo ou en parte non existan ao disolverse a sociedade conxugal.

1.371. O marido ou os seus herdeiros aboarán á muller ou aos seus, desde a disolución do matrimonio até a restitución do dote, o xuro legal do que deban pagar en diñeiro, o do importe dos bens funxibles e o que os valores públicos ou de crédito produzan entrementes, segundo as súas condicións ou natureza, salvo o disposto no artigo 1.379.

1.372. Na falta de convenio entre os interesados, ou de estipulación expresa nas capitulacións matrimoniais, o crédito de dote inestimado ou a parte del que non se restituía nos mesmos bens que constituísen o dote ou naqueles que os substituísen, deberase restituír e pagar en diñeiro.

Desta regra exceptuáse a restitución do prezo dos bens dotais mobles que non existan, o cal se poderá pagar con outros bens mobles da mesma clase, se os houber no matrimonio.

A restitución dos bens funxibles non taxados farase con outro tanto das mesmas especies.

1.444

1.373. Na mesma forma designada polo artigo anterior deberase restituír a parte do crédito dotal, que consta:

1.º Nas doazóns matrimoniais feitas legalmente para despois da súa morte polo esposo á esposa, salvo o disposto para o cónxuxe que obrase de má fe, no caso de nulidade do casamento e no do artigo 1.440.

2.º Nas indemnizacións que o marido deba á muller consonte este código.

1.374. Entregarase á viúva, sen cargo ao dote, o leito cotián con todo o que o constituía, e as roupas e vestidos de uso ordinario dela.

1.375. Entregaranse os créditos ou dereitos achegados en dote inestimado, ou cedidos con este carácter no estado en que se encontren ao disolverse o matrimonio, a non ser que, por negligencia do marido, se deixasen de cobrar ou se tornasen incobrables, caso en que terán a muller e os seus herdeiros o dereito de exixir o seu importe.

1.376. Cando se deba facer a restitución de dous ou máis dotes a un tempo, pagarase cada un dos bens que existan da súa respectiva procedencia, e, na súa falta, se non alcanzaren os bens inventariados para cubrir os dous, atenderase para o seu pagamento á prioridade do tempo.

1.377. Para a liquidación e restitución do dote inestimado deducíranse, se foron pagadas polo marido:

1.º O importe das custas e gastos sufragados para a súa cobranza e defensa.

2.º As débedas e obrigacións inherentes ou afectas ao dote que, consonte as capitulacións matrimoniais ou o disposto neste código, non sexan do cargo da sociedade de gananciais.

3.º As cantidades que sexan da responsabilidade peculiar da muller, consonte o disposto neste código.

1.378. Ao restituír o dote aboaranse ao marido as doazóns matrimoniais que legalmente lle fixese a súa muller, salvo o disposto por este código para o caso de separación de bens ou para o de nulidade de casamento en que houbese má fe por parte dun dos cónxuxes.

1.379. Se o matrimonio se dissolve por falecemento da muller, os xuros ou os froitos do dote que deba restituírse correrán a favor dos seus herdeiros desde o día da disolución do matrimonio.

Se o matrimonio se dissolve por morte do marido, poderá a muller optar entre exixir durante un ano os xuros ou froitos do dote ou que se lle dean alimentos dos bens que constituían a herdanza do marido. En todo caso pagaranse á viúva, da masa da herdanza, os vestidos de loito.

1.380. Disolto o matrimonio, ratearanse os froitos ou rendas pendentes entre o cónxuxe supérstite e os herdeiros do premorto, conforme as regras establecidas para o caso de cesar o usufruto.

1.381. Son parafernaís os bens que a muller achega ao matrimonio sen incluílos no dote e os que adquire despois de constituído este, sen regalalos a el.

1.382. A muller conserva o dominio dos bens parafernaís.»

1.383. REDACCIÓN ORIXINARIA...—«O marido non poderá exercer accións de ningunha clase respecto aos bens parafernaís sen intervención ou consentimento da muller.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI 14/1975, DO 2 DE MAIO.—«O marido non poderá exercer accións de ningunha clase respecto aos bens parafernaís se non é como apoderado da súa muller.»

REDACCIÓN ORIXINARIA...:

«1.384. A muller terá a administración dos bens parafernaís, a non ser que os entregase ao marido ante un notario con intención de que os administre.

Neste caso, o marido está obrigado a constituír hipoteca polo valor dos mobles que recibir ou a aseguralos na forma establecida para os bens dotaís.

1.385. Os froitos dos bens parafernaís forman parte do haber da sociedade conxugal e están suxeitos ao levantamento das cargas do matrimonio.

Tamén o estarán os bens mesmos no caso do artigo 1.362, sempre que os do marido e os dotaís sexan insuficientes para cubrir as responsabilidades de que alí se trata.

1.386. As obrigacións persoais do marido non se poderán facer efectivas sobre os froitos dos bens parafernaís, a menos que se probe que redundaron en proveito da familia.»

1.387. REDACCIÓN ORIXINARIA...—«A muller non pode, sen licenza do seu marido, allear, gravar nin hipotecar os bens parafernaís, nin comparecer en xuízo para litigar sobre eles, a menos que sexa xudicialmente habilitada para o efecto.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI 14/1975, DO 2 DE MAIO.—«A muller pode dispor por si soa dos bens parafernaís, sen prexuízo do disposto no artigo 61 deste código.»

1.388. REDACCIÓN ORIXINARIA...—«Cando os parafernaís, cuxa administración reserva a muller para si, consistan en metálico ou efectos públicos ou mobles preciosos, o marido terá dereito a exixir que sexan depositados ou investidos en termos que fagan imposible o alleamento ou peioración sen o seu consentimento.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI 14/1975, DO 2 DE MAIO.—«A muller poderá comparecer en xuízo e litigar sobre os seus bens parafernaís.»

1.389. REDACCIÓN ORIXINARIA...—«O marido a quen fosen entregados os bens parafernais estará sometido no exercicio da súa administración ás regras establecidas respecto dos bens dotais inestimados.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI 14/1975, DO 2 DE MAIO.—«O marido a quen fosen entregados bens parafernais está sometido, no exercicio da súa administración, ás regras establecidas nas capitulacións matrimoniais e, na falta delas, ás do mandato contidas neste código.»

1.390. REDACCIÓN ORIXINARIA...—«O alleamento dos bens parafernais dá dereito á muller para exixir a constitución de hipoteca polo importe do prezo que o marido recibise. Tanto o marido como a muller poderán, se for o caso, exercer respecto do prezo da venda o dereito que lles outorgan os artigos 1.384 e 1.388.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI 14/1975, DO 2 DE MAIO.—«O alleamento dos bens parafernais dá dereito á muller para exixir a constitución de hipoteca polo importe do prezo, se o entregou ao marido.»

1.391. REDACCIÓN ORIXINARIA...—«A devolución dos bens parafernais cuxa administración fose entregada ao marido terá lugar nos mesmos casos e na propia forma que a dos bens dotais inestimados.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI 14/1975, DO 2 DE MAIO.—«A devolución dos bens parafernais cuxa administración fose entregada ao marido terá lugar conforme o establecido nas capitulacións, na escritura da súa entrega e, na súa falta, aplicárase o establecido no artigo 1.732.»

REDACCIÓN ORIXINARIA...:

«CAPITULO V

DA SOCIEDADE DE GANANCIAIS

Sección primeira.—Disposicións xerais

1.392. Mediante a sociedade de gananciais, o marido e a muller farán seus por metade, ao disolverse o matrimonio, as ganancias ou beneficios obtidos indistintamente por calquera dos cónxuxes durante o mesmo matrimonio.»

1.393. REDACCIÓN ORIXINARIA...—«A sociedade de gananciais comezará precisamente no día da celebración do casamento. Calquera estipulación en contrario terase por nula.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI 11/1981, DO 13 DE MAIO.—«Tamén concluírá por decisión xudicial a sociedade de gananciais, a pedimento dun dos cónxuxes, nalgún dos casos seguintes:

1.º Ter sido o outro cónxuxe xudicialmente incapacitado, declarado ausente ou en quebra ou concurso de acredores, ou condenado por abandono de familia.

Para que o xuíz acorde a disolución bastará que o cónxuxe que a pida presente a correspondente resolución xudicial.

2.º Vir o outro cónxuxe realizando por si só actos dispositivos ou de xestión patrimonial que entrañen fraude, dano ou perigo para os dereitos do outro na sociedade.

3.º Levar separado de feito máis dun ano por acordo mutuo ou por abandono do lar.

4.º Incumprir grave e reiteradamente o deber de informar sobre a marcha e rendemento das súas actividades económicas.

Canto á disolución da sociedade polo embargo da parte dun dos cónxuxes por débedas propias, observárase o especialmente disposto neste código.»

REDACCIÓN ORIXINARIA...:

«1.394. A renuncia a esta sociedade non se pode facer durante o matrimonio senón no caso de separación xudicial.

Cando a renuncia tiver lugar por causa de separación, ou despois de disolto ou anulado o matrimonio, farase constar por escritura pública, e os acredores terán o dereito que se lles recoñece no artigo 1.001.

1.395. A sociedade de gananciais rexeráse polas regras do contrato de sociedade en todo aquilo en que non se opoña ao expresamente determinado por este capítulo.

Sección segunda.—Dos bens da propiedade de cada un dos cónxuxes

1.396. Son bens propios de cada un dos cónxuxes:

1.º Os que achegue ao matrimonio como da súa pertenza.

2.º Os que adquira, durante el, por título lucrativo.

3.º Os adquiridos por dereito de retracto ou por permuta con outros bens pertencentes a un só dos cónxuxes.

4.º Os comprados con diñeiro exclusivo da muller ou do marido.

1.397. O que der ou prometer capital para o marido non ficará suxeito á evicción senón en caso de fraude.

1.398. Os bens doados ou deixados en testamento aos esposos, conxuntamente e con designación de partes determinadas, pertencerán como dote á muller e como capital ao marido, na proporción determinada polo doador ou testador, e, na falta de designación, por metade, salvo o disposto polo artigo 637.

1.399. Se as doazóns foren onerosas, deducirase do dote ou do capital do esposo donatario o importe das cargas, sempre que fosen soportadas pola sociedade de gananciais.

1.400. No caso de pertencer a un dos cónxuxes algún crédito pagadoiro en certo número de anos, ou unha pensión vitalicia, observárase o disposto nos artigos 1.402 e 1.403, para determinar o que constitúe o dote e o que forma o capital do marido.

Sección terceira.—Dos bens gananciais

1.401. Son bens gananciais:

1.º Os adquiridos por título oneroso durante o matrimonio á custa do patrimonio común, ben se faga a adquisición para a comunidade, ben para un só dos esposos.

2.º Os obtidos pola industria, soldo ou traballo dos cónxuxes ou de calquera deles. **1.444**

3.º Os froitos, rendas ou xuros percibidos ou producidos durante o matrimonio, procedentes dos bens comúns ou dos peculiares de cada un dos cónxuxes.

1.402. Sempre que pertenza a un dos cónxuxes unha cantidade ou crédito pagadoiros en certo número de anos, non serán gananciais as sumas que se cobren nos prazos vencidos durante o matrimonio, senón que se considerarán capital do marido ou da muller, segundo a quen pertenza o crédito.

1.403. O dereito de usufruto ou de pensión, pertencente a un dos cónxuxes perpetuamente ou de por vida, formará parte dos seus bens propios; mais os froitos, pensións e xuros producidos durante o matrimonio serán gananciais.

Compréndese nesta disposición o usufruto que teñen os cónxuxes nos bens dos seus fillos, aínda que sexan doutro matrimonio.»

1.404. REDACCIÓN ORIXINARIA...—«As despesas útiles, feitas nos bens peculiares de calquera dos cónxuxes mediante anticipacións da sociedade ou pola industria do marido ou da muller, son gananciais.

Serano tamén os edificios construídos durante o matrimonio en solo propio dun dos cónxuxes, aboándose o valor do solo ao cónxuxe a quen pertenza.

REDACCIÓN CONFORME A LEI 11/1981, DO 13 DE MAIO.—“Feitas as deducións no patrimonio inventariado que prefixan os artigos anteriores, o remanente constituirá o haber da sociedade de gananciais, que se dividirá por metade entre marido e muller ou os seus respectivos herdeiros.”

1.405. Sempre que o dote ou o capital da propiedade do marido estean constituídos, en todo ou en parte, por gandos que existan ao disolverse a sociedade, reputaranse gananciais as cabezas de gando que excedan as que foron achegadas ao matrimonio.»

1.406. REDACCIÓN ORIXINARIA...—«As ganancias obtidas polo marido ou a muller no xogo, ou as procedentes doutras causas que eximan da restitución, pertencerán á sociedade de gananciais, sen prexuízo, se for o caso, do disposto no Código penal.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI 11/1981, DO 13 DE MAIO.—“Cada cónxuxe terá dereito a que se inclúan con preferencia no seu haber, até onde este alcance:

1.º Os bens de uso persoal non incluídos no número 7 do artigo 1.346.

2.º A explotación agrícola, comercial ou industrial que levase co seu traballo.

3.º O local onde viñese exercendo a súa profesión.

4.º En caso de morte do outro cónxuxe, a vivenda onde tivese a residencia habitual.”

1.407. Repúntanse gananciais todos os bens do matrimonio, mentres non se probe que pertencen privativamente ao marido ou á muller.

Sección cuarta.—Das cargas e obrigacións da sociedade de gananciais

1.408. Serán a cargo da sociedade de gananciais:

1.º Todas as débedas e obrigacións contraídas durante o matrimonio polo marido, e tamén as que contraer a muller nos casos en que poida legalmente obrigá-la á sociedade.

2.º Os atrasos ou réditos producidos, durante o matrimonio, das obrigacións a que estivesen afectos tanto os bens propios dos cónxuxes como os gananciais.

3.º As reparacións menores ou de mera conservación feitas durante o matrimonio nos bens peculiares do marido ou da muller. As reparacións maiores non serán a cargo da sociedade.

4.º As reparacións maiores ou menores dos bens gananciais.

5.º O sostemento da familia e a educación dos fillos comúns e dos lexítimos dun só dos cónxuxes.

1.409. Será tamén a cargo da sociedade de gananciais o importe do doado ou prometido aos fillos comúns polo marido, só para a súa colocación ou carreira, ou por ambos os cónxuxes de común acordo, cando non pactasen que deba satisfacerse cos bens da propiedade dun deles, en todo ou en parte.

1.410. O pagamento das débedas contraídas polo marido ou a muller antes do casamento non estará a cargo da sociedade de gananciais.

Tampouco o estará o das multas e condenas pecuniarias que se lles impuxeren.

No entanto, o pagamento das débedas contraídas polo marido ou a muller con anterioridade ao casamento, e o das multas e condenas que se lles impoñan, poderá repetirse contra os gananciais despois de cubertas as atencións que enumera o artigo 1.408, se o cónxuxe debedor non tivese capital propio ou for insuficiente; mais no momento de liquidarse a sociedade cargaráselle o satisfeito polos conceptos expresados.

1.411. O perdido e pagado durante o matrimonio por algún dos cónxuxes en calquera clase de xogo non diminuírá a súa parte respectiva dos gananciais.

O perdido e non pagado por algún dos cónxuxes en xogo lícito será a cargo da sociedade de gananciais.

Sección quinta.—Da administración da sociedade de gananciais

1.412. O marido é o administrador da sociedade de gananciais, salvo o disposto no artigo 59.»

1.413. REDACCIÓN ORIXINARIA...—«Alén das facultades que ten o marido como administrador, poderá allear e obrigar a título oneroso os bens da sociedade de gananciais sen o consentimento da muller.

No entanto, todo alleamento ou convenio que sobre os ditos bens faga o marido, en contravención deste código ou en fraude da muller, non prexudicará esta nin os seus herdeiros.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI DO 24 DE ABRIL DE 1958.—«O marido, alén das facultades que ten como administrador, poderá allear e obrigar, a título oneroso, os bens da sociedade de gananciais; mais necesitará o consentimento da muller ou, na súa falta, autorización xudicial por solicitude fundada do marido e do modo previsto no parágrafo seguinte, para actos de disposición sobre inmobles ou establecementos mercantís.

Cando o marido veña efectuando actos dispositivos sobre bens non comprendidos no parágrafo anterior que entrañen grave risco para a sociedade de gananciais, poderá o xuíz de primeira instancia, por solicitude fundada da muller, oíndo o seu consorte e precedendo información sumaria, adoptar aquelas medidas de aseguramento que ache procedentes.

En todo caso, non poderán prexudicar a muller nin os seus herdeiros os actos de disposición que o marido realice en contravención deste código ou en fraude da muller, sexa cal for a condición dos bens afectados.»

REDACCIÓN ORIXINARIA...:

«1.414. O marido non poderá dispor por testamento senón da súa metade de gananciais.

1.415. O marido poderá dispor dos bens da sociedade de gananciais para os fins expresados no artigo 1.409.

Tamén poderá facer doazóns moderadas para obxectos de piedade ou beneficencia, mais sen reservar para si o usufruto.

1.416. A muller non poderá obrigar os bens da sociedade de gananciais sen consentimento do marido.

Exceptúanse desta regra os casos previstos no artigo 1.362 e nos artigos 1.441 e 1.442.

Sección sexta.—Da disolución da sociedade de gananciais

1.417. A sociedade de gananciais conclúe ao disolverse o matrimonio ou ao ser declarado nulo.

O cónxuxe que pola súa má fe fose causa da nulidade non terá parte nos bens gananciais.

Concluirá tamén a sociedade nos casos enumerados no artigo 1.433.

Sección sétima.—Da liquidación da sociedade de gananciais

1.418. Disolta a sociedade, procederase inmediatamente á formación do inventario; mais non terá este lugar para a liquidación:

1.º Cando, disolta a sociedade, renunciase aos seus efectos e consecuencias en tempo hábil un dos cónxuxes ou os seus habentes causa.

2.º Cando á disolución da sociedade precedese a separación de bens.

3.º No caso a que se refire o parágrafo segundo do artigo anterior.

No caso de renuncia, ficará sempre a salvo o dereito concedido aos acredores polo artigo 1.001.

1.419. O inventario comprenderá numericamente, para colacionar, as cantidades que, tendo sido pagadas pola sociedade de gananciais, deban rebaixarse do dote ou do capital do marido, consonte os artigos 1.366, 1.377 e 1.427.

Tamén se traerá a colación o importe das doazóns e alleamentos que deban considerarse ilegais ou fraudulentos, con suxeición ao artigo 1.413.

1.420. Non se incluírán no inventario os efectos que constitúan o leito de que usaban ordinariamente os esposos. Estes efectos, ben como as roupas e vestidos do seu uso ordinario, entregaranse ao que deles sobreviva.

1.421. Terminado o inventario, en primeiro lugar liquidarase e pagarase o dote da muller, segundo as regras que para a súa restitución se determinan na sección terceira, capítulo III, deste título, e con suxeición ao disposto nos artigos seguintes.

1.422. Despois de pagar o dote e os parafernais da muller pagaranse as débedas e as cargas e obrigacións da sociedade.

Cando o patrimonio inventariado non alcanzar para cumprir todo o disposto neste artigo e no anterior, observarase o determinado no título XVII deste libro.

1.423. Pagas as débedas e as cargas e obrigacións da sociedade, liquidarase e pagarase o capital do marido até onde alcance o patrimonio inventariado, facendo as rebaixas que correspondan polas mesmas regras que, respecto do dote, determina o artigo 1.366.

1.424. Feitas as deducións no patrimonio inventariado que prefixan os tres artigos anteriores, o remanente do mesmo patrimonio constituirá o haber da sociedade de gananciais.

1.425. As perdas ou deterioración que sufrise os bens mobles da propiedade de calquera dos cónxuxes, aínda que sexa por caso fortuíto, pagarase dos gananciais cando os houber.

Os sufridos nos bens inmobles non serán aboables en ningún caso, excepto os que recaian en bens dotais e procedan de culpa do marido, os cales se indemnizarán segundo o disposto nos artigos 1.360 e 1.373.

1.426. O remanente líquido dos bens gananciais dividirase por metade entre marido e muller ou os seus respectivos herdeiros.

1.427. Da masa da herdanza do marido custearase o vestido de loito para a viúva, segundo o disposto polo artigo 1.397. Os herdeiros daquel aboaranse consonte a súa clase e fortuna.

1.428. Canto á formación do inventario, regras sobre taxación e venda de bens da sociedade de gananciais, garantía e afianzamento dos respectivos dotes e demais que non se ache expresamente determinado polo presente capítulo, observarase o prescrito na sección quinta, capítulo V, título III, do libro terceiro, e na segunda e terceira, capítulo III, deste título.

1.429. Cando a sociedade de gananciais se disolva por anulación do casamento, observarase o establecido nos artigos 1.373, 1.378, 1.417 e 1.440; e se se dissolve por causa da separación dos bens dos esposos, cumprirase o disposto no capítulo VI deste título.

1.430. Da masa común de bens daranse alimentos ao cónxuxe supervivente e aos seus fillos mentres se faga a liquidación do patrimonio inventariado e até que se lles entregue o seu haber; mais rebaixaránselles deste na parte en que excedan o que lles tería correspondido por razón de froitos ou rendas.

1.431. Sempre que se deba executar simultaneamente a liquidación dos bens gananciais de dous ou máis matrimonios contraídos por unha mesma persoa, para determinar o capital de cada sociedade admitirase toda clase de probas na falta de inventarios; e, en caso de dúbida, dividiránse os gananciais entre as diferentes sociedades, proporcionalmente ao tempo da súa duración e aos bens da propiedade dos respectivos cónxuxes.

CAPÍTULO VI

DA SEPARACIÓN DOS BENS DOS CÓNXUXES E DA SÚA ADMINISTRACIÓN POLA MULLER DURANTE O MATRIMONIO

1.432. Na falta de declaración expresa nas capitulacións matrimoniais, a separación de bens entre os cónxuxes durante o matrimonio non terá lugar senón en virtude de providencia xudicial, salvo o caso previsto no artigo 50.»

1.433. REDACCIÓN ORIXINARIA...—«O marido e a muller poderán solicitar a separación de bens, e deberá decretarse cando o cónxuxe do demandante fose condenado a unha pena que leve consigo a interdicción civil, ou fose declarado ausente, ou dese causa ao divorcio.

Para que se decrete a separación, bastará presentar a sentenza firme que recaese contra o cónxuxe culpable ou ausente en cada un dos tres casos expresados.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI DO 24 DE ABRIL DE 1958.—«O marido e a muller poderán solicitar a separación de bens, e deberá decretarse cando o cónxuxe do demandante fose condenado a unha pena que leve consigo a interdicción civil, ou fose declarado ausente, ou dese causa á separación persoal.

Para que se decrete a separación, bastará presentar a sentenza firme que recaese contra o cónxuxe culpable ou ausente en cada un dos tres casos expresados.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI 14/1975, DO 2 DE MAIO.—«O marido e a muller poderán solicitar a separación de bens, e deberá decretarse:

1.º Cando se ditase sentenza de separación persoal.

2.º Cando o cónxuxe do demandante fose declarado ausente ou fose condenado a unha pena que leve consigo a interdicción civil.

Para que se decrete a separación de bens bastará presentar a resolución xudicial firme ditada respecto de cada un dos casos expresados.»

1.434. REDACCIÓN ORIXINARIA...—«Acordada a separación de bens, ficará disolta a sociedade de gananciais, e farase a súa liquidación conforme o establecido por este código.

No entanto, o marido e a muller deberán atender reciprocamente ao seu sostemento durante a separación, e ao sostemento dos fillos, ben como á educación destes; todo en proporción aos seus respectivos bens.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI 14/1975, DO 2 DE MAIO.—«Acordada a separación de bens por calquera das causas previstas no artigo anterior, ficará disolta a sociedade de gananciais e farase a súa liquidación conforme o establecido por este código.

A administración e disposición dos bens que se adxudiquen ao ausente ou ao sometido a interdicción corresponderá ao seu representante ou titor, de acordo co seu réxime específico.»

1.435. REDACCIÓN ORIXINARIA...—«A facultade de administrar os bens do matrimonio, outorgada por este código ao marido, subsistirá cando a separación se acordase pola súa instancia; mais non terá a muller neste caso dereito aos gananciais posteriores, e regularanse os dereitos e obrigacións do marido polo disposto nas seccións segunda e terceira, capítulo terceiro, deste título.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI 14/1975, DO 2 DE MAIO.—«A separación de bens non exime os cónxuxes das súas obrigacións no relativo ao levantamento das cargas da familia.»

1.436. REDACCIÓN ORIXINARIA...—«Se a separación se acordou por instancia da muller por interdicción civil do marido, transferiráselle a ela a administración de todos os bens do matrimonio e o dereito a todos os gananciais posteriores, con exclusión do marido.

Se a separación se acordar por ter sido declarado ausente o marido ou por ter dado motivo para o divorcio, a muller entrará na administración do seu dote e dos demais bens que por resultado da liquidación lle correspondesen.

En todos os casos a que este artigo se refire ficará a muller obrigada ao cumprimento de canto dispón o parágrafo segundo do artigo 1.434.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI DO 24 DE ABRIL DE 1958.—«Se a separación se acordou por instancia da muller por interdicción civil do marido, transferiráselle a ela a administración de todos os bens do matrimonio e o dereito a todos os gananciais posteriores, con exclusión do marido.

Se a separación se acordar por ter sido declarado ausente o marido ou por ter dado motivo para a separación persoal, a muller entrará na administración do seu dote e dos demais bens que por resultado da liquidación lle correspondesen.

En todos os casos a que este artigo se refire ficará a muller obrigada ao cumprimento de canto dispón o parágrafo segundo do artigo 1.434.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI 14/1975, DO 2 DE MAIO.—«O marido e a muller deberán atender reciprocamente ao seu sostemento durante a separación, e ao dos fillos, ben como á educación destes; todo en proporción aos seus respectivos bens.»

1.437. REDACCIÓN ORIXINARIA...—«A demanda de separación e a sentenza firme en que se declare deberanse anotar e inscribir, respectivamente, nos rexistros da propiedade que corresponda, se recaeren sobre bens inmobles.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI 14/1975, DO 2 DE MAIO.—«A demanda de separación e a sentenza firme en que se declare deberanse anotar e inscribir, respectivamente, no rexistro da propiedade que corresponda, se recaeren sobre bens inmobles.»

1.438. REDACCIÓN ORIXINARIA...—«A separación de bens non prexudicará os dereitos adquiridos con anterioridade polos acredores.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI 14/1975, DO 2 DE MAIO.—«A separación de bens non prexudicará en ningún caso os dereitos xa adquiridos polos acredores.»

1.439. REDACCIÓN ORIXINARIA...—«Cando cesar a separación pola reconciliación en caso de divorcio, ou por ter desaparecido a causa nos demais casos, volveranse rexer os bens do matrimonio polas mesmas regras que antes da separación, sen prexuízo do que durante esta se executase legalmente.

Ao se reuniren farán constar os cónxuxes, por escritura pública, os bens que novamente acheguen, e estes serán os que constitúan respectivamente o capital propio de cada un.

No caso deste artigo, reputarase sempre nova achega a de todos os bens, aínda que, en parte ou en todo, sexan os mesmos existentes antes da liquidación practicada por causa da separación.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI DO 24 DE ABRIL DE 1958.—«Cando cesar a separación pola reconciliación en caso de separación persoal, ou por ter desaparecido a causa nos demais casos, volveranse rexer os bens do matrimonio polas mesmas regras que antes da separación, sen prexuízo do que durante esta se executase legalmente.

Ao se reuniren farán constar os cónxuxes, por escritura pública, os bens que novamente acheguen, e estes serán os que constitúan respectivamente o capital propio de cada un.

No caso deste artigo reputarase sempre nova achega a de todos os bens, aínda que en parte ou en todo sexan os mesmos existentes antes da liquidación practicada por causa da separación.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI 14/1975, DO 2 DE MAIO.—«A reconciliación dos cónxuxes, en caso de separación persoal, ou a desaparición das causas que a motiven, nos demais casos, non alterará a separación de bens decretada, agás que os propios esposos acorden o contrario en capitulacións matrimoniais. Nelas farán constar os bens que novamente acheguen, e estes serán os que constitúan, respectivamente, o capital propio de cada un.

Neste caso reputarase sempre nova achega a da totalidade dos bens, aínda que, en todo ou en parte, sexan os mesmos existentes antes da liquidación practicada por causa da separación.»

1.440. REDACCIÓN ORIXINARIA...—«A separación non autorizará os cónxuxes para exercerem os dereitos estipulados no suposto da morte dun deles, nin os que se lles conceden nos artigos 1.374 e 1.420, mais tampouco os prexudicará para o seu exercicio cando chegue aquel caso, agás o disposto no artigo 73.»

1.441. REDACCIÓN ORIXINARIA...—«A administración dos bens do matrimonio transferirase á muller:

1.º Sempre que sexa titora do seu marido, consonte o artigo 220.

2.º Cando pida a declaración de ausencia do mesmo marido, consonte os artigos 183 e 185.

3.º No caso do parágrafo primeiro do artigo 1.436.

Os tribunais conferirán tamén a administración á muller, coas limitacións que achen convenientes, se o marido estiver prófugo ou declarado rebelde en causa criminal, ou se, encontrándose absolutamente impedido para a administración, non proveuse sobre ela.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI 14/1975, DO 2 DE MAIO.—«A administración dos bens do matrimonio transferirase á muller por ministerio da lei:

1.º Cando sexa titora do seu marido.

2.º Cando se pedise a declaración de ausencia deste e mentres non se acorde a separación de bens.

3.º Cando o marido fose declarado prófugo pola autoridade militar ou rebelde en causa criminal.

Os tribunais conferirán tamén a administración á muller se o marido abandonase a familia ou se, encontrándose absolutamente impedido para a administración, non proveuse sobre ela.»

1.442. REDACCIÓN ORIXINARIA...—«A muller en quen recaía a administración de todos os bens do matrimonio terá, respecto deles, idénticas facultades e responsabilidades que o marido cando a exerce, mais sempre con suxeición ao disposto no último parágrafo do artigo anterior e no artigo 1.444.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI 14/1975, DO 2 DE MAIO.—«A muller en quen recaía a administración terá idénticas facultades e responsabilidade que o marido cando a exerce.»

1.443. REDACCIÓN ORIXINARIA...—«Transferirase á muller a administración do seu dote no caso previsto polo artigo 225 e cando os tribunais o ordenaren en virtude do disposto polo artigo 1.441; mais ficando suxeita ao determinado no parágrafo segundo do artigo 1.434.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI 14/1975, DO 2 DE MAIO.—«Transferirase á muller a administración do seu dote no caso previsto polo artigo 225 e cando os tribunais o ordenaren en virtude do disposto polo artigo 1.441, mais ficando suxeita ao determinado no artigo 1.435.»

1.444. REDACCIÓN ORIXINARIA...—«Disposición xeral:

A muller non poderá allear nin gravar, durante o matrimonio, sen licenza xudicial, os bens inmobles que lle correspondesen en caso de separación, nin aqueles cuxa administración se lle transferise.

A licenza outorgase sempre que se xustifique a conveniencia ou necesidade do alleamento.

Cando esta se refira a valores públicos, ou créditos de empresas e compañías mercantís, e non poida adiarse sen prexuízo grave ou inminente do patrimonio administrado, a muller, con intervención de axente ou corredor, poderaos vender, consignando en depósito xudicial o produto, até que se dite a aprobación do xuíz ou tribunal competente.

O axente corredor responderá sempre persoalmente de que se faga a consignación ou depósito a que se refire o parágrafo anterior.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI 14/1975, DO 2 DE MAIO.—«A muller que administre os bens do matrimonio en virtude do disposto no artigo 1.441 terá as mesmas facultades que ao marido lle outorga o artigo 1.413, e necesitará a autorización xudicial prevista no mesmo artigo para actos de disposición sobre inmobles e establecementos mercantís.»

TÍTULO IV

Do contrato de compra e venda

CAPÍTULO PRIMEIRO

DA NATUREZA E FORMA DESTES CONTRATOS

1.445. Polo contrato de compra e venda un dos contratantes fica obrigado a entregar unha cousa determinada e o outro a pagar por ela un prezo certo, en diñeiro ou signo que o represente.

1.446. Se o prezo da venda consistir parte en diñeiro e parte noutra cousa, cualificarase o contrato pola intención manifesta dos contratantes. De non constar esta, terase por permuta, se o valor da cousa dada en parte do prezo excede o

1.447 do diñeiro ou o seu equivalente; e por venda, no caso contrario.

1.447. Para que o prezo se teña por certo bastará que o sexa con referencia a outra cousa certa, ou que se deixe o seu sinalamento ao arbitrio de persoa determinada.

Se esta non puiden ou non quixer sinalalo, ficará ineficaz o contrato.

1.448. Tamén se terá por certo o prezo na venda de valores, grans, líquidos e demais cousas funxibles, cando se sinalen o que a cousa vendida teña en determinado día, bolsa ou mercado, ou se fixe un tanto maior ou menor que o prezo do día, bolsa ou mercado, con tal de que sexa certo.

1.449. O sinalamento do prezo non poderá nunca deixarse ao arbitrio dun dos contratantes.

1.450. A venda perfeccionarase entre comprador e vendedor, e será obrigatoria para ambos, de teren convido na cousa obxecto do contrato e no prezo, aínda que nin unha nin outro se entregasen.

1.451. A promesa de vender ou comprar, habendo conformidade na cousa e no prezo, dará dereito aos contratantes para reclamar reciprocamente o cumprimento do contrato.

Sempre que non se poida cumprir a promesa de compra e venda, rexeirá para vendedor e comprador, segundo os casos, o disposto acerca das obrigacións e contratos no presente libro.

1.452. O dano ou proveito da cousa vendida, despois de perfeccionado o contrato, regularase polo disposto nos artigos 1.096 e 1.182.

Esta regra aplicarase á venda de cousas funxibles feita illadamente e por un só prezo, ou sen consideración ao seu peso, número ou medida.

Se as cousas funxibles se venderen por un prezo fixado con relación ao peso, número ou medida, non se imputará o risco ao comprador até que se pesasen, contasen ou medisen, a non ser que este se constituíse en mora.

1.453. A venda feita en calidade de ensaio ou proba da cousa vendida, e a venda das cousas que é costume gustar ou

probar antes de recibilas, presumíranse feitas sempre baixo **1.459**
condición suspensiva.

1.454. De teren mediado arras ou sinal no contrato de compra e venda, poderase rescindir o contrato se se avén o comprador a perdelas, ou o vendedor a devolvelas duplicadas.

1.455. Os gastos de outorgamento de escrituras serán de conta do vendedor, e os da primeira copia e os demais posteriores á venda serán de conta do comprador, salvo pacto en contrario.

1.456. O alleamento forzoso por causa de utilidade pública rexeráse polo que establezan as leis especiais.

CAPÍTULO II

DA CAPACIDADE PARA COMPRAR OU VENDER

1.457. Poderán celebrar o contrato de compra e venda todas as persoas a que este código autoriza para obrigarse, salvo as modificacións contidas nos artigos seguintes.

1.458. Os cónxuxes poderanse vender bens reciprocamente.

Redactado conforme a Lei 13/2005, do 1 de xullo.

REDACCIÓN ORIXINARIA...—«O marido e a muller non se poderán vender bens reciprocamente senón cando se pactase a separación de bens, ou cando houber separación xudicial dos mesmos bens, autorizada consonte o capítulo VI, título III, deste libro.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI 11/1981, DO 13 DE MAIO.- «O marido e a muller poderanse vender bens reciprocamente.»

1.459. Non poderán adquirir por compra, aínda que sexa en poxa pública ou xudicial, por si nin por persoa ningunha intermedia:

1.º Os que desempeñen algún cargo tutelar, os bens da persoa ou persoas que estean baixo o seu garda ou protección.

2.º Os mandatarios, os bens de cuxa administración ou alleamento estiveren encargados.

3.º Os testamenteiros, os bens confiados ao seu cargo.

4.º Os empregados públicos, os bens do Estado, dos municipios, das poboacións e dos establecementos tamén públicos, de cuxa administración estiveren encargados.

Esta disposición rexerá para os xuíces e peritos que de calquera modo interviñeren na venda.

5.º Os maxistrados, xuíces, individuos do Ministerio Fiscal, secretarios de tribunais e xulgados e oficiais de xustiza, os bens e dereitos que estiveren en litixio ante o tribunal en cuxa xurisdición ou territorio exerceren as súas respectivas funcións, estendéndose esta prohibición ao acto de adquirir por cesión.

Exceptuarase desta regra o caso en que se trate de accións hereditarias entre coherdeiros, ou de cesión en pagamento de créditos, ou de garantía dos bens que posúan.

A prohibición contida neste número 5.º comprenderá os avogados e procuradores respecto aos bens e dereitos que foren obxecto dun litixio en que interveñan pola súa profesión e oficio.

Redactado conforme a Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro.

REDACCIÓN ORIXINARIA...—«Non poderán adquirir por compra, aínda que sexa en poxa pública ou xudicial, por si nin por persoa ningunha intermedia:

1.º O titor ou protitor, os bens da persoa ou persoas que estean baixo a súa tutela.

2.º Os mandatarios, os bens de cuxa administración ou alleamento estiveren encargados.

3.º Os testamenteiros, os bens confiados ao seu cargo.

4.º Os empregados públicos, os bens do Estado, dos municipios, das poboacións e dos establecementos tamén públicos, de cuxa administración estiveren encargados.

Esta disposición rexerá para os xuíces e peritos que de calquera modo interviñeren na venda.

5.º Os maxistrados, xuíces, individuos do Ministerio Fiscal, secretarios de tribunais e xulgados e oficiais de xustiza, os bens e dereitos que estiveren en litixio ante o tribunal en cuxa xurisdición ou territorio exerceren as súas respectivas funcións, estendéndose esta prohibición ao acto de adquirir por cesión.

Exceptuarase desta regra o caso en que se trate de accións hereditarias entre coherdeiros, ou de cesión en pagamento de créditos, ou de garantía dos bens que posúan.

A prohibición contida neste número 5.º comprenderá os avogados e procuradores respecto aos bens e dereitos que foren obxecto dun litixio en que interveñan pola súa profesión e oficio.»

1.463

CAPÍTULO III

DOS EFECTOS DO CONTRATO DE COMPRA E VENDA CANDO SE PERDEU A COUSA VENDIDA

1.460. Se ao se celebrar a venda se tivese perdido na súa totalidade a cousa obxecto dela, ficará sen efecto o contrato.

Mais se se tivese perdido só en parte, o comprador poderá optar entre desistir do contrato ou reclamar a parte existente, aboando o seu prezo en proporción ao total convido.

CAPÍTULO IV

DAS OBRIGACIÓNS DO VENDEDOR

Sección 1.ª Disposición xeral

1.461. O vendedor está obrigado á entrega e saneamento da cousa obxecto da venda.

Sección 2.ª Da entrega da cousa vendida

1.462. Entenderase entregada a cousa vendida cando se poña en poder e posesión do comprador.

Cando se faga a venda mediante escritura pública, o outorgamento desta equivalerá á entrega da cousa obxecto do contrato, se da mesma escritura non resultar ou se deducir claramente o contrario.

1.463. Fóra dos casos que expresa o artigo precedente, a entrega dos bens mobles efectuarase: pola entrega das chaves do lugar ou sitio onde se encontran almacenados ou gardados, e polo simple acordo ou conformidade dos contratantes, se a cousa vendida non pode trasladarse a poder do comprador no instante da venda, ou se este a tiña xa no seu poder por algún outro motivo.

1.464. Respecto dos bens incorporais, reixerá o disposto no parágrafo 2.º do artigo 1.462. En calquera outro caso en que este non teña aplicación entenderase por entrega o feito de pór en poder do comprador os títulos de pertenza, ou o uso que faga do seu dereito o mesmo comprador, consentíndoo o vendedor.

1.465. Os gastos para a entrega da cousa vendida serán por conta do vendedor, e os do seu transporte ou traslado, por conta do comprador, salvo o caso de estipulación especial.

1.466. O vendedor non estará obrigado a entregar a cousa vendida se o comprador non lle pagou o prezo ou non se sinalou no contrato un prazo para o pagamento.

1.467. Tampouco terá obrigación o vendedor de entregar a cousa vendida cando se conviñese nun adiamento ou termo para o pagamento, se despois da venda se descobre que o comprador é insolvente, de tal sorte que o vendedor corre inminente risco de perder o prezo.

Exceptúase desta regra o caso en que o comprador afiance pagar no prazo convido.

1.468. O vendedor deberá entregar a cousa vendida no estado en que se encontraba ao perfeccionarse o contrato.

Todos os froitos pertencerán ao comprador desde o día en que se perfeccionou o contrato.

1.469. A obrigación de entregar a cousa vendida comprende a de pór en poder do comprador todo o que exprese o contrato, mediante as regras seguintes: se a venda de bens inmobles se fixo con expresión da súa cabida, a razón dun prezo por unidade de medida ou número, terá obrigación o vendedor de entregar ao comprador, se este o exige, todo canto se expresase no contrato; mais se isto non for posible, poderá o comprador optar entre unha rebaixa proporcional do prezo ou a rescisión do contrato, sempre que, neste último caso, non baixe da décima parte da cabida a diminución da que se lle atribuíse ao inmovible.

O mesmo se fará, aínda que resulte igual cabida, se algunha parte dela non é da calidade expresada no contrato. **1.473**

A rescisión, neste caso, só terá lugar por vontade do comprador, cando o menos valor da cousa vendida exceda a décima parte do prezo convido.

1.470. Se, no caso do artigo precedente, resultar maior cabida ou número no inmovible que os expresados no contrato, o comprador terá a obrigación de pagar o exceso de prezo se a maior cabida ou número non pasa da vixésima parte dos sinalados no mesmo contrato; mais se excederen a dita vixésima parte, o comprador poderá optar entre satisfacer o maior valor do inmovible ou desistir do contrato.

1.471. Na venda dun inmovible feita por prezo global e non a razón dun tanto por unidade de medida ou número, non terá lugar o aumento ou diminución do prezo, aínda que resulte maior ou menor cabida ou número dos expresados no contrato.

Isto mesmo terá lugar cando sexan dous ou máis predios os vendidos por un só prezo, mais se, ademais de expresarse as extremas, indispensables en todo alleamento de inmovibles, se designaren no contrato a súa cabida ou número, o vendedor estará obrigado a entregar todo o que se comprenda dentro das mesmas extremas, mesmo que exceda a cabida ou número expresados no contrato; e, se non puiden, sufrirá unha diminución no prezo, proporcional ao que falte de cabida ou número, a non ser que o contrato fiquen anulado por non conformarse o comprador con que se deixe de entregar o que se estipulou.

1.472. As accións que nacen dos tres artigos anteriores prescribirán aos seis meses, contados desde o día da entrega.

1.473. Se unha mesma cousa se vendeu a diferentes compradores, a propiedade transferirase á persoa que primeiro tomase posesión dela con boa fe, se for moble.

Se for inmovible, a propiedade pertencerá ao adquirente que antes a inscribise no rexistro.

1.474 Cando non haxa inscrición, pertencerá a propiedade a quen de boa fe sexa primeiro na posesión; e, faltando esta, a quen presente título de data máis antiga, sempre que haxa boa fe.

Sección 3.^a Do saneamento

1.474. En virtude do saneamento a que se refire o artigo 1.461, o vendedor responderá ao comprador:

- 1.º Da posesión legal e pacífica da cousa vendida.
- 2.º Dos vicios ou defectos ocultos que tiver.

§ 1.º Do saneamento en caso de evicción

1.475. Terá lugar a evicción cando se prive o comprador, por sentenza firme e en virtude dun dereito anterior á compra, de todo ou parte da cousa comprada.

O vendedor responderá da evicción aínda que nada se expresase no contrato.

Os contratantes, porén, poderán aumentar, diminuír ou suprimir esta obrigación legal do vendedor.

1.476. Será nulo todo pacto que exima o vendedor de responder da evicción, sempre que houber má fe da súa parte.

1.477. Cando o comprador renunciase o dereito ao saneamento para o caso de evicción, unha vez chegado este deberá o vendedor entregar unicamente o prezo que tiver a cousa vendida no momento da evicción, a non ser que o comprador fixese a renuncia con coñecemento dos riscos da evicción e someténdose ás súas consecuencias.

1.478. Cando se estipulase o saneamento ou cando nada se pactase sobre este punto, se a evicción se realizou, terá o comprador dereito a exixir do vendedor:

- 1.º A restitución do prezo que tiver a cousa vendida no momento da evicción, xa sexa maior ou menor que o da venda.
- 2.º Os froitos ou rendementos, se foi condenado a entregalos a quen o venceu en xuízo.

3.º As custas do preito que motivase a evicción e, se for **1.482**
o caso, as do seguido co vendedor para o saneamento.

4.º Os gastos do contrato, se os pagou o comprador.

5.º Os danos e xuros e os gastos voluntarios ou de puro
recreo ou ornato, se se vendeu de má fe.

1.479. Se o comprador perder, por efecto da evicción, unha parte da cousa vendida de tal importancia con relación á totalidade que sen a devandita parte non a tería comprado, poderá exixir a rescisión do contrato; mais coa obrigación de devolver a cousa sen máis gravames que os que tivese ao adquirila.

Isto mesmo se observará cando se venderen dúas ou máis cousas conxuntamente por un prezo global, ou particular para cada unha delas, se constar claramente que o comprador non tería comprado unha sen outra.

1.480. O saneamento non se poderá exixir até que se pronunciase sentenza firme pola cal se condene o comprador á perda da cousa adquirida ou de parte dela.

1.481. O vendedor estará obrigado ao saneamento que corresponda, sempre que resulte probado que se lle notificou a demanda de evicción por instancia do comprador. Faltando a notificación, o vendedor non estará obrigado ao saneamento.

1.482. O comprador demandado solicitará, dentro do prazo que a Lei de axuizamento civil sinala para contestar a demanda, que esta se notifique ao vendedor ou vendedores no prazo máis breve posible.

A notificación farase como a mesma lei establece para emprazar os demandados.

O prazo de contestación para o comprador ficará en suspenso mentres non expiren os que para comparecer e contestar á demanda se sinalen ao vendedor ou vendedores, que serán os mesmos prazos que determina para todos os demandados a expresada Lei de axuizamento civil, contados desde a notificación establecida polo parágrafo primeiro deste artigo.

1.483 Se os citados de evicción non compareceren en tempo e forma, continuará, respecto do comprador, o prazo para contestar a demanda.

1.483. Se o predio vendido estiver gravado, sen mencionalo a escritura, con algunha carga ou servidume non aparente, de tal natureza que deba presumirse que non o tería adquirido o comprador de a ter coñecido, poderá pedir a rescisión do contrato, a non ser que prefira a indemnización correspondente.

Durante un ano, contado desde o outorgamento da escritura, poderá o comprador exercer a acción rescisoria ou solicitar a indemnización.

Transcorrido o ano, só poderá reclamar a indemnización dentro dun período igual, contado desde o día en que descubriuse a carga ou servidume.

§ 2.º Do saneamento polos defectos ou gravames ocultos da cousa vendida

1.484. O vendedor estará obrigado ao saneamento polos defectos ocultos que tiver a cousa vendida, se a fan impropia para o uso a que vai destinada, ou se diminúen de tal modo este uso que, de telos coñecido o comprador, non o tería adquirido ou tería dado menos prezo por ela; mais non será responsable dos defectos manifestos ou que estiveren á vista, nin tampouco dos que non o estean, se o comprador é un perito que, por razón do seu oficio ou profesión, debía facilmente coñecelos.

1.485. O vendedor responde ao comprador do saneamento polos vicios ou defectos ocultos da cousa vendida, aínda que os ignorese.

Esta disposición non reixerá cando se estipulase o contrario, e o vendedor ignorese os vicios ou defectos ocultos do vendido.

1.486. Nos casos dos dous artigos anteriores, o comprador poderá optar entre desistir do contrato, aboándosele os gastos que pagou, ou rebaixar unha cantidade proporcional do prezo, a xuízo de peritos.

Se o vendedor coñecía os vicios ou defectos ocultos da cousa vendida e non llos manifestou ao comprador, terá este a mesma opción e ademais será indemnizado polos danos e perdas, de optar pola rescisión. **1.493**

1.487. Se a cousa vendida se perder por efecto dos vicios ocultos, coñecéndoo o vendedor, sufrirá este a perda, e deberá restituír o prezo e aboar os gastos do contrato, cos danos e perdas. Se non os coñecía, debe só restituír o prezo e aboar os gastos do contrato que pague o comprador.

1.488. Se a cousa vendida tiña algún vicio oculto no momento da venda, e se perde despois por caso fortuíto ou por culpa do comprador, poderá este reclamar do vendedor o prezo que pagou, coa rebaixa do valor que a cousa tiña no momento de se perder.

Se o vendedor obrou de má fe, deberá aboar ao comprador os danos e xuros.

1.489. Nas vendas xudiciais nunca procederá a responsabilidade por danos e perdas; mais si todo o demais disposto nos artigos anteriores.

1.490. As accións que emanan do disposto nos cinco artigos precedentes extinguíranse aos seis meses, contados desde a entrega da cousa vendida.

1.491. Vendéndose dous ou máis animais xuntamente, sexa nun prezo global, sexa sinalándoo a cada un deles, o vicio redhibitorio de cada un dará só lugar á súa redhibición, e non á dos outros, a non ser que apareza que o comprador non tería comprado o san ou sans sen o vicioso.

Presúmese isto último cando se compra un tiro, xugada, parella ou xogo, aínda que se sinalase un prezo separado a cada un dos animais que o compoñen.

1.492. O disposto no artigo anterior respecto da venda de animais enténdese igualmente aplicable á doutras cousas.

1.493. O saneamento polos vicios ocultos dos animais e gandos non terá lugar nas vendas feitas en feira ou en poxa

1.494 pública, nin na de cabalgaduras alleadas como de refugallo, salvo o caso previsto no artigo seguinte.

1.494. Non serán obxecto do contrato de venda os gandos e animais que padezan enfermidades contaxiosas. Calquera contrato que se fixer respecto deles será nulo.

Tamén será nulo o contrato de venda dos gandos e animais, se, expresándose no mesmo contrato o servizo ou uso para que se adquiren, resultaren inútiles para prestalo.

1.495. Cando o vicio oculto dos animais, aínda que se practicase recoñecemento facultativo, sexa de tal natureza que non basten os coñecementos periciais para o seu descubrimento, reputarase redhibitorio.

Mais se o profesor, por ignorancia ou má fe, deixase de descubri-lo ou manifestalo, será responsable dos danos e perdas.

1.496. A acción redhibitoria que se funde nos vicios ou defectos dos animais deberá interporse dentro de corenta días, contados desde o da súa entrega ao comprador, salvo que, polo uso en cada localidade, estean establecidos maiores ou menores prazos.

Esta acción nas vendas de animais só se poderá exercer respecto dos vicios e defectos deles que estean determinados pola lei ou polos usos locais.

1.497. Se o animal morrer aos tres días de comprado, será responsable o vendedor, sempre que a enfermidade que ocasionou a morte existise antes do contrato, a xuízo dos facultativos.

1.498. Resolta a venda, o animal deberá ser devolto no estado en que foi vendido e entregado, e o comprador será responsable de calquera deterioración debida á súa negligencia, e que non proceda do vicio ou defecto redhibitorio.

1.499. Nas vendas de animais e gandos con vicios redhibitorios, gozará tamén o comprador da facultade expresada no artigo 1.486; mais deberá usar dela dentro do mesmo termo que para o exercicio da acción redhibitoria fica respectivamente sinalado.

DAS OBRIGACIÓNS DO COMPRADOR

1.500. O comprador está obrigado a pagar o prezo da cousa vendida no tempo e lugar fixado polo contrato.

Se non se fixaron, deberase facer o pagamento no tempo e lugar en que se faga a entrega da cousa vendida.

1.501. O comprador deberá xuros polo tempo que medie entre a entrega da cousa e o pagamento do prezo, nos tres casos seguintes:

- 1.º Se así se acordou.
- 2.º Se a cousa vendida e entregada produce froito ou renda.
- 3.º Se se constituíu en mora, consonte o artigo 1.100.

1.502. Se o comprador for perturbado na posesión ou dominio da cousa adquirida, ou tiver fundado temor de selo por unha acción reivindicatoria ou hipotecaria, poderá suspender o pagamento do prezo até que o vendedor fixese cesar a perturbación ou o perigo, a non ser que afiance a devolución do prezo se for o caso, ou se estipulase que, malia calquera continxencia daquela clase, o comprador estará obrigado a verificar o pagamento.

1.503. Se o vendedor tiver fundado motivo para temer a perda da cousa inmobile vendida e o prezo, poderá promover inmediatamente a resolución da venda.

De non existir este motivo, observarse o disposto no artigo 1.124.

1.504. Na venda de bens inmobiles, aínda que se estipulase que por falta de pagamento do prezo no tempo convindo terá lugar de pleno dereito a resolución do contrato, o comprador poderá pagar, incluso despois de expirado o prazo, mentres non fose requirido xudicialmente ou por acta notarial. Feito o requirimento, o xuíz non poderá concederlle novo termo.

1.505. Respecto dos bens mobles, a resolución da venda terá lugar de pleno dereito, en interese do vendedor, cando o

1.506 comprador, antes de vencer o prazo fixado para a entrega da cousa, non se presentase a recibila, ou, presentándose, non ofrecese ao mesmo tempo o prezo, salvo que para o pagamento deste se pactase maior dilación.

CAPÍTULO VI

DA RESOLUCIÓN DA VENDA

1.506. A venda resólvese polas mesmas causas que todas as obrigacións e, ademais, polas expresadas nos capítulos anteriores, e polo retracto convencional ou polo legal.

Sección 1.ª Do retracto convencional

1.507. Terá lugar o retracto convencional cando o vendedor reserve para si o dereito de recuperar a cousa vendida, con obrigación de cumprir o expresado no artigo 1.518 e o demais que se pactase.

1.508. O dereito de que trata o artigo anterior durará, na falta de pacto expreso, catro anos contados desde a data do contrato.

En caso de estipulación, o prazo non poderá exceder os dez anos.

1.509. Se o vendedor non cumpre o prescrito no artigo 1.518, o comprador adquirirá irrevogablemente o dominio da cousa vendida.

1.510. O vendedor poderá exercer a súa acción contra todo posuidor que traia o seu dereito do comprador, aínda que no segundo contrato non se fixese mención do retracto convencional, salvo o disposto na Lei hipotecaria respecto de terceiros.

1.511. O comprador substitúe o vendedor en todos os seus dereitos e accións.

1.512. Os acredores do vendedor non poderán facer uso do retracto convencional contra o comprador, senón despois de ter feito excusión nos bens do vendedor.

1.513. O comprador con pacto de retroventa dunha parte de predio indiviso que adquira a totalidade del no caso do artigo 404, poderá obrigar o vendedor a redimir a totalidade, se este quere facer uso do retracto. **1.518**

1.514. Cando varios, conxuntamente e nun só contrato, vendan un predio indiviso con pacto de retroventa, ningún deles poderá exercer este dereito máis que pola súa parte respectiva.

O mesmo se observará se o que vendeu por si só un predio deixou varios herdeiros, caso en que cada un destes só poderá redimir a parte que adquirise.

1.515. Nos casos do artigo anterior, o comprador poderá exixir de todos os vendedores ou coherdeiros que se poñan de acordo sobre a redención da totalidade da cousa vendida; e, se así non o fixeren, non se poderá obrigar o comprador ao retracto parcial.

1.516. Cada un dos copropietarios dun predio indiviso que vendese separadamente a súa parte, poderá exercer, coa mesma separación, o dereito de retracto pola súa porción respectiva, e o comprador non o poderá obrigar a redimir a totalidade do predio.

1.517. Se o comprador deixar varios herdeiros, a acción de retracto non poderá exercerse contra cada un senón pola súa parte respectiva, quer se ache indivisa, quer se distribuíse entre eles.

Mais se se dividiu a herdanza, e a cousa vendida se adxudicou a un dos herdeiros, a acción de retracto poderá tentarse contra el pola totalidade.

1.518. O vendedor non poderá facer uso do dereito de retracto sen reembolsar ao comprador o prezo da venda, e ademais:

1.º Os gastos do contrato e calquera outro pagamento lexítimo feito para a venda.

2.º Os gastos necesarios e útiles feitos na cousa vendida.

1.519. Cando ao celebrarse a venda houber no predio froitos manifestos ou nacidos, non se fará aboamento nin rateo dos que haxa no momento do retracto.

Se non os houbo no momento da venda, e os hai no do retracto, ratearanse entre o retraente e o comprador, dando a este a parte correspondente ao tempo que posuía o predio no último ano, contando desde a venda.

1.520. O vendedor que recobre a cousa vendida recibirá libre de toda carga ou hipoteca imposta polo comprador, mais estará obrigado a pasar polos arrendamentos que este fixese de boa fe e segundo costume do lugar en que se encontrase.

Sección 2.^a Do retracto legal

1.521. O retracto legal é o dereito de subrogarse, coas mesmas condicións estipuladas no contrato, en lugar do que adquire unha cousa por compra ou dación en pagamento.

1.522. O copropietario dunha cousa común poderá usar do retracto no caso de allearse a un extraño a parte de todos os demais condóminos ou dalgún deles.

Cando dous ou máis copropietarios queiran usar do retracto, só poderán facelo *pro rata* da porción que teñan na cousa común.

1.523. Tamén terán o dereito de retracto os propietarios das terras estremeiras cando se trate da venda dun predio rústico cuxa cabida non exceda unha hectárea.

O dereito a que se refire o parágrafo anterior non é aplicable ás terras estremeiras que estiveren separadas por regatos, levadas, barrancos, camiños e outras servidumes aparentes en proveito doutros predios.

Se dous ou máis estremeiros usan do retracto asemade, será preferido o que deles sexa dono da terra lindante de menor cabida; e se as dúas a tiveren igual, o que primeiro o solicite.

1.524. Non se poderá exercer o dereito de retracto legal senón dentro de nove días, contados desde a inscrición no

rexistro, e na súa falta, desde que o retraente tivese coñecemento da venda. **1.530**

O retracto de condóminos exclúe o de estremeiros.

1.525. No retracto legal terá lugar o disposto nos artigos 1.511 e 1.518.

CAPÍTULO VII

DA TRANSMISIÓN DE CRÉDITOS E DEMAIS DEREITOS INCORPORAIS

1.526. A cesión dun crédito, dereito ou acción non producirá efecto contra terceiro senón desde que a súa data se deba ter por certa en conformidade cos artigos 1.218 e 1.227.

Se se refire a un inmovible, desde a data da súa inscrición no rexistro.

1.527. O debedor que antes de ter coñecemento da cesión satisfaga ao acredor ficará libre da obrigación.

1.528. A venda ou cesión dun crédito comprende a de todos os dereitos accesorios, como a fianza, hipoteca, peñor ou privilexio.

1.529. O vendedor de boa fe responderá da existencia e lexitimidade do crédito no momento da venda, a non ser que se vendese como dubidoso; mais non da solvencia do debedor, a menos de terse estipulado expresamente, ou de que a insolvencia fose anterior e pública.

Mesmo nestes casos só responderá do prezo recibido e dos gastos expresados no número primeiro do artigo 1.518.

O vendedor de má fe responderá sempre do pagamento de todos os gastos e dos danos e perdas.

1.530. Cando o cedente de boa fe se fixese responsable da solvencia do debedor, e os contratantes non estipulasen nada sobre a duración da responsabilidade, durará esta só un ano, contado desde a cesión do crédito, se estaba xa vencido o prazo.

1.531 Se o crédito for pagadoiro en termo ou prazo aínda non vencido, a responsabilidade cesará un ano despois do vencemento.

Se o crédito consistir nunha renda perpetua, a responsabilidade extinguirase aos dez anos, contados desde a data da cesión.

1.531. O que venda unha herdanza sen enumerar as cousas de que se compón, só estará obrigado a responder da súa calidade de herdeiro.

1.532. O que venda globalmente ou en conxunto a totalidade de certos dereitos, rendas ou produtos, cumprirá con responder da lexitimidade da totalidade en xeral; mais non estará obrigado ao saneamento de cada unha das partes de que se compoñan, salvo no caso de evicción da totalidade ou da maior parte.

1.533. Se o vendedor se aproveitou dalgúns froitos ou percibiu algunha cousa da herdanza que vender, deberallos aboar ao comprador se non se pactou o contrario.

1.534. O comprador deberá, pola súa parte, satisfacer ao vendedor todo o que este pagase polas débedas e cargas da herdanza e polos créditos que teña contra ela, salvo pacto en contrario.

1.535. Vendéndose un crédito litixioso, o debedor terá dereito a extingui-lo, reembolsando ao cesionario o prezo que pagou, as custas que se lle ocasionasen e os xuros do prezo desde o día en que este foi satisfeito.

Terase por litixioso un crédito desde que se conteste a demanda relativa a el.

O debedor poderá usar do seu dereito dentro de nove días, contados desde que o cesionario lle reclame o pagamento.

1.536. Exceptúanse do disposto no artigo anterior a cesión ou vendas feitas:

- 1.º A un coherdeiro ou condómino do dereito cedido.
- 2.º A un acredor en pagamento do seu crédito.
- 3.º Ao posuidor dun predio suxeito ao dereito litixioso que se ceda.

1.537. Todo o disposto neste título enténdese con suxeición ao que respecto de bens inmobles se determina na Lei hipotecaria.

TÍTULO V

Da permuta

1.538. A permuta é un contrato polo cal cada un dos contratantes fica obrigado a dar unha cousa para recibir outra.

1.539. Se un dos contratantes recibise a cousa que se lle prometeu en permuta, e acredítase que non era propia do que a deu, non poderá ser obrigado a entregar a que el ofreceu en cambio, e cumprirá con devolver a que recibiu.

1.540. O que perda por evicción a cousa recibida en permuta, poderá optar entre recuperar a que deu en troca, ou reclamar a indemnización de danos e perdas; mais só poderá usar do dereito a recuperar a cousa que el entregou mentres esta subsista en poder do outro permutante, e sen prexuízo dos dereitos adquiridos entrementes sobre ela con boa fe por un terceiro.

1.541. En todo o que non se ache especialmente determinado neste título, a permuta rexerase polas disposicións concernentes á venda.

TÍTULO VI

Do contrato de arrendamento

CAPÍTULO PRIMEIRO

DISPOSICIÓNS XERAIS

1.542. O arrendamento pode ser de cousas, ou de obras ou servizos.

1.543. No arrendamento de cousas, unha das partes fica obrigada a dar á outra o desfrute ou uso dunha cousa por tempo determinado e prezo certo.

1.544. No arrendamento de obras ou servizos, unha das partes fica obrigada a executar unha obra ou a prestar á outra un servizo por prezo certo.

1.545. Os bens funxibles que se consomen co uso non poden ser materia deste contrato.

CAPÍTULO II

DOS ARRENDAMENTOS DE PREDIOS RÚSTICOS E URBANOS

Sección 1.^a Disposicións xerais

1.546. Chámasele arrendador a aquel que se obriga a ceder o uso da cousa, executar a obra ou prestar o servizo, e arrendatario a aquel que adquire o uso da cousa ou o dereito á obra ou servizo que se obriga a pagar.

1.547. Cando comezase a execución dun contrato de arrendamento verbal e faltar a proba do prezo convido, o arrendatario devolverá ao arrendador a cousa arrendada, aboándolle, polo tempo que a desfrutase, o prezo que se regule.

1.548. Os pais ou titores, a respecto dos bens dos menores ou incapacitados, e os administradores de bens que non teñan poder especial, non poderán dar en arrendamento as cousas por un prazo que exceda os seis anos.

Redactado conforme a Lei 14/1975, do 2 de maio.

REDACCIÓN ORIXINARIA.—«O marido relativamente aos bens da súa muller, o pai e titor respecto aos do fillo ou menor, e o administrador de bens que non teña poder especial, non poderán dar en arrendamento as cousas por un prazo que exceda os seis anos.»

1.549. Con relación a terceiros, non producirán efecto os arrendamentos de bens raíces que non se encontren debidamente inscritos no rexistro da propiedade.

1.550. Cando no contrato de arrendamento de cousas non se prohiba expresamente, poderá o arrendatario subarrendar en todo ou en parte a cousa arrendada, sen prexuízo da súa responsabilidade a respecto do cumprimento do contrato para co arrendador. **1.555**

1.551. Sen prexuízo da súa obrigación para co subarrendador, fica o subarrendatario obrigado a favor do arrendador por todos os actos que se refiran ao uso e conservación da cousa arrendada na forma pactada entre o arrendador e o arrendatario.

1.552. O subarrendatario fica tamén obrigado para co arrendador polo importe do prezo convido no subarrendamento que estea debendo no momento do requirimento, considerando non feitos os pagamentos adiantados, ao non telos verificado consonte o costume.

1.553. Son aplicables ao contrato de arrendamento as disposicións sobre saneamento contidas no título da compra-venda.

Nos casos en que proceda a devolución do prezo, farase a diminución proporcional ao tempo que o arrendatario desfrutase da cousa.

Sección 2.^a Dos dereitos e obrigacións do arrendador e do arrendatario

1.554. O arrendador está obrigado:

1.º A entregar ao arrendatario a cousa obxecto do contrato.

2.º A facer nela durante o arrendamento todas as reparacións necesarias a fin de conservala en estado de servir para o uso a que foi destinada.

3.º A manter o arrendatario no desfrute pacífico do arrendamento por todo o tempo do contrato.

1.555. O arrendatario está obrigado:

1.º A pagar o prezo do arrendamento nos termos convidos.

1.556 2.º A usar da cousa arrendada como un dilixente pai de familia, destinándoa ao uso pactado; e, na falta de pacto, ao que se infira da natureza da cousa arrendada segundo o costume da terra.

3.º A pagar os gastos que ocasione a escritura do contrato.

1.556. Se o arrendador ou o arrendatario non cumpriren as obrigacións expresadas nos artigos anteriores, poderán pedir a rescisión do contrato e a indemnización de danos e perdas, ou só isto último, deixando o contrato subsistente.

1.557. O arrendador non pode variar a forma da cousa arrendada.

1.558. Se durante o arrendamento é necesario facer algunha reparación urxente na cousa arrendada que non se poida diferir até a conclusión do arrendamento, ten o arrendatario obrigación de tolerar a obra, aínda que lle sexa moi molesta, e aínda que durante ela se vexa privado dunha parte do predio.

Se a reparación dura máis de corenta días, debe diminuírse o prezo do arrendamento en proporción ao tempo e á parte do predio de que o arrendatario se vexa privado.

Se a obra é de tal natureza que fai inhabitable a parte que o arrendatario e a súa familia necesitan para a súa habitación, pode este rescindir o contrato.

1.559. O arrendatario está obrigado a pór en coñecemento do propietario, no máis breve prazo posible, toda usurpación ou novidade danosa que outro realizase ou abertamente prepare na cousa arrendada.

Tamén está obrigado a pór en coñecemento do dono, coa mesma urxencia, a necesidade de todas as reparacións comprendidas no número segundo do artigo 1.554.

En ambos os casos será responsable o arrendatario dos danos e perdas que pola súa neglixencia se ocasionaren ao propietario.

1.560. O arrendador non está obrigado a responder da perturbación de mero feito que un terceiro causar no uso do

predio arrendado; mais o arrendatario terá acción directa **1.568**
contra o perturbador.

Non existe perturbación de feito cando o terceiro, xa sexa a Administración, xa un particular, obrou en virtude dun dereito que lle corresponde.

1.561. O arrendatario debe devolver o predio, ao concluír o arrendamento, tal como o recibiu, salvo o que perecese ou se menoscabase polo tempo ou por causa inevitable.

1.562. Na falta de expresión do estado do predio no momento de arrendalo, a lei presume que o arrendatario o recibiu en bo estado, salvo proba en contrario.

1.563. O arrendatario é responsable da deterioración ou perda que tiver a cousa arrendada, a non ser que probe que se ocasionou sen culpa súa.

1.564. O arrendatario é responsable da deterioración causada polas persoas da súa casa.

1.565. Se o arrendamento se fixo por tempo determinado, conclúe o día prefixado sen necesidade de requirimento.

1.566. Se ao terminar o contrato permanece o arrendatario desfrutando quince días da cousa arrendada con aquiescencia do arrendador, enténdese que hai tácita recondución polo tempo que establecen os artigos 1.577 e 1.581, a menos que precedese requirimento.

1.567. No caso da tácita recondución, cesan respecto dela as obrigacións outorgadas por un terceiro para a seguranza do contrato principal.

1.568. Se se perde a cousa arrendada ou algún dos contratantes falta ao cumprimento do estipulado, observarase respectivamente o disposto nos artigos 1.182 e 1.183 e nos 1.101 e 1.124.

1.569. O arrendador poderá desafiuizar xudicialmente o arrendatario por algunha das causas seguintes:

1.^a Ter expirado o prazo convencional ou o que se fixa para a duración dos arrendamentos nos artigos 1.577 e 1.581.

2.^a Falta de pagamento no prezo convido.

3.^a Infracción de calquera das condicións estipuladas no contrato.

4.^a Destinar a cousa arrendada a usos ou servizos non pactados que a fagan desmerecer, ou non suxeitarse o seu uso ao que se ordena no número segundo do artigo 1.555.

1.570. Fóra dos casos mencionados no artigo anterior, terá o arrendatario dereito a aproveitar os termos establecidos nos artigos 1.577 e 1.581.

1.571. O comprador dun predio arrendado ten dereito a que termine o arrendamento vixente ao verificarse a venda, salvo pacto en contrario e o disposto na Lei hipotecaria.

Se o comprador usar deste dereito, o arrendatario poderá exixir que se lle deixe recoller os froitos da colleita que corresponda ao ano agrícola corrente e que o vendedor lle indemnice os danos e perdas que se lle causen.

1.572. O comprador con pacto de retraer non pode usar da facultade de desafiuizar o arrendatario até que conclúise o prazo para usar do retracto.

1.573. O arrendatario terá, respecto das benfeitorías útiles e voluntarias, o mesmo dereito que se concede ao usu-frutuuario.

1.574. Se nada se pactou sobre o lugar e tempo do pagamento do arrendamento, observarase, canto ao lugar, o disposto no artigo 1.171; e, canto ao tempo, o costume da terra.

Sección 3.^a Disposicións especiais para os arrendamentos de predios rústicos

1.575. O arrendatario non terá dereito a rebaixa da renda por esterilidade da terra arrendada ou por perda de

froitos proveniente de casos fortuítos ordinarios; mais si, en caso de perda de máis da metade de froitos, por casos fortuítos extraordinarios e imprevistos, salvo sempre o pacto especial en contrario. **1.580**

Enténdese por casos fortuítos extraordinarios: o incendio, guerra, peste, inundación insólita, lagosta, terremoto ou outro igualmente desacostumado, e que os contratantes non puidesen racionalmente prever.

1.576. Tampouco ten o arrendatario dereito a rebaixa da renda cando os froitos se perderon despois de estaren separados da súa raíz ou tronco.

1.577. O arrendamento dun predio rústico, cando non se fixa a súa duración, enténdese feito por todo o tempo necesario para a recolección dos froitos que todo o predio arrendado der nun ano ou puider dar por unha vez, aínda que pasen dous ou máis anos para obtelos.

O de terras labradías, divididas en dúas ou máis follas, enténdese por tantos anos cantas sexan estas.

1.578. O arrendatario saínte debe permitir ao entrante o uso do local e demais medios necesarios para os labores preparatorios do ano seguinte; e, reciprocamente, o entrante ten obrigación de permitir ao colono saínte o necesario para a recolección e aproveitamento dos froitos, todo consonte o costume da terra.

1.579. O arrendamento por parzaría de terras de labor, gandos de cría ou establecementos fabrís e industriais, rexe-rase polas disposicións relativas ao contrato de sociedade e polas estipulacións das partes e, na súa falta, polo costume da terra.

Sección 4.^a Disposicións especiais para o arrendamento de predios urbanos

1.580. Na falta de pacto especial, observarase o costume da terra para as reparacións dos predios urbanos que deban ser de conta do propietario. En caso de dúbida entenderanse a cargo deste.

1.581. Se non se fixou prazo ao arrendamento, enténdese feito por anos cando se fixase un aluguer anual, por meses cando é mensual, por días cando é diario.

En todo caso cesa o arrendamento, sen necesidade de requirimento especial, cumprido o termo.

1.582. Cando o arrendador dunha casa, ou de parte dela, destinada á habitación dunha familia, ou dunha tenda, ou almacén, ou establecemento industrial, arrenda tamén os mobles, o arrendamento destes entenderase polo tempo que dure o do predio arrendado.

CAPÍTULO III

DO ARRENDAMENTO DE OBRAS E SERVIZOS

Sección 1.ª Do servizo de criados e traballadores asalariados

1.583. Pode contratarse esta clase de servizos sen tempo fixo, por certo tempo, ou para unha obra determinada. O arrendamento feito por toda a vida é nulo.

1.584. O criado doméstico destinado ao servizo persoal do seu amo, ou da familia deste, por tempo determinado, pode despedirse e ser despedido antes de expirar o termo; mais se o amo despide o criado sen xusta causa, debe indemnizalo pagándolle o salario debido e o de quince días máis.

O amo será crido, salvo proba en contrario:

1.º Sobre o tanto do salario do servente doméstico.

2.º Sobre o pagamento dos salarios xerados no ano corrente.

1.585. Ademais do prescrito nos artigos anteriores, observarase acerca dos amos e serventes o que determinen as leis e regulamentos especiais.

1.586. Os criados de labranza, mesteirais, artesáns e demais traballadores asalariados por certo termo para certa obra, non poden despedirse nin ser despedidos antes do cumprimento do contrato, sen xusta causa.

1.587. O despedimento dos criados, mesteirais, artesáns e demais traballadores asalariados, a que se refiren os artigos anteriores, dá dereito para desposuílos da ferramenta e edificios que ocuparen por razón do seu cargo. **593**

Sección 2.^a Das obras por axuste ou prezo global

1.588. Pode contratarse a execución dunha obra con-
vindo en que o que a execute poña só o seu traballo ou a súa
industria, ou que tamén subministre o material.

1.589. Se o que contratou a obra se obrigou a pór o
material, debe sufrir a perda no caso de destruírse a obra
antes de ser entregada, salvo que houbese morosidade en
recibila.

1.590. O que se obrigou a pór só o seu traballo ou
industria non pode reclamar ningún estipendio se se destrúe
a obra antes de ser entregada, a non ser que houbese morosi-
dade para recibila, ou que a destrución proviñese da má cali-
dade dos materiais, con tal de que advertise oportunamente
esta circunstancia ao dono.

1.591. O contratista dun edificio que se arruinase por
vicios da construción, responde dos danos e perdas se a ruína
tiver lugar dentro de dez anos, contados desde que concluíu a
construción; igual responsabilidade, e polo mesmo tempo,
terá o arquitecto que a dirixir, se se debe a ruína a vicio do
solo ou da dirección.

Se a causa for a falta do contratista ás condicións do con-
trato, a acción de indemnización durará quince anos.

1.592. O que se obriga a facer unha obra por pezas ou
por medida, pode exixir do dono que a reciba por partes e
que a pague en proporción. Presúmese aprobada e recibida a
parte satisfeita.

1.593. O arquitecto ou contratista que se encarga por un
axuste global da construción dun edificio ou outra obra en
vista dun plano convindo co propietario do solo, non pode
pedir aumento de prezo aínda que se aumentase o dos xor-

1.594 nais ou materiais; mais poderá facelo cando se fixese algún cambio no plano que produza aumento de obra, sempre que dese a súa autorización o propietario.

1.594. O dono pode desistir, pola súa soa vontade, da construción da obra aínda que se comezase, indemnizando o contratista de todos os seus gastos, traballo e utilidade que puiden obter dela.

1.595. Cando se encargou certa obra a unha persoa por razón das súas calidades persoais, o contrato rescíndese pola morte desta persoa.

Neste caso o propietario debe aboar aos herdeiros do construtor, en proporción ao prezo convindo, o valor da parte de obra executada e dos materiais preparados, sempre que destes materiais tire algún beneficio.

O mesmo se entenderá se o que contratou a obra non pode acabala por algunha causa independente da súa vontade.

1.596. O contratista é responsable do traballo executado polas persoas que ocupe na obra.

1.597. Os que poñen o seu traballo e materiais nunha obra axustada por prezo global polo contratista, non teñen acción contra o dono dela senón até a cantidade que este deba a aquel cando se fai a reclamación.

1.598. Cando se conviñer que a obra se debe facer á satisfacción do propietario, enténdese reservada a aprobación, na falta de conformidade, ao xuízo pericial correspondente.

Se a persoa que debe aprobar a obra é un terceiro, observarase o que este decida.

1.599. Se non houber pacto ou costume en contrario, o prezo da obra deberá ser pagado ao se facer a entrega.

1.600. O que executou unha obra en cousa moble ten o dereito de retela en peñor até que se lle pague.

Sección 3.ª Dos transportes por auga e terra, tanto de persoas como de cousas **1.606**

1.601. Os condutores de efectos por terra ou por auga están suxeitos, canto á garda e conservación das cousas que se lles confían, ás mesmas obrigacións que respecto aos pousadeiros se determinan nos artigos 1.783 e 1.784.

O disposto neste artigo enténdese sen prexuízo do que respecto a transporte por mar e terra establece o Código de comercio.

1.602. Responden igualmente os condutores da perda e das avarías das cousas que reciben, a non ser que proben que a perda ou a avaría proveu de caso fortuíto ou de forza maior.

1.603. O disposto nestes artigos enténdese sen prexuízo do que establezan as leis e os regulamentos especiais.

TÍTULO VII

Dos censos

CAPÍTULO PRIMEIRO

DISPOSICIÓN XERAIS

1.604. Constitúese o censo cando se suxeitan algúns bens inmobles ao pagamento dun canon ou rédito anual en retribución dun capital que se recibe en diñeiro, ou do dominio pleno ou menos pleno que se transmite dos mesmos bens.

1.605. É enfiteútico o censo cando unha persoa cede a outra o dominio útil dun predio, reservando para si o directo e o dereito a percibir do enfiteuta unha pensión anual en recoñecemento deste mesmo dominio.

1.606. É consignativo o censo cando o censatario impón sobre un inmovle da súa propiedade o gravame do canon ou pensión que se obriga a pagar ao censalista polo capital que deste recibe en diñeiro.

1.607. É reservativo o censo cando unha persoa cede a outra o pleno dominio dun inmovible, reservando para si o dereito a percibir sobre o mesmo inmovible unha pensión anual que deba pagar o censatario.

1.608. É da natureza do censo que a cesión do capital ou da cousa inmovible sexa perpetua ou por tempo indefinido; no entanto, o censatario poderá redimir o censo por vontade súa aínda que se pacte o contrario, sendo esta disposición aplicable aos censos que hoxe existen.

Pode, non obstante, pactarse que a redención do censo non teña lugar durante a vida do censualista ou dunha persoa determinada, ou que non poida redimirse en certo número de anos, que non excederá os vinte no consignativo, nin sesenta no reservativo e enfitéutico.

1.609. Para levar a efecto a redención, o censatario deberá avisalo ao censualista cun ano de antelación ou anticiparlle o pagamento dunha pensión anual.

1.610. Os censos non se poden redimir parcialmente senón en virtude de pacto expreso.

Tampouco se poderán redimir contra a vontade do censualista, sen estar ao día o pagamento das pensións.

1.611. Para a redención dos censos constituídos antes da promulgación deste código, se non for coñecido o capital, regularase este pola cantidade que resulte, computada a pensión ao 3 por 100.

Se a pensión se paga en froitos, estimaranse estes, para determinar o capital, polo prezo medio que tivesen no último quinquenio.

O disposto neste artigo non será aplicable aos foros, subforos, dereitos de superficie e calquera outro gravame semellante, nos cales o principio da redención dos dominios será regulado por unha lei especial.

1.612. Os gastos que se ocasionen para a redención e liberación do censo serán de conta do censatario, salvo os que se causen por oposición temeraria, a xuízo dos tribunais.

1.613. A pensión ou canon dos censos serán determinados polas partes ao outorgaren o contrato. **1.620**
Poderá consistir en diñeiro ou froitos.

1.614. As pensións pagaranse nos prazos convidados; e, na falta de convenio, se consisten en diñeiro, por anos vencidos, contado desde a data do contrato, e, se en froitos, á fin da respectiva colleita.

1.615. Se non se designou no contrato o lugar en que deban pagarse as pensións, cumprirase esta obrigaón naquel en que radique o predio gravado co censo, sempre que o censualista ou o seu apoderado tiveren o seu domicilio no termo municipal da mesma poboación. Non o tendo, e si o censuario, farase o pagamento no domicilio deste.

1.616. O censualista, no momento de entregar o recibo de calquera pensión, pode obrigar o censuario a que lle dea un comprobante en que conste terse feito o pagamento.

1.617. Poden transmitirse a título oneroso ou lucrativo os predios gravados con censos, e o mesmo o dereito a percibir a pensión.

1.618. Non se poden dividir entre dúas ou máis persoas os predios gravados con censo sen o consentimento expreso do censualista, aínda que se adquiran a título de herdanza.

Cando o censualista permita a división, designarase co seu consentimento a parte do censo con que ficará gravada cada porción, constituíndose tantos censos distintos cantas sexan as porcións en que se divida o predio.

1.619. Cando se intente adxudicar o predio gravado con censo a varios herdeiros, e o censualista non preste o seu consentimento para a división, porase á licitación entre eles.

Na falta de conformidade, ou de non ofrecer algún dos interesados o prezo de taxación, venderase o predio coa carga, e o prezo repartirase entre os herdeiros.

1.620. Son prescritibles tanto o capital como as pensións dos censos, conforme o que se dispón no título XVIII deste libro.

1.621. A pesar do disposto no artigo 1.110, será necesario o pagamento de dúas pensións consecutivas para supor satisfeitas todas as anteriores.

1.622. O censatario está obrigado a pagar as contribucións e demais impostos que afecten o predio gravado con censo.

Ao verificar o pagamento da pensión poderá descontar dela a parte dos impostos que corresponda ao censualista.

1.623. Os censos producen acción real sobre o predio gravado. Alén da acción real poderá o censualista exercer a persoal para o pagamento das pensións atrasadas, e dos danos e xuros cando procedan.

1.624. O censatario non poderá pedir o perdón ou redución da pensión por esterilidade accidental do predio, nin pola perda dos seus froitos.

1.625. Se por forza maior ou caso fortuíto se perde ou inutiliza totalmente o predio gravado con censo, ficará este extinguido, e cesará o pagamento da pensión.

Se se perde só en parte, non se eximirá o censatario de pagar a pensión, a non ser que prefira abandonar o predio ao censualista.

De intervir culpa do censatario, ficará suxeito, en ambos os casos, ao resarcimento de danos e perdas.

1.626. No caso do parágrafo primeiro do artigo anterior, se estiver asegurado o predio, o valor do seguro ficará afecto ao pagamento do capital do censo e das pensións vencidas, a non ser que o censatario prefira investilo en reedificar o predio, caso en que revivirá o censo con todos os seus efectos, mesmo o pagamento das pensións non satisfeitas. O censualista poderá exixir do censatario que asegure o investimento do valor do seguro na reedificación do predio.

1.627. Se o predio gravado con censo for expropiado por causa de utilidade pública, o seu prezo estará afecto ao pagamento do capital do censo e das pensións vencidas, e este ficará extinguido.

A disposición anterior é tamén aplicable ao caso en que a expropiación forzosa sexa só de parte do predio, cando o seu prezo baste para cubrir o capital do censo. **1.631**

Se non bastar, continuará gravando o censo sobre o resto do predio, sempre que o seu prezo sexa suficiente para cubrir o capital censual e un 25 por 100 máis deste. Noutro caso o censatario estará obrigado a substituír con outra garantía a parte expropiada, ou a redimir o censo, á súa escolla, salvo o disposto para o enfitéutico no artigo 1.631.

CAPÍTULO II

DO CENSO ENFITÉUTICO

Sección 1.ª Disposicións relativas á enfiteuse

1.628. O censo enfitéutico só se pode establecer sobre bens inmobles e en escritura pública.

1.629. Ao constituírse o censo enfitéutico fixarase no contrato, baixo pena de nulidade, o valor do predio e a pensión anual que deba satisfacerse.

1.630. Cando a pensión consista nunha cantidade determinada de froitos, fixaranse no contrato a súa especie e calidade.

Se consiste nunha parte alícuota dos que produza o predio, na falta de pacto expreso sobre a intervención que deba ter o dono directo, deberá o enfiteuta darlle aviso previo, ou ao seu representante, do día en que se propoña comezar a colleita de cada clase de froitos, a fin de que poida, por si mesmo ou por medio do seu representante, presenciar todas as operacións até percibir a parte que lle corresponda.

Dado o aviso, o enfiteuta poderá levantar a colleita, aínda que non concorra o dono directo nin o seu representante ou interventor.

1.631. No caso de expropiación forzosa observarase o disposto no parágrafo primeiro do artigo 1.627, cando sexa expropiado todo o predio.

1.632 Se só o for en parte, distribuirase o prezo do expropiado entre o dono directo e o útil; aquel recibirá a parte do capital do censo que proporcionalmente corresponda á parte expropiada, segundo o valor que se deu a todo o predio ao constituírse o censo ou que servise de tipo para a redención, e o resto corresponderá ao enfiteuta.

Neste caso continuará o censo sobre o resto do predio, coa correspondente redución no capital e as pensións, a non ser que o enfiteuta opte pola redención total ou polo abandono a favor do dono directo.

Cando, conforme o pactado, deba pagarse laudemio, o dono directo percibirá o que por este concepto lle corresponda só da parte do prezo que pertenza ao enfiteuta.

1.632. O enfiteuta fai seus os produtos do predio e das súas accesións.

Ten os mesmos dereitos que corresponderían ao propietario nos tesouros e minas que se descubran no predio enfiteutico.

1.633. Pode o enfiteuta dispor do predio enfiteutico e das súas accesións, tanto por actos entre vivos como de derradeira vontade, deixando a salvo os dereitos do dono directo, e con suxeición ao que establecen os artigos que seguen.

1.634. Cando a pensión consista nunha parte alícuota dos froitos do predio enfiteutico, non se poderá impor servidume nin outra carga que diminúa os produtos sen consentimento expreso do dono directo.

1.635. O enfiteuta poderá doar ou permutar libremente o predio, pódoo en coñecemento do dono directo.

1.636. Corresponden reciprocamente ao dono directo e ao útil o dereito de tanteo e o de retracto, sempre que vendan ou dean en pagamento o seu respectivo dominio sobre o predio enfiteutico.

Esta disposición non é aplicable aos alleamentos forzosos por causa de utilidade pública.

1.637. Para os efectos do artigo anterior, o que trate de allear o dominio dun predio enfitéutico deberá avisalo ao outro condómino, declarándolle o prezo definitivo que se lle ofrezca ou en que pretenda allear o seu dominio. **1.641**

Dentro dos vinte días seguintes ao do aviso, poderá o condómino facer uso do dereito de tanteo, pagando o prezo indicado. Se non o verifica, perderá este dereito e poderase levar a efecto o alleamento.

1.638. Cando o dono directo, ou o enfitéuta, se for o caso, non fixese uso do dereito de tanteo a que se refire o artigo anterior, poderá utilizar o de retracto para adquirir o predio polo prezo do alleamento.

Neste caso deberase utilizar o retracto dentro dos nove días útiles seguintes ao do outorgamento da escritura de venda. Se esta se ocultar, contarase o dito prazo desde a inscrición dela no rexistro da propiedade.

Presúmese a ocultación cando non se presenta a escritura no rexistro dentro dos nove días seguintes ao do seu outorgamento.

Independentemente da presunción, a ocultación pódese probar polos demais medios legais.

1.639. De se ter realizado o alleamento sen o aviso previo que ordena o artigo 1.637, o dono directo e, se for o caso, o útil, poderán exercer a acción de retracto en todo tempo até que transcorra un ano, contando desde que o alleamento se inscriba no rexistro da propiedade.

1.640. Nas vendas xudiciais de predios enfitéuticos, o dono directo e o útil, nos seus casos respectivos, poderán facer uso do dereito de tanteo, dentro do prazo fixado nos edictos para o remate, pagando o prezo que sirva de tipo para a poxa, e do de retracto dentro dos nove días útiles seguintes ao do outorgamento da escritura.

Neste caso non será necesario o aviso previo que exige o artigo 1.637.

1.641. Cando sexan varios os predios alleados suxeitos a un mesmo censo, non se poderá utilizar o dereito de

1.642 tanteo nin o de retracto respecto duns con exclusión dos outros.

1.642. Cando o dominio directo ou o útil pertenza *pro indiviso* a varias persoas, cada unha delas poderá facer uso do dereito de retracto con suxeición ás regras establecidas para o de copropietarios, e con preferencia do dono directo, se se alleou parte do dominio útil; ou o enfiteuta, se o alleamento foi do dominio directo.

1.643. Se o enfiteuta for perturbado no seu dereito por un terceiro que dispute o dominio directo ou a validez da enfiteuse, non poderá reclamar a correspondente indemnización do dono directo se non o cita de evicción conforme o establecido no artigo 1.481.

1.644. Nos alleamentos a título oneroso de predios enfitéuticos só se pagará laudemio ao dono directo cando se estipulase expresamente no contrato de enfiteuse.

Se ao pactalo non se sinalou cantidade fixa, esta consistirá no 2 por 100 do prezo do alleamento.

Nas enfiteuses anteriores á promulgación deste código que estean suxeitas ao pagamento de laudemio, aínda que non se pactase, seguirá esta prestación na forma acostumada, mais non excederá o 2 por 100 do prezo do alleamento cando non se contratase expresamente outra maior.

1.645. A obrigación de pagar o laudemio corresponde ao adquirente, salvo pacto en contrario.

1.646. Cando o enfiteuta obtivese do dono directo licenza para o alleamento ou lle dese o aviso previo que establece o artigo 1.637, non poderá o dono directo reclamar, se for o caso, o pagamento de laudemio senón dentro do ano seguinte ao día en que se inscriba a escritura no rexistro da propiedade. Fóra de tales casos, esta acción estará suxeita á prescrición ordinaria.

1.647. Cada vinte e nove anos poderá o dono directo exixir o recoñecemento do seu dereito por parte de quen estea en posesión do predio enfitéutico.

Os gastos do recoñecemento serán por conta do enfiteuta, **1.652**
sen que se lle poida exixir ningunha outra prestación por este
concepto.

1.648. Caerá en comiso o predio, e o dono directo
poderá reclamar a súa devolución:

1.º Por falta de pagamento da pensión durante tres anos
consecutivos.

2.º Se o enfiteuta non cumpre a condición estipulada no
contrato ou deteriora gravemente o predio.

1.649. No caso primeiro do artigo anterior, para que o
dono directo poida pedir o comiso, deberá requirir de paga-
mento o enfiteuta, xudicialmente ou por medio de notario; e
se non paga dentro dos trinta días seguintes ao do requiri-
mento ficará expedito o dereito daquel.

1.650. Poderá o enfiteuta librarse do comiso en todo
caso redimindo o censo e pagando as pensións vencidas den-
tro dos trinta días seguintes ao do requirimento de pagamento
ou ao do emprazamento da demanda.

Do mesmo dereito poderán facer uso os acredores do
enfiteuta até os trinta días seguintes a aquel en que o dono
directo recobrase o pleno dominio.

1.651. A redención do censo enfiteútico consistirá na
entrega en metálico, e dunha vez, ao dono directo do capital
que se fixase como valor do predio no momento de consti-
tuírse o censo, sen que poida exixirse ningunha outra presta-
ción, a menos que fose estipulada.

1.652. No caso de comiso, ou no de rescisión por
calquera causa do contrato de enfiteuse, o dono directo
deberá aboar as benfeitorías que aumentasen o valor do
predio, sempre que este aumento subsista no momento de
o devolver.

Se este tiver deterioracións por culpa ou neglixencia do
enfiteuta, serán compensables coas benfeitorías, e no que
non basten ficará o enfiteuta obrigado persoalmente ao seu
pagamento, e tamén ao das pensións vencidas e non pres-
critas.

1.653. Na falta de herdeiros testamentarios descendentes, ascendentes, cónxuxe supérstite e parentes dentro do sexto grao do último enfiteuta, volverá o predio ao dono directo no estado en que se ache, se non dispuxo del o enfiteuta noutra forma.

1.654. Fica suprimido para o sucesivo o contrato de subenfiteuse.

Sección 2.^a Dos foros e outros contratos análogos ao de enfiteuse

1.655. Os foros e calquera outro gravame de natureza análoga que se estableza desde a promulgación deste código, cando sexan por tempo indefinido, rexeranse polas disposicións establecidas para o censo enfiteutico na sección que precede.

Se foren temporais ou por tempo limitado, consideraranse como arrendamentos e rexeranse polas disposicións relativas a este contrato.

1.656. O contrato en virtude do cal o dono do solo cede o seu uso para plantar viñas polo tempo que viviren as primeiras cepas, pagándolle o cesionario unha renda ou pensión anual en froitos ou en diñeiro, rexerase polas regras seguintes:

1.^a Terase por extinguido aos cincuenta anos da concesión, se nesta non se fixou expresamente outro prazo.

2.^a Tamén ficará extinguido por morte das primeiras cepas, ou por ficaren infrutíferas as dúas terceiras partes das plantadas.

3.^a O cesionario ou colono pode facer baceiros e abarbar videiras durante o tempo do contrato.

4.^a Non perde o seu carácter este contrato pola facultade de facer outras plantacións no terreo concedido, sempre que sexa o seu principal obxecto a plantación de viñas.

5.^a O cesionario pode transmitir libremente o seu dereito a título oneroso ou gratuito, mais sen que se poida

dividir o uso do predio, de non consentilo expresamente o **1.658**
seu dono.

6.^a Nos alleamentos a título oneroso, o cedente e o cesionario terán reciprocamente os dereitos de tanteo e de retracto, conforme o establecido para a enfiteuse e coa obrigación de se daren o aviso previo que se ordena no artigo 1.637.

7.^a O colono ou cesionario pode dimitir ou devolver o predio ao cedente cando lle conveña, aboando as deterioracións causadas pola súa culpa.

8.^a O cesionario non terá dereito ás benfeitorías que existan no predio no momento da extinción do contrato, sempre que sexan necesarias ou feitas en cumprimento do pactado.

Canto ás útiles e voluntarias, tampouco terá dereito ao seu aboamento, de non telas executado con consentimento por escrito do dono do terreo, obrigándose a aboalas. Neste caso aboaranse as ditas benfeitorías polo valor que teñan ao devolver o predio.

9.^a O cedente poderá facer uso da acción de desafuizamento por cumprimento do termo do contrato.

10.^a Cando, despois de terminado o prazo dos cincuenta anos ou o fixado expresamente polos interesados, continuar o cesionario no uso e aproveitamento do predio por consentimento tácito do cedente, non poderá aquel ser desafuizado sen o aviso previo que este deberá darlle cun ano de anticipación para a conclusión do contrato.

CAPÍTULO III

DO CENSO CONSIGNATIVO

1.657. Cando se pacte o pagamento en froitos da pensión do censo consignativo, deberase fixar a especie, cantidade e calidade deles, sen que poida consistir nunha parte alícuota dos que produza o predio sometido a censo.

1.658. A redención do censo consignativo consistirá na devolución ao censualista, dunha vez e en metálico, do capital que entregase para constituír o censo.

1.659. Cando se proceda por acción real contra o predio sometido a censo para o pagamento de pensións, se o que reste do valor del non for suficiente para cubrir o capital do censo e un 25 por 100 máis deste, poderá o censualista obrigalo o censatario a que, á súa escolla, redima o censo ou complete a garantía, ou abandone o resto do predio a favor daquel.

1.660. Tamén poderá o censualista facer uso do dereito establecido no artigo anterior nos demais casos en que o valor do predio sexa insuficiente para cubrir o capital do censo e un 25 por 100 máis, se concorre algunha das circunstancias seguintes:

1.^a Que diminuíse o valor do predio por culpa ou negligencia do censatario.

En tal caso este será, ademais, responsable dos danos e perdas.

2.^a Que deixase de pagar a pensión por dous anos consecutivos.

3.^a Que o censatario fose declarado en quebra, concurso ou insolvencia.

CAPÍTULO IV

DO CENSO RESERVATIVO

1.661. Non pode constituírse validamente o censo reservativo sen que preceda a valoración do predio por estimación conforme das partes ou por taxación de peritos.

1.662. A redención deste censo verificarase entregando o censatario ao censualista, dunha vez e en metálico, o capital que se fixase conforme o artigo anterior.

1.663. A disposición do artigo 1.657 é aplicable ao censo reservativo.

1.664. Nos casos previstos nos artigos 1.659 e 1.660, o debedor do censo reservativo só poderá ser obrigado a redimir o censo, ou a que abandone o predio a favor do censualista.

TÍTULO VIII

1.673

Da sociedade

CAPÍTULO PRIMEIRO

DISPOSICIÓN XERAIS

1.665. A sociedade é un contrato polo cal dúas ou máis persoas se obrigan a pór en común diñeiro, bens ou industria, con ánimo de partir entre si as ganancias.

1.666. A sociedade debe ter un obxecto lícito e establecerse en interese común dos socios.

Cando se declare a disolución dunha sociedade ilícita, as ganancias destinaranse aos establecementos de beneficencia do domicilio da sociedade, e, na súa falta, aos da provincia.

1.667. A sociedade civil poderase constituír en calquera forma, salvo que se acheguen a ela bens inmoables ou dereitos reais, caso en que será necesaria a escritura pública.

1.668. É nulo o contrato de sociedade, sempre que se acheguen bens inmoables, se non se fai un inventario deles, asinado polas partes, que deberá unirse á escritura.

1.669. Non terán personalidade xurídica as sociedades cuxos pactos se manteñan secretos entre os socios, e en que cada un destes contrate no seu propio nome cos terceiros.

Esta clase de sociedades rexerase polas disposicións relativas á comunidade de bens.

1.670. As sociedades civís, polo obxecto a que se consagren, poden revestir todas as formas recoñecidas polo Código de comercio. En tal caso, seranlles aplicables as súas disposicións en canto non se opoñan ás deste código.

1.671. A sociedade é universal ou particular.

1.672. A sociedade universal pode ser de todos os bens presentes ou de todas as ganancias.

1.673. A sociedade de todos os bens presentes é aquela pola cal as partes poñen en común todos os que actualmente

1.674 lles pertencen, con ánimo de partilos entre si, como igualmente todas as ganancias que adquiran con eles.

1.674. Na sociedade universal de todos os bens presentes, pasan a ser propiedade común dos socios os bens que pertencían a cada un, ben como todas as ganancias que adquiran con eles.

Pode tamén pactarse nela a comunicación recíproca de calquera outra ganancia; mais non poden comprenderse os bens que os socios adquiran posteriormente por herdanza, legado ou doazón, aínda que si os seus froitos.

1.675. A sociedade universal de ganancias comprende todo o que adquiran os socios pola súa industria ou traballo mentres dure a sociedade.

Os bens mobles ou inmobles que cada socio posúe no momento da celebración do contrato continúan a ser de dominio particular, e á sociedade unicamente pasa o usufruto.

1.676. O contrato de sociedade universal celebrado sen determinar a súa especie só constitúe a sociedade universal de ganancias.

1.677. Non poden contraer sociedade universal entre si as persoas a que está prohibido outorgárense reciprocamente algunha doazón ou vantaxe.

1.678. A sociedade particular ten unicamente por obxecto cousas determinadas, o seu uso, ou os seus froitos, ou unha empresa sinalada, ou o exercicio dunha profesión ou arte.

CAPÍTULO II

DAS OBRIGACIÓNS DOS SOCIOS

Sección 1.^a Das obrigacións dos socios entre si

1.679. A sociedade comeza desde o momento mesmo da celebración do contrato, se non se pactou outra cousa.

1.680. A sociedade dura polo tempo convido; na falta **1.685**
de convenio, polo tempo que dure o negocio que servise
exclusivamente de obxecto á sociedade, se aquel pola súa
natureza ten unha duración limitada; e en calquera outro
caso, por toda a vida dos asociados, salvo a facultade que
se lles reserva no artigo 1.700 e o disposto no arti-
go 1.704.

1.681. Cada un é debedor á sociedade do que prometeu
achegar a ela.

Fica tamén suxeito á evicción canto ás cousas certas e
determinadas que achegase á sociedade, nos mesmos casos e
de igual modo que o está o vendedor respecto do compra-
dor.

1.682. O socio que se obrigou a achegar unha suma en
diñeiro e non a achegou, é, de dereito, debedor dos xuros
desde o día en que debeu achegala, sen prexuízo de indemni-
zar, ademais, os danos que causase.

O mesmo ten lugar respecto ás sumas que tomase da
caixa social, principiando a contarse os xuros desde o día en
que as tomou para o seu beneficio particular.

1.683. O socio industrial debe á sociedade as ganancias
que durante ela obtivese no ramo de industria que serve de
obxecto a aquela.

1.684. Cando un socio autorizado para administrar
cobra unha cantidade exixible, que lle era debida no seu pro-
pio nome, dunha persoa que debía á sociedade outra canti-
dade tamén exixible, débese imputar o cobrado nos dous
créditos en proporción ao seu importe, aínda que dese o
recibo por conta de só o seu haber; mais, se o dese por conta
do haber social, imputarase todo neste.

O disposto neste artigo enténdese sen prexuízo de que o
debedor poida usar da facultade que se lle concede no arti-
go 1.172, no único caso de que o crédito persoal do socio lle
sexa máis oneroso.

1.685. O socio que recibiu por enteiro a súa parte nun
crédito social sen que cobrasen a súa os demais socios, fica
obrigado, se o debedor cae despois en insolvencia, a traer á

1.686 masa social o que recibiu, aínda que dese o recibo unicamente pola súa parte.

1.686. Todo socio debe responder á sociedade dos danos e perdas que esta sufrise pola súa culpa e non pode compensalos cos beneficios que pola súa industria lle proporcionase.

1.687. O risco das cousas certas e determinadas, non funxibles, que se achegan á sociedade para que só sexan comúns o seu uso e os seus froitos, é do socio propietario.

Se as cousas achegadas son funxibles, ou non se poden gardar sen se deterioraren, ou se se achegaron para seren vendidas, o risco é da sociedade. Tamén o será, na falta de pacto especial, o das cousas achegadas con estimación feita no inventario, e neste caso a reclamación limitarase ao prezo en que foron taxadas.

1.688. A sociedade responde a todo socio das cantidades que desembolsase por ela e do xuro correspondente; tamén lle responde das obrigacións que con boa fe contraese para os negocios sociais e dos riscos inseparables da súa dirección.

1.689. As perdas e ganancias repartiranse en conformidade co pactado. Se só se pactou a parte de cada un nas ganancias, será igual a súa parte nas perdas.

Na falta de pacto, a parte de cada socio nas ganancias e perdas debe ser proporcionada ao que achegase. O socio que o for só de industria terá unha parte igual á do que menos achegase. Se ademais da súa industria achegou capital, recibirá tamén a parte proporcional que por el lle corresponda.

1.690. Se os socios conviñeron en confiar a un terceiro a designación da parte de cada un nas ganancias e perdas, só poderá ser impugnada a designación feita por el cando evidentemente faltase á equidade. En ningún caso poderá reclamar o socio que principiase a executar a decisión do terceiro, ou que non a impugnase no prazo de tres meses, contados desde que lle foi coñecida.

A designación de perdas e ganancias non pode ser encomendada a un dos socios. **1.695**

1.691. É nulo o pacto que exclúe un ou máis socios de toda parte nas ganancias ou nas perdas.

Só o socio de industria pode ser eximido de toda responsabilidade nas perdas.

1.692. O socio nomeado administrador no contrato social pode exercer todos os actos administrativos aínda que teña a oposición dos seus compañeiros, a non ser que proceda de má fe; e o seu poder é irrevogable sen causa lexítima.

O poder outorgado despois do contrato, sen que neste se acordase conferilo, pódese revogar en calquera momento.

1.693. Cando dous ou máis socios foron encargados da administración social sen determinarse as súas funcións, ou sen terse expresado que non poderán obrar uns sen o consentimento dos outros, cada un pode exercer todos os actos de administración separadamente; mais calquera deles pode oporse ás operacións do outro antes de que estas producisen efecto legal.

1.694. No caso de terse estipulado que os socios administradores non deban funcionar uns sen o consentimento dos outros, necesítase o concurso de todos para a validez dos actos, sen que poida alegarse a ausencia ou imposibilidade dalgún deles, salvo se houber perigo inminente dun dano grave ou irreparable para a sociedade.

1.695. Cando non se estipulase o modo de administrar, observaranse as regras seguintes:

1.^a Todos os socios se considerarán apoderados, e o que calquera deles fixer por si só, obrigará a sociedade; mais cada un poderase opor ás operacións dos demais antes de que producisen efecto legal.

2.^a Cada socio pódese servir das cousas que compoñen o fondo social segundo costume da terra, con tal de que non o faga contra o interese da sociedade, ou de tal

1.686 modo que impida o uso a que teñen dereito os seus compañeiros.

3.^a Todo socio pode obrigar os demais a custear con el os gastos necesarios para a conservación das cousas comúns.

4.^a Ningún dos socios pode, sen o consentimento dos outros, facer cambios nos bens inmobles sociais, aínda que alegue que son útiles para a sociedade.

1.696. Cada socio pode por si só facer socio un terceiro na súa parte; mais o asociado non ingresará na sociedade sen o consentimento unánime dos socios, aínda que aquel sexa administrador.

Sección 2.^a Das obrigacións dos socios para cun terceiro

1.697. Para que a sociedade fique obrigada cun terceiro polos actos dun dos socios, requírese:

1.^o Que o socio obrase no seu carácter de tal, por conta da sociedade.

2.^o Que teña poder para obrigar a sociedade en virtude dun mandato expreso ou tácito.

3.^o Que obrase dentro dos límites que lle sinala o seu poder ou mandato.

1.698. Os socios non fican obrigados solidariamente respecto das débedas da sociedade; e ningún pode obrigar os outros por un acto persoal se non lle conferiron poder para isto.

A sociedade non fica obrigada respecto a terceiro por actos que un socio realizase no seu propio nome ou sen poder da sociedade para os executar, mais fica obrigada para co socio en canto os ditos actos redundasen en proveito dela. O disposto neste artigo enténdese sen prexuízo do establecido na regra 1.^a do artigo 1.695.

1.699. Os acredores da sociedade son preferentes aos acredores de cada socio sobre os bens sociais. Sen prexuízo deste dereito, os acredores particulares de cada socio poden pedir o embargo e remate da parte deste no fondo social.

DOS MODOS DE EXTINGUIRSE A SOCIEDADE

1.700. A sociedade extínguese:

1.º Cando expira o prazo por que foi constituída.

2.º Cando se perde a cousa ou termina o negocio que lle serve de obxecto.

3.º Por morte, insolvencia, incapacitación ou declaración de prodigalidade de calquera dos socios, e no caso previsto no artigo 1.699.

4.º Pola vontade de calquera dos socios, con suxeición ao disposto nos artigos 1.705 e 1.707.

Exceptúanse do disposto nos números 3º e 4.º deste artigo as sociedades a que se refire o artigo 1.670, nos casos en que deban subsistir consonte o Código de comercio.

Redactado conforme a Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro.

REDACCIÓN ORIXINARIA...—«A sociedade extínguese:

1.º Cando expira o prazo por que foi constituída.

2.º Cando se perde a cousa ou termina o negocio que lle serve de obxecto.

3.º Pola morte natural, interdicción civil ou insolvencia de calquera dos socios, e no caso previsto no artigo 1.699.

4.º Pola vontade de calquera dos socios, con suxeición ao disposto nos artigos 1.705 e 1.707.

Exceptúanse do disposto nos números 3º e 4.º deste artigo as sociedades a que se refire o artigo 1.670, nos casos en que deban subsistir consonte o Código de comercio.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI 6/1984, DO 31 DE MARZO.—«A sociedade extínguese:

1.º Cando expira o prazo por que foi constituída.

2.º Cando se perde a cousa ou termina o negocio que lle serve de obxecto.

3.º Pola morte ou insolvencia de calquera dos socios, e no caso previsto no artigo 1.699.

4.º Por vontade de calquera dos socios, con suxeición ao disposto nos artigos 1.705 e 1.707.

Exceptúanse do disposto nos números 3º e 4.º deste artigo as sociedades a que se refire o artigo 1.670, nos casos en que deban subsistir consonte o Código de comercio.»

1.701. Cando a cousa específica que un socio prometera achegar á sociedade perece antes de efectuada a entrega, a súa perda produce a disolución da sociedade.

Tamén se dissolve a sociedade, en todo caso, pola perda da cousa cando, reservando para si a súa propiedade o socio que a achega, só transferiu á sociedade o uso ou desfrute dela.

Mais non se dissolve a sociedade pola perda da cousa cando esta ocorre despois de que a sociedade adquiriu a propiedade dela.

1.702. A sociedade constituída por tempo determinado pódese prorrogar por consentimento de todos os socios.

O consentimento pode ser expreso ou tácito, e xustifícase polos medios ordinarios.

1.703. Se a sociedade se prorroga despois de expirado o prazo, enténdese que se constitúe unha nova sociedade. Se se prorroga antes de expirado o prazo, continúa a sociedade primitiva.

1.704. É válido o pacto de que, no caso de morrer un dos socios, continúe a sociedade entre os que sobreviván. Neste caso o herdeiro do que falecese só terá dereito a que se faga a partición, fixándoa no día da morte do seu causante; e non participará dos dereitos e obrigacións posteriores senón en canto sexan unha consecuencia necesaria do feito antes daquel día.

Se o pacto for que a sociedade debe continuar co herdeiro, será gardado, sen prexuízo do que se determina no número 4.º do artigo 1.700.

1.705. A disolución da sociedade pola vontade ou renuncia dun dos socios unicamente ten lugar cando non se sinalou termo para a súa duración, ou non resulta este da natureza do negocio.

Para que a renuncia produza efecto, debe ser feita de boa fe en tempo oportuno; ademais, débese pór en coñecemento dos outros socios.

1.706. É de má fe a renuncia cando o que a fai ten o propósito de se apropiar para si só do proveito que debía ser

común. Neste caso o renunciante non se libra para cos seus socios, e estes teñen facultade para excluílo da sociedade. **1.711**

Repútase feita en tempo inoportuno a renuncia cando, non encontrándose as cousas íntegras, a sociedade está interesada en que se delongue a súa disolución. Neste caso continuará a sociedade até a terminación dos negocios pendentes.

1.707. Non pode un socio reclamar a disolución da sociedade que, quer por disposición do contrato, quer pola natureza do negocio, foi constituída por tempo determinado, de non intervir xusto motivo, como o de faltar un dos compañeiros ás súas obrigacións, o de inhabilitarse para os negocios sociais, ou outro semellante, a xuízo dos tribunais.

1.708. A partición entre socios réxese polas regras das herdanzas, tanto na súa forma como nas obrigacións que dela resultan. Ao socio de industria non pode aplicarse ningunha parte dos bens achegados, senón só os seus froitos e os beneficios, conforme o disposto no artigo 1.689, de non se ter pactado expresamente o contrario.

TÍTULO IX

Do mandato

CAPÍTULO PRIMEIRO

DA NATUREZA, FORMA E ESPECIES DO MANDATO

1.709. Polo contrato de mandato unha persoa fica obrigada a prestar algún servizo ou facer algunha cousa por conta ou encargo doutra.

1.710. O mandato pode ser expreso ou tácito.

O expreso pode darse por instrumento público ou privado e mesmo de palabra. A aceptación pode ser tamén expresa ou tácita, deducida esta última dos actos do mandatario.

1.711. Na falta de pacto en contrario, o mandato suponse gratuito.

1.712 Malia isto, se o mandatario ten por ocupación o desempeño de servizos da especie a que se refire o mandato, presúmese a obrigación de retribuílo.

1.712. O mandato é xeral ou especial.
O primeiro comprende todos os negocios do mandante.
O segundo, un ou máis negocios determinados.

1.713. O mandato, concibido en termos xerais, non comprende máis que os actos de administración.

Para transixir, allear, hipotecar ou executar calquera outro acto de rigoroso dominio, precísase mandato expreso.

A facultade de transixir non autoriza para comprometer en árbitros ou amigables compoñedores.

Sobre arbitraje, véxase a Lei 36/1988, do 5 de decembro.

1.714. O mandatario non pode traspasar os límites do mandato.

1.715. Non se consideran traspasados os límites do mandato se foi cumprido dunha maneira máis vantaxosa para o mandante que a sinalada por este.

1.716. O menor emancipado pode ser mandatario, mais o mandante só terá acción contra el en conformidade co disposto respecto ás obrigacións dos menores.

Redactado conforme a Lei 14/1975, do 2 de maio.

REDACCIÓN ORIXINARIA...—«O menor emancipado pode ser mandatario; mais o mandante só terá acción contra el en conformidade co disposto respecto ás obrigacións dos menores.

A muller casada só pode aceptar o mandato con autorización do seu marido.»

1.717. Cando o mandatario obra no seu propio nome, o mandante non ten acción contra as persoas con que o mandatario contratou, nin estas tampouco contra o mandante.

Neste caso o mandatario é o obrigado directamente en favor da persoa con quen contratou, como se o asunto fose persoal seu. Exceptúase o caso en que se trate de cousas propias do mandante.

O disposto neste artigo enténdese sen prexuízo das accións entre mandante e mandatario.

DAS OBRIGACIÓNS DO MANDATARIO

1.718. O mandatario fica obrigado pola aceptación a cumprir o mandato, e responde dos danos e perdas que, de non o executar, se lle ocasionen ao mandante.

Debe tamén acabar o negocio que xa estivese comezado ao morrer o mandante, se houber perigo na tardanza.

1.719. Na execución do mandato debe axustarse o mandatario ás instrucións do mandante.

Na falta delas, fará todo o que, segundo a natureza do negocio, faría un bo pai de familia.

1.720. Todo mandatario está obrigado a dar conta das súas operacións e a aboar ao mandante canto recibise en virtude do mandato, mesmo cando o recibido non se deber ao segundo.

1.721. O mandatario pode nomear substituto se o mandante non llo prohibiu; mais responde da xestión do substituto:

1.º Cando non se lle deu facultade para nomealo.

2.º Cando se lle deu esta facultade, mais sen designar a persoa, e o nomeado era notoriamente incapaz ou insolvente.

O feito polo substituto nomeado contra a prohibición do mandante será nulo.

1.722. Nos casos comprendidos nos dous números do artigo anterior pode, ademais, o mandante dirixir a súa acción contra o substituto.

1.723. A responsabilidade de dous ou máis mandatarios, aínda que fosen constituídos simultaneamente, non é solidaria se non se expresou así.

1.724. O mandatario debe xuros das cantidades que aplicou a usos propios desde o día en que o fixo, e das que fiquen a deber despois de fenecido o mandato, desde que se constituíse en mora.

1.725. O mandatario que obre en concepto de tal non é responsable persoalmente ante a parte con quen contrata, senón cando se obriga a isto expresamente ou traspasa os límites do mandato sen darlle coñecemento suficiente dos seus poderes.

1.726. O mandatario é responsable, non só do dolo, senón tamén da culpa, que deberá ser estimada con máis ou menos rigor polos tribunais segundo que o mandato fose ou non retribuído.

CAPÍTULO III

DAS OBRIGACIÓNS DO MANDANTE

1.727. O mandante debe cumprir todas as obrigacións que o mandatario contraese dentro dos límites do mandato.

Naquilo que o mandatario se excedese, non fica obrigado o mandante senón cando o ratifica expresa ou tacitamente.

1.728. O mandante debe anticipar ao mandatario, se este o pide, as cantidades necesarias para a execución do mandato.

Se o mandatario as anticipou, debe reembolsalas o mandante, aínda que o negocio non saíse ben, con tal de que estea exento de culpa o mandatario.

O reembolso comprenderá os xuros da cantidade anticipada, contando desde o día en que se fixo a anticipación.

1.729. Debe tamén o mandante indemnizar o mandatario por todos os danos e perdas que lle causase o cumprimento do mandato, sen culpa nin imprudencia do mesmo mandatario.

1.730. O mandatario poderá reter en peñor as cousas que son obxecto do mandato até que o mandante realice a indemnización e reembolso de que tratan os dous artigos anteriores.

1.731. Se dúas ou máis persoas nomearon un mandatario para un negocio común, quedánlle obrigadas solidariamente para todos os efectos do mandato.

DOS MODOS DE ACABAR O MANDATO

1.732. O mandato acaba:

- 1.º Pola súa revogación.
- 2.º Por renuncia ou incapacitación do mandatario.
- 3.º Por morte, declaración de prodigalidade ou por concurso ou insolvencia do mandante ou do mandatario.

O mandato extinguirase, tamén, pola incapacitación sobrevida do mandante a non ser que nel se dispuxese a súa continuación ou o mandato se dese para o caso de incapacidade do mandante apreciada conforme o disposto por este. Nestes casos, o mandato poderá terminar por resolución xudicial ditada ao se constituír o organismo tutelar ou posteriormente por instancia do titor.

Redactado conforme a Lei 41/2003, do 18 de novembro.

REDACCIÓN ORIXINARIA...—«O mandato acaba:

- 1.º Pola súa revogación.
- 2.º Pola renuncia do mandatario.
- 3.º Por morte, interdicción, quebra ou insolvencia do mandante ou do mandatario.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI 6/1984, DO 31 DE MARZO.—«O mandato acaba:

- 1.º Pola súa revogación.
- 2.º Pola renuncia do mandatario.
- 3.º Por morte, quebra ou insolvencia do mandante ou do mandatario.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI ORGÁNICA 1/1996, DO 15 DE XANEIRO.—«O mandato acaba:

- 1.º Pola súa revogación.
- 2.º Pola renuncia do mandatario.
- 3.º Por morte, incapacitación, declaración de prodigalidade, quebra ou insolvencia do mandante ou do mandatario.»

1.733. O mandante pode revogar o mandato á súa vontade, e compeler o mandatario á devolución do documento en que conste o mandato.

1.734. Cando o mandato se dese para contratar con determinadas persoas, a súa revogación non pode prexudicar estas se non se lles fixo saber.

1.735. O nomeamento de novo mandatario para o mesmo negocio produce a revogación do mandato anterior desde o día en que se lle fixo saber ao que o recibira, salvo o disposto no artigo que precede.

1.736. O mandatario pode renunciar ao mandato pón-doo en coñecemento do mandante. Se este sufrir prexuízos pola renuncia, deberá indemnizalo deles o mandatario, a menos que funde a súa renuncia na imposibilidade de continuar desempeñando o mandato sen grave detrimento seu.

1.737. O mandatario, aínda que renuncie ao mandato con xusta causa, debe continuar a súa xestión até que o mandante poida tomar as disposicións necesarias para suplir esta falta.

1.738. O feito polo mandatario, ignorando a morte do mandante ou outra calquera das causas que fan cesar o mandato, é válido e producirá todos os seus efectos respecto aos terceiros que contratasen con el de boa fe.

1.739. No caso de morrer o mandatario, deberán os seus herdeiros pólo en coñecemento do mandante e prover entremetres ao que as circunstancias exixan en interese deste.

TÍTULO X

Do préstamo

DISPOSICIÓN XERAL

1.740. Polo contrato de préstamo, unha das partes entrega á outra, ou algunha cousa non funxible para que use dela por certo tempo e lla devolva, e neste caso chámase comodato, ou diñeiro ou outra cousa funxible, con condición de devolver outro tanto da mesma especie e calidade, caso en que conserva simplemente o nome de préstamo.

O comodato é esencialmente gratuíto.

1.746

O simple préstamo pode ser gratuíto ou con pacto de pagar xuros.

CAPÍTULO PRIMEIRO

DO COMODATO

Sección 1.^a Da natureza do comodato

1.741. O comodante conserva a propiedade da cousa emprestada. O comodatario adquire o uso dela, mais non os froitos; se intervén algún emolumento que deba pagar o que adquire o uso, a convención deixa de ser comodato.

1.742. As obrigacións e dereitos que nacen do comodato pasan aos herdeiros de ambos os contraentes, a non ser que o préstamo se fixese en consideración á persoa do comodatario, caso en que os herdeiros deste non teñen dereito a continuar no uso da cousa emprestada.

Sección 2.^a Das obrigacións do comodatario

1.743. O comodatario está obrigado a satisfacer os gastos ordinarios que sexan de necesidade para o uso e conservación da cousa emprestada.

1.744. Se o comodatario destina a cousa a un uso distinto daquel para que se emprestou, ou a conserva no seu poder por máis tempo do convido, será responsable da súa perda, aínda que esta sobreveña por caso fortuíto.

1.745. Se a cousa emprestada se entregou con taxación e se perde, aínda que sexa por caso fortuíto, responderá o comodatario do prezo, de non haber pacto en que expresamente fiquexa eximido de responsabilidade.

1.746. O comodatario non responde das deterioracións que sobreveñan á cousa emprestada unicamente polo efecto do uso e sen culpa súa.

1.747. O comodatario non pode reter a cousa emprestada co gallo do que o comodante lle deba, aínda que sexa por razón de despesas.

1.748. Todos os comodatarios a que se empresta conxuntamente unha cousa responden solidariamente dela, segundo o teor do disposto nesta sección.

Sección 3.^a Das obrigacións do comodante

1.749. O comodante non pode reclamar a cousa emprestada senón despois de concluído o uso para que a emprestou. No entanto, se antes destes prazos tiver o comodante urxente necesidade dela, poderá reclamar a restitución.

1.750. Se non se pactou a duración do comodato nin o uso a que debía destinarse a cousa emprestada, e este non resulta determinado polo costume da terra, pode o comodante reclamála á súa vontade.

En caso de dúbida, a proba incumbe ao comodatario.

1.751. O comodante debe aboar os gastos extraordinarios causados durante o contrato para a conservación da cousa emprestada, sempre que o comodatario o poña no seu coñecemento antes de facelos, salvo cando foren tan urxentes que non se poida esperar o resultado do aviso sen perigo.

1.752. O comodante que, coñecendo os vicios da cousa emprestada, non llos fixese saber ao comodatario, responderá a este dos danos que por aquela causa sufrise.

CAPÍTULO II

DO SIMPLE PRÉSTAMO

1.753. O que recibe en préstamo diñeiro ou outra cousa funxible adquire a súa propiedade e fica obrigado a devolver ao acredor outro tanto da mesma especie e calidade.

1.754. A obrigación do que toma diñeiro a préstamo rexerase polo disposto no artigo 1.170 deste código.

Se o emprestado é outra cousa funxible, ou unha cantidade de metal non amoeado, o debedor debe unha canti-

dade igual á recibida e da mesma especie e calidade, aínda **1.763**
que sufra alteración no seu prezo.

1.755. Non se deberán xuros senón cando expresamente se pactasen.

1.756. O prestatario que pagou xuros sen estaren estipulados non pode reclamalos nin imputalos ao capital.

1.757. Os establecementos de préstamos sobre peñores fican, ademais, suxeitos aos regulamentos que lles concirnen.

TÍTULO XI

Do depósito

CAPÍTULO PRIMEIRO

DO DEPÓSITO EN XERAL E DAS SÚAS DIVERSAS ESPECIES

1.758. Constitúese o depósito desde que un recibe a cousa allea coa obrigación de gardala e de restituíla.

1.759. O depósito pode constituírse xudicial ou extraxudicialmente.

CAPÍTULO II

DO DEPÓSITO PROPIAMENTE DITO

Sección 1.^a Da natureza e esencia do contrato de depósito

1.760. O depósito é un contrato gratuíto, salvo pacto en contrario.

1.761. Só poden ser obxecto do depósito as cousas mobles.

1.762. O depósito extraxudicial é necesario ou voluntario.

Sección 2.^a Do depósito voluntario

1.763. Depósito voluntario é aquel en que se fai a entrega pola vontade do depositante. Tamén poden realizar o

1.764 depósito dúas ou máis persoas que se crean con dereito á cousa depositada, nun terceiro, que fará a entrega, se for o caso, á que corresponda.

1.764. Se unha persoa capaz de contratar acepta o depósito feito por outra incapaz, fica suxeita a todas as obrigacións do depositario, e pode ser obrigada á devolución polo tutor, curador ou administrador da persoa que fixo o depósito, ou por esta mesma, se chega a ter capacidade.

1.765. Se o depósito foi feito por unha persoa capaz noutra que non o é, só terá o depositante acción para reivindicar a cousa depositada mentres exista en poder do depositario, ou a que este lle aboe a cantidade en que se enriquecese coa cousa ou co prezo.

Sección 3.^a Das obrigacións do depositario

1.766. O depositario está obrigado a gardar a cousa e restituíla, cando lle sexa pedida, ao depositante, ou aos seus habentes causa, ou á persoa que fose designada no contrato. A súa responsabilidade, canto á garda e a perda da cousa, rexeráse polo disposto no título I deste libro.

1.767. O depositario non se pode servir da cousa depositada sen permiso expreso do depositante.

En caso contrario, responderá dos danos e perdas.

1.768. Cando o depositario ten permiso para servirse ou usar da cousa depositada, o contrato perde o concepto de depósito e convértese en préstamo ou comodato.

O permiso non se presume: debe probarse a súa existencia.

1.769. Cando a cousa depositada se entrega fechada e selada, debe restituíla o depositario na mesma forma, e responderá dos danos e perdas se fose forzado o selo ou fecho pola súa culpa.

Presúmese a culpa no depositario, salvo a proba en contrario.

Cando ao valor do depositado, cando a forza sexa imputable ao depositario, observarse a declaración do depositante, de non resultar proba en contrario. **1.775**

1.770. A cousa depositada será devolta con todos os seus produtos e accesións. Se o depósito consiste en diñeiro, aplicarase ao depositario o disposto respecto ao mandatario no artigo 1.724.

1.771. O depositario non pode exixir que o depositante probe ser propietario da cousa depositada.

No entanto, se chega a descubrir que a cousa foi furtada e quen é o seu verdadeiro dono, debe facer saber a este o depósito.

Se o dono, a pesar disto, non reclama no termo dun mes, ficará libre de toda responsabilidade o depositario, devolvendo a cousa depositada a aquel de quen a recibiu.

1.772. Cando sexan dous ou máis os depositantes, se non foren solidarios e a cousa admitir división, non poderá pedir cada un deles máis que a súa parte.

Cando haxa solidariedade, ou a cousa non admita división, reixerá o disposto nos artigos 1.141 e 1.142 deste código.

1.773. Cando o depositante perde, despois de facer o depósito, a súa capacidade para contratar, non se pode devolver o depósito senón aos que teñan a administración dos seus bens e dereitos.

1.774. Cando ao facerse o depósito se designou lugar para a devolución, o depositario debe levar a el a cousa depositada; mais os gastos que ocasione o traslado serán a cargo do depositante.

De non se ter designado lugar para a devolución, deberá esta facerse naquel en que se ache a cousa depositada, aínda que non sexa o mesmo en que se fixo o depósito, con tal de que non interviñese malicia da parte do depositario.

1.775. O depósito debe ser restituído ao depositante cando o reclame, aínda que no contrato se fixase un prazo ou tempo determinado para a devolución.

1.776 Esta disposición non terá lugar cando xudicialmente fose embargado o depósito en poder do depositario, ou se notificase a este a oposición dun terceiro á restitución ou traslado da cousa depositada.

1.776. O depositario que teña xustos motivos para non conservar o depósito poderá, mesmo antes do termo designado, restituílo ao depositante; e, se este o resiste, poderá obter do xuíz a súa consignación.

1.777. O depositario que por forza maior perdese a cousa depositada e recibise outra no seu lugar, estará obrigado a entregar esta ao depositante.

1.778. O herdeiro do depositario que de boa fe vendese a cousa que ignoraba ser depositada, só está obrigado a restituír o prezo que recibise ou a ceder as súas accións contra o comprador no caso de que o prezo non se lle pague.

Sección 4.^a Das obrigacións do depositante

1.779. O depositante está obrigado a reembolsar ao depositario os gastos que fixese para a conservación da cousa depositada e a indemnizalo de todos os prexuízos derivados do depósito.

1.780. O depositario pode reter en peñor a cousa depositada até o completo pagamento do que se lle deba por razón do depósito.

Sección 5.^a Do depósito necesario

1.781. É necesario o depósito:

1.º Cando se fai en cumprimento dunha obrigación legal.

2.º Cando ten lugar con ocasión dalgunha calamidade, como incendio, ruína, saqueo, naufraxio ou outras semellantes.

1.782. O depósito comprendido no número 1.º do artigo anterior rexerase polas disposicións da lei que o estableza e, na súa falta, polas do depósito voluntario.

O comprendido no número 2.º rexerese polas regras do depósito voluntario. **1.789**

1.783. Repútase tamén depósito necesario o dos efectos introducidos polos viaxeiros nas fondas e mesóns. Os fondistas ou mesoneiros responden deles como tales depositarios, con tal de que se dese coñecemento a eles, ou aos seus dependentes, dos efectos introducidos na súa casa, e de que os viaxeiros, pola súa parte, observen as prevencións que os ditos pousadeiros ou os seus substitutos lles fixesen sobre coitado e vixilancia dos efectos.

1.784. A responsabilidade a que se refire o artigo anterior comprende os danos feitos nos efectos dos viaxeiros, tanto polos criados ou dependentes dos fondistas ou mesoneiros como polos estraños; mais non os que proveñan de roubo á man armada, ou sexan ocasionados por outro suceso de forza maior.

CAPÍTULO III

DO SECUESTRO

1.785. O depósito xudicial ou secuestro ten lugar cando se decreta o embargo ou o aseguramento de bens litixiosos.

1.786. O secuestro pode ter por obxecto tanto os bens mobles como os inmobles.

1.787. O depositario dos bens ou obxectos secuestrados non pode ficar libre do seu encargo até que termine a controversia que o motivou, a non ser que o xuíz o ordenar por consentiren nisto todos os interesados ou por outra causa lexítima.

1.788. O depositario de bens secuestrados está obrigado a cumprir respecto deles todas as obrigacións dun bo pai de familia.

1.789. No que non se achar disposto neste código, o secuestro xudicial rexerese polas disposicións da Lei de axuízamento civil.

Dos contratos aleatorios ou de sorte

CAPÍTULO PRIMEIRO

DISPOSICIÓN XERAL

1.790. Polo contrato aleatorio, unha das partes, ou ambas reciprocamente, obríganse a dar ou facer algunha cousa en equivalencia do que a outra parte debe dar ou facer para o caso dun acontecemento incerto, ou que debe ocorrer en tempo indeterminado.

CAPÍTULO II

DO CONTRATO DE ALIMENTOS

(Capítulo creado pola Lei 41/2003, do 18 de novembro)

1.791. Polo contrato de alimentos unha das partes obrígase a lle proporcionar vivenda, manenza e asistencia de todo tipo a unha persoa durante a súa vida, a cambio da transmisión dun capital en calquera clase de bens e dereitos.

1.792. De se producir a morte do obrigado a prestar os alimentos ou de concorrer calquera circunstancia grave que impida a pacífica convivencia das partes, calquera delas poderá pedir que a prestación de alimentos convida se pague mediante a pensión actualizable para satisfacer por prazos anticipados que para eses eventos fose prevista no contrato ou, de non estar prevista, mediante a que se se fixe xudicialmente.

1.793. A extensión e calidade da prestación de alimentos serán as que resulten do contrato e, na falta de pacto en contrario, non dependerá das vicisitudes do patrimonio e necesidades do obrigado nin das do patrimonio de quen os recibe.

1.794. A obrigación de dar alimentos non cesará polas **1.797**
causas a que se refire o artigo 152, salvo a prevista no seu
punto primeiro.

1.795. O incumprimento da obrigación de alimentos
dará dereito ao alimentista, sen prexuízo do disposto no arti-
go 1.792, para optar entre exixir o cumprimento, incluíndo o
aboamento dos devengados con anterioridade á demanda, ou
a resolución do contrato, con aplicación, en ambos os casos,
das regras xerais das obrigacións recíprocas.

En caso de que o alimentista opte pola resolución, o debe-
dor dos alimentos deberá restituír inmediatamente os bens
que recibiu polo contrato, e, en cambio, o xuíz poderá, en
atención ás circunstancias, acordar que a restitución que, con
respecto do que dispón o artigo seguinte, corresponda ao ali-
mentista quede total ou parcialmente adiada, no seu benefi-
cio, polo tempo e coas garantías que se determinen.

1.796. Das consecuencias da resolución do contrato
deberá resultar para o alimentista, cando menos, un superávit
suficiente para constituír, de novo, unha pensión análoga
polo tempo que lle quede de vida.

1.797. Cando os bens ou dereitos que se transmitan a
cambio dos alimentos sexan rexistrables, poderase garantir
fronte a terceiros o dereito do alimentista co pacto inscrito
en que se lle dea á falta de pagamento o carácter de condi-
ción resolutoria explícita, ademais de mediante o dereito de
hipoteca regulado no artigo 157 da Lei hipotecaria.

REDACCIÓN ORIXINARIA...

CAPÍTULO II

DO CONTRATO DE SEGURO

*(Derrogados pola Lei 50/1980, do 8 de outubro, de contrato de
seguro, os artigos 1.791 a 1.797.)*

1.791. *Contrato de seguro é aquel polo cal o asegurador responde
do dano fortuíto que sobreveña nos bens mobles ou inmobles asegura-
dos, mediante certo prezo, o cal pode ser fixado libremente polas par-
tes.*

1.792. *Tamén poden asegurarse mutuamente dous ou máis propie-
tarios o dano fortuíto que sobreveña nos seus bens respectivos. Este
contrato ten o nome de seguros mutuos, e cando nel non se pactou outra*

1.798

cousa, enténdese que o dano debe ser indemnizado por todos os contratantes en proporción ao valor dos bens que cada un ten asegurados.

1.793. *O contrato de seguro deberá consignarse en documento público ou privado, subscrito polos contratantes.*

1.794. *O documento deberá expresar:*

1.º *A designación e situación dos obxectos asegurados e o seu valor.*

2.º *A clase de riscos cuxa indemnización se estipula.*

3.º *O día e a hora en que comezan e terminan os efectos do contrato.*

4.º *As demais condicións en que conviñesen os contratantes.*

1.795. *É ineficaz o contrato na parte que a cantidade do seguro exceda o valor da cousa asegurada, e tampouco poderá cobrarse máis dun seguro por todo o valor dela.*

No caso de existiren dous ou máis contratos de seguro para o mesmo obxecto, cada asegurador responderá do dano en proporción ao capital que asegurase até completar entre todos o valor total do obxecto do seguro.

1.796. *Cando sobreviñer o dano, debe o asegurado pólo en coñecemento do asegurador e dos demais interesados no prazo que se estipulase, e, na súa falta, no de vinte e catro horas, contadas desde que o asegurado tivo coñecemento do sinistro. Se non o fixer, non terá acción contra eles.*

1.797. *É nulo o contrato se, ao celebralo, tiña coñecemento o asegurado de ter ocorrido xa o dano obxecto del ou o asegurador de térense xa preservado del os bens asegurados.*

CAPÍTULO III

DO XOGO E DA APOSTA

1.798. *A lei non concede acción para reclamar o que se gaña nun xogo de sorte, envite ou azar; mais o que perde non pode repetir o que pagase voluntariamente, a non ser que mediase dolo, ou que fose menor, ou estivese inhabilitado para administrar os seus bens.*

1.799. *O disposto no artigo anterior respecto do xogo é aplicable ás apostas.*

Considéranse prohibidas as apostas que teñen analoxía cos xogos prohibidos.

1.800. *Non se consideran prohibidos os xogos que contribúen ao exercicio do corpo, como son os que teñen por*

obxecto adestrarse no manexo das armas, as carreiras a pé ou a cabalo, as de carros, o xogo de pelota e outros de análoga natureza. **1.806**

1.801. O que perde nun xogo ou aposta dos non prohibidos fica obrigado civilmente.

A autoridade xudicial pode, no entanto, non estimar a demanda cando a cantidade que se apostou no xogo ou na aposta sexa excesiva, ou reducir a obrigación no que exceder dos usos dun bo pai de familia.

CAPÍTULO IV

DA RENDA VITALICIA

1.802. O contrato aleatorio de renda vitalicia obriga o debedor a pagar unha pensión ou rédito anual durante a vida dunha ou máis persoas determinadas por un capital en bens mobles ou inmobles, cuxo dominio se lle transfire inmediatamente coa carga da pensión.

1.803. Pode constituírse a renda sobre a vida do que dá o capital, sobre a dun terceiro ou sobre a de varias persoas.

Tamén pode constituírse a favor daquela ou aquelas persoas sobre cuxa vida se outorga, ou a favor doutra ou outras persoas distintas.

1.804. É nula a renda constituída sobre a vida dunha persoa morta na data do outorgamento, ou que no mesmo tempo se ache padecendo unha enfermidade que chegue a causar a súa morte dentro dos vinte días seguintes a aquela data.

1.805. A falta de pagamento das pensións vencidas non autoriza o perceptor da renda vitalicia a exixir o reembolso do capital nin a volver entrar na posesión do predio alleado; só terá dereito a reclamar xudicialmente o pagamento das rendas atrasadas e o aseguramento das futuras.

1.806. A renda correspondente ao ano en que morre o que a desfruta pagarase en proporción aos días que vivise; se

1.807 debía satisfacerse por prazos anticipados, pagarase o importe total do prazo que durante a súa vida comezase a correr.

1.807. O que constitúe a título gratuito unha renda sobre os seus bens, pode dispor, no momento do outorgamento, que non estará suxeita a devandita renda a embargo por obrigacións do pensionista.

1.808. Non se pode reclamar a renda sen xustificar a existencia da persoa sobre cuxa vida estea constituída.

TÍTULO XIII

Das transaccións e compromisos

CAPÍTULO PRIMEIRO

DAS TRANSACCIONES

1.809. A transacción é un contrato polo cal as partes, dando, prometendo ou retendo cada unha algunha cousa, evitan a provocación dun preito ou poñen termo ao que comezara.

1.810. Para transixir sobre os bens e dereitos dos fillos baixo a patria potestade aplicaranse as mesmas regras que para allealos.

Redactado conforme a Lei 11/1981, do 13 de maio.

REDACCIÓN ORIXINARIA...—«O titor non pode transixir sobre os dereitos da persoa que ten en garda senón na forma prescrita no número 12 do artigo 269 e no artigo 274 deste código.

O pai e, se for o caso, a nai poden transixir sobre os bens e dereitos do fillo que tiveren baixo a súa potestade; mais se o valor do obxecto sobre que recaía a transacción excede as 2.000 pesetas non producirá esta efecto sen a aprobación xudicial.»

1.811. O titor non pode transixir sobre os dereitos da persoa que ten en garda senón na forma prescrita neste código.

Redactado conforme a Lei 11/1981, do 13 de maio.

REDACCIÓN ORIXINARIA...—«Nin o marido nin a muller poden transixir sobre os bens e dereitos dotais senón nos casos e coas formalidades establecidas para allealos ou obrígalos.»

1.812. As corporacións que teñan personalidade xurídica só poderán transixir na forma e cos requisitos que necesitan para allear os seus bens. **1.819**

1.813. Pódese transixir sobre a acción civil proveniente dun delito; mais non por iso se extinguirá a acción pública para a imposición da pena legal.

1.814. Non se pode transixir sobre o estado civil das persoas, nin sobre as cuestións matrimoniais, nin sobre alimentos futuros.

1.815. A transacción non comprende senón os obxectos expresados determinadamente nesta, ou que, por unha indución necesaria das súas palabras, deban reputarse comprendidos nela.

A renuncia xeral de dereitos enténdese só dos que teñen relación coa disputa sobre que recaeu a transacción.

1.816. A transacción ten para as partes a autoridade da cousa xulgada; mais non procederá a vía de constrinximento senón tratándose do cumprimento da transacción xudicial.

1.817. A transacción en que interveña erro, dolo, violencia ou falsidade de documentos está suxeita ao disposto no artigo 1.265 deste código.

No entanto, non poderá unha das partes opor o erro de feito á outra sempre que esta se apartase pola transacción dun preito comezado.

1.818. O descubrimento de novos documentos non é causa para anular ou rescindir a transacción, se non houbo má fe.

1.819. Se, estando decidido un preito por sentenza firme, se celebrar transacción sobre el por algunha das partes interesadas ignorar a existencia da sentenza firme, poderá aquela pedir que se rescinda a transacción.

A ignorancia dunha sentenza que se poida revogar non é causa para atacar a transacción.

Os artigos 1.820 e 1.821 ficaron sen eficacia por virtude do número 3.º da disposición derogatoria da Lei 36/1988, do 5 de decembro, de arbitraje, que dispón:

*«O capítulo II do título XIII do libro IV do Código civil fica sen con-
tido.»*

1.820. As mesmas persoas que poden transixir poden comprometer nun terceiro a decisión das súas contendas.

1.821. *O disposto no capítulo anterior sobre transac-
cións é aplicable aos compromisos.*

*Canto ao modo de proceder nos compromisos e á exten-
sión e efectos destes, observarse o que determina a Lei de
axuízamento civil.*

1.820. REDACCIÓN ORIXINARIA...—«As mesmas persoas que poden transixir poden comprometer nun terceiro a decisión das súas contendas.»

1.821. REDACCIÓN ORIXINARIA...—«O disposto no capítulo anterior sobre transaccións é aplicable aos compromisos.

Canto ao modo de proceder nos compromisos e á extensión e efectos destes, observarse o que determina a Lei de axuízamento civil.»

TÍTULO XIV

Da fianza

CAPÍTULO PRIMEIRO

DA NATUREZA E EXTENSIÓN DA FIANZA

1.822. Pola fianza obrígase un a pagar ou cumprir por un terceiro, no caso de non facelo este.

Se o fiador se obrigar solidariamente co debedor principal, observarse o disposto na sección 4.ª, capítulo III, título I, deste libro.

1.823. A fianza pode ser convencional, legal ou xudicial, gratuíta ou a título oneroso.

Pódese tamén constituír, non só a favor do debedor principal, senón ao do outro fiador, consentíndoo, ignorándoo e mesmo contradicíndoo este. **1.829**

1.824. A fianza non pode existir sen unha obrigación válida.

Pode, non obstante, recaer sobre unha obrigación cuxa nulidade poida ser reclamada en virtude dunha excepción puramente persoal do obrigado, como a da menor idade.

Exceptúase da disposición do parágrafo anterior o caso de préstamo feito ao fillo de familia.

1.825. Pode tamén prestarse fianza en garantía de débedas futuras cuxo importe non sexa aínda coñecido; mais non se poderá reclamar contra o fiador até que a débeda sexa líquida.

1.826. O fiador pódese obligar a menos, pero non a máis, que o debedor principal, tanto na cantidade como no oneroso das condicións.

Se se obrigou a máis, reducirase a súa obrigación aos límites da do debedor.

1.827. A fianza non se presume: debe ser expresa e non pode estenderse a máis do contido nela.

Se for simple ou indefinida, comprenderá non só a obrigación principal, senón todos os seus accesorios, mesmo os gastos do xuízo, entendéndose, respecto destes, que non responderá senón dos que se producen de o fiador ser requirido para o pagamento.

1.828. O obrigado a dar fiador debe presentar persoa que teña capacidade para se obligar e bens suficientes para responder da obrigación que garante. O fiador entenderase sometido á xurisdición do xuíz do lugar onde esta obrigación se debe cumprir.

1.829. Se o fiador viñer ao estado de insolvencia, pode o acredor pedir outro que reúna as calidades exixidas no artigo anterior. Exceptúase o caso de ter exixido e pactado o acredor que se lle dese por fiador unha persoa determinada.

Sección 1.ª Dos efectos da fianza entre o fiador e o acredor

1.830. O fiador non pode ser compelido a pagar ao acredor sen que se faga antes excusión de todos os bens do debedor.

1.831. A excusión non ten lugar:

1.º Cando o fiador renunciase expresamente a ela.

2.º Cando se obrigase solidariamente co debedor.

3.º No caso de quebra ou concurso do debedor.

4.º Cando este non poida ser demandado xudicialmente dentro do Reino.

1.832. Para que o fiador se poida aproveitar do beneficio da excusión, debe opolo ao acredor, logo de que este o requira para o pagamento, e sinalarlle bens do debedor realizables dentro do territorio español que sexan suficientes para cubrir o importe da débeda.

1.833. Cumpridas polo fiador todas as condicións do artigo anterior, o acredor negligente na excusión dos bens sinalados é responsable, até onde eles alcancen, da insolvencia do debedor que por aquel descoido resulte.

1.834. O acredor poderá citar o fiador cando demande o debedor principal, mais ficará sempre a salvo o beneficio de excusión, aínda que se dea sentenza contra os dous.

1.835. A transacción feita polo fiador co acredor non produce efecto para co debedor principal.

A feita por este tampouco produce efecto para co fiador contra a súa vontade.

1.836. O fiador dun fiador goza do beneficio de excusión, tanto respecto do fiador como do debedor principal.

1.837. De seren varios os fiadores dun mesmo debedor e por unha mesma débeda, a obrigación de responder dela

divídese entre todos. O acreedor non pode reclamar a cada fiador senón a parte que lle corresponda satisfacer, a menos que se estipulase expresamente a solidariedade. **1.842**

O beneficio de división contra os cofiadores cesa nos mesmos casos e polas mesmas causas que o de excusión contra o debedor principal.

Sección 2.^a Dos efectos da fianza entre o debedor e o fiador

1.838. O fiador que paga polo debedor debe ser indemnizado por este.

A indemnización comprende:

1.º A cantidade total da débeda.

2.º Os xuros legais dela desde que se fixese saber o pagamento ao debedor, aínda que non os producise para o acreedor.

3.º Os gastos ocasionados ao fiador despois de pór este en coñecemento do debedor que foi requirido para o pagamento.

4.º Os danos e perdas, cando procedan.

A disposición deste artigo ten lugar aínda que a fianza se dese ignorándoo o debedor.

1.839. O fiador subrógase polo pagamento en todos os dereitos que o acreedor tiña contra o debedor.

Se transixiu co acreedor, non pode pedir ao debedor máis do que realmente pagase.

1.840. Se o fiador paga sen o pór en noticia do debedor, poderá este facer valer contra el todas as excepcións que puidese opor ao acreedor no momento de se facer o pagamento.

1.841. Se a débeda era a prazo e o fiador a pagou antes do seu vencemento, non poderá exixir reembolso do debedor até que o prazo venza.

1.842. Se o fiador pagou sen o pór en noticia do debedor, e este, ignorando o pagamento, o repite pola súa parte, non lle queda ao primeiro recurso ningún contra o segundo, mais si contra o acreedor.

1.843. O fiador, mesmo antes de ter pagado, pode proceder contra o debedor principal:

1.º Cando se ve demandado xudicialmente para o pagamento.

2.º En caso de quebra, concurso ou insolvencia.

3.º Cando o debedor se obrigou a relevalo da fianza nun prazo determinado, e este prazo venceu.

4.º Cando a débeda chegou a facerse exixible, por ter cumprido o prazo en que debe satisfacerse.

5.º Ao cabo de dez anos, cando a obrigación principal non ten termo fixo para o seu vencemento, a menos que sexa de tal natureza que non se poida extinguir senón nun prazo maior dos dez anos.

En todos estes casos a acción do fiador tende a obter relevamento da fianza ou unha garantía que o poña a cuberto dos procedementos do acredor e do perigo de insolvencia no debedor.

Sección 3.ª Dos efectos da fianza entre os cofiadores

1.844. Cando son dous ou máis os fiadores dun mesmo debedor e por unha mesma débeda, o que deles pagase poderá reclamar de cada un dos outros a parte que proporcionalmente lle corresponda satisfacer.

Se algún deles resultar insolvente, a parte deste recaerá sobre todos na mesma proporción.

Para que poida ter lugar a disposición deste artigo, é preciso que se fixese o pagamento en virtude de demanda xudicial, ou encontrándose o debedor principal en estado de concurso ou quebra.

1.845. No caso do artigo anterior poderán os cofiadores opor ao que pagou as mesmas excepcións que terían correspondido ao debedor principal contra o acredor e que non foren puramente persoais do mesmo debedor.

1.846. O subfiador, en caso de insolvencia do fiador por quen se obrigou, fica responsable aos cofiadores nos mesmos termos que o estaba o fiador.

DA EXTINCIÓN DA FIANZA

1.847. A obrigación do fiador extínguese ao mesmo tempo que a do debedor, e polas mesmas causas que as demais obrigacións.

1.848. A confusión que se verifica na persoa do debedor e na do fiador cando un deles herda do outro non extingue a obrigación do subfiador.

1.849. Se o acredor acepta voluntariamente un inmoble, ou calquera outro efecto en pagamento da débeda, aínda que despois os perda por evicción, fica libre o fiador.

1.850. A liberación feita polo acredor a un dos fiadores sen o consentimento dos outros aproveita a todos até onde alcance a parte do fiador a quen se outorgou.

1.851. A prórroga concedida ao debedor polo acredor sen o consentimento do fiador extingue a fianza.

1.852. Os fiadores, aínda que sexan solidarios, fican libres da súa obrigación sempre que por algún feito do acredor non poidan ficar subrogados nos dereitos, hipotecas e privilexios del.

1.853. O fiador pode opor ao acredor todas as excepcións que competan ao debedor principal e sexan inherentes á débeda; mais non as que sexan puramente persoais do debedor.

CAPÍTULO IV

DA FIANZA LEGAL E XUDICIAL

1.854. O fiador que deba darse por disposición da lei ou de providencia xudicial debe ter as calidades prescritas no artigo 1.828.

1.855. Se o obrigado a dar fianza nos casos do artigo anterior non a encontrar, admitiráselle no seu lugar un

1.856 peñor ou hipoteca que se considere bastante para cubrir a súa obrigación.

1.856. O fiador xudicial non pode pedir a excusión de bens do debedor principal.

O subfiador, no mesmo caso, non pode pedir nin a do debedor nin a do fiador.

TÍTULO XV

Dos contratos de peñor, hipoteca e anticrese

CAPÍTULO PRIMEIRO

DISPOSICIÓN COMÚNS AO PEÑOR E Á HIPOTECA

1.857. Son requisitos esenciais dos contratos de peñor e hipoteca:

1.º Que se constitúa para asegurar o cumprimento dunha obrigación principal.

2.º Que a cousa peñorada ou hipotecada pertenza en propiedade ao que a empeña ou hipoteca.

3.º Que as persoas que constitúan o peñor ou hipoteca teñan a libre disposición dos seus bens ou, caso de non a teren, estean legalmente autorizadas para o efecto.

As terceiras persoas estrañas á obrigación principal poden asegurar esta peñorando ou hipotecando os seus propios bens.

1.858. É tamén de esencia destes contratos que, unha vez vencida a obrigación principal, poidan ser alleadas as cousas en que consiste o peñor ou hipoteca para pagar ao acredor.

1.859. O acredor non se pode apropiar das cousas dadas en peñor ou hipoteca, nin dispor delas.

1.860. O peñor e a hipoteca son indivisibles, aínda que a débeda se divida entre os habentes causa do debedor ou do acredor.

Non poderá, por tanto, o herdeiro do debedor que pagase parte da débeda pedir que se extinga proporcionalmente o peñor ou a hipoteca mentres a débeda non fose satisfeita por completo. **1.865**

Tampouco poderá o herdeiro do acredor que recibiu a súa parte da débeda devolver o peñor nin cancelar a hipoteca en prexuízo dos demais herdeiros que non fosen satisfeitos.

Exceptúase destas disposicións o caso en que, sendo varias as cousas dadas en hipoteca ou en peñor, cada unha delas garanta só unha porción determinada do crédito.

O debedor, neste caso, terá dereito a que se extinga o peñor ou a hipoteca a medida que satisfaga a parte de débeda de que cada cousa responda especialmente.

1.861. Os contratos de peñor e hipoteca poden asegurar toda clase de obrigacións, xa sexan puras, xa estean suxeitas a condición suspensiva ou resolutoria.

1.862. A promesa de constituír peñor ou hipoteca só produce acción persoal entre os contratantes, sen prexuízo da responsabilidade criminal en que incorrer o que defraudase outro ofrecendo en peñor ou hipoteca como libres as cousas que sabía que estaban gravadas, ou finxíndose dono das que non lle pertencen.

CAPÍTULO II

DO PEÑOR

1.863. Ademais dos requisitos exixidos no artigo 1.857, precísase, para constituír o contrato de peñor, que se poña en posesión deste o acredor, ou un terceiro de común acordo.

1.864. Poden darse en peñor todas as cousas mobles que están no comercio, con tal de que sexan susceptibles de posesión.

1.865. Non producirá efecto o peñor contra terceiro se non consta por instrumento público a certeza da data.

1.866. O contrato de peñor dá dereito ao acredor para reter a cousa no seu poder ou no da terceira persoa a quen fose entregada, até que se lle pague o crédito.

Se, mentres o acredor retén o peñor, o debedor contraer con el outra débeda exixible antes de terse pagado a primeira, poderá aquel prorrogar a retención até que se lle satisfagan ambos os créditos, aínda que non se estipulase a suxeición do peñor á seguranza da segunda débeda.

1.867. O acredor debe coidar da cousa dada en peñor coa dilixencia dun bo pai de familia; ten dereito ao aboamento dos gastos feitos para a súa conservación, e responde da súa perda ou deterioración conforme as disposicións deste código.

1.868. Se o peñor produce xuros, compensará o acredor os que perciba cos que se lle deben; e, se non se lle deben, ou en canto excedan os lexitimamente debidos, imputaraos ao capital.

1.869. Mentres non chegue o caso de ser expropiado da cousa dada en peñor, o debedor segue sendo dono dela.

Malia o anterior, o acredor poderá exercer as accións que competan ao dono da cousa peñorada para reclamála ou defendela contra terceiro.

1.870. O acredor non poderá usar a cousa dada en peñor sen autorización do dono, e se o fixer ou abusar dela noutro concepto, pode o segundo pedir que lla constitúa en depósito.

1.871. Non pode o debedor pedir a restitución do peñor contra a vontade do acredor mentres non pague a débeda e os seus xuros, coas despesas, se for o caso.

1.872. O acredor a quen non lle fose oportunamente satisfeito o seu crédito, poderá proceder perante notario ao alleamento do peñor. Este alleamento deberase facer precisamente en poxa pública e con citación do debedor e do dono do peñor, se for o caso. Se na primeira poxa non fose alleado o peñor, poderá celebrarse unha segunda con iguais formalidades; e, se tampouco der resultado, poderá o acredor facerse

dono do peñor. Neste caso estará obrigado a dar carta de pagamento da totalidade do seu crédito. **1.873**

Se o peñor consistir en valores cotizables, venderanse na forma establecida polo Código de comercio.

1.873. Respecto aos montes de piedade e demais establecementos públicos, que por instituto ou profesión emprestan sobre peñores, observaranse as leis e regulamentos especiais que lles concirnan e, subsidiariamente, as disposicións deste título.

Estes artigos e a sección segunda que os comprende inseríronse no Código civil conforme a Lei do 5 de decembro de 1941. Estes preceptos foron derogados por virtude do disposto na disposición derradeira da Lei do 16 de decembro de 1954.

REDACCIÓN DA LEI DO 5 DE DECEMBRO DE 1941:

«Sección segunda.—Do peñor sen desprazamento

1.863 bis. Para asegurar con garantía pignoraticia o cumprimento dunha obrigación, poderase convir mediante pacto expreso que, a pesar do disposto no artigo 1.863, o debedor conserve no seu poder o peñor sen desprazar a súa posesión ao acredor. Este gozará, se for o caso, da mesma preferencia que aquel que teña o peñor no seu poder.

Os artigos comprendidos na sección primeira deste capítulo serán aplicables, de modo supletorio, a esta modalidade do peñor sen desprazamento.»

«1.864 bis. Poderán concertar o dito pacto as persoas naturais ou xurídicas que estean comprendidas nalgún dos seguintes casos:

Primeiro. Os agricultores que, posuíndo terras por calquera título lexítimo, se dediquen ao cultivo delas, sobre os froitos pendentes, as colleitas, as máquinas agrícolas, os animais e os apeiros de labor.

Segundo. Os gandeiros, respecto aos seus gandos, e os criadores de calquera clase de animais, canto a estes.

Terceiro. Os industriais e fabricantes, sobre as primeiras materias, as máquinas, os vehículos de transporte e os produtos elaborados.

Cuarto. Os comerciantes, canto ás mercadorías que teñan nos seus depósitos, tendas ou almacéns, e material de transporte.

Quinto. Os hostaleiros, sobre o mobiliario, roupas, utensilios e demais artigos destinados ao servizo dos seus establecementos.

Sexto. Os donos de coleccións de cadros, esculturas, barros, porcelanas, coiros, armas, moedas, libros ou calquera outro obxecto, canto á totalidade ou parte das súas coleccións.

Sétimo. E todos aqueles que se encontren en caso análogo aos indicados e poidan ofrecer bens mobles ou semoventes que sirvan de garantía á seguranza dun crédito.»

«1.865 bis. Poderá tamén garantirse o cumprimento dunha obriga-
ción con peñor sen desprazamento constituída sobre un conxunto de
 cousas de calidade determinada e en cantidade variable entre os límites
 previamente pactados. En tal caso, as cousas peñoradas que se alleen
 serán substituídas por outras de igual calidade e en cantidade e valor
 equivalentes.

O acredor, ademais dun dereito de inspección e vixilancia para com-
 probar a existencia e estado das cousas peñoradas en poder do debedor,
 poderá exixir deste a exhibición dos seus libros e documentos en canto
 sexa necesario para a demostración de que cumpre dun modo normal e
 constante a súa obriga-
ción no que atinxe a substitución da parte de peñor
 alleado, ben como a súa boa fe no cumprimento do contrato.

Se a substitución non se puiden efectuar por causas alleas ao debedor
 suspenderanse as vendas até que fique reposta a totalidade da garantía;
 mais se a diminución dela for imputable ao debedor, considerarase ven-
 cido o contrato e procederase á venda da garantía.»

«1.866 bis. Para que poida constituírse a garantía pignoraticia sen
 desprazamento sobre os froitos pendentes a que se refire o número 2.º
 do artigo 334 do Código, ben como os bens comprendidos nos núme-
 ros 3.º, 5º e 6.º do propio artigo, será necesario que se faga constar no
 rexistro da propiedade, por nota á marxe da inscrición do predio en que
 se encontran os ditos bens, que calquera que for a forma en que estes se
 encontren colocados, o destino que teñan con respecto ao do predio e a
 súa inseparabilidade deste, non forman parte del para estes efectos nin
 poden merecer para tales fins a consideración de ben inmovible que lles
 atribúe o citado artigo.

A citada nota marxinal redactarase mediante a presentación de escri-
 tura pública en que o dono do inmovible o recoñeza así dun modo termi-
 nante. A redacción da referida nota farase con suxeición ao disposto na
 Lei hipotecaria. E para que se poida verificar a súa cancelación será
 necesario que se acredite, por certificación expedida con relación ao
 libro de *Hipoteca mobiliaria*, que os bens de que se trate se encontran
 libres de peñor.»

«1.867 bis. Ao conservar o debedor o peñor no seu poder, adquirirá
 o carácter e as responsabilidades de depositario deste e deberá, por
 tanto, ser considerado como se for terceiro, mesmo nos casos en que o
 depósito sexa irregular para os efectos dos artigos 1.758 e 1.863 deste
 código.»

«1.868 bis. A garantía de peñor sen desprazamento farase constar
 sempre por escrito, e cando a obriga-
ción garantida exceda as 5.000
 pesetas consignarase, necesariamente, en documento autorizado por
 notario ou, en caso de operacións bancarias, por axente de cambio e
 bolsa ou corredor de comercio colexiados.

O documento de calquera clase en que se constituía un peñor sen des-
 prazamento é transmisible polo acredor mediante endoso notificado por
 escrito ao debedor, e adquirirá o endosatario todos os dereitos do endo-
 sante canto ao principal, os xuros, o peñor e os seguros.»

«1.869 bis. Será obrigatorio para os acredores e, se for o caso, para os endosatrios presentar e inscribir os documentos de constitución, de endoso ou de cancelación do peñor sen desprazamento, no rexistro da propiedade correspondente ao lugar en que, segundo o contrato, se achen os bens peñorados. Para tal efecto, existirá un libro no rexistro da propiedade denominado *Hipoteca mobiliaria*.

Nas obrigacións de contía inferior a 5.000 pesetas, en que non é necesaria a intervención de notario nin de axente mediador de comercio, verificarase a inscrición por medio de comparecencia conxunta ou sucesiva dos interesados ou os seus representantes facultados para o efecto ante o respectivo rexistrador da propiedade.

Os contratos e endosos non inscritos no rexistro que corresponda non producirán efectos contra terceiro. Tampouco se poderá exercer acción ningunha ante os tribunais sen acreditar a súa inscrición.

Se o peñor se constituíu sobre vehículos automóbiles de calquera clase, o rexistrador comunicará a súa inscrición á oficina administrativa correspondente.»

«1.870 bis. Asegurarase necesariamente o risco de insolvencia que proveña da desaparición total ou parcial da garantía imputable ao debedor, aos seus familiares ou dependentes. Incluírase no seguro o caso de alleamento subrepticio de todo ou parte do peñor, sen prexuízo do dereito do asegurador contra o culpable e das responsabilidades criminais en que este incorrese. O dito seguro será realizado sempre pola entidade aseguradora elixida polo acredor, e nel será este o beneficiario e pagará a prima o debedor.

Os seguros do peñor contra calquera outro risco e a designación do asegurador en tales casos poderán efectuarse de mutuo acordo entre as partes.»

«1.871 bis. Poderán en todo momento, tanto o acredor como o endosatrio, visitar e inspeccionar os locais ou dependencias do debedor para comprobar a existencia e estado de conservación en que se encontran as cousas obxecto do peñor.

A resistencia do debedor ao exercicio deste dereito despois de requirido notarialmente dará lugar a que a obrigación se considere vencida e poida instarse a venda do peñor.

O debedor que conserve no seu poder as cousas peñoradas poderaas dedicar ao seu uso natural, sen menoscabo do seu valor, e estará obrigado a realizar outros traballos e gastos necesarios para a súa conservación, reparación e administración, ben como a colleita, se for o caso, e terá, respecto aos bens peñorados, os deberes e a responsabilidade do depositario, non obstante o establecido no artigo 1.768 deste código.

Para trasladar os ditos bens fóra do lugar ou dos locais ou dependencias que se determinasen no contrato porase en coñecemento do acredor, con indicación precisa de lugar e dos locais para onde se levan, que, en todo caso, deben ser adecuados para a boa conservación das cousas peñoradas.

Cando o debedor fixer mal uso dos bens outorgados en peñor ou causar neles deterioración de importancia, poderá exixir o acredor ou o

1.874

endosante a inmediata venda do peñor, sen prexuízo das demais responsabilidades que procederen.

No caso de falecemento do debedor depositario do peñor, terá dereito o acredor a exixir que as cousas peñoradas se depositen inmediatamente en poder dun terceiro.»

«1.872 bis. O debedor poderá vender os bens peñorados, en todo ou en parte, coa autorización e intervención do acredor, quen percibirá o prezo até cubrir o importe do crédito.

Sempre que o prezo convido para a venda proxectada polo debedor sexa inferior ao total importe do crédito, terá o acredor dereito preferente para adquirir por dación en pagamento os bens de que se trate, subsistindo o seu crédito pola diferenza entre este e aquel.

A venda do peñor feita subrepticamente, sen coñecemento e intervención do acredor, dará dereito a este a reclamar que o dito peñor sexa intervido xudicialmente e se proceda despois á súa venda en poxa pública. Do prezo que se obteña resarcirase en primeiro termo o comprador, se o for de boa fe; o resto entregarase ao acredor pignoraticio para pagamento de principal, xuros e gastos, e o remanente, se o houber, entregarase ao propio comprador. Todo isto, sen prexuízo das accións criminais que procedan contra o debedor que quebrantase o depósito.»

«1.873 bis. De non se ter cumprido a acción garantida dentro do prazo estipulado, procederase consonte o disposto no artigo 1.872, con citación tamén dos acredores preferentes, se os houber. Se o valor das cousas peñoradas non alcanzar para cubrir o importe das obrigacións, xuros e gastos de todo xénero, o acredor conservará o seu dereito contra o debedor pola diferenza.

Antes do vencemento poderá o debedor en calquera tempo pagar ao acredor o crédito cos seus xuros, debendo precisamente, para ficar librado das obrigacións contraídas, exixir a entrega do documento en que constaren, co cal poderá obter a cancelación dos asentos do rexistro. Se o acredor se negar a recibir o pagamento da obrigación principal, ou for descoñecido por tratarse de endosatario que non inscribise o endoso no correspondente rexistro, poderá o debedor consignar o seu importe xudicialmente, e ficarán en tal caso libres do gravame os bens peñorados.»

CAPÍTULO III

DA HIPOTECA

1.874. Soamente poderán ser obxecto do contrato de hipoteca:

1.º Os bens inmobles.

2.º Os dereitos reais alleables consonte as leis, impostos sobre bens daquela clase.

1.875. Alén dos requisitos exixidos no artigo 1.857, é **1.880** indispensable, para que a hipoteca fique validamente constituída, que o documento en que se constituía sexa inscrito no rexistro da propiedade.

As persoas a cuxo favor establece hipoteca a lei non teñen outro dereito que o de exixir o outorgamento e inscrición do documento en que deba formalizarse a hipoteca, salvo o que dispón a Lei hipotecaria en favor do Estado, as provincias e as poboacións, polo importe da última anualidade dos tributos, ben como dos aseguradores polo premio do seguro.

1.876. A hipoteca suxeita directa e inmediatamente os bens sobre que se impón, calquera que sexa o seu posuidor, ao cumprimento da obrigación para cuxa seguranza foi constituída.

1.877. A hipoteca esténdese ás accesións naturais, ás benfeitorías, aos froitos pendentes e rendas non percibidas ao vencer a obrigación, e ao importe das indemnizacións concedidas ou debidas ao propietario polos aseguradores dos bens hipotecados, ou en virtude de expropiación por causa de utilidade pública, coas declaracións, ampliacións e limitacións establecidas pola lei, tanto no caso de permanecer o predio en poder do que o hipotecou como no de pasar a mans dun terceiro.

1.878. O crédito hipotecario pode ser alleado ou cedido a un terceiro en todo ou en parte, coas formalidades exixidas pola lei.

1.879. O acredor poderá reclamar do terceiro posuidor dos bens hipotecados o pagamento da parte de crédito asegurada cos que o último posúe, nos termos e coas formalidades que a lei establece.

1.880. A forma, extensión e efectos da hipoteca, ben como o relativo á súa constitución, modificación e extinción e ao demais que non fose comprendido neste capítulo, fica sometido ás prescricións da Lei hipotecaria, que continúa vixente.

1.881. Pola anticrese o acreedor adquire o dereito de percibir os froitos dun inmobile do seu debedor, coa obriga-ción de aplicalos ao pagamento dos xuros, se se deberen, e despois ao do capital do seu crédito.

1.882. O acreedor, salvo pacto en contrario, está obri-gado a pagar as contribucións e cargas que pesen sobre o predio.

Estao, así mesmo, a facer os gastos necesarios para a súa conservación e reparación.

Deduciranse dos froitos as cantidades que empregue nun e outro obxecto.

1.883. O debedor non pode readquirir o desfrute do inmobile sen ter pagado antes enteiramente o que debe ao seu acreedor.

Mais este, para librarse das obrigacións que lle impón o artigo anterior, pode sempre obrigar o debedor a que entre de novo no desfrute do predio, salvo pacto en contrario.

1.884. O acreedor non adquire a propiedade do inmo-ble por falta de pagamento da débeda dentro do prazo con-vido.

Todo pacto en contrario será nulo. Mais o acreedor neste caso poderá pedir, na forma que prevén a Lei de axuizamento civil, o pagamento da débeda ou a venda do inmobile.

1.885. Os contratantes poden estipular que se compen-sen os xuros da débeda cos froitos do predio dado en anti-crese.

1.886. Son aplicables a este contrato o último parágrafo do artigo 1.857, o parágrafo 2.º do artigo 1.866 e os arti-gos 1.860 e 1.861.

Das obrigacións que se contraen sen convenio

CAPÍTULO PRIMEIRO

DOS CASE CONTRATOS

1.887. Son case contratos os feitos lícitos e puramente voluntarios, dos cales resulta obrigado o seu autor para cun terceiro e ás veces unha obrigación recíproca entre os interesados.

Sección 1.^a Da xestión de negocios alleos

1.888. O que se encarga voluntariamente da axencia ou administración dos negocios doutro, sen mandato deste, está obrigado a continuar a súa xestión até o termo do asunto e as súas incidencias, ou a requirir do interesado que o substitúa na xestión, se se encontrar en estado de podelo facer por si.

1.889. O xestor oficioso debe desempeñar o seu encargo con toda a dilixencia dun bo pai de familia, e indemnizar os prexuízos que pola súa culpa ou neglixencia se irroguen ao dono dos bens ou negocios que xestione.

Os tribunais, no entanto, poderán moderar a importancia da indemnización segundo as circunstancias do caso.

1.890. Se o xestor delegar noutra persoa todos ou algúns dos deberes do seu cargo, responderá dos actos do delegado, sen prexuízo da obrigación directa deste para co propietario do negocio.

A responsabilidade dos xestores, cando foren dous ou máis, será solidaria.

1.891. O xestor de negocios responderá do caso fortuíto cando acometa operacións arriscadas que o dono non tiver costume de facer, ou cando pospuxese o interese deste ao seu propio.

1.892. A ratificación da xestión por parte do dono do negocio produce os efectos do mandato expreso.

1.893. Aínda que non ratifícase expresamente a xestión allea, o dono de bens ou negocios que aproveite as vantaxes dela será responsable das obrigacións contraídas no seu interese, e indemnizaralle ao xestor os gastos necesarios e útiles que fixese e os prexuízos que sufrise no desempeño do seu cargo.

A mesma obrigación lle incumbirá se a xestión tivo por obxecto evitar algún prexuízo inminente e manifesto, aínda que dela non resultase proveito ningún.

1.894. Cando, sen coñecemento do obrigado a prestar alimentos, os der un estraño, este terá dereito a reclamálos daquel, de non constar que os deu por oficio de piedade e sen ánimo de reclamálos.

Os gastos funerarios proporcionados á calidade da persoa e aos usos da localidade deberán ser satisfeitos, aínda que o defunto non deixase bens, por aqueles que en vida terían a obrigación de alimentalo.

Sección 2.^a Do cobramento do indebido

1.895. Cando se recibe algunha cousa que non había dereito a cobrar, e que por erro foi indebidamente entregada, xorde a obrigación de restituíla.

1.896. O que acepta un pagamento indebido, se procedeu de má fe, deberá aboar o xuro legal cando se trate de capitais, ou os froitos percibidos ou debidos percibir cando a cousa recibida os producir.

Ademais, responderá dos menoscabos que a cousa sufrise por calquera causa, e dos prexuízos que se irrogaren ao que a entregou, até que a recobre. Non se prestará o caso fortuíto cando tería podido afectar do mesmo modo as cousas de se acharen en poder do que as entregou.

1.897. O que de boa fe aceptase un pagamento indebido de cousa certa e determinada, só responderá das desmelloras ou perdas desta e das súas accesións, en canto por elas se

tiver enriquecido. Se a tivese alleado, restituirá o prezo ou **1.903**
cederá a acción para facelo efectivo.

1.898. Canto ao aboamento de benfeitorías e gastos feitos polo que indebidamente recibiu a cousa, observarase o disposto no título V do libro II.

1.899. Fica exento da obrigación de restituír o que, crendo de boa fe que se facía o pagamento por conta dun crédito lexítimo e subsistente, inutilizase o título, ou deixase prescribir a acción, ou abandonase os peñores, ou cancelase as garantías do seu dereito. O que pagou indebidamente só se poderá dirixir contra o verdadeiro debedor ou os fiadores respecto dos cales a acción estivese viva.

1.900. A proba do pagamento incumbe ao que pretende telo feito. Tamén corre ao seu cargo a do erro con que o realizou, a menos que o demandado negar ter recibido a cousa que se lle reclame. Neste caso, xustificada polo demandante a entrega, fica relevado de toda proba. Isto non limita o dereito do demandado para acreditar que lle era debido o que se supón que recibiu.

1.901. Presúmese que houbo erro no pagamento cando se entregou cousa que nunca se debeu ou que xa estaba paga; mais aquel a quen se pida a devolución pode probar que a entrega se fixo a título de liberalidade ou por outra causa xusta.

CAPÍTULO II

DAS OBRIGACIÓNS QUE NACEN DE CULPA OU NEGLIXENCIA

1.902. O que por acción ou omisión causa dano a outro, intervindo culpa ou neglixencia, está obrigado a reparar o dano causado.

1.903. A obrigación que impón o artigo anterior é exixible, non só polos actos ou omisións propios, senón polos daquelas persoas das cales se debe responder.

Os pais son responsables dos danos causados polos fillos que se encontren baixo a súa garda.

1.903 Os titores sono dos prexuízos causados polos menores ou incapacitados que están baixo a súa autoridade e habitan na súa compañía.

Sono igualmente os donos ou directores dun establecemento ou empresa respecto dos prexuízos causados polos seus dependentes no servizo dos ramos en que os tiveren empregados, ou con ocasión das súas funcións.

As persoas ou entidades que sexan titulares dun centro docente de ensino non superior responderán polos danos e perdas que causen os seus alumnos menores de idade durante os períodos de tempo en que estes se encontren baixo o control ou vixilancia do profesorado do centro, desenvolvendo actividades escolares ou extraescolares e complementarias.

A responsabilidade de que trata este artigo cesará cando as persoas nel mencionadas proben que empregaron toda a dilixencia dun bo pai de familia para previr o dano.

Redactado conforme a Lei 1/1991, do 7 de xaneiro.

REDACCIÓN ORIXINARIA...—«A obrigación que impón o artigo anterior é exixible non só polos actos ou omisións propios, senón polos daquelas persoas das cales se debe responder.

O pai e, por morte ou incapacidade deste, a nai son responsables dos prexuízos causados polos fillos menores de idade que viven na súa compañía.

Os titores sono dos prexuízos causados polos menores ou incapacitados que están baixo a súa autoridade e habitan na súa compañía.

Sono igualmente os donos ou directores dun establecemento ou empresa respecto dos prexuízos causados polos seus dependentes no servizo dos ramos en que os tiveren empregados, ou con ocasión das súas funcións.

O Estado é responsable neste concepto cando obra por mediación dun axente especial; mais non cando o dano fose causado polo funcionario a quen propiamente corresponda a xestión practicada, caso en que será aplicable o disposto no artigo anterior.

Son, por último, responsables os mestres ou directores de artes e oficios, respecto aos prexuízos causados polos seus alumnos ou aprendices, mentres permanezan baixo a súa custodia.

A responsabilidade de que trata este artigo cesará cando as persoas nel mencionadas proben que empregaron toda a dilixencia dun bo pai de familia para previr o dano.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI 11/1981, DO 13 DE MAIO.—«A obrigación que impón o artigo anterior é exixible, non só polos actos ou omi-

sións propios, senón polos daquelas persoas das cales se debe responder.

1.907

Os pais son responsables dos danos causados polos fillos que se encontren baixo a súa garda.

Os titores sono dos prexuízos causados polos menores ou incapacitados que están baixo a súa autoridade e habitan na súa compañía.

Sono igualmente os donos ou directores dun establecemento ou empresa respecto dos prexuízos causados polos seus dependentes no servizo dos ramos en que os tiveren empregados, ou con ocasión das súas funcións.

O Estado é responsable neste concepto cando obra por mediación dun axente especial; mais non cando o dano fose causado polo funcionario a quen propiamente corresponda a xestión practicada, caso en que será aplicable o disposto no artigo anterior.

Son, por último, responsables os mestres ou directores de artes e oficios respecto aos prexuízos causados polos seus alumnos ou aprendices, mentres permanezan baixo a súa custodia.

A responsabilidade de que trata este artigo cesará cando as persoas nel mencionadas proben que empregaron toda a dilixencia dun bo pai de familia para previr o dano.»

1.904. O que paga o dano causado polos seus dependentes pode repetir destes o que tivese satisfeito.

Cando se trate de centros docentes de ensino non superior, os seus titulares poderán exixir dos profesores as cantidades satisfeitas, se incorreron en dolo ou culpa grave no exercicio das súas funcións que foron causa do dano.

Redactado conforme a Lei 1/1991, do 7 de xaneiro.

REDACCIÓN ORIXINARIA...—«O que paga o dano causado polos seus dependentes pode repetir destes o que satisfíxese.»

1.905. O posuidor dun animal, ou o que se serve del, é responsable dos prexuízos que causar, aínda que lle fuxa ou se extravíe. Só cesará esta responsabilidade no caso de o dano provir de forza maior ou de culpa do que o sufriu.

1.906. O propietario dunha herdade de caza responderá do dano causado por esta nos predios veciños, cando non fíxese o necesario para impedir a súa multiplicación ou cando dificultase a acción dos donos dos ditos predios para perseguila.

1.907. O propietario dun edificio é responsable dos danos que resulten da ruína de todo ou parte del, se esta sobreviñer por falta das reparacións necesarias.

1.908. Igualmente, responderán os propietarios dos danos causados:

1.º Pola explosión de máquinas que non fosen coidadas coa debida dilixencia, e a inflamación de substancias explosivas que non estiveren colocadas en lugar seguro e adecuado.

2.º Polos fumes excesivos que sexan nocivos ás persoas ou ás propiedades.

3.º Pola caída de árbores colocadas en sitios de tránsito, cando non sexa ocasionada por forza maior.

4.º Polas emanacións de cloacas ou depósitos de materias infectantes, construídos sen as precaucións adecuadas ao lugar en que estiveren.

1.909. Se o dano de que tratan os dous artigos anteriores resultar por defecto de construción, o terceiro que o sufra poderá repetir contra o arquitecto ou, se for o caso, contra o construtor, dentro do tempo legal.

1.910. O cabeza de familia que habita unha casa ou parte dela é responsable dos danos causados polas cousas que se guindaren ou caeren dela.

TÍTULO XVII

Da concorrencia e prelación de créditos

CAPÍTULO PRIMEIRO

DISPOSICIÓN XERAIS

A Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal, derogou os artigos 1.912 ao 1.920, a partir da súa entrada en vigor o 1 de setembro de 2004.

1.911. Do cumprimento das obrigacións responde o debedor con todos os seus bens, presentes e futuros.

1.912. *O debedor pode solicitar xudicialmente dos seus acredores quitación e espera das súas débedas, ou calquera das dúas cousas; mais non producirá efectos xurídicos o*

exercicio deste dereito senón nos casos e na forma previstos na Lei de ajuizamento civil. **1.918**

1.913. *O debedor cuxo pasivo for maior que o activo e deixase de pagar as súas obrigacións correntes, deberase presentar en concurso ante o tribunal competente logo que aquela situación lle for coñecida.*

1.914. *A declaración de concurso incapacita o concursado para a administración dos seus bens e para calquera outra que pola lei lle corresponda.*

Será rehabilitado nos seus dereitos, terminado o concurso, se da cualificación deste non resultar causa que o impida.

1.915. *Pola declaración de concurso vencen todas as débedas a prazo do concursado.*

Se chegaron a pagarse antes do tempo prefixado na obrigación, sufrirán o desconto correspondente ao xuro legal do diñeiro.

1.916. *Desde a data da declaración de concurso deixarán de producir xuro todas as débedas do concursado, salvo os créditos hipotecarios e pignoraticios até onde alcance a súa respectiva garantía.*

Se resultar remanente despois de pago o capital de débedas, satisfaranse os xuros, reducidos ao tipo legal, salvo se o pactado for menor.

1.917. *Os convenios que o debedor e os seus acredores celebraren xudicialmente, coas formalidades da lei, sobre a quitación e espera, ou no concurso, serán obrigatorios para todos os concorrentes e para os que, citados e notificados en forma, non protestasen en tempo. Exceptúanse os acredores que, tendo dereito de absterse, tivesen usado del debidamente. Teñen dereito de absterse os acredores comprendidos nos artigos 1.922, 1.923 e 1.924.*

1.918. *Cando o convenio de quitación e espera se celebre con acredores dunha mesma clase, será obrigatorio para todos o acordo legal da maioría, sen prexuízo da prelación respectiva dos créditos.*

1.919. *Se o debedor cumprir o convenio, ficarán extinguidas as súas obrigacións nos termos estipulados nel; mais, se deixar de cumprilo en todo ou en parte, renacerá o dereito dos acredores polas cantidades que non percibisen do seu crédito primitivo, e poderá calquera deles pedir a declaración ou continuación do concurso.*

1.920. *De non mediar pacto expreso en contrario entre debedor e acredores, conservarán estes o seu dereito, terminado o concurso, para cobrar, dos bens que o debedor poida ulteriormente adquirir, a parte de crédito non realizada.*

CAPÍTULO II

DA CLASIFICACIÓN DE CRÉDITOS

1.921. Os créditos clasificaranse, para a súa graduación e pagamento, pola orde e nos termos que neste capítulo se establecen.

En caso de concurso, a clasificación e graduación dos créditos rexerase polo establecido na Lei concursal.

Este parágrafo segundo foi engadido pola Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal, desde a súa entrada en vigor o 1 de setembro de 2004.

1.922. Con relación a determinados bens mobles do debedor, gozan de preferencia:

1.º Os créditos por construción, reparación, conservación ou prezo de venda de bens mobles que estean en poder do debedor, até onde alcance o valor deles.

2.º Os garantidos con peñor que se ache en poder do acredor, sobre a cousa peñorada e até onde alcance o seu valor.

3.º Os garantidos con fianza de efectos ou valores, constituída en establecemento público ou mercantil, sobre a fianza e polo valor dos efectos dela.

4.º Os créditos por transporte, sobre os efectos transportados, polo prezo daquel, gastos e dereitos de condución e conservación, até a entrega e durante trinta días despois desta.

5.º Os de hospedaxe, sobre os mobles do debedor existentes na pousada. **1.924**

6.º Os créditos por sementes e gastos de cultivo e recolección anticipados ao debedor, sobre os froitos da colleita para que serviron.

7.º Os créditos por alugueres e rendas dun ano, sobre os bens mobles do arrendatario existentes no predio arrendado e sobre os seus froitos.

Se os bens mobles sobre que recae a preferencia foron subtraídos, o acreedor poderaos reclamar de quen os tiver, dentro do prazo de trinta días, contados desde que ocorreu a subtracción.

1.923. Con relación a determinados bens inmoables e dereitos reais do debedor, gozan de preferencia:

1.º Os créditos a favor do Estado, sobre os bens dos contribuíntes, polo importe da última anualidade, vencida e non paga, dos impostos que graviten sobre eles.

2.º Os créditos dos aseguradores, sobre os bens asegurados, polos premios do seguro de dous anos; e, se for o seguro mutuo, polos dous últimos dividendos que se repartisen.

3.º Os créditos hipotecarios e os refaccionarios, anotados e inscritos no rexistro da propiedade, sobre os bens hipotecados ou que fosen obxecto da refacción.

4.º Os créditos preventivamente anotados no rexistro da propiedade, en virtude de mandamento xudicial, por embargos, secuestros ou execución de sentenzas, sobre os bens anotados, e só canto a créditos posteriores.

5.º Os refaccionarios non anotados nin inscritos, sobre os inmoables a que a refacción se refira e só respecto a outros créditos distintos dos expresados nos catro números anteriores.

1.924. Con relación aos demais bens mobles e inmoables do debedor, gozan de preferencia:

1.º Os créditos a favor da provincia ou do municipio, polos impostos da última anualidade vencida e non paga, non comprendidos no artigo 1.923, número 1.º

1.924 2.º Os producidos:

A) *Por gastos de xustiza e de administración do concurso en interese común dos acredores, feitos coa debida autorización ou aprobación.*

B) Polos funerais do debedor, segundo o uso do lugar, e tamén os do seu cónxuxe e os dos seus fillos constituídos baixo a súa patria potestade, de non teren bens propios.

C) Por gastos da derradeira enfermidade das mesmas persoas, causados no derradeiro ano, contado até o día do falecemento.

D) Polos salarios e soldos dos traballadores por conta allea e do servizo doméstico correspondentes ao último ano.

E) Polas cotas correspondentes aos réximes obrigatorios de subsidios, seguros sociais e mutualismo laboral polo mesmo período de tempo que sinala o número anterior, sempre que non teñan recoñecida maior preferencia consonte o artigo precedente.

F) Por anticipacións feitas ao debedor, para si e a súa familia constituída baixo a súa autoridade, en comestibles, vestido ou calzado, no mesmo período de tempo.

G) *Por pensións alimenticias durante o xuízo de concurso, a non ser que se funden nun título de mera liberalidade.*

As letras A) e G) deste punto quedaron derogadas a partir do 1 de setembro de 2004, data da entrada en vigor da Lei concursal.

3.º Os créditos que sen privilexio especial consten:

A) En escritura pública.

B) Por sentenza firme, se foron obxecto de litixio.

Estes créditos terán preferencia entre si pola orde de antigüidade das datas das escrituras e das sentenzas.

Redacción conforme a Lei 11/1990, do 15 de outubro.

REDACCIÓN ORIXINARIA...—«Con relación aos demais bens mobles e inmoables do debedor, gozan de preferencia:

1.º Os créditos a favor da provincia ou do municipio, polos impostos da última anualidade vencida e non paga, non comprendidos no artigo 1.923, número 1.º

2.º Os producidos:

A) Por gastos de xustiza e de administración do concurso en interese común dos acredores, feitos coa debida autorización ou aprobación.

B) Polos funerais do debedor, segundo o uso do lugar, e tamén os da súa muller e os dos seus fillos constituídos baixo a súa patria potestade, de non teren bens propios.

C) Por gastos da derradeira enfermidade das mesmas persoas, causados no derradeiro ano, contado até o día do falecemento.

D) Por xornais e salarios de dependentes e criados domésticos, correspondentes ao último ano.

E) Por anticipacións feitas ao debedor, para si e a súa familia, constituída baixo a súa autoridade, en comestibles, vestido ou calzado, no mesmo período de tempo.

F) Por pensións alimenticias durante o xuízo de concurso, a non ser que se funden nun título de mera liberalidade.

3.º Os créditos que sen privilexio especial consten:

A) En escritura pública.

B) Por sentenza firme, se foron obxecto de litixio.

Estes créditos terán preferencia entre si pola orde de antigüidade das datas das escrituras e das sentenzas.»

REDACCIÓN CONFORME A LEI DO 17 DE XULLO DE 1958.—«Con relación aos demais bens mobles e inmobles do debedor, gozan de preferencia:

1.º Os créditos a favor da provincia ou do municipio, polos impostos da última anualidade vencida e non paga, non comprendidos no artigo 1.923, número 1.º

2.º Os producidos:

A) Por gastos de xustiza e de administración do concurso en interese común dos acredores, feitos coa debida autorización ou aprobación.

B) Polos funerais do debedor, segundo o uso do lugar, e tamén os da súa muller e os dos seus fillos constituídos baixo a súa patria potestade, de non teren bens propios.

C) Por gastos da derradeira enfermidade das mesmas persoas, causados no derradeiro ano, contado desde o día do falecemento.

D) Polos salarios e soldos dos traballadores por conta allea e do servizo doméstico correspondentes ao último ano.

E) Polas cotas correspondentes aos réximes obrigatorios de subsidios, seguros sociais e mutualismo laboral polo mesmo período de tempo que sinala o número anterior, sempre que non teñan recoñecida maior preferencia consonte o artigo precedente.

F) Por anticipacións feitas ao debedor, para si e a súa familia constituída baixo a súa autoridade, en comestibles, vestido ou calzado, no mesmo período de tempo.

1.925

G) Por pensións alimenticias durante o xuízo de concurso, a non ser que se funden nun título de mera liberalidade.

3.º Os créditos que sen privilexio especial consten:

A) En escritura pública.

B) En sentenza firme, se foron obxecto de litixio.

Estes créditos terán preferencia entre si pola orde de antigüidade das datas das escrituras e das sentenzas.»

1.925. Non gozarán de preferencia os créditos de calquera outra clase, ou por calquera outro título, non comprendidos nos artigos anteriores.

CAPÍTULO III

DA PRELACIÓN DE CRÉDITOS

1.926. Os créditos que gozan de preferencia con relación a determinados bens mobles exclúen todos os demais até onde alcance o valor do moble a que a preferencia se refire.

Se concorren dous ou máis respecto a determinados mobles, observaranse, canto á prelación para o seu pagamento, as regras seguintes:

1.^a O crédito pignoraticio exclúe os demais até onde alcance o valor da cousa dada en peñor.

2.^a No caso de fianza, se estiver esta lexitimamente constituída a favor de máis dun acredor, a prelación entre eles determinarase pola orde de datas da prestación da garantía.

3.^a Os créditos por anticipos de sementes, gastos de cultivo e recolección serán preferidos aos de alugueres e rendas sobre os froitos da colleita para que aqueles serviron.

4.^a Nos demais casos, o prezo dos mobles distribuirase *a pro rata* entre os créditos que gocen de especial preferencia con relación a eles.

1.927. Os créditos que gozan de preferencia con relación a determinados bens inmoables ou dereitos reais, exclúen todos os demais polo seu importe até onde alcance

o valor do inmobile ou dereito real a que a preferencia se refira. **1.929**

De concorreren dous ou máis créditos respecto a determinados inmobiles ou dereitos reais, observaranse, canto á súa respectiva prelación, as regras seguintes:

1.^a Serán preferidos, pola súa orde, os expresados nos números 1.^o e 2.^o do artigo 1.923 aos comprendidos nos demais números deste.

2.^a Os hipotecarios e refaccionarios, anotados ou inscritos, que se expresan no número 3.^o do citado artigo 1.923 e os comprendidos no número 4.^o do mesmo artigo gozarán de prelación entre si pola orde de antigüidade das respectivas inscricións ou anotacións no rexistro da propiedade.

3.^a Os refaccionarios non anotados nin inscritos no rexistro, a que se refire o número 5.^o do artigo 1.923, gozarán de prelación entre si pola orde inversa da súa antigüidade.

1.928. O remanente do patrimonio do debedor, despois de pagos os créditos que gocen de preferencia con relación a determinados bens, mobles ou inmobiles, acumularase aos bens libres que aquel tiver para o pagamento dos demais créditos.

Os que, gozando de preferencia con relación a determinados bens, mobles ou inmobiles, non fosen totalmente satisfeitos co importe destes, serano, canto ao déficit, pola orde e no lugar que lles corresponda segundo a súa respectiva natureza.

1.929. Os créditos que non gocen de preferencia con relación a determinados bens, e os que a gozaren, pola cantidade non realizada ou cando tivese prescrito o dereito á preferencia, satisfaceranse conforme as regras seguintes:

1.^a Pola orde establecida no artigo 1.924.

2.^a Os preferentes por datas, pola orde destas, e os que a tiveren común, a *pro rata*.

3.^a Os créditos comúns a que se refire o artigo 1.925, sen consideración ás súas datas.

1.930. Pola prescrición adquirense, da maneira e coas condicións determinadas na lei, o dominio e demais dereitos reais.

Tamén se extinguen do propio modo pola prescrición os dereitos e as accións, de calquera clase que sexan.

1.931. Poden adquirir bens ou dereitos por medio da prescrición as persoas capaces para adquirilos polos demais modos lexítimos.

1.932. Os dereitos e accións extingúense pola prescrición en prexuízo de toda clase de persoas, incluídas as xurídicas, nos termos establecidos pola lei.

Fica sempre a salvo, para as persoas impedidas de administrar os seus bens, o dereito para reclamaren contra os seus representantes lexítimos cuxa neglixencia fose causa da prescrición.

1.933. A prescrición gañada por un copropietario ou partícipe nunha comunidade aproveita os demais.

1.934. A prescrición produce os seus efectos xurídicos a favor e en contra da herdanza antes de ter sido aceptada e durante o tempo concedido para facer inventario e para deliberar.

1.935. As persoas con capacidade para allear poden renunciar á prescrición gañada mais non ao dereito de prescibir para o sucesivo.

Enténdese tacitamente renunciada a prescrición cando a renuncia resulta de actos que fan supor o abandono do dereito adquirido.

1.936. Son susceptibles de prescripción todas as cousas **1.945**
que están no comercio dos homes.

1.937. Os acredores, e calquera outra persoa interesada en facer valer a prescripción, poderana utilizar a pesar da renuncia expresa ou tácita do debedor ou propietario.

1.938. As disposicións do presente título enténdense sen prexuízo do que neste código ou en leis especiais se establece respecto a determinados casos de prescripción.

1.939. A prescripción comezada antes da publicación deste código rexeráse polas leis anteriores a el; mais se desde que for posto en observancia tiver transcorrido todo o tempo nel exixido para a prescripción, producirá esta o seu efecto, aínda que polas citadas leis anteriores se requirise maior lapso de tempo.

CAPÍTULO II

DA PRESCRIPCIÓN DO DOMINIO E DEMAIS DEREITOS REAIS

1.940. Para a prescripción ordinaria do dominio e demais dereitos reais precísase posuír as cousas con boa fe e xusto título polo tempo determinado na lei.

1.941. A posesión debe ser en concepto de dono, pública, pacífica e non interrompida.

1.942. Non aproveitan para a posesión os actos de carácter posesorio executados en virtude de licenza ou por mera tolerancia do dono.

1.943. A posesión interrómpeuse, para os efectos da prescripción, natural ou civilmente.

1.944. Interrómpeuse naturalmente a posesión cando por calquera causa se cesa nela por máis dun ano.

1.945. A interrupción civil prodúcese pola citación xudicial feita ao posuidor, aínda que sexa por mandato de xuíz incompetente.

1.946. Considerarase non feita e deixará de producir interrupción a citación xudicial:

- 1.º Se for nula por falta de solemnidades legais.
- 2.º Se o demandante desistir da demanda ou deixar caducar a instancia.
- 3.º Se o posuidor for absolto da demanda.

1.947. Tamén se produce interrupción civil polo acto de conciliación, sempre que dentro de dous meses de celebrado se presente ante o xuíz a demanda sobre posesión ou dominio da cousa cuestionada.

1.948. Calquera recoñecemento expreso ou tácito que o posuidor fixer do dereito do dono interrompe, así mesmo, a posesión.

1.949. Contra un título inscrito no rexistro da propiedade non terá lugar a prescrición ordinaria do dominio ou dereitos reais en prexuízo de terceiro, senón en virtude doutro título igualmente inscrito, debendo comezar a correr o tempo desde a inscrición do segundo.

1.950. A boa fe do posuidor consiste na crenza de que a persoa de quen recibiu a cousa era dono dela, e podía transmitir o seu dominio.

1.951. As condicións da boa fe exixidas para a posesión nos artigos 433, 434, 435 e 436 deste código son igualmente necesarias para a determinación daquel requisito na prescrición do dominio e demais dereitos reais.

1.952. Enténdese por xusto título o que legalmente baste para transferir o dominio ou dereito real de cuxa prescrición se trate.

1.953. O título para a prescrición debe ser verdadeiro e válido.

1.954. O xusto título debe probarse; non se presume nunca.

1.955. O dominio dos bens mobles adquirese por prescrición pola posesión non interrompida de tres anos con boa fe. **1.959**

Tamén se adquire por prescrición o dominio das cousas mobles pola posesión non interrompida de seis anos, sen necesidade de ningunha outra condición.

Canto ao dereito do dono para reivindicar a cousa moble perdida ou de que fose privado ilegalmente, ben como respecto ás adquiridas en venda pública, en bolsa, feira ou mercado, ou de comerciante legalmente establecido e dedicado habitualmente ao tráfico de obxectos análogo, observarase o disposto no artigo 464 deste código.

Véxase o artigo 28.3 da Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español.

1.956. As cousas mobles furtadas ou roubadas non se poderán considerar adquiridas por prescrición polos que as furtaron ou roubaron, nin polos cómplices ou encubridores, a non ser que prescribise o delito ou falta, ou a súa pena, e a acción para exixir a responsabilidade civil, nacida do delito ou falta.

1.957. O dominio e demais dereitos reais sobre bens inmobles adquirense por prescrición pola posesión durante dez anos entre presentes e vinte entre ausentes, con boa fe e xusto título.

1.958. Para os efectos da prescrición considérase ausente o que reside no estranxeiro ou alén mar.

Se parte do tempo estivo presente e parte ausente, cada dous anos de ausencia reputaranse como un para completar os dez de presente.

A ausencia que non for dun ano enteiro e continuo non se tomará en conta para o cómputo.

1.959. Tamén se adquiren por prescrición o dominio e demais dereitos reais sobre os bens inmobles pola súa posesión non interrompida durante trinta anos, sen necesidade de título nin de boa fe, e sen distinción entre presentes e ausentes, salvo a excepción determinada no artigo 539.

1.960. Na computación do tempo necesario para a prescrición observaranse as regras seguintes:

1.^a O posuidor actual pode completar o tempo necesario para a prescrición, unindo ao seu o do seu causante.

2.^a Presúmese que o posuidor actual, que o fose en época anterior, continuou a selo durante o tempo intermedio, salvo proba en contrario.

3.^a O día en que comeza a contarse o tempo tense por enteiro; mais o último debe cumprirse na súa totalidade.

CAPÍTULO III

DA PRESCRICIÓN DAS ACCIÓNS

1.961. As accións prescriben polo mero lapso do tempo fixado pola lei.

1.962. As accións reais sobre bens mobles prescriben aos seis anos de perda da posesión, salvo que o posuidor gañase por menos termo o dominio, conforme o artigo 1.955, e excepto os casos de extravío e venda pública, e os de furto ou roubo, en que se observará o disposto no parágrafo 3.º do mesmo artigo citado.

1.963. As accións reais sobre bens inmobles prescriben aos trinta anos.

Enténdese esta disposición sen prexuízo do establecido para a adquisición do dominio ou dereitos reais por prescrición.

1.964. A acción hipotecaria prescribe aos vinte anos, e as persoais que non teñan sinalado termo especial de prescrición, aos quince.

1.965. Non prescribe entre coherdeiros, condóminos ou propietarios de predios estremeiros a acción para pedir a partición da herdanza, a división da cousa común ou o deslindamento das propiedades contiguas.

1.966. Polo transcurso de cinco anos prescriben as accións para exixir o cumprimento das obrigacións seguintes: **1.968**

- 1.^a A de pagar pensións alimenticias.
- 2.^a A de satisfacer o prezo dos arrendamentos, sexan estes de predios rústicos ou de predios urbanos.
- 3.^a A de calquera outro pagamento que se deba facer por anos ou en prazos máis breves.

1.967. Polo transcurso de tres anos prescriben as accións para o cumprimento das obrigacións seguintes:

1.^a A de pagar aos xuíces, avogados, rexistradores, notarios, escribáns, peritos, axentes e curiais os seus honorarios e dereitos, e os gastos e desembolsos que realízaen no desempeño dos seus cargos ou oficios nos asuntos a que as obrigacións se refiran.

2.^a A de satisfacer aos farmacéuticos as medicinas que subministraron; aos profesores e mestres os seus honorarios e estipendios polo ensino que deron, ou polo exercicio da súa profesión, arte ou oficio.

3.^a A de pagar aos mesteirais, criados e xornaleiros o importe dos seus servizos, e o dos fornecementos ou desembolsos que fixesen concernentes a eles.

4.^a A de aboar aos pousadeiros a comida e habitación, e aos mercadores o prezo dos xéneros vendidos a outros que non o sexan, ou que, séndoo, se dediquen a distinto tráfico.

O tempo para a prescrición das accións a que se refiren os tres(*) parágrafos anteriores contarase desde que deixaron de prestarse os respectivos servizos.

1.968. Prescriben polo transcurso dun ano:

- 1.º A acción para recobrar ou reter a posesión.
- 2.º A acción para exixir a responsabilidade civil por inxuria ou calumnia e polas obrigacións derivadas da culpa

(*) Así no orixinal.

1.969 ou negligencia de que se trata no artigo 1.902, desde que o soubo o agraviado.

1.969. O tempo para a prescripción de toda clase de accións, cando non haxa disposición especial que outra cousa determine, contarase desde o día en que puideron exercerse.

1.970. O tempo para a prescripción das accións que teñen por obxecto reclamar o cumprimento de obrigacións de capital, con xuro ou renda, corre desde o último pagamento da renda ou do xuro.

O mesmo se entende respecto ao capital do censo consignativo.

Nos censos enfitéutico e reservativo cóntase, así mesmo, o tempo da prescripción desde o último pagamento da pensión ou renda.

1.971. O tempo da prescripción das accións para exixir o cumprimento de obrigacións declaradas por sentenza comeza desde que a sentenza ficou firme.

1.972. O termo da prescripción das accións para exixir rendición de contas corre desde o día en que cesaron nos seus cargos os que debían renderllas.

O correspondente á acción polo resultado das contas, desde a data en que foi este recoñecido por conformidade das partes interesadas.

1.973. A prescripción das accións interrómtese polo seu exercicio ante os tribunais, por reclamación extraxudicial do acreedor e por calquera acto de recoñecemento da débeda polo debedor.

1.974. A interrupción da prescripción de accións nas obrigacións solidarias aproveita ou prexudica por igual a todos os acredores e debedores.

Esta disposición rexe igualmente respecto aos herdeiros do debedor en toda clase de obrigacións.

Nas obrigacións mancomunadas, cando o acreedor non reclame dun dos debedores máis que a parte que lle corres-

ponda, non se interrompe por isto a prescrición respecto aos **1.976**
outros codebedores.

1.975. A interrupción da prescrición contra o debedor principal por reclamación xudicial da débeda produce efecto tamén contra o seu fiador; mais non prexudicará este a que se produza por reclamacións extraxudiciais do acreedor ou recoñecementos privados do debedor.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

1.976. Fican derogados todos os corpos legais, usos e costumes que constitúen o dereito civil común en todas as materias que son obxecto deste Código, e ficarán sen forza e vigor, tanto no seu concepto de leis directamente obrigatorias como no de dereito supletorio. Esta disposición non é aplicable ás leis que neste código se declaran subsistentes.

DISPOSICIÓN TRANSITORIAS

As variacións introducidas por este Código que prexudiquen dereitos adquiridos segundo a lexislación civil anterior non terán efecto retroactivo.

Para aplicar a lexislación que corresponda, nos casos que non estean expresamente determinados no código, observaranse as regras seguintes:

1.^a Rexeranse pola lexislación anterior ao Código os dereitos nados, segundo ela, de feitos realizados baixo o seu réxime, aínda que o Código os regule doutro modo ou non os recoñeza. Mais se o dereito aparecer declarado por primeira vez no Código, terá efecto inmediatamente, aínda que o feito que o orixine se verificase baixo a lexislación anterior, sempre que non prexudique outro dereito adquirido de igual orixe.

2.^a Os actos e contratos celebrados baixo o réxime da lexislación anterior, e que sexan válidos consonte ela, producirán todos os seus efectos segundo a citada lexislación, coas limitacións establecidas nestas regras. Na súa consecuencia, serán válidos os testamentos, aínda que sexan mancomuna-

1.976 dos, os poderes para testar e as memorias testamentarias que se outorgasen ou escribisen antes de rexeo o Código, e producirán o seu efecto as cláusulas *ad cautelam*, os fideicomisos para aplicar os bens segundo instrucións reservadas do testador e calquera outro acto permitido pola lexislación precedente; mais a revogación ou modificación destes actos ou de calquera das cláusulas contidas neles non se poderá verificar, despois de rexeo o Código, senón testando consonte este.

3.^a As disposicións do Código que sancionan con penalidade civil ou privación de dereitos actos ou omisións que carecían de sanción nas leis anteriores, non son aplicables a quen, cando estas se encontraban vixentes, incorrese na omisión ou executase o acto prohibido polo Código.

Cando a falta estea tamén penada pola lexislación anterior, aplicárase a disposición máis benigna.

4.^a As accións e os dereitos nacidos e non exercidos antes de rexeo o Código subsistirán coa extensión e nos termos que lles recoñecese a lexislación precedente; mais suxeitándose, canto ao seu exercicio, duración e procedementos para facelos valer, ao disposto no Código. Se o exercicio do dereito ou da acción se achar pendente de procedementos oficiais comezados baixo a lexislación anterior, e estes foren diferentes dos establecidos polo Código, poderán optar os interesados por uns ou por outros.

5.^a Fican emancipados e fóra da patria potestade os fillos que cumprisen vinte e tres anos ao comezar a rexeo o Código; mais se continuaren vivindo na casa e ás expensas dos seus pais, poderán estes conservar o usufruto, a administración e os demais dereitos que estean desfrutando sobre os bens do seu peculio, até o tempo en que os fillos deberían saír da patria potestade segundo a lexislación anterior.

6.^a O pai que voluntariamente emancipase un fillo, reservando para si algún dereito sobre os seus bens adventicios, poderao continuar desfrutando até o tempo en que o fillo debería saír da patria potestade consonte a lexislación anterior.

7.^a Os pais, as nais e os avós que estean exercendo a curadoría dos seus descendentes, non poderán retirar as fian-

zas que teñan constituídas, nin ser obrigados a constituílas, se non as prestaron, nin a completalas, se resultaren insuficientes as prestadas.

8.^a Os titores e curadores nomeados baixo o réxime da lexislación anterior e con suxeición a ela conservarán o seu cargo, mais someténdose, canto ao seu exercicio, ás disposicións do Código.

Esta regra é tamén aplicable aos posuidores e aos administradores interinos de bens alleos, nos casos en que a lei os establece.

9.^a As tutelas e curadorías cuxa constitución definitiva estea pendente da resolución dos tribunais ao comezar a rexer o Código, constituíranse consonte a lexislación anterior, sen prexuízo do disposto na regra que precede.

10.^a Os xuíces e os fiscais municipais non procederán de oficio ao nomeamento dos consellos de familia senón respecto aos menores cuxa tutela non estiver aínda definitivamente constituída ao comezar a rexer o Código. Cando o tutor ou curador comezase xa a exercer o seu cargo, non se procederá ao nomeamento do consello até que o solicite algunha das persoas que deban formar parte del, ou o mesmo tutor ou curador existente; e, entremetres, ficará en suspenso o nomeamento do protitor.

11.^a Os expedientes de adopción, os de emancipación voluntaria e os de dispensa de lei pendentes ante o Goberno ou os tribunais, seguirán o seu curso consonte a lexislación anterior, a menos que os pais ou solicitantes da graza desistan de seguir este procedemento e prefiran o establecido no Código.

12.^a Os dereitos á herdanza do que falecese, con testamento ou sen el, antes de encontrarse en vigor o Código, rexeranse pola lexislación anterior. A herdanza dos falecidos despois, sexa ou non con testamento, adxudicarase e repartirase consonte o Código; mais cumprindo, en canto este o permita, as disposicións testamentarias. Respectaranse, por tanto, as lexítimas, as melloras e os legados, mais reducindo a súa contía, se doutro modo non se puider dar a cada partícipe na herdanza o que lle corresponda segundo o Código.

1.976 13.^a Os casos non comprendidos directamente nas disposicións anteriores resolveranse aplicando os principios que lles serven de fundamento.

DISPOSICIÓN ADICIONAIS

Primeira. O presidente do Tribunal Supremo e os das audiencias territoriais elevarán ao Ministerio de Graza e Xustiza, á fin de cada ano, unha memoria en que, referíndose aos negocios de que coñecesen durante ese ano as salas do civil, sinalen as deficiencias e dúbidas que encontrasen ao aplicar este Código. Nela farán constar detalladamente as cuestións e puntos de dereito controvertidos e os artigos ou omisións do Código que deron ocasión ás dúbidas do tribunal.

Segunda. O Ministerio de Graza e Xustiza pasará estas memorias e un exemplar da estatística civil do mesmo ano á Comisión Xeral de Codificación.

Terceira. En vista destes datos, dos progresos realizados noutros países que sexan utilizables no noso e da xurisprudencia do Tribunal Supremo, a Comisión de Codificación formulará e elevará ao Goberno cada dez anos as reformas que conveña introducir.

Cuarta. A referencia que a persoas con discapacidade se realiza nos artigos 756, 822 e 1041, entenderase feita ao concepto definido na Lei de protección patrimonial das persoas con discapacidade e de modificación do Código civil, da Lei de axuízamento civil e da normativa tributaria con esta finalidade.

Disposición engadida pola Lei 41/2003, do 18 de novembro.